



**A C T A 1/2016**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 25 XANEIRO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> María Salomé Beiroa Fernández

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Non asiste, previa escusa:**

D. Julio César Retis Vázquez



**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**ORDE DO DÍA:**

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

**2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA NO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACTO PRESUNTO DE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO: DECLARACIÓN DE NULIDADE DO ACTO PRESUNTO.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o Sr. alcalde, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

O sr. alcalde da conta de que o asunto incluído na orde do día versa sobre a revisión de oficio do acto presunto de recoñecemento da compatibilidade. Explica que se trata dun paso máis no procedemento, sendo urxente porque chegou hoxe o ditame do Consello Consultivo, precisándose adoptar o acordo canto antes, porque os prazos están axustados.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda ratificar a urxencia da convocatoria, ratificándose a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 46. 2b) da LRBRL, 79 e 82.3 do ROF e 19 e 22.2 b) do ROM.**

**2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA NO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACTO PRESUNTO DE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO: DECLARACIÓN DE NULIDADE DO ACTO PRESUNTO.**



O sr. alcalde da conta da proposta de 25 de xaneiro de 2016, que se recolle a continuación, sobre a declaración de nulidade do acto presunto de recoñecemento da compatibilidade a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Expediente de revisión de oficio do acto presunto de recoñecemento da compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño: declaración de nulidade do acto presunto.**

Considerando que D. Jesús Manuel Fernández Caamaño solicitou, con data de 6 de maio de 2014 (rex. entrada nº 3.418), o recoñecemento da compatibilidade para o exercicio da avogacía, dando lugar ao inicio do correspondente expediente.

Considerando que segundo a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (en adiante, LI) poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade (art. 16.4 LI), polo que para recoñecer a compatibilidade naqueles casos nos que tal complemento supere o trinta por cen referido, a persoa interesada deberá renunciar á percepción do complemento en cuestión ou solicitar a correspondente redución do mesmo, nos termos previstos na normativa aplicable.

Considerando que se incorporaron ao expediente en cuestión o informe da interventora municipal, de 11 de xullo de 2014, sobre o recoñecemento da compatibilidade. Efectos sobre o complemento específico, e o informe de secretaría, de 23 de xullo de 2014, concluíndose neste último que a compatibilidade solicitada se axusta á normativa aplicable, sempre que se de cumprimento ás limitacións legalmente establecidas que se analizan no citado informe, salientando, aos efectos da presente, a limitación relativa ao complemento específico, recolléndose no informe en cuestión que a *“contía do complemento específico a percibir polo interesado non poderá superar o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade*



*(art. 16.4 LI), nos termos do informe da interventora municipal de 11 de xullo de 2014, ascendendo a contía máxima do citado complemento, a percibir anualmente polo interesado, a 2.965.52 €”.*

Considerando que, de acordo cos informes citados e demais incorporados no expediente, e en virtude do acordado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 31 de xullo de 2014, mediante escrito de 4 de agosto de 2014 (rex. saída nº 2.829), requiriuse ao interesado para que manifestara a súa vontade de solicitar unha redución do complemento específico, nos termos expostos no informe de intervención, para que o recoñecemento da compatibilidade puidera ser efectivo, non podendo entre tanto exercer a actividade recoñecida.

Considerando que o Pleno da Corporación, o 27 de novembro de 2014, en base ao informe do servizo da asesoría xurídica de novembro de 2014, acordou desestimar a solicitude do interesado dun certificado de acto presunto favorable á declaración de compatibilidade e reiterarlle o citado requirimento de que solicite a redución do complemento específico, advertíndolle que non poderá entre tanto exercer a actividade cuxa compatibilidade se pretende e que, transcorrido o prazo de tres meses sen que se efectúe a correspondente solicitude, caducará o procedemento co correspondente arquivo das actuacións.

Considerando que con data de 13 de febreiro de 2015, o interesado presenta escrito solicitando a redución do específico, acordando o Pleno da Corporación, na sesión de 26 de febreiro de 2015, recoñecer a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade para o exercicio da avogacía, de conformidade co solicitado no seu escrito de 6 de maio de 2014 (rex. entrada nº 3.418) e co previsto na lexislación vixente, debéndose aplicar as limitacións establecidas na mesma e, en particular, as recollidas no acordo en cuestión.

Considerando que o interesado interpuxo recurso contencioso administrativo contra o acordo plenario de 27 de novembro de 2014 (P.A 84/2015), que dou lugar a sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Santiago, de 5 de maio de 2015, na que se estima o citado recurso e se declara a nulidade de pleno dereito da resolución



impugnada declarando que o recorrente obtivo mediante silencio administrativo positivo a autorización da compatibilidade solicitada, “*sen prexuízo de que a Administración demandada, de consideralo procedente e de entender que concorre motivo suficiente para elo, faga uso do procedemento de revisión legalmente establecido*”.

Considerando que, tal e como se desprende do expediente tramitado, en todo momento foi vontade do concello autorizar ao interesado a compatibilidade para o exercicio da avogacía sen máis esixencias que o cumprimento das limitacións legalmente establecidas, entre as que se atopa a relativa Á limitación na percepción do complemento específico, que non poderá superar o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade (art. 16.4 LI), seguindo así a liña marcada polo Consello Consultivo de Galicia que, reiteradamente, se pronunciou a favor da nulidade dos actos presuntos polos que se recoñece a declaración de compatibilidade dos empregados públicos que perciban un complemento específico superior ao límite establecido no artigo 16.4 da LI (Ditame nº 292/2014, do 26 de xuño de 2014 e Ditame nº 945/2007, de 13 de febreiro de 2008), debéndose proceder polo tanto á revisión de oficio do acto presunto en virtude do cal o interesado, segundo a sentenza de 5 de maio de 2015, obtivo mediante silencio administrativo positivo a autorización da compatibilidade solicitada.

Visto o informe emitido polos asesores xurídicos do concello, sobre revisión de declaración de compatibilidade por acto presunto, de maio de 2015, no que se conclúe que procede iniciar o expediente de revisión de oficio do acto presunto en virtude do que o axente da policía local D. Jesús Manuel Fernández Caamaño obtivo o recoñecemento de compatibilidade para o exercicio privado da avogacía, e o informe de secretaría de 16 de setembro de 2015, no que se conclúe que “.....o acto presunto que, segundo a sentenza do Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Santiago, se produciu autorizando a compatibilidade solicitada por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño é un acto nulo de pleno dereito, ao tratarse dun acto presunto contrario ao ordenamento xurídico polo que se adquiren facultades e dereitos cando se carece dos requisitos esenciais para a súa adquisición, na liña do sostido, de forma reiterada, polo Consello Consultivo de Galicia, procedendo polo tanto a revisión de oficio do citado acto presunto”.



Considerando que en virtude do exposto e segundo a sentenza citada, o interesado obtivo, por acto presunto contrario ao ordenamento xurídico, o recoñecemento da compatibilidade solicitada, carecendo dos requisitos esenciais para a súa adquisición, habida conta de non dar cumprimento, na data na que se produciu o acto presunto, á esixencia legal referida á limitación do complemento específico á que se refire o artigo 16.4 da LI e demais normativa aplicable.

Considerando que, á vista do exposto, o Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2015, acorda iniciar o procedemento de revisión de oficio do acto presunto polo que se recoñece a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 62.1 f) LRXPAC, concedendo ao interesado un prazo de vista e audiencia no expediente, durante o prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da notificación do acordo, para que alegue o que estime conveniente en defensa dos seus dereitos achegando os documentos e xustificantes que considere pertinentes.

Considerando que o citado acordo foi notificado, con data 25 de setembro de 2015 (rex. saída nº 3.184), a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, sendo recepcionado por este o 6 de outubro de 2015.

Considerando que, mediante escrito do 7 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.028), D. Jesús Manuel Fernández Caamaño solicita copia do expediente, documentación que lle foi remitida o 8 de outubro de 2015 (rex. saída nº 3.401).

Considerando que D. Jesús Manuel Fernández Caamaño presenta con data de 16 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.267), escrito de alegacións, no que, resumidamente, se argumenta que ao non ter incluído o factor de incompatibilidade entre as retribucións complementarias que ten dereito a percibir, non se aplica a incompatibilidade económica do apartado 4 do artigo 16 da LI.

Considerando que no citado escrito de alegacións, de 16 de outubro (rex. entrada nº 8.267), D. Jesús Manuel Fernández Caamaño solicita que se acorde a “non iniciación



*do expediente de revisión de oficio do acto presunto de recoñecemento da compatibilidade de referencia”.*

A vista do escrito de alegacións presentado por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, emítase informe de secretaría, de 10 de novembro, segundo o cal as alegacións presentadas por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño deben de ser obxecto de desestimación, en base aos fundamentos de dereito que se reproducen a continuación:

**Primeiro. Acto nulo de pleno dereito.**- Tal e como xa se puxo de manifesto no informe de 16 de setembro de 2015, o acto presunto en virtude do cal, segundo o Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, o interesado adquire por silencio a compatibilidade pese a non dar cumprimento a limitación legal referida ao complemento específico, está incurso nun vicio de nulidade de pleno dereito, pois se trata dun acto presunto contrario ao ordenamento xurídico polo que se adquiren facultades ou dereitos cando se carece dos requisitos esenciais para a súa adquisición (art. 62.1f) LRXPAC), ao non ter aportado, na data na que segundo o Xulgado tivo lugar o acto presunto, a renuncia a unha parte do complemento específico para axustalo ao límite do 30 % recollido no artigo 16.4 da LI. Dita renuncia supón un requisito esencial para obter o recoñecemento da compatibilidade, como se desprende do informe emitido pola que subscribe o 23 de xullo de 2014, segundo a normativa analizada no mesmo. Carácter esencial do requisito que igualmente recoñece, de forma reiterada, o Consello Consultivo de Galicia (Ditame do 26 de xuño de 2014 e de 13 de febreiro de 2008), afirmando que *“a ausencia dun dos requisitos legais, por percibir o interesado unha retribución complementaria que supera a porcentaxe legalmente establecida, afecta, directamente, á estrutura fundamental que configura o réxime estatutario do persoal ao servizo das administracións públicas, por canto ese complemento retribúe as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención, entre outras circunstancias, á súa especial dedicación, responsabilidade e incompatibilidade....*

*Como requisito esencial tamén o entende a sentenza da Audiencia Nacional do 15 de abril de 2013 que afirma que “a percepción de complemento específico por importe superior ao establecido no apartado 4 para a autorización de compatibilidade, impide obter a mesma”.*

O carácter nulo do acto presunto, que é o que fundamenta o inicio do expediente de revisión de oficio, non foi desvirtuado polo interesado no seu escrito de alegacións, de 16 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.267), tal e como se analiza a continuación.

**Segundo. Alegacións do interesado: artigo 16.1 e 4 da LI.**- Segundo o artigo 16.1 da LI *“non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade cando as retribucións complementarias que o persoal teña dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do EBEP inclúan o factor de incompatibilidade, ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluso ao suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección”.*

Tal e como xa se adiantou pola que subscribe no informe de 23 de xullo de 2014, a redacción transcrita do artigo 16.1 foi dada ao mesmo pola Disposición Final Terceira do EBEP, e se trata dunha modificación cuxa produción de efectos se supedita á entrada en vigor, en cada Administración Pública, do capítulo III (no que se integra o artigo 24) do Título III, coa aprobación



das Leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do citado Estatuto, en cada Administración Pública (Disposición Final Cuarta 2), debéndose aplicar noutro caso a redacción previa á citada modificación, segundo a cal *“non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade algunha ao persoal que desempeñe postos que comporten a percepción de complementos específicos ou concepto equiparable, e ao retribuído por arancel”*.

Tendo en conta o momento no que se tramitou o expediente de compatibilidade ao que se refire o presente, podería entenderse que a versión do artigo 16.1 da LI aplicable ao mesmo era esta última, é dicir, a previa á modificación operada polo EBEP, ao non darse naquel momento a condición á que se supeditaba a entrada en vigor da nova redacción froito da Disposición Final Terceira do citado Estatuto, a diferenza da versión do artigo 16.1 da LI que resultaría aplicable no día da data, ao terse promulgado a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que sería a resultante da modificación levada a cabo no artigo 16.1 da LI pola citada Disposición Final Terceira do EBEP, coincidindo neste caso co interesado en que, baixo a versión do artigo 16.1 previa á modificación polo EBEP, o recoñecemento da compatibilidade respecto daqueles persoas cuxo complemento específico supere o 30 % das súas retribucións básicas, pasa por renunciar á parte do citado complemento que permita adecuarse á limitación citada, suposto que, segundo o exposto, lle resultaría aplicable.

Porén con independencia, en función do exposto, da versión aplicable do artigo 16.1 da LI, pódese afirmar que en ambos casos a conclusión é a mesma, e así so se poderá recoñecer a compatibilidade polo órgano competente naqueles casos en que, ademais de cumprir cos demais requisitos legalmente establecidos, o interesado en cuestión perciba un complemento específico que non supere o 30 % das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debéndose noutro caso, como requisito previo ao recoñecemento da compatibilidade, renunciar á parte do complemento específico que supere a citada limitación económica, interpretación que non resulta afectada pola reforma introducida no artigo 16.1 da LI polo EBEP, xa que dita conclusión permanece inmutable con independencia de cal sexa a versión aplicable do artigo citado, e dicir a previa ou a resultante da modificación operada pola Disposición Final Terceira do EBEP.

Dita interpretación resulta clara dunha mera lectura do artigo 16.4 da LI, resultando ser tamén a que sosteñen os órganos xurisdicionais e a que se desprende da normativa, estatal e autonómica, que regula a posibilidade de renunciar a unha parte do complemento específico para adaptarse á limitación do artigo 16.4 da LI, de acordo co que se recolle a continuación.

.- Así, o artigo **16.4 da LI**, tal e como argumentan os órganos xurisdicionais, refírese aos **complementos específicos, sen aludir en ningún momento aos factores que interveñan na estrutura das retribucións complementarias conforme ao artigo 24 b) do EBEP**, a diferenza do que acontece co **apartado 1** do citado artigo 16, no que si se fai referencia ao **factor incompatibilidade**, tratándose polo tanto de **apartados independentes, co que a referencia ao citado factor que fai o apartado 1 do artigo en cuestión, e que representa unha regra xeral, non é extrapolable ao suposto recollido no apartado 4, polo que o límite do 30 % rexe en todo caso.**

.- Na liña da interpretación recollida no presente, e en contra do argumentado polo interesado, se pronuncian tamén os **órganos xurisdicionais**, resultando a estes efectos ilustrativas tanto a





sentenza da Audiencia Nacional de 15 de abril de 2013 como a sentenza do TSX das Illas Baleares (Palma) de 24 de xuño de 2013.

Segundo a primeira das sentenzas citadas, xa referida no informe de 16 de setembro de 2015, “Ante ello, las alegaciones de la demanda y que nuevamente se hacen valer en el recurso de apelación, carecen de fundamento. Porque para la compatibilidad del ejercicio de actividades privadas, el apartado 4 del art. 16, introducido por la Ley 31/1991, **atiende a la percepción de "complementos específicos"**, o concepto equiparable, **sin hacer referencia en concreto a alguno de los factores que intervienen en la estructura de las retribuciones complementarias conforme al art. 24 b) de la Ley 7/2007**, a diferencia del apartado 1 del art. 16, luego de su modificación por la citada Ley 7/2007. Por lo que la **percepción de complemento específico por importe superior al establecido en el apartado 4 para la autorización de compatibilidad, impide obtener la misma**. En consecuencia, la **referencia** que a la percepción de **retribución** por el **factor de incompatibilidad hace el apartado 1 del art. 16 [regla general] no es de aplicación al supuesto subsumible en el apartado 4 [regla especial]**, cuya constitucionalidad, desde la perspectiva de los arts. 9.3 y 134.2 CE fue declarada por sentencia constitucional núm. 67/2002, de 21 de marzo. No se comparte, por tanto, la interpretación que de dicho precepto legal sostiene la parte recurrente” (interpretación do recorrente neste caso que é coincidente coa que mantén D. Jesús Manuel Fernández Caamaño no seu escrito de alegacións).

Pola súa parte o Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares, na súa sentenza de 24 de xuño de 2013, reproduce o recollido pola Audiencia Nacional na sentenza transcrita, engadíndose en todo caso que **“como quiera que el apartado cuarto del artículo 16 de la Lei 53/1984 es independiente de su apartado primero, el límite del 30 % rige en todo caso”**.

- A interpretación recollida pola que subscribe, e avalada polos tribunais, resulta ser así mesmo indiscutible se temos en conta a **normativa, estatal e autonómica**, que, de acordo con analizado no informe de 23 de xullo de 2014, regula a posibilidade de que se solicite a redución do complemento específico para adaptarse aos límites recollidos no artigo 16.4 da LI, normativa que se concreta na disposición adicional 5ª do R.D. Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE nº 168, de 14/07/2012), a Resolución de 20 de decembro de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se publica o Acordo de Consello de Ministros de 16 de decembro de 2011, polo que se aproba o procedemento para a redución do complemento específico dos funcionarios da Administración Xeral do Estado pertencentes aos Subgrupos C1, C2 e E e se autoriza a superación, para o persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, do límite previsto no artigo 7.1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (BOE nº 308, de 23/12/2011), excluíndose desta posibilidade a determinados funcionarios, e no ámbito da CCAA de Galicia o Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia (actualmente derogado), que contemplaba a renuncia ao complemento específico, en xeral para todos os seus empregados, co fin de facer posible o recoñecemento do exercicio de actividades privadas (disposición adicional 8ª) e, actualmente, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (disposición transitoria novena), normativa que posibilita a renuncia dunha



parte do complemento específico para adecuarse á limitación do artigo 16.4 da LI tal e como se puxo de manifesto pola que subscribe nos informes emitidos ao efecto.

**Do análise de toda a normativa citada, resulta claro que, máis alá de interpretacións interesadas, é vontade do lexislador prohibir o desempeño dunha segunda actividade aos empregados públicos que perciban un complemento específico superior o 30 % das súas retribucións básicas, posibilitando en todo caso que, cando dito límite sexa superado, o interesado teña a posibilidade de renunciar á parte do complemento específico que corresponda para poder adaptarse ao límite en cuestión e obter a compatibilidade pretendida.**

Habida conta de que o resto da normativa citada xa foi obxecto de análise no informe emitido o 23 de xullo de 2014, basta con recoller aquí a previsión contida na disposición transitoria novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, ditada con posterioridade ao citado informe e ilustrativa por sí mesma de cal é a interpretación que sen dúbida algunha é a que se axusta ao pretendido polo lexislador ao reformar o artigo 16.4 da LI.

Así, a disposición transitoria novena da LEPG, referida ao complemento específico e recoñecemento de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas mentres non se introduza o complemento do posto de traballo, dispón, no seu apartado 2, que *“En tanto non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto pola presente lei, poderá recoñecerse, conforme ao disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía no supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.*

**No suposto de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade sempre e cando a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente”.**

De acordo co exposto, resulta claro que as alegacións do interesado, que xiran en torno á errónea interpretación de que, ao non ter incluído o factor de incompatibilidade entre as retribucións complementarias que ten dereito a percibir, non se aplica a incompatibilidade económica do apartado 4 do artigo 16 da LI, deben ser obxecto de desestimación polo órgano competente, habida conta de que a versión do artigo 16 da LI aplicable é a previa a súa modificación polo EBEP, e de que, tanto con esta versión como coa resultante coa modificación, a única forma admisible para o exercicio dunha actividade privada por parte dun funcionario público é que o seu complemento específico non supere o 30 % das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, e, para o caso de que si o supere, renuncie a parte do específico que lle permita axustarse á citada limitación económica, tal e como se desprende da normativa aplicable e dos pronunciamentos dos órganos xurisdicionais e do Consello Consultivo.



**Terceiro. Órgano competente.-** O órgano competente para revisar un acto nulo, de acordo co disposto nos artigos 21.1.k) e 22.2.j) da LRBRL, é o que sexa competente por razón da materia, é dicir o autor do acto cuxa revisión de oficio se pretende.

De acordo co exposto, e pese a que o acto cuxa revisión de oficio se pretende é un acto presunto, é dicir producido por silencio, de conformidade co exposto e tendo en conta o obxecto do expediente de revisión de oficio, é o Pleno da Corporación o órgano competente para a adopción do acordo en cuestión.

**Segundo o informado no presente, non hai dúbida de que o pretendido por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño de obter a compatibilidade sen limitación económica algunha, obviando o cumprimento do artigo 16.4 da LI, non se axusta á normativa aplicable, e así o que procede, habida conta de que nos atopamos ante un acto presunto contrario ao ordenamento xurídico polo que se adquiren facultades e dereitos cando se carece dos requisitos esenciais para a súa adquisición (art. 62.1f) LXPAC) e que dita afirmación non foi desvirtuada polo interesado no seu escrito de alegacións, é desestimar as citadas alegacións e continuar co procedemento de acordo co exposto no presente e nos demais informes emitidos pola que subscribe, solicitando o ditame do Consello Consultivo de Galicia nos termos analizados no informe de 16 de setembro de 2015, procedéndose, unha vez recibido o ditame, a someter o expediente ao órgano competente para resolver, debendo notificarse o acordo que, no seu caso se adopte, ao/s interesado/s no prazo de dez días a contar dende a data da súa adopción, nos termos do artigo 58 LXPAC.**

Este é o meu criterio, sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito, porén o Pleno da Corporación acordará o que estime oportuno”.

Considerando que, de acordo co exposto, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 19 de novembro de 2015 acordou:

-. Formular a proposta de resolución consistente na desestimación das alegacións formuladas por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, mediante escrito de 16 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.267), por entender que o acto presunto en virtude do cal o interesado obtivo por silencio a compatibilidade para o exercicio da avogacía, esta incurso nunha causa de nulidade de pleno dereito, ao carecer dos requisitos esenciais para a súa adquisición, declarar nulo de pleno dereito o acto presunto polo que se reconece a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 62.1 f) LXPAC e notificar o acordo ao interesado, sinalándolle os recursos procedentes.



.- Continuar coa tramitación do procedemento de revisión de oficio e solicitar ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.

Considerando que, con data de 20 de novembro (rex. saída nº 3.870), remitiuse ao Consello Consultivo copia do expediente de revisión de oficio do acto presunto, para a emisión do correspondente ditame preceptivo, documentación que foi recibida por ese Consello nesa mesma data.

Considerando que, con data de 20 de novembro de 2015 (rex. saída nº 3873), notificouse a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño o acordo adoptado polo Pleno da corporación o 20 de novembro, sendo recibido por este nesa mesma data.

Considerando que o 1 de decembro de 2015 recibíuse no concello o certificado do acordo adoptado polo Consello Consultivo, de 26 de novembro de 2015, acordo que se concreta en *“devolver o expediente, sen a emisión do ditame preceptivo”* ao ser necesario dar audiencia ao interesado en base ao artigo 84.1 LRXPAC (rex. entrada nº 9.886).

Considerando que, en virtude do acordado polo Consello Consultivo, mediante Decreto da alcaldía de 3 de decembro de 2015 (res 974/15) conferíuse un novo trámite de audiencia a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, Decreto que lle foi notificado ao interesado nesa mesma data (rex. saída nº 4.102), sendo recibido por este o 9 de decembro de 2015.

Visto o escrito de alegacións de D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, de 19 de decembro de 2015 (rex. entrada nº 10.335), por medio do cal solicita que se *“acorde a non iniciación do expediente de revisión de oficio do acto presunto de recoñecemento da compatibilidade de referencia”*.

Considerando que o citado escrito de alegacións é substancialmente unha reprodución literal do presentado polo interesado con data de 16 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.267), abordado xa no informe de secretaría de 10 de novembro de 2015, agás unha referencia á *“normativa nacional e internacional sobre a materia”* do que deriva a



defensa do principio “*a igual traballo, igual salario*” e ao artigo 2 da Lei 53/1984, co fin de argumentar, neste último caso e tal e como literalmente afirma o interesado, que “*polo tanto é evidente que, novamente o fundamental tamén dende esta óptica é constatar si se produce unha retribución polo factor de incompatibilidade, o cal neste tipo de casos nos que non se retribúe a través do complemento específico, si aparecería reflectida a percepción do abono do factor de incompatibilidade de forma independente, dada a transcendencia do mesmo*”, sen aportar nada novo ao expediente do alegado ata o momento que mereza ser obxecto de estimación.

Considerando que con data de 21 de decembro de 2015, acordouse pola alcaldía formular unha nova proposta de resolución e solicitar ditame sobre a mesma ao Consello Consultivo, notificándose a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, mediante escrito de 22 de decembro de 2015 (rex. saída nº 4.320), a interrupción do prazo para resolver o expediente, sendo recibido por este o 11 de xaneiro de 2016.

Considerando que, con data de 22 de decembro de 2015 (rex. saída nº 4.318), remitiuse o expediente ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do correspondente ditame preceptivo, sobre a nova proposta de resolución, sendo recibido por este nesa mesma data.

Considerando que o informe emitido polo servizo de asistencia xurídica do concello, de maio de 2015, e os informes de secretaría, de 16 de setembro e 10 de novembro de 2015, e demais incorporados ao expediente, son asumidos pola presente como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXPCA).

Visto o ditame do Consello Consultivo, de 20 de xaneiro de 2016 (rex. entrada nº 618, de 25/01/2016), polo que se informa favorablemente a proposta de resolución formulada polo concello, que é igualmente asumido pola presente como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXPCA).



En virtude do exposto e de conformidade co artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Desestimar as alegacións formuladas por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, con DNI nº 34994852-F, mediante escritos de 16 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.267), e 19 de decembro de 2015 (rex. entrada nº 10.335), por entender que o acto presunto en virtude do cal o interesado obtivo por silencio a compatibilidade para o exercicio da avogacía está incurso nunha causa de nulidade de pleno dereito, ao carecer dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

**Segundo**.- Declarar nulo de pleno dereito o acto presunto polo que se recoñece a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 62.1 f) da LRXPAC.

**Terceiro**.- Notificar o acordo ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.

Teo, 25 de xaneiro de 2016.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira”.

O sr. alcalde di que se trata da declarar a nulidade do acto presunto, engadindo que nunca existiu unha oposición ao recoñecemento da compatibilidade solicitada, sempre que se cumpriran os requisitos legalmente establecidos.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, pregunta se o expediente está en prazo para resolver.

Co permiso da presidencia interveño eu, secretaria do concello, para poñer de manifesto que, ao interromperse o prazo coa remisión do expediente ao Consello Consultivo, entendo que o expediente está dentro do prazo de resolución.



O sr. Fernández sinala que non ten nada máis que dicir.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo á proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Ignacio Arroyo Font.

O sr. Arroyo di que ía plantexar tamén o tema do prazo, pero que ao ser aclarado non ten nada máis que engadir.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e sete abstencións (6 PP e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro.**- Desestimar as alegacións formuladas por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, con DNI nº 34994852-F, mediante escritos de 16 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.267), e 19 de decembro de 2015 (rex. entrada nº 10.335), por entender que o acto presunto en virtude do cal o interesado obtivo por silencio a compatibilidade para o exercicio da avogacía está incurso nunha causa de nulidade de pleno dereito, ao carecer dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

**Segundo.**- Declarar nulo de pleno dereito o acto presunto polo que se recoñece a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 62.1 f) da LRXPAC.

**Terceiro.**- Notificar o acordo ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.



E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz





**A C T A 2/2016**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 28 XANEIRO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e oito de xaneiro de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> María Salomé Beiroa Fernández

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Secretaria acctal.:**

D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup>. Pilar Sueiro Castro



**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 19/11/15, 23/11/15 (EXTRAORD. ELECCIÓN), 23/11/15 (EXTRAORD. URXENTE) E 15/12/15.**
- 2. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 993/15 Á 75/16)**
- 3. DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS – 4º TRIMESTRE DE 2015**
- 4. DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE 2ª MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZO DE PISCINAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO**
- 5. DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE TEO E DAS SÚAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS.**
- 6. DITAME DA PROPOSTA CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE RECLAMACIÓN POLAS ACTUACIÓNS DA “SOCIEDADE ESTATAL CORREOS E TELÉGRAFOS. SOCIEDADE ANÓNIMA”, OPERADORA DESIGNADA POLO ESTADO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO POSTAL UNIVERSAL.**
- 7. DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE**
- 8. MOCIÓNS**
- 9. ROGOS E PREGUNTAS**



Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o Sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 19/11/15, 23/11/15 (EXTRAORD. ELECCIÓN), 23/11/15 (EXTRAORD. URXENTE) E 15/12/15.**

De acordo coa información que xa lle foi facilitada aos concelleiros, a aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 15/12/2015, queda pendente para a próxima sesión.

*Acta da sesión ordinaria do día 19 de novembro de 2015.*

O Sr. alcalde pregúntalle aos sres./as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 19 de novembro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

*Acta da sesión extraordinaria do día 23 de novembro de 2015.*

O Sr. alcalde pregúntalle aos sres./as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria (elección membros mesas electorais) celebrada o 23 de novembro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

*Acta da sesión extraordinaria urxente do día 23 de novembro de 2015.*

O Sr. alcalde pregúntalle aos sres./as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria urxente celebrada o 23 de novembro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.



## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 993/15 Á 75/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 10 de decembro de 2015 ata o 22 de xaneiro de 2016, que comprenden os números 993/15 ao 75/16, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **3.- DAR CONTA DO INFORME INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS – 4º TRIMESTRE DE 2015.**

O Sr. alcalde da conta do informe de Tesourería e Intervención, de 7 de xaneiro de 2016, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais no cuarto trimestre de 2015, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE 2ª MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZO DE PISCINAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de deportes, D. Jorge Juan Carballido Salgado.

O sr. Carballido da conta da proposta da alcaldía de 15 de xaneiro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 25 de xaneiro de 2016.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### ***2ª Modificación da Ordenanza reguladora do prezo público por servizo de piscinas de titularidade municipal do concello de Teo***

*Transcorridos máis de dous anos dende a posta de marcha da piscina municipal cuberta da Ramallosa e das súas instalacións deportivas anexas, a posibilidade de habilitar novas*



actividades e corrixir algúns baleiros normativos fai necesario adaptar a Ordenanza reguladora do prezo público pola súa utilización para facela máis eficaz e para que cubra todos os aspectos que é preciso regular nas múltiples actividades que alí se desenvolven.

Consecuentemente, propóñense as seguintes modificacións do texto:

#### **Artigo 4. Apartado A.3.**

- *Modificar o quinto apartado da exención de pagamento no acceso ás piscinas descubertas, que quedaría redactado do seguinte xeito: “- Aquelas persoas que teñan a condición de pensionistas ou aquelas cuns ingresos familiares que non superen 1,5 veces o IPREM. Neste suposto, xustificarán a súa condición diante do departamento de Servizos Sociais do Concello de Teo, que emitirá un informe.”*

#### **Artigo 4. Apartado B.2. Abonados**

- *Modificar a denominación da Cota mensual por abono xove, 3ª idade e colectivos desfavorecidos, que pasará a denominarse “Cota mensual por abono de tarifa reducida” (sen modificar as súas características nin os colectivos afectados).*
- *Modificar o texto explicativo da agora denominada “Cota mensual por abono de tarifa reducida” engadindo despois de “...de Servizos Sociais do concello” o texto: “, acompañado dun certificado de empadramento no concello de Teo.” (mantense o texto referido á condición de parado/a de longa duración)*
- *Modificar a denominación da Cota mensual por abono de parado/a, que pasará a denominarse “Cota mensual por abono de tarifa superreducida” (sen modificar as súas características nin os colectivos afectados).*
- *Modificar o texto explicativo do ata agora denominado Cota mensual por abono de parado/a, que quedaría redactado do seguinte xeito: “A esta modalidade só poderán acollerse as persoas que se atopen en paro. No momento da inscrición deberán entregar un certificado de estar empadornado/a no concello de Teo e presentar a tarxeta de demandante de emprego, documentación que deberá reiterarse no momento de renovación cada tres meses.”*
- *Modificar o último parágrafo deste apartado B.2, requirindo a condición de empadramento, de forma que onde pon “.../...permitir o acceso ás instalacións sen custe para persoas con discapacidade”, debe poñer “.../...permitir o acceso ás instalacións sen custe para persoas empadroadas con discapacidade”.*
- *Modificar o último parágrafo deste apartado B.2, incorporando ao final do texto: “, ata un límite de 50 abonos activos ao mesmo tempo.*



#### Artigo 4. Apartado B.3. Cursos

Modificar o cadro nos seguintes aspectos:

- Modificar o texto da cuarta ringleira “Actividades dirixidas con monitor” que pasará a denominarse “Actividades de grupos reducidos (actividades regulares con prazas limitadas en propiedade)”, mantendo os prezos asignados
- Incorporar unha ringleira final cos seguintes datos:

Actividades con tarifa plana sen praza en propiedade (acceso a todas as actividades de sala, agás as de grupos reducidos)	12€	36€
---	-----	-----

- Modificar a nota aclaratoria que quedaría redactada: “NOTA: Os prezos reflectidos nesta táboa (agás o de actividades con tarifa plana), representan o custe mensual por unha sesión semanal. No caso de realizar varias sesións semanais (agás as actividades con tarifa plana), o custe mensual calcularase....”

#### Artigo 4. Apartado B.4. Servizos

Modificar o cadro nos seguintes aspectos:

- Modificar o texto da primeira ringleira “Revisión médica” que pasará a denominarse “Valoración fisioterapéutica”, mantendo os prezos asignados
- Modificar o texto da sétima ringleira “Entrenamento personalizado (por sesión de 1h)”, que pasará a denominarse “Adestramento personalizado con monitor (por sesión de 1h)”, mantendo os prezos asignados
- Eliminar a novena ringleira “Aluguer pista multideporte (hora)”, por non estar dispoñible este servizo.
- Incorporar unha oitava ringleira cos seguintes datos:

Adestramento persoal sen monitor (novas tecnoloxías), por mes	4€	***
---	----	-----

#### Artigo 5º. Cobro

- Incorporar un segundo parágrafo que quedaría redactado do seguinte xeito: “Os pagos en efectivo deben realizarse antes do día 1 do mes, agás os cursos que deberán estar pagados antes do día 25 do mes anterior (co obxecto de poder ofertar as prazas libres aos usuarios/as en lista de agarda). Os impagos das cotas suporán a baixa automática



dende o primeiro día ou un recargo do 20% no caso de abonarse antes do día 10. A partir dese día será necesario pagar a matrícula para volver darse de alta”.

- Incorporar un terceiro parágrafo que quedaría redactado do seguinte xeito: “As excedencias deben abonarse mediante domiciliación bancaria ou ben en efectivo no momento da súa solicitude”.
- Engadir no terceiro parágrafo, a continuación do texto: “.No caso de renuncia ao curso antes do seu comezo ou nos primeiros quince días do mesmo, devolverase o 50% da tarifa trimestral. Calquera renuncia posterior non dará lugar a devolución.”
- Incorporar un último parágrafo que quedaría redactado do seguinte xeito: “Os abonados/as que se dean de alta a partir do día 15 do mes, pagarán só a metade da tarifa dese mes”

Teo, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira

---

#### ANEXO

***Texto consolidado da 2ª Modificación da Ordenanza reguladora do prezo público por servizo de piscinas de titularidade municipal do concello de Teo***

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS PISCINAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.**

(...)

---

O sr. Carballido explica que se trata de adaptar a ordenanza a realidade actual, introducindo modificacións para corrixir eivas que se foron detectando ao longo deste tempo de funcionamento das instalacións. Aclara que se manteñen as taxas actuais para os servizos existentes e inclúense novos servizos para os que se fixan os prezos.



Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández Baz, di que esta de acordo coas modificacións propostas para evitar os reparos de intervención, e polo ben da seguridade xurídica a modificación é imprescindible.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que está de acordo coa proposta porque con esta modificación adaptase o prezo público a realidade existente.

O portavoz do PP, sr. Guerra, cédelle a palabra a concelleira do seu grupo, D<sup>a</sup>. María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que lle parece ben a modificación proposta, e pregunta se no horario de verán, cando pecha a piscina, se tamén se pecha o ximnasio e o resto das instalacións, ou se é posible acceder ao ximnasio.

Respóndelle o sr. alcalde que durante o verao, a medio día esta todo pechado, porque así está acordado, xa que os Pregos que rexen o contrato establecen un número de horas mínimo no que teñen que estar abertas as instalacións, e no verán establece un horario con menos horas, e ese horario adáptao a empresa á demanda dos usuarios.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar inicialmente a 2ª modificación da Ordenanza reguladora do prezo público por servizo de piscinas de titularidade municipal do concello de Teo, nos termos que se recolle a continuación, quedando redactado o mesmo conforme ao texto modificado que se incorpora como anexo ao final da presente**

**Artigo 4. Apartado A.3.**

- **Modificar o quinto apartado da exención de pagamento no acceso ás piscinas descubertas, que quedaría redactado do seguinte xeito: “- Aquelas persoas que teñan a condición de pensionistas ou aquelas cuns ingresos familiares que non superen 1,5 veces o IPREM. Neste suposto,**





xustificarán a súa condición diante do departamento de Servizos Sociais do Concello de Teo, que emitirá un informe.”

#### **Artigo 4. Apartado B.2. Abonados**

- **Modificar a denominación da Cota mensual por abono xove, 3ª idade e colectivos desfavorecidos, que pasará a denominarse “Cota mensual por abono de tarifa reducida” (sen modificar as súas características nin os colectivos afectados).**
- **Modificar o texto explicativo da agora denominada “Cota mensual por abono de tarifa reducida” engadindo despois de “...de Servizos Sociais do concello” o texto: “, acompañado dun certificado de empadramento no concello de Teo.” (mantense o texto referido á condición de parado/a de longa duración)**
- **Modificar a denominación da Cota mensual por abono de parado/a, que pasará a denominarse “Cota mensual por abono de tarifa superreducida” (sen modificar as súas características nin os colectivos afectados).**
- **Modificar o texto explicativo do ata agora denominado Cota mensual por abono de parado/a, que quedaría redactado do seguinte xeito: “A esta modalidade só poderán acollerse as persoas que se atopen en paro. No momento da inscrición deberán entregar un certificado de estar empadroad/a no concello de Teo e presentar a tarxeta de demandante de emprego, documentación que deberá reiterarse no momento de renovación cada tres meses.”**
- **Modificar o último parágrafo deste apartado B.2, requirindo a condición de empadroad, de forma que onde pon “.../...permitir o acceso ás instalacións sen custe para persoas con discapacidade”, debe poñer “.../...permitir o acceso ás instalacións sen custe para persoas empadroadas con discapacidade”.**
- **Modificar o último parágrafo deste apartado B.2, incorporando ao final do texto: “, ata un límite de 50 abonos activos ao mesmo tempo.**

#### **Artigo 4. Apartado B.3. Cursos**

**Modificar o cadro nos seguintes aspectos:**

- **Modificar o texto da cuarta ringleira “Actividades dirixidas con monitor” que pasará a denominarse “Actividades de grupos reducidos (actividades**



regulares con prazas limitadas en propiedade)”, mantendo os prezos asignados

- Incorporar unha ringleira final cos seguintes datos:

Actividades con tarifa plana sen praza en propiedade (acceso a todas as actividades de sala, agás as de grupos reducidos)	12€	36€
---	-----	-----

- Modificar a nota aclaratoria que quedaría redactada: “NOTA: Os prezos reflectidos nesta táboa (agás o de actividades con tarifa plana), representan o custe mensual por unha sesión semanal. No caso de realizar varias sesións semanais (agás as actividades con tarifa plana), o custe mensual calcularase....”

#### Artigo 4. Apartado B.4. Servizos

Modificar o cadro nos seguintes aspectos:

- Modificar o texto da primeira ringleira “Revisión médica” que pasará a denominarse “Valoración fisioterapéutica”, mantendo os prezos asignados
- Modificar o texto da sétima ringleira “Entrenamento personalizado (por sesión de 1h)”, que pasará a denominarse “Adestramento personalizado con monitor (por sesión de 1h)”, mantendo os prezos asignados
- Eliminar a novena ringleira “Aluguer pista multideporte (hora)”, por non estar dispoñible este servizo.
- Incorporar unha oitava ringleira cos seguintes datos:

Adestramento persoal sen monitor (novas tecnoloxías), por mes	4€	***
---	----	-----

#### Artigo 5º. Cobro

- Incorporar un segundo parágrafo que quedaría redactado do seguinte xeito: “Os pagos en efectivo deben realizarse antes do día 1 do mes, agás os cursos que deberán estar pagados antes do día 25 do mes anterior (co obxecto de poder ofertar as prazas libres aos usuarios/as en lista de agarda). Os impagos das cotas suporán a baixa automática dende o primeiro día ou un recargo do 20% no caso de abonarse antes do día 10. A partir dese día será necesario pagar a matrícula para volver darse de alta”.



- Incorporar un terceiro parágrafo que quedaría redactado do seguinte xeito: “As excedencias deben abonarse mediante domiciliación bancaria ou ben en efectivo no momento da súa solicitude”.
- Engadir no terceiro parágrafo, a continuación do texto: “.No caso de renuncia ao curso antes do seu comezo ou nos primeiros quince días do mesmo, devolverase o 50% da tarifa trimestral. Calquera renuncia posterior non dará lugar a devolución.”
- Incorporar un último parágrafo que quedaría redactado do seguinte xeito: “Os abonados/as que se dean de alta a partir do día 15 do mes, pagarán só a metade da tarifa dese mes”

**Segundo.-** Expoñer o texto da modificación da Ordenanza ao público, durante trinta días mediante edicto no BOP, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións.

Se transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a modificación da Ordenanza quedará definitivamente aprobada.

No suposto de que se presentase algunha reclamación ou suxestión, estas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación previa aprobación definitiva.

---

## ANEXO

Texto consolidado da 2ª Modificación da Ordenanza reguladora do prezo público por servizo de piscinas de titularidade municipal do concello de Teo

### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS PISCINAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.**

#### **Artigo 1.-Réxime Xurídico**

De conformidade co disposto no artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Teo establece o prezo público por utilización das piscinas de titularidade municipal, que se regulará pola presente Ordenanza , e no seu defecto,



polo disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o Regulamento Xeral de Recadación.

### **Artigo 2.º. Concepto. Servizos incluídos**

1.- O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán os usuarios que voluntariamente soliciten a utilización das piscinas municipais que de seguido se detallan:

1.1.-Piscina municipal descuberta da Insua-Luou.

1.2.- Piscina municipal descuberta dos Tilos.

1.3.-Piscina municipal cuberta de A Ramallosa (con todas as instalacións que incorpora).

### **Artigo 3.º Obrigados ao pago.**

Estarán obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza quenes se beneficien dos servizos e actividades polos que o mesmo se esixe.

### **Artigo 4.º . Tarifas.**

O importe do prezo público pola utilización das piscinas municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

#### **A).- UTILIZACIÓN PISCINAS DESCUBERTAS:**

A.1.- Non abonados: cada entrada, por día e persoa: 2,5 € (2,07€ sen IVE)

A.2.- Abonados de verán (con dereito a entrada e a recibir cursos en xullo e agosto):

- Cota única por abono de verán xove (12-24 anos): 14€ (11,57€ sen IVE). Nesta modalidade, o titular deberá acudir acompañado por un dos seus pais o primeiro día, que cumprimentará unha autorización responsable.
- Cota única por abono de verán adulto (25-64 anos): 17€ (14,17€ sen IVE)
- Cota única por abono de verán familiar: 27€ (22,31€ sen IVE)

NOTA: Considérase como unidade familiar a formada pola parella ou polos proxenitores e os fillos e fillas menores de 18 anos.



No abono de verán familiar poderán integrarse os fillos e fillas comprendidos entre os 18 e 25 anos, que convivan no domicilio familiar e se atopen realizando estudos oficiais ou en situación de paro, mediante unha cota de 8€ (6,61€ sen IVE) que se sumará ao custe do abono familiar

**A.3. Están exentos de pagamento:**

- As persoas que posúan abono da piscina municipal cuberta de Teo en calquera das súas modalidades.
- As familias que presenten a tarxeta do paro de todos os seus membros.
- Os maiores de 65 anos (a 1 de xuño de cada tempada), presentando o DNI.
- Os menores de 5 anos (a 1 de xuño de cada tempada), presentando o libro de familia
- Aquelas persoas que teñan a condición de pensionistas ou aquelas cuns ingresos familiares que non superen 1,5 veces o IPREM. Neste suposto, xustificarán a súa condición diante do departamento de Servizos Sociais do Concello de Teo, que emitirá un informe.

Para obter o carné de abonado das piscinas municipais descubertas deberán entregarse, nas oficinas administrativas da piscina municipal cuberta da Ramallosa, os datos identificativos da persoa e os da situación familiar ou dos Servizos Sociais, se fosen precisos.

Os abonados de verán poderán acceder ás instalacións da piscina cuberta da Ramallosa (só a zona de piscina), os días que, estando en período de funcionamento as piscinas descubertas, estas non se poidan utilizar por inclemencias meteorolóxicas. Esta incidencia será indicada mediante aviso na entrada das instalacións descubertas.

**B).- UTILIZACIÓN PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA E DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (ximnasio, sauna e vestiarios).**

**B.1. Non abonados:**

- Entrada libre diaria adulto (25-65 anos) para piscina e servizos complementarios (ximnasio, sauna e vestiarios) sen límite de tempo: 5€ (4,13€ sen IVE)



- Entrada libre diaria xove (menor de 25 anos), terceira idade (maior de 65 anos) e colectivos desfavorecidos para piscina e servizos complementarios (ximnasio, sauna e vestiarios) sen límite de tempo: 4€ (3,31€ sen IVE)

## B.2. Abonados

- Cota de matrícula (pago único mentres se manteña o abono): 20€
- Cota mensual por abono adulto (26-64 anos): 25€ (20,66€ sen IVE)
- Cota mensual por abono familiar (parella ou proxenitores e fillos e fillas menores de 18 anos.): 34€ (28,10€ sen IVE)

No abono familiar poderán integrarse os fillos e fillas con idades comprendidas entre 18 e 25 anos, que convivan no domicilio familiar e se atopen realizando estudos oficiais ou en situación de paro, mediante o pago dunha cota de 8€ (6,61€ sen IVE) que se sumará ao custe mensual do abono familiar.

- Cota mensual por abono de tarifa reducida: xove (12-25 anos), 3ª idade (maiores de 65 anos) e colectivos desfavorecidos: 22€ (18,18€ sen IVE).

A condición de pertenza a un colectivo desfavorecido xustificárase coa presentación dun informe personalizado que se solicitará no departamento de Servizos Sociais do concello, acompañado dun certificado de empadramento no concello de Teo. A condición de parado/a de longa duración será causa obxectiva de inclusión no colectivo de desfavorecidos. Se o abonado é menor de idade, o titular deberá acudir acompañado por un dos seus pais o primeiro día, que cumprimentará unha autorización responsable.

- Cota mensual por abono de tarifa superreducida (que só permite o acceso ás instalacións en xornada de mañá, ata as 3 da tarde): 12€ (9,92 sen IVE)

A esta modalidade só poderán acollerse as persoas que se atopen en paro. No momento da inscrición deberán entregar un certificado de estar empadroad/a no concello de Teo e presentar a tarxeta de demandante de emprego, documentación que deberá reiterarse no momento de renovación cada tres meses.



- Cota de mantemento do abono: 10€ (8,26€ sen IVE). Poderase recorrer a esta modalidade un máximo de dous meses ao ano, debendo comunicarse por escrito nas oficinas administrativas da piscina cuberta da Ramallosa cun mínimo de dez días de antelación. Durante este período, os abonados/as non terán dereito de acceso á piscina e as instalacións anexas
- Con carácter excepcional, e sempre por causas debidamente xustificadas mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo, poderase permitir o acceso ás instalacións sen custe para persoas empadroadas con discapacidade (e acompañantes se o necesitan), sempre que este uso teña finalidade terapéutica, ou noutras situacións especiais que poidan presentarse de carácter excepcional, ata un límite de 50 abonos activos ao mesmo tempo.

### B.3. Cursos

#### CUSTE MENSUAL POR SESIÓN SEMANAL (IVE engadido)

	Abonados	Non abonados
Natación menores (4 a 15 anos) e 3ª idade (maiores de 65 anos)	7€	14€
Natación adultos (16-65 anos)	8€	16€
Natación bebés (0 a 3 anos)	9€	18€
Actividades de grupos reducidos (actividades regulares con prazas limitadas en propiedade)	9€	18€
Natación terapéutica ou pre/post parto	12€	24€
Preparación física individualizada ou rehabilitación individualizada	22€	36€
Pádel	22€	30€
Actividades con tarifa plana sen praza en propiedade (acceso a todas as actividades de sala, agás as de grupos reducidos)	12€	36€

NOTA: Os prezos reflectidos nesta táboa (agás o de actividades con tarifa plana), representan o custe mensual por unha sesión semanal. No caso de



realizar varias sesións semanais (agás as actividades con tarifa plana), o custe mensual calcularase multiplicando o prezo de sesión semanal polo número de sesións contratadas.

#### B.4. Servizos

	Abonados	Non abonados
Valoración fisioterapéutica	28€	40€
Masaxe parcial	14€	18€
Masaxe completo	22€	30€
Aluguer rúa piscina (45 minutos)	12€	24€
Aluguer pista pádel (persoa e hora, custe mínimo de catro persoas)	1,5€	2,5€
Obradoiros (por persoa e semana un total de 20 h, 4h cada día)	30€	45€
Adestramento personalizado con monitor (por sesión de 1h)	22€	30€
Adestramento persoal sen monitor (novas tecnoloxías), por mes	4€	***
Custodia obxectos persoais	0,50€	
Natación escolar (sesión semanal)	6,00€	
Reposición do carné de abonado por perda	2€	

Para obter o carné de abonado da piscina municipal cuberta deberá entregarse, nas oficinas das propias instalación da piscina, os datos identificativos da persoa e os da situación familiar ou dos Servizos Sociais, se fosen precisos.

Para a integración de xoves entre 18 e 25 anos no abono familiar requirirase certificado de empadramento dos pais e fillos/as e xustificante de matrícula en centros oficiais de ensino ou de atoparse en situación de paro. Estas xustificacións deberán renovarse anualmente.

O dereito aos cursos obterase entregando os correspondentes impresos nas propias instalación da piscina municipal cuberta e o xustificante de pago nas entidades bancarias colaboradoras.





### **Artigo 5.º Cobro**

O prezo público devengarase cando se solicite a expedición do carné de usuario ou da entrada solta. Cando se utilicen as instalacións enumeradas no artigo 2 sen a previa autorización do órgano competente da administración municipal, o prezo público devengarase cando se inicie a efectiva utilización.

Os pagos en efectivo deben realizarse antes do día 1 do mes, agás os cursos que deberán estar pagados antes do día 25 do mes anterior (co obxecto de poder ofertar as prazas libres aos usuarios/as en lista de agarda). Os impagos das cotas suporán a baixa automática dende o primeiro día ou un recargo do 20% no caso de abonarse antes do día 10. A partir dese día será necesario pagar a matrícula para volver darse de alta.

As excedencias deben abonarse mediante domiciliación bancaria ou ben en efectivo no momento da súa solicitude”.

Os recibos devoltos polas entidades bancarias orixinarán un recargo de 3€.

Para os non abonados, o pago dos cursos de inverno (setembro a xuño) será trimestral, agás setembro, que se pagará en efectivo. No caso de renuncia ao curso antes do seu comezo ou nos primeiros quince días do mesmo, devolverase o 50% da tarifa trimestral. Calquera renuncia posterior non dará lugar a devolución.

Os abonados/as que se dean de alta a partir do día 15 do mes, pagarán só a metade da tarifa dese mes.

### **Artigo 6.º Normas de xestión.**

- As solicitudes para a expedición dos abonos de utilización das piscinas e para a inscrición nos cursos e actividades deportivas a realizar nas súas instalacións, así como as peticións de baixa, presentaranse nas oficinas administrativas da piscina municipal cuberta da Ramallosa.

- A empresa concesionaria do servizo das piscinas municipais de Teo será a responsable da xestión de tramitación dos abonos de utilización das piscinas e da inscrición en cursos e actividades deportivas que se realicen nesas instalacións.

- As entradas soltas poderán adquirirse nos postos de control das propias piscinas. O usuario/a recibirá un resgardo da súa entrada na que aparecerá o prezo e a data de uso.



-A efectos da contabilidade municipal, empresa concesionaria deberá presentar no rexistro xeral do concello, mensualmente, a conta recadatoria do prezo público correspondente ao mes anterior, desglosando os ingresos percibidos en función do tipo de abono ou entrada.

#### **Disposición derogatoria.**

Queda automaticamente derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das piscinas municipais vixente dende data 28/07/2009.

#### **Disposición Derradeira**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE TEO E DAS SÚAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de deportes, D. Jorge Juan Carballido Salgado.

O sr. Carballido da conta da proposta da alcaldía de 20 de xaneiro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 25 de xaneiro de 2016.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE TEO E DAS SÚAS INSTALACIONES DEPORTIVAS ANEXAS**

*Transcorridos máis de dous anos dende a posta en marcha da piscina municipal cuberta da Ramallosa e das súas instalacións deportivas anexas, a posibilidade de habilitar novas actividades e corrixir algúns baleiros normativos fai necesario adaptar o seu Regulamento de uso para facelo máis eficaz e para que cubra todos os aspectos que é preciso regular nas múltiples actividades que alí se desenvolven.*



Visto o Regulamento de uso das piscinas municipais de Teo e das súas instalacións deportivas anexas, publicado no Boletín Oficial da Provincia de 16 de xaneiro de 20132 (BOP nº 11).

De acordo co exposto, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de uso das piscinas municipais de Teo e das súas instalacións deportivas anexas, nos termos que se recolle a continuación, quedando redactado o mesmo conforme ao texto modificado que se incorpora como anexo ao final da presente.

**1.- Artigo 3. Apartado 2.**

Modificar o apartado c) incorporando ao final do texto: “, agás sexan tamén abonados/as.”

**2.- Artigo 4. Apartado 1.**

Modificar o título do apartado 1. Que quedaría redactado do seguinte xeito: “1. Requirimentos para adquirir a condición de abonado/a, abonado/a de verán e asistente a cursiños:”

**3.- Artigo 4. Apartado 1.**

Modificar o segundo parágrafo do apartado 1 que quedará redactado do seguinte xeito: “Presentar no momento da inscrición o DNI. No caso de tratarse dun abono familiar, aportarase a totalidade dos DNI dos membros da unidade familiar e o Libro de Familia ou documento que acredite a unidade familiar, sexa esta de dereito ou de feito”.

**4.- Artigo 4. Apartado 1.**

Modificar o terceiro parágrafo do apartado 1 que quedará redactado do seguinte xeito: “Entregar documento acreditativo da titularidade da conta bancaria”.

**5.- Artigo 4. Apartado 1.**

Eliminar o cuarto párrafo do apartado 1.

**6.- Artigo 4. Apartado 2.**

Eliminar a totalidade do apartado 2 (que afecta a correlación numérica dos seguintes apartados).

**7.- Artigo 4. Apartado 3.**

Modificar o apartado 3 que quedará redactado do seguinte xeito:

“3. Requirimentos para adquirir unha entrada libre:

Cumprimentar os datos básicos da folla de inscrición identificándose co DNI”.

**8.- Artigo 4. Engadir novo apartado.**

Engadir un último apartado (que levará o número 6):



*“6. O persoal responsable das instalacións poderá solicitar a identificación dos usuarios/as, mediante a presentación do DNI ou documento suficiente que acredite a personalidade, por motivos de seguridade. A negativa a identificarse poderá ser causa de que lles sexa denegado o acceso ás instalacións.”*

**9.- Novo artigo: 6 bis** (Será o novo artigo 7 e modifica a numeración dos artigos posteriores).

*“As persoas acollidas ao abono de tarifa superreducida poderán acceder ás instalacións entre as 07:15 e as 15:00 de luns a venres. Os sábados, domingos e festivos poderán entrar en todo o horario de apertura.*

*Os abonos de tarifa superreducida non terán limitacións horarias nas piscinas de verán.”*

**10.- Artigo 7. Apartado 1.a**

*Modificar o primeiro parágrafo, que quedará redactada:*

*“a. Piscina cuberta.*

*Estará aberta un mínimo de 85 horas semanais durante todo o ano, a excepción dos meses de xullo e agosto nos que poderá reducirse ata un mínimo de 65 horas. En calquera caso, a piscina abrirá todos os días da semana incluídos festivos, aínda que o faga en horario reducido, a excepción dos días completos de Nadal, Ano Novo, Reis e Día de Galicia. Os días 24 e 31 de decembro e o 5 de xaneiro, as instalacións pecharán ás 14,00h.”*

**11.- Artigo 7. Apartado 4.**

*Modificar o apartado 4, que quedará redactado:*

*“4. A piscina municipal permanecerá pechada ao público durante os días que cada ano resulten necesarios para realizar os labores de limpeza xeral, desinfección e desinsectación con produtos autorizados (preferentemente nos meses de menor ocupación da piscina), ou cantas veces sexan requiridos ditos labores polas autoridades sanitarias nos termos previstos no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia. Este peche será anunciado oportunamente e coa antelación suficiente que as circunstancias permitan e, por estar contemplado no prezo de abono, non dará dereito a compensación algunha.”*

**12.- Artigo 7. Novo apartado 5.**

*“5. Por esixencias técnicas, poderase pechar parcialmente ou impedir o acceso a determinadas partes das instalacións.”*

**13.- Artigo 12. Apartado 2.**

*Engadir dous novos epígrafes:*



m. O material é de uso exclusivo para os cursiños

n. Non está permitido o acceso nin a permanencia na praia da piscina con roupa de rúa.

**14.- Artigo 12. Engadir un novo apartado 2bis** (Será o novo apartado 3 e modifica a numeración dos apartados posteriores).

*“3. Nas piscinas descubertas deberán gardarse as seguintes normas:*

*a. Non se gardarán hamacas nin cadeiras particulares na instalación. As hamacas serán utilizadas polos usuarios/as por orde de chegada, non se farán reservas previas e só se poden colocar na zona de céspede. Unha vez utilizadas deberán devolverse ao seu sitio, sempre antes de abandonar a instalación.*

*b. Os nenos e nenas menores de 8 anos deberán estar acompañados por un adulto durante o uso libre do vaso da piscina. Os usuarios/as maiores de 8 anos e menores de 16 que saiban nadar, poderán entrar sen acompañante, cun consentimento por escrito asinado polo pai, nai ou titor ou titora, que quedará depositado na instalación e servirá de autorización permanente.*

*c. En caso de permanecer pechada a instalación por adversidades meteorolóxicas, os abonados/as poderán facer uso da piscina cuberta de A Ramallosa. En caso de permanecer pechada a instalación pola mañá, por choiva, abriase pola tarde se escampa.*

*d. Para o préstamo das palas de ping-pong será necesario entregar o carné de usuario/a ou documento identificativo, que será devolto cando se entreguen de volta.”*

**15.- Artigo 12. Apartado 6.**

*Engadir un novo apartado e), que modifica a secuencia alfabética posterior:*

*“e. Os abonados/as poderán facer a reserva de pista cunha semana de antelación como máximo. Os non abonados/as só con 24 horas de antelación.”*

**16.- Artigo 13. Novos apartados.**

*Engadir, ao final, catro novos apartados, que quedarán redactados:*

*“5. Haberá unha semana cada trimestre de “portas abertas” para que os familiares poidan ver a evolución dos nenos e nenas nos cursiños. Esta semana será anunciada con antelación suficiente no taboleiro das instalacións, así como nas redes sociais.*



6. O acceso a zona funcional (cross force e trx) e de peso libre (situada na sala multideporte) será libre, agás na zona funcional nas horas nas que estean programados cursos que terán uso exclusivo da zona e do material.

7. Nas actividades de sala existirán dúas modalidades:

- *Tarifa plana de actividades de sala: Inclúe todas as actividades, agás as de grupos reducidos. Os usuarios/as non teñen a praza en propiedade.*

- *Tarifa grupos reducidos: Actividades regulares con prazas limitadas nas que os usuarios/as teñen a súa praza en propiedade e teñen un obxectivo de progresión e mellora das capacidades técnicas e/ou físicas.*

O número e o horario das actividades pode variar segundo os horarios, necesidades do servizo, etc...

8. O adestramento dirixido realizarase mediante unha plataforma tecnolóxica que permite un maior uso e seguimento da instalación e dos programas dos usuarios/as, sendo un servizo alternativo e con custe adicional.”

---

**Segundo.**- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamación entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

**Terceiro.**- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como o Regulamento definitivo modificado, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

---

### **Anexo**

### **Texto refundido do REGULAMENTO DE USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE TEO E DAS SÚAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS**

(...)



O sr. Carballido explica que se trata de regular o acceso a novas actividades deportivas e aspectos das piscinas descubertas que se viñan aplicando pero que non estaban recollidas no actual regulamento, e neste sentido hai unha emenda ao ditame, que afecta ao horario das piscinas que se recolle no apartado 1.b) do artigo 8, que quedaría redactado da seguinte forma:

“Artigo 8. Apartado 1b

*b. Piscinas descubertas:*

*Os Tilos: Do 15 de xuño ao 15 de setembro, de 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 21:00h.*

*A Insua (Luou): Do 15 de xuño ao 15 de setembro*

*Luns a venres, de 16:00 a 21:00h*

*Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 21:00h.”*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández Baz, di que esta de acordo porque é preciso adaptar o funcionamento das instalacións á realidade.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que está de acordo coa proposta.

O portavoz do PP, sr. Guerra, cédelle a palabra a concelleira do seu grupo, D<sup>a</sup>. María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que esta de acordo coa proposta e, en relación co alugueiro das pistas á que se refire o artigo 4.3, relativo ao acceso ás instalacións, quere saber se solo se poden alugar por grupos.

Respóndelle o sr. alcalde que ese punto refírese ás instalacións en xeral, non ao alugueiro dunha pista concreta como o alugueiro da pista de padel ou de futbito.

**Sometida a emenda a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto)**



acorda aprobar a emenda formulada ao ditame da proposta alcaldía de modificación do Regulamento de uso das piscinas municipais de Teo e das instalacións deportivas anexas.

Sometido a votación o ditame emendado, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) acorda:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de uso das piscinas municipais de Teo e das súas instalacións deportivas anexas, nos termos que se recolle a continuación, quedando redactado o mesmo conforme ao texto modificado que se incorpora como anexo ao final da presente.

**1.- Artigo 3. Apartado 2.**

Modificar o apartado c) incorporando ao final do texto: “, agás sexan tamén abonados/as.”

**2.- Artigo 4. Apartado 1.**

Modificar o título do apartado 1. Que quedaría redactado do seguinte xeito: “1. Requirimentos para adquirir a condición de abonado/a, abonado/a de verán e asistente a cursiños:”

**3.- Artigo 4. Apartado 1.**

Modificar o segundo parágrafo do apartado 1 que quedará redactado do seguinte xeito: “Presentar no momento da inscrición o DNI. No caso de tratarse dun abono familiar, aportarse a totalidade dos DNI dos membros da unidade familiar e o Libro de Familia ou documento que acredite a unidade familiar, sexa esta de dereito ou de feito”.

**4.- Artigo 4. Apartado 1.**

Modificar o terceiro parágrafo do apartado 1 que quedará redactado do seguinte xeito: “Entregar documento acreditativo da titularidade da conta bancaria”.

**5.- Artigo 4. Apartado 1.**

Eliminar o cuarto párrafo do apartado 1.

**6.- Artigo 4. Apartado 2.**





Eliminar a totalidade do apartado 2 (que afecta a correlación numérica dos seguintes apartados).

**7.- Artigo 4. Apartado 3.**

Modificar o apartado 3 que quedará redactado do seguinte xeito:

**“3. Requirimentos para adquirir unha entrada libre:**

**Cumprimentar os datos básicos da folla de inscrición identificándose co DNI”.**

**8.- Artigo 4. Engadir novo apartado.**

Engadir un último apartado (que levará o número 6):

**“6. O persoal responsable das instalacións poderá solicitar a identificación dos usuarios/as, mediante a presentación do DNI ou documento suficiente que acredite a personalidade, por motivos de seguridade. A negativa a identificarse poderá ser causa de que lles sexa denegado o acceso ás instalacións.”**

**9.- Novo artigo: 6 bis (Será o novo artigo 7 e modifica a numeración dos artigos posteriores).**

***“As persoas acollidas ao abono de tarifa superreducida poderán acceder ás instalacións entre as 07:15 e as 15:00 de luns a venres. Os sábados, domingos e festivos poderán entrar en todo o horario de apertura.***

***Os abonos de tarifa superreducida non terán limitacións horarias nas piscinas de verán.”***

**10.- Artigo 7. Apartado 1.a**

Modificar o primeiro parágrafo, que quedará redactada:

**“a. Piscina cuberta.**

**Estará aberta un mínimo de 85 horas semanais durante todo o ano, a excepción dos meses de xullo e agosto nos que poderá reducirse ata un mínimo de 65 horas. En calquera caso, a piscina abrirá todos os días da semana incluídos festivos, aínda que o faga en horario reducido, a excepción dos días completos de Nadal, Ano Novo, Reis e Día de Galicia. Os días 24 e 31 de decembro e o 5 de xaneiro, as instalacións pecharán ás 14,00h.”**

**11.- Artigo 7. Apartado 4.**

Modificar o apartado 4, que quedará redactado:

**“4. A piscina municipal permanecerá pechada ao público durante os días que cada ano resulten necesarios para realizar os labores de limpeza xeral,**



desinfección e desinsectación con produtos autorizados (preferentemente nos meses de menor ocupación da piscina), ou cantas veces sexan requiridos ditos labores polas autoridades sanitarias nos termos previstos no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia. Este peche será anunciado oportunamente e coa antelación suficiente que as circunstancias permitan e, por estar contemplado no prezo de abono, non dará dereito a compensación algunha.”

**12.- Artigo 7. Novo apartado 5.**

“5. Por esixencias técnicas, poderase pechar parcialmente ou impedir o acceso a determinadas partes das instalacións.”

**13.- Artigo 8. Apartado 1b.**

**b. Piscinas descubertas:**

Os Tilos: Do 15 de xuño ao 15 de setembro, de 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 21:00h.

A Insua (Luou): Do 15 de xuño ao 15 de setembro

Luns a venres, de 16:00 a 21:00h

Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 21:00h.

**14.- Artigo 12. Apartado 2.**

Engadir dous novos epígrafes:

m. O material é de uso exclusivo para os cursiños

o. Non está permitido o acceso nin a permanencia na praia da piscina con roupa de rúa.

**15.- Artigo 12. Engadir un novo apartado 2bis (Será o novo apartado 3 e modifica a numeración dos apartados posteriores).**

“3. Nas piscinas descubertas deberán gardarse as seguintes normas:

a. Non se gardarán hamacas nin cadeiras particulares na instalación. As hamacas serán utilizadas polos usuarios/as por orde de chegada, non se farán reservas previas e só se poden colocar na zona de céspede. Unha vez utilizadas deberán devolverse ao seu sitio, sempre antes de abandonar a instalación.

b. Os nenos e nenas menores de 8 anos deberán estar acompañados por un adulto durante o uso libre do vaso da piscina. Os usuarios/as maiores de 8



anos e menores de 16 que saiban nadar, poderán entrar sen acompañante, cun consentimento por escrito asinado polo pai, nai ou titor ou titora, que quedará depositado na instalación e servirá de autorización permanente.

c. En caso de permanecer pechada a instalación por adversidades meteorolóxicas, os abonados/as poderán facer uso da piscina cuberta de A Ramallosa. En caso de permanecer pechada a instalación pola mañá, por choiva, abrírase pola tarde se escampa.

d. Para o préstamo das palas de ping-pong será necesario entregar o carné de usuario/a ou documento identificativo, que será devolto cando se entreguen de volta.”

#### **16.- Artigo 12. Apartado 6.**

Engadir un novo apartado e), que modifica a secuencia alfabética posterior:

“e. Os abonados/as poderán facer a reserva de pista cunha semana de antelación como máximo. Os non abonados/as só con 24 horas de antelación.”

#### **17.- Artigo 13. Novos apartados.**

Engadir, ao final, catro novos apartados, que quedarán redactados:

“5. Haberá unha semana cada trimestre de “portas abertas” para que os familiares poidan ver a evolución dos nenos e nenas nos cursiños. Esta semana será anunciada con antelación suficiente no taboleiro das instalacións, así como nas redes sociais.

6. O acceso a zona funcional (cross force e trx) e de peso libre (situada na sala multideporte) será libre, agás na zona funcional nas horas nas que estean programados cursos que terán uso exclusivo da zona e do material.

7. Nas actividades de sala existirán dúas modalidades:

- Tarifa plana de actividades de sala: Inclúe todas as actividades, agás as de grupos reducidos. Os usuarios/as non teñen a praza en propiedade.
- Tarifa grupos reducidos: Actividades regulares con prazas limitadas nas que os usuarios/as teñen a súa praza en propiedade e teñen un obxectivo de progresión e mellora das capacidades técnicas e/ou físicas.

O número e o horario das actividades pode variar segundo os horarios, necesidades do servizo, etc...



**8. O adestramento dirixido realizarase mediante unha plataforma tecnolóxica que permite un maior uso e seguimento da instalación e dos programas dos usuarios/as, sendo un servizo alternativo e con custe adicional.**

**Segundo.-** Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamación entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

**Terceiro.-** O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como o Regulamento definitivo modificado, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

---

## **Anexo**

### **Texto refundido do REGULAMENTO DE USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE TEO E DAS SÚAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS**

#### **Capítulo 1. Disposicións xerais**

##### **Artigo 1.-**

O obxecto do presente regulamento é establecer as normas de uso e funcionamento das instalacións deportivas da Piscina Municipal Cuberta de A Ramallosa, así como das piscinas descubertas de Os Tilos e A Ínsua (Luou), xa sexan xestionadas polo propio Concello de Teo ou por entidade autorizada en virtude de acordo adoptado polos seus órganos de goberno.

No non previsto polas presentes normas reguladoras estarase ao disposto polas normas de uso colectivo das instalacións deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia, en especial o Decreto 103/2005 de 6 de maio, prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, se as houbera, e normativa municipal que puidera ser de aplicación.

##### **Artigo 2.-**



Serán obxectivos prioritarios para o Concello de Teo na xestión das instalacións deportivas da súa titularidade e, en particular, das reguladas no presente documento:

- a) Fomentar a práctica do deporte e a educación física na poboación, con especial atención na procura do desenvolvemento integral da persoa, así como contribuír á creación de hábitos de vida saudables.
- b) Achegar a práctica da actividade deportiva aos escolares do municipio a través do desenvolvemento e oferta de programas deportivos.
- c) Promover cursiños de natación dirixidos aos veciños e veciñas do concello nos niveis de iniciación e perfeccionamento.
- d) Facilitar a práctica deportiva naquelas especialidades que poidan ser practicadas nas instalacións da Piscina Municipal cuberta de A Ramallosa e nas piscinas descubertas de Os Tilos e A Insua (Luou), tales como natación, pádel, musculación, aerobio, exercicios cardiovasculares, pilates, sauna e todos aqueles susceptibles de ser practicados nas ditas instalacións.

## **Capítulo 2. Acceso ás instalacións**

### **Artigo 3.-**

1. As instalacións deportivas das piscinas municipais están ao dispor de todos os cidadáns e cidadás do concello de Teo que pretendan realizar algunha das actividades deportivas que nelas se poidan practicar, de acordo co previsto neste regulamento.
2. O acceso ás instalacións pódese realizar baixo calquera das seguintes modalidades.

- a) Abonados: Coa condición de abonado, pódese ter acceso a calquera das piscinas municipais e á práctica de calquera das especialidades deportivas desenvolvidas nos seus recintos, con apoio de monitor ou monitora especializado, e a todos os espazos de uso libre, sen outra limitación que o tempo que se puidera fixar para actividades concretas.

Poderán ser establecidos diversos tipos de abonos en función de tempo, unidade e extensión familiar, bonificacións especiais, etc.

- b) Abonados de verán: Este tipo de abonados terán acceso a calquera das piscinas municipais descubertas sen limitación de tempo nin de sesións durante o período no que as piscinas descubertas permanezan abertas.



- c) *Asistente a cursiños: Teñen esta condición as persoas inscritas nalgún curso, que unicamente poderán facer uso das instalacións nas que se desenvolva a actividade solicitada e polo tempo de duración desta, agás sexan tamén abonados/as.*
- d) *Entradas libres: Entradas puntuais nas instalacións, pagando o custo da entrada no momento do acceso. Os beneficiarios/as das entradas libres poderán facer uso de todas as zonas de acceso libre, sen apoio personalizado de monitor especializado/a e con uso restrinxido en función da ocupación da instalación en cada momento.*
- e) *Colectivos e grupos organizados: Mediante o alugueiro total ou parcial da instalación, previa autorización do concello ou da empresa xestora no seu caso.*

#### **Artigo 4.-**

1. *Requirimentos para adquirir a condición de abonado/a, abonado/a de verán e asistente a cursiños:*
  - *Cumprimentar en todos os seus apartados a folla de inscrición.*
  - *Presentar no momento da inscrición o DNI. No caso de tratarse dun abono familiar, aportarase a totalidade dos DNI dos membros da unidade familiar e o Libro de Familia ou documento que acredite a unidade familiar, sexa esta de dereito ou de feito.*
  - *Entregar documento acreditativo da titularidade da conta bancaria.*
2. *Requirimentos para adquirir unha entrada libre.:*
  - *Cumprimentar os datos básicos da folla de inscrición identificándose co DNI*
3. *Requirimentos para o alugueiro total ou parcial dunha instalación ou espazo*
  - *O alugueiro total ou parcial tan só poderá ser solicitado por colectivos, asociacións ou grupos legalmente constituídos e que teñan o seu domicilio social no concello de Teo, circunstancias que deberán ser acreditadas documentalmente.*
  - *A solicitude de alugueiro deberá ser presentada no concello ou nas oficinas da empresa xestora, segundo o caso, e nela deberá constar a finalidade do*



*alugueiro, o período solicitado, a actividade a desenvolver e o número aproximado de participantes na actividade.*

- *Una vez concedida a autorización, esta será firme no momento en que se acredite ter satisfeitas as taxas correspondentes.*

4. *As persoas empadroadas no concello de Teo deberán acreditar este extremo mediante a correspondente certificación expedida polo concello.*

5. As persoas usuarias das instalacións deberán cumprir coas normas de uso de cada un dos espazos de uso deportivo das instalacións, así como das zonas comúns, respectando os límites de idade establecidos para cada un deles.

6. O persoal responsable das instalacións poderá solicitar a identificación dos usuarios/as, mediante a presentación do DNI ou documento suficiente que acredite a personalidade, por motivos de seguridade. A negativa a identificarse poderá ser causa de que lles sexa denegado o acceso ás instalacións.

#### **Artigo 5.-**

Os veciños e as veciñas do concello de Teo terán preferencia sobre os de calquera outro concello na adquisición da condición de usuarios das instalacións obxecto deste regulamento. A estes efectos habilitarase, para os abonados e abonados de verán, un prazo de inscrición para empadroados no concello de Teo e outro posterior para non empadroados ata completar o aforo máximo permitido.

Unha vez rematado o período inicial de inscrición, crearanse listas de agarda, se fose necesario, para o acceso ás instalacións na modalidade de abonado, tendo preferencia nelas os solicitantes empadroados no concello de Teo.

#### **Artigo 6.-**

1. Para o acceso ás instalacións baixo a modalidade entrada libre deberán obterse as entradas correspondentes nos lugares de venda das mesmas habilitados nas propias instalacións.
2. O acceso baixo a modalidade de abonado ou abonado de verán farase previa exhibición do carné correspondente ou validación de tarxeta nos dispositivos correspondentes, de ser o caso. A posesión destas credenciais presupón o



correcto abono das cotas correspondentes, perdendo a súa condición de abonado no momento en que o pago destas cotas se interrompe.

3. Por motivos de seguridade e dadas as características das instalacións, poderán ser fixadas determinadas limitacións de uso en función das idades dos potenciais usuarios, así como para o acceso a determinadas instalacións.
4. Con carácter xeral, os menores de 8 anos deberán estar acompañados por un adulto durante o uso libre do vaso da piscina. Os usuarios maiores de 8 anos e menores de 16 que saiban nadar, poderán entrar sen acompañante cun consentimento por escrito asinado polo pai, nai ou titor ou titora, que quedará depositado na instalación e servira de autorización permanente.
5. As persoas que acudan ás instalacións na súa condición de participantes en cursiños ou con motivo de alugueiro das instalacións, tan so poderán permanecer nos recintos polo tempo de duración da actividade na que participan ou polo tempo estipulado no alugueiro temporal das mesmas.
6. O dereito de acceso ás instalacións interrómpeuse no mesmo momento en que se produce o impago das taxas que dan acceso ás instalacións, calquera que sexa a modalidade de pagamento ou a modalidade de acceso.
7. No suposto de acceso ás instalacións de grupos de escolares, estes deberán estar en todo momento acompañados por persoal do centro educativo, que será o responsable de manter a orde entre os membros do grupo, tanto na zona de vasos como nos vestiarios, así como do uso adecuado das instalacións.

### **Artigo 7**

As persoas acollidas ao abono de tarifa superreducida poderán acceder ás instalacións entre as 07:15 e as 15:00 de luns a venres. Os sábados, domingos e festivos poderán entrar en todo o horario de apertura.

Os abonos de tarifa superreducida non terán limitacións horarias nas piscinas de verán.

## **Capítulo 3. Normas xerais de funcionamento**

### **Artigo 8.-**

1. O horario de apertura das instalacións cumprirá os seguintes criterios:
  - a. Piscina cuberta:





Estará aberta un mínimo de 85 horas semanais durante todo o ano, a excepción dos meses de xullo e agosto nos que poderá reducirse ata un mínimo de 65 horas. En calquera caso, a piscina abrirá todos os días da semana incluídos festivos, aínda que o faga en horario reducido, a excepción dos días completos de Nadal, Ano Novo, Reis e Día de Galicia. Os días 24 e 31 de decembro e o 5 de xaneiro, as instalacións pecharán ás 14,00h.

O horario para o período anual será fixado polo Concello de Teo atendendo ás necesidades do servizo, e poderá ser obxecto de modificación, excepcionalmente, no curso do período anual. O horario ou calquera modificación que nel se produza deberá ser notificado aos usuarios coa antelación suficiente.

b. Piscinas descubertas:

Os Tilos: Do 15 de xuño ao 15 de setembro, de 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 21:00h.

A Insua (Luou): Do 15 de xuño ao 15 de setembro

Luns a venres, de 16:00 a 21:00h

Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 21:00h.

2. A distribución do espazo dispoñible nas piscinas, tanto para uso libre como para cursos, estará reflectida nos cadrantes de utilización. Estes cadrantes indicarán en todo momento os usos reais das instalacións e poderase proceder á súa modificación cando por razóns organizativas se estime conveniente.
3. Nas piscinas, a utilización que se determine das estaxes, tanto de uso libre como de uso para cursos, farase en función da demanda existente, e poderán ser de nado lento, nado rápido, nado con aletas, nado de recreo, adestramento ou estaxes reservadas para asistentes a cursiños.
4. A piscina municipal permanecerá pechada ao público durante os días que cada ano resulten necesarios para realizar os labores de limpeza xeral, desinfección e desinsectación con produtos autorizados (preferentemente nos meses de menor ocupación da piscina), ou cantas veces sexan requiridos ditos labores polas autoridades sanitarias nos termos previstos no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia. Este peche será anunciado oportunamente e coa antelación suficiente que as circunstancias permitan e, por



estar contemplado no prezo de abono, non dará dereito a compensación algunha.

5. Por esixencias técnicas, poderase pechar parcialmente ou impedir o acceso a determinadas partes das instalacións.

#### **Artigo 9.-**

1. A capacidade máxima de usuarios simultáneos das piscinas será a seguinte:
  - a. Piscina cuberta de A Ramallosa: 271 persoas
  - b. Piscina de Luou: 500 persoas
  - c. Piscina de Os Tilos: 500 persoas
2. O aforamento do ximnasio virá determinado polo número de aparellos e ás rotacións que se programen polo monitor ou encargado.
3. A capacidade das salas de usos múltiples se determinará en función das actividades que se programen nelas.

#### **Artigo 10.-**

1. A utilización dos vestiarios será determinada pola dirección das instalacións. Para tal efecto, cursaranse as instrucións oportunas ao persoal dos centros co obxecto de que cada colectivo utilice o espazo que teña reservado.
2. Con carácter xeral, non se permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian facer uso das instalacións, con excepción dos acompañantes de persoas que pola súa idade ou condicións, non sexan capaces de se espir nin de se vestir de xeito autónomo.
3. Os nenos e nenas de 6 anos e menos, poderán utilizar indistintamente calquera vestiario en función do sexo dos adultos que os acompañen.
4. O acceso aos vestiarios dos grupos de escolares realizarase sempre acompañados dun responsable da ANPA ou do centro educativo.
5. No interior dos vestiarios está prohibido, por motivos de seguridade, o uso de aparellos eléctricos como secadores, máquinas de barbear, etc., agás os que puidera haber nas propias instalacións.
6. Nos vestiarios non se permitirá realizar outras accións de hixiene persoal que non sexan as derivadas da propia práctica deportiva.



### **Artigo 11.-**

1. Nas instalacións deportivas da piscina cuberta de A Ramallosa haberá a disposición dos usuarios/as armarios de gardarroupa, non estando permitido deixar fora de tales armarios utensilios ou prendas por parte dos usuarios.
2. Os usuarios que fagan uso destes armarios deberán deixalos baleiros ao remataren a súa actividade.
3. Non está permitido gardar un armario para uso persoal. Os armarios que permanezan pechados ao final de cada xornada serán abertos polo persoal do centro e o seu contido depositado na zona de recepción durante un prazo máximo de 15 días naturais. Transcorrido este prazo, os obxectos non reclamados polo seus propietarios serán entregados á policía municipal que os custodiará, dándolles o destino que proceda segundo a normativa vixente.
4. O Concello de Teo ou, se é o caso, a empresa concesionaria do servizo non se responsabiliza dos obxectos substraídos, extraviados, cambiados ou estragados dentro das instalacións, mesmo nos armarios.

## **Capítulo 4. Normas de uso das instalacións**

### **Artigo 12.-**

O persoal das instalacións, que estará sempre identificado, será o responsable de facer cumprir a todos os usuarios as normas de uso de cada instalación e poderá, se é o caso, expulsar do recinto a quen incumpra o disposto no presente regulamento e en cantas normas fosen de aplicación e obrigado cumprimento.

### **Artigo 13.-**

1. Con carácter xeral, e de aplicación en todos os recintos deportivos obxecto deste regulamento establécense as seguintes normas:
  - a. Deberanse respectar en todo momento os espazos reservados aos diferentes usos da instalación deportiva.
  - b. Non está permitido comer nin fumar en todo o recinto, nin utilizar envases de vidro.
  - c. Todo usuario está obrigado a velar polo bo estado de conservación das instalacións e, polo tanto, impedirá ou denunciará todos os comportamentos que supoñan un deterioro das instalacións ou dos



servizos e advertirá aos responsables da instalación das anomalías observadas nas instalacións, o seu mobiliario o no material de uso destas.

- d. O acceso ás zonas de uso deportivo tan só estará permitido cando se utilice roupa e calzado deportivo.
- e. Os e as matriculados nun curso accederán ás instalacións con unha antelación máxima de quince minutos antes do comezo da actividade e permanecerán sen facer uso das instalacións ata a chegada do monitor, que será quen determine o comezo da actividade.
- f. Para acadar uso óptimo das instalacións e promover a práctica de condutas ambientalmente sostibles, o tempo de utilización das duchas será o estritamente necesario.
- g. Os usuarios estarán obrigados a utilizar as papeleiras e os colectores de lixo, comprometéndose a manter limpas as instalacións.
- h. Non está permitido o acceso ás instalacións con animais, agás cans guía.
- i. Recoméndase a todos os usuarios que se sometan a un recoñecemento médico previo á práctica deportiva, en especial a todos aqueles que permanecesen inactivos durante un período prolongado de tempo, aos que padezan algunha enfermidade de carácter crónico ou aqueles que presenten antecedentes médicos que así o recomenden.
- j. Todo accidente que se produza no interior das instalacións deberá ser comunicado ao persoal responsable das mesmas antes de abandonar o recinto. O Concello de Teo ou, no seu caso, a empresa concesionaria, disporá dun seguro de responsabilidade civil derivada da súa actividade.

2. Nas piscinas deberán cumprirse as seguintes normas:

- a. Os usuarios/as deberán facer uso obrigatorio de roupa de baño e gorro.
- b. Durante a permanencia nos vestiarios, aseos, duchas e praias das piscinas, é obrigatorio o uso de zapatillas de baño.
- c. Antes de acceder ás piscinas é obrigado someterse a unha ducha.
- d. Non está permitida a realización de prácticas perigosas nin xogos tales como correr, apneas prolongadas, mergullarse violentamente, tirar



obxectos, etc. e, en xeral todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o normal desenvolvemento das actividades programadas.

- e. Prohíbese o uso de aletas, pas, colchóns, lentes de cristal ou calquera outro elemento que poida danar ou molestar aos usuarios, agás nas estaxes e nos horarios que poidan ser habilitados a tales efectos.
- f. Recoméndase aos usuarios, antes de acceder ás piscinas, que soliciten información ao persoal das mesmas da profundidade do vaso da piscina antes de facer uso da mesma, coa finalidade de evitar accidentes.
- g. Deberán respectarse en todo momento as instrucións do socorrista da piscina. O non cumprimento desta obriga, así como o comportamento inadecuado poderá supoñer a expulsión do recinto do infractor.
- h. A utilización das estaxes de nado libre estará sempre condicionada polo nivel de nado dos usuarios e, sempre que así o estimen necesario os responsables da piscina poderanse dispoñer estaxes de nado rápido, nado lento, ou outros usos. En último caso, as indicacións do socorrista poderán condicionar a obrigatoriedade de desprazarse a unha estaxe determinada en función das capacidades dos usuarios.
- i. É obrigado nadar sempre pola dereita da estaxe que se está a utilizar.
- j. Se fose preciso algún elemento de axuda na aprendizaxe da natación, e sempre que o nivel de competencia permita o nado sen supervisión directa de monitor, poderá ser solicitado ao socorrista, devolvéndoo con posterioridade ao seu uso ao lugar habilitado a tal efecto.
- k. Prohíbese lixar a auga con prácticas antihixiénicas, así como acceder á piscina cuberta con maquillaxes ou cremas, aceites ou cosméticos de calquera natureza.
- l. As persoas que padezan ou teñan sospeita de padecer algunha enfermidade infecto contaxiosa, especialmente cutánea, non poderán acceder ao uso das piscinas, agás certificado médico que acredite que a súa doenza non supón risco de contaxio para os demais usuarios da instalación.
- m. O material é de uso exclusivo para os cursiños
- n. Non está permitido o acceso nin a permanencia na praia da piscina con roupa de rúa.



3. Nas piscinas descubertas deberán gardarse as seguintes normas:
  - a. Non se gardarán hamacas nin cadeiras particulares na instalación. As hamacas serán utilizadas polos usuarios/as por orde de chegada, non se farán reservas previas e só se poden colocar na zona de céspede. Unha vez utilizadas deberán devolverse ao seu sitio, sempre antes de abandonar a instalación.
  - b. Os nenos e nenas menores de 8 anos deberán estar acompañados por un adulto durante o uso libre do vaso da piscina. Os usuarios/as maiores de 8 anos e menores de 16 que saiban nadar, poderán entrar sen acompañante, cun consentimento por escrito asinado polo pai, nai ou titor ou titora, que quedará depositado na instalación e servirá de autorización permanente.
  - c. En caso de permanecer pechada a instalación por adversidades meteorolóxicas, os abonados/as poderán facer uso da piscina cuberta de A Ramallosa. En caso de permanecer pechada a instalación pola mañá, por choiva, abrirase pola tarde se escampa.
  - d. Para o préstamo das palas de ping-pong será necesario entregar o carné de usuario/a ou documento identificativo, que será devolto cando se entreguen de volta.
  
4. Nas salas de exercicios cardiovascular e de actividades varias, deberán gardarse as seguintes normas:
  - a. É obrigatorio o uso de toalla, que se colocará sobre ás máquinas ou aparellos coa finalidade de que non entren en contacto co suor.
  - b. Deberase usar calzado e roupa deportivos axeitada á actividade a desenvolver. No caso do calzado, este non poderá ser o mesmo que se trae dende o exterior das instalacións.
  - c. Deberase facer un uso correcto das máquinas, non manipulando as mesmas inadecuadamente. En caso de dúbida, deberase consultar con un monitor.
  - d. Por motivos de saúde, prohibese a entrada nas salas de exercicios de fitness, cardiovascular e musculación, se as houbera, aos menores de 14 anos. Entre os 14 e os 16 anos, tan so poderán facer uso delas en horarios nos que estea presente un monitor e sempre baixo a súa



- supervisión. Neste suposto deberán acreditar a autorización dalgún dos proxenitores ou dun titor mediante a correspondente autorización por escrito.
- e. O uso libre dos aparellos estará supervisado por un monitor, mentres que nas actividades dirixidas, será o monitor quen lles asigne os aparellos aos usuarios e o tempo de utilización.
  - f. As salas de usos múltiples tan so poderán ser usadas para a realización de actividades con monitor/a.
  - g. Finalizada a actividade, deberase abandonar a sala.
  - h. Non se permite a entrada ás salas con mochilas, comida ou envases de vidro.
  - i. O tempo máximo de utilización das máquinas de exercicios cardiovasculares, será de 20 minutos, debendo deixar libre a máquina transcorrido este tempo.
5. Para o uso das salas de sauna e baños de vapor, deberán terse en conta as seguintes recomendacións:
- a. Non e recomendable a utilización dos baños de vapor ás persoas que padezan hipotensión, hipertensión, cardiopatías, feridas abertas, infeccións xerais con febre (víricas e bacterianas: gripe, arrefriados), doenzas infecciosas (fungos, otite...), embarazo, hipertiroidismo, glaucoma, cataratas, tumores, incontinencia de esfínteres, psicopatías graves, durante a menstruación, epilepsia grave, tuberculose e enfermidades severas da pel coma psoriase, dermatite, etc.
  - b. É recomendable tomar a sauna ou o baño de vapor despois dun esforzo, por exemplo, despois de facer deporte. Pero deberase descansar entre 15 e 30 minutos para que o organismo presente unha mellor reacción diante do calor.
  - c. Se transcorreu moito tempo dende a última comida, deberase inxerir un pouco de pan ou doce para evitar a hipoglucemia.
  - d. As persoas con pes fríos, deberán introducilos en auga quente durante 4-5 minutos previa a súa entrada na sauna.
  - e. Durante a súa estadía na sauna, deberase respirar pola boca, non polo nariz, non beber nin comer, non realizar traballos musculares e evitar



falar, pola incidencia que tales accións poden ter sobre a respiración e circulación, xa de por si aumentadas.

- f. Se nota algunha molestia ou malestar, deberá abandonar a sauna de inmediato, informando ao persoal da instalación.
  - g. Transcorridos 8-12 minutos no interior da cabina, é normal que o corpo sinta a necesidade de refrixerarse. E nese intre debese abandonar a cabina, sen tomar en consideración se se suou o suficiente ou non.
  - h. Antes de abandonar a cabina, os usuarios que optaran por estar deitados na cabina deberanse sentar cos pes colgando no banco para que a circulación se adapte de novo á posición vertical.
  - i. Ao saír da cabina é aconsellable ducharse en auga morna, repousar durante 10 minutos e se se desexa, volver a repetir o proceso unha vez mais. Rematada esta segunda queda, recoméndase saír definitivamente.
6. Á marxe destas recomendacións, no uso das saunas e baños de vapor, serán de observancia obrigada as seguintes normas:
- a. Antes de entrar nas cabinas é obrigado ducharse previamente
  - b. Non está permitida a entrada aos menores de 18 anos.
  - c. E obrigatorio ao entrar na cabina facelo con zapatillas de ducha.
  - d. Non esta permitida a entrada nas cabinas con algún tipo de roupa, agás a propia de baño, así como con lentes, xoias, obxectos metálicos, electrónicos ou de vidro.
  - e. No interior das cabinas non está permitido comer nin beber.
  - f. Deberase manter un comportamento decoroso en todo momento.
  - g. Non está permitido afeitarse, depilarse, tinguirse ou outras accións de hixiene persoal no interior das cabinas.
  - h. E obrigatorio o uso de toalla na cabina para secar o suor.
  - i. Non está permitido botar máis de dous cazos de auga simultaneamente na fonte de calor, así como ningún tipo de produto distinto á auga, como ambientadores, aceites, etc.

7. Para o uso das pistas de pádel, deberán ser tidas en conta as seguintes normas:





- a. Tan só estará permitido o acceso ás pistas usando calzado e roupa deportiva. O calzado non poderá ser o mesmo co que se accede dende o exterior da instalación.
  - b. O material usado para o xogo, raquetas e pelotas, será, obrigatoriamente, o regulamentario para a práctica deste deporte.
  - c. Para acceder ás pistas, será preciso ter efectuada unha reserva previa. A tal efecto, existirá un libro de reservas onde se anotarán todas as incidencias.
  - d. Para acceder ás pistas será necesario un mínimo de dous xogadores, considerándose desistida a reserva de non presentarse un mínimo de dous xogadores nos dez minutos seguintes ao comezo do seu período de reserva. Neste caso, a pista poderá ser ocupada por quen a solicitara nese momento.
  - e. Os abonados/as poderán facer a reserva de pista cunha semana de antelación como máximo. Os non abonados/as só con 24 horas de antelación.
  - f. A non comunicación da cancelación dunha reserva con un mínimo de catro horas de antelación, suporá a perda do dereito a reservar no prazo dunha semana a contar dende a data do incumprimento.
  - g. O período máximo de utilización continuada dunha pista será dunha hora.
  - h. Un mesmo usuario no poderá efectuar máis de dúas reservas semanais, agás que houbera horas non reservadas.
  - i. Os menores de 12 anos tan só poderán acceder ás pistas acompañados dun adulto ou con ocasión de cursiños ou competicións.
8. O Concello de Teo ou, no seu caso, a empresa concesionaria, poderá proceder ao peche das instalacións total ou parcialmente, previa comunicación aos usuarios, por razóns de mantemento, avarías ou realización de competicións.

## **Capítulo 5. Inscripcións, cursos e actividades**

### **Artigo 14.-**

1. Toda persoa que desexe inscribirse nun curso, actividade ou abono, deberá presentar a folla de inscrición debidamente cumprimentada, xunto coa documentación nela requirida e certificado de código conta cliente a efectos de



domiciliacións das cotas sucesivas se fose o caso. No caso dos menores de idade, esta documentación deberá ser aportada polo pai, nai ou titor/a.

2. As condicións, modalidades de abono, importes de matrícula, modos de pago e condicións de acceso, serán regulados mediante a publicación por parte do Concello de Teo dunha ordenanza fiscal reguladora do servizo.
3. Para darse de baixa como abonado ou asistente a un cursiño, será necesario comunicalo por escrito ao Concello de Teo ou, no seu caso, á empresa concesionaria antes do día 20 do mes anterior ao que se produce a baixa. Una vez cursada a baixa, para causar nova alta deberán iniciarse a totalidade dos trámites, incluído o pago de matrícula se fose preceptiva.
4. Calquera solicitude de cambio horario, de grupo, etc. cando se trate de actividades regradas, deberá ser solicitado por escrito e non será efectivo en tanto non sexa comunicada a aceptación do cambio polo persoal do centro.
5. Haberá unha semana cada trimestre de “portas abertas” para que os familiares poidan ver a evolución dos nenos e nenas nos cursiños. Esta semana será anunciada con antelación suficiente no taboleiro das instalacións, así como nas redes sociais.
6. O acceso a zona funcional (cross force e trx) e de peso libre (situada na sala multideporte) será libre, agás na zona funcional nas horas nas que estean programados cursos que terán uso exclusivo da zona e do material.
7. Nas actividades de sala existirán dúas modalidades:
  - Tarifa plana de actividades de sala: Inclúe todas as actividades, agás as de grupos reducidos. Os usuarios/as non teñen a praza en propiedade.
  - Tarifa grupos reducidos: Actividades regulares con prazas limitadas nas que os usuarios/as teñen a súa praza en propiedade e teñen un obxectivo de progresión e mellora das capacidades técnicas e/ou físicas.

O número e o horario das actividades pode variar segundo os horarios, necesidades do servizo, etc...
8. O adestramento dirixido realizarase mediante unha plataforma tecnolóxica que permite un maior uso e seguimento da instalación e dos programas dos usuarios/as, sendo un servizo alternativo e con custe adicional.

## Capítulo 6. Infraccións



### **Artigo 15.-**

1. O incumprimento do disposto neste regulamento poderá dar lugar á expulsión do recinto.
2. O incumprimento reiterado, poderá dar lugar á perda da condición de abonado ou asistente a cursiños por un período non inferior a tres meses.
3. Cumprida esta sanción, a reiteración nas condutas contrarias a este regulamento determinará a perda definitiva do dereito de acceso ás instalacións.
4. Con independencia da imposicións das sancións a que houbera lugar, se algunha infracción levase aparelado unha deterioración, rotura ou estrago dalgún elemento das instalacións deportivas, o infractor deberá aboar o importa das reparacións ou reposicións de materiais que se tiveran que realizar.
5. Para todos os efectos, terán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos as entidades organizadoras da actividade ou, se é o caso, aquelas que efectuasen o alugueiro de uso das instalacións.

### **Artigo 16.-**

Existirán, a disposición do público, follas de reclamacións e suxestións numeradas para que poidan presentarse as queixas, reclamacións e suxestións que se estimen necesarias e remitirse copia destas ao concello cando lle fose solicitado á empresa concesionaria, se a houbera.

### **DISPOSICIONS ADICIONAIS**

1. O funcionamento das piscinas municipais de titularidade municipal e as súas instalacións anexas, rexeranse polas estipulacións contidas neste regulamento na restante normativa aplicable.
2. Este regulamento poderá ser modificado, rectificado ou ampliado, previa aprobación polo órgano competente do Concello de Teo, sempre que exista causa obxectiva que o xustifique.

### **DISPOSICIONS FINAIS**

1. Correspóndelle ao Concello de Teo a interpretación das normas deste regulamento, que poderá ditar as normas necesarias para a súa aplicación.
2. En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o presente regulamento entrará en vigor



unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.

## **6.- DITAME DA PROPOSTA CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE RECLAMACIÓN POLAS ACTUACIÓN S DA “SOCIEDADE ESTATAL CORREOS E TELÉGRAFOS. SOCIEDADE ANÓNIMA”, OPERADORA DESIGNADA POLO ESTADO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO POSTAL UNIVERSAL.**

O sr. alcalde explica que, tal como acordou a comisión informativa de transportes, turismo, comercio e emprego de 25/01/2016, o título do ditame modificouse con respecto a proposta inicial, pasando de proposta da alcaldía a proposta conxunta dos grupos municipais, mantendo o contido da proposta sen variar.

A continuación dese conta da proposta conxunta dos grupos municipais que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola de comisión informativa de transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de xaneiro de 2016.

### **“PROPOSTA CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS**

#### ***Reclamación polas actuacións da “Sociedade Estatal Correos e Telégrafos. Sociedade Anónima”, operadora designada polo Estado para a prestación do servizo postal universal***

*No Pleno do mes de setembro pasado, celebrado o día 24, o grupo municipal do BNG presentou unha moción para demandar que Correos adoptase as medidas necesarias para ofrecer un servizo de calidade aos veciños/as de Teo, moción que foi aprobada unanimemente, e na que especificamente se solicitaba:*

*Instar á Xunta de Galiza a que demandase do goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a restablecer a situación do servizo postal no Concello de Teo e garantir o reparto na periodicidade adecuada*

*Demandar a cobertura de vacantes nos cadros de persoal de Correos para resolver os problemas que se producen diariamente no servizo postal de Teo, e garantir a atención ao público na oficina dos Tilos*

*A resposta recibida da Subdirección Xeral do Réxime Postal deriva cara a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia a reclamación para restablecer o servizo no concello e garantir*



*o reparto coa periodicidade adecuada, ao tempo que, con respecto á demanda da cobertura de vacantes do persoal de Correos e garantir a atención ao público na oficina de Os Tilos, trala consulta coa Sociedade Estatal, informa que:*

*En cuanto al sistema de cobertura de puestos, decir que éste se realiza atendiendo a razones de necesidad operativa o de servicio, sin que ello suponga pérdida de calidad alguna en la entrega de envíos*

*(.../...) Por último significar que no constan deficiencias ni anomalías en el servicio de distribución en dicho entorno, y que de haberse producido algún retraso en la recepción de la correspondencia se trataría en cualquier caso de hechos puntuales.*

*Tendo en conta que os problemas denunciados na moción do BNG non se solucionaron, senón que ademais se agravaron significativamente nos últimos meses, nos que se presentaron denuncias veciñais nas que se constata que a oficina dos Tilos permaneceu pechada a finais de novembro arredor de quince días, sen aviso previo, citando alí á xente para a recollida de certificados en días que non estivo aberta, causando, en definitiva, unha chea de trastornos ás persoas usuarias da oficina.*

*Tendo en conta ademais que o concello non foi informado en ningún momento desta incidencia e que a xustificación do peche dada por Correos é a baixa inesperada dun traballador, cuestión que pode volver producirse calquera día provocando a mesma disfunción*

*E dado que os propios traballadores de Correos transmiten socialmente o obxectivo empresarial de peche da oficina de Os Tilos*

*O Pleno Municipal do Concello de Teo ACORDA:*

***Reclamar á Subdirección Xeral do Réxime Postal, á “Sociedade Estatal Correos e Telégrafos. Sociedade Anónima” (operadora designada polo Estado para a prestación do servizo postal universal) e á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, que se articulen os mecanismos necesarios para garantir o permanente funcionamento da oficina dos Tilos, evitando que se produzan pechen imprevistos, ou, como mínimo, que esas incidencias inesperadas de falta de persoal se solucionen ao día seguinte.***

***Demandar que o Concello de Teo sexa directamente informado pola “Sociedade Estatal Correos e Telégrafos. Sociedade Anónima” destas incidencias que afectan ao servizo para poder colaborar na difusión dos avisos e contribuír deste xeito a evitar trastornos e traslados innecesarios dos usuarios/as do servizo.”***

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández Baz, di que estamos diante dun retroceso na prestación de servizos públicos en xeral, e



no caso do servizo de correos, é evidente no caso concreto da oficina de Os Tilos, por iso o BNG, xa en setembro de 2015, presentou unha Moción neste sentido e polo tanto está de acordo coa proposta.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que está de acordo coa proposta, e que a van a apoiar, igual que apoiaron a moción que presentara no seu día o BNG, porque a situación de Os Tilos non se pode consentir, e dende o Concello debese dar traslado das queixas dos veciños.

O portavoz do PP, sr. Guerra, di que son conscientes das incidencias que se veñen producindo nos Tilos, e polo tanto apoian a proposta.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**Reclamar á Subdirección Xeral do Réxime Postal, á “Sociedade Estatal Correos e Telégrafos. Sociedade Anónima” (operadora designada polo Estado para a prestación do servizo postal universal) e á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, que se articulen os mecanismos necesarios para garantir o permanente funcionamento da oficina dos Tilos, evitando que se produzan pechen imprevistos, ou, como mínimo, que esas incidencias inesperadas de falta de persoal se solucionen ao día seguinte.**

**Demandar que o Concello de Teo sexa directamente informado pola “Sociedade Estatal Correos e Telégrafos. Sociedade Anónima” destas incidencias que afectan ao servizo para poder colaborar na difusión dos avisos e contribuír deste xeito a evitar trastornos e traslados innecesarios dos usuarios/as do servizo.**

## **7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de transportes, comercio, turismo e emprego, D<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez.



A sra. García Vázquez da conta da proposta da alcaldía de 19 de xaneiro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 25 de xaneiro de 2016.

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Considerando que o Concello de Teo conta cunha Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por ocupación do dominio público para a venda ambulante vixente dende o 28/01/2008.*

*Considerando a necesidade de actualizar o texto da Ordenanza que na actualidade non se axeita á realidade económica do concello, debendo regular de forma mais ordenada os ingresos que se obteñen por este concepto.*

*En virtude do exposto, e de acordo co establecido nos artigos 17 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, propoño ao Pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:*

**Primeiro.**- *Aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por ocupación do dominio público para venda ambulante Concello de Teo, nos termos que se recollen a continuación:*

---

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE**

#### **Artigo 1º- Fundamento e natureza**

*No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola Utilización Privativa do Espazo Público para a Venda Ambulante, no concello de Teo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.*

#### **Artigo 2º- Feito imponible**

*Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa do dominio público para a venda ambulante.*

*Considérase venda ambulante ou non sedentaria, tal como establece o artigo 70 da Lei 13/2010, do Comercio Interior de Galicia, a realizada por persoas comerciantes, fora dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou nos lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.*



**Artigo 3º- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

**Artigo 4º- Responsables**

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

**Artigo 5º- Cota tributaria. Tarifas**

Mercados periódicos ou eventuais, venda en enclaves illados ou venda itinerante (en días soltos)	0,4 € m <sup>2</sup> /día	
Mercados semanais periódicos	4,8 € m <sup>2</sup> /trimestre (incluídos, ademais os ocasionais no mesmo período, sempre que a natureza do mercado sexa compatible) O devengo poderá ser anual cando a actividade sexa exercida todo o ano, puidendo satisfacer o pago dos catro trimestres por adiantado	
Camións-tenda	10 € m <sup>2</sup> /trimestre O devengo poderá ser anual cando a actividade sexa exercida todo o ano, puidendo satisfacer o pago dos catro trimestres por adiantado.	
Feira de San Martiño	Carpas para a venda do polbo ou churrasco	1,8 €/m <sup>2</sup> – por feira
	Postos de venda en xeral	4 €/m <sup>2</sup> – por feira (cun importe mínimo de 20 €/posto)

Para a determinación da superficie a ocupar terase en conta a colocación de toldos, separadores e outros elementos auxiliares, a fin de computar o perímetro total de ocupación.

**Artigo 6º- Exencións.**

Quedarán exentos do pago desta taxa:

- a) Produtores labregos, para a venda de excedentes da horta (actividade regulada polo Decreto 125/2014, de 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda de produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final.
- b) Actividades desenvolvidas por organizacións sen ánimo de lucro.





- c) *Postos que participen nos eventos esporádicos que determine o concello , en concreto, as festas estacionais do mercado labrego dos Tilos e os mercados ocasionais organizados por este noutras parroquias, e co fin de mellorar a oferta de produtos.*
- d) *Actividades comerciais realizadas en espazos de titularidade non municipal.*

#### **Artigo 7º- Período impositivo e devengo**

*A taxa devegarase cando se inicie o aproveitamento , momento que, a estes efectos, enténdese que coincide co da concesión da autorización.*

*Cando a taxa teña natureza periódica, devengarase ao inicio do trimestre (primeiro de xaneiro, abril, xullo ou setembro) ou do ano natural.*

*Nos casos de inicio ou cesamento do aproveitamento do dominio público local, procederá aplicar o prorrateo mensual correspondente ao período real de ocupación.*

*Nas autorizacións para o exercicio de venda ambulante fora das feiras e mercados, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na autorización municipal.*

*Así mesmo, no suposto de devengo puntual para exercer a actividade de venda dentro dos mercados ou feiras, o período impositivo será aquel para o que se solicite a utilización privativa do dominio público local.*

#### **Artigo 8º- Réxime de declaración e ingreso**

3. *As cantidades esixibles conforme ás tarifas previstas no artigo 6 desta ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.*
4. *O ingreso da taxa realizarase:*
- Tratándose de autorizacións para o exercicio da venda ambulante en feiras e mercados periódicos organizados, unha vez notificada a alta no padrón correspondente, e no caso de prórroga da autorización, por anos naturais no lugar e forma que se estableza e que se notificará mediante edictos.*
  - Tratándose de autorizacións para o exercicio da venda ambulante fora das feiras e mercados periódicos organizados, os solicitantes presentarán a autoliquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota no momento de presentar a correspondente solicitude.*
  - Cando, existindo autorización, non sexa efectiva a ocupación por causa imputable ó suxeito pasivo, non procederá a devolución da taxa, agás nos supostos de cese de actividade debidamente acreditada en forma e prazo.*

#### **Artigo 9º- Infraccións e sancións**

*En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas, en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.*

#### **Disposición adicional primeira.-**



*As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra Lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.*

***Disposición adicional segunda.-***

*As cotas tributarias fixadas no artigo 6 da presente ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ao Consumidor que sinale o Instituto Nacional de Estadística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre por exceso ou por defecto, á centena superior ou inferior.*

***Disposición derogatoria.-***

*A partires da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará automaticamente derogada a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por ocupación do dominio público con postos e casetas para a venta ambulante vixente ata agora no concello de Teo.*

***Disposición final.-***

*A presente Ordenanza fiscal manterá a súa vixencia a partires da publicación do seu texto íntegro no BOP de forma indefinida, en tanto non sexa modificada ou derogada.*

---

**Segundo.-** *Derogar a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por ocupación do dominio público con postos e casetas para a venta ambulante que estivo vixente neste concello dende o 28/01/2008 ata a actualidade.*

**Terceiro.-** *Remitir o presente acordo ao BOP a efectos da súa exposición pública por prazo dun mes, así como a un diario dos de maior tirada da provincia, para que os interesados poidan prantexar reclamacións ou suxestións.*

*Se, transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación do seu texto íntegro.*

*Contra a Ordenanza Fiscal unicamente caberá recurso contencioso-administrativo”*

A sra. García explica as diferenzas que existen entre a nova Ordenanza que se propón con relación á Ordenanza vixente.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández Baz, pregunta se houbo xuntanzas cos sectores afectados, tanto cos que se dedican á veta ambulante como coas persoas que organizan a feira do San Martiño.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que apoian a proposta, e pon de manifesto que no segundo paragrafo do artigo 7, da Ordenanza fiscal ditaminada, existe un erro ao establecer os meses nos que se deberá abonar a taxa, xa



que se citan os meses de xaneiro, abril, xullo e setembro cando en realidade son os meses de xaneiro, abril, xullo e outubro, e pide que se corrixa ese erro.

O portavoz do PP, sr. Guerra, di que neste punto non teñen nada que engadir.

Intervén a sra. García, para explicar se mantiveron reunións con distintos colectivos afectados, cos produtores que fan venda directa e cos representantes da asociación galega de vendedores ambulantes, e todos están de acordo coas novas taxas que son mais moderadas, e no caso concreto dos produtores, que teñen a actividade como complementaria e non de xeito profesional, creouse a exención que foi consensuada cos afectados.

O sr Fernández, di que lle parece correcto que se mantiveran eses contactos cos colectivos implicados e aproveita para pedir que se apoie o *mercadillo* que se ven celebrando en Cacheiras dende fai bastante tempo, polo que reclama que dende o Concello se adopten medidas de apoio.

A portavoz do PdeG-PSOE, sra. Lemus e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por ocupación do dominio público para venda ambulante Concello de Teo, nos termos que se recollen a continuación:**

---

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE**

**Artigo 1º- Fundamento e natureza**



No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola Utilización Privativa do Espazo Público para a Venda Ambulante, no concello de Teo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

#### Artigo 2º- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa do dominio público para a venda ambulante.

Considérase venda ambulante ou non sedentaria, tal como establece o artigo 70 da Lei 13/2010, do Comercio Interior de Galicia, a realizada por persoas comerciantes, fora dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou nos lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.

#### Artigo 3º- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

#### Artigo 4º- Responsables

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

#### Artigo 5º- Cota tributaria. Tarifas

Mercados periódicos ou eventuais, venda en enclaves illados ou venda itinerante (en días soltos)	0,4 € m <sup>2</sup> /día
Mercados semanais	4,8 € m <sup>2</sup> /trimestre (incluídos, ademais os ocasionais no mesmo período, sempre que a natureza do mercado sexa compatible) O devengo poderá ser anual cando a actividade sexa



	exercida todo o ano, puidendo satisfacer o pago dos catro trimestres por adiantado	
<b>Camións-tenda</b>	<b>10 € m<sup>2</sup>/trimestre</b> O devengo poderá ser anual cando a actividade sexa exercida todo o ano, puidendo satisfacer o pago dos catro trimestres por adiantado.	
<b>Feira de San Martiño</b>	<b>Carpas para a venda do polbo ou churrasco</b>	<b>1,8 €/m<sup>2</sup> – por feira</b>
	<b>Postos de venda en xeral</b>	<b>4 €/m<sup>2</sup> – por feira (cun importe mínimo de 20 €/posto)</b>

Para a determinación da superficie a ocupar terase en conta a colocación de toldos, separadores e outros elementos auxiliares, a fin de computar o perímetro total de ocupación.

#### Artigo 6º- Exencións.

Quedarán exentos do pago desta taxa:

- e) Produtores labregos, para a venda de excedentes da horta (actividade regulada polo Decreto 125/2014, de 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda de produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final.
- f) Actividades desenvolvidas por organizacións sen ánimo de lucro.
- g) Postos que participen nos eventos esporádicos que determine o concello, en concreto, as festas estacionais do mercado labrego dos Tilos e os mercados ocasionais organizados por este noutras parroquias, e co fin de mellorar a oferta de produtos.
- h) Actividades comerciais realizadas en espazos de titularidade non municipal.

#### Artigo 7º- Período impositivo e devengo

A taxa devegarase cando se inicie o aproveitamento, momento que, a estes efectos, enténdese que coincide co da concesión da autorización.

Cando a taxa teña natureza periódica, devengarase ao inicio do trimestre (primeiro de xaneiro, abril, xullo ou setembro) ou do ano natural.

Nos casos de inicio ou cesamento do aproveitamento do dominio público local, procederá aplicar o prorrateo mensual correspondente ao período real de ocupación.



**Nas autorizacións para o exercicio de venda ambulante fora das feiras e mercados, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na autorización municipal.**

**Así mesmo, no suposto de devengo puntual para exercer a actividade de venda dentro dos mercados ou feiras, o período impositivo será aquel para o que se solicite a utilización privativa do dominio público local.**

#### **Artigo 8º- Réxime de declaración e ingreso**

**5. As cantidades esixibles conforme ás tarifas previstas no artigo 6 desta ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.**

**6. O ingreso da taxa realizarase:**

- Tratándose de autorizacións para o exercicio da venda ambulante en feiras e mercados periódicos organizados, unha vez notificada a alta no padrón correspondente, e no caso de prórroga da autorización, por anos naturais no lugar e forma que se estableza e que se notificará mediante edictos.**
- Tratándose de autorizacións para o exercicio da venda ambulante fora das feiras e mercados periódicos organizados, os solicitantes presentarán a autoliquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota no momento de presentar a correspondente solicitude.**
- Cando, existindo autorización, non sexa efectiva a ocupación por causa imputable ó suxeito pasivo, non procederá a devolución da taxa, agás nos supostos de cese de actividade debidamente acreditada en forma e prazo.**

#### **Artigo 9º- Infraccións e sancións**

**En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas, en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.**

#### **Disposición adicional primeira.-**

**As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra Lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.**

#### **Disposición adicional segunda.-**

**As cotas tributarias fixadas no artigo 6 da presente ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ao Consumidor que sinala o Instituto Nacional de Estatística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre por exceso ou por defecto, á centena superior ou inferior.**



**Disposición derogatoria.-**

A partires da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará automaticamente derogada a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por ocupación do dominio público con postos e casetas para a venta ambulante vixente ata agora no concello de Teo.

**Disposición final.-**

A presente Ordenanza fiscal manterá a súa vixencia a partires da publicación do seu texto íntegro no BOP de forma indefinida, en tanto non sexa modificada ou derogada.

---

**Segundo.-** Derogar a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por ocupación do dominio público con postos e casetas para a venta ambulante que estivo vixente neste concello dende o 28/01/2008 ata a actualidade.

**Terceiro.-** Remitir o presente acordo ao BOP a efectos da súa exposición pública por prazo dun mes, así como a un diario dos de maior tirada da provincia, para que os interesados poidan plantexar reclamacións ou suxestións.

Se, transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación do seu texto íntegro.

Contra a Ordenanza Fiscal unicamente caberá recurso contencioso-administrativo.

**8.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto noveno da orde do día relativo a rogos e preguntas, o Sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta aos distintos grupos se hai algunha moción de urxencia, non presentándose ningunha polos grupos municipais.

**9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández Baz, formula os/as seguintes rogos e preguntas:



1.- Pregunta o sr. Fernández polo arranxo dunha tubaxe no fondo da aldea de Bustelo, que foi solicitado polos veciños, para recoller as augas do lavadoiro e das pluviais, aclara que este tema xa o ten falado coa sra. Lemus, e quere saber como está a cuestión.

Respóndelle a sra. Lemus que foron a ver o problema que había, pero quedou pendente de que o estudaran os técnicos para dar unha solución, e de momento non se arranxou, pero que se vai retomar o tema.

2.- O sr. Fernández pregunta como está o asunto do camiño rural que vai a Teo, a altura do nº 60, ata a casa de Neira, recorda que hai un compromiso de arranxalo e quere saber cal é a situación.

A sra. Lemus di que se trata dunha obra que precisa dun orzamento importante polo que está na listaxe de camiños pendentes de arranxar, e neste momento non pode dar unha data concreta para pode incluílo, porque son moitos os camiños pendentes de arranxar e non é posible atender a todos, pero tentaran facelo en canto sexa posible, porque está moi perigoso.

O sr. Fernández pregunta se pode entender que se vai arranxar neste ano.

Respóndelle a concelleira que o intentarán.

3.- A continuación o sr. Fernández pide que se acometa a obra de saneamento en Bustelo, dende o cruce de Espasante en dirección a Recesende, porque non se pode esperar por un colector que non acaba de chegar, e non é posible seguir nesta situación.

Intervén o sr. alcalde e di que é difícil acometer as obras do colector nos próximos anos, recoñece que a zona non pode estar sen saneamento, porque afecta a unhas 500 casas coa rede feita e sen posibilidade de conexión. Engade que a idea é de asumir a execución do colector dende Espasante ata Insua, con cargo a algún plan





provincial, trasladando a depuradora provisional actual a zona entre o Aido e as proximidades do vertedoiro, construíndo unha depuradora axeitada as necesidades actuais, e que se non é posible acometer as obras na súa totalidade, faranse por partes, para o que se está facendo un estudo do custe real do proxecto, estimando que o problema podería quedar solucionado no verao do próximo ano.

O sr. Fernández ofrece para mediar ante o grupo do BNG na Deputación para que se acometa este saneamento a través de algún plan provincial e encontrar unha solución ao problema, porque se trata dunha obra imprescindible.

4.- O sr. Fernández pregunta por un expediente tramitado por infracción urbanística no lugar de Texexe, a partir dunha denuncia duns particulares, en setembro do ano pasado, e que leva a unha serie de actuacións que quere que se aclaren. Di que lle sorprende que neste mes de xaneiro aparecen noticias, en relación con este expediente, nas que se fala de probas nulas de pleno dereito e accións desmedidas de funcionarios do concello de Teo, cando o informe que emiten eses funcionarios serve para ditar, en decembro de 2015, unha Resolución da alcaldía paralizando as obras, en base a un informe do arquitecto técnico, que a súa vez se basea no informe da policía local, do que despois se di que foi feito baixo coacción e provoca que se abra un expediente informativo aos dous policías que fan ese informe. Engade o sr. Fernández que lle parece moi grave cualificar as probas de nulas de pleno dereito cando son as que basean a Resolución de paralización das obras, e polo tanto pide que se explique esa actuación e pregunta se existe un informe da secretaría municipal que avale ese expediente aberto á policía ou se foi iniciativa do alcalde.

Di o sr. Fernández que non entende que salga na prensa e nas redes sociais a información que se está publicando, por parte do alcalde e de concelleiros, e que queda abraiado cando ve afirmacións e insinuacións que deixan en evidencia á alcaldía, como que se considera inxusto o que cobra o persoal ao servizo do Concello, tendo en conta que é responsabilidade do alcalde, polo que, se considera que cobran moito, está na súa man aprobar unha RPT para regular eses soldos.



Cree o sr. Fernández que se trata dun tema moi grave e que se están creando cortinas de fume, e para non falar do tema de Texexe falase do mensaxeiro que é a policía municipal, que foi a que se encargou de elaborar as probas que serven de base para paralizar as obras.

Di o sr. Fernández que se o alcalde considera que se están pagando privilexios ao persoal do Concello ten que actuar, porque é a quen lle corresponde á competencia e que se quere facer comparacións, habería que comparar o soldo doutros traballadores e as dedicacións que hai cas de noutros concellos, remata pedíndolle responsabilidade ao alcalde e que dea explicacións.

Responde o sr. alcalde que unha cousa é o expediente urbanístico e outra o expediente informativo aberto á dous policíaas, a raíz dunha actuación policial.

En relación co expediente urbanístico o sr. alcalde quere aclarar que non existe ningún membro da Corporación que teña relación con ese tema, e o informe da policía, ao marxe de cómo se fixera, serve para iniciar o expediente, igual que se iniciaría con calquera outra denuncia, sexa por teléfono ou aínda que fose anónima, porque a denuncia serve como punto de partida para que os técnicos fagan os informes necesarios para iniciar o expediente de disciplina urbanística, e engade que no Concello fixéronse moitos expedientes sancionadores e, ata gora, non se perdeu ningún no xulgado, porque se fan as cousas seguindo os procedementos legais, e polo tanto, aínda que o informe da policía teña eivas, serve como punto de partida para levar a cabo unha inspección urbanística, e actuar en función das comprobacións realizadas.

En relación co expediente informativo aclara que se inicia porque, á vista do informe policial, dubidase de que o procedemento seguido pola policía fose correcto, e co fin de clarificar o proceder deses membros da policía, ábrese o expediente informativo para o que se convoca aos policíaas, co obxecto de que clarifiquen as dúbidas que xorden sobre o informe e, a vista do declarado, pecharase o expediente informativo ou procederase a tomar as medidas que sexan precisas. Di o sr. alcalde que as dúbidas que xorden sobre a legalidade do informe policial e que a Lei do solo establece que



para que os inspectores urbanísticos, que era como estaba actuando a policía, poidan entrar nun domicilio, hai que pedir autorización xudicial, e no informe da policía vense fotos dos dormitorios, sen que conste autorización da persoa afectada, e por iso se considera que puideron vulnerarse dereitos fundamentais, e co fin de aclarar se houbo autorización verbal, ou incluso escrita que non figure no expediente, ábrese o expediente informativo. Remata dicindo que en ningún momento dixo que o soldo dos funcionarios e dos policías fose inxusto, puido facer outras valoracións pero non dixo que o soldo fose inxusto.

Seguidamente o sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, sra. Lemus, por si quere facer algunha valoración sobre a parte urbanística do procedemento.

A sra. Lemus, di que o luns sacaron unha nota de prensa para dicir que dende a concellería de urbanismo abrírase un expediente urbanístico, aclara que o expediente ábrese polo inspector urbanístico, non pola concelleira de urbanismo que non abre expedientes, e que o expediente iníciase por unha denuncia dun particular, que anteriormente había un informe da policía, e que despois faise o informe técnico inicial polo inspector urbanístico que é o arquitecto técnico. Engade que non entende que teña que facerse público un expediente urbanístico, que aínda esta aberto, porque entende que poden vulnerarse dereitos dun particular, pero considera que, chegado este punto, é necesario aclarar as actuacións que se levaron a cabo dende a concellería de urbanismo, di que tentará resumir os datos sen dar nomes nin direccións, e que foron as seguintes: -o 14/09 presentase denuncia, por un interesado, por espolio de espazo público por parte dun particular; -o 21/09 presentase outra denuncia, contra o mesmo denunciado, polo uso dunha eira común; -o 25/11 presentase outra denuncia pola rehabilitación dunha vivenda; -o 26/11 faise o informe da policía no que din que se atopan por Texexe de rolda, e observan unhas obras nunha vivenda e que proceden a facer un informe, informe no que aparecen fotos interiores e exteriores da vivenda; -o 13/12 hai unha solicitude de Patrimonio da Xunta de Galicia, na que se pide información por denuncia de particular; -o 16/12 faise informe urbanístico no que se sinala que, en base ao informe da policía, aparentemente as obras executadas non están amparadas pola licenza existente, e sinalase que sería conveniente abrir un expediente urbanístico, e no seu caso paralizar as obras, previo



prazo de alegacións; -o 17/12 ditase Resolución da alcaldía, incoando expediente polo que se paralizan as obras, dáse prazo de alegación, e enviase o acordo aos denunciante, ao denunciado e a Patrimonio; -o 30/12 un dos denunciante solicita información sobre as licenzas concedidas en 2011 e 2009 e coa mesma data pide licenza de obras de canteado dun hórreo; -o 7/01 o denunciante solicita copia do informe técnico do expediente de reposición; -o 11/01, tras unha conversa telefónica, Patrimonio solicita máis información sobre o expediente e os planos do PXOM; -o 12/01 envíase información solicitada ao interesado e a Patrimonio, e na mesma data remítase ao Rexistro da propiedade a incoación do expediente de reposición da legalidade, para inscrición da nota marxinal, como medida cautelar para evitar danos a terceiros, en caso de compra venta; -o 18/01 o Valedor do Pobo solicita información sobre o expediente; -o 25/01 solicitude dun interesado de certificación de ámbito urbanístico da zona, ese mesmo día solicitase por un interesado todos os documentos enviados a Patrimonio polo Concello e certificación dos documentos que constan no expediente, con data de incorporación ao expediente; -o 27/01 o interesado solicita copia dos escritos que tiña presentados e copia dos informes para a concesión da licenza.

Di a sra. Lemus que estamos a día 28 de xaneiro e, tendo en conta o traballo que hai actualmente no departamento de urbanismo, actuouse con bastante dilixencia, engade que nesta semana vaise facer un informe final que vai ser a base da Resolución da alcaldía, e aclara que non lle gusta falar deste expediente porque aínda non está resolto, e están en xogo os dereitos dos denunciante e do denunciado, xa que estamos na fase de presunto delito ou falta urbanística, e que o expediente pode quedar arquivado, polo que pide que cando se queira saber algo do expediente de disciplina urbanística se pregunte en urbanismo, porque o expediente ábrese en base a unha denuncia na que existen fotos exteriores e ao informe da policía no que tamén hai fotos exteriores da obra, e non quere meterse en outros temas, que pertencen a outro expediente.

O sr. Fernández di que quen fai público este problema de Texexe, e que hai un problema coa policía local é o propio Concello. Di que el coñecía o problema dende fai un mes, igual que o coñecían os denunciante, o denunciado, o goberno municipal e o alcalde, pero non era público, incide en que quen o fai público é quen se pon a abrir un



expediente informativo á policía local, e quen provoca que se dea publicidade á noticia, cunha nota publicada na páxina web do Concello, na que se fala de que as probas poden ser nulas de pleno dereito, pero despois, na Resolución da alcaldía, dise que se paraliza a obra en base ao informe da policía local.

Pregunta o sr. Fernández se hai algunha denuncia sobre a actuación da policía, por parte da persoa á que se lle fai a inspección, e se non é así, por que se actúa desta maneira, e case dous meses despois da inspección da policía, e cando o arquitecto técnico dá por bo ese informe, se abre o expediente.

Di que chegados a este punto non sabe como debe ser a actuación da policía local, e que podería pedir as ordes que se lle deron, por escrito, á policía para facer inspeccións urbanísticas nos últimos cinco anos, porque se neste caso tiña que haber autorización por escrito, tamén as tería que haber nos demais casos, e quere ver esas autorizacións.

O sr. alcalde dille ao sr. Fernández que non ten porque haber autorización por escrito, para facer inspeccións urbanísticas. Di que, con respecto a que sexa o Concello o que saca a noticia e provoca o conflito, quere aclarar que, tanto a noticia publicada na Voz de Galicia, sobre que o alcalde de Teo abre expediente á policía por unha inspección a un familiar de un edil, como a publicada no Correo Gallego, sobre que expedientan á policía de Teo tras inspeccionar obras a un primo dun edil, son noticias falsas que non dou o Concello, polo tanto non cree que sexa o goberno municipal o responsable de que a prensa publique falsidades.

Di o sr. alcalde que o goberno municipal non vai deixar de abrir expedientes informativos cando considera que se vulnera a legalidade, en función de cómo quede o goberno, e cando consideren que hai unha actuación irregular, van actuar en consecuencia pase o que pase.

En canto á pregunta de que fai o sr. Fernández, sobre se existe unha denuncia do afectado, aclara que non existe denuncia do particular, pero o goberno municipal e a policía local deben ser garantes dos dereitos dos cidadáns, e se consideran que son



vulnerados deben actuar en consecuencia, e neste caso consideran que se vulneran, porque vulnerase a Lei do solo, que establece garantías para os que incorren en infracción urbanística, e por iso actúan.

Finalmente di que se mandou moitas veces á policía a facer inspeccións urbanísticas, e non sempre por escrito, pero neste caso o que se cuestiona non é se a policía tiña orde por escrito, o que se trata de investigar é por que nese informe da policía aparecen fotos de dormitorios e de partes interiores da vivenda sen que exista autorización por escrito, xa que non recorda que noutros informes da policía apareceran fotos interiores nin visitas ao interior das vivendas por parte da policía, o que se cuestiona neste caso non é que a policía faga a inspección urbanística e redacte o informe, o que se cuestiona é o que aparece incorporado nese informe, e que creen que vulnera a legalidade, e por iso se abre o expediente informativo.

Di o sr. alcalde que el considera que esas probas son nulas de pleno dereito porque se obteñen vulnerando a Lei do solo, e recalca que iso non impide seguir co expediente urbanístico, porque os técnicos van ao lugar e, dende fora, valoran se hai motivos para apreciar que exista infracción urbanística, e no caso de considerar que a visión externa non é suficiente, pídesese autorización xudicial para acceder á vivenda. Remata dicindo que unha cousa é o expediente urbanístico e outra é a actuación da policía para facer ese informe urbanístico, e tendo en conta que existe un técnico contratado para inspeccións urbanísticas, as inspeccións deben facerse baixo a supervisión dese técnico, non se trata de ocultar nada, senón de facelo como se debe facer e como sempre se fixo, para que, se os particulares recorren a decisión xudicialmente, o Concello teña todas as de gañar.

O sr. Fernández insiste en que o alcalde ditou unha Resolución, paralizando as obras, en base ao informe da policía local, que o arquitecto técnico da por bo xa que o utiliza como proba, e non lle consta que esa Resolución estea anulada.

Aclara o sr. alcalde que no informe da policía, ademais das fotos, hai información que non se cuestiona, e que se considera suficiente para abrir o expediente, pero non se poden ter en conta as fotos obtidas de xeito irregular, que poden ser nulas como proba,



pero si a información que se aporta na redacción do informe policial, que é suficiente para considerar que se está executando unha obra irregular e nese caso hai que paralizala, e aínda que se teñan dúbidas de que se está executando a obra nese momento, se a policía informa de que se está executando unha obra, o lóxico é paralizala, iso non quere dicir que non se poida cuestionar a forma en que se realizou o informe, porque pode haber partes do informe que compre indagar se respectan a legalidade ou non. Engade o sr. alcalde que se trata de dous procesos totalmente distintos, hai unha parte do informe da policía que vale de partida, que é a información de que se están executando obras, e outra cousa é que a totalidade do informe sexa legal, e por iso se abre o expediente informativo, para ver que pasou e se en algún momento se vulneraron dereitos, pero en ningún momento se cuestiona que o que di a policía sexa certo, por iso a alcaldía decreta a paralización.

O sr. Fernández di que se presume que a policía local e os funcionarios de Teo cumpren a lei, e se non é así habería que facer outro tipo de expediente, non un expediente informativo, e insiste en que non entende porque dous meses despois de ditar a Resolución da alcaldía, se abre o expediente informativo á policía. Di o sr. Fernández que hai unha denuncia da Xunta de Galicia, de 29 de novembro, e inmediatamente a policía fai o informe, e en base a ese informe da policía, o 16 de decembro, o arquitecto técnico fai o informe sobre a infracción urbanística, que serve para fundamentar a Resolución da alcaldía, por que logo se abre o expediente informativo dous meses despois.

O sr. alcalde di que se trata dun tema suficientemente serio, o de abrir un expediente informativo á dous policía, como para facer as cousas á lixeira, e trátase de darlle á policía local todas as garantías para que se expliquen, polo que non considera que dous meses sexa un tempo excesivo.

O sr. Fernández di que cando se están vulnerando dereitos dunha persoa dous meses parécelle moito tempo, e insiste en que aparece a noticia na prensa, e chamoulle a atención que se citara a un primo dun edil, aclara que os primos dos edís tamén teñen dereito a facer casas, iso non é o importante, o importante é que a obra non tiña licenza, e despois desa noticia aparece a resposta da alcaldía que tamén se fai pública,



e non entende esa forma de actuar por parte do alcalde, falando de probas nulas de pleno dereito, e preguntase que está pasando.

O sr. alcalde aclara que non se di, en ningún momento, que todas as probas sexan nulas de pleno dereito, e pregúntalle ao sr. Fernández que tema quere que se lle aclare, e que parte de toda a actuación cuestiona, que se abra expediente informativo, que se desmintan que hai implicado un primo dun membro do goberno, ou que é o que cuestiona da actuación do alcalde.

O sr. Fernández pregunta por que se a actúa desesa maneira, e por que se fan as valoracións que se fan sobre a policía local, e pregunta que vai pasar coa policía.

Responde o sr. alcalde que non fan valoracións de ningún tipo, que se está rematando o expediente informativo e en función do que se determine no expediente, previo asesoramento, tomaranse as medidas que correspondan, cerrar o expediente sen mais, ou tomar as medidas que estimen oportunas.

Pregunta o sr. Fernández que pasa coa solicitude dos interesados para intervir neste Pleno como parte interesada.

Reponde o sr. alcalde que a petición para participar no Pleno non cumpre as condicións establecidas no Regulamento de participación veciñal, para participar no Pleno, non pode tratarse de intereses particulares, e o tema ten que estar vinculado a algún punto da orde do día, e ningunha das dúas condicións se cumpre, pero ademais neste caso, tratándose dun expediente que está aberto, non parece axeitado que particulares interveñan dando unha visión de parte, en todo caso habería que escoitar a todas as partes, e remata dicindo que pódese cambiar o Regulamento de participación veciñal, pero o vixente non o ten previsto.

O sr. Fernández di que pola súa parte se hai que modificar o Regulamento, para que haxa maior participación, non hai problema, e pide que conste en acta que hai unha petición de palabra dos interesados.





O Sr. alcalde aclara que esa petición xa foi contestada por escrito.

Remata o sr. Fernández dicindo que quere manifestar o seu desconcerto diante desta actuación con respecto a que se faga publico este tema da policía municipal.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O concelleiro do PP, sr. Sánchez, di que tamén lamenta que non puidera intervir no Pleno a veciña de Texexe, e de seguido manifesta que está perplexo ao escoitar algunhas das manifestacións que acaba de realizar o alcalde, como cando di literalmente “a policía local vulnera os dereitos dos cidadáns”.

O sr. alcalde aclara que non dixo iso literalmente.

O sr. Sánchez di que recolleu iso no momento, e se non o dixo deuno a entender, pero en calquera caso pódese comprobar na acta, e se o dixo considera que é unha irresponsabilidade impropia dun alcalde. Di o sr. Sánchez que se está tratando de desviar o tema fundamental e cada vez ten mais dúbidas, e polo tanto o grupo municipal do PP vai valorar a petición dun pleno extraordinario, monográfico sobre este tema, para aclaralo.

O sr. Sánchez pregúntalle á concelleira de seguridade cidadá, sra. Beiroa, se considera que a actuación da policía se axusta á legalidade.

Responde a sra. Beiroa que non lle corresponde a ela valorar a actuación da policía agora mesmo, pero se incumpre a Lei do solo, tal como parece, si está vulnerando a legalidade.

Di o sr. Sánchez que se considera que se actuou sen axustarse a legalidade que medidas tomou, como concelleira responsable da área, dende o 23 de novembro, ante esta cuestión.



Intervén o sr. alcalde para dicir lle ao sr. Sánchez que está no seu dereito a preguntar, pero que esas cuestións xa foron respondidas, e di que o que se fixo foi estudar e valorar o informe policial, dende un punto de vista xurídico, e ver se daba lugar a interpretacións, ver que cuestións deberán clarificarse, redactar as preguntas que deberían facerse, e precisamente porque existen dúbidas sobre si se axustou ou non á legalidade, ábrese o expediente informativo para darlle opción á policía de dar a súa opinión, non se di que se axuste ou non á legalidade, pero si existen dúbidas de que, nunha actuación concreta, se puido vulnerar un dereito dun cidadán, e por iso se abre o expediente informativo, que aínda está sen rematar, e ata que se resolva o goberno municipal non vai airear o seu contido, nin nun pleno extraordinario nin en ningún lado, mais ala de dicir as causas que o orixinan, cando se peche farase unha valoración xurídica e en función diso actuarase.

O sr. Sánchez dille ao sr. alcalde que se alegra de que sexa el o que lle respondera, porque con isto demostra que é innecesaria unha concelleira con competencias en seguridade cidadá, porque pregúntalle á concelleira e responde o alcalde.

Reponde o sr. alcalde que quen abre o expediente informativo é o alcalde, e por iso responde el, xa que a concelleira non ten competencia para abrir o expediente.

O sr. Sánchez pregúntalle á concelleira de urbanismo, sra. Lemus, se confirma que o informe do arquitecto técnico, segundo o que as obras que se estaban a executar non estaban amparadas pola licenza solicitada, corroboran as observacións realizadas pola policía, e insiste en que quere saber a súa opinión.

A sra. Lemus di que non fai valoracións políticas e dá lectura a unha parte do informe técnico, sen dar ningún dato persoal, e que di “..... *Execución de obras rehabilitación de varias edificacións situadas,..... sen a correspondente licenza urbanística ou comunicación previa, sendo propiedade de .....*

*INFORMO:*

*Que en base ao contido do informe da policía local ....., se están executando obras de rehabilitación de varias edificacións existentes no lugar de Texexe, .....*

*Segundo a base de datos do concello, o propietario ..... dispón de licenza urbanística para executar unha obra consistente no .....* Sen embargo, aparentemente as obras executadas non están



*amparadas pola dita licenza, incumprindo por tal motivo o artigo 42 do PXOM de Teo, así como o artigo 194 da Lei do solo.....*

*Segundo o PXOM de Teo, vixente dende o 20 de xullo de 2010, dita actuación lévase a cabo nunhas edificacións que se atopan en solo de núcleo rural tradicional..... Por tal motivo, considero oportuno paralizar as obras e incoar o correspondente expediente de reposición de legalidade, ata que se legalicen, se é posible, tales obras.”*

Aclara a sra. Lemus que o informe técnico basease no contido do informe da policía local, pero o informe da policía ten unha parte, relativa ao interior da vivenda, na que non vai entrar, e outra parte na que hai fotos exteriores, fotos que tamén hai na denuncia dos particulares, e na licenza de 2011, en base ás que se pode apreciar perfectamente se as obras de retellado se fan ou non axustándose á licenza, aparentemente, e por iso se dá traslado ao particular para que alegue o que estime e se pode legalizar as obras que as legalice.

O sr. Sánchez pregúntalle á sra. Lemus, mais concretamente, se o informe do arquitecto técnico, de 16 de decembro de 2015, confirma ou non as observacións do informe da policía.

Responde a sra. Lemus que as obras executas que se observan dende o exterior si, **aparentemente**.

O sr. Sánchez, di que entóns entenden exactamente o mesmo. Seguidamente pregúntalle ao sr. alcalde se existe algunha relación directa entre este caso e a prohibición de introducir informes da policía por rexistro.

O sr. alcalde responde que non, en absoluto.

Di o sr. Sánchez que, entón, como se explica que a decisión fose tomada inmediatamente despois de que o PP solicitara copia de varios informes policiais.

Aclara o sr. alcalde que, igual que outros departamentos non pasan por rexistro de entrada escritos dirixidos a alcaldía ou a outros departamentos, non ten lóxica que a policía rexistre de entrada escritos que non proceden de fora das dependencias



municipais, porque os policía s son funcionarios municipais e polo tanto os seus escritos non son de fora e polo tanto non teñen que pasar polo rexistro de entrada.

O sr. Sánchez dille que en ocasións algún dos seus concelleiros rexistraron de entrada escritos dirixidos a outros concelleiros do mesmo goberno municipal.

Pregunta o sr. Sánchez se a secretaría elaborou algún informe sobre si está permitida a entrada de informes por rexistro, e si cree que cumpre cos preceptos legais

Responde o sr. alcalde que non existe informe de secretaría ao respecto, e que por suposto cree que cumpre a legalidade senón non o farían.

Finalmente o sr. Sánchez pídelles á sra. Beiroa que explique en que consiste a guerra, da que fala o sr. alcalde, aberta pola policía local cara ao equipo de goberno.

Di o sr. alcalde que se pregunta por unha afirmación do alcalde terá que responder el, porque a concelleira de seguridade non está para interpretar o que di o alcalde. E aclara que el non dixo que a policía abraza unha guerra, o que dixo é que se alguén tiña unha guerra contra o grupo de goberno, que pode ser lícita, porque as discrepancias existen, o que dixo foi que o alcalde non vai a permitir que se vexan afectados veciños por esa guerra, e que saíran prexudicados polas desconformidades que poidan existir coa alcaldía ou co grupo de goberno.

Remata dicindo o sr. Sánchez que canto mais se coñece deste tema mais se embarulla, e di que é digno dun guión dunha película.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha tres horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria acctal., dou fe.

O alcalde

A secretaria acctal.

Rafael C. Sisto Edreira

M<sup>a</sup>. Pilar Sueiro Castro

**A C T A 3/2016**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 22 FEBREIRO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e dous de febreiro de dous mil dezaseis, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> María Salomé Beiroa Fernández

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofia Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Secretaria acctal.:**

D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup>. Pilar Sueiro Castro

**ORDE DO DÍA:**

**1.- DITAME DA SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DE ADMINISTRACIÓN, EDUCACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ, DNA. SALOMÉ BEIROA FERNÁNDEZ, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE TEXEXE.**

**2.- DITAME DA SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DE URBANISMO, VIVENDA E SOSTIBILIDADE, DNA. UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE TEXEXE**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte hora e cinco minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- DITAME DA SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DE ADMINISTRACIÓN, EDUCACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ, DNA. SALOMÉ BEIROA FERNÁNDEZ, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE TEXEXE.**

Intervén o sr. alcalde e di que o seu grupo está de acordo coas comparecencias solicitadas, tanto coa da concelleira de administración, educación e seguridade cidadá como coa da concelleira de urbanismo,, vivenda e sostibilidade, e cede a palabra ao portavoz do PP, D. José M. Guerra Calvelo.

O sr. Guerra sinala que vai a intervir o concelleiro do seu grupo D. Antonio Sánchez Crespo, quen da conta da solicitude de pleno extraordinario presentada polo seu grupo, de 9 de febreiro de 2016 (rex. entrada nº 960) que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 18 de febreiro de 2016.

*“Os abaixo asinantes, concelleiros da corporación municipal de Teo, e integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido nos artigos 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local así como o artigo 19.3 do Regulamento órgánico da Corporación Municipal de Teo, solicitan a celebración dun pleno extraordinario tendo en conta as seguintes consideracións:*

*1. Considerando que o Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou o solicite a cuarta parte, cando menos, do número legal de membros da Corporación.*

*2. Considerando que na normativa citada no anterior epígrafe establece que a celebración da sesión non poderá demorarse por máis de quince días hábiles dende que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto a orde do día dun pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.*

*3. Considerando que se o presidente non convocase o pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o decimo día hábil seguinte ao de finalización do devandito prazo, ás doce horas, o que sera notificado pola Secretaría da Corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte da finalización do prazo citado anteriormente.*

*4. Considerando que os solicitantes da convocatoria deste pleno extraordinario cumpren todos os requisitos establecidos na normativa citada.*

*5. Considerando a preocupación social que esta a xerar toda a información relacionada co expediente de Texexe e co ánimo de garantir a maior transparencia e vocación de servizo á veciñanza.*

*Entendendo que se cumpren todos os requisitos esixibles, solicitamos a convocatoria dun PLENO EXTRAORDINARIO coa seguinte Orde do Día:*

*1. Comparecencia da Sra. Concelleira de Administración, Educación e Seguridade Cidadá, D<sup>a</sup> Salomé Beiroa Fernandez.*

*2. Comparecencia da Sra. Concelleira de Urbanismo, Vivenda e Sostibilidade, D<sup>a</sup> Uxia Lemus de la Iglesia.*

*En Teo, a 9 de febreiro de 2016”*

Di o sr. Sánchez que o terremoto de Texexe subiu de escala no escurantismo, e piden a comparecencia das concelleiras, porque levan tres meses sen falar do tema. Engade que a data clave en todo o asunto é o 23 de novembro, cando a policía local fixo a inspección, e despois de tres meses, para que comparezan as concelleiras afectadas, teña que ser á petición do PP. Lamenta o sr. Sánchez que hoxe se estea aprobando a comparecencia e non se estea producindo a comparecencia propiamente dita por

iniciativa das dúas concelleiras, e lamenta que este sexa o modelo de transparencia das Mareas, do que é cómplice o partido Socialista, di que lle decepcionan a sra. Beiroa, o sr. Moñino e a sra. Lemus, e que o PSOE estea apoiando este modelo de transparencia, que non é o que propugnaba antes das eleccións.

Neste momento, incorporase á sesión o concelleiro do PP, D. Julio César Retis Vázquez.

O Sr. Sánchez pregunta se van permitir a intervención dunha das afectadas, tal como ten solicitado por escrito.

Aberta a primeira quenda de intervencións o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que está de acordo coa comparecencia.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, tamén manifesta que está de acordo coa solicitude de comparecencia.

Intervén o sr. alcalde para dicir que hai unha solicitude da interesada, rexistrada do día de hoxe, pedindo intervir no Pleno a título individual, e engade que o Regulamento de participación veciñal permite a participación dunha asociación, que aínda que non estea constituída a asociación, non habería problema para que interveña calquera persoa en nome da asociación, pero o que non pode é intervir a título individual, sobre todo se ten interese directo no asunto.

Di o sr. Sánchez que é unha magoa que o alcalde non tome exemplo do que fixo o sr. Noriega en Santiago, que si permitiu intervir no pleno, pero en calquera caso alegrase de saber que, si esta persoa representa á asociación, si o podería facer.

Os concelleiros renuncian á segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA , 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda solicitar a comparecencia da sra. concelleira de**



administración, educación e seguridade cidadá, D<sup>a</sup>. Salomé Beiroa Fernández, en relación co tema de Texexe.

## **2.- DITAME DA SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DE URBANISMO, VIVENDA E SOSTIBILIDADE, DNA. UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE TEXEXE**

Dáse conta da solicitude de pleno extraordinario presentada polo grupo municipal do PP, de 9 de febreiro de 2016 (rex. entrada nº 960) que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 18 de febreiro de 2016.

*“Os abaixo asinantes, concelleiros da corporación municipal de Teo, e integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido nos artigos 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local así como o artigo 19.3 do Regulamento orgánico da Corporación Municipal de Teo, solicitan a celebración dun pleno extraordinario tendo en conta as seguintes consideracións:*

*1. Considerando que o Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou o solicite a cuarta parte, cando menos, do número legal de membros da Corporación.*

*2. Considerando que na normativa citada no anterior epígrafe establece que a celebración da sesión non poderá demorarse por máis de quince días hábiles dende que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto a orde do día dun pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.*

*3. Considerando que se o presidente non convocase o pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o decimo día hábil seguinte ao de finalización do devandito prazo, ás doce horas, o que sera notificado pola Secretaría da Corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte da finalización do prazo citado anteriormente.*

*4. Considerando que os solicitantes da convocatoria deste pleno extraordinario cumpren todos os requisitos establecidos na normativa citada.*

*5. Considerando a preocupación social que esta a xerar toda a información relacionada co expediente de Texexe e co ánimo de garantir a maior transparencia e vocación de servizo á veciñanza.*

*Entendendo que se cumpren todos os requisitos esixibles, solicitamos a convocatoria dun PLENO EXTRAORDINARIO coa seguinte Orde do Día:*

1. *Comparecencia da Sra. Concelleira de Administración, Educación e Seguridade Cidadá, D<sup>a</sup> Salomé Beiroa Fernandez.*
2. *Comparecencia da Sra. Concelleira de Urbanismo, Vivenda e Sostibilidade, D<sup>a</sup> Uxia Lemus de la Iglesia.*

*En Teo, a 9 de febreiro de 2016”*

Intervén o sr. alcalde e di que, como xa expuxo no punto anterior, o grupo de goberno esta de acordo coa comparecencia solicitada e engade que se pode pasar a votar directamente a comparecencia da concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade que solicita o PP, dando por debatido o asunto, e pregúntalle á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade se ten algo que manifestar.

Os concelleiros renuncian a intervir.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA , 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda solicitar a comparecencia da sra. concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D<sup>a</sup>. Uxia Lemus de la Iglesia, en relación co tema de Texexe.**

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria acctal., dou fe.

O alcalde

A secretaria acctal.

Rafael C. Sisto Edreira

M<sup>a</sup>. Pilar Sueiro Castro



**A C T A 42016**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 25 FEBREIRO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e cinco de febreiro de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> María Salomé Beiroa Fernández

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Secretaria xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz



**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15/12/15**
- 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 76/16 Á 154/16)**
- 3.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 10 DE FEBREIRO DE 2016 POLA QUE SE APROBARON OS PROXECTOS MODIFICADOS DAS OBRAS INCLUÍDAS NO POS 2016**
- 4.- COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DE ADMINISTRACIÓN, EDUCACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ, DNA. SALOMÉ BEIROA FERNÁNDEZ, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE TEXEXE.**
- 5.- COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DE URBANISMO, VIVENDA E SOSTIBILIDADE, DNA. UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE TEXEXE**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SON DE TEO-ANOVA CONTRA A LEI 4/2015, DE PROTECCIÓN DA SEGURIDADE CIDADÁ E A LEI ORGÁNICA 1/2015, POLA QUE SE MODIFICA O CÓDIGO PENAL**
- 7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SON DE TEO-ANOVA EN DEFENSA DO POBO SAHARAUI**
- 8.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE SON DE TEO ANOVA, PSdeG-PSOE E GRUPO MIXTO PARA INSTAR AO CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS**
- 9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE FOMENTO DOS CURSOS PARA A OBTENCIÓN DOS CARNÉS DE MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS**
- 10.- MOCIÓNS**
- 11.- ROGOS E PREGUNTAS**



Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15/12/15.**

O sr. alcalde pregúntalle aos sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 15 de decembro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

### **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (DA 76/16 Á 154/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de xaneiro ao 21 de febreiro de 2016, que comprenden os números 76 ao 154, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **3.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 10 DE FEBREIRO DE 2016 POLA QUE SE APROBARON OS PROXECTOS MODIFICADOS DAS OBRAS INCLUÍDAS NO POS 2016.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da Resolución da alcaldía de 10 de febreiro de 2016 (res. 126/2016), que se reproduce a continuación.

#### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

##### ***Modificación proxectos POS 2016, aprobados por acordo plenario de 15/12/2015***

*Vistos os requirimentos efectuados a través da plataforma SUBTEL da Deputación Provincial sobre a documentación presentada na convocatoria das obras do POS 2016,*



*referido en concreto ás deficiencias detectadas na documentación remitida en relación cos proxectos aprobados por acordo do Pleno de data 15 de decembro de 2015 denominados:*

*“Afirmado e acondicionamento do viario municipal en Bustelo e Freixeiro”*

*“Pavimentación, abastecemento, saneamento e alumeado público en Vilela e A Igrexa, Rarís”*

*“Afirmado e acondicionamento do viario municipal en Outeiro, Feros e Sollans”*

*Considerando que se procedeu a elaboración dos proxectos corrixindo as deficiencias detectadas nos referidos proxectos*

*Considerando que nos referidos requirimentos esíxese a aprobación dos proxectos modificados polo órgano competente.*

*En virtude do exposto, por medio do presente*

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- *Aprobar os proxectos modificados das obras incluídas no POS 2016, que se indican a continuación:*

*“Afirmado e acondicionamento do viario municipal en Bustelo e Freixeiro”*

*“Pavimentación, abastecemento, saneamento e alumeado público en Vilela e A Igrexa, Rarís”*

*“Afirmado e acondicionamento do viario municipal en Outeiro, Feros e Sollans”*

**Segundo.**- *Remitir copia dos proxectos modificados á Deputación Provincial para a súa incorporación aos expedientes.*

**Terceiro.**- *Someter o presente acordo á consideración do Pleno da Corporación, na próxima sesión que celebre, para a súa ratificación.*

*Teo, 10 de febreiro de 2016*



O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe

Virginia Fraga Díaz”

A sra. Lemus explica que despois de remitir os proxectos do POS, houbo un requirimento de emenda por parte da Deputación por temas técnicos ou erros que non implican modificación do importe nin do lugar da obra. Habida conta de que a Deputación da un prazo limitado de 10 días para subsanar, optouse por facer un Decreto e sometelo á ratificación plenaria.

**Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda ratificar a Resolución da alcaldía do 10 de febreiro de 2016.**

**4.- COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DE ADMINISTRACIÓN, EDUCACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ, DNA. SALOMÉ BEIROA FERNÁNDEZ, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE TEXEXE.**

O sr. alcalde di que antes de comezar a comparecencia quería facer una reflexión previa, porque en temas coma este a todos se lles soe soltar a boca nun momento determinado, polo que hai que ter en conta que se trata dun tema serio e lle pide prudencia a todas/os as/os concelleiras/os.

Afirma que el, persoalmente, e o seu goberno, non van a permitir que os difamen. Considera que por suposto que cada quen é libre de dicir o que queira, poren eles actuaran en consecuencia. Sinala o sr. alcalde que di isto porque por exemplo o outro día o PP remitiu unha nota de prensa na que entre outras cousas se di “*José Manuel Guerra considera intolerable que non o fixeran de motu proprio durante todo este período, especialmente logo de facerse público o pasado Sábado que a Fiscalía abraza dilixencias para clarexar se a actuación do concello se axustou a dereito*”. O sr. alcalde sinala que que el saiba ningún medio de comunicación deu a noticia de que a Fiscalía abraza dilixencias, tratándose dunha falsidade. Reitera o sr. alcalde que cada un é moi libre de dicir o que queira, porén dende o seu punto de vista persoal, esta última a pasa, pero a seguinte se verán no Xulgado. Aclara que ademais aínda que non se



dixera fiscalía e se reproducise literalmente a noticia que apareceu nos medios de comunicación tamén sería falsa porque antonte non estaba aberta ningunha dilixencia en ningún Xulgado de Santiago contra os que presuntamente facían iso. Pide o sr. alcalde que se se fai referencia a algunha denuncia se diga se a asumen ou non a asumen, se a comparten ou non a comparten, porque en función diso actuaran. Salienta o sr. alcalde que non tratan de coartar a liberdade de cada quen de dicir o que queira, porén que se saiba que se senten no dereito de actuar libremente e de facer as reclamacións que consideren oportunas.

Explica o sr. alcalde que antes de comparecer a sra. Beiroa, hai que ter en conta que hai unha petición para intervir unha persoa en representación dos veciños de Texexe, polo que se lle vai conceder a palabra a esa veciña, por un período de tempo de 10 minutos.

Neste intre realiza a súa intervención D.<sup>a</sup> Eva M.<sup>a</sup> Leon Arceo, nos termos que substancialmente se reproducen a continuación.

*“Antes de nada boas tardes a todos, sinto o meu retraso. Quero agradecer a todos aqueles veciños de Texexe que confiaron en min para representar e defender os intereses da nosa aldea dentro deste pleno extraordinario. Agradecerlle a deferencia ao señor alcalde por permitirme a participación.*

*Eu pensaba, comentoume a persoa que me chamou, que pensei que ía ser Virxinia, a secretaria municipal, que non tiña límite de tempo, pero está limitado a 10 minutos entendo, logo? Moi ben.*

*Ben, pois procurarei ser o máis precisa e o máis breve posible, pero en 10 minutos resumir o que hoxe pasa é un pouco difícil, pero ben, eu vou a facer unha serie de preguntas, como ó mellor, debido á escasez de tempo, teño que ser un pouco máis rápida, e para que as concelleiras non se vexan apuradas, pasareille despois as fotocopias e á oposición, ao PP e ao BNG, para que eles tamén teñan as preguntas que penso facer.*

*Entón, ben, pois vamos ao lío.*

*Referente á señora concelleira de urbanismo queremos saber si se comprobán as comunicacións previas. Queremos saber se unha persoa pide unha licenza, sexa de obra maior ou menor, se hai alguén do departamento de urbanismo que vai a comprobala. Tamén, e isto é moi importante, se sempre ten que haber unha denuncia dun particular para que se faga unha inspección dunha obra.*

*Co cal isto derívanos ao punto de que nos como cidadáns plantexámonos se a responsabilidade urbanística do concello de Teo recae nos cidadáns.*

*Quixera saber tamén a opinión da concelleira de urbanismo, coa que tivemos unha reunión o pasado 15 de febreiro, na que estaba presente a sra. Lemus, o señor alcalde, Ignacio Soto e o meu compañeiro Jorge, na que se nos dixo, se nos recoñeceu que se nos tiñan ocultado, e*





*negado información, e que iso non estivera ben, repito, Ignacio recoñeceu que se nos ocultara e negara información. Iso é así, e así o demostraremos no seu momento.*

*E quería saber se vostede tamén está ao corrente da afirmación, se sabía que esta afirmación tan taxante que fixo Iñaqui Soto de que a xefa de Patrimonio Cultural lle pediu que non lle enviaran licenzas de retellado, é dicir, que cando se facía unha licenza de retellado en Texexe que non se lle comuniquen. Entón, a miña pregunta é porque a miña si vai e a de outros non van?. Porque ese é o problema que temos en Texexe, os veciños están indignados, porque hai unha arbitrariedade manifesta e totalmente demostrada á hora de conceder as licenzas, e o xeito de tramitalas.*

*Porque eu teño un informe no que Enrique Eijo di que a miña casa ten que ir a Patrimonio porque está no entorno do H 35-36 e 37, é dicir, hórreos protexidos. Pero é que hai outras que están máis cerca e non van, por qué?.*

*E gustárame saber se vostede sabía tamén, igual que me recoñeceu o sr. alcalde nunha conversa que tivemos, que pasaran por este concello distintos arquitectos con distintas interpretacións do que era ámbito, núcleo, que cousas tiñan que ir a patrimonio ou non, porque se é así, e ese criterio é tan variable, como repercute nos veciños. É dicir, nos temos que pensar “a ver, no 2016 podo pedir licenza para facer unha casa porque este arquitecto ten un concepto máis amplo do que é o ámbito, ostras, no 2014 non podo porque está o outro e igual non”.*

*Entón, esas arbitrariedades, que manifestou o señor alcalde nunha conversa, quería saber se vostede é coñecedora porque iso demostra que a lei non é xusta e que non se aplica a norma xusta e igual para todos os veciños. Vale?.*

*E quería saber tamén se pensaron vostedes abrir un expediente informativo aos técnicos de urbanismo, igual que se abriu no seu momento aos policía, primeiro, por negarnos e ocultarnos información, o cal temos constatado e documentado, e despois porque nun momento, cando nós iniciamos esta, non sei como chamarlle xa, este sen vivir, se nos dixo que non podíamos denunciar porque transcorreran 3 anos, cando saben de sobra que son 6 e non 3.*

*E unha última pregunta para a concelleira de urbanismo, eu quería saber se o departamento de urbanismo concede permisos para a conexión do saneamento porque vostede na conversa esta que tivemos aquel día, recoñece que non se fixeran ben as cousas ao permitir ese saneamento dende o departamento de urbanismo, e que hai un informe sobre ese feito. A min gustárame saber se existe tal informe e ter acceso a el, porque quero lembrar que o departamento de urbanismo do concello de Teo concedeu a conexión dun saneamento nunha eira privada sen coñecemento nin co consentimento dos propietarios. Neste caso era o señor Villar, Jorge e eu, e que nese momento cando eu decidín paralo e chamar á policía local e á concelleira de seguridade cidadá, o señor alcalde baixou e ordenou pechar a gavia e repoñer esa conexión. Esa conexión, quero aclarar, que era unha conexión a un tubo azul, que vertía fecais e residuais ás augas fluviais, e que a día de hoxe segue vertendo.*

*Entendo que está afectada por un expediente de reposición de legalidade pero gustárame saber tamén se iso implica á 150, que tamén está vertendo fecais e pluviais ao rego de Texexe, que non lle afecta só aos de Texexe, aféctalle a Ameneiro, Osebe, A Pedreira, Casalonga, por onde vai o rego. É algo que nós denunciemos en Augas de Galicia.*

*E quería que me aclarase cantas casas están afectadas por ese expediente de reposición da legalidade, 3 ou 4?.*

*Esas son as miñas preguntas para a señora Uxía Lemus.*

*En canto a Salomé, nunha conversa que tivemos, vostede di que a policía ao facer o informe da súa visita ás obras de Texexe se extralimitou nas súas funcións. Dixo que a policía mete informes por rexistro por algo que seguramente non é bo.*

*Ratifícase nas súas palabras?, penso que confirmará o que estou dicindo.*



*Falamos moito deste tema, de Texexe, durante todos estes meses. Vostede animoume a falar co señor alcalde, e a frase literal foi “chama a Rafa”, facilitoume vostede o seu número persoal que eu non o tiña. E vostede dende o primeiro momento nos animou a presentar unha denuncia no xulgado, porque estes temas tñanse que solucionar no xulgado, os temas da nosa relación con urbanismo e como se nos estaba tratando, non o tema da licenza.*

*Outra pregunta que lle quería facer é se na reunión cos policíaos vostede dixo que Uxía e Rafa estaban moi cabreados e que o xefe da policía ia ter un problema porque non son inspectores urbanísticos e segundo os asesores xurídicos do concello e a secretaria, incluso “todo dios” dixo, literalmente, se columpiaron.*

*Entón a miña pregunta é, se ao dicirse que “se columpiaron” os policíaos o dí a xefa da policía local, que garantista é a administración!. Que podemos esperar uns simples cidadáns cando a un xefe da policía local, quero lembrarlle a todos, entrou non nun domicilio, senón nunha casa en proceso de rehabilitación, porque as últimas persoas que viviron alí foron os meus avós, os meus tíos, o meu pai, polo ano 50-60, non é ningún domicilio, non vulnera a lei do solo.*

*Esa lei do solo á que o señor alcalde remitiu para dicir que era nulo de pleno dereito o informe policial cando se a lemos ben, e eu despois aquí teño algúns artigos marcados, di que a administración, neste caso o departamento de urbanismo que ten un inspector propio, é a encargada de supervisar e controlar e vixiar as obras, sempre, non só as maiores, para a licenza de primeira ocupación, todas, todas. É importante, é moi importante isto.*

*Vostede tamén me recoñeceu que había prácticas viciadas no departamento de urbanismo, prácticas viciadas que dende hai tempo teñen que cambiar, porque os propios asesores xurídicos do concello xa lles advertiron que estas aplicacións distintas e parciais por parte dos arquitectos supoñía un problema legal e que xa se dera o caso de particulares que fan unha construción con licenza dun arquitecto e despois viña outro e non lle daba a primeira ocupación porque se negaba a firmar porque non se axustaba esa licenza á norma que había, e que iso causara moitos problemas e que os asesores xurídicos xa advertiran dese problema.*

*Como nos podemos sentir os cidadáns?, se eu presento todos os papeis para a construción dunha vivenda e logo resulta que cambiamos de arquitecto e me din que isto non se axusta á norma e non lle dou a licenza de primeira ocupación. Como nos podemos defender os veciños ante iso?.*

*Se vostedes son conscientes de que hai algo aquí que non está ben feito hai que solucionalo, para iso son políticos, para regular, para dicir isto non está ben, isto non está ben.*

*Con respecto ao tema de Texexe vostede ten comentado moitas veces que o político ten responsabilidade, obviamente, espero que se asuman. Espero que os seus compañeiros de goberno lle fagan caso e que as asuman, e que os técnicos tamén as asuman. No seu momento xa lle pedín ao alcalde que abriera un expediente, cando menos informativo, a eses técnicos que en principio, tal como dixo o xefe, non fixeron ben o seu traballo e tamén me dixo vostede que o informe, o que fixo Manuel, non nos beneficiaba a nós, porque un xulgado “se lo tumba” (palabras literais) e que “la testosterona le jugó una mala pasada”. Dicir dun xefe da policía local que vai a facer o seu traballo que é inspeccionar unha obra, non un domicilio, unha obra, que “la testosterona le jugó una mala pasada” cando menos bonito non é, da responsable de seguridade cidadá, da responsable. E vostede sabía perfectamente que nos tiñamos moitas probas. Animounos dende o principio a que fomos ao Xulgado, xa o fixemos o 5 de febreiro, o 5 de febreiro, Jorge e máis eu, por defender o noso e o de todos, o de todos.*

*E vostede pensaba que mal encamiñados non iríamos, cando vostede, e así o recoñeceu no seu momento, tiñamos apostado un churrasco se se quedaba co sillón de alcaldesa, co cal moi descamiñados nos non íamos a ir. Isto no seu momento probarémolo onde o teñamos que probar, co cal penso que nós, que nos temos algo de razón.*



*Igual que este sábado pasado, trala nosa denuncia, a marea converteuse máis ben..non sei como dicir...nun maremoto posto que houbo unha orde no whasstap de grupo “non faledes con esta xente” “hai alguén que está falando, cortade toda comunicación”. Non, home, se nós, outra cousa non, pero como nos di o noso avogado, honestos somos abondo, vale?. E nos poñemos unha denuncia con feitos probados, denunciando, non nos equivoquemos, unha situación irregular, Jorge e mais eu xamais acusamos a ninguén de ser un corrupto, ou ser un prevaricador, senón cando o xulgado lle chame para ver a denuncia xa o comprobarán.*

*Denunciamos situacións que ao noso punto de vista son irregulares, que ao mellor non temos razón, e o xuíz dinos non, equivocástesvos, arquívase, pero nos non estamos calumniando a ninguén, e todo o que dicimos vai todo demostrado.*

*Este pleno extraordinario estase celebrando hoxe a raíz de que o partido popular debido a que había un informe técnico novo e a situación do expediente de Texexe, creo que era convinte. Cando eu me enterei de que o PP dicía que había un informe técnico novo, pregunteime “como o saben istos”?, se nós estivemos vendo o expediente hai dous días e non había tal informe?. É iso foi o día que houbo a rolda de prensa na que participaron o señor alcalde e a señora concelleira de urbanismo anunciando un plan xeral novo. Despois desa rolda de prensa, Jorge e mais eu fomos a falar con Virginia, coa secretaria, que recoñeceu que había un informe técnico novo que non era oficial, non saíra de urbanismo, porque estaba aínda sen firmar e que o tiña que fiscalizar ela, o cal me sorprendeu tamén porque non sabía que unha secretaria dun concello fiscalizaba informes técnicos. Entendería máis ben nun arquitecto, pero ben, ese non é o meu tema.*

*Pero nunha conversa que mantivemos esa tarde díxenlle “aquí alguén tivo que filtrar este informe en urbanismo” porque ese informe saíu de urbanismo e vostede díxome “non, de urbanismo non creo que sería, sería Suso do rexistro”.*

*Esa acusación de que o xefe do rexistro filtra un informe á oposición é gravísima. E paréceme lamentable que ao xefe dun rexistro se lle acuse, que ese papel non pasou polo rexistro, entón tería que poñerme na situación de que o señor Naveira foi a urbanismo, buscou o informe, fotocopiouno, pasoullo á oposición...é moito supoñer. Isto é a transparencia, isto é a transparencia coa que nos atopamos nós. Isto é a transparencia.*

*É o mesmo que no último pleno o señor concelleiro de relacións veciñais veu a falar con nós así, nunha actitude bastante amigable, e nos dixo o que despois nos confirmaron na reunión do 15 de febreiro, que probablemente esta casa iría a demolición. E tamén nos dixo que sabía perfectamente que nós non filtráramos a información de que supostamente el e Villar eran primos, e que non saíu de nós. Sabía de quen saíu esa información, da concelleira de seguridade cidadá, que foi a que dixo que eran primos. Todo se demostra.*

*Antes de rematar a miña exposición quería dicir que nós onte pola mañá fixemos unha ampliación de denuncia, de 4 folios, con un montón de probas, que nós estamos moi tranquilos porque temos probado todo o que dicimos nas nosas denuncias. Que nós non filtramos nunca nada á prensa, nunca Jorge e eu falamos coa prensa, nunca, xamais, e senón que alguén que o diga, e temos a conciencia moi tranquila e a xente de Texexe nos apoia porque houbo moita xente que asinou en so 48 horas.*

*Que a eira dos Torres, era o núcleo e tí o sabes, que fixestes un contacontos alí, ese é o núcleo central da aldea, e o que non vamos a permitir é que ninguén a cerre para o seu uso e desfrute particular, porque aí nos criamos todos os da aldea, eu tamén, a pesar de que eu viva en Santiago e ti opines de que eu estou molestado a ese señor. Non, non, el é o que nos molesta a nós, él é o que se apropia dun trozo de terreo meu e a outra que é común. A Jorge e a min nos ameazaron de morte, de morte, así, como se estivésemos en Sicilia. Aquí non se fixo nada.*

*Eu pedinlle á concelleira de seguridade cidadá que por favor falara coa policía para que fixera unha ampliación detallada dese informe e a súa resposta foi que ela non tiña nada que facer,*



*porque ela non mandaba nada na policía que non lle facían caso. Entón, pensarei eu, “vai a ter razón o partido popular cando di que non é precisa unha concellaría de seguridade cidadá”.*

*Sentímonos moi decepcionados porque levamos moitísimo tempo e moitísimo cartos invertidos nesto. Acudimos a todas as Administracións, Xunta, Augas de Galicia, Valedor do pobo, Concello, Patrimonio Cultural. Patrimonio Cultural estivo a semana pasada en Texexe facendo unha inspección masiva, masiva.*

*Nós denunciámos en augas de Galicia os vertidos, foise mirar un, o da casa número 150, pero do 137 había un informe policía e aquí non se fixo nada, non se falou nada des informe. Eu faleino coa técnica de medio ambiente e díxome “non, a min Rafa non mo mandou mirar e eu fago o que me mande Rafa”.*

*Vertendo directamente e, situémonos, ese vertido reparouno a empresa municipal de augas, non Viaqua, a empresa municipal para que o señor seguira conectado e vertendo. E a día de hoxe así seguimos.*

*Nós estamos á espera de que nos conteste de Augas de Galicia. E seguiremos ó noso, nunca hai nada persoal no que nos facemos, simplemente que nos sentimos, e xa o dixer, penso que a Rafa e Uxía lle quedou bastante claro, sentimos que se nos tratou de disuadir dende o primeiro momento porque Uxía sempre nos dixo que fosemos ó xulgado e o 14 de setembro eu digo que tirou o muro, se fixo un novo sen permiso e que o veñan a comprobar, e a día de hoxe non.*

*O primeiro informe in situ que fai o inspector é do 3 de febreiro señores, 3 de febreiro. E aí estamos nós todos os días e nos non queremos saturar o rexistro, penso que non o saturamos, o único que queremos é buscar unha solución xusta, que nos fomos a falar máis de 7 veces con este home. É dicir, nos, máis favorecedores do diálogo non os pode haber. E ninguén nos filtra nada, e que esta caza de bruxas que hai no concello que se nos filtran.....non, nós non filtran nada señores. Nós a información buscámola toda por fóra, toda por fóra, non temos ningún confidente aquí.*

*Esto vai parecer texexeleaks, hai wikileaks, o partileaks e agora texexeleaks, e non é así. Eu esperaba de vostede simplemente outra cousa, polo menos transparencia e o único que atopamos foi oscurantismo. Participación cidadá, ter que ir a recoller todas estas firmas, sen problema ningún, pero en 2 días, para poder falar e representar o que os veciños se queixan. Que vamos a facer cando pidamos una licenza, miramos a ver que arquitecto está agora. “Ostras, a ver, esta foi a Patrimonio, esta tamén, a de Eva ten que ir, esta está no medio e non vai”...*

*Viñeron a mirar unha casa o outro día, licencias de obra maior. O arquitecto foi Iñaqui. Todos os permisos tiña, pero o concello olvidouse de mandarllo a Patrimonio. E non é fallo da rapaza, e ademais é veciña túa Nacho, que me jode mogollón por ela porque ela non ten culpa ningunha, é unha rapaza que ten todas as licenzas e que nós non denunciámos, nós non denunciámos que quede ben claro. Pero esa rapaza dende aquí non se tramitou a licenza a Patrimonio, non houbo unha comunicación e se esa rapaza ten algún día un problema por isto paréceme unha vergoña, unha vergoña. Iso é do que nos queixamos nós, do que nos queixamos nós. Por qué uns sí e outros non, cal é a dobre vara de medir? Cal é a vara de medir, non o sei.*

*Eu, por exemplo, vin aquí, co señor do catastro, e quedou flipado, vin aquí a renunciar a un terreo que me poñían pegado á miña casa, e que non é meu, e vin a denunciar porque había unha escombreira alí, uralita de amianto, cristais, de todo..azulexos...de todo. Había para facer unha minicasa con todo o que había alí, e a resposta do técnico de medio ambiente foi “o alcalde díxome “se é noso hai que limpalo e se é privado incoar expediente para que o limpen”.*

*Ah, pero é que Eva aquí aparece como noso, xa nos parecía moi rápida solución, porque aparecía como miña e non é miña. Cando levamos denunciando unha escombreira no medio de Texexe que ten unha protección de tipo ambiental, dende hai moito anos, e aínda nunca se*



*mandou unha cuadrilla de limpeza, e alí había de todo, carros do supermercado, ratas, había de todo”.*

O sr. alcalde invita á sra. León a vai rematando ao levar xa 20 minutos de intervención.

Remata a sra. León coa súa intervención, nos termos que se detallan a continuación.

*“Moi xenerosos, teño que recoñecelo, que moi xenerosos, pero non tiña reloxo para mirar o tempo e nada máis, só dicir que espero que un xuíz sexa o encargado de xulgar isto e que leve simplemente a unha solución cando menos clarificadora, legal e xusta. Esperamos que sexa para todos. E agora, co seu permiso, se me permite repartir as preguntas para que elas as teñan, e nada máis. Moitas grazas”.*

Sendo as vinte horas e trinta minutos, remata a comparecencia da sra. León, o sr. alcalde explica que agora comparecerá a concelleira de seguridade, D.<sup>a</sup> María Salome Beiroa Fernández.

Neste momento ten lugar a comparecencia da sra. Beiroa nos termos que se recolle a continuación.

*“Moi boas tarde a todos e a todas. Non vou a entrar nin a facer valoración do que acabo de escoitar porque entendo que ademais nin me corresponde nin sería ético e tería que desmentir moitas cousas, entón vou obviar facelo.*

*Entendo que este pleno ten unha importancia, porque si se pide que comparezamos dúas concelleiras, tanto a de Seguridade Cidadá, que son eu, como a de Urbanismo, que é Uxía Lemus, o que se pretende é clarificar, aclarar e definir situacións ou actuacións que, polas circunstancias que fora, pois non quedaron claras, e por iso se pide a nosa comparecencia.*

*Eu vou a intentar ser didáctica, a miña comparecencia vai a ser moi breve, e para comezar vou a intentar deixar ben claros e diferenciados tres conceptos.*

*Primeiro, eu como concelleira non terei ningún inconvinte, nin agora nin o vou a ter, en comparecer como vos dixer para aclarar calquera situación ou calquera incidencia que haxa, e que estea relacionada con persoal ou con accións que poidan levar a cabo as persoas dos departamentos ao meu cargo.*



*Agora ben, cando se fala de oscurantismo, cando se fala de falta de transparencia e cando se fala da preocupación social que xera o “expediente de Texexe”, eu entendo que cando se fan ese tipo de informacións que aparecen recollidas na solicitude de pleno extraordinario, ese tipo de información ou ese tipo de afirmacións faltan á verdade, son medias verdades.*

*En todo momento, e así o poden corroborar calquera dos grupos políticos desta corporación, cando se solicitou acceso a informes de calquera tipo se cumpriu por parte deste concello, dos servizos administrativos, de forma áxil e de forma dilixente e en tempo e forma, e polo tanto entendo que ademais por respecto á cidadanía e ao servizo de vocación á veciñanza que din que teñen, e tanto mencionan, mezclar e enredar de xeito interesado ou partidista o expediente urbanístico, co que é o expediente informativo ou coas funcións que eu podo ter como concelleira e cas competencias que podo ter como concelleira, iso entendo que é tamén faltar á verdade.*

*Do expediente urbanístico, como é moi evidente, a min non me corresponde falar, farao convenientemente a concelleira de urbanismo. Pero tamén quería deixar ben claro unha cousa que afecta ao expediente urbanístico e que afecta ao expediente informativo: calquera decisión que se toma no concello ben por parte do alcalde, ben por parte de calquera concelleiro, está avalada e está asesorada polo servizos técnicos municipais e ás veces complementada cos servizos da asesoría xurídica.*

*Informará puntualmente o señor alcalde que estará encantado de falar do expediente informativo que se lle abriu á policía local, caso de que tivera que facelo, e a concelleira de Urbanismo o fará do expediente urbanístico, cousa que eu non vou facer.*

*Unicamente como concelleira vou a intentar relatar e enumerar cronoloxicamente as actuacións que a policía local de Teo realizou na aldea de Texexe. Fareino con datas, con feitos e con documentos que lle pedín á propia policía local que me facilitase, porque algunha desas actuacións, ou deses informes, estaban solicitados por particulares e non nos chegaron a nós nin a esta concellaría, nin á outra concellaría de urbanismo, nin a alcaldía, e non tiñamos constancia deles ata que llos pedimos á policía local.*



*.- Comezo co 26 de outubro do ano 2015, o informe 152/15 que ten como asunto: "Obras de acometida alcantarillado en Texexe". Di así "Ás 13.30 do día indicado, recíbese chamada telefónica dunha veciña de Texexe, solicitando presenza policial fronte ao inmovible 152, xa que ao parecer o Servizo Municipal de Augas estaba realizando obras de acometida de alcantarillado nunha zona de titularidade privada. Acode tras a chamada o señor Alcalde, e cando ten constancia da realización das obras, manda paralas no momento. Actuación que dá lugar ao expediente urbanístico.*

*.- O 26 de novembro de 2015, realízase o informe 162/15, que ten como asunto "inspección urbanística". "Sendo as 12:30 do día 23 de novembro, cando os que subscriben se atopaban pola zona de Texexe realizando as labores que teñen encomendadas, puideron observar que se estaban a levar a cabo obras de restauración de tres vivendas concretamente as números 133, 135,137". En ningún momento, nese informe, nas 14 fotografías que aparecen no informe, se observan obreiros, ou que alguén estea realizando obras nese momento.*

*.- 14 Decembro de 2015. Informe 168.15: "Posible verquido á rede de pluviais en Texexe". "Sendo ás 17:30 horas recíbese información dun particular acerca da posible existencia dun verquido habitual de auga con deterxentes e xabóns que proveñen dunha casa da zona de Texexe cara á rede de recollida de augas pluviais". Informe que se entrega a un particular o pasado 28 de decembro, pero que ningún dos departamentos do Concello tiña constancia do mesmo.*

*.- 2 de Xaneiro de 2016. Informe 1.16, "Informe sobre a colocación dun sinal de tráfico en Texexe". Na tarde do 20 de Novembro os actuates acudiron ao núcleo de Texexe 152, tras chamada dun particular ante a ausencia dun sinal de tráfico que presumiblemente colocara o Concello durante dita mañá". A sinal non se colocou, como así llo comunicou o Concelleiro de Servizos Básicos, debido a problemas técnicos.*

*.- 03 de Xaneiro de 2016. Informe 3.16, "Muro de contención no lugar de Texexe". A requirimento dun particular, sendo as 18:00 hrs se efectúa inspección ocular dun muro de pedra no lugar de Texexe". Pero no Concello non temos constancia sa súa*



*existencia, ata o 03 de febreiro, e cando temos coñecemento, desde o departamento de urbanismo se actúa convenientemente.*

*.- 30 de Xaneiro de 2016. Informe 21.16, con asunto: "Informe sobre a colocación dunha sinal de tráfico en Texexe". É un informe que ten que ver co que vos relatei anteriormente, e o Policía Local que subscribe con respecto á solicitude de D. Jorge Agulló García, onde se require informe acerca da colocación no lugar de Texexe dunha sinal vertical de prohibición de parada e estacionamento, solicita por medio deste informe....."..etc.*

*Estas foron as actuacións da Policía Local de Teo en Texexe, sempre a expensas dun particular, e en ningún momento o Concello ten constancia deses informes a posteriori, e eu teño coñecemento polos partes diarios de servizo e polos informes cando así llos pedín á policía local".*

Remata a súa comparecencia a sra. Beiroa sinalando que non ten nada máis que dicir.

Neste momento remata a comparecencia da sra. Beiroa.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do PP, D. José M. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Sofia Ferreiro Gaspar.

A sra. Ferreiro sinala que despois de todo o exposto realmente poucas preguntas lle quedan. Sinala que a estas alturas xa saben a posición que ten o señor alcalde da actuación dos policías e pregúntalle á sra. Beiroa, como responsable deles, como cree que actuaron os policiais locais, ben ou mal.

O portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que a sra. Beiroa é concelleira de seguridade e administración, e di que o que lle chama moito a atención de todo isto, e o importante, non é tanto o caso concreto nin as persoas afectadas, senón cal foi o proceder do propio goberno municipal, e nomeadamente do sr. alcalde. Explica que o 19 de novembro, a través do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, entra unha denuncia ao concello pola execución de obras de rehabilitación dunhas vivenda de Texexe. A





cuestión é como chega esa denuncia, a través do Rexistro, á policía local. Considera o sr. Fernández que esa é a cuestión con maiúsculas, por que a policía local ten esa denuncia, se entra por rexistro. Reitera o sr. Fernández que demanda unha explicación de cómo esa denuncia, que entra por rexistro, chega á policía local, porque sabendo iso se saberá quen lle da orde á policía local de que vai a inspeccionar ou se a policía local ten acceso ao rexistro. Entende o sr. Fernández que o Rexistro non o controla a policía local e non ten porque chegar á policía local, e se chega á policía local haberá que dar explicacións de porque. Reitera o sr. Fernández que esa é a cuestión principal porque el como veciño de Teo, diante disto, se sente desprotexido, e como concelleiro demanda unha resposta para que os veciños se sintan protexidos diante da actuación da Administración local.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que non vai a facer ningunha intervención sobre o que falou a sra. Beiroa e que so quere facer unha aclaración. Explica que a data en que se presenta a denuncia no Rexistro da Xunta é o 19 de novembro, chegando ao concello o 25 dese mes. Sinala que o informe da policía, é de 23 de novembro, e no mesmo se recolle que *“Sendo as 12,30 do día 23 de novembro cando os que subscriben se atopaban pola zona de Texexe realizando labores que teñen encomendadas puideron observar que se estaban a levar a cabo obras de restauración..”*. Aclara a sra. Lemus que en ningún caso se sinala que sexa por denuncia, porque esta chegou dous días despois, nin por ningún tipo de intervención do inspector urbanístico nin do alcalde.

A sra. Beiroa sinala que considera que a policía local, como norma xeral, actúa correctamente desenvolvendo as funcións que lle asigna a Lei 4/2007, de 4 de abril, de coordinación da policía local. Sinala que no caso que nos ocupa a ela lle plantexa, ao igual que ao sr. alcalde, serias dúbidas que actuación se axustase ao previsto no Lei do solo, razón pola que se decidiu abrir un expediente informativo, para clarificar cal fora a actuación da policía local. Salienta a sra. Beiroa que está completamente de acordo coa decisión, xa que era a única decisión que se podía tomar.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a concelleira do PP, sra. Ferreiro, dirixíndose á sra. Beiroa, preguntalle porque cree que si se tomou a decisión correcta.



Salienta que cree que todo se basea en que correctamente actuaron, si pero non, porque era un domicilio, cando se sabe que non era un domicilio, como explicou a veciña de Texexe. Sinala que se hai máis de 50 anos que non viven ninguén, que problema hai en que os policías puideran revisar dende fora, como calquera pode ver se alguén está reformando algo ou non. Considera que o tema se colleu un pouco de *“Dios mio que entraron en un domicilio sin permiso”*. Remata a sra. Ferreiro a súa intervención preguntando se pode ser que vaian por aí as dúbidas.

Intervén o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e di que a policía local vai facer unha inspección, emite un informe, ese informe chega ao concello, o arquitecto técnico emite un informe en base a ese informe, e ese é o que se utiliza na Resolución de alcaldía para paralizar as obras. Un mes despois, en xaneiro, se abre un expediente á policía local por facer ese informe, que é o que motiva esa paralización das obras e a incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística. Despois hai outra resolución do 15 de febreiro, a definitiva ata o de agora, que se segue baseando no informe do arquitecto técnico, de 16 de decembro, que se basea no da policía de 23 de novembro. Pregunta o sr. Fernández que se se considera que a policía local actuou sen axustarse á lei, ou vulnerando dereitos fundamentais, como é que ese informe se considere como o que fundamenta toda a actuación da alcaldía, paralizando as obras, incoando o expediente e con notificación de derrubo. Salienta o sr. Fernández que sempre se partiu do informe da policía, que segundo a alcaldía, foi realizado nunhas condicións nas que vulneraron dereitos fundamentais. Remata o sr. Fernández a súa intervención preguntando se este expediente segue adiante e que pasa con todo este tema.

A sra. Lemus non fai uso da súa quenda de intervención.

A sra. Beiroa di que si é un domicilio, engadindo que se os/as concelleiros/as se fixan, se ve claramente nas fotos que é un domicilio. Pregunta a sra. Beiroa cal é a diferenza entre consideralo ou non un domicilio e porque se di que non é un domicilio.

A sra. Ferreiro di que o señor vive no número 150, engadindo que a día de hoxe probablemente a estas alturas estas vivendas estean para vivir, pero catro cousas



contadas. Di que se os policías chegan e preguntan ao señor se poden entrar, e este di que si, véndose incluso nas fotos como lles ensina “*aquí fixen isto e fixen isto outro*”. Pregunta a sra. Ferreiro onde está aí o de entraste sen permiso.

A sra. Beiroa reitera que teñen que ter unha autorización expresa, asinada polo señor, ou unha autorización xudicial, para entrar nun domicilio.

A sra. Ferreiro di que iso agora, porque todos este anos a policía funcionou así.

A sra. Beiroa di que, tratándose do sr. Fernández, lle pode responder mellor a sra. Lemus, porque se trata un tema máis urbanístico que da súa competencia.

O sr. Fernández, dirixíndose á sra. Beiroa, dille que a policía local forma parte de seguridade cidadá. Di que se actúan así, e se se utiliza ese informe para fundamentar a resolución da alcaldía, a sra. Beiroa algo terá que dicir do que fai a policía local e co expediente informativa da policía local.

A sra. Beiroa sinala que, tal e como xa dixo, entende que o expediente informativo está correctamente feito o procedemento, que lle corresponde inicialo e desenvolve-lo ao sr. alcalde e non ten nada que dicir, aclarando, polo que se refire ao expediente urbanístico, que se lle comunica que se vai a abrir e os pasos que se van dando, porén ela non vai a entrar en temas urbanísticos.

O sr. alcalde di que quere aclarar dúas cousas que afectan as súas competencias. En canto á condución de saneamento na aldea, explica que el recibe unha chamada de que se está realizando unha acometida nunha propiedade privada, e desprázase a Texexe, acometida que se está realizando polo servizo municipal de augas, servizo que non ten que solicitar permiso municipal para a execución das obras municipais. Explica que neste caso o problema non é de licenza ou non licenza senón de propiedade. Aclara que como hai un particular que solicita a conexión, presupoñen os obreiros que é terreo público, no momento en que hai unha comunicación de que se trata dunha eira común, se mandou parar a brigada municipal porque estaba actuando nunha eira particular, onde xa existía un pozo de saneamento. Tratándose da actuación policial e



do expediente, o sr. alcalde aclara que non se pode dicir que toda a actuación de urbanismo se fundamente nese informe. Aclara que se separa moi ben a denuncia urbanística do expediente informativo e a actuación policial. A policía, con independencia de que actuara ben ou mal, puxo de manifesto que existe unha infracción urbanística, e en virtude diso posteriormente o arquitecto técnico vai alí e en base ao seu informe o procedemento avanza ata que se revolve a demolición. Tratándose da legalidade o sr. alcalde sinala que non vai a discutir as Leis, e a Lei do solo, que fixo o PP, recolle que para entrar nunha vivenda hai que ter orden xudicial. Salienta o sr. alcalde que, que el saiba, en 16 anos, nunca a policía local entrou nun domicilio para facer unha inspección urbanística. Explica que o que lle xera dúbida é que no informe se di que facendo outros cometidos en Texexe, viron as obras, e resulta curioso que nas fotos non se ven as obras que se vían dende fora, e que é curioso que, nin sequera, exista unha autorización por escrito. Explica o sr. alcalde que a protección do domicilio aparece na Constitución Española e salienta que ante esas dúbidas, de que non se observase obra nas fotos e que non existise unha autorización por escrito, cando a Lei do solo esixe autorización xudicial, é polo que se abre o expediente informativo para aclarar iso e darlle a oportunidade aos policíaas. Remata o sr. alcalde sinalando que onte se asinou a acta e despois se tomará unha resolución definitiva sobre o expediente informativo.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, afirma que toda a resolución se fundamenta no informe do arquitecto técnico, de 16 de decembro, e este se fundamenta no informe da policía, e a partir de aí o que fai o arquitecto técnico é confirmar o que di a policía local. Considera o sr. Fernández que en todo caso se a policía vulnera un dereito fundamental, haberá que actuar con contundencia, porén el ten entendido que o propietario os deixou pasar e senón subsanar a actuación da policía local.

O sr. alcalde sinala que entre o segundo informe hai unha visita a Texexe polo arquitecto técnico, no que se conclúe que, co que ve por fora, non necesita entrar dentro para contrastar se houbo unha obra ilegal, e a súa conclusión é que a houbo sen necesidade de entrar dentro, razón pola que se inicia o expediente e por iso se



chega á orden de demolición, engadindo que non se pode obviar que nun primeiro momento a policía fixo o informe que fixo.

Salienta o sr. alcalde que hai que diferenciar o expediente urbanístico, que con toda a información acumulada chega ao su final, e o outro que é un expediente informativo por unha actuación.

O sr. alcalde sinala que el non decide se se actuou legalmente ou non, porque non é experto niso, engadindo que o que lle xera dúbidas é esa actuación, non dubidando que o sr. o deixou pasar como confirma na súa intervención. Sinala o sr. alcalde que hai persoas que son capaces de valorar iso e en función diso e as aportacións da policía se tomará unha decisión. O sr. alcalde remata sinalando que se existe vulneración se actuará coa contundencia ou coa proporción necesaria, que tampouco a vai a fixar el, senón que asinara os informes e as propostas que os responsables xurídicos propoñan sobre o tema, sen que se tomen decisións á lixeira.

O sr. alcalde da por concluído punto relativo á comparecencia da concelleira de educación.

#### **5.- COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DE URBANISMO, VIVENDA E SOSTIBILIDADE, DNA. UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE TEXEXE.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus explica que o outro día no pleno ordinario do mes de xaneiro, nos rogos e preguntas, xa fixo un relatorio de todos os documentos que estaban no expediente de reposición de legalidade, así como doutros expedientes relacionados no servizo de urbanismo. Sinala que, por resumir, hai que ter en conta que hai 2 expedientes de reposición da legalidade, un pola rehabilitación de vivenda sen licenza e outro pola existencia dun muro de contención, engadindo que hai ademais varios documentos informativos para varios organismos públicos. Explica a sra. Lemus que do expediente de reposición da legalidade por rehabilitación en varias edificacións xa o outro día fixo o



relatorio, ata o pleno, do que constaba en dito expediente, engadindo que se considera que é precisa algunha aclaración, xa se falou bastante dese tema. Explica que o 5 de febreiro hai ademais un informe do arquitecto técnico en función de inspección urbanística, o 15 de decembro hai unha resolución de alcaldía ordenando a demolición por obras executadas sen a preceptiva licenza municipal, incumprindo as condicións da normativa urbanística vixente, instándolle ao denunciado un prazo de demolición de 3 meses. Aclara que se trata dun acto administrativo aínda non firme, con posibilidade de recurso de reposición e de contencioso administrativo, enviado a denunciante e denunciado. O 17 de febreiro, Patrimonio solicitou a licenza e informe técnico da licenza, e actuacións do concello, no expediente de reposición da legalidade, cun prazo de 10 días, estándose polo tanto aínda en prazo. Tratándose do expediente de reposición da legalidade por muro de contención a sra. Lemus explica que:

- .- O 3 de xaneiro de 2016 hai un informe da policía local a requirimento dun particular sobre un muro de contención, que se recibiu en urbanismo o 4 de febreiro de 2016,
- .- O 2 de febreiro os interesados presentan denuncia por existencia dun muro de contención.
- .- O 11 de febreiro solicitouse por parte dos interesados a apertura de expediente, por construción de muro.
- .- O 16 de febreiro emítase informe do arquitecto técnico con funcións de inspección urbanística.
- .- e o 18 de febreiro dítase resolución de alcaldía de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística e prazo de alegación de 15 días con notificación aos interesados.

Tratándose do hórreo a sra. Lemus explica que, como xa dixo no pleno ordinario, o 15 de xaneiro, había unha solicitude de Patrimonio Cultural de informe sobre obras, tras unha denuncia dun particular, cun prazo de un mes para contestar, remitíndose a Patrimonio o 5 de febreiro. O 11 de febreiro un interesado solicita que se abra expediente independente sobre o hórreo e o 17 de febreiro Patrimonio solicita que no prazo de 10 días se lle informe do titular do hórreo. Ademais, o 18 de xaneiro o Valedor do Pobo solicita informe sobre actuacións en Texexe, que se manda o 5 de febreiro.

Sinala a sra. Lemus que, en resumo, no servizo de urbanismo consta un expediente de reposición da legalidade con resolución aínda non firme e outro en fase de alegacións e



as actuacións resúmense que nas oficinas de urbanismo hai 3 informes de inspección urbanística, un informe do arquitecto técnico a petición de organismo público e 17 documentos entre resolucións, oficios e notificacións. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que se as/os concelleiras/os precisan algunha aclaración queda a súa disposición.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo, agradece á sra. Lemus a súa comparecencia. O sr. Sánchez di que non lle cabía ningunha dúbida de que o sr. alcalde falaría, e voltaría a demostrar que non cree na competencia das súas concelleiras e sería preciso facer unha aclaración. Di o sr. Sánchez que recolle o guante en calquera caso da petición que fixo o sr. alcalde de prudencia, e así o fará. Dirixíndose ao sr. alcalde, o sr. Sánchez di que tera que recoñecer que resulta cando menos sorprendente que sexa o alcalde, precisamente o alcalde, quen pida prudencia, cando se se está aquí hoxe é polas imprudencias do sr. alcalde, xa que, ultimamente, cada vez que este fala sube a prima de risco. Considera o sr. Sánchez que isto parece case un chiste e ademais que o faga nese tono ameazante ao principal partido da oposición...O sr. Sánchez dille ao sr. alcalde que debe ter en conta que non llo fai a el nin aos 7 compañeiros do PP, senón a todos os cidadáns aos que representan. Salienta o sr. Sánchez que, en calquera caso, eles cando teñen que rectificar, rectifican, e non lle botan a culpa aos demais, como soe facer o sr. alcalde. Pregunta o sr. Sánchez que se no comunicado poñía “Fiscalía”, asume a responsabilidade de que unha xornalista, terceira persoa, que foi quen redactou ese comunicado, se confundira e non puxera que é o Xulgado número 3 de Santiago. Reitera o sr. Sánchez que rectifica, xa que nese comunicado non tiña que poñer “Fiscalía”, tiña que poñer “Xulgado número 3 de Santiago”, esperando que se acepte a rectificación. Di o sr. Sánchez que lle sorprende que a señora Beiroa empece dicindo que a documentación é áxil e dilixente, engadindo que sí que é certo que neste caso, no que solicitaron a copia do expediente, se lles dou en tempo e forma, porén iso despois de que nos primeiros meses que comezou esta lexislatura na que pediron o convenio de Chévere, e estiveron esperando un mes a que llo deran, algo do que falarán despois. Explica o sr. Sánchez que, en calquera caso, hoxe tiña preparada unha pequena presentación, porén para non demorar máis, e ademais porque ao parecer hai problemas técnicos, procedera directamente ás cuestións. Salienta o sr.



Sánchez que, para que se comprenda, tiña preparado un repaso cronolóxico, dende a primeira denuncia que apareceu ata o expediente informativo. Explica que a primeira denuncia é do mes de setembro, dunha particular, na que se solicita que urbanismo tome medidas. Sinala que a pregunta é que se fai a raíz desa primeira denuncia, porque no expediente polo menos non consta que urbanismo fixera nada a raíz desa primeira denuncia. O 26 de outubro de 2015 hai un intento de instalación de acometida de auga, xa que os operarios do servizo municipal de augas pretende executar unha acometida de saneamento cruzando unha eira privada, pero non se ten consentimento expreso dos propietarios. A policía local e o señor alcalde persoáanse no lugar. Di o sr. Sánchez que lle sorprende que non sexa a concelleira de urbanismo a que vaia, e sorprende que vaia o alcalde, cando ten dito nos Plenos que el non vai ás obras, que para iso están os técnicos. Pregunta o sr. Sánchez qué motiva a que fose o sr. alcalde alí. Explica o sr. Sánchez que se informa a ambos, á policía local e ao alcalde, de que a execución das obras de rehabilitación das tres vivendas e os particulares coñecían previamente que a licenza era soamente de retellado e destapase ademais o verquido ilegal, que o alcalde mandou nese momento reparar e tapar. Sinala o sr. Sánchez que as preguntas á sra. Lemus son evidentes:

.- Dou o departamento de urbanismo licenza para que o servizo de augas fixera ese saneamento nunha eira privada, sen permiso dos propietarios. Informoulle o alcalde a sra. Lemus, se é que estaba de vacacións, da información que lle facilitaron os particulares.

.- Que actuacións levou a cabo o departamento de urbanismo ao respecto entre ese día, é dicir entre o 26 de outubro e o 23 de novembro, cando actúa a policía local.

.- Considera o sr. Sánchez que é un momento moi importante nesta cuestión a inspección urbanística da policía local do 23 de novembro. O particular facilítalle á policía a súa identificación, a licenza de obra de retellado, e facilita o acceso outorgándolle expresamente o seu consentimento. Pregúntalle o sr. Sánchez á sra. Lemus se considera que é nulo de pleno dereito o traballo realizado pola policía local.





.- Comunicoulle vde. á señora Beiroa esta situación. Considerou erróneo o proceder a policía local?.

.- Coñece vostede as accións que levou a cabo a señora Beiroa a raíz desta situación que era non axustada a dereito segundo considera o goberno local?.

.- Di o sr. sánchez que Patrimonio solicita información, esixindo explicacións das actuacións do concello, pero o concello nese momento non pode responder, porque non fixera nada.

.- Sinala o sr. Sánchez que o 3 de decembro Patrimonio solicita que o concello explique que se fixera e o concello non pode responder ata o 28 de decembro porque nese momento a día 3 de decembro tan só no expediente de Texexe constan documentos de particulares e da policía local.

Salienta que a primeira actuación do técnico de urbanismo do concello, que consta no expediente, é o informe técnico do 16 de decembro. Sinala que tratándose de dito informe todos saben que se basea no contido do informe da policía local, e ao igual que dito informe, detalla aparentemente as obras executadas, non están amparadas pola licenza.

Salienta o sr. Sánchez que, casualmente, ese mesmo día prohibese que se meta por rexistro os informes aos diferentes departamentos do concellos. Di o sr. Sánchez que probablemente estean vendo pantasma onde non os haxa pero casualmente se prohibe meter informes o mesmo día que se saca o informe do técnico de urbanismo do concello.

Sinala o sr. Sánchez que ao día seguinte dítase orde de paralización das obras e incoase expediente de reposición de legalidade, sinalando que as pregunta son evidentes:

.- Se considera, ao igual que o goberno, nulo de pleno dereito o informe da policía local, porque acepta ese informe que está feito en base ao contido do informe da policía local.



.- Por que se prohíbe introducir os informes por rexistro xusto nese mesmo día?.

.- Por que se paraliza unha obra baseándose nun informe que ao seu tempo se basea noutro informe considerado nulo?.

Tratándose da apertura de expedientes informativos, sinala o sr. Sánchez que xa é cando as posibles sospeitas falan polo seu propio peso. Considera que, cando menos, sorprende que o goberno se preocupe aínda máis da actuación policial que en comprobar se a actuación urbanística se adecúa á legalidade. Sinala o sr. Sánchez que o 22 de xaneiro prodúcese a publicación nos medios e o goberno municipal culpabiliza ao mensaxeiro, á policía e prensa por ter sacado esa noticia, engadindo que non é novidade para eles. Explica que non é un *modus operandi* que lles resulte estraño porque sempre que hai un problema o goberno o que fai e culpabilizar ao PP, se non é posible botarlle a culpa ao PP téñena os demais, se hai que botarlle a culpa aos veciños de Bustelo bótaselle a culpa aos veciños de Bustelo e se fai falta dicir que a policía fixo unha presunta violación dos dereitos básicos dun cidadán, dise textualmente.

Sinala o sr. Sánchez que en febreiro ten lugar o primeiro escrito da policía local no que son preocupantes algunhas das palabras que detallan, xa que falan de movementos intimidatorios por parte do goberno local cara eles, se detallan prohibicións de actuacións en materia urbanística, e se di tamén que a secretaria do concello paraliza aquela gravación. Considera o sr. Sánchez que as preguntas, a colación desto, son evidentes:

.- É certo que se lles prohíbe á policía que actúe en materia urbanística?. Se fora así e se a policía detecta unha posible infracción, poderíamos incorrer nun incumprimento das súas obrigas segundo establece o regulamento de disciplina urbanística?.

.- Se produciu a paralización daquela gravación e a que se debeu?.

Sinala o sr. Sánchez que finalmente, o Xulgado número 3 de instrución de Santiago abre dilixencias, incoa expediente para clarexar se o concello obrou correctamente.



Pregúntalle o sr. Sánchez á sra. Lemus se se axusta a dereito, aclarando que el basea as afirmacións que saen en prensa o pasado sábado e pregúntalle que opina do que pon na prensa.

Di o sr. Sánchez que na prensa pon que seguen a producirse feitos urbanísticos presuntamente irregulares e pregúntalle á sra. Lemus se sabe a que se pode referir. Di que na prensa tamén se di que dende o 2011 non se realizan inspeccións de obras e pregúntalle á sra. Lemus se é así. Tamén se di na prensa que se omite a función de vixiar e pregúntalle á sra. Lemus se se cumpre co regulamento de disciplina urbanística.

Intervén a concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, sra. Lemus, e sinala que o sr. Sánchez fala do regulamento de disciplina urbanística e habería que deixar ben claro que é do ano 99, existindo outro sistema de licenzas e de comunicacións previas dende o ano 2013, aplicándose subsidiariamente o Regulamento citado, algo que considera que o sr. Sánchez, como concelleiro, debería saber. Salienta a sra. Lemus que, en vez de falar do Regulamento, debería de terse en conta que hai outras figuras como as comunicacións previas, recolléndose na Lei 9/2013, Lei de Galicia, aprobada polo PP, que o control so pode ser de documentación. Explica a sra. Lemus que as inspeccións poden ser ademais no prazo de prescrición de 6 anos, como sinalou sempre a lei do solo, polo que se está en prazo de inspección de todas as obras dos últimos 6 anos. Chámalle a atención á sra. Lemus que o sr. Sánchez sempre fale de que o sr. alcalde fala para sacarlle a palabra á señora Beiroa ou a ela, cando o señor portavoz do PP hai 5 anos que non o escoita, e o único que fai é pasar o micrófono dun lado para outro. Considera a sra. Lemus que o sr. sánchez acaba de pisar a intervención da súa compañeira, mixturando todo tipo de temas. Di a sra. Lemus que o que ten claro é que se se quere falar de disciplina urbanística se fala de disciplina urbanística. Recomendalle ao sr. Sánchez que a vindeira ocasión en vez de mixturar todo tipo de temas de disciplina urbanística, falar dun regulamento que se aplica subsidiariamente, no caso galego, e menos en comunicacións previas, e mixturar todos os temas, fale cos técnicos. Dille ao sr. sánchez que pode ser que non confíe nos técnicos do concello, engadindo que ela si que confía plenamente nos técnicos de urbanismo concello. Tratándose da pregunta relativa a súa opinión do tema da policía,



e se incumpren ou non, a sra. Lemus di que de momento non fai declaracións de nulidade de dereito e aplica soamente a lei.

Sendo as vinte e unha horas e vinte un minutos sae do Salón de Plenos o concelleiro de Son de Teo-ANOVA, D. Xurso Francos Liñares que se incorpora á sesión pasados dou minutos.

Salienta a sra. Lemus que de momento non hai ningunha resolución de alcaldía, engadindo que os informes e resolucións e calquera documentación administrativa, mentres non sexa declarada nula de pleno dereito, é plenamente válida no concello de Teo e en calquera Administración. Explica que mentres non sexa nulo de pleno dereito ten que ser plenamente aplicable e sinala que segundo o artigo 208.3 da Lei do solo, os inspectores urbanísticos están autorizados para entrar e permanecer libremente en calquera momento en fincas, construcións e demais lugares suxeitos á súa actuación inspectora, resultando que cando para o exercicio destas funcións inspectoras fora precisa a entrada nun domicilio, se solicitará, non pon poderá solicitarse, a oportuna autorización xudicial. Sinala a sra. Lemus que esa é a súa identificación sobre o informe da policía. En canto á labor dos arquitectos técnicos, se fixeron, se non fixeron, se se basea...sinala a sra. Lemus que hai un informe, que mencionou o sr. Fernández Baz, no que se basea a resolución final de demolición, onde se sinala todas as características urbanísticas que considera o inspector urbanístico que se vulneran. Cree a sra. Lemus que está suficientemente fundamentado e en todo este tema se hai un recurso de reposición, un recursos contencioso administrativo e o que teña que ser na vía contencioso-administrativa será, non habendo ningún problema.

Respecto aos tipo de comentarios, de se Patrimonio manda, hai que ter en conta que Patrimonio manda un escrito o 3 de decembro, procedendo a sra. Lemus á lectura do mesmo. Salienta a sra. Lemus que no expediente non se incumpriu nin un só prazo, nin do valedor do Pobo, nin de Patrimonio, nin de Augas de Galicia, entón, todas estas sospeitas de *“parece, e que non tiñan actuación, e que pasaban por aquí...”*.....A sra. Lemus di que se o sr. Sánchez debería coñecer un pouco o procedemento administrativo, antes de falar e vir a un pleno a dicir esas barbaridades que acaba de dicir. Sinala a sra. Lemus que os procedementos administrativos non se abren dun día



para outro e teñen un procedemento previo de investigación. Se o arquitecto técnico fai un informe con unha data, non significa que antes non se realizaran as actuacións previas necesarias, engadindo que non é necesario facer un informe, porque se trata dun procedemento administrativo, non ten todo que ter todo datas, e o que ten que ter datas é cando sexa un informe oficial e sexa a base dunha resolución. Igual que unha licenza urbanística que vai á xunta de Goberno, antes hai un informe técnico do arquitecto, ou arquitecto técnico segundo sexa o tipo de licenza, e de secretaría. Sinala a sra. Lemus que o que o que ten claro é que en temas de prazos este expediente é imposible que alguén diga nada. Sinala a sra. Lemus que o sr. Sánchez falaba dunha denuncia en setembro, explicando que hai dúas, o 14 e o 21, e se refire ás mesmas. Salienta a sra. Lemus que estas denuncias son as precedentes á denuncia das tres vivendas que apareceu o 25 de novembro no rexistro do concello. Estas denuncias o que falan sobre todo, e así foi falado en varias conversas cos denunciante, é de cuestións de tipo privado e se lles dixo que este tipo de ocupación de terreo público ou terreo privado eran temas de código civil. Ademais nestes casos as licenzas e as comunicacións previas, se fan sen prexuízo de dereito de terceiros, é dicir, o concello non asume a propiedade do ben. Salienta a sra. Lemus que ela entenda, porque o dixeron así os técnicos, que era unha cuestión de código civil. Sinala que no momento en que o 25 de novembro aparece unha denuncia de disciplina de tres vivendas e os expedientes a data de 15 de decembro están resoltos. Salienta a sra. Lemus que hai un expediente aberto e pechado, as actuacións con calquera organismo da Xunta de Galicia foron respondidas en tempo e forma e non hai nada máis, engadindo que se se quere buscar algunha saída rara ou oscurantismo ou algo así, lle recomenda ao sr. Sánchez que a próxima vez, en vez de pedir un pleno extraordinario por vía urxente, vai a falar á oficina de urbanismo e que se lle expliquen os expedientes, porque estes son expedientes administrativos puros e duros.

Sendo as vinte e unha horas e vinte oito minutos sae do Salón de Plenos o concelleiro de Son de Teo-ANOVA, D. Ignacio Iglesias, que se incorpora á sesión pasados dous minutos.

Salienta a sra. Lemus que ningunha persoa nin o alcalde nin a concelleira de urbanismo pode ter ningunha labor nun expediente de administrativo de reposición da



legalidade, porque sería totalmente ilegal que ela interviñese nese expediente, así como en calquera licenza ou comunicación previa, ao tratarse dun expediente administrativo, no que o único é que o ten que asinar o alcalde e ir á Xunta de goberno. Explica a sra. Lemus que se trata de teatrillos continuos xa que no pleno do mes de xaneiro se contestou a todo o que lle tiña que contestar, polo que descoñece porque hai que voltar co tema. Remata a sra. Lemus sinalando que os teatros de verdade lle encantan pero a todos se lles paga por facer algo máis que estar facendo teatro.

O sr. alcalde cédelle a palabra ao portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, pedíndolle desculpas porque cree que o saltou na quenda anterior.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o sr. Fernández sinala que algunhas das preguntas que quería formular xa foron respostadas pola sra. Lemus, engadindo que quería preguntar se hai algún expediente aberto en materia de patrimonio. Salienta o sr. Fernández que o que sí ten claro é que algo pasou en Texexe, cando hai un escrito con varias sinaturas de veciños do lugar, existindo algún problema con cuestións referidas á propiedades públicas ou de todos e actuacións que si que afectan non só a dous veciños senón aos veciños do lugar, habendo cuestións que van máis alá do expediente do que se está falando, interesándose por cal é a actuación municipal diante desa denuncia. Di o sr. Fernández que lle agradecería á sra. Lemus que explicara o procedemento que se segue cando entra unha denuncia no rexistro do concello.

A sra. Lemus explica que o procedemento tras unha denuncia ven regulamentado tanto na lei do Solo como no caso das comunicacións previas na lei 9/2013. Sinala que tras unha denuncia de particular, e tras consideracións que faga o arquitecto técnico en funcións de inspector urbanístico, o primeiro que se ten que facer é saber exactamente se ten algún tipo de licenza, do tipo de obra que están a facer, se se está facendo algo, e despois incóase expediente de reposición da legalidade. Posteriormente emítase o informe do inspector urbanístico, e dáse prazo de alegacións aos interesados, tanto denunciante como denunciado, de 15 días hábiles. Despois faise unha visita de comprobación das obras ou do feito denunciado que se recolle no expediente sobre todo porque esa é a base fundamentalmente para a resolución final do expediente de



reposición de legalidade. Explica que esa consideración neste caso esa actuación é do 15 de febreiro. Sinala a sra. Lemus que finalmente se informa o que sexa, demolición, restauración da legalidade, legalización, etc..., engadindo que neste caso non é legalizable e a única licenza que se permite segundo esta resolución sería a licenza de demolición. A partir de aí hai un mes para recurso de reposición e dous para recurso contencioso-administrativo. Explica a sra. Lemus que no caso de que pasen estes prazos, 3 meses para presentar licenza de demolición, e non se presente impóñense multas coercitivas, ou execución subsidiaria por parte do concello, dependendo das circunstancias. Tratándose de patrimonio, explica a sra. Lemus que ela sabe o que hai nos papeis oficiais que hai do rexistro, é dicir, non pode falar de si estiveron os de Patrimonio en Texexe ou non estiveron, porque non teñen constancia oficial. Explica que o único que hai de momento no rexistro de Patrimonio, é unha solicitude de información en actuacións previas, que foi á que se referiu antes, que chegou ao concello no expediente disciplinario e despois no caso do Hórreo, o 24 de decembro, o 13 de xaneiro, perdón, que se contesta con un informe do 4 de febreiro e por parte de urbanismo a Patrimonio se solicita a titularidade do hórreo. Que é de difícil concreción por parte do concello. Se nos deu un prazo e está en investigación, eu entendo que é de difícil concreción. Por parte do concello non temos constancia de nada máis.

Sinala a sra. Lemus que, por unha afirmación que se fixo antes, tamén ten que dicir que tampouco no concello teñen constancia de que, á día de hoxe, abrisen ningunha actuación no xulgado número 3, a día de hoxe, e a data de hoxe, engadindo que ela non fala por notas de prensa, senón por papeis que entran non rexistro.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen lle da as grazas á sra. Lemus pola súa comparecencia, engadindo que o último que esperaba desta concelleira era que estivese molesta porque tiveran pedido un pleno extraordinario e por ter que comparecer, engadindo que eso sí que é sorprendente e que ese é o talante da señora Lemus. O sr. Sánchez sinala que tampouco esperaba da sra. Lemus que non respondera a máis da metade das preguntas que fixeron. Agradécelle o sr. Sánchez á sra. Lemus que fixera a comparación do señor Sisto co señor Guerra, porque exactamente o que fai sr. Guerra é xusto o contrario, exactamente o contrario, xa que o sr. alcalde cálalle a boca ás súas concelleiras, e o que fai o señor Guerra,



democraticamente, é darlle voz a todos os compañeiros do grupo. Di o sr. Sánchez que o que lamenta é o que cambiou a sra. Lemus, salientando que el a tiña coma un referente, e agora o seu *modus operandi* se parece mais ao do sr. alcalde. Salienta o sr. Sánchez que empeza a parecerse demasiado e cando sabe que non ten escapatoria o que fai e, como sempre, ridiculizar ao Partido Popular, que non lles importa, porque vai no cargo, o que pasa é que está ridiculizando a todas as persoas ás que representan. Dirixíndose á sra. Lemus, o sr. Sánchez dille que xa está farto de que empecen a tratar con tanto menosprecio e altanería aos representantes do PP neste concello, sobre todo porque nos case nove meses que se levan de goberno o que ocorre coas afirmacións que fan os concelleiros do PP é exactamente o que anunciaron estes ignorantes, e este tema xa está no Xulgado.

Intervén o sr. Fernández e di que para ir rematando, e, volvendo ao tema do procedemento, sinala que o 23 de novembro hai unha denuncia que entra polo rexistro o 25 de novembro, supostamente ía para urbanismo e urbanismo o 16 de decembro, abre o expediente urbanístico e emite un informe. Pregunta o sr. Fernández quen fixo esa inspección urbanística, e di que a policía local de Teo, non o inspector urbanístico tal e como está regulamentado. Considera o sr. Fernández que o arquitecto técnico tería que ter ido a comprobar aínda que fose aparentemente dende fóra. Explica que falta iso, xa que o arquitecto técnico fai a inspección, constata se hai licenza, e non o constatou, senón que foi a policía local a que constatou, polo menos así é como está no informe. Opina o sr. Fernández que ao final todo acabou sendo un asunto rocambolesco. Explica o sr. Fernández que hai cuestións que lle chaman a atención, non so a actuación da apertura de expedientes, senón por que se abre un expediente por facer un informe urbanístico que é o que fundamenta a resolucións da alcaldía, engadindo que para el iso é máis relevante do que parece. Sinala o sr. Fernández que se a policía local non fai inspeccións urbanísticas como é que se utiliza un informe que fai a policía local. Sinala que a sra. Lemus explicou como era o procedemento e en ningún lado veuse que o inspector urbanístico sexa a policía local, engadindo que o informe técnico que paraliza as obras fundaméntase nese informe que fai a policía. Remata o sr. Fernández a súa intervención sinalando que insiste en que aquí hai algo que chama a atención, e que o que máis lle choca é como se inicia todo este procedemento.





A sra. Lemus sinala que, para rematar, explica que xa deixou ben claro o que pensaba sobre o informe da policía, e se é nulo de pleno dereito, segue sendo igual de válido que na súa orixe mentres non sexa declarado nulo de pleno dereito. Considera que é un expediente perfectamente levado a cabo e que a incoación do expediente de reposición da legalidade por parte do arquitecto técnico en base a unha denuncia e falando do informe da policía local, lle parece o máis normal e non lle ve ningún problema. Dirixíndose ao sr. Sánchez, a sra. Lemus dille que non está molesta por comparecer, senón por determinadas afirmacións.

Intervén o sr. Sánchez e di que quere plantexar unha cuestión de orde, porque a sra. Lemus está intervindo por terceira vez e respondendo á súa segunda intervención.

A sra. Lemus di que acaba, finalizada a comparecencia, engadindo que isto tamén vén no regulamento orgánico municipal, que habería que ler de vez en cando.

O sr. Sánchez di que xa o sabe.

A sra. Lemus dirixíndose ao sr. Sánchez sinala que o que lle di é que de vez en cando, aparte de falar e dicir ese tipo de cousas, hai que informarse como concelleiro, porque ten unhas obrigas, aparte dun dereito de falar, ten unhas obrigas, e a obriga é representar aos veciños en base ao regulamento orgánico municipal e á normativas vixentes, e non o están facendo, porque comezar a discutir porque fala ela, polo que cando queira lle marca o sr. Sánchez os tempos, porque de momento non se aplicou a norma. Di a sra. Lemus que cando o sr. Sánchez di que era un referente para el, pensa que equivocada estaba entón porque para ela ser un referente para o sr. Sánchez lle da vergoña propia, o que a leva a pensar que debía esta moi equivocada.

O sr. alcalde sinala que, aínda que foi aludido directamente, non vai a intervir para non ferir a sensibilidade dos concelleiros do PP e anuncia un receso de dez minutos,.

Sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, ten un lugar un receso na celebración da sesión, que se reanuda ás vinte e unha horas e cincuenta e cinco



minutos, momento no que se incorporan á sesión todos/as os/as concelleiros/as da Corporación.

**6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SON DE TEO-ANOVA CONTRA A LEI 4/2015, DE PROTECCIÓN DA SEGURIDADE CIDADÁ E A LEI ORGÁNICA 1/2015, POLA QUE SE MODIFICA O CÓDIGO PENAL.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da moción de 5 de febreiro de 2016 (rex. entrada nº 1138, de 15/02/2016), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 22/02/2016.

***“Moción contra a Lei 4/2015, do 30 de marzo, de Protección da Seguridade Cidadá, Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (Leis Mordaza), para a súa inclusión no Pleno Ordinario de febreiro de 2016.***

AO PLENO DO CONCELLO DE TEO

*Salomé Beiroa , Voceira do Grupo Municipal de Son de Teo Anova, no concello de Teo, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN CONTRA A LEI 4/2015, do 30 de Marzo, DE PROTECCIÓN DA SEGURIDADE CIDADÁ, Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Máis de vinte anos despois da aprobación de Lei de Seguridade cidadá 1/92, o Goberno do Partido Popular sancionou, na súa tónica do “reformazo regresivo”, unha nova Lei, que vén substituír a lei do 92.*

*Un texto redactado en paralelo á reforma do Código Penal, tamén de marcado carácter restritivo en dereitos, polo que pedimos a súa derogación, e que vén a transformar a maioría das infraccións penais tipificadas como faltas en infraccións administrativas que coa nova Lei de Seguridade Cidadá pasarían a considerarse infraccións administrativas de carácter moi grave, grave ou leve, o que implica a perda de Garantías Xudiciais e a posibilidade real do aumento da arbitrariedade governamental á hora de sancionar ao cidadán. O Código penal é tamén de carácter inconstitucional nalgún dos seus puntos:*



*"Devolucións en quente", "Prisión permanente revisable", "Delitos por solidariedade con persoas que administrativamente non teñen os documentos en regra", etc., xa que en moitos dos seus artigos non cumpre os principios fundamentais da Carta Magna, como son o principio de resocialización das penas, o principio de igualdade ou o principio de intervención mínima do dereito penal, así como incumpre tamén os tratados internacionais en materia de asilo e refuxio subscritos por España e vixentes na actualidade.*

*A discrecionalidade que outorga a Lei de Protección da Seguridade Cidadá á Administración á hora de establecer sancións, a elevada contía das mesmas, que no caso das infraccións moi graves poderían chegar aos 600.000 € e a fixación na regulación de condutas habituais nas protestas cidadás, definen a esta Lei de Seguridade Cidadá como a "Lei do medo" ou a "Lei Mordaza". Habilitase, por tanto, un procedemento administrativo que legaliza a criminalización e persecución das mobilizacións e crea un instrumento governamental, para sancionar e desincentivar dereitos democráticos básicos como a liberdade de expresión e de manifestación que recolle a nosa carta magna como dereitos fundamentais.*

*A Lei Mordaza tipifica novas figuras sancionables, considerando tales os escraches, a diferenza da opinión do que foi presidente do Supremo, Gonzalo Moliner, que declarou que "non é posible dicir a priori se un escrache é ou non legal", as concentracións ante o Congreso e o Senado ou a escalada en fachadas oficiais, como ocorreu co Palacio das Cortes. Sanciona o uso de carapuchas en manifestacións, faculta á policía para establecer "zonas de seguridade" en perímetros urbanos, e habilita ás forzas e corpos de seguridade a retirar de forma expeditiva vehículos que taponen unha vía pública, no caso de que os concentrados desobedezan a orde dos antidisturbios de despexar a zona. Non se citan expresamente, pero todo indica que apunta a impedir tractoradas, marchas de taxistas ou de camioneiros.*

*Esta breve descrición dalgunhas condutas que serán reguladas por esta lei, indícanos que esta "Lei Mordaza", volve situar a seguridade cidadá na órbita do vello concepto de orde pública, moi afastado da concepción democrática e constitucional da seguridade, entendendo esta como a responsabilidade do estado.*

*E non unicamente temos nos esta opinión, senón que foi o propio Consello de Europa, institución encargada de velar polo respecto aos dereitos humanos no continente, quen xa cualificou como "altamente problemática" a proposta orixinal de lei. Nils Muiznieks, o seu responsable de dereitos humanos, dúbida de que "estas restricións sexan necesarias nunha sociedade democrática" e cre que se debería velar pola seguridade "sen interferir demasiado na liberdade de reunión" e de manifestación.*

*Outra lei máis, por tanto, que supón un claro retroceso social, un anacronismo constitucional, un trasnoitado concepto de orde pública e un claro atentado contra dereitos e liberdades democráticos, que son encorsetados en procedementos sancionadores que pretenden impedir a protesta, a crítica e a demostración cívica de desacordo político.*

*A democracia é expresión e a seguridade cidadá protección de liberdades públicas, non cercenamiento das mesmas. O delito se combarte de forma integral, con*



*educación, con promover unha vida digna, con eliminar as diferenzas sociais, con boas políticas de reinserción e cunhas institucións que traballen na prevención, non no castigo.*

*Concluimos, expoñendo que esta Lei, reiterativa en regular condutas que xa tipificaba o código penal, e creadora dun novo Estado policial, controlador e limitador de liberdades públicas, é inadmisíbel nunha contorna europea democrática.*

*O novo Código penal converte a solidariedade en delito. A reforma exposta modifica tamén a redacción do artigo 318 bis, que está dedicado a “Os delitos contra os dereitos dos estranxeiros”. Por unha banda, castígase a quen axude a unha persoa en situación irregular a entrar ou transitar polo Estado español, salvo cando se realice por razóns humanitarias, e por outro castiga tamén a quen axude, con algún tipo de aproveitamento económico, aos migrantes irregulares a realizar unha vida normalizada en España. Con todo, non se define que supón “prestar axuda por razóns humanitarias” ou “con ánimo de lucro”, o que deixa unha ampla marxe de interpretación: Haberá que esperar a que a persoa en cuestión sufra malnutrición ou teña unha enfermidade grave para poder prestarlle axuda sen que iso se converta en delito? E alugarlle un piso, ou empregala sen contrato, ou levarlle en ?Blablacar? será delito porque obtés diñeiro? Parece que a solidariedade e a acollida pasará a ser delito se prestas apoio a unha persoa en situación irregular, sen papeis, pois darlle aloxamento, levala en autostop ou calquera outra conduta similar, poderá ser sancionada penalmente se non é considerada axuda humanitaria.*

*Polo exposto, propónse ao Pleno do Concello de Teo que adopte o seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Esixir ao novo Goberno do Estado, a retirada inmediata da Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de Protección da Seguridade Cidadá así como da Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

*Segundo.- Solicitamos un debate consensuado entre todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, para a elaboración dun texto que regule a materia de seguridade cidadá incluíndo, no debate así mesmo, a Reforma da Lei 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, superada e obsoleta en moitos dos seus aspectos, así como a Lei Orgánica xeral penal. Solicitamos tamén o debate consensuado entre todas as forzas políticas para a elaboración dun texto xusto na Lei de Enxuzamento Criminal. Todo iso, co obxectivo, de reformar con carácter integral, todos aqueles aspectos relacionados coa seguridade, que deberá conformar un amplo debate social, enfocado non unicamente desde os tradicionais aspectos reactivos senón e fundamentalmente, preventivos, enfocando a análise do delito e a súa contención, como un problema social que abarca variables socioeconómicas e que require un amplo traballo de carácter transversal.*

*Terceiro.-Mostrar o noso total rexeitamento á aplicación do Código penal para regular dereitos tan básicos como o dereito á folga, manifestación ou liberdade de movementos. E nomeadamente a concreción desta aplicación no xuízo a oito sindicalistas da compañía AIRBUS, que neste mes foron xulgados aplicándolle o artigo 315.3, do Código Penal. Estes Traballadores, e outros moitos como eles, poden ser*



*condenados a penas de oito anos de cadea por incidentes durante o exercicio do dereito de folga. Por todo o anterior mostramos o noso apoio a estas persoas, e insta a retirar os cargos contra deles.*

*Cuarto.- Dar traslado do acordo ao Goberno do Estado e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados.”*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que a posición do BNG en relación á Lei mordaza é clara, engadindo que a moción debería ser contra a Lei mordaza, e contra determinados artigos do Código Penal, un deles introducido na mal chamada transición democrática, que foi á que se lle aplicou aos piquetes de AIRBUS. Considera o sr. Fernández que a xa feble democracia española deixou de ser democracia o día que se aprobou esta lei. Refírese á declaración que se asinou contra a Lei mordaza, na que se di que esta lei o que pretende é rematar co lexítimo dereito á liberdade de información, expresión, reunión e manifestación, que son os pilares fundamentais da participación política. Salienta o sr. Fernández que faltan sinaturas, aínda que estaban para asinar, como a de PSOE, Convergencia e UPYD, si asinándose polo resto das forzas políticas. En xaneiro a unha galega aplicouse esta lei por unha manifestación contra a estafa das preferentes, por unhas observacións que puxo no seu facebook. Remata o sr. Fernández sinalando que despois das eleccións de 8 de decembro o Congreso dos Deputados quedou conformado de xeito que se poden dar outras maiorías diferentes ás que apoiaron esta lei orgánica, polo que cabe agardar que teñan altura de miras e derroguen esta lei e moitas outras que inciden negativamente niso que se chama democracia.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo á moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Ignacio Manuel Arroyo Font.

O sr. Arroyo sinala que dende o seu grupo consideran que se trata dun texto moi mellorable e anuncia a súa abstención, engadindo que o que hai é que buscar un maior consenso posible entre todas as forzas políticas



Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e sete abstencións (7 PP), acorda:

**Primeiro.**- Esixir ao novo Goberno do Estado, a retirada inmediata da Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de Protección da Seguridade Cidadá así como da Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

**Segundo.**- Solicitamos un debate consensuado entre todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, para a elaboración dun texto que regule a materia de seguridade cidadá incluíndo, no debate así mesmo, a Reforma da Lei 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, superada e obsoleta en moitos dos seus aspectos, así como a Lei Orgánica xeral penal. Solicitamos tamén o debate consensuado entre todas as forzas políticas para a elaboración dun texto xusto na Lei de Enxuízamento Criminal. Todo iso, co obxectivo, de reformar con carácter integral, todos aqueles aspectos relacionados coa seguridade, que deberá conformar un amplo debate social, enfocado non unicamente desde os tradicionais aspectos reactivos senón e fundamentalmente, preventivos, enfocando a análise do delito e a súa contención, como un problema social que abarca variables socioeconómicas e que require un amplo traballo de carácter transversal.

**Terceiro.**-Mostrar o noso total rexeitamento á aplicación do Código penal para regular dereitos tan básicos como o dereito á folga, manifestación ou liberdade de movementos. E nomeadamente a concreción desta aplicación no xuízo a oito sindicalistas da compañía AIRBUS, que neste mes foron xulgados aplicándolle o artigo 315.3, do Código Penal. Estes Traballadores, e outros moitos como eles, poden ser condenados a penas de oito anos de cadea por incidentes durante o exercicio do dereito de folga. Por todo o anterior mostramos o noso apoio a estas persoas, e insta a retirar os cargos contra deles.



**Cuarto.- Dar traslado do acordo ao Goberno do Estado e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados.**

## **7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SON DE TEO-ANOVA EN DEFENSA DO POBO SAHARAUI.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da moción da proposta de 18 de febreiro de 2016 (rex. entrada nº 1222), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 22/02/2016.

### *“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SON DE TEO-ANOVA*

*En defensa do pobo saharai*

*O 27 de febreiro de 2016 cúmprense 40 anos da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática e o concello de Teo quere sumarse a este acontecemento histórico e demostrar o seu firme compromiso co Pobo Saharaui.*

*As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos da poboación refuxiada saharai afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedaron sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).*

*Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fondoa, aportaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharai propiciadas polo goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querella por xenocidio contra o Pobo Saharaui e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.*

*Por todo iso, o pleno da Corporación do Concello de Teo ACORDA:*

*1.- Reafirmar o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharaui. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharaui, recoñecido así pola ONU.*

*2.- Instar ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e*



*definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.*

*3.- Instar ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauis de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauis e a que esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauis desaparecidas.*

*4.- Instar ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.*

*5.- Agradecer a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás de Teo que fan posible proxectos de cooperación co Pobo Saharai, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.”*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, amosa o seu apoio á moción. Di que o 27 de febreiro é o día se cumpre o 40 aniversario da proclamación da república e ademais ese día se vai a celebrar unha concentración na praza de praterias en Santiago, de 11 a 11,30, para reivindicar eses corenta anos de loita lexítima polo pobo Saharai. Remata o sr. Fernández sinalando que está absolutamente de acordo.

Intervén a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo á moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez sinala que dende o seu grupo lles parece unha boa moción e a van a apoiar. Explica que antes de estar activa en política estivo nunha ONG, 5 anos, defendendo precisamente ao pobo saharai, nun grupo de educación para o desenvolvemento, e ten compañeiros que foron aos campamentos. Explica que en Compostela tamén se montou unha jaima saharai no campus vida, e propón montala en Teo se se da o caso para dar a coñecer esta problemática. Remata anunciando o apoio do PP.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.





Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1.- Reafirmar o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharai. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharai, recoñecido así pola ONU.

2.- Instar ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.

3.- Instar ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharais de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharais e a que esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharais desaparecidas.

4.- Instar ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

5.- Agradecer a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás de Teo que fan posible proxectos de cooperación co Pobo Saharai, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.

**8.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE SON DE TEO ANOVA, PSdeG-PSOE E GRUPO MIXTO PARA INSTAR AO CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.**

O sr. alcalde da conta da moción de 18 de febreiro de 2016 (rex. entrada nº 1245), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, lingua e medio natural, de 22 de xaneiro de 2016.



O sr. alcalde sinala que por tratarse dunha moción que literalmente transcribe a petición da mesa pola normalización lingüística, vai a proceder a súa lectura.

**“MOCIÓN DE SON DE TEO-ANOVA, PSDG-PSOE E BNG PARA INSTAR AO CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS**

*O pasado 21 de xaneiro faciase público o 4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias<sup>1</sup>, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, faciáanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español<sup>2</sup>.*

*Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,*

*O Concello de Teo, manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e polo tanto*

*INSTA á Xunta de Galiza a:*

*- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.*

*- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.*

*- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.*

*- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.*

*-Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.”*



Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que se trata dunha moción conxunta que o seu grupo subscribe absolutamente, como fixeron a semana pasada nunha reunión celebrado no Parlamento galego, coa mesa na que acudiron a maioría das forzas políticas, non o Partido Popular, na que se apoiaba esta mesma moción da mesa para a normalización lingüística. Explica que dende o ano 75, cando se comeza a falar de democracia e todo o temas das autonomías, hai unha concepción de que Galicia é unha sociedade bilingüe, concepción que había naquel momento e que hoxe en día aínda defende algunha xente, como o Partido Popular, porén iso non é así. En base a esa falsidade, no ano 93 aprobouse a Lei de normalización lingüística, e o PSOE plantexou un recurso de inconstitucionalidade en contra dos artigos 1 e 7 da Lei e o Tribunal Constitucional declara inconstitucional un artigo. Comeza o tema desa maneira, dicindo que claro como se trata dunha sociedade bilingüe non hai que protexer o idioma que está en peor situación, que neste caso é o galego. Despois veñen todos os anos de fraguismo, cunha destrución silenciosa do idioma e remata co famoso Decreto, adoptado por unanimidade, no Parlamento Galego do que sae o plan xeral de normalización lingüística, pero no ano 2009 chegou Feijoo e impón ese Decreto de plurilingüismo, que lle da a estocada final ao galego. Sinala o sr. Fernández que se atopan coa carta europea de linguas rexionais e minoritarias, asinada no 92, e no cuarto informe baseado nesa carta, o consello de Ministro do Consello de Europea sácalle as cores ao goberno español e á Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias en materia lingüística. Remata ao sr. Fernández sinalando que unha vez máis teñen que vir dende Europa a dicirnos que protexamos o noso.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo á moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez sinala que neste caso o PP vaise a abster porque hai que defender o galego, usándoo, e non se trata de impoñer nada. Salia que ela se considera bilingüe, porque fala galego e castelán. Sinala que isto lle leva a facer un inciso e unha



pregunta en relación a si o concello vai a facer ou tiña contemplado algunha outra actividade con respecto ao día de Rosalía. Lembra que hai dous anos no Pleno acordouse, a partir dunha moción do BNG, que o día 24 de febreiro sería en Teo o día de Rosalía e non viu ningún tipo de evento en relación a isto salvo o intercambio de cartografía que se fixo nos colexios.

O sr. alcalde sinala que lles parecerá ao PP unha actividade menor, engadindo que non se puido realizar o propio día pola dinámica dos propios coles, porén se trataba de que os coles entregaran mapas nos que a toponimia non era a oficial e a cambio o concello fixo unha entrega de vinte mapas murais de Galiza, vinte da península ibérica e dez de Europa, normalizados, polo que é unha boa forma de reivindicar o día de Rosalía aínda que sexa cun lixeiro retraso.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e sete abstención (7 PP), acorda:**

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.**
  
- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.**
  
- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.**



- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

-Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

## 9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE FOMENTO DOS CURSOS PARA A OBTENCIÓN DOS CARNÉS DE MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción de 12 de febreiro de 2016 (rex. entrada nº 1059), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, lingua e medio natural, de 22 de xaneiro de 2016.

*“Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira-portavoz do Grupo municipal polo PSdeG-PSOE, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN SOBRE FOMENTO DOS CURSOS PARA A OBTENCIÓN DOS CARNÉS DE MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo, en base aos motivos e consideracións expresadas na seguinte:*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Dende o 25 de novembro do pasado ano só se poden vender fitosanitarios para uso profesional a titulares de un carné de aplicador - manipulador de estes produtos tal como recolle o Real decreto 1311/2012 de uso sostible de produtos fitosanitarios, como trasposición da Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece un marco de actuación comunitario para conseguir un uso sostible dos praguicidas.*

*O Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, establece o marco de actuación para acadar un uso sostible dos produtos fitosanitarios (BOE Núm. 223, do 18.09.2012). Este decreto modifica a normativa anterior no tocante á obtención do carné de usuario de produtos fitosanitarios nos seus niveis de capacitación básico e cualificado, **fixando***



**o 26 de novembro do presente ano como data límite para que se garanta o acceso á formación aos usuarios profesionais.**

*A partir desta data os usuarios profesionais e vendedores de produtos fitosanitarios deben estar en posesión de un carné que acredite coñecementos apropiados para exercer súa actividade. Os carnés expediranse para varios seguintes niveis de capacitación, destacando o nivel básico, que afecta ao persoal auxiliar de tratamentos terrestres y aéreos, incluíndo os non agrícolas, e os agricultores que os realizan na propia explotación sen empregar persoal auxiliar y utilizando produtos fitosanitarios que non sexan nin xenaran gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais. Tamén se expedirán para o persoal auxiliar da distribución que manipule produtos fitosanitarios. Este carné obténse unha vez realizado un curso de vinte sete horas lectivas e tras pagar unha taxa.*

*Ante esta problemática xa coñecida hai tempo, a Xunta de Galicia non estableceu aínda unha oferta formativa axeitada para poder facer fronte á demanda existente por parte de persoas interesadas en adquirir este carné, nin desenvolveu ningún plan especial para facilitar a todos/as interesados/as o acceso á mesma. De feito nos atopamos co paradoxo de que moita xente está acudindo a comunidades autónomas limítrofes para poder adquirir esta titulación.*

*Hai escasos días anunciábase desde a Consellería de Medio Rural a planificación dos cursos só para este mes, 20 cursos, onde para o nivel básico, o curso máis cercano a Teo impartírase a 60 km do noso concello.*

*Por outro lado, as entidades colaboradoras da administración en actividades formativas, arredor dunhas 60 acreditadas en Galicia (organizacións agrarias, asociacións, cooperativas ou empresas) agardaban que Medio Rural publicase a finais de xaneiro a convocatoria para impartir os cursos dos fitosanitarios, pero esa convocatoria aínda se está facendo agardar, polo que a día de hoxe descoñecen cando poderán comezar a ofertar os cursos.*

*A esta reducida oferta, únese o feito de que moitos dos cursos en anos anteriores se estaban a realizar nos centros de formación agraria da Xunta en horario de mañá e tarde durante unha semana, o que dificultaba aínda máis a asistencia aos cursos.*

*Polo exposto, proponse ó Pleno a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*Instar á Xunta de Galicia:*

- 1.- A programar para o ano 2016 un plan especial e específico, de xeito inmediato, que dea resposta á demanda de todos os/as alumnos/as que queiran acceder á formación precisa para obter o carné de Manipulador de Produtos Fitosanitarios de Nivel Básico.*
- 2.- A adaptar ese plan ás necesidades e especificidades dos/as alumnos/as facilitando o máximo permitido o acceso a dita formación, tanto en cuestión de distancia como de horarios dos cursos.*
- 3.- A proceder, á maior brevidade, tanto a posta en marcha dunha plataforma on line para impartir a parte non presencial dos cursos de obtención do carné, así como a*



*convocatoria para que as entidades colaboradoras da administración en actividades formativas oferten os cursos dos fitosanitarios.”*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, non fai uso da súa quenda.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen, dirixíndose á sra. Lemus, dille que é listísima. Sinala que durante o ano 2015 impartíronse en Galicia 212 cursos, se formaron a 6.400 persoas e se perderon de facer 40 curso por non ter alumnos, porque para facer os cursos hai que ter máis de 10 persoas e, dirixíndose á sra. Lemus, preguntalle que fixo para que viñera algún curso a Teo. O sr. Lemus dille á sra. Lemus, que el participa pouco do debate porque non quere ser protagonista como ela, que está esperando para mirar para a cámara, engadindo que os seus pais non lle darían outra cousa pero lle ensinaron a non faltar á verdade e a ter humildade, cousas das que carece a sra. Lemus.

O sr. alcalde amosa a conformidade do seu grupo coa moción.

A sra. Lemus explica que o 11 de xaneiro de 2016 se presentou un escrito, dirixido á oficina galega comarcal de Santiago, ao que da lectura, no que se di que o Concello de Teo desexa solicitar a súa inclusión na vindeira convocatoria de cursos formativos para a obtención do carnet fitosanitario, dado que o número de demandantes deste tipo de cursos é crecente, solicitando a impartición de varias edicións do mesmo para poder dar resposta á impactante demanda das últimas semanas, e solicitando unha resposta informando dos prazos previstos para esta actividade formativa e dos requisitos e procedemento preciso. Explica que este escrito o presentou a concelleira da rama, que a solicitude foi recibida pola oficina agraria o 2 de xaneiro, que foi reenviada o 24 de febreiro, seguindo indicacións do persoal, e aínda non hai resposta

Intervén a concelleira de Son de Teo-ANOVA, D.<sup>a</sup> Concepción García, quen sinala que mantivo varias conversas telefónica con medio rural, co departamento encargado de formación, e o discurso foi diferente nas primeiras conversas e na última, en canto ao destinatario final destes cursos. Explica que inicialmente falaban exclusivamente de



profesionais, é dicir de persoas que traballen e vivan do traballo do campo. A demanda estaba sendo bastante máis alta, non so de profesionais do sector, senón tamén de persoas que necesitan usar os produtos profesionais porque, aínda que para a maioría existe unha alternativa de produtos non profesionais, é certo que os comercios que poden ofrecer estes tipo de produtos non sempre dispoñen de oferta de ámbolos dous tipos. Explica que a oferta profesional é moito máis ampla que a oferta de produtos non profesionais e así aqueles usuarios que necesitaban facer uso deste tipo de produtos, para unha extensión máis ou menos grande, pero que non ten o obxecto profesional, atopábanse co problema de que non podían mercar este produto, por non dispor do carnet. Explica a sra. García que na última conversa lle dixeron que ían cambiar o texto da páxina web e na definición de persoa se ían a referir ao produto profesional e non a usuario profesional, precisamente abrumados pola enorme demanda de usuarios que queren acceder a estes curso. A sra. García sinala que tamén lle dixeron que aínda que non van a prohibir a entrada a un usuario non profesional, como hai máis demanda que prazas, van a priorizar aos profesionais e así estas persoas que teñen que sacar o carnet para utilizar este produto, non se lles esta non está priorizando á hora de asignar as prazas, polo que están buscando outro medios para obter ese carnet, incluso acudindo a centros que os imparten fora de Galicia

A sra. García explica que preguntou que estimación había para que puideran chegar estes cursos a Teo, e o que lle respostaron foi que como moi pronto maio.

Intervén o concelleiro do PP, D. Julio C. Retis, quen sinala que en moitos concellos as cooperativas se encargan de facer os carnés. Salienta que actualmente ten unha listaxe dos cursos que se fixeron, na Provincia da Coruña, como en Guísamo, Padrón, Santiago, Ferrol, Boqueixón, Vedra..etc, engadindo que isto sae publicado no DOGA e que descoñece porque non se fan en Teo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que non ten nada máis que dicir.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.





Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e sete abstencións (7 PP), acorda instar á Xunta de Galicia:

1.- A programar para o ano 2016 un plan especial e específico, de xeito inmediato, que dea resposta á demanda de todos os/as alumnos/as que queiran acceder á formación precisa para obter o carné de Manipulador de Produtos Fitosanitarios de Nivel Básico.

2.- A adaptar ese plan ás necesidades e especificidades dos/as alumnos/as facilitando o máximo permitido o acceso a dita formación, tanto en cuestión de distancia como de horarios dos cursos.

3.- A proceder, á maior brevidade, tanto a posta en marcha dunha plataforma on line para impartir a parte non presencial dos cursos de obtención do carné, así como a convocatoria para que as entidades colaboradoras da administración en actividades formativas oferten os cursos dos fitosanitarios.

## 10.- MOCIÓN.

O sr. alcalde da conta de que o grupo de goberno ten unha moción técnica que se refire ao PAI 2015 e cede a palabra á sra. Lemus.

A sra. Lemus da conta da moción de 25 de febreiro de 2016, que se reproduce a continuación.

### **“MOCION**

**Asunto: Corrección do acordo plenario de aprobación do Plan complementario ao Plan de aforro e investimento (PAI 2015).**

*Tendo en conta que o Pleno municipal deste Concello na sesión realizada o día 29/01/2015 acordou participar no Plan de aforro e investimento (PAI 2015), cun importe total de 291.094,34 euros, 99.096,20 euros en redución de endebedamento e 191.998,14 euros en investimentos financeiramente sostibles.*

*Vista a modificación das bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI 2015), publicadas no BOP nº 196, de 14/10/2015, que sinalan que o Concello debe prever os investimentos financeiramente sostibles que desexe realizar no caso de que*



se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, e que de non ser así non se poderán aplicar os remanentes que se poidan producir no Concello.

Logo de ver o acordo plenario de data 15/12/2015, punto 10 da orde do día, no que se aprobaba o Plan complementario ao Plan de aforro e investimento (PAI 2015).

Tendo en conta o requerimento de emendas, remitido pola Deputación provincial de data 24/02/2016, na que se sinala unha serie de erros no acordo plenario antes sinalado, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo de corrección :

**PRIMEIRO.-** Correxir o acordo plenario de data 15/12/2015 de aprobación do Plan complementario ao Plan de aforro e investimento (PAI 2015), que queda redactado tal como segue:

**“Primeiro.-** Aprobado o Plan complementario ao Plan de aforro e investimento (PAI 2015), no que se inclúe o investimento financieramente sostible que a continuación se indica:

<b>Investimentos financeiramente sostibles</b>	<b>Achega Concello</b>	<b>Achega Deputación</b>	<b>Orzamento total</b>
Afirmado e acondicionamento do viario municipal en Chaves e Ribeira	9.954,74	67.005,14	76.959,88
<b>Total</b>	<b>9.954,74</b>	<b>67.005,14</b>	<b>76.959,88</b>

Aprobar o proxecto da obra incluída neste Plan complementario, redactado polo arquitecto municipal Ignacio Soto Gonzalez

**Segundo** - Declarar que o Concello conta cos terreos, autorización e concesións necesarios para a execución das obras.

**Terceiro.-** Para o financiamento do importe da achega municipal, este Concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

**Cuarto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento financeiramente sostible para o que se vai aplicar o préstamo provincial asignado.

**Quinto.-** Autorízase á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social”.

**SEGUNDO.-** Remitir o presente acordo á Deputación da Coruña aos efectos oportunos.

Teo, 25 de febreiro de 2016

A portavoz do Grupo Municipal socialista

Uxía Lemus de la Iglesia”



A sra. Lemus di que normalmente isto faise por Decreto e posteriormente se ratifica polo Pleno, porén aproveitando que había Pleno ordinario, preferiuse someter directamente a Pleno para aprobalo.

O sr. Guerra pregunta se é a mesma cantidade.

A sra. Lemus resposta que si que é a mesma cantidade, engadindo que hai que diferenzar a achega do concello e a da Deputación. Salienta que normalmente cando é complementario se pon todo, porque non se sabe aínda a achega, porén agora si que se sabe e por iso dende a Deputación se obriga a poñelo.

**Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:**

**PRIMEIRO**.- Correxir o acordo plenario de data 15/12/2015 de aprobación do Plan complementario ao Plan de aforro e investimento (PAI 2015), que queda redactado tal como segue:

**Primeiro**.- Aprobar o Plan complementario ao Plan de aforro e investimento (PAI 2015), no que se inclúe o investimento financieramente sostible que a continuación se indica:

Investimentos financeiramente sostibles	Achega Concello	Achega Deputación	Orzamento total
Afirmado e acondicionamento do viario municipal en Chaves e Ribeira	9.954,74	67.005,14	76.959,88
<b>Total</b>	<b>9.954,74</b>	<b>67.005,14</b>	<b>76.959,88</b>

**Aprobar o proxecto da obra incluída neste Plan complementario, redactado polo arquitecto municipal Ignacio Soto Gonzalez**

**Segundo** - Declarar que o Concello conta cos terreos, autorización e concesións necesarios para a execución das obras.



**Terceiro.-** Para o financiamento do importe da achega municipal, este Concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

**Cuarto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento financeiramente sostible para o que se vai aplicar o préstamo provincial asignado.

**Quinto.-** Autorízase á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social”.

**SEGUNDO.-** Remitir o presente acordo á Deputación da Coruña aos efectos oportunos.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Cando se van a executar as obras das sendas peonís de Vilar de Calo- Solláns, do entorno do campo da Cañoteira, do cruce de Calo-Bustelo ata a Igrexa de Luou, etc, e outras moitas que foron aprobadas e que está o proxecto feito.

A sra. Lemus reposta que xa comenzaron fai uns días, estiveron facendo limpeza, e agora mesmo están traballando. Cree que hoxe están rematando coa de Vilanova-Recesende e proseguiran co resto.

2.- Sinala o sr. Fernández que a semana pasada houbo unha reunión cos veciños de Augas Mansas a propósito dun problema orixinado pola goberno municipal en relación



coa alta da traída de auga, e pregúntalle ao sr. alcalde se lle parece correcta a forma empregada de enviar unha carta establecendo un *ultimátum*.

O sr. alcalde sinala que hai que ter en conta que o *ultimátum* non era para os veciños senón para Mahía, porque o concello non ten ningunha relación contractual cos veciños de Augas Mansas. Explica que o único que se dicía era que a quen se lle ía a cortar a auga era a Mahía non os veciños, polo que pareceu prudente enviarlle a carta como terceiros afectados.

O sr. Fernández sinala que na carta se pide documentación que so poden ter os veciños, non Mahía, e se dirixe aos veciños, asinándose polo alcalde e cun *ultimátum* de corte de auga.

O sr. alcalde sinala que os veciños son os que están disfrutando da auga de Mahía e se se lle corta a auga a Mahía os veciños teñen que establecer unha relación contractual co concello.

O sr. Fernández di que, sabendo que se dirixen aos veciños, o que pregunta é se lle parece correcta a actuación.

O sr. alcalde sinala que se lle daba un prazo para que, se querían ter auga, que fixeran un contrato, establecéndose todos os mecanismos para que se alguén non podía pagar facelo a través de servizos sociais, e incluso se lle daba a posibilidade de facer o pago ata en tres prazos. Salaria o sr. alcalde que non houbo ningún problema máis alá da situación un pouco de sorpresa, non tanto pola auga en si, que todo o mundo asumía, senón pola relación que iso podía ter coa legalización ou non legalización da urbanización.

O sr. Fernández sinala que entende que paguen pola auga, engadindo que o que el pregunta ao sr. alcalde é se lle parece correcta esa forma de proceder, dada a problemática que hai na urbanización, cando ao mellor podía reunirse con eles, explicarllo e todo iso dos tres meses e dos servizos sociais dicirlllo despois, cando pidan explicacións, non na comunicación.



O sr. alcalde sinala que pode ser máis ou menos correcto, pero que se esta a falar de que se vai a comezar a cobrar a auga dende o 1 de xaneiro, non se vai a facer ningún recargo sobre os últimos catro anos, que sería unha opción, sendo unha opción bastante aceptable por parte do concello.

O sr. Fernández solicita que para próximas actuacións deste tipo que se comunique aos veciños, que se reúna con eles, e que se lle de un prazo para pagar, etc, porque ao final a quen se lle corta a auga é a un veciño de Teo ou a unha familia de Teo, non a Mahía. Remata o sr. Fernández sinalando que non se debe proceder desa maneira

O sr. alcalde sinala que serán máis coidadosos.

3.- Pregunta o sr. Fernández que se acordou nesa reunión cos veciños de Augas Mansas.

A sra. Lemus sinala que se acordou dar unha saída legal á situación, sobre a figura da recepción tácita. Estanse facendo polo arquitecto os trámites necesarios para a licenza de primeira ocupación sobre a base da recepción tácita.

O sr. Fernández di que polo tanto se pode dicir que en Augas Mansas se vai a solucionar o problema.

A sra. Lemus resposta que si, e sinala que a recepción tácita supón que o concello se ocupará do seu mantemento e conservación, que xa se estaba facendo, porén para maior legalidade os que estean interesados poderán optar a licenza de primeira ocupación.

O sr. Fernández sinala que nesa reunión tamén se falou de parques, pistas deportivas, pasos elevados, etc e pregunta para cando están previstas estas actuacións e se eses compromisos están feitos por escrito ou tan so son promesas diante dunha situación da que os veciños tampouco teñen culpa.



O sr. alcalde sinala que vai contemplado nos orzamentos que se lles pasaran na vindeira semana.

O sr. Fernández sinala que iso é importante.

4.- Sinala o sr. Fernández que na urbanización existe un edificio en ruínas que está caendo e que ten materiais cualificados como perigosos para a saúde dos/as veciños/as. Pregunta o sr. Fernández que está facendo a alcaldía ao respecto, engadindo que se trata dun problema grave.

O sr. alcalde resposta que se decidiu, a raíz da asemblea cos veciños, reiniciar os procesos que antes se intentaran porque é posible que agora a propiedade sexa máis concreta do que foi no seu momento, onde había unha falta de interlocutor axeitado. Explica que se decidiu volver ás iniciativas relacionadas con identificación do verdadeiro propietario, esperando conseguilo nos vindeiros 15 días.

O sr. Fernández sinala que hai veciños que din que a xente vai alí e que incluso din que ten permiso do concello.

O sr. alcalde di que eles tamén recibiron esa información no día desa asemblea, porén aínda non cursaron a comprobación correspondente, que se fará estes días, sobre unha posible autorización municipal, que non foi por suposto unha autorización da alcaldía, nin de urbanismo, nin da concelleira

O sr. Fernández di que é importante aclaralo.

5.- O sr. Fernández sinala que hai unha pista en Calo, por detrás do campo de fútbol, que dera problemas a principios do ano pasado, por culpa dun bache e naquel momento se dixo que se asfaltaría aquela pista. Pregunta o sr. Fernández se está previsto nalgún momento facer algo alí.



A sra. Lemus sinala que a pista está en mal estado e agora mesmo están con riego e a curto prazo, sen que se pidan poñer prazo concretos, se intentará ir avanzando no arranxo das pistas.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Interésase o sr. Guerra polas setecentas farolas que, xa non se poñen en ningún concello, pero que se van a poñen en Teo, e pregunta cando se poñen.

A sra. Lemus resposta que se están poñendo.

2.- Refírese o sr. Guerra á ponte de Hermida, que parece que un veciño lle chamou ao sr. Francos varias veces e enviou varias fotos e non se tomou ningunha medida con ela.

O sr. Francos di que se lle mandou escrito a Augas de Galicia e non respostaron.

3.- O sr. Guerra refírese á parada de autobuses de Bamonde e di que hai uns pinos na masa común que están secos e habería que cortalos.

4.- O sr. Guerra refírese ao campo de fútbol de Bamonde e sinala que habería que pasar por alí.

5.- O sr. Guerra di que un veciño de Calo lle dou un recado porque di que está cansado de ir a pechar as portas e apagar as luces no polideportivo.

6.- A sra. Mariño di que quere facer unha pregunta, que xa fixo nun Pleno anterior, sobre unha baranda para o escola unitaria de Raxó. Pregunta se hai previsión.

7.- A sra. Mariño pregunta, en relación as escolas unitarias, que hai previsto no orzamento para os parques infantís, que non están homologados e adaptados. Pregunta a sra. Nariño se se vai facer algunha actuación.





A sra. Beiroa sinala que a baranda está encargada e que supón que en breve se colocará. Tratándose dos parques sinala que pouco a pouco, engadindo que agora se fixo un investimento importante en Reis, na escola de Pontevea, a raíz do accidente do camiión, priorizándose aí.

O sr. Francos sinala que, tratándose dos parque infantís, hai unha parte nos orzamentos, non suficiente para todos os parques do concello, pero si para boa parte deles, empezándose basicamente polos dous colexios. Salienta o sr. Francos que boa parte deles cumpren a homologación, aínda que están pendentes de revisión.

8.- O sr. Sánchez di que na escola de Lampai, xusto diante da porta, hai un fochanco e pide que a ver se se pode arranxar.

A sra. Beiroa di que se falou do tema, porén a climatoloxía non axudou, e habería que buscar unha solución máis integral que botar un camiión de zahorra.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 5/2016**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 15 MARZO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a quince de marzo de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> María Salomé Beiroa Fernández

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Non asiste, previa escusa:**

D.<sup>a</sup> María Salomé Beiroa Fernández



**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> SALOMÉ BEIROA FERNÁNDEZ COMO CONCELLEIRA**
- 2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACION DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI 2016)**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> SALOMÉ BEIROA FERNÁNDEZ COMO CONCELLEIRA.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 10 de marzo de 2016, que se recolle a continuación.

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

***Asunto: TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D.<sup>a</sup> MARÍA SALOME BEIROA FERNÁNDEZ.***

*Visto o Decreto da alcaldía de 1 de marzo de 2016 (res 175/2016) polo que se cesa a D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Salomé Beiroa Fernández do seu cargo coma primeira tenente de alcalde, da súa condición de membro da Xunta de Goberno Local e como responsable da área de administración, educación e seguridade cidadá, e o escrito presentado pola concelleira de Son de Teo-ANOVA, D.<sup>a</sup> Maria Salome Beiroa Fernández, con data de 2 de marzo de 2016 (rex. entrada nº 1.517), solicitando que se faga efectiva a renuncia á súa acta de concelleira da Corporación local.*

*Considerando que segundo o disposto na Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, cando se presente escrito de renuncia do cargo de concelleiro, o Pleno da entidade local da que forme parte tomará coñecemento da mesma, remitindo certificación do acordo*



*adoptado á Xunta Electoral de Zona, durante o período de mandato da mesmo, en orden ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central unha vez concluído o mandato de aquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto na Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral.*

*En virtude do exposto e considerando o establecido na instrución citada e na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.**- *Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 2 de marzo de 2016 (rex. entrada nº 1.517) por D.<sup>a</sup> María Salomé Beiroa Fernández.*

**Segundo.**- *De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a D.<sup>a</sup> María Carmen Álvarez Garea*

*Teo, 10 de marzo de 2016*

*O alcalde*

*Rafael C. Sisto Edreira”*

O sr. alcalde desculpa a ausencia da sra. Beiroa, sinalando que preferiu non asistir.

**De acordo co exposto, o Pleno da Corporación acorda:**

**Primeiro.**- **Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 2 de marzo de 2016 (rex. entrada nº 1.517) por D.<sup>a</sup> María Salomé Beiroa Fernández.**

**Segundo.**- **De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a D.<sup>a</sup> María Carmen Álvarez Garea.**

## **2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACION DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI 2016).**

O sr. alcalde di que antes da intervención da sra. Lemus lle gustaría facer dúas consideracións. A primeira relacionada con que esta mañá, a través da Deputación Provincial, se detectou un erro de 11 céntimos na partida de tratamento residuos, polo



que os técnicos están facendo esa corrección técnica no proxecto definitivo, que se ten que remitir o venres. En segundo lugar sinala que esta é a aprobación do proxecto inicial e que, aínda que toda a senda vai polos cinco metros de servidume do río, se vai a falar con todos os propietarios afectados por se hai algunha consideración ao respecto que haxa que asumir.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta de 7 de marzo de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos, de 10 de marzo de 2016.

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

##### **Asunto: Aprobación do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016**

Vistas as bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, publicadas no BOP nº 2, de 5 de xaneiro de 2016.

Tomando en consideración as necesidades municipais, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

##### **A ) Redución de endebedamento**

ENTIDADE FINANCEIRA	NUMERO/CODIGO PRÉSTAMO	PRESTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
LA CAIXA	9620 31359547020	68.000,00

##### **B) Investimentos (obras ou subministracións):**

DENOMINACION	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Colector Espasande-A Ínsua	315.346,10	52.005,98	263.340,12



<b>TOTAL</b>	<b>315.346,10</b>	<b>52.005,98</b>	<b>263.340,12</b>
--------------	-------------------	------------------	-------------------

Aprobar o proxecto da obra citada, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Xaquín Beiroa Raposo.

**C ) Resumo da aplicación do préstamo provincial:**

<b>SUBTOTALS</b>	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL</b>
SUBTOTAL REDUCCIÓN DE ENDEBEDAMENTO	68.000,00
SUBTOTAL INVESTIMENTOS	263.340,12
<b>TOTAL</b>	<b>331.340,12</b>

**Segundo.-** Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Terceiro.-** Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

**Cuarto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Quinto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado.

**Sexto.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



**Sétimo.-** Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A sra. Lemus explica que se trata dun préstamo e que unha parte necesariamente ten que ir a minorar débeda. Sinala que a redución de endebedamento ascende a 68.000€, e a parte de investimento sería a obra do colector Espasande-Insúa, obra que se concreta en 1.737 metros lineais de tubaría, tendo en conta ademais que hai unha senda de 836 metros lineais.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que dende o BNG apoian que se faga o colector, engadindo que iso vai a resolver un problema nunha parte importante de Luou e na zona de Mouromorto e Calo, dándose resposta a un problema no que todos os grupos, e nomeadamente o seu grupo dende o ano pasado, viñan insistindo, por unha demanda veciñal de saneamento. Pregunta o sr. Fernández se o proxecto que se lles facilitou é o definitivo, supoñendo que se trata dun proxecto que ten un custo para o concello de Teo, presentándose tamén á Deputación para que se financie a través do PAI.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que pelexaron moito por esta causa. Fai o sr. Guerra a mesma pregunta en relación a se o trazado vai a ser definitivo, engadindo que hai veciños que non están de acordo. Remata o sr. Guerra a súa intervención sinalando que a obra deberá ter un abaratemento do 20 ou 30 por cen xa que lle parece esaxeradamente cara.

O sr. alcalde explica que o proxecto é o definitivo que ten que ser informado por patrimonio e por Augas de Galicia. Explica que o único problema está onde o río bifurca, engadindo que haberá que esperar a ver se hai que facer outras modificacións, relacionadas con augas de Galicia, e se podería incorporar esa pequena modificación que pretende un dos propietarios, despois de estudar se técnicamente é posible. Conclúe o sr. alcalde que polo tanto o proxecto pretende ser definitivo entendendo que pode producirse algunha modificación reducida a iso ou ao que diga patrimonio e Augas de Galicia. Tratándose dos prezos o sr alcalde sinala que se trata do de sempre,



xa que eles non controlan as táboas de prezos dos enxeñeiros, e despois o que se aforre na licitación serán cartos que non se teñan que investir niso.

A sra. Lemus salienta que tratándose dos prezo hai que ter en conta que este proxecto ven dun proxecto orixinal de Augas de Galicia que tiña, por enriba deste custo, 100.000 euros máis de orzamento de execución material, polo que se intentou axustar o máximo posible, porén as táboas de prezos son as táboas de prezos.

O sr. alcalde di que pensan rebaixar, polo menos, a aportación municipal, non contando que se teña que poñer nada como ao efecto.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que a área de servizo aí está vertendo augas residuais ao regato. Explica que se fixo a pregunta no Parlamento e se respostou o do colector e tamén se lles informou que nunha parte da área de servizo xa se estaba depurando esa auga. Di o sr. Fernández que dicía o do proxecto porque no acordo se fala de *“declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias”*, e vendo isto e vendo que hai un particular que dicía que pasaba pola súa propiedade é un pouco para contrastar isto, non vaia a ser que despois tiren a baixa a proposta por unha cuestión deste tipo.

O sr. alcalde di que en todo caso se intentará evitar a conflitividade, porén sempre o colector vai polos cinco metros de servidume, o que pasa é que aí hai 5 metros, 5 metros e 5 metros, porque teoricamente son tres servidumes distintas. Salienta o sr. alcalde que nese caso, como non se pretende fastidiar a ninguén e se trata dun único caso, se optará polo que sexa máis beneficioso para o propietario, sempre que sexa técnicamente posible. Reitera o sr. alcalde que sempre vai polos cinco metros de servidume.

O sr. Fernández anuncia o seu apoio á proposta.





O sr. guerra anuncia que, resolto o problema con este veciño ou con estes dous veciños, non van a estar en contra dunha cousa tan beneficiosa.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

**Primeiro.-** Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

**A ) Redución de endebedamento**

ENTIDADE FINANCEIRA	NUMERO/CODIGO PRÉSTAMO	PRESTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
LA CAIXA	9620 31359547020	68.000,00

**B) Investimentos (obras ou subministracións):**

DENOMINACION	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Colector Espasande-A Ínsua	315.346,10	52.005,98	263.340,12
TOTAL	315.346,10	52.005,98	263.340,12

Aprobar o proxecto da obra citada, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Xaquín Beiroa Raposo.

**C ) Resumo da aplicación do préstamo provincial:**

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
SUBTOTAL REDUCIÓN DE ENDEBEDAMENTO	68.000,00
SUBTOTAL INVESTIMENTOS	263.340,12
TOTAL	331.340,12

**Segundo.-** Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



**Terceiro.-** Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

**Cuarto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Quinto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado.

**Sexto.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Sétimo.-** Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 6/2016**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 31 MARZO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a trinta e un de marzo de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Secretaria xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela



**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 25.01.16, DO 28.01.16 E DO 22.02.16**
- 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 155/16 Á 229/16)**
- 3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN AO PERSOAL EVENTUAL**
- 4.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, ANO 2015**
- 5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 223 DE 17 DE MARZO DE 2016 DE APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA COLECTOR ESPASANDE – LUOU (PAI 2016)**
- 6.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 226 DE 22 DE MARZO DE 2016 SOBRE REORGANIZACIÓN DE CONCELLARÍAS**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS**
- 8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2016**
- 9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA SOCIAL (TMGS) DO CONCELLO DE TEO**
- 10.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA PARA O IMPULSO SOCIAL DA LINGUA GALEGA NO MUNICIPIO DE TEO**
- 11.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 16 DE MARZO DE 2016 (RES 222/16)**
- 12.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SON DE TEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE O REXEITAMENTO DO SISTEMA, CALCULO E CONTIDO**



**DA REVISIÓN DE VALORES CATASTRAIS IMPULSADA POLO MINISTERIO DE FACENDA DO GOBERNO CENTRAL**

**13.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) PARA RECLAMARLLE AO GOBERNO MUNICIPAL DE ANOVA E PSOE QUE RECONSIDERE A SUBA DO TIPO DE GRAVAME DO IBI**

**14.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A REGULARIZACIÓN CATASTRAL**

**15.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) DE PETICIÓN DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO Á CAMPAÑA BDS GLOBAL**

**16.- MOCIÓNS**

**17.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 25.01.16, DO 28.01.16 E DO 22.02.16.**

*Acta da sesión extraordinaria urxente do 25 de xaneiro de 2016.*

O sr. alcalde pregúntalle aos sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria urxente celebrada o 25 de xaneiro de 2016.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

*Acta da sesión ordinaria do 28 de xaneiro de 2016.*

O sr. alcalde pregúntalle aos sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2016.



Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 155/16 Á 229/16)**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de febreiro ata o 27 de marzo de 2016, que comprenden os números 155 ao 229, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN AO PERSOAL EVENTUAL.**

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

### **“DACIÓN DE CONTA**

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, so excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.



**De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.**

Teo, 21 de marzo de 2016

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

**4.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, ANO 2015.**

O sr. alcalde da conta do informe de Intervención, de 8 de marzo de 2016, sobre a evolución do período medio de pago a provedores, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

**5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 223 DE 17 DE MARZO DE 2016 DE APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA COLECTOR ESPASANDE – LUOU (PAI 2016).**

O sr. alcalde da conta da Resolución da alcaldía, de 17 de marzo de 2016 (res 223/16), de aprobación do proxecto da obra colector Espasande-Luou (PAI 2016), que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

*Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria de 15 de marzo de 2016, acordou participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a aplicación de parte do préstamo provincial asignado á obra de Colector Espasande - A Insua, aprobando o proxecto correspondente, facultando expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo plenario e o correspondente expediente.*



*Considerando que, á vista do advertido pola Deputación Provincial, comprobouse a existencia dun erro aritmético na partida do plan de residuos, que non afecta ao orzamento total, resultando preciso corrixir o proxecto nese punto, tal e como xa se puxo de manifesto na citada sesión plenaria.*

*Visto o proxecto presentado polo redactor do mesmo, D. Xaquín Beiroa Raposo (IDOM), con data de 17 de marzo de 2016, coa corrección indicada (rex. entrada nº 2.013).*

*Considerando que o día 18 de marzo de 2016 remata o prazo para remitir a Deputación Provincial da Coruña, a través da plataforma SUBTEL, toda a documentación relativa ao PAI 2016, incluído o proxecto correspondente.*

*En virtude do exposto, e facendo uso das facultades outorgadas ao efecto polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 15 de marzo de 2016,*

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- *Aprobar o proxecto da obra de Colector Espasande-A Insúa (rex. entrada nº 2.013, de 17/03/2016).*

**Segundo.**- *Dar conta ao Pleno da Corporación, na vindeira sesión que celebre”.*

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

**6.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 226 DE 22 DE MARZO DE 2016 SOBRE REORGANIZACIÓN DE CONCELLARÍAS.**

O sr. alcalde da conta da Resolución da alcaldía, de 22 de marzo de 2016, sobre reorganización de concellerías (res 226/16), que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

*Tomando en consideración o Decreto da alcaldía de 1 de marzo de 2016 (res 175/16), por medio do cal se cesa nas súas responsabilidades á concelleira Dna. María Salomé*





*Beiroa Fernández e se procede a un novo nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e das Tenencias de Alcaldía, resulta preciso levar a cabo unha reorganización das atribucións das/os concelleiras/os do goberno municipal, que substitúa á prevista no Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 465/15).*

*Visto o réxime xurídico das delegacións que o alcalde pode realizar en favor das/os concelleiras/os, de acordo co establecido nos artigos 6, 7 e 16 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 44 e ss do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais lexislación complementaria.*

*En virtude do exposto e no uso das atribucións conferidas polo normativa aplicable,*

**RESOLVO:**

**Primeiro**- *Delegar nas/os concelleiras/os que se relacionan a continuación, as atribucións que igualmente se indican, sen facultades resolutorias:*

*1.- D. XOSÉ IGNACIO IGLESIAS VILLAR, 1º Tenente de alcalde, concelleiro delegado de Benestar e Igualdade, coa facultade de dirixir e xestionar os seguintes servizos:*

*Servizos Sociais*

*Escolas Infantís 0-3 anos*

*Atención aos maiores*

*CIM*

*Igualdade*

*Prevención violencia de xénero*

*Conciliación*

*Voluntariado*

*Políticas de inclusión social*

*Participación veciñal*

*Mocidade*



*En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*2.- D.<sup>a</sup> UXIA LEMUS DE LA IGLESIA, 2<sup>a</sup> Tenente de alcalde, concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Sostibilidade, coa facultade de dirixir e xestionar os seguintes servizos:*

*PXOM, desenvolvemento e xestión*

*Disciplina urbanística*

*Obras de urbanización, e rede de cable e gas*

*Vivenda*

*Sostibilidade*

*En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*3.- D.<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR PÉREZ FAGIL, 3<sup>a</sup> tenente de alcalde, concelleira delegada de Cultura e Educación, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:*

*Infraestruturas culturais e programación*

*Patrimonio cultural*

*Fomento da lectura*

*Roteiros culturais*

*Memoria histórica*

*Apoio ás asociacións culturais*

*Mantemento de edificios escolares*

*Relación coas ANPAS e Comunidade educativa*

*CRA*

*Consello escolar municipal*

*Actividades extraescolares e formación de adultos*



*En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*4.- D. XURXO FRANCO LIÑARES, concelleiro delegado de Servizos básicos, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:*

*Reparación de vías e camiños*

*Parques e Xardíns*

*Áreas de xogo infantil*

*Rozas e xestión de augas pluviais*

*Xestión das cuadrillas municipais de obras e parques*

*Alumeado público e Aforro enerxético*

*Limpeza Viaria*

*Xestión de RSU*

*En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*5.- D<sup>a</sup>. CONCEPCIÓN GARCÍA VÁZQUEZ, concelleira delegada de Administración, Transportes, Comercio, Turismo e Emprego, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:*

*Contratación*

*Administración Xeral*

*Administración electrónica*

*Transporte*

*Emprego*

*Información e orientación laboral*

*Comercio*

*Turismo*

*Axencia de desenvolvemento Local*



*Organización da páxina WEB municipal*

*Centros de saúde e cemiterios*

*En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*6.- D. JORGE JUAN CARBALLIDO SALGADO, concelleiro delegado de Deportes, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:*

*Instalacións deportivas*

*Escolas deportivas municipais*

*Espectáculos e eventos deportivos*

*En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*7.- D. ROBERTO MOÑINO GIL, concelleiro delegado de Infraestruturas, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:*

*Plans provinciais de infraestruturas*

*Plans especiais*

*En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

**Segundo.**- *A alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas na presente Resolución sen perxuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.*

**Terceiro.**- *Da presente Resolución darase conta ao Pleno na vindeira sesión, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.*



**Cuarto.**- *Dar traslado do presente a todos os departamentos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal e no taboleiro de edictos do concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución”.*

O Pleno da Corporación dase por enterado.

## **7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 22 de marzo de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 28 de marzo de 2016.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*O artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, recoñece o dereito dos membros das Corporacións locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, sendo dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e asumindo as Corporacións o pago das cotas empresarias que corresponda.*

*Neste contexto cabe salientar que as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lles encomenda aos alcaldes, fai preciso que para acadar a maior eficacia no desempeño das mesmas o cargo de alcalde deba exercerse con dedicación exclusiva, debéndose fixar ademais as dedicacións exclusivas e parciais necesarias para o eficaz e axeitado funcionamento das distintas áreas municipais.*

*En virtude do exposto, con data de 18 de xuño de 2015, o Pleno da Corporación adoptou o correspondente acordo sobre as dedicacións, de acordo coa normativa aplicable.*

*Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 1 de marzo (res 175/16) tivo lugar o cese nas súas responsabilidades da concelleira Dna. María Salomé Beiroa Fernández, levándose a cabo mediante Decreto da alcaldía de 22 de marzo (res. 226/16) a redistribución das responsabilidades de goberno.*



*Considerando que, en virtude do exposto, procede modificar o réxime das dedicacións acordadas no seu momento, para axustalas ás novas áreas de goberno, modificacións que se concretan segundo se detalla a continuación:*

*.- A área de transporte, comercio, turismo e emprego pasa a ser a área de administración, transporte, comercio, turismo e emprego, propoñéndose unha dedicación exclusiva, que substitúe á parcial acordada ata o de agora.*

*.- A área de cultura pasa a ser a área de cultura e educación, pasando de ter unha dedicación parcial.*

*.- Asunción pola alcaldía das áreas de seguridade cidadá (policía local e protección civil).*

*Estudadas as especiais características do Concello e de acordo co establecido nos artigos 75, 75 bis, 75 ter. 1. f) e no artigo 13 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.**- *Aprobar a dedicación exclusiva, que implicará a adicación preferente ás tarefas propias do cargo, para a concellería de administración, transporte, comercio, turismo e emprego, coa retribución bruta anual de 32.000,00€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.*

*Ditas retribucións percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).*

**Segundo.**- *Aprobar a dedicación parcial, cunha dedicación de media xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a concellería de cultura e educación, coa retribución bruta anual de 17.000,00€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.*



*Ditas retribucións percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).*

**Terceiro.**- *Tramitar as altas correspondentes ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social e asumir o pagamento da cotas empresariais que correspondan en virtude deste acordo.*

**Cuarto.**- *Facer público o presente acordo segundo o previsto na normativa aplicable”.*

O sr. alcalde explica que como consecuencia de la Resolución de la alcaldía de reorganización de las concellerías, se fai unha redistribución das dedicación. Salienta que non hai alteración senón unha mera redistribución.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que vai a manter a mesma posición que no Pleno de organización de xuño de 2015, posto que se trata dunha reorganización no goberno municipal sendo o máis destacable a acumulación de áreas na alcaldía. Lembra o sr. Fernández que o pasado xullo pediu que se lle explicara o reparto de áreas, e xustificara as dedicacións exclusivas, existindo un intento de explicación que se deu non lle convenceu. Explica que como referencia ten as anteriores catro dedicación e se pregunta cales son as razón polas que agora son precisas seis. A concellería de cultura asume educación e no goberno anterior as dúas concellerías estaban sen dedicación. Sinala que a proposta reflicte que Protección Civil e a Policía local as asume a alcaldía, sen que por iso se aumente a súa retribución, cando dan bastante traballo. Considera o sr. Fernández que é necesario unha explicación que xustifique as novas liberacións políticas. Opina que se podía ter un goberno aforrador, dende o punto de vista da honestidade política, pero non é así. Considera o sr. Fernández que queda de manifesto que se pode facer máis con menos, como demostra que a alcaldía aumente o número de áreas. Salienta que non se opón a que existan dedicacións pero non esta de acordo con esta distribución. Remata o sr. Fernández sinalando que seguen sendo seis para un concello de menos de 20.000 habitantes, cun custo anual de 240.000 euros.



Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que dende o seu grupo manteñen o dito no Pleno organizativo e apoiaran a proposta.

O portavoz do PP, sr. Guerra, non fai uso da súa quenda de intervención.

O sr. alcalde sinala que a explicación que solicita o sr. Fernández en relación coa área de Administración é clara e resposta á necesidade de efectivizar a Administración electrónica e á necesidade de regularizar determinadas contratacións como os seguros, a telefonía, etc, que están dando lugar a bastantes distorsións. Opina o sr. alcalde que se poden facer gobernos máis aforradores a costa da eficacia. Dirixíndose ao sr. Fernández dille que el o sabe ben, porque cando el estaba o custo era superior. Opina o sr. alcalde que o que non se pode dicir a ninguén é que a xente que ten o seu traballo veña a dedicar ao concello tempo que corresponde ás súas familias ou a outras dedicacións.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que no ano 2011 había cinco liberacións e xa en xuño explicou o que supoñía sobre aquel orzamento e o que supón sobre o orzamento vixente. Opina o sr. Fernández que hai que ser coherente, habendo concelleiros sen dedicación como pasa na maioría dos concellos, non en Teo. Lembra que el formaba parte daquel goberno, e o anterior alcalde coñecía a súa oposición a esas cinco dedicacións, porén foi unha decisión do grupo municipal. Considera que se se compara co orzamento de entón se sabe o que supoñían a aquelas dedicacións. Remata o sr. Fernández sinalando que, como non entende porque fan falla seis dedicacións, vai a rexeitar a proposta.

O sr. alcalde aclara que non son seis dedicacións, senón cinco e media. Explica que comparte co sr. Fernández o da coherencia, e así nunca fixo unha crítica nese senso e actúa en consecuencia. Di o sr. alcalde que lle sorprende o coñecemento desa discrepancia do sr. Fernández co alcalde anterior.

A portavoz do PSdeG-PSOE non fai uso da súa quenda de intervención.





Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e salienta que dende o seu grupo non din que as dedicacións non sexan necesarias senón que son excesivas.

Non habendo máis intervencións e sometido o asunto a votación, prodúcese o seguinte resultado:

- Votos a favor – 8 ( 6 SON de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE)
- Votos en contra – 8 (7 PP e 1 grupo mixto)

Producíndose un resultado de empate, sométese o asunto novamente a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor – 8 ( 6 SON de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE)
- Votos en contra – 8 (7 PP e 1 grupo mixto)

Persistindo o resultado de empate, o Sr. alcalde aclara que ao decidir o voto de calidade do Presidente, queda aprobada a proposta.

**De acordo co exposto, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (6 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e oito en contra (7 PP e 1 grupo mixto), decidindo o voto de calidade do Presidente, acorda:**

**Primeiro.- Aprobar a dedicación exclusiva, que implicará a adicación preferente ás tarefas propias do cargo, para a concellería de administración, transporte, comercio, turismo e emprego, coa retribución bruta anual de 32.000,00€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.**

**Ditas retribucións percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).**

**Segundo.- Aprobar a dedicación parcial, cunha dedicación de media xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a concellería de cultura e educación, coa retribución bruta anual de 17.000,00€, non podendo percibir**



asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

**Terceiro.**- Tramitar as altas correspondentes ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social e asumir o pagamento da cotas empresariais que correspondan en virtude deste acordo.

**Cuarto.**- Facer público o presente acordo segundo o previsto na normativa aplicable.

#### **8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2016.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 18 de marzo de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 28 de marzo de 2016, coas correccións aprobadas pola mesma.

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Téndose confeccionado por esta Alcaldía o Orzamento Municipal do Concello de Teo para o exercicio 2016, e, considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165 e 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 8, 9 e 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, en materia de orzamentos, propoño ao Pleno da Corporación, previo dictamen da Comisión Informativa de Facendas e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte*  
**ACORDO:**



**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2016, cun importe total do Estado de Gastos de 13.828.448,43€ e do Estado de Ingresos de 13.828.448,43€, coa estrutura en capítulos que de seguido se relaciona:

<b>ORZAMENTO MUNICIPAL 2016-RESUMO POR CAPÍTULOS</b>		
<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>CRÉDITO INICIAL (EUROS)</b>
1	Gastos de persoal	3.919.402,48
2	Gastos correntes en bens e servizos	6.343.951,00
3	Gastos financeiros	13.383,59
4	Transferencias correntes	621.680,00
<b>Suman operacións correntes</b>		<b>10.898.417,07</b>
6	Investimentos reais	2.447.698,92
7	Transferencias de capital	24.200,00
<b>Suman operacións de capital</b>		<b>2.471.898,92</b>
<b>Total operacións non financeiras</b>		<b>13.370.315,99</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	458.132,44
<b>Total operacións financeiras</b>		<b>458.132,44</b>
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>		<b>13.828.448,43</b>
<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>PREVISIÓN INICIAL (EUROS)</b>
1	Impostos directos	4.298.500,00
2	Impostos indirectos	105.000,00



3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.074.691,36
4	Transferencias correntes	4.497.357,23
5	Ingresos patrimoniais	70.850,00
<b>Suman operacións correntes</b>		<b>12.046.398,59</b>
6	Alleamento de investimentos reais	245.000,00
7	Transferencias de capital	1.138.704,70
<b>Suman operacións de capital</b>		<b>1.383.704,70</b>
<b>Total operacións non financeiras</b>		<b>13.430.103,29</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	398.345,14
<b>Total operacións financeiras</b>		<b>398.345,14</b>
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>13.828.448,43</b>

**Segundo.-** Aprobar o cadro de persoal e demais anexos do Orzamento para o ano 2016, que constan no expediente.

**Terceiro.-** Expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, o orzamento entenderase aprobado definitivamente, e será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia”.

Explica o sr. alcalde que, xa a principios de mes, na medida das posibilidades e tan pronto foi posible, se foi trasladando aos distintos membros da corporación os documentos que compoñen o orzamento. Explica que inicialmente se pasaron os que dependen directamente do equipo de goberno, e posteriormente os que elabora o departamento de intervención. Sinala o sr. alcalde que a discusión dos orzamentos é



unha cuestión fundamentalmente de credibilidade, na medida en que é unha relación de previsións tanto nos ingresos como nos gastos que se van a producir no concello. En aras desa credibilidade, considerase básico o análise da evolución da economía municipal nos últimos anos, o axuste que houbo das previsións orzamentarias, e a fin de contas o resultado orzamentario que se valora ao final destes anos. Neste senso hai que ter en conta que os últimos orzamentos presentados no ano 2014 incumprían, segundo o informe de intervención, a estabilidade orzamentaria, incumprían a regra de gasto, e o único ao que se axustaban era a sustentabilidade. Na liquidación do orzamento dese ano 2014 os orzamentos cumpriron tanto en estabilidade orzamentaria como en sustentabilidade, polo que as previsións que se fixeron son axustadas e o feito de que se incumpran inicialmente algunhas das regras establecidas polo Ministerio non é óbice para que o nivel de regularidade e o nivel de axuste na execución do mesmo leve a que ao final hai a absoluta garantía de que se cumprirán todos os criterios. Salienta o sr. alcalde que esta cuestión de credibilidade vai tamén acompañada dos resultados, e así o último orzamento que tivo déficit foi o do ano 2011, cun déficit de 286.000 €, e a partir de aí, cos plans de axuste e co demais, no ano 2012 o superávit do orzamento foi de 90.000 €, no 2013 de 147.000 €, e no 2014 de 563.000 € e as previsións cos datos consultados en contabilidade esta mesma mañá é que o resultado orzamentario do 2015 terá un superávit tamén próximo aos 500.000 €. Explica o sr. alcalde que o que se está demostrando na xestión municipal e que o equipo de goberno é capaz de facer uns orzamentos ambiciosos en boa medida pero tamén moi axustados, e que están contribuíndo de forma decisiva a eliminar a débeda e o remanente negativo que o concello mantivo historicamente. Lembra o sr. alcalde que, se hai 4 ou 5 anos, o remanente do concello era un remanente negativo de 3.100.000 €, o remanente ao final do ano 2014, último do que se dispón de valores reais, estaba en 500.000 €, polo que se logrou rebaixar grazas a ese superávit consecutivo. Considera o sr. alcalde que hoxe se atopan en condicións de afirmar que o remanente a finais do ano 2015 vai a deixar de ser negativo, vai a ser positivo, ou vai a ser negativo por moi pouco importe. Considera que as previsións orzamentarias que presenta aquí, son previsións realistas, resultando axustadas nos ingresos e exhaustivas nos gastos e fixan como prioridade o gasto social, a política cultural e deportiva e co apoio que se mantén historicamente con respecto ás asociacións que desenvolven o traballo complementario neses eidos no propio concello. Trátase duns



orxamentos ambiciosos nos investimentos e infraestruturas, tanto nas viarias como na conservación de edificios, e se presta especial apoio ao emprego e ao transporte, que teñen que ser dous eixos da nova lexislatura que queren afianzar. Todo isto cun control do gasto que seguirá mantendo nesta lexislatura, contando con deixar, no próximo ano, definitivamente eliminado o déficit negativo e así poder dedicar os cartos ao que hai que dedicalos que é a ofrecer servizos axeitados.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, di que vai comezar poñendo de manifesto que, como evidencian os feitos, a vontade do goberno municipal de elaborar un orxamento estivo baseado nun proceder que non pretendeu dende ningún momento abrir canles formais de diálogo coas forzas da oposición para acadar así un amplo consenso para as contas, o que considera unha mágoa. Opina o sr. Fernández que en Teo se precisan novas formas de facer política pero haberá que seguir agardando por elas. Lembra que, en xaneiro de 2013, houbo un acordo plenario, apoiado maioritariamente, para dotar a Teo dun plan viario, de carácter integral, resultando unha proposta das máis urxentes, entendéndose agora que non é unha prioridade de ANOVA nin do PSOE, aínda que para o BNG segue sendo fundamental e incluso podería considerar o sentido do seu voto no caso de incluír esta proposta con dotación orzamentaria, para poñelo en marcha. Aclara o sr. Fernández que vai a formular unha serie de preguntas para as cales solicita unha resposta no turno correspondente. Di o sr. Fernández que lle chamou a atención que, en materia de saneamento, hai 17.000 € para traballos realizados por empresas ou outros profesionais e na outra área, de abastecemento de auga potable, hai 142.000 € para o mesmo concepto, en total son 460.000 € dun total de 1.300.000 €. Polo tanto o 33% do orxamento dun servizo público vai dedicado a traballos realizados por empresas ou profesionais. Pide o sr. Fernández que se lle expliquen estas partidas e estes conceptos que parecen unhas cifras importantes.

Di o sr. Fernández que por outra banda hai unhas partidas que lle chaman a atención, que se cualifican como estudos e traballos técnicos que pasan de 10.000 € a 95.000 €, e pide unha explicación ao efecto. En urbanismo se pasa de 5.000 € a 83.000 €, en servizos sociais de 5.000 € a 8.000 €, en infraestruturas hai 4.000 € onde non había



nada. Pregunta qué tipo de traballos son e que se intenta facer con eses créditos orzamentarios.

O sr. Fernández sinala que hai un apartado de actividades de promoción do patrimonio, de 30.000 €, que lle parece unha aposta moi interesante, e pregunta cales son os proxectos que se queren incluír con cargo a ese crédito orzamentario. Chámalle a atención que, tratándose de gastos en propaganda, se pase de 19.000 € a 41.000 € e pregunta o sr. Fernández cal é o motivo dese incremento. Tratándose do concepto de actividades de participación veciñal de 32.500 € pregunta para qué actividades ou proxectos están pensados e en canto a temas como reunións, conferencias e cursos, que pasan de 1.100 € a 28.750 €, pregunta cales son esas reunións, conferencias e cursos que se integran nese concepto. Explica o sr. Fernández que hai un epígrafe que se chama administración xeral do comercio, turismo e pequenas e medianas empresas, que di lle parece unha boa iniciativa, cun total de 155.000 € e pide que se lle explique polo miúdo cada un dos conceptos deste epígrafe: arrendamento de maquinaria, 7.000 €, propaganda 3.000 €, reunións, conferencias e cursos 25.000 €, e información e promoción turística 40.500 €, trátase dunha cantidade importante, e quere saber cales son os proxectos pensados en materia de turismo neste momento, porque detrás desas cantidades terá que existir algún proxecto.

Pide o sr. Fernández que se lle explique todos e cada un deses conceptos dos epígrafes que aparecen noutros investimentos e infraestruturas destinados ao uso xeral, por importe de 40.000 € e o mobiliario 5.000 €.

Pregunta o sr. Fernández, tratándose dos ingresos, cómo se fan as previsións. Entende que normalmente vanse ao orzamento liquidado, nese caso sería o provisional do 2015, e máis aínda tendo en conta o informe de intervención no que se fala de ingresos inflados, polo tanto irrealis. Procede o sr. Fernández a examinar algunha das partidas que poderían ser explicadas coma por exemplo, na declaración do IBI rústica, para 2014 foron 12.269,29 € e a previsión para o 2016 é de 12.200 €. Pregunta o sr. Fernández qué pasa coa previsión da regularización catastral, engadindo que ve que está bastante axustada, en relación ao liquidado realmente no exercicio anterior. No IBI urbana, no 14 vese que son 2.222.436,95 € e a previsión do 2016 son 3.175.000 €, é dicir, entran máis que na do 2014 con respecto ao IBI urbano que non na rústica. Di o



sr. Fernández que lle choca porque iso se explica en base á regulación catastral e no rural non hai regularización catastral. Di o sr. Fernández que se interesa polo tema só para saber como se xestiona.

Sinala o sr. Fernández que a contribución de urbana é un 38% máis, engadindo que lle parece excesiva, e pregunta como se fixo a estimación, cales son os datos que ten o sr. alcalde e dende cando os ten, xa que a regulación catastral comezou no 2013, publícase no BOE no 2014, e estivo en marcha todo ese proceso fotográfico, aéreo, no 2015, e parece ser que a alcaldía ten algún dato que non teñen os demais, para facer esta previsión de recadación.

Pregúntalle ao sr. alcalde como coñece un pacto na regulación catastral en Teo, engadindo que non sabe se ao mellor ten liña directa co ministerio de facenda, con catastro, e de ser así como no se dou dera esta información antes, e se agardou a que os veciños se alarmaran cando lles chegan as cartas nas que os cualifican de defraudadores fiscais.

Pregunta o sr. Fernández en canto se valora ese incremento catastral para as vivendas, porque para poder estimar case 900.000 € de ingresos haberá que dicir de onde saen os números. Considera que tamén habería que preguntarse o que pasou en Teo tamén coa inspección urbanística nestes anos, porque se chega a un incremento de case o 38% o que supón que algo está pasando, xa que no cree que sexa simplemente 4 alpendres e 4 garaxes e pouco máis e 2 porches e 4 retellados. Pregunta o sr. Fernández cales son os datos que ten a alcaldía para facer estas previsións.

Considera o sr. Fernández que hai que ter en conta que o sr. alcalde foi o concelleiro de urbanismo durante 8 anos, polo que algo sabería a respecto da situación do urbanismo en Teo.

Aclara o sr. Fernández que cando fala do IBI nos orzamentos hai que salientar que a declaración por IBI representa o 33% do total do incremento do orzamento que son 2.600.000 € a respecto do último orzamento prorrogado para o 2015, que é o do 2014, o incremento da declaración por taxas por exemplo é un 2% incluída esa partida





enorme da piscina de 550.000 €, e as transferencias representan o 20% do incremento do total.

Di o sr. Fernández que lle interesa que se lle expliquen todas estas cuestións que formula e sinala que a sra. Lemus dicía, en setembro de 2015, cando se falaba da modificación da ordenanza do IBI, que eran 2.000.000 € menos en transferencias. Pregunta o sr. Fernández onde está ese déficit, ou é que tamén a sra. Lemus ten información que non teñen os demais, ou que non tiña a información que correspondía, ou se equivocaron na previsión da que falou no Pleno. Remítese o sr. Fernández á acta do pleno ao que se refire de setembro de 2015. Cree o sr. Fernández que o se pretendía era alarmar para xustificar aquela suba da contribución.

Tratándose das transferencias, manifesta o sr. Fernández que neste proxecto de orzamentos o concello sae bastante ben, pois na participación de ingresos do Estado incrementábase en 116.500 €, e aumentan 76.000 € tanto as finalistas como a participación nos tributos da Xunta de Galicia, tanto as transferencias vinculadas a algún proxecto ou área específica, e tamén aumentan significativamente, en todos os aspectos, non so simplemente en transferencias correntes senón tamén nos Plans e programas da Deputación. Considera o sr. Fernández que aí xa se nota o impulso que dou o BNG na Deputación para vaciala de competencias e pasarlle aos concellos o maior número de recursos posibles, algo que considera non pode negar ninguén. Sinala o sr. Fernández que se observa un incremento claro das transferencias doutras Administración, aínda que de momento son previsións.

Refírese o sr. Fernández ao informe de intervención e di que a situación económica do concello ponse de manifesto cando se observa que o período medio de pago a provedores, pasou de 40 días no primeiro trimestre do 2015 a 56 días no último trimestre do 2015 e segundo a realidade 6 días máis de media no pago a provedores, duplicando polo tanto o período legal de 30 días para aboar os pagos, polo que dende que tomou posesión o novo goberno a tardanza nos pagos non fixo máis que aumentar. Aclara o sr. Fernández que o sr. alcalde dou conta do cumprimento de prazos no pago de operacións comerciais do ano 2015, e que ese é o informe ao que se remite, e do que fala de 40 a 56 días.



Dirixíndose ao sr. alcalde, o sr. Fernández dille que esa é a situación do concello de Teo, engadindo que viu nalgunha nota de prensa na que se cualifican os orzamentos de expansivos, supoñendo que a definición esa refírese a que son orzamentos máis elevados que os anteriores, que teñen máis cifras que o anterior, porén o problema que ten é que non son realistas, e polo tanto non son solidarios.

Refírese o sr. Fernández ao informe de intervención, e di que non se cumpre a estabilidade orzamentaria, o que leva a concluír que vai ser necesario aprobar un novo plan de saneamento, como di expresamente intervención municipal no informe, a diferenza do ano 2014, que non concluía con esa obriga.

Salienta o sr. Fernández que se constata nos informes técnicos que os ingresos dalgunhas partidas están bastante infladas e que non se corresponden cos dereitos recoñecidos no exercicio precedente e verifícase en xeral un inflamento dos ingresos que, en moitos casos, non están xustificados, como o IAE, ICIO, recollida lixo, licenzas, etc, ao que hai que engadir o tema do IBI.

Na liquidación do exercicio 2015, na provisional, no capítulo III de ingresos hai un déficit de 536.349 € , e así tamén no 2014 houbo outro déficit de 567.000 €, similar ao que tivo lugar no 2015. Pregunta o sr. Fernández como se pensa conseguir estes recursos para financiar créditos do gasto, porque isto é importante, porque se non entran ingresos tampouco se van poder cumprir os gastos.

É un programa para o futuro en canto non se cumpre a previsión de ingresos e entón non se poden financiar os créditos para os gastos previstos, as inversións poden quedar en nada, así como o financiamento dos servizos, máis aínda cando falamos do nivel de inflamento ao que acabamos de referirnos.

Por outra banda o orzamento non incorpora o remanente negativo de tesourería por valor de 564.000 €, no ano 2007, e dende aquel momento foi algo que se herdou e que se mantivo no tempo ata que se comezou a reducir. Salienta o sr. Fernández que as políticas do PP dos axustes e desa intervención dos concellos quizais favoreceu que baixara ese remanente negativo de tesourería. Entón, ao non presentalo, falase



claramente dun déficit orzamentario, como di a señora interventora no seu informe fiscalizando de maneira desfavorable.

Intervén a sra. Lemus explica que vai a dividir a súa primeira intervención en dúas partes, unhas consideración xerais sobre os orzamentos e unha segunda parte de contestación a certas cuestións que formulou o sr concelleiro do BNG.

Salienta que o orzamento proposta para os socialistas de Teo recolle varios principios fundamentais. Por un lado o que sería obedecer un pacto de goberno progresista de esquerdas, un programa de xullo que recorda moitas das ideas que están aquí recollidas neste orzamento. Salienta que tamén falará dunha reflexión do que queren no futuro, unha redistribución dos ingresos, da riqueza.

Salienta que de certos aspectos xa falou o alcalde, e que se teñen que salientar como o fomento de emprego, subvencións ao fomento de emprego, a partida de comercio e turismo, o aumento das partidas en servizos sociais un 18%, a baixada nos gastos de abastecemento e saneamento nun 13%, etc. Explica que o sr. Fernández falaba antes de que había un gasto en servizos externos nun 33%, o gasto total en abastecemento e abastecemento baixa un 13% con respecto a cando estaba externalizado e hai que dicir que nos cálculos orixinais que se presentaron no concello no mes de marzo do ano pasado se prevía que esta externalización fose de cerca do 45% e non do 33%, polo tanto se está axustando bastante o aforro que representa para os veciños e maior inversión en abastecemento e saneamento que suporía este aforro. Refírese a sra. Lemus ao aumento no gasto cultural e di que tamén quería destacar, nas subvencións nominativas, por exemplo nas deportivas, a idea das escolas deportivas, que lle parece moi interesante, vinculadas ao aumento das subvencións nominativas, ou incluso un aspecto que nos orzamentos do 2014 non aparecía, que é a recollida de todos os gastos de persoal necesarios para as prazas de persoal vacantes.

Quere destacar a sra. Lemus que na parte dos ingresos recolleuse a baixada de determinados ingresos por venda de parcelas e de madeira, que pasaron de un orzamento no 2014 de 622.000 € a 315.000 €, máis do 50% de baixada, estándose agora mesmo preparando o prego para o alleamento das parcelas municipais dos Verxeles e Augas Mansas, que esperan que saia nos próximos días.



Destaca a sra. Lemus o esforzo da Deputación da Coruña que se dedica a non aumentar os gastos de persoal nin pagar débedas senón principalmente en investimentos en bens e servizos. Explica que a Deputación fixo un esforzo e nos últimos meses ese remanente desaparece como tal e aparece maior inversión para os concellos. Explica que o que ela dicía en setembro se refería a que nos últimos 3 anos se deixaron de recadar 2.000.000 de euros en transferencias da Deputación, con respecto ao anteriormente recadado, e así se fixo saber na reunión que tiveron no mes de agosto co Presidente da Deputación.

Sinala a sra. Lemus que finalmente quere destacar o último apartado que é o anexo de investimentos. Trátase dun gasto de máis de 2.500.000 € e a inversión aumenta un 94% con respecto ao 2014. Di a Sra. Lemus que hai cousas que entenden que son fundamentais para a mellora das condicións de vida dos teenses como son o acondicionamento completo de núcleos como Vilela ou Fornelos, o colector de saneamento de Espasande, a colocación de un ascensor no local da policía local, acondicionamento do pavillón da Ramallosa ou a finalización do trazado dun roteiro arredor de Cacheiras. Tamén hai proxectos que intentan dar un pulo ás zonas que necesitan unha mellora, enténdase unha reforma integral, como o acondicionamento da praza circular dos Tilos, melloras en viarios, Bustelo, Freixeiro, Outeiro Feros, Solláns, Chaves, Ribeira, Trasellas e Hermida. Vaise a actuar en case 12 km de viario, que é máis do 5% do viario municipal, en 3.500 m<sup>2</sup> en núcleos rurais, e non é unha previsión, senón que son proxectos acabados, con financiamento da Deputación e financiamento comprometido no Pleno.

Lembra a sra Lemus que un elemento básico no seu programa electoral, é a sustentabilidade, falándose dun Teo sostible. Explica que se está a colaborar coa Universidade da Coruña, que xa se fixo a primeira fase de autoría enerxética e se está facendo a segunda fase de aplicación da mesma co proxecto estándar de eficiencia enerxética tanto en alumeado público como en instalacións.

Entende a sra. Lemus que o orzamento é froito dun consenso, e tendo en conta a colaboración das partes en investimento, que ascende a 2.500.000, pódese falar de participación.



Explica a sra. Lemus que quere finalizar cunhas breves consideracións sobre o que comentou o concelleiro do BNG. Salia que lle chama moito a atención o tema das Comisións informativas, que son para informar dos asuntos que se van a levar ao pleno e onde se fan preguntas correspondentes. O luns ás 19.00 h celebrouse a comisión de orzamentos onde despois da exposición do señor alcalde a ningún grupo da oposición tivo nada que dicir sobre os orzamentos, nin a primeira palabra. Explica a sra Lemus que di isto porque hai determinadas preguntas e determinadas afirmacións que fai o concelleiro do BNG que lle chaman a atención, como por exemplo falar duns estudos, e deixando datos, de forma que todo parece moi escuro, polo que lle gustaría aclarar algúns. Por exemplo, cando fala dos estudos e traballos técnicos de urbanismo hai que ter en conta que todos os proxectos que se fixeron en urbanismo nos últimos tempos, salvo casos de estrutura, o colector, o resto están feitos polos servizos técnicos, o cal é unha novidade nos últimos anos. Esta suba débese á elaboración do novo PXOM, que necesita uns estudos técnicos, levantamentos topográficos, e un asesoramento por parte doutros expertos que non pode facerse so polo arquitecto e os arquitectos técnicos municipais. Prega a sra. Lemus que, na medida do posible, se utilicen as Comisións informativas, para informar dos asuntos que se levan a Pleno, que é o obxectivo destas comisións. Considera que se os concelleiros prefiren facelo diante do público e en prensa, a ela lle parece correcto, pero non lle parece o máis coherente, na medida en que, se se quere unha nova política, tamén haberá que exercer os mecanismos que da a lei e a normativa existente.

Tratándose do catastro di a sra. Lemus que so quería dicir, polo que deixou caer o concelleiro do BNG, que a regulación catastral non supón nunca ningún tipo de regularización urbanística, xa que dar de alta casas non significa que estean sen licenza, ou con licenza, ou cumprindo as condicións da súa licenza. Cree a sra. Lemus que falando do tema do castastrazo teñen que ser todos o máis rigurosos posibles, entendendo o prexuízo que causa xa á poboación, non se poden mixturar conceptos. Reitera que a regularización catastral en ningún caso supón regularización urbanística, engadindo que o di porque parece que se temos a casa de alta no catastro está en perfecta legalidade e non é verdade.



Sinala a sra. Lemus que, tratándose da rede viaria, pensa, e ademais así o fai a dirección xeral de tráfico, que o plan de seguridade viaria é para entornos máis urbanos que Teo, primeiro porque é moi difícil controlar e regular a seguridade vial, que ten moito que ver cos fluxos de tráfico, o que precisa Teo é un plan de estruturas, que é o que se está facendo agora mesmo. Opina que tamén como mecanismo para este plan de seguridade ou plan de infraestruturas, como se lle queira chamar, non é necesario que se teña un documento de 200 folios para saber cales son, porque as necesidades se fixan claramente nun proceso de participación veciñal que foi o de Teo Decide Camiños Seguros, onde non se viu a ningún membro da oposición, aínda que poderían ir porque son cidadáns como calquera outro, a ver como é ese proceso de participación veciñal. Aí todos os veciños buscaron moitas saídas e alternativas, que sería o proceso de seguridade viaria nas vías, buscaron todo tipo de alternativas e deron todo un mapa de nudos de comunicación e de vías de comunicación deste concello.

Sinala a sra. Lemus que se o sr. Fernández precisa que poña “*Plan de seguridade viaria*” para apoiar o orzamento, lle parece un pouco limitado este apoio, habida conta das numerosas inversións, actuacións en servizos sociais, culturais e deportivas, aumento das subvencións de fomento de emprego, as políticas a pequenas e medianas empresas, das que falará posteriormente, etc. Afirmo que se trata dun orzamento expansivo que responde a unha nova necesidade deste concello. Salia que ela, no Pleno dos orzamentos do 2014, fixábase moito na estabilidade orzamentaria e o que é curioso é que coa estabilidade orzamentaria esa lei do 2012, aprobada soamente cos votos do PP, o aumento de ingresos significaría para o concello un superávit, e nunca maiores gastos. Explica a sra. Lemus que se podería ter unha regularización catastral, unha revisión catastral, e incluso ter 3.000.000 € e non 2.000.000 € de transferencias doutras Administracións e non implicarían maiores gastos, é dicir, é unha medida de control absoluto do gasto público, pero non para controlar o déficit, senón para controlar que en ningún caso as Administracións Públicas crezan. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que, en todo caso, finalmente o concello de Teo cumpre coa estabilidade orzamentaria, cumpre coa regra de gasto, e como dixo o sr. alcalde, agardan que desapareza o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, que hai 4 anos era de 3.500.000 €, polo tanto o seu grupo vai a apoiar uns orzamentos que consideran serán moi beneficiosos para Teo.



Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo, D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez di que hai un erro de bulto importante, porque a interventora non puido facer uns informes do mesmo orzamento do que fala o sr. alcalde, porque están falando de orzamentos de concellos totalmente diferentes, xa que a lectura do alcalde e a lectura de intervención non poden ser máis dispares.

Salienta que unha vez máis o remanente de tesourería é negativo, ao tempo que o orzamento é nivelado, cando debería ter superávit equivalente. Pregunta o sr. Sánchez se se van a levar a cabo algunha das medidas que establece o texto refundido da lei das facendas locais en situacións como esta.

Pregunta o sr. Sánchez a que se debe que os ingresos derivados do prezo público por servizos deportivos ascendan a 619.000 €, e polo plan de saneamento, engadindo que unha vez máis a intervención alertaba sobre o incumprimento do mesmo, engadindo que dende o PP queren saber como o goberno local xustifica isto.

Pregunta o sr. Sánchez a que responde o subconcepto 344.00 de Entradas a espectáculos, novo no orzamento.

Di o sr. Sánchez que, tendo en consideración as fiscalizacións desfavorables da intervención, lles gustaría que a interventora, se é posible, interviñera agora para que os ilustrara, considerando que plans considera prioritarios levar a cabo, en función dos informes e das fiscalizacións desfavorables que fixo nos seus informes.

Intervén o sr. alcalde di que se lle pode dicir ao grupo de goberno que hai falta de diálogo, porque é fácil dicilo, porén se fixo un esforzo de adiantar os documentos polo menos 15 días, porque o momento legal de entregalos é cando se convocan as Comisións. No correo no que se mandan se dicía que se estaba aberto abertos a aportacións e a calquera consideración. Aclara o sr. alcalde que se fan as Comisión e ninguén di nada, polo que se pode dicir que hai falta de diálogo, pero non sabe por parte de quen, xa que diálogo sempre é entre dous. Tratándose do plan de seguridade viaria o sr. alcalde sinala que xa o comentou a sra. Lemus.



Referíndose á xestión do saneamento e do abastecemento di o sr. alcalde que é certo que hai unha parte importante de xestión privada, pero totalmente xustificable, por exemplo analíticas, tratamento de lodos, mantemento dos bombeiros, estándose falando de importantes cantidades, xa que o tratamento de lodos ao ano poden ser 50.000 ou 60.000 €, e o aluguer do camiión de saneamento do desatascador, que vén dous días completos a Teo son 60.000 € ao ano, e iso non o pode facer o concello. Salienta o sr. alcalde que, xa que o BNG está no goberno de Ames, aproveita para dicir que, con ese afán de cooperación, estase intentando que se Ames asume á municipalización do servizo, poderíase mercar un camiión de saneamento para os dous concellos, porque para Teo so non compensa, porén se se compra para dous, Ames o tería tres días e Teo os outros dous da semana. Dirixíndose ao sr. Fernández o sr. alcalde dille que a colaboración que poida prestar nese aspecto agradecerase moito. Salienta que se trata de gastos perfectamente xustificables, xa que son aspectos que non pode asumir o concello, non tendo tampouco palas, nin excavadoras para abrir zanxas, etc, ademais tampouco parece que o concello neste caso, co volume de traballo que da, lle sexa rendible asumilos, e a xestión do servizo asumíuse para ser rendibles e para non ter perdas, xa que o límite da función do servizo está na rendibilidade, no custe de que non se dilapiden os que son os cartos de todos.

O sr. alcalde di coincidir plenamente coas sra. Lemus e, dirixíndose ao sr. Fernández, dille que se quere información detallada con respecto ás partidas dos orzamentos tería que plantexarse na Comisión e non hai ningún problema en explicalo, porque tal é como se plantexaron é bastante difícil. Salienta o sr. alcalde que a sra. Lemus explicou algunha, engadindo que el pode explicar outras como o incremento en gastos propagandísticos en concreto nas áreas da sra. García. Explica que os 7 concellos que agrupan os Xenerais da Ulla este ano centralizase nun concello a subvención e os gastos colectivos, e houbo que centralizalo todo en Teo. Salienta o sr. alcalde que todo ten unha explicación, porén plantexado como o fai o sr. Fernández coma un aumento da porcentaxe da propaganda parece moi desacertado, e se as explicacións se piden con tempo as explicacións se poden dar.

Salienta o sr. alcalde que tamén ten unha xustificación lóxica o do incremento dos ingresos do IBI. Explica que cando a dirección territorial do catastro envía unha





comunicación dicindo o que se comentou no Pleno en setembro, que o 6 que se viña mantendo xa non se ía manter, houbo que facer números co obxectivo de que a xente, neste recibo do ano 2016 pagara exactamente igual do que viña pagando no 2015, que é o que se vai a facer. Cando veu o Director territorial con ese motivo e plantexa esa pregunta, xa traslada o avance do proceso de regularización, co que o concello non ten máis participación que unha carta que chega á altura do verán pasado, e di que se os veciños amosan alarma pola presenza de persoas facendo fotos e demais que é a xente do catastro, e comenta que o incremento de recadación no IBI urbano en Teo vai a superar o millón de euros e en base a iso se fai o orzamento. Por iso estímase esa situación, non co rústico, porque este se mantén, entre outras cousas porque o rústico na maioría das cartas que están chegando sobre o incremento de valor do rústico poñen o ano 2017, co cal non se pode facer, e no urbano xustifícase en que Teo ten a ponencia de valores máis antiga non só da contorna senón de toda Galicia, co cal simplemente a actualización das reformas existentes da revisión dos valores catastrais en base a iso, a construción de piscinas, a construción de casas que non están dadas de alta, etc, vai a supoñer eses ingresos para o concello. Aclara o sr. alcalde que ese é o dato no que se basa o incremento do IBI.

Salienta o sr. alcalde que non ten nada que ver coas inspeccións urbanísticas, e que, se tivera que ver, entende que non está pretendendo o sr. Fernández que dende o concello se acelere o proceso de regularización, aínda que a regularización como cuestión obxectiva non sexa criticable, é dicir, que cada quen pague polo que ten parece o principio básico da esquerda. Di o sr. alcalde que despois se pode matizar e ver os aspectos negativos e os aspectos impresentables que presenta este catastrazo promovido polo PP, pero en principio o que construíu unha casa, ou que fixo unha rehabilitación e está pagando por unha casa que ten un valor catastral de 100.000 € e está pagando 50 é unha inxustiza para os que están pagando 300 €.

Tratándose dos informe de intervención o sr. alcalde salienta que existe unha discrepancia evidente, e así el non comparte e pode xustificar que non hai ingresos inflados. E sobre calquera dos aspectos que se poden considerar de ingresos hinchados, tanto de declaración do lixo, de recadación do ICIO, etc, se poden xustificar. Existe unha discrepancia, pero tamén existía unha discrepancia cando se trouxo o



orxamentos do 2014, e ao final dos orxamentos tivo razón o equipo de goberno. O orxamento do 2014 se aprobaba cun superávit de 563.000 €, o que significa que tiñan razón, polo que asume esa discrepancia e están dispostos e comprometidos a traballar polo mesmo.

Tratándose das discrepancias con respecto aos ingresos di que se fai en función dos ingresos liquidados, e sinala que ten sacado desta mañá o resultado orxamentario a 31 de decembro do 2015, e son datos pechados, é dicir que as alteracións que poidan producirse van a vir dos axustes, non polos datos pechados, polos axustes de financiamento negativo e demais. Saen un uns dereitos netos recoñecidos de 10.469.311,30 € e unhas obrigas recoñecidas netas 9.584.967,54, o cal da un resultado orxamentario, sen axustar, de 884.343,76 € positivos. É certo que ese non vai a ser o resultado final cos axustes, pero si vai a ser un resultado orxamentario netamente positivo, polo que se vai a ter un superávit na xestión do orxamento do ano pasado. En resposta ao plantexado polo sr. Sánchez, o sr alcalde resposta que non tiñan que ir ningún mecanismo porque o remanente do concello se é negativo o vai a ser nunha cantidade mínima. O ano que vén remata un dos plans, o que vai do 12 ao 17, o outro remata no 2022, estándose en condicións incluso no próximo ano de poder liquidar bastante as cuestións para o ano 22.

Salienta o sr. alcalde que o concelleiro do PP pregunta porque se incumpre o plan de saneamento e sinala que cada vez que traen unha medida do plan de saneamento, de subir algunha taxa, o recibo do lixo, etc, os do PP son os primeiros que se opoñen, entón está ben que se lles digan por que non se cumpre o plan de saneamento cando o PP se opón sistematicamente a calquera das medidas asumidas no citado plan, polo que os concelleiros deberían ser un pouco coherentes se ven que a xestión do goberno municipal non fai necesario aplicar esas medidas recoñecerlle o méritos, ou que non o recoñezan, pero que non critiquen cando non se lle suba o lixo á xente.

Tratándose dos prezos deportivos, regularizar a situación a nivel orxamentaria significa que o que cobra a operadora do servizo ten que controlarse como ingresos, e como gastos incorporar o que se lle paga en todos os conceptos á xestora na que eles, obviamente, se quedan coas taxas, o que cobran contabiliza como un ingreso pero tamén contabiliza como gasto. Explica que o das entradas é porque, foi remitida ao



boletín oficial da provincial un concurso no que se contempla, con respecto o servizo de exhibición, promoción teatral, un concurso público que vai haber, e que incorpora eses conceptos, por iso se fixo esa previsión.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, di que fixo unha serie de preguntas porque cree que é importante, porque xa é 31 de marzo, e mañá 1 de abril, polo que van 3 meses no ano e faltan 9 para rematar o exercicio. Refírese o sr. Fernández a esa partida de patrimonio e pregunta para que é ou se se pon unha cifra e logo “xa veremos que metemos aí”. Salienta que el pregunta que se se ten pensado facer na promoción do patrimonio, engadindo que lle parece algo moi interesante, resultando unha partida moi interesante.

Pregunta o sr. Fernández para que son as comparecencias a cursos, xa que haberá algo programado, porque quere pensar que se anunciarán, e logo haberá que facelos, non é meter cartos e despois xa se verá. Considera o sr. Fernández que este é o lugar oportuno para facer estas preguntas, porque son cuestións que cree que teñen relación cos pactos de goberno e cos programas electorais, e este é o lugar onde se piden explicacións.

Di o sr. Fernández que a sra. Lemus falaba do plan de seguridade viaria, engadindo que esta concelleira, dende que entrou no goberno municipal, experimentou un gran cambio, porque agora critica o que fixo o ano pasado, que é o mesmo que xustifica que estea aquí neste grupo, polo traballo feito no pasado

Tratándose da seguridade viaria, hai un un acordo plenario do 2013, que apoiou a sra. Lemus, para realizar un plan de seguridade viaria en Teo e hai un acordo coa dirección xeral de tráfico que asinaron todos, no que ofrecían recursos, persoal, enxeñeiros, e todo o que teñen, para elaborar un plan de seguridade viaria.

Dirixíndose á sra. Lemus, o sr. Fernández dille que, diante dos informes de intervención, quen a viu, quen a ve e quen a verá, porque nas súas intervencións falaba de aforro neto, aforro bruto, etc, e agora parece que xa non é importante.

O sr. Fernández sinala que a maior parte das infraestruturas que citou a sra. Lemus saíron nun acordo de todos os grupos desta corporación, algunhas delas propostas



pola oposición, simplemente se incorporaron ao orzamento, e están financiadas por plans de Deputación, resultando que a maior parte son dun acordo de todos os grupos que formaron parte da corporación ao longo do 2015, de acordos que foron adoptando.

Tratándose do foro de veciños, sinala o sr. Fernández que el irá a un foro se quere, e que en todo caso a un foro dese foi un compañeiro do BNG, e tamén sabe a xente que había nel, o que é unha mágoa, porén non se vai a ir a buscar á xente á casa.

Di o sr. Fernández que unha cousa que lle chocou, é que haxa unha empresa que se encargue de organizar os foros, que é tanto como dicir externalizar a democracia, porque habendo seis concelleiros con liberación política que haxa unha empresa encargada de facer o que fixeron sempre os concelleiros, como son as reunións coa veciñanza, pois a chócalle moito.

Tratándose da falta de diálogo, di o sr. Fernández que o sr. alcalde mandoulle un correo electrónico a todos, coa proposta dos orzamentos e el respondeulle ao correo e agradeceullo. Iso foi en torno ao día 15, e se di que é para ir ao pleno do 31 de marzo, e quen propón tamén dispón e podía dicir, que se abre un prazo de 10 días para discutir o que se poda discutir, e chegarase a un acordo ou non, porén polo menos teríase intentado, a ver que propostas hai, que podemos negociar. Salienta o sr. Fernández que el xa sabe que un orzamento non é unha broma, e se metes dun lado quitas do outro, polo tanto é algo que ten a súa complexidade e a responsabilidade de quen o negocia e iso non se viu, xa que se trata dun proceso formal, e aínda que el lle podía ter dito o sr. alcalde "*podes meter un par de partidas para iso*"?, non lle parece o correcto, polo que se limitou a facer unha serie de aclaracións pero en cuestións formais, foron 2 preguntas.

Reitera o sr. Fernández que non houbo ningún proceso de diálogo formal, salvo que, a partir de agora, cando faga unha proposta teñen que entender que poden propor calquera cousa como alternativa, pero estaría ben que o sr. alcalde llo diga, sobre todo cando é un goberno de coalición coma este. Entende o sr. Fernández que debería ser así.



En relación o da colaboración con Ames, sinala o sr. Fernández que animará aos seus compañeiros do goberno de Ames a que colaboren para que Teo poida mercar un camiión, iso sen dúbida, e fará algo máis. Considera ao sr. Fernández que unha área na que se iniciara un proxecto de colaboración nalgũa cousa pode dar bos resultados.

Di o sr. Fernández que parece que á sra. Lemus lle molesta que se faga oposición, engadindo que o sinte moito porque el vai a seguir exercendo como oposición.

Tratándose da regularización catastral sinala que el non fala de legalizar, senón de regularizar.

Di o sr. Fernández que é certo que o orzamento increméntase un 23%, aclarando que é certo se se teñen en conta os prezos da piscina, porque entran por un lado e saen polo outro, sería un incremento do 18%. Lembra que antes a sra. Lemus falou dos estudos técnicos, engadindo que lle parece ben que se lle pague o PXOM, pero tamén estaría ben que se anunciara, cando se fixo aquela reunión que se ía a poñer en marcha xa, aínda que el non entendeu que esa cantidade fora desta contía. En todo caso, o sr. Fernández insiste no que dixo antes, cando hai unha explicación razoábel dunha partida a min parécelle perfecto, resultando que el non suxire nada e so pregunta. O sr. Fernández insiste no que dixo antes, e pregunta, xa que entende que polo menos terá dereito a preguntar.

Reitera o sr. Fernández que a valoración que fan dos orzamentos é que é un orzamento cos ingresos inflados, coas consecuencias que ten isto para o concello de Teo, para o futuro do concello, existindo unha ausencia significativa, como o plan de seguridade viaria, que para eles é prioritario. Explica o sr. Fernández que por outra banda xa non se respectan os acordos plenarios deste concello e critica a pequena partida para o fomento do emprego, que só representa o 0,9% do orzamento, engadindo que para o BNG ten moita importancia atender ás 1.500 persoas que están agora mesmo en situación de desemprego. Remata o sr. Fernández a súa intervención sinalando que hai un descontrol total, polo que non vai a apoiar o orzamento.

Intervén a concelleira do PSdeG-PSOE, sra Lemus, quen considerear que xa está dito todo o que se tiña que dicir, marcando cada un o seu posicionamento, engadindo que



ela quería sinalar tres cousas. Primeiro, na formación do patrimonio se inclúen roteiros, se inclúe ademais o estudo arqueolóxico, unha parte, na participación veciñal, que pregunta o señor Fernández, esa o que el lle chama reunións cos veciños, é unha primeira parte, en canto aos cursos se inclúen tamén en parte de fomento de emprego, xornadas formativas a emprendedores, que é unha parte que leva a concelleira de emprego.

Explica que se se ten en conta o gasto en fomento do emprego coa parte de comercio, turismo, e PYMES, hai un gasto total que anda sobre os 123.000 € por un lado e por outro lado son 270.000 € e nos orzamentos que este concelleiro aprobou como membro do BNG eran de 96.000 €, e non había ningunha subvención para fomento do emprego. Di a sra. Lemus que a ela se lle acusa de que cambiou moito no goberno, engadindo que tamén as experiencias de cada un no goberno teñen que marcarse e ser minimamente coherentes co que se fixo en cada unha das posicións.

Á sra. Lemus lle chama a atención que o sr. Fernández utilice os termos de aforro neto e bruto porque ademais é un dos indicadores que mellor funcionou, que cambiou para mellor nos últimos anos no concello e así o dixo na oposición, igual que o endebedamento, que o declarou varias veces, incluso estando na oposición, e o declara no goberno, é dicir, é curioso que o sr. Fernández fale destes indicadores cando son dos mellores que funcionan. Aclara a sra. Lemus que ela non está en contra da oposición, xa que é un funcionamento normal de calquera sistema democrático, senón sería unha ditadura, pero si que lle chama a atención o menosprezo que hai e a sospeita continua que nos últimos plenos xa hai tempo que hai sobre calquera tipo de proxecto, idea, ou iniciativa, por iso dixo antes o de participar na Comisión e facer esas preguntas sobre esas cuestións, porque se deixan caer determinadas cifras en estudos, en publicidade, cando por exemplo en publicidade fala dos gastos de maior publicidade, un dos que máis aumenta é a publicidade neste orzamento, e é o necesario para poñer en marcha a liña interna do autobús, que é a promovida por todas as forzas políticas do concello. Chámalle a atención á sra. Lemus que se faga fincapé nos gastos de publicidade, entón esta sospeita continua, se deixan caer cifras, interesándose por elas, pero deixando caer que hai un aumento no respecto ao ano 2014 ou 2012, sen saber exactamente de que están sendo. Por exemplo antes o



portavoz suplente do PP preguntaba polas taxas por servizos deportivos, non dixo ningunha consideración polas taxas de servizos deportivos, simplemente dixo que subían. Non é unha intervención do estilo da primeira intervención do señor concelleiro do BNG que fixo outro tipo de intervención moito máis “animosa” con respecto ás porcentaxes e aos cambios. Considera a sra. Lemus que o orzamento é defendible en todos os casos, é un orzamento que vai significar, non un antes e un despois para o concello, porque sería esaxerado, xa que os concellos teñen que cambiar pola propia dinámica veciñal, máis que pola dinámica soamente política, porén hai certos aspectos que son moi positivos no mesmo, polo tanto cree que a pesar de todo é un compromiso a longo prazo, e se irá vendo como van as contas xerais e as liquidacións e en todo caso cree que o concello nos últimos tempos está amosando un control do gasto respecto aos ingresos reais que non é nada desdeñable, como así o amosan as contas xerais e as liquidacións.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen di que lle gustaría respostar ás alusións que fixeron os partidos do goberno ao partido popular e despois dicir cales son as súas conclusións do que aquí se acaba de debater.

Considera o sr. Sánchez que o sr. alcalde acaba de evidenciar que o que se vendeu no seu momento como un proceso de municipalización do servizo da auga é exactamente o que dicía o PP, unha auténtica reprivatización. Constátase polas súas palabras e constátase polo que se ve nos orzamentos, esperando que se ruboricen cando vexan as cifras do orzamento xeral, porque se agora se dan conta que non é rendible, tal e como se pensaba antes de iniciar o proceso de municipalización.

Sinala o sr. Sánchez que, no que afecta ás taxas, o sr. alcalde di que o fai para facerlle un favor ao PP, porque eles se opoñemos continuamente ás subas das taxas e salienta que ninguén falou de taxas de lixo ata o momento, polo que non sabe porque se sacou este tema, salvo que existe unha información oculta. Di o sr. Sánchez que houbo unha suba do 25% do IBI, probablemente a maior subida do IBI de toda a provincia, e soben as taxas de servizos de conciliación entre o 66 e o 142%, e pregunta se quere que se lle aplauda por iso. O sr. sánchez di que o seu grupo se opón, porque soben igual as taxas e non cumpren o plan, e iso é absolutamente o máis intolerante da cuestión.



Tratándose do catastro o sr. Sánchez di que se enteran agora que o goberno local sabía o pasado verán que o proceso de regularización catastral ía supoñer unha importante subida nos recibos e aínda así os partidos que sustentan o goberno PSOE e ANOVA, sabendo isto previamente, decidiron subir o IBI o 25%, polo que terán que dar explicacións, terán que asumir responsabilidades e dicirlle á xente por que decidiron subir o IBI cando sabían que o proceso de regularización ía supoñer unha subida dos recibos, cando ademais negaron que os recibos subirían.

Tratándose das cuestións que formulaba o PSOE, o sr. Sánchez di que non vai a entrar no cambio do discurso e do voto do PSOE, engadindo que a sra. Lemus ven a dar leccións acerca de como hai que comportarse nas Comisións, o que resulta unha ironía do destino, porque foi esta concelleira a que fixo convocar un pleno extraordinario urxente para que puidera cambiar o seu sentido do voto, o que ten bastante leña que cortar, para que veña a dar leccións de cómo hai que comportarse nas comisións informativas.

Di o sr. Sánchez que tamén a sra. Lemus lles vai a dar lección económica de medidas que tiveron lugar no ano 2012, unha nova ironía do destino, que un representante do PSOE veña a dar leccións na situación económica do ano 2012, deixando como deixou o PSOE a situación económica do país.

Considera o sr. Sánchez que, dito isto, as conclusións son evidentes. Lembra que antes pediron que intervira, se era posible, a sra. interventora, na liña do que comentaron, xa que os informes de intervención son demoledores porén ao bipartito de PSOE-ANOVA dálle exactamente igual.

Lembra o sr. Sánchez que na anterior quenda preguntaba se se pensaban facer algo por ter un orzamento nivelado cando debería ter un superávit derivado do remanente negativo, e o alcalde respondeu que non, engadindo que realmente tiña confianza en que fora que si, porque é o que se leva facendo dende o ano 2012, pero o bipartito do PSOE – ANOVA dálle igual.

Salienta o sr. Sánchez que un ano máis non se está a cumprir o plan de axuste aprobado no pleno de marzo do 2012, algo que para o equipo de goberno pode ter





máis ou menos importancia pero simbolicamente é algo moi importante, xa que se incumpren os acordos plenarios, pero ao bipartito do PSOE e NOVA dálles igual.

Un ano máis as subvencións nominativas, di o informe de intervención, aumentan, cando a tendencia debería de ser exactamente a contraria, tal e como dicía o partido socialista en anteriores plenos de debate do orzamento, xa que o procedemento será legal e xustificable, pero a tendencia debería de ser exactamente a contraria, de subvencións de concorrencia competitiva, pero isto ao bipartito de PSOE e ANOVA dálles igual.

Dedícanse importantes subconceptos a pagos a empresas que van xestionar, entre outras cousas, alcantarillado e abastecemento e cando o PP dixu que a municipalización da auga se ía converter nunha reprivatización o equipo de goberno botou as mans á cabeza. Espera o sr. Sánchez que agora tamén o fagan cando lean eses datos, aínda que isto ao bipartito do PSOE e ANOVA dálle igual.

Un ano máis, e xa van varios, segue a parecendo a venta fantasma de terreos. Unha vez máis a intervención alerta desta cuestións, porque produce desviacións da financiación que prexudican o remanente, pero isto ao bipartito do PSOE e ANOVA dálle igual.

Un ano máis, a intervención alerta do inflamento de ingresos e polo tanto os orzamentos son irrealis e alerta en 13 subconceptos, pero isto a o bipartito do PSOE e ANOVA dálle igual, iso si, non cambian as taxas do diverteo e do teomadruga, sabendo que van aumentar derivadas dese aumento das taxas, non vaia ser que o PP se dea conta de que se confirman os augurios que eles dixeran no seu momento, porén isto ao bipartito do PSOE e ANOVA dálle igual.

Di o sr. Sánchez que se incumpre a estabilidade orzamentaria, e todo isto cun período medio de pago que duplica practicamente o legalmente establecido, incrementándose dos 40 aos 56 días, e situándose unha vez mais á cabeza da comarca. Pero todo isto ao bipartito do PSOE e ANOVA dálle igual. Remata o sr. Sánchez este é o orzamento da *igualdad*, igual dá o que diga a lei, porque este goberno está por riba dela.



O sr. alcalde sinala que cando o sr. Sánchez di que este goberno está por riba da lei, debería aclarar cal é o incumprimento da lei que está facendo o goberno, porque a interventora non está dicindo que o goberno sexa un goberno que fai cousas ilegais, e é máis se o sr. Sánchez di que “está por riba da lei”, habería que dicir que se este concelleiro ten algunha dúbida sobre os informes que fai a interventora non hai ningunha dúbida en darlle a palabra, porén o que non vai facer a interventora é política, porque a interventora non é política. Di o sr. alcalde que, se hai algunha dúbida sobre os informes de intervención, non ten ningún problema en que interveña, agora, non vai a dicir o deseño da política porque para iso lle pagan aos concelleiros/as.

Dirixíndose ao sr. Fernández o sr. alcalde dilla que non hai ningunha dúbida de que este concelleiro ten dereito á información e ninguén cuestiona ese dereito. O que ten a Administración é que establece uns mecanismos para ter esa información, e o propio sentido común establece un procedemento. O que non se pode é chegar ao Pleno, soltar unha serie de preguntas, que ademais son de áreas moi concretas, que se precisan mirar, e que polo menos falen os concelleiros ou concelleiras responsables. Podese dicir que si, no do patrimonio está o que dixo Uxía as rutas, o da área de protección de monte Piquiño, incrementala, mil cousas máis, pero se iso se di con anterioridade se pode traer aquí toda a información, ou incluso pasarlla previamente por escrito, non se trata de cuestionar o dereito á información.

O sr. alcalde di que segue mantendo que se enviou un correo electrónico con convite a facer aportacións, e se poden establecer outros mecanismos, pero tamén se estableceran outros mecanismos en función das demandas, e é certo que o sr. Fernández plantexou dous, pero eran máis preguntas que demandas, e que se solucionaron e se deron as explicacións pertinentes. Aclara o sr. alcalde que tampouco terían problema en facer unha reunión, pero en base a que esa reunión puidera ser efectiva en base ás demandas.

O sr. alcalde, dirixíndose ao sr. Sánchez, dille que non sabe cal é o problema que ten, porque despois de todo isto que se acaba de dicir, sinalar que agora se dan conta que a xestión pública ía ser deficitaria, habería que preguntarse de onde saca iso, cando el acaba de dicir que na xestión directa se prevía un aforro de 250.000 €, e estase contando que o aforro vai a ser próximo aos 500.000 €. O sr. alcalde pídelo ao sr.



Sánchez que non terxiverse as cousas para o outro lado, cando poder ter un servizo a un prezo moito máis barato reducindo o déficit, non é tan difícil de entender. Di o sr. alcalde que tampouco o é o do IBI, explicando que el sabe o da regularización catastral dende o ano 2004, igual que deberías de sabelo o sr. Sánchez, porque cando se aproba a lei se aproba a lei e xa se establece que vai a haber unha regularización catastral para todos os concellos entre o 2013 e o 2016. E é unha lei do 2004. Entón, podíase dicir que ía ser no 2015, no 2014 ou no 2013 ou no 2016, pero que a medida que nos achegamos ao 2016 e non se fixo antes, era evidente que ía ser si ou si, e iso o di a lei do ano 2004. Salienta o sr. alcalde que se trata ademais dunha Lei aprobada polo PP

Di o sr. alcalde que hai algo que resulta un misterio, xa que resulta que en Teo é onde máis se incrementan as taxas da comarca, e segue tendo as taxas máis baratas, en calquera cousa, nas casas, nos coches, no lixo, etc. E no IBI o que máis, con diferenza, sendo o que está máis barato. Pídelle ao sr. Sánchez que se lle ensine un piso dos mesmos metros cadrados no Milladoiro, en Sigüeiro, ou onde queira, e que pague menos IBI que un que pague en Teo. O que non pode ser é que haxa uns pagando 300 € e outros cunha casa rehabilitada, fantásticamente, estean pagando 50 €, iso é o que é inxusto para todos. Porque o gasto igual que os servizos hainos que regularizar, os ingresos tamén se teñen que facerse equitativos para todos, en función do que cada un ten. Salienta o sr. alcalde que non hai nada sobre a taxa do lixo, que dicía non sei que o sr. Sánchez en Calo, falándose do lixo porque é un dos servizos que é terriblemente deficitario. O que nós lle cobramos á xente, por iso temos as taxas máis baratas, porque o que lle cobramos e o que lle cobramos no lixo, é outro servizo que habería que municipalizar, cando acabe a concesión se estamos aquí o faremos, é de 500.000 euros, case, que pagamos entre todos, porque o que paga a xente co recibo non chega, por iso citei eu o tema do lixo.

O sr. alcalde dille ao Sánchez que cando critique o tema das subvencións nominativas, que están perfectamente pensadas e xustificadas para asociacións que fan un traballo permanente, que están orientadas a que esas asociacións non teñan que estar pendentes de cal vai a ser a subvención que lle dan este ano, senón que teñan asinado un convenio, que teñan a regularidade que lle permitan pagar aos seus profesores,



porque están facendo unha política, e un complemento da política cultural deportiva municipal historicamente e que están funcionando ben. Pídelle o sr. alcalde ao sr. Sánchez que non lle critique iso, senón que lle diga cal é a que teñen que baixar, porque el creo que están xustificadas.

Non habendo máis intervencións e sometido o asunto a votación, prodúcese o seguinte resultado:

- Votos a favor – 8 ( 6 SON de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE)
- Votos en contra – 8 (7 PP e 1 grupo mixto)

Producíndose un resultado de empate, sométese o asunto novamente a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor – 8 ( 6 SON de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE)
- Votos en contra – 8 (7 PP e 1 grupo mixto)

Persistindo o resultado de empate, o sr. alcalde aclara que ao decidir o voto de calidade do Presidente, queda aprobada a proposta.

**De acordo co exposto, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (6 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e oito en contra (7 PP e 1 grupo mixto), decidindo o voto de calidade do Presidente, acorda:**

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2016, cun importe total do Estado de Gastos de 13.828.448,43€ e do Estado de Ingresos de 13.828.448,43€, coa estrutura en capítulos que de seguido se relaciona:

<b>ORZAMENTO MUNICIPAL 2016-RESUMO POR CAPÍTULOS</b>		
<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>CRÉDITO INICIAL (EUROS)</b>
1	Gastos de persoal	3.919.402,48
2	Gastos correntes en	6.343.951,00



	<i>bens e servizos</i>	
3	<i>Gastos financeiros</i>	13.383,59
4	<i>Transferencias correntes</i>	621.680,00
<b><i>Suman operacións correntes</i></b>		<b>10.898.417,07</b>
6	<i>Investimentos reais</i>	2.447.698,92
7	<i>Transferencias de capital</i>	24.200,00
<b><i>Suman operacións de capital</i></b>		<b>2.471.898,92</b>
<b><i>Total operacións non financeiras</i></b>		<b>13.370.315,99</b>
8	<i>Activos financeiros</i>	0,00
9	<i>Pasivos financeiros</i>	458.132,44
<b><i>Total operacións financeiras</i></b>		<b>458.132,44</b>
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>		<b>13.828.448,43</b>
<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>PREVISIÓN INICIAL (EUROS)</b>
1	<i>Impostos directos</i>	4.298.500,00
2	<i>Impostos indirectos</i>	105.000,00
3	<i>Taxas, prezos públicos e outros ingresos</i>	3.074.691,36
4	<i>Transferencias correntes</i>	4.497.357,23
5	<i>Ingresos patrimoniais</i>	70.850,00
<b><i>Suman operacións correntes</i></b>		<b>12.046.398,59</b>
6	<i>Alleamento de investimentos reais</i>	245.000,00
7	<i>Transferencias de capital</i>	1.138.704,70
<b><i>Suman operacións de capital</i></b>		<b>1.383.704,70</b>



<i>Total operacións non financeiras</i>		<b>13.430.103,29</b>
8	<i>Activos financeiros</i>	0,00
9	<i>Pasivos financeiros</i>	398.345,14
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>398.345,14</b>
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>13.828.448,43</b>

**Segundo.-** Aprobar o cadro de persoal e demais anexos do Orzamento para o ano 2016, que constan no expediente.

**Terceiro.-** Expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, o orzamento entenderase aprobado definitivamente, e será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.

## **9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA SOCIAL (TMGS) DO CONCELLO DE TEO.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de administración, transportes, comercio, turismo e emprego, D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez.

A sra. García da conta da proposta de 18 de marzo de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de transportes, turismo, comercio e emprego de 28 de marzo de 2016.

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Modificación das bases para a concesión de axudas do Transporte metropolitano de Galicia Social (TMGS) do Concello de Teo**



Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión de 30 de marzo de 2012, aprobou as bases para a concesión de axudas do Transporte Metropolitano de Galicia Social (TMGS) do Concello de Teo.

Considerando que, na sesión plenaria de 24 de setembro de 2015, acordouse incorporar como novo colectivo de usuarios os estudantes menores de 18 anos, censados no concello de Teo e matriculados en centros de ensino situados dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago.

Considerando que, coa intención de concentrar as axudas ao transporte para estudantes dentro da Área Metropolitana de Santiago, ata agora dividida entre as bolsas de ensino e as bonificacións municipais a través da tarxeta do TMG, preténdese crear un novo colectivo que, equiparándoo ás bases xa establecidas nas bolsas de ensino, bonifique as viaxes dos estudantes de entre 18 e 25 anos, censados no concello e matriculados en centros de ensino situados dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago.

A incorporación desta nova bonificación implicaría a subtracción do importe destinado a transporte na convocatoria de axudas para o ensino, no que respecta aos percorridos dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, e a súa asignación a este novo cargo.

En virtude do exposto, propónse ó Pleno a adopción do seguinte:

## ACORDO

**Primeiro.**- Modificar as bases para a concesión de axudas do transporte metropolitano de Galicia Social (TMGS) do Concello de Teo, para incorporar un novo colectivo de bonificados no TMGS, nos termos que se detallan a continuación, quedando as bases redactadas conforme ao texto que se incorpora como anexo.

1.- Incorporar un **apartado f) no artigo 4** co seguinte texto:

*“f) Os estudantes de 18 a 25 anos censados no concello de Teo, que acrediten a súa matrícula nun centro de ensino dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, que cumpran os seguintes requisitos:*

*1.- Ter un nivel de renda per cápita familiar non superior a 4.000 €, entendéndose que dita renda englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.*

*Consideraranse compoñentes da unidade familiar:*



- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda de transporte, sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o referido ano anterior.
- No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo de renda per cápita, incrementarase nun 0,8 ó número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da lei 3/2011). Para os efectos da consideración da monoparentalidade, e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/proxenitoras, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia, así como a atribución de pensión de alimentos a favor da/do menor, estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal do solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.
- No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.





- *No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da axuda de transporte. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.*

2.- *Estar empadroado no concello de Teo.*

3.- *Ser fillo dependente economicamente, considerándose fillos dependentes economicamente aos menores de 25 anos, que convivan no domicilio familiar e que non teñan un contrato de traballo ou perciban recursos (agás bolsas) no momento de solicitar a axuda de transporte.*

4.- *Estar matriculado nun centro de ensino situado dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, no que se impartan as seguintes disciplinas:*

- *Formación Profesional*
- *PCPI*
- *Formación universitaria*
- *Ensinanza Secundaria Obrigatoria ou Bacharel*
- *Formación para alumnado con necesidades educativas especiais, incluídos os talleres ocupacionais*
- *Ensinanzas Artísticas Superiores”*

2.- Modificar o **parágrafo 7 do artigo 5**, que queda redactado como segue, renumerando o antigo parágrafo 7, que pasa a ser o 8, segundo se detalla a continuación.

*“5.7. Para o colectivo de estudantes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4, apartado f) das presentes bases, o Concello de Teo subvencionará nun 50% o importe de ata un máximo de 40 viaxes mensuais.*

*5.8. As axudas realizaranse con cargo á partida orzamentaria 440/466.0 dentro dos límites establecidos en cada orzamento anual”*

3.- Incorporar un **novo apartado f) no parágrafo 5 do artigo 7**, co seguinte texto:



*“f. As solicitudes presentadas para estudantes aos que fai referencia o artigo 4, apartado f) das presentes bases, deberán ir acompañadas de:*

- ✓ *Certificado de matrícula nun centro de ensino situado dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, para o período no que solicita a bonificación.*
- ✓ *Fotocopia do Libro de Familia, no que figuren todos os membros da unidade familiar.*
- ✓ *Fotocopia da declaración do IRPF do último ano, dos membros da unidade familiar con ingresos ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.*

*Documentación acreditativa, no seu caso, da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.”*

**Segundo**.- Facer público o presente no taboleiro de anuncios e na web municipal.

#### **ANEXO**

#### **“BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA SOCIAL (TMGS) DO CONCELLO DE TEO**

**(...)**

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, amosan o apoio dos seus respectivos grupo á proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cee a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar.

A sra. Ferreiro anuncia o apoio do seu grupo á proposta, e pregúntalle ao equipo de goberno se non se plantexaron a posibilidade de subvencionarlas ao cen por cen. Como non son ilimitadas as viaxes, polo menos as que sí son bonificadas o sexan na súa totalidade. Pensa a sra. Ferreiro que nos orzamentos sempre sería posible revisar as cantidades adicadas a este tipo de axudas e conseguir que sexan mellorables porque se se quere, pódese. Considera a sra. Ferreiro que dende o seu grupo investir da forma



de sexa para que os mozos teñan a mellor das formacións nunca van a ser cartos malgastados.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro.**- Modificar as bases para a concesión de axudas do transporte metropolitano de Galicia Social (TMGS) do Concello de Teo, para incorporar un novo colectivo de bonificados no TMGS, nos termos que se detallan a continuación, quedando as bases redactadas conforme ao texto que se incorpora como anexo.

1.- Incorporar un **apartado f) no artigo 4** co seguinte texto:

*“f) Os estudantes de 18 a 25 anos censados no concello de Teo, que acrediten a súa matrícula nun centro de ensino dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, que cumpran os seguintes requisitos:*

*5.- Ter un nivel de renda per cápita familiar non superior a 4.000 €, entendéndose que dita renda englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.*

*Consideraranse compoñentes da unidade familiar:*

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.*
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.*
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*
- Os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda de transporte, sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o referido ano anterior.*



- *No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo de renda per cápita, incrementarase nun 0,8 ó número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da lei 3/2011). Para os efectos da consideración da monoparentalidade, e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/proxenitoras, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia, así como a atribución de pensión de alimentos a favor da/do menor, estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal do solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.*
- *No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.*
- *Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.*
- *No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da axuda de transporte. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.*

6.- *Estar empadroado no concello de Teo.*

7.- *Ser fillo dependente economicamente, considerándose fillos dependentes economicamente aos menores de 25 anos, que convivan no domicilio familiar e que non teñan un contrato de traballo ou perciban recursos (agás bolsas) no momento de solicitar a axuda de transporte.*



8.- *Estar matriculado nun centro de ensino situado dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, no que se impartan as seguintes disciplinas:*

- *Formación Profesional*
- *PCPI*
- *Formación universitaria*
- *Ensinanza Secundaria Obrigatoria ou Bacharel*
- *Formación para alumnado con necesidades educativas especiais, incluídos os talleres ocupacionais*
- *Ensinanzas Artísticas Superiores*

2.- Modificar o **parágrafo 7 do artigo 5**, que queda redactado como segue, renumerando o antigo parágrafo 7, que pasa a ser o 8, segundo se detalla a continuación.

*“5.7. Para o colectivo de estudantes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4, apartado f) das presentes bases, o Concello de Teo subvencionará nun 50% o importe de ata un máximo de 40 viaxes mensuais.*

*5.8. As axudas realizaranse con cargo á partida orzamentaria 440/466.0 dentro dos límites establecidos en cada orzamento anual”*

3.- Incorporar un **novο apartado f) no parágrafo 5 do artigo 7**, co seguinte texto:

*“f. As solicitudes presentadas para estudantes aos que fai referencia o artigo 4, apartado f) das presentes bases, deberán ir acompañadas de:*

- ✓ *Certificado de matrícula nun centro de ensino situado dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, para o período no que solicita a bonificación.*
- ✓ *Fotocopia do Libro de Familia, no que figuren todos os membros da unidade familiar.*
- ✓ *Fotocopia da declaración do IRPF do último ano, dos membros da unidade familiar con ingresos ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.*



*Documentación acreditativa, no seu caso, da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.”*

**Segundo.-** Facer público o presente no taboleiro de anuncios e na web municipal.

## **ANEXO**

### **“BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA SOCIAL (TMGS) DO CONCELLO DE TEO**

#### **Artigo 1.- Obxecto**

*A presente normativa ten como obxecto a regulación do réxime de concesión das axudas ao transporte colectivo por parte do Concello de Teo, coa intención de promover e facilitar no seu ámbito territorial a mobilidade, o desprazamento e a intercomunicación a través dos medios de transporte público.*

#### **Artigo 2.- Ámbito de Aplicación**

*As axudas ás que fan referencia estas bases serán de aplicación en todos os medios de transporte público incluídos no Anexo Técnico do II Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento Conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Santiago, que o Concello de Teo ten asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, e serán de aplicación exclusiva naquelas viaxes que teñan como orixe ou destino o concello de Teo.*

#### **Artigo 3.-Títulos de viaxe**

*3.1. A estes efectos tan só será considerado válido como título de viaxe a Tarxeta Metropolitana de Galicia Social (TMGS).*

*3.2. Os títulos de viaxe expediranse con carácter nominativo e serán de uso exclusivo do seu titular, que tan só poderá ser titular dunha única TMGS expedida por calquera dos concellos que integran a Área de Transporte Metropolitano de Santiago, quen se responsabiliza da súa custodia e correcto uso, estando obrigado a comunicar ao concello a súa perda ou deterioro coa finalidade de proceder á súa anulación e substitución.*



3.3 A partir da entrada en vigor destas bases queda expresamente anulado calquera outro título, bono ou tarxeta expedidos polo concello coa finalidade de subvencionar o transporte público aos particulares.

#### **Artigo 4.- Beneficiarios**

*Poderán ser beneficiarios, previa solicitude nos servizos correspondentes do concello:*

- *a) As persoas maiores de sesenta e cinco anos, sen actividade laboral, que acrediten estar empadroadas no concello de Teo no momento da súa solicitude e que acrediten o seu empadramento en calquera dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Santiago nos doce meses anteriores á solicitude da axuda e teñan uns ingresos persoais nos superiores a 1,5 veces o valor do IPREM.*
- *b) As persoas en situación de desemprego que cumpran os seguintes requisitos:*
  - 1.- Atoparse inscrito como demandante de emprego, de xeito ininterrompido durante os doce meses anteriores á data da súa solicitude.*
  - 2.- Ter realizado actividade laboral durante un tempo mínimo de doce meses nos derradeiros cinco anos.*
  - 3.- Carecer de recursos propios*
  - 4.- Participar activamente en itinerarios de inserción laboral.*
  - 5.- Estar empadroado no concello de Teo no momento de facer a solicitude e acreditar un empadramento anterior a doce meses en calquera dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Santiago.*
- *c) As persoas que acrediten una discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, acreditada a través de copia de certificación de minusvalía de EVO, que cumpran os seguintes requisitos:*
  - 1.- Ter un nivel de ingresos persoais igual ou inferior a 1,5 veces o valor do IPREM.*
  - 2.- Estar empadroado no concello de Teo no momento de facer a solicitude e acreditar un empadramento anterior a doce meses en calquera dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Santiago.*
- *d) Con carácter extraordinario, aquelas persoas residentes no concello de Teo que, a criterio dos Servizos Sociais do concello e atendendo a razóns de*



*emergencia social ou de precariedade persoal , puideran precisar destas axudas.*

- e) Os estudantes menores de 18 anos censados no concello de Teo, que acrediten a súa matrícula nun centro de ensino da Área de Transporte Metropolitano de Santiago.*
- f) Os estudantes de 18 a 25 anos censados no concello de Teo, que acrediten a súa matrícula nun centro de ensino dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, que cumpran os seguintes requisitos:*

*1.- Ter un nivel de renda per cápita familiar non superior a 4.000 €, entendéndose que dita renda englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.*

*Consideraranse compoñentes da unidade familiar:*

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.*
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.*
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*
- Os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda de transporte, sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o referido ano anterior.*
- No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo de renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da lei 3/2011). Para os efectos da consideración da monoparentalidade, e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/proxenitoras, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da*





*garda e custodia, así como a atribución de pensión de alimentos a favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal do solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.*

- *No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.*
- *Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.*
- *No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da axuda de transporte. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.*

*2.- Estar empadroado no concello de Teo.*

*3.- Ser fillo dependente economicamente, considerándose fillos dependentes economicamente aos menores de 25 anos, que convivan no domicilio familiar e que non teñan un contrato de traballo ou perciban recursos (agás bolsas) no momento de solicitar a axuda de transporte.*

*4.- Estar matriculado nun centro de ensino situado dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, no que se impartan as seguintes disciplinas:*

- *Formación Profesional*
- *PCPI*
- *Formación universitaria*
- *Ensinanza Secundaria Obrigatoria ou Bacharel*
- *Formación para alumnado con necesidades educativas especiais, incluídos os talleres ocupacionais*
- *Ensinanzas Artísticas Superiores*



**Artigo 5.- Contía das axudas e partida orzamentaria**

5.1. A contía das axudas fixarase tomando como referencia o prezo da viaxe sinxela correspondente a un Salto, aboado mediante Tarxeta Metropolitana de Galicia e explicitado no Anexo Técnico do Convenio citado no Artigo 2 das presentes bases, na actualidade 0,78 euros, e poderá ser variado, no seu caso, de acordo coas variacións que este prezo poida experimentar durante a vixencia das presentes bases.

5.2. O Concello de Teo subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas maiores de 65 anos que cumpran as condicións estipuladas no artigo 4, apartado a) das presentes bases nun cincuenta por cento do seu importe, ata un máximo de vinte viaxes mensuais.

5.3. O Concello de Teo subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas en situación de desemprego que cumpran os requisitos estipulados no artigo 4, apartado b) das presentes bases nun cincuenta por cento do seu importe, ata un máximo de vinte viaxes mensuais.

5.4. O Concello de Teo subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas con discapacidade que cumpran os requisitos estipulados no artigo 4, apartado c) das presentes bases nun cincuenta por cento do seu importe, ata un máximo de vinte viaxes mensuais.

5.5. No que se refire ás axudas ao transporte concedidas ao colectivo ao que fai referencia o artigo 4 no seu apartado d), a súa contía virá determinada pola proposta de concesión que os Servizos Sociais do Concello estimen necesaria, tanto no que se refire ao importe da subvención como ao número de viaxes mensuais subvencionables.

5.6. Para o colectivo de estudantes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4, apartado e) das presentes bases, o Concello de Teo subvencionará nun 50% o importe de ata un máximo de 40 viaxes mensuais.

5.7. Para o colectivo de estudantes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4, apartado f) das presentes bases, o Concello de Teo subvencionará nun 50% o importe de ata un máximo de 40 viaxes mensuais.

5.8. As axudas realizaranse con cargo á partida orzamentaria 440/466.0 dentro dos límites establecidos en cada orzamento anual.



### **Artigo 6.- Duración das axudas**

6.1. *Con carácter xeral, estas axudas terán vixencia en tanto se manteñan as condicións que determinaron a súa concesión e serán revisadas aos doce meses da súa concesión, estando obrigado o beneficiario a aportar en cada momento a documentación xustificativa que lle sexa requirida polos servizos municipais.*

6.2. *Os beneficiarios están obrigados a comunicar de inmediato ao concello de Teo calquera variación na súa situación persoal que puidera supoñer o incumprimento das condicións que determinaron a súa concesión.*

6.3. *Con carácter extraordinario, as axudas concedidas previo informe dos Servizos Sociais do Concello terán a vixencia que estes mesmos determinen e interromperanse no momento en que, previo informe, así o consideren.*

### **Artigo 7.- Solicitudes e requisitos**

7.1. *As solicitudes para acollerse aos beneficios da TMG Social deberán ser presentadas por Rexistro no concello, mediante a cumprimentación do impreso oficial que o concello habilitará para tal fin, coa excepción das axudas que vaian a ser concedidas ao amparo do disposto no apartado d) do artigo 4 destas bases, que serán tratadas directamente polos Servizos Sociais do Concello..*

7.2. *O prazo de solicitude estará permanentemente aberto.*

7.3. *Con carácter xeral, deberán ir acompañadas de copia do DNI do solicitante e, no caso de non levar empadroado no concello de Teo un tempo superior a doce meses, certificado de ter estado empadroado en calquera dos concellos da Area de Transporte Metropolitano de Santiago nos meses inmediatamente anteriores ata xustificar un mínimo de doce meses consecutivos en total.*

7.4. *O solicitante deberá facilitar o número da súa Tarxeta Metropolitana de Galicia, que deberá adquirir ás súas expensas nos lugares habilitados para elo, para que por parte dos servizos municipais sexa convertida en TMG Social, unha vez aceptada a súa solicitude.*

7.5. *Con carácter específico, deberá ser aportada igualmente a seguinte documentación:*

a. *As solicitudes formuladas por persoas maiores de 65 anos, ao amparo do disposto no apartado a) do artigo, 4, deberán ir acompañadas de:*

- ✓ *Certificado da Seguridade Social indicando si a persoa solicitante é perceptora de pensión e, de ser así, facendo constar o seu importe.*



- ✓ *Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.*
- b. *As solicitudes formuladas por persoas en situación de desemprego ao amparo do disposto no apartado b) do artigo 4, deberán ir acompañadas de:*
- ✓ *Informe de vida laboral*
  - ✓ *Certificación de estar inscrita como demandante de emprego no INEM, indicando o período temporal e si é beneficiario ou non de prestación ou subsidio, con indicación, no seu caso, do seu importe.*
  - ✓ *Certificación da Seguridade Social indicando si é perceptora de pensión e, de ser así, facendo constar o seu importe.*
  - ✓ *Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.*
  - ✓ *Certificación de estar participando activamente en itinerarios de inserción laboral.*
- c. *As solicitudes presentados por persoas con discapacidade ás que fai referencia o apartado c do artigo 4 das presentes bases, deberán ir acompañadas de:*
- ✓ *Certificado expedido pola Seguridade Social indicando si é perceptora de pensión e, de ser así, indicación do seu importe.*
  - ✓ *Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.*
  - ✓ *Fotocopia de certificación EVO de minusvalía.*
- d. *A concesión de axudas ao transporte derivadas do disposto no apartado d) do artigo 4 das presentes bases serán tramitadas directamente polos Servizos Sociais municipais, os cales requirirán a documentación xustificativa necesaria en cada momento para a elaboración dun informe documentado que xustifique a súa concesión ou denegación.*
- e. *As solicitudes presentadas para estudantes aos que fai referencia o artigo 4, apartado e) das presentes bases, deberán ir acompañadas de:*
- ✓ *Certificado de matrícula nun centro de ensino situado dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, para o período no que solicita a bonificación.*
  - ✓ *DNI ou Libro de Familia, onde apareza o menor para o que se solicita a axuda.*



- f. *As solicitudes presentadas para estudantes aos que fai referencia o artigo 4, apartado f) das presentes bases, deberán ir acompañadas de:*
- ✓ *Certificado de matrícula nun centro de ensino situado dentro da Área de Transporte Metropolitano de Santiago, para o período no que solicita a bonificación.*
  - ✓ *Fotocopia do Libro de Familia, no que figuren todos os membros da unidade familiar.*
  - ✓ *Fotocopia da declaración do IRPF do último ano dos membros da unidade familiar con ingresos ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.*
  - ✓ *Documentación acreditativa, no seu caso, da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.*

### **Artigo 8. Procedemento de concesión**

8.1. *As solicitudes de TMG Social presentadas de conformidade co disposto nos apartados a), b) e c) do artigo 4 destas bases, debidamente xustificadas, serán resoltas favorablemente por acordo da Alcaldía nun prazo máximo de cinco días, agás causa de forza maior que o impida.*

8.2. *No caso de que se producira algunha denegación, esta deberá ser comunicada por escrito ao interesado, explicando as causas que motivan a súa denegación, dentro do prazo máximo de dez días naturais a contar dende a data de cumprimentación da solicitude. Contra esta decisión, o interesado poderá formular escrito de alegacións dirixido ao señor Alcalde, no prazo de quince días naturais a contar dende a data de notificación da súa denegación, que deberá ser contestado no prazo de sete días naturais a contar dende a data de rexistro do escrito de alegacións.*

8.3. *Nos primeiros cinco días de cada mes, o concello confeccionará un listado de beneficiarios das axudas que será posto a información pública nos taboleiros da casa consistorial durante quince días.*

8.4. *O abonamento das axudas canalizadas a través da TMG Social faranse efectivas no momento de efectuar a recarga da tarxeta por parte do seu titular, ou actualizando a tarxeta nos ATM bancarios autorizados, a partir do mes seguinte ao da realización dos consumos, mediante compensación do cincuenta por cento do importe de ata un máximo de vinte viaxes realizados no mes anterior,, e así sucesivamente. Estas compensacións serán acumulables por un período máximo de dous meses, entendéndose desistidas se neste prazo non se solicitaran.*



8.5. As axudas tramitadas polos Servizos Sociais do concello, previo informe de estes e a proposta do responsable da área, serán concedidas polo Alcalde, quen dará conta das concesións á corporación na primeira sesión plenaria posterior á súa concesión.

### **Artigo 9. Conta xustificativa da subvención**

9.1. O concelleiro/a responsable da área elaborará anualmente unha memoria xustificativa que recolla a actividade realizada e os resultados obtidos.

9.2. En cumprimento do RD 887/2006 do 21 de xullo, o concello de Teo terá acceso a unha relación pormenorizada dos traxectos realizados co número de tarxeta do usuario, a data do servizo e o importe dos mesmos, e aboará á Xunta de Galicia a parte que lle corresponda de conformidade co Plan de Achegas que determinará a Dirección Xeral de Mobilidade.

### **Artigo 10. Uso da Tarxeta**

10.1. A tarxeta é persoal e intransferible, responsabilizándose o seu titular do seu uso correcto.

10.2. A Tarxeta deberá ser mostrada ao condutor/a do autobús e presentada nas máquinas canceladoras dos mesmos.

10.3. O titular deberá identificarse mediante DNI, pasaporte, permiso de conducir ou documento análogo sempre que sexa requirido para elo polo condutor/a do autobús, inspectores da compañía de transportes ou persoal do concello debidamente acreditados.

10.4. O titular da tarxeta está obrigado a mantela en bo estado e a comunicar ao concello a súa perda ou roubo que puidera significar a utilización por persoas non autorizadas para elo. O incumprimento deste deber podería determinar a existencia de responsabilidades conforme ao réxime sancionador destas bases.

10.5. O mantemento da situación de beneficiario está condicionada a que o mesmo reúna en todo momento os requisitos esixidos.

10.6. Transcorridos 12 meses dende a data de concesión, o concello poderá dar de baixa as tarxetas daqueles titulares que non houberan renovado a documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión. Estes beneficios suspendidos por esta causa serán repostos de inmediato a partir do momento en que se acredite o dereito efectivo aos mesmos.



### **Artigo 11. Infraccións**

*Terán a consideración de moi graves e, en consecuencia, merecentes de sanción as seguintes infraccións:*

- a. A utilización da tarxeta por persoa distinta do seu titular, co seu consentimento e sen que medie comunicación ao concello de roubo ou perda.*
- b. A falsificación ou manipulación da documentación aportada no momento da súa solicitude ou renovación.*
- c. O comportamento manifestamente inadecuado nos medios de transporte público, tales como comportamentos violentos, groseiros, sexistas, xenófobos, racistas ou calquera outros denunciados polo persoal dos medios de transporte ou outros pasaxeiros diante do concello, que procederá á apertura das correspondentes dilixencias informativas.*
- d. A negativa á presentación do DNI ou identificación persoal suficiente ao condutor/a do autobús, servizos de inspección da empresa ou persoal acreditado do concello, cando lle fose requirida.*

### **Artigo 12. Réxime sancionador**

*12.1. As actuacións consideradas nestas bases como moi graves, conlevarán a perda do dereito á obtención da TMG Social por un período de doce meses.*

*12.2. A reiteración nestas condutas, suporán a perda definitiva do dereito”.*

Sendo as vinte e unha horas e dez minutos, ten un lugar un receso na celebración da sesión, que se reanuda ás vinte e dúas horas, momento no que se incorporan á sesión todos/as os/as concelleiros/as da Corporación, presentes antes do citado receso.

## **10.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA PARA O IMPULSO SOCIAL DA LINGUA GALEGA NO MUNICIPIO DE TEO.**

O sr. alcalde sinala que a proposta responde a que despois da aposta feita polo proceso de galeguización durante estes anos de goberno se deron avances importantes pero a normativa vai quedando obsoleta e hai cousas claramente mellorables, pretendéndose ademais que sirva como un revulsivo de cara a reactivar os



sentidos e propiciar todas aquelas iniciativas que permitan recuperar ese pulo necesario que sempre necesita a lingua para estar presente en todos os aspectos. Salienta o sr. alcalde que lles gustaría un apoio unánime, engadindo que non é a primeira vez que se presenta esta ordenanza, levándose xa en concellos, concretamente polo BNG, adaptándose aquí ás circunstancias de Teo, e que conseguiu apoios maioritarios en distintos concellos, pretendéndose que tamén ocorra en Teo.

O sr. alcalde da conta da proposta de 22 de marzo de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, lingua e medio natural, de 28 de marzo de 2016.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Considerando que a lingua é unha ferramenta comunicativa pola cal unha comunidade se pode relacionar entre si, sendo ademais a creación colectiva máis importante e a manifestación de identidade máis relevante dun pobo, pois na súa formación colaboran todas as persoas dese pobo ao longo de toda a súa historia.

Considerando que o galego, lingua propia de Galicia, é, polo tanto, o máximo expoñente cultural, o máis significativo valor como comunidade e a nosa ferramenta comunicativa máis próxima e eficaz.

Considerando que, segundo o artigo 6.4 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística *“A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei”*.

Considerando que en virtude do precepto transcrito, o Parlamento galego aprobou a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingual oficial de Galicia polas Entidades Locais.





Considerando que, ao amparo da citada Lei, o concello de Teo, na sesión plenaria de 28 de marzo de 1990, aprobou o “Regulamento de normalización lingüística do concello de Teo”.

Á vista do exposto, tendo en conta o tempo transcorrido e co obxecto de actualizar e mellorar a normativa local existente ao efecto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Aprobado inicialmente a Ordenanza para o impulso social da lingua galega no municipio de Teo, que se incorpora como anexo.

**Segundo**.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No suposto de que non se formulen reclamacións e/ou suxerencias durante a exposición pública quedará aprobada definitivamente a Ordenanza citada.

**Terceiro**.- O texto integro da Ordenanza deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

Teo, 22 de marzo de 2016

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira

## ANEXO

### ORDENANZA PARA O IMPULSO SOCIAL DA LINGUA GALEGA NO MUNICIPIO DE TEO

(...)

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, opina que se trata dunha proposta de ordenanza moi necesaria, posto que a ordenanza



que existe remóntase ao ano 90, dos tempos de D. Igancio, tendo que darlle ao equipo de goberno os parabéns por somer ao Pleno esta ordenanza para fomentar o uso do galego.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo á moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza para o impulso social da lingua galega no municipio de Teo, que se incorpora como anexo.**

**Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No suposto de que non se formulen reclamacións e/ou suxerencias durante a exposición pública quedará aprobada definitivamente a Ordenanza citada.**

**Terceiro.- O texto integro da Ordenanza deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.**



## ANEXO

### ORDENANZA PARA O IMPULSO SOCIAL DA LINGUA GALEGA NO MUNICIPIO DE TEO

#### Limiar

A lingua é unha ferramenta comunicativa pola cal unha comunidade se pode relacionar entre si, pero ademais a lingua é a creación colectiva máis importante e a manifestación de identidade máis relevante dun pobo, pois na súa formación colaboran todas as persoas dese pobo ao longo de toda a súa historia. O galego, lingua propia de Galicia, é, polo tanto, o máximo expoñente cultural, o máis significativo valor como comunidade e a nosa ferramenta comunicativa máis próxima e eficaz.

No decorrer da historia, a lingua galega, a creada aquí, coñeceu un longo período de normalidade, pois foi durante séculos o idioma vehicular de uso común en todos os ámbitos, mais despois, polos acontecementos da historia, o castelán penetrou nos contextos formais, relegando o galego aos usos informais. Xa no século XVIII apareceron voces que reclamaban a restitución do uso do galego en todos os ámbitos. Estas voces multiplicáronse durante o século XIX e deron un dos seus froitos máis vizosos no Estatuto de autonomía de 1936, onde se recoñecía legalmente a oficialidade do galego. A Guerra Civil e a posterior ditadura malogrou a aplicación desta lexislación.

Coa instauración da democracia no Estado español, comezáronse a dar condicións para a necesaria normalización da lingua galega. A Constitución española de 1978 proclama a «vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións», no artigo 3.2 establece que as linguas españolas distintas ao castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades de acordo con cada estatuto. A promulgación do Estatuto de autonomía de Galicia en 1981 institúe o galego como a lingua propia de Galicia. O artigo 5 do Estatuto proclama a lingua galega como oficial de Galicia e desenvolve este precepto ao encomendarlles aos poderes públicos que garantan o uso normal e oficial da lingua galega e potencien o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, engadindo que «disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento» (art. 5.3). Así, a proclamación da oficialidade da lingua galega encoméndalles unha serie de obrigas aos poderes públicos. Estes deben utilizala como lingua de uso normal de comunicación entre eles e nas súas relacións coa cidadanía. Ao mesmo tempo, as cidadás e os cidadáns adquiren unha serie de dereitos lingüísticos que deben ser respectados pola Administración. A Lei 3/1983 de normalización lingüística desenvolve máis os preceptos estatuarios. A Xunta de Galicia ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei (art. 6.4). Con posterioridade a esta, fóronse aprobando ordes e decretos que veñen completar o marco legal actual para procurar a recuperación do uso do idioma galego



na Administración local, de xustiza, etc. Neste sentido salienta a Lei 5/1988 de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais, que no artigo 1 senta que «as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega».

O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento galego en 2004, contempla como obxectivos específicos para a administración local o de “consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións” e o de “incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen ao cidadán”.

Así, as corporacións locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a implicar ao conxunto da sociedade no proceso de normalización lingüística. Por seren as administracións máis próximas á cidadanía, son moi apropiadas para desenvolveren accións encamiñadas á implicación cidadá, á dinamización, á recuperación social e ao incremento do uso e prestixio do idioma propio e oficial de Galicia nos distintos ámbitos e sectores sociais.

Por todas estas razóns, o Pleno do Concello de Teo aproba a seguinte Ordenanza para o impulso social da lingua galega, a cal establece accións que o Concello debe emprender, así como os criterios lingüísticos para seguir nas diferentes accións, ámbitos de actuación e situacións comunicativas.

## **Capítulo I. O uso oficial do idioma galego**

### **Artigo 1**

1. O galego, como lingua propia e oficial de Galicia, é idioma oficial do Concello de Teo.
2. O Concello de Teo empregará o galego en todas as súas accións, nas súas actuacións administrativas, na documentación, na comunicación social, e nas relacións coas cidadás, cos cidadáns e con todas as entidades situadas en Galicia e con aquelas outras que admitan o galego para as actuacións administrativas.

## **Capítulo II. Ámbito de aplicación**

### **Artigo 2**

1. O Concello de Teo e os organismos que del dependan (organismo autónomos, sociedades, centros de formación, escolas, etc), rexeranse polos criterios establecidos nesta ordenanza.



2. Tamén se rexerán polos criterios desta ordenanza as empresas adxudicatarias, concesionarias ou contratadas cando actúen en función desa adxudicación, concesión ou contrato, o cal se fará explicitamente constar nos documentos correspondentes (concursos públicos, pregos de cláusulas, contratos, etc.).
3. O Concello de Teo velará para que nas actividades, organismos, etc., en que participe e/ou teña representación, sexan aplicados os principios desta ordenanza.
4. Todos os servizos, departamentos, oficinas e organismos dependentes do Concello de Teo terán en conta a necesidade da normalización da lingua galega en todos os ámbitos sociais, polo que asumirán o desenvolvemento desta ordenanza en todas e cada unha das accións do seu funcionamento cotián.

### **Capítulo III. Atención ao público**

#### **Artigo 3**

1. Todos os servizos de todas as unidades administrativas que teñan relación co público fomentarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación de entrada, tanto oral como escrita, practicando a oferta positiva en lingua galega.
2. A atención ao público mediante mecanismos automáticos, tales como contestadores de teléfonos ou outros medios telefónicos ou informáticos, usarán por defecto e de entrada o galego, e así se especificará cando sexan comprados, contratados e/ou programados.
3. O disposto no presente artigo tamén é de aplicación para as empresas ou entidades que presten servizos municipais por concesión, arrendamento, concerto ou contrato.

### **Capítulo IV. Documentación e actuación administrativa**

#### **Artigo 4**

1. Como criterio xeral, todas as actuacións do Concello faranse en idioma galego. Isto sen prexuízo de que, cando legalmente sexa requisito, ademais de en galego tamén se fagan noutra(s) lingua(s).
2. Será redactada en lingua galega cando menos a seguinte documentación administrativa:
  - a. As convocatorias de sesións de todos os órganos do Concello de Teo, así como as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, rogos, preguntas e as actas dos citados órganos municipais.
  - b. As resolucións de todos os órganos municipais.



- c. Toda a documentación xerada polo Concello que forme parte dos expedientes administrativos que teñan que someterse á decisión ou coñecemento dos devanditos órganos.
  - d. As actas e acordos de todos os órganos dos consellos e entidades con personalidade xurídica dependente deste Concello.
  - e. As notificacións, recursos, escrituras públicas e, en xeral, todos os actos de carácter público ou administrativos que se realicen por escrito en nome do Concello de Teo.
3. Todos os modelos de documentación da Administración municipal de Teo serán elaborados e difundidos de entrada e prioritariamente en galego e, verbo disto, nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa deberase ter presente o establecido neste artigo, sen que isto signifique que nalgúns casos específicos non se poida incorporar tamén a outra lingua oficial para cando unha persoa expresamente a poida requirir.

#### **Artigo 5**

1. Sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

### **Capítulo V. Publicacións, accións informativas, formativas e actividades públicas**

#### **Artigo 6**

1. Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no *Boletín Oficial da Provincia*, no *Diario Oficial de Galicia* ou en calquera medio de comunicación serán redactados e publicados en galego. Cando legalmente sexa requisito, tamén se poderán redactar noutra(s) lingua(s) ademais de en galego ou achegar unha tradución do orixinal en lingua galega.
2. As publicacións editadas polo Concello, teñan ou non carácter periódico, xa sexan en papel ou dixitais, realizaranse en lingua galega.
3. As publicacións editadas por outras entidades, nas que colabore o Concello e que teñan difusión en Galicia, realizaranse en lingua galega. Para lle dar cumprimento a isto, de os haber, nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc., farase referencia a este requisito.

#### **Artigo 7**

1. As campañas publicitarias do Concello e de promoción de todas as actividades organizadas faranse, sexa no soporte que sexa, en galego.



2. Na contratación de publicidade, o Concello terá en conta os medios de comunicación en distintos soportes que usan o galego.
3. As campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.) doutras entidades nas que dalgún xeito colabore o Concello faranse en todos os soportes en galego.
4. Para lle dar cumprimento a isto, cando os haxa, nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc., farase referencia a este requisito.
5. A publicidade que se difunda en instalacións e mecanismos propiedade do Concello deberá estar en galego.
6. Todo o anterior, sen prexuízo de que tamén se poidan facer noutras linguas cando sexan accións publicitarias ou de difusión dirixidas a comunidades lingüísticas fóra da galega.

### **Artigo 8**

1. As accións formativas organizadas polo Concello desenvolveranse, en xeral, en lingua galega.
2. A formación puntual e actividade xeral ofertada regularmente polo Concello nos seus distintos centros (centros de formación, aulas de informática, centros infantís, casas comúns, bibliotecas, mediatecas, etc.) desenvolverase utilizando normalmente o galego como lingua de comunicación. O establecido neste punto terase en conta e farase referencia ao seu contido en casos como:
  - a. Na contratación de persoal para os distintos centros.
  - b. Na organización de actividades nos distintos centros.
  - c. Nas contratacións de empresas.
  - d. Nos regulamentos dos distintos centros, de os haber.
3. Para que o Concello de Teo colabore en accións informativas ou formativas organizadas por outras entidades será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc.

### **Artigo 9**

1. Os cargos públicos do Concello expresaranse en galego nos actos que teñan lugar no ámbito lingüístico galego, e nos que interveñan en virtude do seu cargo.
2. Todas aquelas actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas polo Concello, desenvolveranse, en xeral, en lingua galega.
3. Para que o Concello de Teo colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas,



xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas por outras entidades, será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc.

### **Artigo 10**

1. Os textos que vaian ser difundidos polo Concello en calquera soporte (diarios oficiais, xornais, revistas, carteis, folletos, etc.) deben ser revisados previamente polo Servizo de Normalización Lingüística, que dará o visto e prace para a súa publicación.

## **Capítulo VI. Compra de bens e materiais e encargo e contratación de servizos**

### **Artigo 11**

1. Para as compras de bens e materiais de todo tipo que faga o Concello de Teo estableceranse criterios para procurar que os a bens e materiais estean en galego, xa sexa na súa etiquetaxe, configuración, uso, etc. (equipos informáticos, aparellos telefónicos, material funxible, produtos alimentarios, etc.). Isto especificarase e concretarase, cando os haxa, nos correspondentes acordos, contratos, pregos, encargos, comunicacións, etc.
2. Para as contratacións de servizos que se presten ao Concello, sexan da índole que sexan, especificarase que estes deben ser prestados en galego, e para a súa prestación poderanse establecer criterios, ademais, para que os materiais estean en galego, xa sexa na súa etiquetaxe, configuración, uso, etc. Isto especificarase e concretarase, cando os haxa, nos correspondentes acordos, contratos, pregos, encargos, comunicacións, etc.

## **Capítulo VII. Sinalización e rotulación**

### **Artigo 12**

1. Os rótulos, indicadores, sinalizacións da Casa do Concello e dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal estarán en galego.
2. Cando a normativa ou o interese xeral o requira, as sinalizacións viarias tamén poderán incorporar outra(s) lingua(s).
3. Todos os vehículos do parque móbil municipal, o vestiario do persoal e material semellante, cando o houber, dos organismos autónomos, empresas municipais, policía, etc., levarán a súa rotulación en galego. Isto mesmo será de aplicación para o parque móbil, o vestiario e material semellante daquelas empresas





adxudicatarias ou concesionarias, e así se establecerá nos correspondentes pregos de condicións.

4. En calquera caso, os textos dos rótulos e sinalizacións deben ser revisados polo Servizo de Normalización Lingüística, que dará o visto e prace para a súa publicación.

## **Capítulo VIII. Relacións con outras administracións**

### **Artigo 13**

1. As comunicacións do Concello dirixidas a calquera das administracións públicas sitas no territorio galego redactaranse en lingua galega.
2. As comunicacións do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do Estado e á xustiza dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega.

### **Artigo 14**

1. A documentación do Concello de Teo dirixida ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactará en lingua galega e farase – se cómpre– unha copia en castelán en que conste que é tradución do orixinal redactado en galego.
2. As copias dos documentos do Concello de Teo redactados en galego que haxa que enviar ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tramitaranse en lingua galega. Se cómpre, achegarase tradución a outra(s) lingua(s), facendo constar que é tradución do orixinal en galego.

### **Artigo 15**

1. Con respecto aos documentos dirixidos directamente a persoas xurídicas, diferentes de calquera das administracións, o Concello de Teo aterase ao previsto nas disposicións vixentes, aínda que se redactarán en galego sempre que sexa posible.

## **Capítulo IX. Relacións coas empresas privadas**

### **Artigo 16**

1. Os documentos públicos ou contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego. Se a súa finalidade o esixe, poderá facerse tamén copia traducida a outra(s) lingua(s), en que constará que é tradución do seu orixinal en galego.



2. O Concello requirirá que os estudos, proxectos, informes, documentos e traballos análogos que se encarguen a terceiros sexan elaborados en galego. Este requirimento será recollido nas convocatorias, pregos ou solicitudes de tales traballos.
3. O Concello propondrá e animará ás empresas contratantes e provedoras a que usen o galego na súa documentación e comunicación e explicitaralles que deben facer uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto de contrato co Concello, e así se fará constar nos correspondentes pregos de condicións.

## **Capítulo X. Persoal ao servizo da administración**

### **Artigo 17**

1. A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación o coñeza suficientemente e estea en condicións de empregalo correctamente, tanto oralmente como por escrito, no desenvolvemento do seu traballo.
2. Para acadar este obxectivo establécense as seguintes regras xerais:
  - a. Nos procedementos de selección de persoal incluírase unha proba de capacitación para o desenvolvemento en galego do traballo que o persoal vai realizar habitualmente no Concello. Esta proba será adecuada ao nivel e contido das prazas convocadas e, de acordo coas funcións do posto, poderá ser oral e/ou escrita.
  - b. Nos procesos selectivos que inclúan probas ou preguntas sobre lexislación, incluírase entre ela tamén a lexislación lingüística, como a Lei de normalización lingüística ou a Lei do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.
  - c. Nos procedementos de provisión de postos de traballo, a acreditación do coñecemento da lingua galega terá, ademais, consideración de mérito puntuable, sempre que haxa concurso, para o que en cada convocatoria se fará un baremo axeitado ao posto para puntuar acreditacións Celga e/ou títulos oficiais de linguaxes específicas, como administrativa ou xurídica.
  - d. Sempre que for posible, o persoal do Servizo de Normalización Lingüística con titulación suficiente formará parte dos tribunais cualificadores –ben como membro deste, ben como persoal asesor–, para facer a avaliación do coñecemento do idioma galego na selección de persoal e na provisión dos postos de traballo e colaborará, así mesmo, na confección das correspondentes bases e probas.
  - e. As probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios/as e persoal laboral ao servizo do Concello faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen



prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación ao desenvolvemento da proba.

- f. O persoal que actualmente traballa ao servizo da Corporación e non estea capacitado para o correcto desenvolvemento do seu traballo en galego de acordo co disposto no apartado 1 do presente artigo deberá adquirir tal capacidade. Para estes efectos, o Concello, desde o Servizo de Normalización Lingüística, desenvolverá programas de formación lingüística.
- g. O Concello de Teo, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística e en colaboración con outras administracións ou entidades, organizará cursos específicos para todo o persoal que non teña os coñecementos necesarios para exercer as súas funcións en galego e así melloren o seu nivel de linguaxe, tanto desde o punto de vista lingüístico como estilístico.

## **Artigo 18**

1. A formación profesional en todos os ámbitos de todo o persoal do Concello de Teo farase en lingua galega, sempre que a programación e organización dependa do Concello. De non depender directamente del, o Concello de Teo demandará que se faga en galego.

## **Capítulo XI. Toponimia e nomes de rúas, emprazamentos ou edificios**

### **Artigo 19**

1. Segundo se dispón no artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do termo municipal do Concello de Teo é a galega, igual cá dos demais topónimos de Galicia.
2. O Concello de Teo promoverá a recuperación, historia, orixe, coñecemento e uso da toponimia do territorio municipal, e preservará as formas tradicionais dos lugares como parte integrante da memoria colectiva do patrimonio cultural.
3. O Concello de Teo demandaralle a todas as entidades beneficiarias de calquera tipo de subvención, axuda, colaboración ou contrato por parte do Concello o uso correcto da toponimia.

### **Artigo 20**

1. Para darlles nome ás rúas, prazas, edificios, etc., de titularidade pública en Teo, teranse en conta os criterios establecidos na declaración asinada pola Comisión de Toponimia en 2002, en que se sinala:



- a. Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, bloques de edificios, etc.), ha de preferirse sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.
  - b. No caso de realidades xeográficas de nova creación realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.
  - c. Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas, de preferencia han de preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.
  - d. Só se empregará o recurso á imposición de “topónimos honoríficos” (nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos, de cidades ou países, etc.) en casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional.
2. En caso de ter que optar por un topónimo honorífico ou conmemorativo, teranse en conta as directrices aprobadas pola ONU en 2004, nas que se sinala que:
- a. Para propoñer un topónimo só se considerarán persoas postumamente; antes de que a proposta dun topónimo conmemorativo se considere deben ter pasado un mínimo de cinco anos da morte da persoa. Para acontecementos, polo menos deben ter pasado vinte e cinco anos do devandito acontecemento.
  - b. Para propoñer un topónimo conmemorativo só se terán en consideración persoas cunha forte asociación co lugar ou o elemento xeográfico, ou que teñan destacada significación no legado cultural ou no desenvolvemento da zona, da comarca ou da nación.
  - c. O topónimo proposto deberá ser apoiado pola comunidade local e ir máis aló dun simple ou especial interese dun grupo.
  - d. Un topónimo non se debe usar para conmemorar vítimas ou sinalar lugares de accidentes ou traxedias.
  - e. Un topónimo conmemorativo non se debe considerar se xa existe para o lugar un nome arraigado e aceptado.
  - f. A propiedade da terra non confire a lexitimidade ou o dereito de aplicarlle un topónimo conmemorativo a un elemento xeográfico. O uso non oficial de topónimos conmemorativos en publicacións ou en dedicatorias ou indicadores non é garantía de que estes sexan adoptados en documentos toponímicos oficiais.



## Capítulo XII. Impulso institucional do idioma galego

### Artigo 21

1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, o Concello de Teo fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.
2. O Concello de Teo poñerá en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais do municipio para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentarse o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, na onomástica, no deporte, nas novas tecnoloxías, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade, no ámbito relixioso, no turismo, na integración social, na música, no asociacionismo, etc.
3. Todos os órganos do Concello de Teo impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación, e o Servizo de Normalización Lingüística asesorará á Corporación municipal nesta materia.
4. Para a concesión de subvencións e axudas municipais (de promoción económica, servizos sociais, culturais, xuvenís, deportivas, para festas, para actividades formativas e de calquera outro tipo) valorarase como criterio que se terá en conta que as actividades realizadas contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, as publicacións, a cartelaría, a publicidade e toda produción de todas as actividades das entidades que vaian estar subvencionadas polo Concello de Teo deberán estar en lingua galega. En todas as convocatorias de subvencións figurará expresamente este requisito.
5. O Concello de Teo poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e, segundo sinala o artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, para fomentar dentro do seu ámbito a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras, por actos singulares, poderá outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.



## **Capítulo XIII. Calidade lingüística e linguaxe democrática e inclusiva**

### **Artigo 22**

1. Debido a que a calidade lingüística de todos os textos públicos do Concello transmite a imaxe da propia administración municipal e a que os textos emitidos desde a administración pública adoitan ser interpretados como modelos de lingua, en todos os textos, documentos e comunicacións do Concello de Teo coidarase especialmente a calidade e corrección lingüística.
2. En todos os textos serán aplicados os criterios da linguaxe administrativa galega moderna, procurando sempre a súa máxima calidade, democratización, personalización, claridade dos contidos (modernización das formas, concisión e precisión, sinxeleza e ordenación) e uniformidade.
3. En toda comunicación e documentación municipal usarase unha linguaxe inclusiva, utilizando as fórmulas non sexistas axeitadas que inclúan os dous xéneros cando os textos e comunicacións se dirixan tanto a mulleres como a homes, evitando así fórmulas sexistas, ocultación dun dos xéneros e posibles ambigüidades.
4. O Concello de Teo velará para que nos textos e comunicacións das accións doutras entidades nas que colabore, participe ou apoie, se sigan estes mesmos criterios de calidade lingüística e linguaxe moderna, democrática e inclusiva.

## **Capítulo XIV. O Servizo de Normalización Lingüística (SNL)**

### **Artigo 23**

1. O Concello de Teo contará cun Servizo de Normalización Lingüística (SNL) estable dotado con medios materiais e humanos suficientes co obxecto de impulsar a normalización e procurar o incremento do uso e prestixio do idioma galego a todos os niveis e ámbitos sociais, e de coordinar as accións necesarias para darlle cumprimento a esta ordenanza.
2. As tarefas que desenvolva este Servizo de Normalización Lingüística configuraranse en tres áreas: dinamización sociolingüística, formación sociolingüística e asesoramento lingüístico.
3. As funcións xerais do SNL serán:
  - a. Xerais:
    - i. Asesorar á administración municipal en todo o relacionado coa política lingüística.
    - ii. Facer seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución.
    - iii. Informar sobre a conveniencia, oportunidade, método, etc., de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas



- ou accións do Concello de índole diversa, e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.
- iv. Emitir informes sobre a oportunidade, conveniencias, etc., de accións do Concello con respecto ao fomento do uso e prestixio da lingua galega.
  - v. Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.
- b. Dinamización sociolingüística:
- i. Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade.
  - ii. Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega nos diversos ámbitos e contextos sociais: para a transmisión interxeracional, na mocidade, na onomástica, no deporte, nas novas tecnoloxías, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade, no ámbito relixioso, no turismo, na integración social, na música, no asociacionismo, etc.
  - iii. Propor programas dinamizadores e accións concretas que conciencien á sociedade respecto ao uso e prestixio da lingua galega, e a impliquen no proceso normalizador.
  - iv. Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial, educativa, xuvenil, etc., para fomentar o uso e prestixio do galego.
  - v. Promover e coordinar grupos de persoas interesadas no proceso de normalización lingüística para que funcionen como axentes normalizadores na sociedade.
- c. Formación sociolingüística:
- i. Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da administración como para diferentes sectores sociais.
  - ii. Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.
  - iii. Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas.
- d. Asesoramento lingüístico:
- i. Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.
  - ii. Normalizar a imaxe lingüística, fixar criterios lingüísticos para a organización e establecer modelos de documentos.



- iii. Revisar e validar lingüisticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rotulación, anuncios, impresos, publicacións, etc.), para garantir a calidade lingüística e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva.
- iv. Resolver dúbidas lingüísticas.

## **Capítulo XV. Cumprimento e seguimento da ordenanza**

### **Artigo 24**

1. Para lle dar cumprimento, velar pola aplicación e facer seguimento, o Concello creará unha comisión político-técnica de aplicación e seguimento desta ordenanza.
2. Esta comisión de aplicación e seguimento reunirse polo menos unha vez ao ano para analizar o cumprimento e desenvolvemento da ordenanza e propor medidas para a súa aplicación, e extraordinariamente cando a convoque a Alcaldía por iniciativa propia ou a petición dalgún dos seus membros.
3. A actualización, ampliación ou revisión progresiva desta ordenanza tamén lle corresponde a esta comisión, que lle fará a proposta correspondente ao Pleno do Concello, para que, se procede, se aprobe a modificación.

### **Disposición adicional**

Para favorecer a participación social no impulso e dinamización do uso do galego en todos os ámbitos, o Concello de Teo poderá crear un Consello Social da Lingua, no que estarán representados os grupos políticos que forman parte da Corporación e as organizacións e colectivos máis representativos implicados no proceso de normalización lingüística.

### **Disposición final**

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.

### **Disposición derogatoria**

Queda derogado o Regulamento de normalización lingüística do concello de Teo aprobado polo Pleno da corporación o 28 de marzo de 1990.





## **11.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 16 DE MARZO DE 2016 (RES 222/16).**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE e concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta de 21 de marzo de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 28 de marzo de 2016.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 15 de decembro de 2015, acordou participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a aplicación da subvención asignada a investimentos financeiramente sostibles de acordo co financiamento que se especifica no acordo en cuestión, aprobando os proxectos e as memorias das obras e facultando ao sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo plenario e o correspondente expediente.

Considerando que no citado plan incluíronse, entre outras, as seguintes obras:

- Reparación e acondicionamento do local social de Francos, Calo
- Acondicionamento do firme do soto e acceso á nave de Protección Civil e Servizos Básicos
- Reurbanización do núcleo de Fornelos. Fase II

Considerando que, remitida á Deputación Provincial a documentación correspondente, realizáronse, a través da plataforma SUBTEL da Deputación Provincial, diversos requirimentos de subsanación da documentación presentada na convocatoria do PAS 2015.

Considerando que ditas subsanacións refírense, no caso das obras de “Acondicionamento do firme do soto e acceso á nave de protección civil e servizos básicos” e “Reparación e acondicionamento do local social de Francos, Calo”, a que ao figurar nos proxectos correspondentes marcas comerciais, debe incorporarse a



expresión “ou similar”, debéndose igualmente remitir sendos proxectos, que substitúan ás memorias valoradas aprobadas no seu momento.

Considerando que, tratándose do “Proxecto de reurbanización do núcleo de Fornelos. Fase II” as subsanacións refírense á explicación das actuacións levadas a cabo na Fase I e á aclaración sobre a inexistencia de custes indirectos.

Considerando que, corrixidas as deficiencias de carácter técnico sinaladas, resultaba preciso, de acordo co requirimento da Deputación, unha nova aprobación dos proxectos correspondentes polo órgano competente.

Considerando a necesidade de dar cumprimento aos prazos da Deputación Provincial, mediante Resolución da alcaldía do 16 de marzo de 2016 (res 222/2016), aprobáronse os proxectos modificados das obras citadas incluídas no PAS 2015.

Considerando que, de acordo co requirimento da Deputación, tratándose da aprobación do “Proxecto de reurbanización do núcleo de Fornelos. Fase II”, se dita aprobación se realiza por Decreto da alcaldía, se require unha ratificación plenaria.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro**.- Ratificar a resolución da Alcaldía do 16 de marzo de 2016 (resolución 222/16), que se incorpora como anexo, relativa á aprobación dos proxectos modificados das seguintes obras incluídas no PAS 2015:

- .- Acondicionamento do firme do soto e acceso á nave de protección civil e servizos básicos
- .- Reparación e acondicionamento do local social de Francos, Calo
- .- Reurbanización do núcleo de Fornelos

**Segundo**.- Remitir á Deputación Provincial o presente acordo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 21 de marzo de 2016

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira



**ANEXO**

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 16 DE MARZO DE 2016 (RES 222/16)**

(...)

Os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

**Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:**

**Primeiro**.- Aprobar os proxectos modificados das obras incluídas no PAS 2015 que se detallan a continuación:

- .- Acondicionamento do firme do soto e acceso á nave de protección civil e servizos básicos**
- .- Reparación e acondicionamento do local social de Francos, Calo,**
- .- Reurbanización do núcleo de Fornelos**

**Segundo**.- Someter a presente á consideración do Pleno da Corporación, na vindeira sesión que celebre, para a súa ratificación.

**ANEXO**

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 16 DE MARZO DE 2016 (RES 222/16)**

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

*Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 15 de decembro de 2015, acordou participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a aplicación da subvención asignada a investimentos financeiramente sostibles de acordo co financiamento que se especifica no acordo en cuestión, aprobando os proxectos e as memorias das obras e facultando ao sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo plenario e o correspondente expediente.*

*Considerando que no citado plan incluíronse, entre outras, as seguintes obras:*

- Reparación e acondicionamento do local social de Francos, Calo*



- *Acondicionamento do firme do soto e acceso á nave de Protección Civil e Servizos Básicos*

- *Reurbanización do núcleo de Fornelos. Fase II*

*Considerando que, remitida á Deputación Provincial a documentación correspondente, realizáronse, a través da plataforma SUBTEL da Deputación Provincial, diversos requirimentos de subsanación da documentación presentada na convocatoria do PAS 2015.*

*Considerando que ditas subsanacións refírense, no caso das obras de “Acondicionamento do firme do soto e acceso á nave de protección civil e servizos básicos” e “Reparación e acondicionamento do local social de Francos, Calo”, a que ao figurar nos proxectos correspondentes marcas comerciais, debe incorporarse a expresión “ou similar”, debéndose igualmente remitir sendos proxectos, que substitúan ás memorias valoradas aprobadas no seu momento.*

*Considerando que, tratándose do “Proxecto de reurbanización do núcleo de Fornelos. Fase II” as subsanacións refírense á explicación das actuacións levadas a cabo na Fase I e á aclaración sobre a inexistencia de custes indirectos.*

*Considerando que, corrixidas as deficiencias de carácter técnico sinaladas, resulta preciso, de acordo co requirimento da Deputación, unha nova aprobación dos proxectos correspondentes polo órgano competente, esixíndose, no caso do “Proxecto de reurbanización do núcleo de Fornelos. Fase II”, que se dita aprobación ten lugar por Decreto da alcaldía, que o mesmo sexa ratificado no Pleno correspondente.*

*En virtude do exposto, e facendo uso das facultades outorgadas ao efecto polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 15 de decembro de 2015,*

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- *Aprobar os proxectos modificados das obras incluídas no PAS 2015 que se detallan a continuación:*

*.- Acondicionamento do firme do soto e acceso á nave de protección civil e servizos básicos*



- .- Reparación e acondicionamento do local social de Francos, Calo,*
- .- Reurbanización do núcleo de Fornelos*

**Segundo.**- *Someter a presente á consideración do Pleno da Corporación, na vindeira sesión que celebre, para a súa ratificación”.*

## **12.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SON DE TEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE O REXEITAMENTO DO SISTEMA, CALCULO E CONTIDO DA REVISIÓN DE VALORES CATASTRAIS IMPULSADA POLO MINISTERIO DE FACENDA DO GOBERNO CENTRAL.**

O sr. alcalde explica que case vai a ser inevitable que nos puntos 12, 13 e 14, mocións con relación ao IBI, se produza unha confluencia nos puntos de debate, prolongándose máis este primeiro e concretándose nos demais.

O sr. alcalde da conta da moción do grupo municipal Son de Teo-ANOVA e PSdeG-PSOE, de 18 de marzo de 2016 (rex. entrada nº 2.108, de 19/03/2016), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 28 de marzo de 2016.

### **“MOCIÓN DO GRUPO DE MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA e PSdG-PSOE SOBRE O REXEITAMENTO DO SISTEMA, CALCULO E CONTIDO DA REVISIÓN DE VALORES CATRASTRAL IMPULSADA POLO MISNISTERIO DE FACENDA DO GOBERNO CENTRAL**

#### *Exposición de motivos*

*Estas últimas semanas os veciños e veciñas de Teo están a recibir notificacións do Ministerio de Facenda no que se lle comunica a obriga de realizar un pago de 60 € pola revisión do valor catastral das súas propiedades. Esta é a primeira parte dun proceso que consiste nun aumento do valor patrimonial das propiedades, que se verá reflectido nun aumento do recibo do IBI e do cobro de catro anualidades de atrasos. É dicir a suba ten efectos retroactivos nos últimos catro anos.*

*Partindo que é de xustiza regularizar os valores catastrais para garantir a igualdade impositiva, dende unha óptica progresista non podemos menos que chamar a atención*



sobre determinadas cuestións que fan moi cuestionable o proceder do ministerio do PP:

- *A cantidade que se esta a reclamar, neste momento inicial, unha taxa de 60 €, é o pago do traballo realizado para o ministerio por unha empresa contratada a tal efecto. Esta actuación é claramente abusiva, e non ten explicación mais alá dunha concepción liberal da administración.*
- *Estase a penalizar os traballos de mantemento e conservación das vivendas, procedendo a computar como aumentos de valor actuacións absolutamente imprescindibles para manter condición de habitabilidade mínimas como é o retellado.*
- *Nos últimos anos as administracións esforzáronse por convencernos da necesidade de manter unha orde estética nas nosa vilas, aldeas ou cidades. Agora que este esforzo comeza a dar os seus froitos e o ornato das vivendas e espazos limítrofes se cuida e embelece, non pode vir o ministerio de Facenda a facer suposicións sobre o hipotético aumento de valor. En moitos caso irreal.*
- *A regularización das construcións tamén inclúe un aumento automático do valor das fincas onde esta construída. Dándose situacións no que se computa un valor distinto para terreos iguais segundo a construción que teñan enriba.*
- *A concepción dos usos do espazo e o calculo do valor das actuacións sobre o mesmo parten dunha visión da vida na meseta. A realidade climática, xeográfica, poboacional e social de Galicia é claramente distinta. Estannos a aplicar un catastrazo deseñado dende Madrid, e aquí chove mais.*
- *A concreción do anterior é que nunha casa galega é necesario ter unha serie de alpendres para leña, para un tractor ou para o coche. Non podemos deixar nada moito tempo no exterior xa que se estraga. Non podemos ter galiñas sen espazos tellados, nin cans que non teñan onde gardarse da auga. Agora ven o señor Montoro e dinos que todo isto son almacéns e como tales elevan o valor catastral da nosa vivenda.*
- *O mesmo nos pasa coa lama. Non poñemos chans firmes por un tema estético, e que se non poderíamos saír cos pes secos da casa ou aparcar vehículo sen que esvare. É por iso que diante das casas se pon formigón ou pedra, pero non luxos de pazo, é necesidade.*
- *Xuridicamente resulta moi discutible penalizar aos administrados polos erros da administración. Isto pode ser perfectamente aplicable ao cobro de atrasos dos últimos catro anos. O mesmo podemos dicir da inversión da carga da proba sobre a utilización dos faiados como almacéns. É o propietario ou propietaria quen ten demostrar que ten menos dun metro de altura para que non llo computen coma tal.*

Por todos estes motivos, os grupos municipais de SONDETEO-ANOVA e PSdG-PSOE solicitan do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

**Acordo**



*Primeiro.- Manifestar o rexeitamento da Corporación Municipal ao xeito de proceder do Ministerio de Facenda do goberno de Rajoy no que ten que ver co cobro de custos do proceso da revisión de valores do catastro.*

*Segundo.- Reclamar ao goberno do estado que a aplicación de conceptos se faga contando coa realidade galega e non traspoñan simplemente a visión hoxenizadora e simplista creada dende o centro da Península.*

*Terceiro:- Demandar que se analicen polo miúdo e individualmente as revisións dende a óptica das necesidades das persoas en relación ao mantemento da súa vivenda.*

*Cuarto.-Solicitar que se suspenda o cobro retroactivo da subida do recibo catastral.*

*Quinto: Pedir que as construcións auxiliares históricas xa existentes con anterioridade á última ponencia de valores que ate agora non tributaban , agora segan sen facelo.*

*Sesta: O grupo de goberno do concello de Teo comprometese a estudar o fraccionamento dos pagos das liquidacións de importes inasumibles”*

O sr. alcalde sinala que cando se fala do IBI o importante fixar a quen corresponde a iniciativa e como se desenvolve todo o proceso. Sinala que segundo a disposición adicional terceira do Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, este procedemento debe iniciarse en todos os municipios con anterioridade ao 31 de decembro do 2016. Trátase polo tanto dunha decisión do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no ano 2004 e que se concreta no período 2013-2016 sendo Teo case un dos últimos.

Este imposto o fixo a Dirección Xeral do Catastro e o Ministerio de economía e facenda a través do Real Legislativo citado, por iso as cartas non as remite o concello senón a Dirección Xeral do Catastro que é a responsable do proceso de regularización catastral. Non se trata dunha modificación que vai a afectar á xeralidade da xente, e así o catastro de urbana ten un padrón de 10.117 contribuíntes e as cartas foron enviadas a 3.722 persoas, sendo enviadas 2.965 de urbana e 751 de rústico, polo que hai 7.152 propietarios aos que non se lles vai a modificar en absoluto o recibo. Explica o sr. alcalde que estas persoas van a pagar o mesmo que o ano pasado, ou incluso un par de euros menos, que era o obxectivo que tiña o grupo municipal, pese a que o PP se empeñe en falar dunha suba do 25 %, Considera o sr. alcalde que o tema da contribución é difícil de explicar e ten complexidades de tramitación, engadindo que o



concello está facendo un esforzo importante en facilitar que a xente resolva a súas dúbidas, presente reclamacións e demais. A empresa que o concello ten contratada para a xestión das modificacións catastrais está duplicando os días de atención ao público e todos os empregados están contribuindo, coa clave que dan nas cartas, a baixar as fichas para que non se colapse o servizo ademais, coñecedores de que entre 900 e 1000 cartas foron devoltas por correo por non ter a dirección correcta, se están resolvendo as dúbidas da xente que chama ao concello, para darlle un duplicado e informarlles, etc. Salienta o sr. alcalde que existen conceptos que hai que ter claros e así por unha parte está o valor catastral que é o valor que o Ministerio de facenda dá a todas as vivendas, terreos e toda construción que se considera urbana. Trátase dun valor fixo que se fixa inicialmente no ano de redacción da ponencia de valores, que en Teo se fixo en 1993. Isto é moi importante para valorar outras cuestións, como o tipo de gravame, porque os valores dunha parcela do 1993 e os valores dunha parcela de 2005 non teñen nada que ver, xa que os do 93 son moitísimo máis baixos, e por exemplo en Santiago é do 2009, en Ames do 2004, en Padrón do 2006, en Brión de 2005, etc. Esta é a causa de que calquera piso en calquera concello, en igualdade de condicións, paga menos en Teo aínda que o tipo de gravame sexa superior, porque o tipo de gravame é a porcentaxe que se aplica sobre o valor catastral, e iso tampouco é unha cuestión libre senón que está entre o 0,4 e 0,6, e así o 0,6 foi o que se pagou nos anos anteriores porque así o fixou o Ministerio, e actualmente é o 0,55, que se aprobou en setembro, para garantir que o que pague a xente este ano sexa o mesmo que o ano pasado. A xente non afectada polo catastrazo vai a pagar o mesmo ou uns euros menos. Salienta o sr. alcalde que a moción responde a que o Ministerio fixo o imposto e é o que cada o transfere aos concello, por tanto se no fose o IBI sería outro. Partindo de que un proceso de regularización non é en si mesmo malo o que é malo e que dá lugar á moción de ANOVA e PSOE son tres cousas. O primeiro o atraco dos 60 euros, que é o que cobra o Ministerio e é para pagar á empresa que fixo a regularización. Opina o sr. alcalde que se trata dun abuso, porque se trata dunha competencia do Ministerio e non debe repercutir nos veciños. En segundo lugar hai que ter en conta que existen construcións históricas de uso rústico que non pagaban e que a partir do ano 2017 van a comezar a pagar, medida da que non se informou ao concello e que, na situación de crise que se vive e de precariedade nas explotacións do sector gandeiro e agrario en xeral, resulta inasumible. Aí entra tamén, dentro desta segunda





crítica fundamental, unha praxe que non é de todo ética á hora de facer os procesos de regularización. Tratándose do rústico sinala o sr. alcalde que ten un gravame diferente de 0,33 % a maioría de xente non pagaba polas propiedades rústicas, porque se o montante total non chegaba aos 6 € non lles compensaba os custes de recadación e por tanto iso non pagaba. Porén se neste momento unha persoa ten unha construción con edificacións auxiliares próximas á casa, e unha algo máis distante, o que fai o catastro é dividir unha parte das construcións auxiliares, como urbanas, co cal incrementa o valor catastral da casa, e outra a sitúa en rústico de forma que unha finca que non pagaba, porque non chegaba aos seis euros, agora incrementa o valor o suficiente, incluso aplicando un tipo de gravame do 0,33, e pasa a pagar 15 ou 19 euros. Un terceiro elemento moi distorsionador é a acumulación da débeda dos últimos anos. É certo que a Lei establece que é un deber do propietario facer a declaración, tanto das construcións novas como das alteracións significativas, pero entre o deber dos cidadáns e a obriga da Administración de controlar, e por riba tendo en conta o que vai supor acumular eses últimos catro anos, é unha variación moi importante e inasumible. Refírese o sr. alcalde á proposta de acordo á que da lectura.

Salienta o sr. alcalde que, de acordo co exposto, van a formular unha emenda consistente na incorporación dun punto texto:

*“Sétimo.- Tramitar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, de xeito que o tipo de gravame dos bens inmobles de natureza rústica baixe do 0,33 por cento ao 0,30 por cento, mínimo que se establece na normativa estatal de aplicación”.*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que o BNG rexeita ese proceso tal e como se está levando a cabo e solicitou no Parlamento galego unha paralización inmediata do mesmo que recibiu o voto en contra na comisión sétima do PP. Tamén solicitou o mantemento das exencións que estaban vixentes ata o de agora, tamén co voto en contra do PP, e tamén solicitou que nas valoracións se teña en conta o valor dos inmobles e tamén solicitou que en ningún caso se lles impute aos propietarios pagos correspondentes aos catro exercicios anteriores, tamén co voto en contra do PP. Salienta o sr. Fernández que esta é a postura do BNG,



sempre clara e sempre ao lado dos veciños/as, aos que con estas medidas se lles cualifica de defraudadores fiscais.

Sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos sae do Salón de Plenos, a concelleira do PP, D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal, que se incorpora pasados catro minutos.

O sr. Fernández sinala que asume e está de acordo coa moción e procede á lectura da exposición de motivos da mesma, para reafirmar a súa posición, remarcando os puntos que, segundo di, é preciso repetir e amosar a súa conformidade. A continuación procede dar lectura ao acordo da moción amosando así mesmo a súa conformidade.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que lle gustaría amosar cinco puntos de consideración, á vista da experiencia destes últimos días. En primeiro lugar o taxazo de 60 euros, que non ten que ver co imposto, se aplica incluso en fincas que non son de un, e para arranxalo, hai que pagar os 60 euros, e se o veciño recoñece que é de el tamén ten que pagar os 60 euros, aínda que o faga voluntariamente. Refírese a sra. Lemus a Circular sobre traballos catastrais onde tratándose da colaboración que fai o Catastro co concello se fala de *“posta a disposición de locais, persoal técnico, recursos informáticos”*, etc, cando en Teo non houbo ningunha colaboración, agás que ampliaron o prazo de alegacións. Outro concepto da circular é o de fincas rústicas con construcións, e así separan os almacéns e os poñen en fincas rústicas, e aínda que na circular se fala de construcións indispensables para usos agrarios, meten calquera tipo de construción, con tal de que estea alonxada, e iso supón un incremento do valor catastral e un novo valor catastral, tratándose dunha forma de financiamento.

Sinala a sra. Lemus que outro tema é que se cobra os 4 anos de atrasos, cando nin sequera eras o propietario. Salienta que lle chamou a atención que na propia circular, na páxina 5, se di que *“non se considerarán na regularización reformas de entidade inferior á sinalada e en particular as actuacións de conservación e mantemento permanente do edificio da construción”*. Sinala que todo o que sE está vendo encaixa aí, como retellados, cambio de ventás, pintados, etc, polo q neste afán recadatorio, ademais dos 60 euros, se meten outros temas que non debían nin de terse



considerado. Salienta a sra. Lemus que o tema do castastro se vendía como unha regularización de bens urbanos, cando verdadeiramente os máis afectados son os de rústico e as zonas agrarias. Opina a sra. Lemus que as cartas do catastro son un atraco de 60 €, resultando ademais que o concello de Teo ten que pagar en torno a dous mil e pico euros. Sinala a sra. Lemus que no concello se fan esforzos, no so pola empresa, senón tamén por parte dos traballadores, especialmente unha traballadora dedicada so a iso. Cree a sra. Lemus que é de rigor acreditar o bo funcionamento do concello nun momento especialmente complicado para os veciños

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D. María Vázquez Rey

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo á moción que engade cumpre varios dos puntos da súa. Explica que dende setembro estiveron apoiando aos veciños nisto, aínda que se lles tache de incoherentes ou se lles siga botando a culpa. Considera que hai unha serie de necesidades ou requisitos que si que hai que reclamar. Interésase a sra. Vázquez polo punto cuarto e pregunta ata que punto é posible solicitar o da suspensión do cobro retroactivo.

Co permiso da presidencia intervén a sra. Interventora quen explica que se pode solicitar porén o que non pode facer o concello é condonalo el directamente.

O sr. guerra pregunta se a solicitude de suspensión do cobro retroactivo se aplicaría tanto en rústica como en urbana.

O sr. alcalde resposta que si.

A sra. Vázquez di que se falaba antes de que son 7.152 os veciños que pagaran igual, e pregunta se os veciños non pagarían menos se en setembro non se aprobara o gravame.

O sr. alcalde resposta que evidentemente.



A sra. Vázquez pregunta se, coñecendo que ia a vir a revisión do catastro, o lóxico non sería que en setembro se baixara o tipo de gravame.

O sr. alcalde resposta que son cuestións diferentes. Explica que se fas iso xeras unha maior desigualdade, porque a máis do 70 % non lle vai a afectar, e habería que preguntarse con que razón lle baixas a eses o recibo cando Montoro llo sube a outros. Salia o sr. alcalde que iso so se soluciona facendo unha unha nova ponencia de valores, porque afecta ao 100 % dos veciños, polo que calquera outra actuación sería inasumible porque o concello ten que manter o nivel ce de ingresos dos últimos anos e facendo iso o único que ocorrería e que se xeraría unha desigualdade.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a emenda formulada ao ditame da moción do grupo municipal de Son de Teo-ANOVA e PSdeG-PSOE sobre o rexeitamento do sistema de cálculo e contido da revisión de valores catastrais impulsado polo Ministerio de Facenda do goberno central, que se reproduce a continuación.**

*“Sétimo.- Tramitar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, de xeito que o tipo de gravame dos bens inmobles de natureza rústica baixe do 0,33 por cento ao 0,30 por cento, mínimo que se establece na normativa estatal de aplicación”.*

**Sometido a votación o ditame emendado, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro.- Manifestar o rexeitamento da Corporación Municipal ao xeito de proceder do Ministerio de Facenda do goberno de Rajoy no que ten que ver co cobro de custos do proceso da revisión de valores do catastro.**

**Segundo.- Reclamar ao goberno do estado que a aplicación de conceptos se faga contando coa realidade galega e non traspoñan simplemente a visión hoxenizadora e simplista creada dende o centro da Península.**



**Terceiro.**- Demandar que se analicen polo miúdo e individualmente as revisións dende a óptica das necesidades das persoas en relación ao mantemento da súa vivenda.

**Cuarto.**-Solicitar que se suspenda o cobro retroactivo da subida do recibo catastral.

**Quinto.**- Pedir que as construcións auxiliares históricas xa existentes con anterioridade á última ponencia de valores que ate agora non tributaban , agora segan sen facelo.

**Sexto.**- O grupo de goberno do concello de Teo comprometese a estudar o fraccionamento dos pagos das liquidacións de importes inasumibles.

**Sétimo.**- Tramitar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, de xeito que o tipo de gravame dos bens inmobles de natureza rústica baixe do 0,33 por cento ao 0,30 por cento, mínimo que se establece na normativa estatal de aplicación.

### **13.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) PARA RECLAMARLLE AO GOBERNO MUNICIPAL DE ANOVA E PSOE QUE RECONSIDERE A SUBA DO TIPO DE GRAVAME DO IBI.**

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do grupo mixto, D. Manuel Anxo Fernández Baz.

O sr. Baz da conta da moción do seu grupo de 21 de marzo de 2016 (rex. entrada nº 2.154) que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 28 de marzo de 2016.

**“MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ, concelleiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, presenta a seguinte MOCIÓN PARA RECLAMARLLE AO GOBERNO MUNICIPAL DE ANOVA E PSOE QUE RECONSIDERE A SUBA DO TIPO DE GRAVAME DO IBI, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación Municipal.**



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No contexto do proceso de regularización catastral impulsado e dirixido polo Ministerio de Facenda do Goberno do Partido Popular, e de revisión das ponencias de valores sobre as que se van realizar as revisións e actualizacións catastrais, o goberno municipal de Teo impulsou en setembro de 2015 unha modificación da ordenanza do Imposto de Bens Inmóbeis (IBI), popularmente coñecido como catastro, establecendo o tipo impositivo no 0,55%, cando podía optar por manter o tipo de gravame no 0,44% que figuraba na normativa de Teo.

O Imposto de Bens Inmóbeis é un tributo local que recada o Concello e que funciona como unha das principais fontes de ingresos nos orzamentos municipais, de feito na proposta para 2016 supón o 23% dos ingresos de Teo fronte ao 20,5% que representaba nos orzamentos vixentes en 2015 e ao 19% das contas para 2012.

A modificación da ordenanza representa a aceptación da medida imposta polo goberno do Partido Popular de subir o tipo de gravame do 0,44% ao 0,55% (na práctica o 0,6%), un incremento do 25%. Lembramos que a finais de 2011, o Goberno do PP de Rajoy ao chegar á Moncloa ditou un Real Decreto-Lei que determinou a subida do gravame e do IBI xeral en todos os concellos, que se aplicou nos anos 2012 a 2015. Neste ano 2016, os concellos retoman a súa autonomía para establecer o tipo de gravame sen verse obrigados a aplicar o mínimo do 0,6 %. Porén, o concello de Teo non se acolleu a dita posibilidade mantendo o tipo fixado desde 2012, co que xa non se pode falar dunha imposición desde o Goberno central, senón dunha subida do IBI por decisión propia do goberno local. Así pois, desde o BNG de Teo demandámolle ás forzas que compoñen o goberno municipal, Anova e PSOE, que reconsideren a decisión que adoptaron e que desta maneira teñan un xesto cos veciños e veciñas de Teo, nomeadamente diante da previsión da subida dos valores catastrais tal e como ven denunciando o equipo de goberno.

Polo exposto, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### ACORDO

1. Os grupos da corporación de Teo manifestan a oposición ao proceso de regularización catastral impulsado polo Goberno do Partido Popular e que supón unha medida de carácter recadatorio a través das taxas de regularización.

2. Instar ao goberno municipal de Teo a que reconsidere a subida do tipo de gravame



que aprobou en setembro de 2015, e que baixe o tipo até o 0,4%”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz PSdeG-PSOE, sra. Lemus, di estar totalmente de acordo coa parte expositiva da moción, tal e como dixeron en setembro, recoñecendo que era unha decisión política, engadindo que en todo caso van a votar en contra porque xa explicou o sr. alcalde cales eran os motivos polo que non se vaia a baixar o tipo para o futuro de 0,55 ao 0,4. Explica que aínda que o baixaran agora non suporía ningún cambio en relación á recadación da regularización, que se fai en base aos valores e gravames dos últimos catro anos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Rey di que vai a esperar a resposta do sr. alcalde e despois quizais diga algo na segunda quenda.

O sr. alcalde sinala que unha baixada xeralizada do tipo de gravame ao 0,4 o único que fai é aumentar a desigualdade contributiva, porque a máis do 70 por cen da poboación o que fas é que lle rebaixas o que viña pagando, pero os servizos que presta o concello son os mesmos, polo que haberá que sacar cartos doutro lado, dos seus impostos, para pagar as mesmas cousas, xerándose unha disfunción, porque a unha xente se lle regulariza e se lle incrementa o recibo polo catastrazo e a outros se lles baixa, e non ten sentido. Considera o sr. alcalde que numericamente é unha proposta mal pensada e pouco meditada porque se se parte de que o valor catastral total para o ano 2015 é de catrocentos quince millóns de euros, con algo máis, aplicando o 0,55 se recada dous millóns douscentos oitenta e cinco mil euros, lixeiramente cincuenta mil euros menos que o recadado o ano anterior. Se se aplica 0,4, por esa disfunción, pásase a recadar un millón seiscentos sesenta e dous mil euros. Considera o sr. alcalde que é insostible rebaixar en 600.00 euros os ingresos municipais e supón suicidarse colectivamente, polo que dende ese punto de vista é inasumible. Considera que as únicas medidas correctoras que teñen sentido son as que se aplican á xeralidade, engadindo que se se quere se pode facer unha nova ponencia de valores. O sr. alcalde



di que iso sería un medida de xustiza, que el defende, e nese momento baixar todos o tipos de gravame ao máximo que se poida.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que non o entende, salientando que se un valor catastral de 100.000 euros con un 0,6 son 600 euros pasaría a 400 euros, sexa ou non regularizado. Este ano se se fixera como en Ames estaría recuperado o 0´44 %, engadindo que se trata dunha decisión política. Refírese o sr. Fernández ás palabras do portavoz de alternativa galega de esquerdas, o 16 de marzo, no debate do catastrazo, que dicía *"priorízase recadar en impostos como o IBI para estabilizar as contas dos concellos. Como xeito de cargar as contas parécenos especialmente inxusto, porque neste imposto non se ten en conta a renda das persoas"*. Salienta o sr. Fernández que despois cada un di o que lle parece, en función de onde estean e de cómo veñan as cousas, e fálase dos impostos segundo lle convén a cada un. Sinala o sr. Fernández que na moción se fala de que é a primeira parte dun proceso que se verá reflectido no incremento do recibo do IBI, é dicir o BNG se trae unha moción é para falar da segunda parte dese proceso, porque a primeira parte é a regularización catastral. Salienta o sr. Fernández que o PP aumenta os valores e logo o goberno de Teo aplica a ordenanza fiscal, que recolle como tipo de gravame o 0,55, fronte o 0,44 que había antes, resultando polo tanto un incremento do 25 por cen, cando o PP deixaba de aplicar neste ámbito a súa política intervencionista no concello de Teo. Lembra o sr. Fernández que a sra. Lemus en setembro de 2015 dicía, polo tema da modificación da ordenanza do IBI, que suporía perder 490.000 euros de ingresos, e se a previsión é incrementar un millón de euros, como di o Catastro, xa non sería tanto e Teo aumentaría seguro os ingresos por IBI. Salienta o sr. Fernández que o 0,4 % sería para todos, para os que revalorizan e para os que non. Considera que coa moción e cos dous acordos propostos se estaría contribuíndo a paliar os efectos das políticas nefastas do PP e sería a maneira de levar á practica os discursos tan solidarios cos problemas da xente. Nesta mesma moción so hai dúas opcións estar a favor ou contra dos veciños, engadindo que el está a favor, tocándolle agora aos demais retratarse.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que reitera o dito en setembro, en relación a que suporía unha baixada do 0,40 % no IBI urbano. Considera que non é





un xesto aos veciños, porque aínda que non se recadara polo IBI, ese recadación habería que facela doutros sitios para manter os servizo. Lembra a sra. Lemus que en setembro se falara deste tema, nun plan de axuste que se aprobou coa abstención tanto do PSOE como do BNG, que incluía o IBI ao 0,60 %, podendo o BNG amosar ese día ese posicionamento a favor dos veciños, poren naquel día tanto polo PSOE como polo BNG decidiuse non botar abaixo o plan de axuste porque as consecuencia económicas para os veciños serían moito peores. Considera a sra. Lemus que ao falar do IBI todos poden ser moi demagóxicos, cando se trata dunha cuestión económica pura e dura. Ante o pregunta do sr. Fernández de porque no IBI de rústica, resposta a sra. Lemus que non é unha cuestión económica, senón unha cuestión de xustiza, engadindo que hai unha bonificación nova, aprobada en setembro, coa abstención do PP, para actividades de fomento de emprego que incluírían as explotación agrarias. Pregunta a sra. Lemus se iso tamén é estar a favor dos veciños, polo que deberon de considerar que non era suficientemente importante a bonificación do 95 % ás explotacións agrarias e agora todos se retratan. Salienta a sra. Lemus que ese mesmo día amosaba a súa sorpresa e dixo que era unha decisión política, e que non se subía o IBI. Lembra a sra. Lemus que todos recoñeceron que non se vai a subir o IBI, e nas marquesinas e notas de prensas se está todo o día falando da suba do IBI do 25 %, cando non sube o IBI senón o tipo de gravame. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que o verán en outubro e as marquesinas e as notas de prensa tamén pasarán a retratar a todos.

Intervén a concelleira do PP, sra. Vázquez, e dille á sra. Lemus que nas notas de prensa sempre poñen que sube o tipo de gravame do IBI. Con respecto o de si manteñen ou non ese tipo de gravame, precisamente amortizaría ese valor catastral, a subida, e se se baixase di que sería irregular e habería desigualdades, porén se se baixa todos pagarían menos, pero así se mantén a desigualdade permanece, porque os de rústico pagarán menos e os de urbano pagarán máis.

O sr. alcalde di que non está de acordo en que un veciño este pagando trescentos euros por unha casa e outro cincuenta, engadindo que está a favor da regularización e de que todos os veciños teñan que pagar o mesmo. Considera que o problema aquí non é que o que está pagando cincuenta pase a pagar trescentos, o problema é o da



retroactividade dos catro últimos anos, porque interesa que os ingresos se manteñan no que estaban e por iso se pide que non haxa esa retroactividade. Dirixíndose ao sr. Fernández o sr. alcalde lembra que os orzamentos son unha previsión. Salienta que do que están en contra é que se cobre os últimos catro anos, engadindo que se se baixa o tipo xera unha desigualdade e o que paga 50 pasa a pagar 40, e todo o mundo ten que pagar o mesmo. Afirma o sr. alcalde que o de Ames é falso, porque iso é unha manipulación de información. Porque quen ten un piso de 100 metros cadrados paga en torno a 450 € e un piso en Cacheiras, de iguais características paga 320 €. Considera o sr. alcalde que a xustiza tributaria ten que ser igual para todos e equiparable, engadindo que está totalmente de acordo co que dixo o portavoz de AGE no Parlamento, resultando máis lóxico que a financiación dos concellos viñera, por exemplo, vía IRPF. Remata o sr. alcalde sinalando que todo o mundo ten que pagar igual se ten unha mesma propiedade, sendo o inxusto o pago deses catro anos de atrás.

Non habendo máis intervencións e sometido o asunto a votación, prodúcese o seguinte resultado:

- Votos a favor – 8 (7 PP e 1 grupo mixto)
- Votos en contra – 8 (6 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE)

Producíndose un resultado de empate, sométese o asunto novamente a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor – 8 (7 PP e 1 grupo mixto)
- Votos en contra – 8 (6 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE)

Persistindo o resultado de empate, o sr. alcalde aclara que ao decidir o voto de calidade do Presidente, queda aprobada a proposta.

**De acordo co exposto, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (6 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e oito en contra (7 PP e 1 grupo mixto), decidindo o voto de calidade do Presidente, polo que queda rexeitada o ditame da moción do grupo mixto para reclamarlle ao goberno municipal de ANOVA e de PSOE que reconsidere a suba do tipo de gravame do IBI.**



#### 14.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A REGULARIZACIÓN CATASTRAL.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do PP, D. José M. Guerra Calvelo.

O sr. Guerra cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Rey da conta da moción do seu grupo de 22 de marzo de 2016 (rex. entrada nº 2.165) que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 28 de marzo de 2016.

*“JOSÉ MANUEL GUERRA CALVELO, con DNI número 33225800T, e como voceiro do grupo municipal do Partido Popular de Teo.*

*O Goberno galego, co seu presidente e a conselleira do Medio Rural á cabeza, vén traballando no obxectivo de garantir a viabilidade e futuro do sector primario, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ao mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.*

*O obxectivo final é garantir que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais desenrolen a súa actividade dentro dun marco de competitividade e crecemento. Trátase o sector primario do sector base da nosa economía. Dentro da defensa e protección dos nosos agricultores e gandeiros, cómpre, que dende o Goberno Central se aprobe unha bonificación potestativa do 95% sobre todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

*Neste sentido, na Sesión de 16 de Marzo de 2016, do Parlamento Galego, foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.*

*Por tanto, dada esta situación do Sector Primario, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Santiago, propoño ao Concello de Teo a aprobación dos seguintes ACORDOS:*

**Primeiro.** *Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos Concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de*



*deprezación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aunque estas estén sin uso por cese de dita actividade.*

**Segundo.** *Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós Concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o mais amplias posibles na súa tributación.*

**Terceiro.** *Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.*

**Cuarto.** *Dirixirse ao Goberno Central a que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 20132016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensable para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

**Quinto.** *Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

**Sexto.** *Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible”.*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, dille á sra. Lemus que fale no seu nome non en nome do BNG, engadindo que o di polo que falou antes do que dixera o BNG en relación ao plan de axuste. Tratándose do tema de Ames, sinala o sr. Fernández que o vai a deixar para rogos e preguntas e dirá o que dixeron os concelleiros e ao alcalde de Ames ao respecto de optar manter a ordenanza fiscal que tiñan, que significa volver ao que tiñan. Tratándose da moción do PP, sinala que xa o sr. alcalde explicou a orixe da regularización catastral, no ano 2004, cando quedaban escasamente seis días para as eleccións, no Real Decreto Legislativo 1/2004 o PP, vía emenda, introduce esta cuestión na disposición adicional terceira. Finalmente foi aprobado polo artigo 16.3 da Lei 16/2012, que hai que lembrar que era aquela Lei para loitar contra o fraude fiscal, sendo na práctica unha norma continuadora da política fiscal emprendida polo PP dende a chegada ao goberno no



ano 2011, que se caracterizou por un incremento xeralizado dos impostos que pagan as maiorías sociais, como a suba xeral IBI, o tema do IVE, suba do IRPF, introdución de copagamentos sanitarios e farmacéuticos, etc.

Sendo as vinte e tres horas e vinte e tres minutos sae o salón de Pleno o portavoz do PP, D. Manuel Guerra Calvelo.

Considera o sr. Fernández que era un política de rigor e esixencia fiscal para as rendas medidas e baixas. Entre esas medidas pódese destacar o Real Decreto Lei 20/11, que levou a aplicar no IBI, no ano 2012, o 0,5 %, e no ano 2013, o 0,6 % utilizándose tamén no 2014 e 2015, ano no que o goberno de Teo fai súa esa medida do PP. Coa Lei 16/12 conséumase un segundo *catastrazo*, ademais xustifícase co obxectivo da “*mellora da loita contra o fraude fiscal*”, palabras textuais do PP. Insiste o sr. Fernández en que cada unha das cartas que chega implica darlle a esa persoa o título de defraudador fiscal, e así o PP en vez de perseguir o fraude fiscal se mandan esas cartas á xente para que, no seu caso, legalicen a situación. Di o sr. Fernández que o que lle choca de todo o que leva escoitado este mes sobre o tema é a posición do Partido Popular, que viven instalado na mentira e na manipulación permanente, porque en decembro de 2015 fan campaña polo sr. Rajoy, polo PP de Madrid, e agora se alarman contra unha medida do seu partido. Cree o sr. Fernández que habería que facer como fixo a sra. Pajín fai dúas semanas, que defendeu a medida no Parlamento galego, explicando para que servía, e iso é o que tiña que facer o PP, defender as súas políticas, non vir ao Pleno e nun acto de cobardía dicir que non están de acordo co que fai o seu partido. Salia que el explica o que fai o BNG, porque é o que ten que facer, resultando que o que non se pode facer é para ben, ben, e para mal agocharse e botarlle a culpa a outro.

Sendo as vinte e tres horas e vinte e nove minutos entra no Salón de Plenos o portavoz do PP. D. José M. Guerra Calvelo, e sae o concelleiro do PP D. Antonio Reyes Sánchez, incorporándose este último pasados dous minutos.

Sinala o sr. Fernández que a política contra o fraude fiscal do PP é unha política contra o fraude, pero para os de sempre. Opina que os concelleiros do PP non teñen a



valentía de explicar esas medidas. Sinala que, tratándose da moción, el sería máis contundente, engadindo que sabe que é unha transcripción dun acordo do Parlamento galego, do 16 de marzo, a proposta dunha proposición non de lei do Partido socialista, e da emenda presentada polo PP, logo de rexeitar varias iniciativas na comisión sétima de varias iniciativas en relación o catastrazo

Explica o sr. Fernández que o BNG, para que houbera ese acordo, votou a favor, polo que por coherencia co voto manifestado no Parlamento galego, van a apoiar a moción do PP, porque implica emendar a postura do PP. Reitera o sr. Fernández que el sería máis contundente, e iría moito máis ala, porén para que houbera acordo tivo que ir así.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que lle chama a atención que o acordo que presente o PP en Teo sexa igual ao que presenta o PSOE no Parlamento de Galicia, sendo unha cousa curiosa. Sinala que, como xa lle dixo antes aos do PP, terían que acordarse da bonificación do IBI do 95 % cando se abstiveran non fai moitos meses nesa mesma bonificación, engadindo que entende que nun momento dado a presión veciñal pode con todos. Pregunta a sra. Lemus cál é o punto no que cada un ten que asumir a súa responsabilidade e explica que en Teo asumíuse a baixada do rústico, ao entender que eran inxustamente tratados pola regularización, mentres que o resto do gravame mantíñase. Considera a sra. Lemus que pese ao intento do PP, de equipara a regularización catastral, coa modificación da ordenanza, non teñen nada que ver.

Sendo as vinte e tres horas e trinta minutos sae do Salón de Plenos o concelleiro do grupo mixto, D. Manuel A. Fernández Baz, que se incorpora á sesión plenaria pasados tres minutos.

Di a sra. Lemus que os concelleiros do PP falaban de que eran moi coidadosos coas palabras, porén na páxina web, ppteo.es, nunha nota de 20 de setembro de 2015 se recolle que *“non podemos permitir que suban o IBI un 25 %”*, o 29 de outubro, *“Guerra considera que o debate da fusión con Santiago é unha operación de servilismo político e unha cortiña de fume para enmascarar a suba do IBI”*, e 8 de novembro *“Guerra insta á lider socialista teense a que emule o partido socialista de Santiago e se opoña á suba*



do IBI", e agora voltaron a falar da suba do IBI non da suba do gravame. Entende a sra. Lemus que a presión veciñal que se sofre no concello de Teo era suficiente, e voltaron a dicir que subía o IBI porén seguen sen ser equiparables, e así unha decisión política do 0,55 % que non implica ningún un aumento do IBI, non é equiparable co catastrazo, que sí que vai a supor un aumento do IBI, sobre todo no rústico. Salienta a sra. Lemus que o PP fala agora da bonificación cando en setembro se abstiveron. Di a sra. Lemus que entende a presión veciñal, engadindo que se dende o PP queren falar de coherencia, hai que ter en conta que no grupo de goberno son coherentes, porén no PP non son coherentes nin co partido que representan nin co que piden o voto nin co que votan no Pleno de Teo. A sra. Lemus agradece a presentación da moción e anuncia o seu apoio, engadindo que iso sí que é coherencia, sobre todo porque a moción é igual a que presentou o PSOE no Parlamento de Galicia, xa que a copiaron tal cal, os puntos incluídos. Opina a sra. Lemus que hai que ser coherentes, engadindo que lle chama a atención que dende o PP pidan a exención da taxa de cara a futuro, porque primeiro colocan a taxa e despois piden a exención. Remata a sra. Lemus a súa intervención pedíndolle ás/aos concelleiras/os do PP que voten nas portas dos seus dirixente, e lle digan que isto non é posible, engadindo que o que dixo o sr. Fernández é verdade do Parlamento de Galicia, xa eu o PP estivo dando bandazos ata que se deron conta do que estaba pasando no rural.

O sr. alcalde di que o seu grupo está de acordo coa moción polo que xa se leva dito ata o de agora, aínda que entende que algunha das afirmacións que se fan están encamiñadas non senso de propiciar as modificacións necesarias para conseguir eses obxectivos, do mesmo xeito que antes matizaba a sra. Interventora.

Intervén a concelleira do PP, sra. Vázquez, e di que a sra. Lemus fala de coherencia, e resulta que é incoherente que presenten a moción e por outra se lle pide que peten nas portas e lles digan que non teñen que facer así as cousas e como teñen que facelas. O PP de Teo sempre estivo a favor dos veciños se era algo que lle beneficiaba independentemente das partes altas do seu partido político. Dirixíndose ao sr. Fernández, a sra. Vázquez dille que sí que teñen argumentarios, ao igual que o concelleiro do BNG. Di a sra. Vázquez que non sabe moi ben como tomar o da presión veciñal porque se realmente son poucos os veciños aos que lle inflúe a suba, tampouco



lles debería preocupar tanto o tema da presión veciñal nese aspecto. Opina a sra. Vázquez que é bo que non digan amen a todo que lles ben de arriba do partido, engadindo que ela está en novas xeracións, onde tamén hai unha parte crítica, sendo importante que nas bases dun partido exista unha parte crítica e non que o partido se rompa en miles de pedazos como pasa cos nacionalista, que se dividen cando as cousas non van igual para todos, existindo no PP críticas dentro propio partido. Afirma a sra. Vázquez que non está de acordo con todo que di o PP e non ten que comulgar con todo.

Salienta a sra. Vázquez que se dende o seu partido ven que isto é ilóxico o normal e que, estando aquí, o poidan apoiar, facéndolle gracia que todos presentaran a mesma moción porén as críticas so van para o PP, non tendo que asumir eles as responsabilidade de Montoro, cando unha vez tras outra está dicindo que non está de acordo con esa política.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que contra eses discursos do PP non pode. Salienta que falou un día barrio sésamo e di que vai ter que seguir falando. Sinala que unen máis os intereses que as opinións e a liberdade de opinar. Está seguro de que en decembro todos os concelleiros do PP votaron a Rajoy, sendo ese goberno os que están levando a cabo esa política como algo importante para eles, e aínda que no Parlamento de Galicia non teñen competencias para legislar sobre o catastro, pero defenderon as políticas o PP, con valentía, e resulta que o PP de Teo é independente de todos os do PP. Dio sr. Fernández que el defende as propostas do BNG, porque algunha razón terán. Salienta que para moito xente 60 euros é moito, e se agora o valor catastral non se corresponde coa realidade, as persoas van a ter que aguantar con su pequena pensión ese capricho do PP, porque para este partido é un defraudador fiscal, porén as grandes fortunas aí están, as amnistías fiscais, para eles,. Ese é o PP, para o que os concelleiros do PP de Teo piden o voto. Remata o sr. Fernández sinalando que hai argumentos que non lle valen, engadindo que non pode ser tirar a pedra e agochar a man, e que esta moción é a forma de quedar ben en Teo, cando é unha medida do Partido popular primeiro do sr. Aznar e despois do sr. Rajoy.





A sra. Lemus non fai uso da súa quenda de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

**Primeiro.** Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos Concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de deprezación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aunque estas estean sen uso por cese de dita actividade.

**Segundo.** Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós Concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o mais amplas posibles na súa tributación.

**Terceiro.** Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

**Cuarto.** Dirixirse ao Goberno Central a que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 20132016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensable para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**Quinto.** Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**Sexto.** Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible.



## **15.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) DE PETICIÓN DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO Á CAMPAÑA BDS GLOBAL.**

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A Fernández Baz.

O sr. Baz da conta da moción do seu grupo de 8 de marzo de 2016 (rex. entrada nº 10.611, de 10/03/2016), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 28 de marzo de 2016.

**“MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ**, concelleiro-portavoz do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, presenta esta **MOCIÓN EN RELACIÓN COA PETICIÓN DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO Á CAMPAÑA BDS GLOBAL**, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación Municipal.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En xullo de 2005 unha ampla coalición de colectivos palestinos lanzou a campaña BDS Global contra Israel apelando ás “persoas con consciencia en todo o mundo para impor amplos Boicotes e implementar iniciativas de Desinvestimento e Sancións contra Israel” como medida de presión para acabar con a cada vez mais sangrenta limpeza étnica do pobo palestino.

Sindicatos, universidades, colectivos sociais, asociacións de consumidores, movementos pacifistas, concellos, artistas, estudantes, profesionais dos mais diferentes ámbitos e de todos os continentes uníronse nun movemento cidadán e pacífico que crece e multiplica os seus resultados dia da dia.

Un movemento global que se converteu no eixo reivindicativo da solidariedade con Palestina. Un movemento global de que Galiza non pode estar ausente.

Por todo isto, o Bloque Nacionalista Galego solicita ao Pleno do Concello de Teo:

1. A declaración do Concello de Teo como espazo libre de discriminación contra o pobo palestino israelí, e a adhesión á Campaña BDS, cuxos obxectivos son:

-A finalización da ocupación e colonización de todas as terras palestinas e o desmantelamento do Muro;



-O recoñecemento dos dereitos fundamentais dos cidadáns árabe-palestinos de Israel para unha igualdade completa;

-O recoñecemento do dereito dos palestinos refuxiados a retornar ás súas casas e propiedades como o estipulou a resolución 194.

2. Absterse de colaborar co Estado israelí, as súas institucións públicas ou os seus representantes oficiais no Estado español, en calquera proxecto de desenvolvemento agrario, educativo, comercial, cultural ou de seguridade.

3. Absterse de contratar servizos ou comprar produtos a empresas israelís ou empresas cómplices de violacións do dereito internacional en Palestina.

4. Difundir a campaña BDS entre a cidadanía e apoiala nos seus distintos ámbitos (económico, cultural, deportivo, académico e institucional)”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, di que na primeira parte e no senso da moción non lles ofrece ningunha dúbida en canto o apoio, porén estiveron buscando información sobre a iniciativa e parece que hai certos problemas legais en relación á contratación de servizos, xa que se pode entender que hai unha vulneración da lei de contratos e dos dereitos fundamentais de non discriminación. Avisa a sra. Lemus a apoio do seu grupo á iniciativa e anuncia que en todo caso se absterán por razóns puramente legais relacionadas coa normativa existente.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, di que o van a dicir nada porque igual lle parece mal ao sr. Fernández.

O sr. alcalde di que están de acordo coa moción, entendendo que hai ese problema de legalidade, estando dispostos a votar a favor se no punto terceiro se acepta unha emenda que faga referencia aos contratos de forma directa, porque se se fai un concurso público e o gaña unha empresa israelí hai que darllo. Propón o sr. alcalde engadirle “dentro do ámbito da legalidade”, amosando o sr. Fernández a súa conformidade.



Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor (6 Son de Teo-ANOVA e 1 grupo mixto) e nove abstencións (7 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda aprobar a emenda formulada ao ditame da moción do grupo mixto de petición de adhesión do concello de Teo á campaña global BDS, consistente en engadir no apartado terceiro “dentro do ámbito da legalidade”, quedando este mesmo apartado redactado conforme se detalle de seguido:**

**“3.- Absterse de contratar servizos ou comprar produtos a empresas israelís ou empresas cómplices de violacións do dereito internacional en Palestina, dentro do ámbito da legalidade”.**

**Sometido a votación o ditame emendado, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor (6 Son de Teo-ANOVA e 1 grupo mixto) e nove abstencións (7 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:**

**1.- A declaración do Concello de Teo como espazo libre de discriminación contra o pobo palestino israelí, e a adhesión á Campaña BDS, cuxos obxectivos son:**

- A finalización da ocupación e colonización de todas as terras palestinas e o desmantelamento do Muro;**
- O recoñecemento dos dereitos fundamentais dos cidadáns árabe-palestinos de Israel para unha igualdade completa;**
- O recoñecemento do dereito dos palestinos refuxiados a retornar ás súas casas e propiedades como o estipulou a resolución 194.**

**2.- Absterse de colaborar co Estado israelí, as súas institucións públicas ou os seus representantes oficiais no Estado español, en calquera proxecto de desenvolvemento agrario, educativo, comercial, cultural ou de seguridade.**



**3.- Absterse de contratar servizos ou comprar produtos a empresas israelís ou empresas cómplices de violacións do dereito internacional en Palestina, dentro do ámbito da legalidade.**

**4.- Difundir a campaña BDS entre a cidadanía e apoiala nos seus distintos ámbitos (económico, cultural, deportivo, académico e institucional).**

### **16.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto décimo sétimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

### **17.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O sr. alcalde aclara que o escrito presentado polo grupo municipal do PP, como moción, sobre as melloras dos espazos de recollida de lixo nas urbanizacións dos Tilos e San Sadurniño (rex. entrada nº 1761, de 09/03/2016), considerouse, por indicación da secretaría, coma un rogo.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O concelleiro do PP, sr. Arroyo, da conta do citado rogo de 9 de marzo de 2016 (rex. entrada nº 1761), sobre a mellora dos espazos de recollida de lixo nas urbanizacións dos Tilos e San Sadurniño, que se reproduce a continuación:

*“Nestas datas vimos recollendo unha serie de suxestións por parte dos veciños de ambas urbanizacións.*

*As inclemencias metereolóxicas moi comúns na nosa comunidade afectan de xeito directo aos contedores de recollida de lixo, que poden constituír un perigo para os peóns.*



*Moitos deles, pola súa ubicación e falta de mecanismos que impidan a súa mobilidade, desprázanse con moita facilidade os días de fortes choivas e ventos; ao seren elementos de moito peso, poden resultar un perigo evidente para os peóns como para os vehículos.*

*A maiores disto, tamén ocorre que a proximidade aos pasos de peóns pode comprometer a seguridade dos peóns xa que persoas de baixa estatura quedan tapados polos mesmos á hora de cruzar; neste caso, sería axeitado mudar a ubicación daqueles que se atopan nestas circunstancias.*

*Asemade, convén subliñar que estes elementos en moitos casos están colocados de tal forma que os usuarios teñen que tirar as bolsas polo lado da rúa e non polo da beirarrúa como é a forma axeitada.*

*Polo anteriormente, PROPONSE so Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:*

*Que o equipo de goberno tome as medidas oportunas para estudar as posibilidades de mellora das circunstancias descritas respecto dos contedores do lixo nestas urbanizacións”.*

Solicita o sr. Arroyo que se amarren os contedores e se arranxen esas deficiencias.

O sr. Francos resposta que dende o momento que se presentou á moción, se lle dou orde a empresa que pasaran un listado. Explica que os soportes existentes os puxo o concello para probar como ia o sistema. Reitera o sr. Francos que se está traballando no tema, engadindo que mañá insistirá no mesmo.

2.- O sr. Guerra sinala que alí en Cacheiras, o Sisto, onde se está facendo a senda lle comentaron uns veciños que se quedaban sen saneamento.

A sra. Lemus explica que o custe diso é de cincuenta mil euros para catro casas polo que cando se arranxe a estrada se mirará de facer.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula o seguinte rogo:



O sr. Fernández sinala que debaixo da autopista, na zona de San domingo, fixeron unhas obras e quedaron como uns cadrados de formigón e unhas escaleiras e os tractores non pasan por alí. Solicita que se reclame á autoestrada ou interesarse polo tema.

A sra. Lemus di que xa foron por alí e se trata dunhas zapatas altas necesarias para a obra, que aínda está sen rematar.

Sendo as vinte e catro horas e en virtude do principio de unidade de acto, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 7/2016**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 28 ABRIL DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e oito de abril de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Francisco Nanín Castro

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Non asiste, previa escusa:**

D. José Manuel Guerra Calvelo





**Secretaria xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 25.02.16 E DO 15.03.16
- 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 230/16 Á 315/16)
- 3.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE D. JOSÉ FRANCISCO NANÍN CASTRO
- 4.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2016
- 5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2015
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES
- 7.- DITAME PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PRIVADO POR ENTRADA A ESPECTÁCULOS TEATRAIS
- 8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE TEO NO PROGRAMA DE AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR MUNICIPAL
- 9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E PRÓRROGA TRANSITORIA DO CONTRATO POR UN ANO
- 10.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS
- 11.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE O ACORDO ENTRE A UE E TURQUÍA SOBRE A EXPULSIÓN DE PERSOAS REFUXIADAS EN EUROPA
- 12.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA EVITAR A INSTALACIÓN DE PIROTECNIAS EN SOLO RÚSTICO



### **13.- MOCIÓNS**

### **14.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde comunica que desculpou a súa ausencia o portavoz do PP, D. José M. Guerra Calvelo, pasándose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

#### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 25.02.16 E DO 15.03.16.**

##### *Acta da sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2016.*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de febreiro de 2016.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

##### *Acta da sesión extraordinaria do 15 de marzo de 2016.*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 15 de marzo de 2016.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

#### **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 230/16 Á 315/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 28 de marzo ata o 24 de abril de 2016, que comprenden os números 230 ao 315, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.



### **3.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE D. JOSÉ FRANCISCO NANÍN CASTRO.**

Obra no expediente a credencial de D. José Franciso Nanín Castro remitida pola Xunta Electoral Central con data de 4 de abril de 2016 (rex. entrada nº 2.493).

Cumprimentouse polo interesado a obriga de formular as declaracións do Rexistro de intereses, que foron presentadas na secretaría municipal con data de 27 de abril de 2016.

O sr. alcalde invita a D. José Franciso Nanín Castro a incorporarse á sesión plenaria que se está a celebrar.

A continuación o sr. alcalde procede a dar lectura ao xuramento ou promesa de acatamento á Constitución legalmente esixido, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, formulando a seguinte pregunta:

D. Jose Francisco Nanín Castro, xuras ou prometes pola túa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Teo, con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?.

O sr. Nanin, resposta “*por imperativo legal, si, prometo*”.

O sr. alcalde dálle a benvida ao sr. Nanín.

### **4.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2016.**

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería e Intervención, de 4 de abril de 2016, sobre do cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do primeiro trimestre de 2016, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.



## 5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2015.

O sr. alcalde da conta dos resultados da liquidación do exercicio 2015, segundo o documento incorporado ao expediente, de 7 de abril de 2016, que se reproduce a continuación.

### “DACIÓN DE CONTA

Rafael Sisto Edreira, Alcalde- Presidente do Concello de Teo, en cumprimento do disposto no artigo 193.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.

DOU CONTA ao Pleno da Corporación dos resultados da Liquidación do exercicio 2015, có seguinte resumo:

#### 1.-RESULTADO ORZAMENTARIO

##### A) RESULTADO ORZAMENTARIO

##### 1.-RESULTADO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO

###### a) operacións correntes

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	9.865.054,11
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	7.897.152,38
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO 1</b>	<b>1.967.901,73</b>

###### b) outras operacións non financeiras

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	479.264,19
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	1.372.650,67
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO 2</b>	<b>-893.386,48</b>

**Resultado Orzamentario Non Financeiro(1+2)...1.074.515,25€**

##### 2.-RESULTADO ORZAMENTARIO FINANCEIRO

###### a) activos financeiros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0,00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0,00
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO F.3</b>	<b>0,00</b>

###### b) pasivos financeiros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	124.993,00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	315.164,49
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO F.4</b>	<b>-190.171,49</b>

**Resultado Orzamentario Financeiro(3+4).....-190.171,49 €**

**RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2015....884.343,76€**

**Axustes:**



- 1.-Desviacións imputables **positivas (-)**.....270.660,12€  
 2.-Desviacións imputables **negativas (+)**.....279.459,18€  
 3.-Modificacións de crédito financiadas con RLTGX, fase O.....0,00€

<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO EXERCICIO 2015</b>	<b>893.142,82€</b>
---	--------------------

**2.-REMANENTE DE TESOURERÍA**

<b>1. (+) FONDOS LÍQUIDOS</b>		<b>438.933,70</b>
<b>2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>		<b>3.044.009,49</b>
(+) del Presupuesto corriente	1.345.388,99	
(+) de Presupuestos cerrados	1.474.683,50	
(+) de operaciones no presupuestarias	223.937,00	
(-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	18.019,54	
<b>3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO</b>		<b>3.142.764,31</b>
(+) do Presupuesto corriente	2.376.542,16	
(+) do Presupuestos cerrados	350.498,24	
(+) de operaciones no presupuestarias	415.723,91	
(-) pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	41.122,19	
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3)</b>		<b>363.281,53</b>
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO(-)		399.880,41
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA GFA (-)</b>		<b>270.991,10</b>
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTT-RTGFA)</b>		<b>-307.589,98</b>

**3.-AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO**

**AFORRO BRUTO E NETO  
LIQUIDACION 2015**

CAP ING	DRN
1	3.398.666,36
2	75.979,38
3	1.942.128,45
4	4.590.258,68
5	848,35
<b>TOTAL</b>	<b>10.007.881,22</b>

CAP GAS	ORN
1	3.112.976,99
2	4.330.524,16
4	428.194,83
<b>TOTAL</b>	<b>7.871.695,98</b>

<b>AB</b>	2.136.185,24
<b>ATA</b>	330.787,85
<b>AN</b>	1.805.397,39

<b>DEBEDA VIVA A 31/12/2015</b>	2.224.356,80
<b>DEREITOS CORRENTES LIQUIDADOS</b>	10.007.881,22
<b>% ENDEBEDAMENTO</b>	0,22



#### **4.-DEREITOS DE DUBIDOSO COBRO**

##### **DEREITOS DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2015**

<b>ANO</b>	<b>%</b>	<b>DPC</b>	<b>DDIR</b>
2014	0,25	841.612,06	210.403,02
2013	0,25	523.939,93	130.984,98
2012	0,5	92.105,21	46.052,61
2011	0,75	0,00	0,00
2010	0,75	0,00	0,00
2009	1	724,63	724,63
2008	1	5.928,16	5.928,16
2007	1	2.558,50	2.558,50
2006	1	3.228,52	3.228,52
		<b>TOTAL</b>	<b>399.880,41</b>

#### **5) SITUACIÓN DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO A 31/12/2015**

**Estabilidade Orzamentaria: cúmprese**

**Regra de gasto: cúmprese**

**Límite de débeda: cúmprese**

Teo, 7 de abril de 2016.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### **6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da a benvinda ao novo concelleiro e da conta da proposta de 6 de abril de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 25 de abril de 2016.



## **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

### **ASUNTO: Modificación da OF REGULADORA DO IBI**

Considerando que o Concello de Teo conta cunha Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles vixente dende data 31/12/2004.

Considerando que na sesión do Pleno da Corporación de data 31/03/2016 se acordou reducir o tipo de gravámen do Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, de xeito que pasase do 0,33% ao 0,30%.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto en data 05/04/2016.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido nos artigos 17 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, propono ao Pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a segunda modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, nos termos que se recollen a continuación:

---

### **SEGUNDA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

#### **Artigo único.- Modificación do artigo 13.- Tipo de gravame.**

Se modifica o tipo de gravame dos bens de natureza rústica de xeito que o artigo 13 queda redactado como segue:

“ Os tipos de gravame aplicables neste municipio serán os seguintes:

a) Bens inmobles de natureza urbana:

Tipo de gravame.-0,55%

b) Bens inmobles de natureza rústica:

Tipo de gravame : 0,30%

b) Bens de características especiais:

Tipo de gravame: 1,3%.”



**Segundo.**-Remitir o presente acordo ao BOP a efectos da súa exposición pública por prazo dun mes, así como a un diario dos de maior tirada da provincia, para que os interesados poidan prantexar reclamacións ou suxestións.

Se, transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación do seu texto íntegro.

Contra a Ordenanza Fiscal unicamente caberá recurso contencioso-administrativo”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que quere poñer de manifesto o que ven dicindo dende setembro de 2015 cando se fixo a primeira modificación na se incrementou do 0,44 ao 0,55. Insiste o sr. Fernández en porque so se minora no rústico e non en urbano e pregunta cál é a razón real, engadindo que sabe que o que lle van a dicir é que o dos de natureza urbana é pola recadación polo que quería saber que impacto vai a ter esa redución de 0,03 nos de natureza rústica.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Rey anuncia a abstención do seu grupo, aclarando que aínda que están de acordo coa baixada de 0,33 ao 0,30 levan dicindo todo este tempo que non lle parece ven continuar co 0,55.

O sr. alcalde di que se pode reiterar o debate moitas veces, porén ese non é o debate que se trae hoxe ao Pleno, porque o debate xa se tivo no Pleno anterior.

A portavoz do PSOE non fai uso da súa quenda de intervención.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que o obxecto de debate é a segunda modificación da ordenanza do IBI engadindo que el tamén fala da primeira modificación. Sinala que en setembro se aumentou de 0,44 a 0,55 e en relación co rústico se fai en virtude dun acordo plenario adoptado, engadindo que está de acordo en poñer o mínimo legal, baixando do 0,33 a 0,3. Di o sr.





Fernández que está de acordo coa proposta, porén segue mantendo as necesidades de baixar a contribución de urbana e segue mantendo a posición, polo que segue sendo ese o debate.

A concelleira do PP, sra. Rey, non fai uso da súa quenda de intervención.

O sr. alcalde sinala que non ten nada máis que dicir. Considera que xa quedou claro unha e outra vez que a contribución non sube, e os que non sofren regularización, non lles sube nada, o que afecta en torno a 7.500 persoas. O resto non é unha decisión municipal senón do goberno central que fai unha regularización que determina un Real Decreto do ano 2014, polo tanto haberá que pedirlle responsabilidades a quen fai os Reais Decretos. Remata o sr. alcalde sinalando que o que se propón foi o que se resultou do debate do Pleno pasado.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e seis abstencións (6 PP), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar inicialmente a segunda modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, nos termos que se recollen a continuación:**

---

**SEGUNDA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO  
IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

**Artigo único.- Modificación do artigo 13.- Tipo de gravame.**

Se modifica o tipo de gravame dos bens de natureza rústica de xeito que o artigo 13 queda redactado como segue:

“ Os tipos de gravame aplicables neste municipio serán os seguintes:

a) Bens inmobles de natureza urbana:

Tipo de gravame: 0,55%

b) Bens inmobles de natureza rústica:

Tipo de gravame: 0,30%

b) Bens de características especiais:

Tipo de gravame: 1,3%.”



**Segundo.**-Remitir o presente acordo ao BOP a efectos da súa exposición pública por prazo dun mes, así como a un diario dos de maior tirada da provincia, para que os interesados poidan prantexar reclamacións ou suxestións.

Se, transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación do seu texto íntegro.

Contra a Ordenanza Fiscal unicamente caberá recurso contencioso-administrativo.

#### **7.- DITAME PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PRIVADO POR ENTRADA A ESPECTÁCULOS TEATRAIS.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 19 de abril de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas, de 25 de abril de 2016.

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Rafael Sisto Edreira, Alcalde-Presidente do Concello de Teo,

Considerando que está en proceso de licitación o servizo de dinamización e produción teatral do concello de Teo, e que resulta conveniente que este servizo se autofinancie parcialmente, estando previsto no Orzamento de 2016 os ingresos por entradas a espectáculos.

Considerando que resulta necesario regular axeitadamente este ingreso a través da correspondente Ordenanza.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 19/04/2016.

**PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:



Primeiro.-Aprobar inicialmente a Ordenanza do Prezo privado por entrada a espectáculos teatrais, que de seguido se reflicte:

---

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PRIVADO POR ENTRADA A  
ESPECTÁCULOS TEATRAIS

Artigo 1.-fundamento

En uso das facultades outorgadas polo artigo 142 da Consitutución e de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora da Facendas Locais, o concello de Teo establece o prezo privado por entradas a espectáculos teatrais

Artigo 2.-Servizos que grava o prezo privado

O prezo privado que regula esta Ordenanza esíxese para poder acceder como espectador/a a recintos municipais non que se exhiban espectáculos escénicos desenvolvimos pola compañía concesionaria do servizo de dinamización e produción teatral.

As condicións nas que se prestan estes servizos serán as seguintes:

A compañía concesionaria do servizo de dinamización e produción teatral desenvolverá un mínimo de 12 actuacións anuais de artes escénicasde produción propia, de calidade, nas que os espectadores deberán aboar unha entrada de acordo coa tarifa establecida nesta ordenanza. Estas exhibicións van dirixidas a enriquecer a oferta cultural que o Concello de Teo programa fundamentalmente no Centro Sociocultural da Ramallosa.

Artigo 3.-Obrigados ao pago

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo, as persoas que accedan como espectadores a recintos municipais nos que se exhiban espectáculos escénicos descritos no apartado anterior.



#### Artigo 4.- Importe

O importe do prezo privado a satisfacer de forma directa polos usuarios do servizo de exhibición de artes escénicas é unico e queda establecido en 10€ por entrada e espectador.

#### Artigo 5.- Rexime de pagamento e xestión

-As exhibicións de artes escénicas nas que os espectadores deberán aboar a entrada serán xestionadas pola compañía residente, que realizará o cobro das entradas de acordo con esta ordenanza.

-O prezo a satisfacer de forma directa polos usuarios do servizo, a razón de 10 euros por entrada, forma parte do prezo do contrato administrativo de servizos estipulado na cláusula 2 do Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de referencia, polo que será recadado e a beneficio da compañía que xestione o servizo.

#### Disposición derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor a partires do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

Teo, 19 de abril de 2016.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira

---

Segundo.- Expoñer o texto da Ordenanza ao público, durante trinta días mediante edicto no BOP, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións. Se transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada.

No suposto de que se presentase algunha reclamación ou suxestión, éstas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación previa aprobación definitiva.”

O sr. alcalde explica que esta ordenanza está relacionado co concurso de produción e exhibición teatral, cuxo prazo de presentación remata este días. O que se pretende é que a compañía que gañe o concurso teña uns ingresos por recadación de entradas,



nun mínimo de 12 funcións anuais, establecéndose un prezo único de 10 €, que era o que se viña cobrando estes anos que funcionou en base a unha subvención. Aclara o sr. alcalde que este ingreso, que cobra directamente a compañía, forma parte do prezo total do contrato, considerándose que os ingresos por esas entradas poden ser da orde dos 20.000 euros anuais, como determina o estudo de custes que se realizou en base ao funcionamento destes anos.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que está de acordo coa ordenanza, en tanto en canto sería imprescindible, na medida en que hai unha estimación nos orzamentos que habería que cubrir de forma legal, entendendo que esa sería a forma de cubri-la.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Nariño Facal, anunciando esta a abstención do seu grupo.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e seis abstencións (6 PP), acorda:**

**Primeiro.-Aprobar inicialmente a Ordenanza do Prezo privado por entrada a espectáculos teatrais, que de seguido se reflicte:**

---

### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PRIVADO POR ENTRADA A ESPECTÁCULOS TEATRAIS**

#### **Artigo 1.-fundamento**

**En uso das facultades outorgadas polo artigo 142 da Consitutución e de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora da Facendas**



**Locais, o concello de Teo establece o prezo privado por entradas a espectáculos teatrais**

**Artigo 2.-Servizos que grava o prezo privado**

O prezo privado que regula esta Ordenanza esíxese para poder acceder como espectador/a a recintos municipais non que se exhiban espectáculos escénicos desenvolvimos pola compañía concesionaria do servizo de dinamización e produción teatral.

As condicións nas que se prestan estes servizos serán as seguintes:

A compañía concesionaria do servizo de dinamización e produción teatral desenvolverá un mínimo de 12 actuacións anuais de artes escénicas de produción propia, de calidade, nas que os espectadores deberán aboar unha entrada de acordo coa tarifa establecida nesta ordenanza. Estas exhibicións van dirixidas a enriquecer a oferta cultural que o Concello de Teo programa fundamentalmente no Centro Sociocultural da Ramallosa.

**Artigo 3.-Obrigados ao pago**

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo, as persoas que accedan como espectadores a recintos municipais nos que se exhiban espectáculos escénicos descritos no apartado anterior.

**Artigo 4.- Importe**

O importe do prezo privado a satisfacer de forma directa polos usuarios do servizo de exhibición de artes escénicas é único e queda establecido en 10€ por entrada e espectador.

**Artigo 5.- Rexime de pagamento e xestión**

-As exhibicións de artes escénicas nas que os espectadores deberán aboar a entrada serán xestionadas pola compañía residente, que realizará o cobro das entradas de acordo con esta ordenanza.

-O prezo a satisfacer de forma directa polos usuarios do servizo, a razón de 10 euros por entrada , forma parte do prezo do contrato administrativo de servizos estipulado na cláusula 2 do Prego de cláusulas administrativas particulares do



contrato de referencia, polo que será recadado e a beneficio da compañía que xestione o servizo.

**Disposicion derradeira**

A presente Ordenanza entrará en vigor a partires do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

Teo, 19 de abril de 2016.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira

---

**Segundo.-** Expoñer o texto da Ordenanza ao público, durante trinta días mediante edicto no BOP, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións.

Se transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada.

No suposto de que se presentase algunha reclamación ou suxestión, éstas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación previa aprobación definitiva

**8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE TEO NO PROGRAMA DE AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR MUNICIPAL.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta de 20 de abril de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 25 de abril de 2016.

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Aprobación da participación do concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións do alumeado exterior municipal.**



Vista a Resolución do 28 de abril do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía, pola que se publica a Resolución do 24 de marzo de 2015, do Consello de Administración, pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas para a renovación das instalacións de alumeados exterior municipal (BOE nº 107, do 05/05/2015).

Considerando que o Concello contratou un inventario e auditoría da iluminación pública, cuxo orzamento ascende a 3.269.837,69 €, estudo do que se desprende a conveniencia de modificar o alumeados público a sistema led, xa que suporá un importante aforro nesta área.

Considerando a posibilidade de solicitar, ao abeiro da citada Resolución do 24 de marzo, un préstamo a tipo de xuro do 0%, e visto o informe emitido ao efecto pola Intervención municipal, con data 14 de abril de 2016.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro**.- Aprobar a participación do concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións de alumeados exterior municipal, e aceptar as súas bases reguladoras, establecidas pola Resolución de 24 de marzo de 2015, do Consello de Administración do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (BOE núm. 107, de 05/05/2015).

**Segundo**.- Aprobar a concertación da operación de préstamo reembolsable da axuda solicitada pola contía de 3.269.837,69 €, a un tipo de xuro do 0% e carencia de 12 meses, para financiar o proxecto descrito, comprometéndose a dotar a partida correspondente do Orzamento de 2017 do crédito necesario para o cumprimento das obrigas derivadas da amortización, que ascenderán a 326.983,76€ anuais.

**Terceiro**.- Aprobar a consideración do IDAE como acredor preferente, por razón da devandita operación de préstamo, polo que os pagamentos correspondentes á amortización do principal do mesmo, intereses de demora, ou eventuais penalizacións gozarán de lugar preferente na orde de prelación de pagos, tras os gastos de persoal,





no plan de disposición de fondos de tesourería do Concello de Teo, durante o período de vixencia do correspondente contrato de préstamo.

**Cuarto.-** Aprobar a Memoria descritiva das actuacións a acometer denominada “*Renovación de las instalaciones de alumbrado público del Concello de Teo. Año 2016*”, redactada pola enxeñeira industrial Fátima Pombo.”

Sinala a sra. Lemus que o tipo de xuro é cero a hai un ano de carencia, polo que se comezará a pagar no ano 2017. Cos cálculos económicos, tendo en conta o aforro de cambio de luminaria, se prevé que o préstamo se poderá pagar en 10 anos, existindo ademais un aforro. Suporá ademais un cambio nas condicións de mantemento no alumeado exterior, que actualmente ten un alto custo para o concello. Sinala a sra. Lemus que o modelo de proposta é o que ven do Ministerio, engadindo que se aproba a memoria descritiva, porque é o que se solicita o Ministerio, aínda que despois se inclúe o proxecto, que é máis completo que a memoria.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, formula as preguntas que se recollen a continuación.

1.- Pregunta o sr. Fernández polo tempo en que se vai a tardar en cambiar toda as luminarias e os cadros.

2.- Sinala o sr. Fernández que xa na Comisión informativa preguntou se se ia a quitar a licitación e se lle respostou que si, engadindo que tendo EN CONTA que haberá baixas, o préstamo non quedará nesas cantidades, porque esas cantidades serán o máximo, polo que entende que se solicitará menos cantidade.

3.- . Pregunta o sr. Fernández se se vai a cambiar todo ou se hai algunhas partes que se renovaron nos últimos anos que se van a manter.

4.- Pregunta o sr. Fernández se o aforro que se prevé será para amortizar o crédito ou se ese aforro se investirá noutras cuestións que se decida desde o goberno municipal o dende o Pleno.



5.- Pregunta se existe previsión de cantas luminarias das que se cambian haberá que volver a cambiar nestes 10 anos de duración do préstamo

6.- Pregunta se existen outras medidas de aforro previstas como por exemplo acudir as poxas de luz, como fixo o concello de Coruña, ou mirar polo cambio de provedor.

O sr. Fernández propón que se estuden outras fontes de enerxía, como a solar, para os edificios do concello, como por exemplo acaba de facer o concello de Tomiño para os campos de fútbol.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, e di que o seu grupo non se vai a opoñer á proposta porque se trata dunha cuestión que se leva perseguindo desde fai tempo. Lembra que incluso o sr. Guerra fixera todo o posible para conseguir da Deputación unha subvención que se puido investir nisto, engadindo que tampouco van a votar a favor porque se atopan ante a petición dun crédito superior a tres millóns de euros, non sendo ningunha tontería endebedarse nesa cantidade. Sinala o sr. Sánchez que lles chama a atención que agora se faga esta aposta, cando unha vez que o sr. Guerra conseguiu a subvención para aforro enerxético, o alcalde decidira investila noutra cousa e agora se quere optar por iso, chamándolle tamén a atención que as lámparas que se están renovando sexan de sodio e non de led, algo que tamén criticaron no seu momento.

O sr. alcalde di que entenden que este proxecto vai a supor unha mellora na seguridade das instalacións, porque supón a renovación de todos os cadros, algúns dos cales está en bastante mal estado. O tempo de substitución o ten que fixar o prego de prescricións técnicas, nos que xa se esta traballando polos servizos técnicos. Os cálculos están realizados, baseándose na auditoría enerxética, con bastante seguridade, deixándose incluso unha marxe de seguridade. Explica o sr. alcalde que os datos reflicten que o aforro vai a ser suficiente para pagar o crédito, existindo incluso algún remanente, sobre todo tendo en conta que se trata dunha situación variable, como o é o custe da luz. Sinala o sr. alcalde que non vai a afectar á totalidade dos puntos, salvo os cambiados ultimamente, de feito o número de puntos actuais e de en torno a 6.900 e o número de substitucións non chega a 6.000



A sra. Lemus, en relación co dito polo sr. Fernández, sinala que no proxecto existe unha planificación do tempo de licitación, procedemento, adxudicación, execución, etc, engadindo que está previsto en cinco ou seis meses de execución. Explica que unha vez licitado, hai que xestionar o préstamo e solicitar o máximo, independentemente da baixa que resulte da licitación. Sinala que as luminarias en bo estado e as recentemente cambiadas non se van a cambiar, sobre todo porque hai que ter en conta o límite dos catro millóns de euros. En canto ao aforro explica a sra. Lemus que o aforro esperado no ano cero é de 360.000 euros, entendéndose polas cálculos económicos da memoria que xa da unha diferenza de corenta e pico miles euros sen ningún tipo de baixa, polo que como mínimo haberá 50.000 € de aforro. Tratándose das luminarias a sra. Lemus di que se presupón que, tendo en conta o tipo de luminarias, non terán ningún problema en aguantar estes dez anos, e en todo caso requiriría labores de mantemento moi básicas. Aclara a sra. Lemus que si que se están estudando as poxas de luz así como tamén cambiar de provedor, e en canto á proposta de cambiar a enerxía solar nalgún edificio, ao non haber goberno non hai subvencións e os fondos europeos están paralizados en Madrid.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que tamén se fala dun estudo e pregunta que supuxo para o concello ese traballo de auditoría ou se foi gratuíto. Tratándose da proposta, sinala que é verdade que supón incrementar a débeda do concello, porén se trata dun investimento importante. Salienta o sr. Fernández que é importante porque é imprescindible xa que atende a unha cuestión fundamental, que é substituír as luminarias existentes e os cadro de luz, e reducir a factura de luz, que está en torno a 700.000 € euros anuais e tamén polo tema relacionado coa contaminación.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen di que, botando contas das cifras aportadas e dos puntos de luz que se están repoñendo, calcula que quedan entre trescentas e cincocentas sen repoñer, preguntando que parroquia quedan sen renovar as farolas.

A sra. Lemus di que se fixo o estudo non por parroquias senón tendo en conta como están os puntos de luz.



O sr. alcalde explica, en relación ao do aforro na contratación, que na Mancomunidade se está analizando facer unha contratación conxunta de todos os concellos da Comarca para aforrar.

A sra. Lemus, referíndose aos custes do concello, sinala que, sen dar cifras exactas, a auditoría cree que custou en torno a 20.000 €, a memoria entre 1.600 e 1700 €, o proxecto está calculado entre 50.000 € e 60.00 € e o Teo sostible é un contrato anual de 17.000 €, IVE engadido, incluíndo o persoal.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e seis abstencións (6 PP), acorda:**

**Primeiro**.- Aprobar a participación do concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións de alumeadado exterior municipal, e aceptar as súas bases reguladoras, establecidas pola Resolución de 24 de marzo de 2015, do Consello de Administración do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (BOE núm. 107, de 05/05/2015).

**Segundo**.- Aprobar a concertación da operación de préstamo reembolsable da axuda solicitada pola contía de 3.269.837,69 €, a un tipo de xuro do 0% e carencia de 12 meses, para financiar o proxecto descrito, comprometéndose a dotar a partida correspondente do Orzamento de 2017 do crédito necesario para o cumprimento das obrigas derivadas da amortización, que ascenderán a 326.983,76€ anuais.

**Terceiro**.- Aprobar a consideración do IDAE como acredor preferente, por razón da devandita operación de préstamo, polo que os pagamentos correspondentes á amortización do principal do mesmo, intereses de demora, ou eventuais penalizacións gozarán de lugar preferente na orde de prelación de pagos, tras os gastos de persoal, no plan de disposición de fondos de tesourería do Concello de Teo, durante o período de vixencia do correspondente contrato de préstamo.



**Cuarto.- Aprobar a Memoria descritiva das actuacións a acometer denominada “Renovación de las instalaciones de alumbrado público del Concello de Teo. Año 2016”, redactada pola enxeñeira industrial Fátima Pombo.**

**9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E PRÓRROGA TRANSITORIA DO CONTRATO POR UN ANO.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 21 de abril de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo de 25 de abril de 2016.

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Forma de xestión do “Servizo de conservación e mantemento do alumbrado público e instalacións municipais” e prórroga transitoria do contrato por un ano**

Considerando que con data de 25 de abril de 2012 asinouse o contrato do “Servizo de conservación e mantemento do alumbrado público e instalacións municipais”, entre o Concello de Teo e Electricidad Cruceiro SL por un período de tres anos, prorrogables por mutuo acordo ata un máximo total de seis anos.

Considerando que, mediante acordo plenario de 26 de marzo de 2015, dito contrato foi prorrogado por un ano, rematando o mesmo o 24 de abril de 2016.

Considerando que D. José Manuel Varela Carregal, en nome e representación da empresa Electricidad Cruceiro SL, mediante escrito do 19 de abril de 2016 (rex. de entrada nº 2888) solicitou a prórroga por un ano máis do contrato (en cumprimento da cláusula cuarta do contrato asinado o 25 de abril de 2012), prórroga que, habida conta da data de remate do contrato, foi preciso resolver mediante Decreto da alcaldía de 21 de abril de 2016 (res 310/16), sen prexuízo da súa ratificación plenaria.

Considerando que, tratándose do servizo de conservación e mantemento do alumbrado público, o concello debe decidir se mantén unha xestión indirecta ou se opta por unha xestión directa do servizo, de acordo co artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) e demais normativa aplicable.



Considerando que o goberno municipal estima que a xestión directa dos servizos públicos é a mellor forma de acadar a eficacia, sustentabilidade e eficiencia que a sociedade demanda dos servizos básicos, e que o servizo de conservación e mantemento do alumeado público e instalacións municipais é de titularidade e competencia municipal plena.

Considerando que a aprobación da participación do concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións do alumeado exterior vai modificar substancialmente as características deste servizo de mantemento, circunstancia que se deriva do “Inventario e auditoría enerxética das instalacións de iluminación pública no concello de Teo 2015” realizado por *ela. Ingeniería y medio ambiente*.

Considerando que, con carácter previo á determinación da forma de xestión do servizo, hai que ter en conta e dar cumprimento ao previsto no artigo 26.2 da LRBRL, segundo o cal nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes será a Deputación provincial a que “coordinará” a prestación, entre outros, do servizo de alumeado público, de acordo co previsto no artigo en cuestión.

Considerando que, ademais deste trámite, o proceso de asumir a xestión directa do mencionado servizo é complexo e longo, como se ten demostrado co servizo de abastecemento e saneamento de auga, e require dun longo proceso administrativo que atenda cuestións como persoal, medios, vehículos,...

En virtude do exposto, tomando en consideración o arriba indicado, e á vista do previsto no artigo 26.2 LRBRL, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro**.- Manifestar a vontade do concello de Teo de asumir a xestión directa do servizo de conservación e mantemento do alumeado público e instalacións municipais, iniciando os estudos e procedementos necesarios.

**Segundo**.- Remitir o presente acordo á Deputación Provincial, aos efectos de que preste a súa conformidade á posta en marcha do expediente encamiñado á determinación da forma de xestión do servizo.

**Terceiro**.- Ratificar o Decreto da alcaldía de 21 de abril de 2016 (res. 310/16), polo que se resolve prorrogar, transitoriamente, polo período de 1 ano, o contrato do servizo de conservación e mantemento do alumeado público e instalacións municipais asinado coa empresa Electricidad Cruceiro SL o 25 de abril de 2012, nas condicións establecidas no mesmo.”.



O sr. alcalde sinala que entendese que a Deputación non ten un servizo común, polo que non haberá problemas e a partir de aí se constituirá unha Comisión de técnicos e políticos para facer o estudo de análise de custos. Explica o sr. alcalde que inicialmente se pensaba en prorrogar o contrato ata final de ano, porén as prórrogas establecidas no contrato son anuais.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, non fai uso da súa quenda de intervencións.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o seu apoio á proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen di que en relación á municipalización dos servizos, neste caso, como no caso auga, non están en contra de que se municipalice, porén sií están en contra de cómo se fixo. Sinala que tendo en conta a chapuza que se fixo co tema da auga, non van a votar favorablemente. Xa se mantiveron moitos debates acalorados en relación co tema da municipalización do servizo da auga, polo que xa está todo dito, debates acalorados como o da auga, e como o do IBI. Dille ao sr. alcalde que cambiou o discurso porque o ano pasado dixo que non ia subir un so recibo e agora di que a catro mil recibos si lle vai a subir. Remata o sr. Sánchez a súa intervención pedíndolle ao sr. alcalde que cando lles conte algo aos veciños, lles conte todo.

O sr. alcalde sinala que, se non existira a regularización que aprobou o sr. Aznar e que levou á práctica o sr. Rajoy, a ningún veciño lle subiría o recibo con respecto ao que pagou no último ano.

O sr. alcalde sinala que sería interesante que algunha vez o sr. Sánchez clarificara porque o da municipalización se considera unha chapuza, xa que foi exemplar, sen un único problema e está sendo modelo para todo o conxunto do Estado.



Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, e sinala que xa está todo dito en relación ao tema da municipalización da auga. Di que non vai a sacar a relucir as novas que saíron esta última semana e, tratándose da municipalización, salienta que non teñen nada en contra e que so queren que se faga ben.

O sr. alcalde di que so vai aclarar un tema. Supón que o sr. Sánchez fala da tubaría, que non ten nada que ver co servizo de municipalización da auga, porén como se fala aínda que non se teña idea, así van as cousas.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e seis abstencións (6 PP), acorda:**

**Primeiro**.- Manifestar a vontade do concello de Teo de asumir a xestión directa do servizo de conservación e mantemento do alumeado público e instalacións municipais, iniciando os estudos e procedementos necesarios.

**Segundo**.- Remitir o presente acordo á Deputación Provincial, aos efectos de que preste a súa conformidade á posta en marcha do expediente encamiñado á determinación da forma de xestión do servizo.

**Terceiro**.- Ratificar o Decreto da alcaldía de 21 de abril de 2016 (res. 310/16), polo que se resolve prorrogar, transitoriamente, polo período de 1 ano, o contrato do servizo de conservación e mantemento do alumeado público e instalacións municipais asinado coa empresa Electricidad Cruceiro SL o 25 de abril de 2012, nas condicións establecidas no mesmo.

Sendo as vinte horas e corenta minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal.





## 10.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

O sr. alcalde da conta da proposta de 20 de abril de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 25 de abril de 2016.

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Considerando que, habida conta da renuncia presentada pola concelleira D.<sup>a</sup> María Salomé Beiroa Fernández, resulta preciso regularizar os nomeamentos dos representantes da corporación nos distintos órganos colexiados, acordados polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de 6 de xullo de 2015.

Visto o escrito da Consellería de educación e ordenación universitaria, de 12 de abril de 2016, polo que se solicita a proposta dun representante do concello para a comisión de escolarización do concello de Teo para o vindeiro curso 2016-17 (rex. entrada nº 791, de 15/04/2016).

Considerando que corresponde ao Pleno proceder ao nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Nomear aos/ás concelleiros/as que se detallan de seguido, como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares:

- Consello Escolar do IES de Cacheiras: D. José Francisco Nanín Castro
- Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado de Teo): D. José Francisco Nanín Castro
- Consello Escolar das Escolas Infantís Municipais: Dna. María del Pilar Pérez Fagil



**Segundo**.- Nomear como representante da Corporación na Xunta Local de incendios a D. Rafael Carlos Sisto Edreira.

**Terceiro**.- Nomear como representante da Corporación na Comisión de escolarización de Teo a D. José Francisco Nanín Castro.

**Cuarto**.- Dar traslado do presente acordo aos/ás concelleiros/as e notificalo aos órganos citados para o seu coñecemento aos efectos oportunos.”

Preguntada polo sr. alcalde, a portavoz do PSdeG-PSOE, o portavoz do grupo mixto e o portavoz do PP, non fan uso das súas quendas de intervención.

**Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro**.- Nomear aos/ás concelleiros/as que se detallan de seguido, como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares:

- Consello Escolar do IES de Cacheiras: D. José Francisco Nanín Castro
- Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado de Teo): D. José Francisco Nanín Castro
- Consello Escolar das Escolas Infantís Municipais: Dna. María del Pilar Pérez Fagil

**Segundo**.- Nomear como representante da Corporación na Xunta Local de incendios a D. Rafael Carlos Sisto Edreira.

**Terceiro**.- Nomear como representante da Corporación na Comisión de escolarización de Teo a D. José Francisco Nanín Castro.

**Cuarto**.- Dar traslado do presente acordo aos/ás concelleiros/as e notificalo aos órganos citados para o seu coñecemento aos efectos oportunos.



## **11.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE O ACORDO ENTRE A UE E TURQUÍA SOBRE A EXPULSIÓN DE PERSOAS REFUXIADAS EN EUROPA.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da moción de 11 de abril de 2016 (rex. entrada nº 2707), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 25 de abril de 2016.

### **“MOCIÓN DO GRUPO DE MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA e PSdG-PSOE SOBRE O ACORDO ENTRE A UE E TURQUIA SOBRE A EXPULSIÓN DE PERSOAS REFUXIADAS EN EUROPA**

O pasado 7 de marzo de 2016 asinábase en Bruxelas, no marco do cumio entre a Unión Europea e a República de Turquía, un acordo relativo á relocalización, devolución e confinamento en territorio turco e noutros países non comunitarios, de aproximadamente 160.000 persoas refuxiadas actualmente en tránsito en países membros da Unión Europea por mor dos conflitos armados e das inestables posguerras (Siria, Iraq, Afganistán), así como doutros problemas de pobreza, disparidade económica e de desenvolvemento. A cambio, a UE comprometeuse a acelerar os mecanismos de negociación e futura adhesión turca ao organismo comunitario, da exección de visados na Zona Schengen para a cidadanía turca e da concesión de créditos a Turquía, valorados en 3.000 millóns de euros, ampliables a outros 3.000 millóns a partir de 2018.

Neste sentido, o Goberno municipal de Teo anuncia a súa vontade de adherirse aos 11 puntos emanados do texto emitido o pasado 15 de marzo de 2016 por parte do Congreso dos Deputados do Estado español, aprobado por absoluto consenso por parte das forzas políticas parlamentarias, no que se expresa o rotundo rexeite “*á adopción de calquera acordo con Turquía que estableza, expresa ou indirectamente, a posibilidade de proceder a expulsións colectivas a territorio turco ou a calquera Estado non membro da UE*”.

Este texto enfatiza na necesidade de que o acordo entre a UE e Turquía “*conteña garantías no cumprimento da legalidade internacional e do respecto aos dereitos humanos*”, tomando en conta que o mesmo viola sistematicamente tanto a propia normativa comunitaria en materia de asilo e outros dereitos humanos, así como a Convención de Xenebra en materia de refuxiadas/os (1951), non sendo o protocolo suscrito por Turquía ata agora. Neste apartado, o goberno turco só recoñece como persoas refuxiadas á cidadanía europea, non así á poboación siria ou afgá.

Reiterando o seu compromiso pola defensa e preservación das liberdades e dos dereitos humanos, da solidariedade, de cooperación e do combate dos factores



orixinais que inciden nestas crises humanitarias, o Goberno municipal de Teo propón a través desta moción afirmarse na súa posición de rexeitamento a este acordo. O concello de Teo, volve tamén a amosar a súa repulsa ante calquera acto terrorista e inxerencia bélica levados a cabo en calquera lugar do mundo.

Por todos estes motivos, os grupos municipais de SONDETEO-ANOVA e PSdG-PSOE solicitan do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO:

1. Desde o 2014 a guerra de Siria é responsable do maior movemento de persoas refuxiadas desde a Segunda Guerra Mundial. A parálise institucional desde aquela altura na Unión Europea (UE) e nos seus Estados membros, produto dos xogos de guerra e xeopolítica, afondaron unha crise de persoas refuxiadas que se alimenta non só do conflito sirio, senón tamén do iraquí ou palestino. Conflitos enquistados onde a participación occidental ten sido abertamente recoñecida, se non promovida. Por tanto, o concello de Teo interpreta que a actual crise humanitaria é claramente unha consecuencia da implicación dos intereses xeopolíticos por parte dos centros de poder establecidos nos países desenvolvidos, así como doutros con importantes intereses estratéxicos en Oriente Próximo e o espazo euroasiático (Rusia).

2. É por tanto evidente que, ante o agravamento da violencia armada en Siria, as persoas refuxiadas vense na obriga de fuxir. Pero non é só a guerra en Siria, senón tamén o caos libio e o impacto doutros conflitos armados como o que vive Iemen. Rexeitamos, por tanto o intento de cualificar ou etiquetar globalmente ás persoas refuxiadas como “potenciais terroristas” ou hipotéticas portadoras de sementes de violencia e radicalización cara Europa, cando é de sobra coñecido que os verdadeiros terroristas funcionan a través de células ben organizadas (a maioría delas xa radicadas en territorio europeo

3. No cometido da crise humanitaria derivada das/os refuxiadas/os sirias/os, opoñémonos á proliferación de medidas restritivas e punitivas en materia de libre circulación de persoas, peche de fronteiras e maltrato aos dereitos humanos das persoas refuxiadas por parte de determinados gobernos europeos.. Así mesmo, hai que facer unha mención especial á situación das nenas e mulleres en tránsito, por estar sendo sometidas a vexacións e violencia sexual como pasaporte para entrar en Europa, segundo teñen denunciado diversas organizacións non gobernamentais. Cabe mencionar tamén os 10.000 menores desaparecidos nesta fuxida cara Europa, vítimas do tráfico de persoas, sen que as institucións europeas teñan tomado partido nesta problemática.

4. Igualmente, queremos manifestar a nosa preocupación polo ascenso político e electoral de partidos e movementos xenófobos e antiinmigración, como o acaecido co partido Alternative für Deutschland (“Alternativa para Alemaña”) nas eleccións realizadas en tres *länder* alemás o pasado 14 de marzo, motorizados pola crise das persoas refuxiadas.

5. Diante desta situación, a corporación municipal de Teo quere visibilizar o drama humanitario permanente nas fronteiras, particularmente nas europeas, denunciando as



gravísimas vulneracións de Dereitos Humanos coas persoas migrantes, xa sexan refuxiadas ou non. Hoxe hai no mundo máis de 50 millóns de persoas refuxiadas: na República Centroafricana, Sudán do Sur ou Congo, entre os países máis devastados. Hai que lembrar unha vez máis que cando a crise humanitaria actual saia da axenda televisiva, as persoas refuxiadas seguirán aí.

6. O concello de Teo, foi un dos concellos nos que a sociedade e administración se mobilizaron para acoller persoas refuxiadas, acción que representa exactamente o sentido contrario o espírito deste acordo.

7. A corporación municipal de Teo solicita á Unión Europea unha posición de maior firmeza e celeridade para acometer a crise das persoas refuxiadas. Compre así fomentar medidas eficaces de promoción da paz e solución de conflitos: solicitamos compromisos serios e non oportunistas coa Declaración de Dereitos Humanos”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que está de acordo coa moción, aínda que quere poñer de manifesto que sempre se fala dos refuxiados dende o punto de vista humanitario, porén o problema dos refuxiados manifesta dúas cuestións que son moi importantes. Os refuxiados son o efecto, e a causa son as guerras imperialista por intereses económicos e xeoestratéxicos. Fálase de Siria, porén tamén pasou en Libia, Irak, Afganistan e está pasando en moitos outros países, e a intervención militar estivo amparado por moitos partidos que gobernan ou que van a gobernar España. Di o sr. Fernández que tamén se pon de manifesto outra cuestión como é a de qué é a UE, algo que se ven denunciando dende sempre, engadindo que é algo que protexe intereses económicos e para a que as persoas non valen nada. Remata o sr. Fernández anunciando que vai a apoiar a proposta, engadindo que en todo caso resultaba preciso facer esta exposición pública que reflicte a postura do BNG e a súa persoal.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que todo o que afecte á vulneración de dereitos sempre van a estar de acordo.



Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**1. Desde o 2014 a guerra de Siria é responsable do maior movemento de persoas refuxiadas desde a Segunda Guerra Mundial. A parálise institucional desde aquela altura na Unión Europea (UE) e nos seus Estados membros, produto dos xogos de guerra e xeopolítica, afondaron unha crise de persoas refuxiadas que se alimenta non só do conflito sirio, senón tamén do iraquí ou palestino. Conflitos enquistados onde a participación occidental ten sido abertamente recoñecida, se non promovida. Por tanto, o concello de Teo interpreta que a actual crise humanitaria é claramente unha consecuencia da implicación dos intereses xeopolíticos por parte dos centros de poder establecidos nos países desenvolvidos, así como doutros con importantes intereses estratéxicos en Oriente Próximo e o espazo euroasiático (Rusia).**

**2. É por tanto evidente que, ante o agravamento da violencia armada en Siria, as persoas refuxiadas vense na obriga de fuxir. Pero non é só a guerra en Siria, senón tamén o caos libio e o impacto doutros conflitos armados como o que vive Iemen. Rexeitamos, por tanto o intento de cualificar ou etiquetar globalmente ás persoas refuxiadas como “potenciais terroristas” ou hipotéticas portadoras de sementes de violencia e radicalización cara Europa, cando é de sobra coñecido que os verdadeiros terroristas funcionan a través de células ben organizadas (a maioría delas xa radicadas en territorio europeo**

**3. No cometido da crise humanitaria derivada das/os refuxiadas/os sirias/os, opoñémonos á proliferación de medidas restritivas e punitivas en materia de libre circulación de persoas, peche de fronteiras e maltrato aos dereitos humanos das persoas refuxiadas por parte de determinados gobernos europeos.. Así mesmo, hai que facer unha mención especial á situación das nenas e mulleres en tránsito, por estar sendo sometidas a vexacións e violencia sexual como**



pasaporte para entrar en Europa, segundo teñen denunciado diversas organizacións non gobernamentais. Cabe mencionar tamén os 10.000 menores desaparecidos nesta fuxida cara Europa, vítimas do tráfico de persoas, sen que as institucións europeas teñan tomado partido nesta problemática.

4. Igualmente, queremos manifestar a nosa preocupación polo ascenso político e electoral de partidos e movementos xenófobos e antiinmigración, como o acaecido co partido *Alternative für Deutschland* (“Alternativa para Alemaña”) nas eleccións realizadas en tres *länder* alemás o pasado 14 de marzo, motorizados pola crise das persoas refuxiadas.

5. Diante desta situación, a corporación municipal de Teo quere visibilizar o drama humanitario permanente nas fronteiras, particularmente nas europeas, denunciando as gravísimas vulneracións de Dereitos Humanos coas persoas migrantes, xa sexan refuxiadas ou non. Hoxe hai no mundo máis de 50 millóns de persoas refuxiadas: na República Centroafricana, Sudán do Sur ou Congo, entre os países máis devastados. Hai que lembrar unha vez máis que cando a crise humanitaria actual saia da axenda televisiva, as persoas refuxiadas seguirán aí.

6. O concello de Teo, foi un dos concellos nos que a sociedade e administración se mobilizaron para acoller persoas refuxiadas, acción que representa exactamente o sentido contrario o espírito deste acordo.

7. A corporación municipal de Teo solicita á Unión Europea unha posición de maior firmeza e celeridade para acometer a crise das persoas refuxiadas. Compre así fomentar medidas eficaces de promoción da paz e solución de conflitos: solicitamos compromisos serios e non oportunistas coa Declaración de Dereitos Humanos.

## **12.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA EVITAR A INSTALACIÓN DE PIROTECNIAS EN SOLO RÚSTICO.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 18 de abril de 2016 (rex. entrada nº 2.924), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de



urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 25 de abril de 2016, sinalando que, ao tratarse dunha moción conxunta, vai a proceder á lectura da mesma.

*“O 13 de febreiro de 2006 produciuse a explosión da Pirotecnica ubicada en Solláns, tras un incendio acaecido nunha das casetas existentes, que provocou danos en máis de 90 casas, nun radio de 800 metros, e unha grave alarma social.*

*Durante estes 10 anos, o Concello empregou todos os mecanismos legais existentes nun primeiro momento para evitar a reapertura da pirotecnica existente, amparándose en que as obras non eran legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico vixente.*

*Tras as reformas da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia nos anos 2010 e 2012, a normativa urbanística galega permitiu a actividade da pirotecnica en solo rústico. Ante estas reformas, o Concello optou por procurar un maior grado de protección en solo rústico para certos usos e actividades.*

*A propia lei permitía, naquel momento, a través dunha modificación xustificada, a regulación das condicións de distancia para a implantación de instalacións de pirotecnica, respecto ás vivendas e núcleos de poboación de forma análoga á regulación contida na LOUGA para as explotacións gandeiras.*

*Desta forma o Pleno da corporación, en data 27 de marzo de 2014, acordou aprobar inicialmente a modificación do PXOM que afectaba á regulación de usos de solo rústico, e no Pleno de data 19 de novembro de 2015, procedeuse a aprobación provisional da devandita modificación.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o 19 de marzo deste ano, provocou que o contido da modificación proposta devenise non aplicable por mor do novo réxime establecido nesta Lei.*

*A disposición transitoria 1ª.1.d) da Lei 2/2016 establece que para o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á súa entrada en vigor e adaptado á*





*LOUGA (como é o caso do PXOM de Teo), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016 para o solo rústico, e sen poder establecer maiores limitacións no solo rústico, máis que a través da categorización ou de plans especiais de protección.*

*En data 30/03/2016, a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ditou resolución na que se archivaban as actuacións realizadas relativas á modificación puntual do PXOM de Teo, pola desaparición sobrevida do obxecto que constituía o fundamento da modificación proposta.*

*Desde a entrada no Rexistro Xeral desta resolución, os servizos técnicos e xurídicos están a procurar unha saída legal a esta situación, a fin de poder contar cunhas maiores restriccións para a actividade de pirotecnia no solo rústico do noso Concello.*

*Nas circunstancias actuais, onde a normativa vixente deixa pouca marxe de manobra ao Concello, entendemos que é o momento de reafirmar o posicionamento desta Corporación, amosado en múltiples ocasións. Por iso, acordamos:*

- 1.- COMPROMETERNOS a adoptar as iniciativas oportunas e necesarias, sempre cumprindo a legalidade existente, co fin de evitar que as pirotecnias podan instalarse no solo rústico do noso Concello sen unhas distancias mínimas de seguridade.*
- 2.- AMOSAR o noso apoio a todas as iniciativas que desde a sociedade teense se leven a cabo neste tema.*
- 3.- CONVOCAR a Comisión especial de seguimento da explosión da pirotecnia de Solláns, coa participación de representantes de todas as forzas políticas con representación no Concello e da Asociación de veciños, para explorar de forma conxunta as vías de acción política e legal neste tema.*
- 4.- SOLICITAR unha reunión con todas as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia a fin de obter o compromiso da modificación da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a fin de voltar á regulación anterior para permitir as maiores restriccións en solo rústico determinadas polos Concello, en uso da súa autonomía local”.*



Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que o tema está claro, engadindo que a moción tiña que ser algo máis crítica coa actuación política do Partido Popular.

Sendo as vinte horas e cincuenta e seis minutos, sae do Salón de Plenos a concelleira de Son de Teo-ANOVA, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Pérez Fagil.

Explica o sr. Fernández que en febreiro de 2016 o Parlamento galego aproba a nova Lei do solo permitindo a apertura de pirotecnias e outras instalacións perigosas en solo rústico, cunhas distancias das vivendas irrisorias. Sinala que despois de dez anos sen a pirotecnia, dicir que vai a abrir no mesmo lugar, non parece de recibo. Quere poñer de manifesto o sr. Fernández que a causa é a nova Lei do solo, e pídelle ao concello que faga todo o posible para apoiar aos veciños/as de Teo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que dende o ano 2010, coas diferentes reformas, e agora coa nova Lei do solo, as pirotécnicas, como outro usos, se abriron ao solo rústico.

Sendo as vinte horas e cincuenta e oito minutos, entra no Salón de Plenos a concelleira de Son de Teo-ANOVA, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Pérez Fagil.

Salienta a sra. Lemus que é buscado polo propia Consellaría, que buscou un modelo cun solo rústico igual para todos os concellos. A sra. Lemus sinala que, independentemente de Solláns, actualmente poderá ubicarse en calquera parte do concello en todo tipo de solo rústico. Segundo esta nova lei o solo rústico acaba sendo un caixón desastre para todo tipo de actividades que non se desexan noutro tipo de solo. Salienta a sra. Lemus que é verdade que se seguen buscando saídas legais, aínda que cada vez é máis complicado buscar unha saída legal que se tiña na man, e ata o 18 de marzo era posible e coa entrada en vigor da nova lei do solo, o 19 de marzo, non é posible. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que cree que a presión social e política pode ter algún resultado.



Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen di que a veciñanza xa comprobou o talante democrático do sr. alcalde e como encaixa as críticas das voces discordantes. Nestes momentos, tan deficitarios de concordia política, cando se propón facer unha moción conxunta así non queda máis remedio que apoiala, como lle fixo saber á sra. Lemus en canto llo comentou, agradecéndose o ton no que estaba redactada. Sinala que poden estar máis ou menos de acordo nalgúns puntos, porén o espírito xeral da moción é o da protección da veciñanza, tendo que primar neste caso os intereses dos veciños por enriba do tacticismo político. Di o sr. Sánchez cando se propuxo facer esta moción conxunta, propuxeron que se incluíse acordar a convocatoria da Xunta Local de Seguridade, e finalmente se dixo que non existiu acordo ao respecto e non se incluíu polo que quería saber o posicionamento de cada un dos grupo políticos ao respecto.

O sr. alcalde sinala que se se leen as competencias da Xunta Local de Seguridade, no proceso previo a que ocorra unha catástrofe, e bastante pouco máis que prever medidas de seguridade en casos de explosión, cando o que se pretende é evitar que a pirotecnia teña actividade, por iso non lle ven sentido á convocatoria da Xunta Local de Seguridade.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que falar da Xunta Local de Seguridade, cando se fala de pirotecnia xa lle da algo de medo e habería que preguntarse para qué. Pregunta o sr. Fernández se a pirotecnia é unha actividade perigosa e sinala que neste caso sería perigosísima se hai que reunir a Xunta Local de Seguridade, e pregunta que habería que acordarse alí. Explica o sr. Fernández que se se quere convocar a Xunta Local de Seguridade e se pensa que é mellor, non hai problema.

Di o sr. Fernández que el tamén quere que os concelleiros do PP digan publicamente que lle van a pedir ao seu partido que modifique a Lei que aprobou o PP no Parlamento galego en febreiro de 2016.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que, tratándose da Xunta Local de Seguridade, xa lle dixo ao sr. Sánchez, telefonicamente, que non había problema en incluír a Xunta Local de Seguridade, aínda que competencialmente non ten moito que



ver esa convocatoria cunha actividade que aínda non está en funcionamento, en todo caso se se consegue algún tipo de resultado a ela lle da igual. Considera a sra. Lemus que non é so unha cuestión de preocupación veciñal senón de posicionamento político fronte a cada vez menor autonomía municipal. Espera a sra. Lemus que o consenso nesta cuestión se manteña no tempo porque esta loita vai a ser difícil e longa, tomándose por todos as medidas máis oportunas en beneficio da veciñanza.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, e di que é un tema moi sensible e que lamentan que dende o primeiro momento se intentase facer política con esta cuestión. Salienta o sr. Sánchez que se lles pedira, na Xunta de Portavoces, prudencia e inmediatamente despois se convocou unha rolda de prensa para darlle bombo e platillo ao asunto. Sinala que o que fixeron, ante esa petición de prudencia, por lealdade institucional á alcaldía, foi calarse e deixar que a alcaldía actuase sen entrometerse na cuestión. Opina o sr. Sánchez que lles chamou a atención que se tivese máis presa en convocar unha rolda de prensa que en iniciar as xestións, politizándose o tema. Sinala o sr. Sánchez que os veciños teñen que saber que, a modo de resorte, sempre a alcaldía cando non ten forma de saír dun asunto, o que fai é botarlle a culpa á Xunta e ao Partido Popular. Opina o sr. Sánchez que é máis rendible botarlle a culpa á Xunta que poñerse a traballar, parecéndolle mal que se engane así á veciñanza.

Pensa o sr. Sánchez que o diagnóstico da cuestión está mal intencionado, xa que o problema non é se a pirotécnica está en solo rústico ou non, a pirotecnia non explotou por estar en solo rústico, senón por razóns de seguridade, e a proposta de solución que se fai é mal intencionada. Considera o sr. Sánchez que agora todo o mundo se rasga as vestiduras coa Lei do solo, porén durante a tramitación da mesma non escoitou nin unha soa proposta de AGE sobre as pirotecnias. Considera o sr. Sánchez que se tan preocupado estaba o sr. alcalde habería que preguntarse como se explica isto aos veciños. Di o sr. Sánchez que lle sorprende que se queira cambiar algo no que non ten competencias, e pídelle ao sr. alcalde que se lle explique aos veciños porque non descolgou nin unha soa vez o teléfono en nove anos para falar cos responsables da pirotecnia e buscar unha solución definitiva.



Salienta o sr. Sánchez que todos queren unha solución, pero unha solución definitiva, e pensan que esta que se propón non o é, aínda que a van a apoiar.

Reitera o sr. Sánchez que, que por enriba da moción, queren unha solución definitiva, engadindo que o que se fixo foi por parches, porque se sabía que isto podería cambiar en calquera momento que cambiase a lexislación. Pídelle o sr. Sánchez ao sr. alcalde que isto non se politice e que fale con quen teña que falar e se reúna con quen teña que reunirse, poñéndose mans a obra se de verdade lle preocupa o tema, dunha vez por todas, despois de nove anos no goberno.

O sr. alcalde opina que resulta difícil facer unha moción conxunta co Partido Popular, especialmente co sr. Sánchez, supoñendo un sacrificio grande. Opina o sr. alcalde que non ten sentido sacar cuestións que non teñen nada que ver, que xa están debatidas, engadindo que o sr. Sánchez o fai a propósito, cunha actuación perversa e pouco honesta cos demais, cando non ten argumentos para definir o que está facendo e o que está dicindo. Pregúntalle o sr. alcalde ao sr. Sánchez para que quere que falen cos propietarios e que quere que lle dean, pregúntalle cales son as solucións para que se vaia de aí, engadindo que é jorobado falar de prevaricación cando cho preguntan directamente. Salienta o sr. alcalde que isto non é un problema de seguridade, xa que a seguridade ven despois, a seguridade é que a pirotecnia este onde este cando reventa se leva por diante aos traballadores que están alí traballando como ocorreu en moitos sitios, porén cando se trata de poñer a cen casas un polvorín debaixo dos pés iso non é seguridade é tolemia, e iso non o salva Xunta de Seguridade ningunha. Considera o sr. alcalde que é jorobado dicir que sabían que iso podía suceder, e pode ocorrer porque o PP goberna o país porque teñen maioría no Parlamento e son capaces de facer estas cousas.

Explica o sr. alcalde que o que impide que o concello poida actuar é unha disposición transitoria final da Lei, porque así é como fai o PP as cousas. O sr. alcalde di que se politizar o tema é dicirlle aos veciños o problema que poden ter e intentar que se activen, por crer que así é a única forma de parar isto, claro que politizan a historia. Porén entende por politizar establecer unha discrepancia ideolóxica sobre algo, si se vai a xunto dos veciños advertíndolle que tomen as medidas e intenten prepararse para



isto, sen intentar facer sangue con ninguén, iso non é politizar. Remata o sr. alcalde reiterando que isto non é politizar, engadindo que si o é, claro que politizan a e moita honra.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

- 1.- COMPROMETERNOS a adoptar as iniciativas oportunas e necesarias, sempre cumprindo a legalidade existente, co fin de evitar que as pirotecnias podan instalarse no solo rústico do noso Concello sen unhas distancias mínimas de seguridade.**
- 2.- AMOSAR o noso apoio a todas as iniciativas que desde a sociedade teense se leven a cabo neste tema.**
- 3.- CONVOCAR a Comisión especial de seguimento da explosión da pirotecnia de Solláns, coa participación de representantes de todas as forzas políticas con representación no Concello e da Asociación de veciños, para explorar de forma conxunta as vías de acción política e legal neste tema.**
- 4.- SOLICITAR unha reunión con todas as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia a fin de obter o compromiso da modificación da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a fin de voltar á regulación anterior para permitir as maiores restricións en solo rústico determinadas polos Concello, en uso da súa autonomía local.**

### **13.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto décimo cuarto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, anuncia que, por distintos motivos, hai tres mocións do grupo de goberno, aclarando que deberá procederse primeiro a xustificar e votar a urxencia de cada unha delas para despois pasar ao desenvolvemento das mocións.

**13.1.- Moción do PSdeG-PSOE sobre aprobación do proxecto da obra “Acondicionamento e reparación dos pavillóns polideportivos da Ramallosa, Os Tilos e locais do Xulgado de Paz e Policía Local” (PAS 2015).**



O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus explica que se está buscando unha figura legal para evitar isto de someter continuamente estes temas ao Pleno, porén unha vez redactado un modificado a Deputación esixe a aprobación polo órgano competente, por iso ten que someterse a Pleno, estando relacionada a urxencia co prazo de oito días do que se dispón.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por maioría dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do PSdeG-PSOE sobre aprobación do proxecto da obra “Acondicionamento e reparación dos pavillóns polideportivos da Ramallosa, Os Tilos e locais do Xulgado de Paz e Policía Local” (PAS 2015).**

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo, de 28 de abril de 2016, que se recolle a continuación.

**“MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA  
“ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DOS PAVILLÓNOS POLIDEPORTIVOS DA  
RAMALLOSA, OS TILOS E LOCAIS DO XULGADO DE PAZ E POLICÍA LOCAL”  
(PAS 2015)**

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 15 de decembro de 2015, acordou participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a aplicación da subvención asignada a investimentos financeiramente sostibles de acordo co financiamento que se especifica no acordo en cuestión, aprobando os proxectos e as memorias das obras e facultando ao sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo plenario e o correspondente expediente.



Considerando que no citado plan incluíronse, entre outras, a obra de “Acondicionamento e reparación dos pavillóns polideportivos da Ramallosa, Os Tilos e locais do Xulgado de Paz e Policía Local”.

Considerando que, remitida á Deputación Provincial a documentación correspondente, realizáronse, a través da plataforma SUBTEL, diversos requirimentos de subsanación da documentación presentada na convocatoria do PAS 2015, referíndose dita subsanación, no caso da obra citada, á necesidade de presentar proxecto técnico e non memoria valorada e ao capítulo 2 de orzamento.

Considerando que, corrixidas as deficiencias sinaladas, o proxecto debidamente corrixido por remitido, a través da plataforma SUBTEL, á Deputación Provincia da Coruña.

Considerando que resulta preciso, de acordo co comunicado verbalmente pola Deputación, unha aprobación do proxecto correspondente polo órgano competente.

En virtude do exposto, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Aprobar o proxecto da obra “Acondicionamento e reparación dos pavillóns polideportivos da Ramallosa, Os Tilos e locais do Xulgado e Paz e Policía Local”.

**Segundo**.- Remitir á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 28 de abril de 2016

A Portavoz do PSdeG-PSOE

Uxía Lemus de la Iglesia”

**Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**





**Primeiro.-** Aprobado o proxecto da obra “Acondicionamento e reparación dos pavillóns polideportivos da Ramallosa, Os Tilos e locais do Xulgado e Paz e Policía Local”.

**Segundo.-** Remitir á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**13.2.- Moción do PSdeG-PSOE sobre aprobación do proxecto da obra “Colector Espasande a Insúa “ (PAI 2016).**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus explica que a urxencia responde á mesma razón e ao mesmo argumentario que antes, xa que se dispón de 10 días para subsanar.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por maioría dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do PSdeG-PSOE sobre aprobación do proxecto da obra “Colector Espasande A Insúa” (PAI 2016).

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo, de 28 de abril de 2016, que se recolle a continuación.

**“MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA  
“COLECTOR ESPASANDE A INSUA” (PAI 2016)**

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria de 15 de marzo de 2016, acordou participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a aplicación de parte do préstamo provincial asignado á obra de Colector Espasande - A Insua, aprobando o proxecto correspondente,



facultando expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo plenario e o correspondente expediente.

Considerando que, remitida á Deputación Provincial a documentación correspondente, e sen prexuízo de requirimentos anteriores, con data de 28 de abril de 2016, remitiuse pola citada Deputación un requirimento a través da plataforma SUBTEL de subsanación de deficiencias relacionadas co carácter non subvencionable da unidade de obra U14SAMB e coas unidades de obra que estean relacionadas coa carga, transporte, canón xestión..., deben facerse os cálculos no anexo de Xestión de residuos da demolición e construción da obra e non en unidades de obra independentes no documento do Orzamento, requirimento que foi matizado telefonicamente.

Visto o proxecto presentado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, D. Xaquín Beiroa Raposo (IDOM), con data de 28 de abril de 2016, coas correccións indicada (rex. entrada nº 3.115).

En virtude do exposto, e considerando a necesidade de dar cumprimento aos prazos establecidos pola Deputación Provincial, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Aprobado o proxecto da obra de Colector Espasande-A Insúa (rex. entrada nº 3.115, de 28/04/2016).

**Segundo**.- Remitir á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 28 de abril de 2016

A Portavoz do PSdeG-PSOE

Uxía Lemus de la Iglesia”

O sr. alcalde aclara que este modificado se aproveitou para incorporar unha petición que se fixera no Pleno que se votara que afectaba a un propietario.

**Pregunta polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso da súas qeundas de intevención.**



Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto da obra de Colector Espasande-A Insúa (rex. entrada nº 3.115, de 28/04/2016).

**Segundo.-** Remitir á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**13.3.- Moción de Son de Teo-ANOVA e PSdeG-PSOE sobre o rexeitamento das reválidas que propón a LOMCE (rex. entrada nº 3075, de 27/04/2016).**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de cultura e educación, D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

A sra. Pérez explica que a urxencia é porque pensaban que a revalida non se ía a facer, porén se vai a facer os primeiros días de maio.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e seis en contra (6 PP) e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción de Son de Teo-ANOVA e PSdeG-PSOE sobre o rexeitamento das reválidas que propón a LOMCE.**

A sra. Pérez da lectura á moción do grupo municipal de Son de Teo-ANOVA e PSdeG-PSOE sobre o rexeitamento das reválidas que propón a LOMCE, de 27 de abril de 2016 (rex. entrada nº 3.075).

***“MOCIÓN DO GRUPO DE MUNICIPAL DE SON DE TEO - ANOVA e PSdG-PSOE SOBRE O REXEITAMENTO DAS REVÁLIDAS QUE PROPÓN A LOMCE***

*A LOMCE foi a lei de educación que levantou máis controversia e oposición social das aprobadas na historia do noso país. Unha lei que o Partido Popular aprobou en solitario, en contra de todas as organizacións sociais e políticas, fronte a toda a comunidade educativa e co rexeitamento xeneralizado de toda a sociedade civil.*



*Pola súa banda, o Goberno Galego está renunciando a exercer as súas competencias en materia educativa e asumindo de forma submisiva o contido literal da LOMCE.*

*As reválidas de 3º e 6º de Primaria e de 4º da ESO e 2º de Bacharelato son unha das medidas que propón a LOMCE, unha lei cuxa paralización foi aprobada no Congreso con 182 votos e 143 en contra e sobre as que hai un compromiso dunha maioría de forzas políticas para a súa definitiva derogación. Non é lóxico someter ao alumnado de 3º e 6º de primaria a unha proba cunha finalidade pouco clara e un futuro máis ca incerto.*

*As reválidas de 3º e 6º de Primaria e de 4º da ESO e 2º de Bacharelato, ao realizarse de forma externa, estandarizada e puntual opóñense á concepción da avaliación como un proceso continuo e formativo que ten en conta as peculiaridades do alumnado, o seu traballo e o seu esforzo ao longo dun determinado período de tempo. Introducen deste xeito un elemento selectivo e segregador que deixa de lado o carácter integrador e garante da igualdade de oportunidades que o ensino debe ter.*

*O cuestionario realízao o Ministerio de Educación a través dunha empresa privada, o que uniformiza a avaliación do estudantado a nivel estatal, obviando a realidade cultural e xeográfica galega.*

*Estas probas producen desconfianza cara o profesorado, xa que non vai ser quen ten docencia directa co alumnado quen vai avaliar. Van producir tamén unha degradación dos contidos e das metodoloxías: acabárase estudando o que entra no exame e centrárase o tempo e o esforzo en preparar o alumno para resolver as probas.*

*A reválida de 6º, supostamente con carácter orientador, está a xerar inseguridade e incerteza entre o alumnado e as súas familias pola falta de información que neste intre hai. A lei fala de que non ten carácter académico pero que se vai incorporar ao expediente dos alumnos e alumnas. Semella que se vai utilizar o alumnado e as súas probas para obter uns datos, que non está moi claro se serán públicos ou non, que van permitir establecer categorías de colexios en función dos resultados sen ter en conta o contexto sociocultural de cada un.*



*As reválidas de 3º e 6º de Primaria están a producir desaxustes na organización dos centros de ensino pola falta de información. A día de hoxe só está publicado un borrador onde se recollen as instrucións para a súa aplicación no que hai moitos elementos sen clarificar.*

*Este procedemento está a producir un rexeitamento total por parte de toda a comunidade educativa, sobre todo por parte das familias a través da Confederación de Anpas Galegas que considera que a proba está a xerar unha tensión e un nerviosismo absolutamente innecesarios.*

*Despois da experiencia coa reválida do curso pasado e se, como di a Administración, a proba de reválida só ten carácter informativo para coñecer a situación do sistema educativo pero non implica necesariamente establecer mecanismos correctores dos problemas que se detecten (maior dotación de profesorado, de medios, diminución da ratio, ...), só nos queda subliñar que estamos ante unha proba confusa e inxusta pero, sobre todo, inútil.*

*Por todos estes motivos, os grupos municipais de SONDETEO-ANOVA e PSdG-PSOE solicitan do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

**Acordo:**

*Primeiro: instar ao Ministerio de Educación a paralizar a aplicación das revalidas de 3º e 6º de Educación Primaria previstas para este curso e achegar os recursos precisos para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses e motivacións presentes nas aulas galegas, incluíndo a avaliación continua do alumnado e o deseño das correspondentes medidas de atención á diversidade.*

*Segundo: que se manteña o compromiso, adoptado pola maioría de forzas políticas do Congreso dos Deputados, para a súa definitiva derogación.*

*Teo, 27 de abril de 2016-04-27*

*Portavoz de SondeTeo-Anova*

*Ignacio Iglesias*

*Portavoz do PSdeG-PSOE*

*Uxía Lemus”*



Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que simplemente quere dicir que a moción coincide coas reivindicacións manifestadas dende fai tempo dende o nacionalismo, engadindo que seguirán insistindo na necesidade de derrogar toda a LOMCE.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, quen aclara que non votaron a favor da urxencia porque lle sorprende que unha concelleira con competencias no goberno non soubera se este curso se ia a implantar ou non, porque a propia LOMCE xa o establecía nas súas disposicións transitorias, o Real Decreto de curriculum básico, xa o establecía, o Decreto 105/2014 xa dicía que ia a ser este curso, polo que non sabe a que ven esta dúbida, que engade lle sorprende. Di o sr. Sánchez que tamén lle sorprende que se presente esta moción porque supón estar en contra da Lei orgánica de educación aprobada polo partido socialista no ano 2006. O artigo 20 da LOE establecía que se faría unha avaliación de terceiro de primaria, que non tería efectos académicos e se analizarían competencias académicas, e fíxose e levouse a cabo, e ningún presentes se opuxo, e agora se opoñen, a pesar de ser idéntica. Pregunta o sr. Sánchez a que ven este *paripe*. Di que non o entende e non van a apoiar a moción porque lles parece carente de toda lóxica e lles sorprende que a apoie o PSOE porque supón están en contra da LOE, que fixo o propio o partido socialista, e das reválidas que este partido propuxo coa LOE.

O Sr. alcalde cede a palabra a D. José F. Nanín Castro.

O sr. Nanín di que a cuestión é que a urxencia ven pola falta de información. Evidentemente a LOMCE está aprobada fai tempo, porén as instrucións que se deron aos centros académicos colgáronse onte na páxina web da Consellería, houbo un borrador que estivo colgado dende mediados da semana pasada, e non se sabía moi ben. Ese borrador ten un montón de cousas que chocan coa LOMCE, como por exemplo que na LOMCE se fala de docencia externa, e nas instrucións se di que a avaliación se fará por parte de profesorado do propio centro que non teña docencia directa co grupo de alumnos, non se fala xa de docencia externa. Explica o sr. Nanín



que efectivamente se fixeron unhas avaliacións, porén eran unhas avaliacións de diagnóstico, onde aos nenos se lle pasaban probas en todas as competencias e eran anónimas e nunca se requiría a identificación do alumno. Esas probas, que se fixeron sen problema ningún en todos os centros, arroxbaban uns resultados que volvían outra vez ao propio centro, e na maioría dos centros se adoptaron medidas para corrixir aqueles posibles erros que houbo. Agora fálase da avaliación externa da LOMCE, que vai a aparecer no expediente académico do alumno, non ten validez académica para que o neno pase ou non a secundaria, pero si aparece no seu expediente, polo que as probas non van a ser anónimas. Salienta o sr. Nanín que outra cuestión fundamental, e de aí ven a vía de urxencia, é que a día de hoxe non se sabe que se vai a facer o día 11 cos nenos que teñan o curriculum adaptado, porque non se lles di, se di que o profesorado deses alumnos vai a ser o encargado de elaborar unhas probas, e punto. A diferenza entre unha e outra avaliación son moi evidentes. Por parte do profesorado, das organizacións sindicais e asociacións de pais non houbo ningunha oposición á avaliación de diagnose á que se referiu o sr. Sánchez e sobre esta hai moita oposición de todas as asociacións de pais porque non se sabe que se vai a facer cos datos. Non sabe o sr. Nanín se o que xera máis inseguridade e incerteza non serán as contradicións, porque se se van a publicar, que se publiquen, pero non está claro e non se sabe moi ben que vai a pasar, e de aí a urxencia de presentar a moción.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Sánchez, e di que pode estar de acordo co tema da falta de información porén iso non é o que pon a moción, que é un alegato en contra das reválidas dos centros, engadindo que pasa exactamente o que pasou coa LOE. Pregúntalle o sr. Sánchez ao sr. Nanín se lembra de que data é a orde de avaliación do goberno bipartito, aclarando o sr. Sánchez que é do 21 de decembro de 2007, e dicir que a Orde saíu tres días despois de que se avaliara ao alumnado e agora se queixan de que teñen mes e pico de marxe, engadindo que lle parece incoherente. Remata o sr. Sánchez a súa intervención sinalando que a finalidade das reválidas é a



mesma, compensar as desigualdades que poidan existir nos centros educativos, e anunciando o voto en contra do seu grupo.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e seis votos en contra (6 PP), acorda:**

**Primeiro: instar ao Ministerio de Educación a paralizar a aplicación das revalidas de 3º e 6º de Educación Primaria previstas para este curso e achegar os recursos precisos para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses e motivacións presentes nas aulas galegas, incluíndo a avaliación continua do alumnado e o deseño das correspondentes medidas de atención á diversidade.**

**Segundo: que se manteña o compromiso, adoptado pola maioría de forzas políticas do Congreso dos Deputados, para a súa definitiva derogación.**

**Teo, 27 de abril de 2016-04-27.**

Antes de entrar no punto décimo cuarto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha outra moción de urxencia, sen que se presente ningunha máis polos grupos municipais.

#### **14.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Di o sr. Fernández que se está facendo a senda que vai de Solláns a Vilar de Calo e hai unha demanda veciñal, xa transmitida ao goberno municipal, de aumentar o diámetro das tubaxes para evitar que a auga suba pola estrada cando chove moito. Supón o sr. Fernández que xa falarían coa sra. Lemus.





Sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos sae do Salón de Plenos a concelleira do PP, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Nariño Facal, que se incorpora pasados dous minutos.

A sra. Lemus asinte e di que xa faláron con ela, e co sr. Moñino, co xefe de obra, co director de obra e co propio contratista, aínda que cree que non é tanto o diámetro da tubaxe como colocar unha tubaxe nunha parcela privada para embocar na tubaxe municipal e o director de obra non ten unha postura moi favorable a esa cuestión, pero aínda hai que discutilo.

2.- O sr. Fernández di que en Luou falouse de pedir un orzamento para conectar as casas da Choupana coa rede de Bustelo e pregunta como está o tema.

Di a sra. Lemus que de momento se está mirando e non hai nada, ata que haxa orzamento.

3.- Pregunta o sr. Fernández cando vai a comezar a construír a beiravía de Luou.

A sra. Lemus resposta que cando se remate a de Solláns.

4.- O sr. Fernández di que quere comunicar unha queixa veciñal, en Lampai, sobre o mal estado da marquesina que está na Ventureira, para que se mire dende o goberno municipal de cambiala por outra en bo estado.

O sr. Francos di que xa está encargada unha para Augas Mansas, onde hai dúas alá arriba, porque son distintas e non casan nada ben, porén como están ben unha vaise mandar para Ventureira, e outra para o cruce de Recesende, pero está en construción polo que tardará uns días.

5.- O sr. Fernández di que saíu na prensa estes días unha noticia sobre a aparición de aluminio na rede de abastecemento de auga nun tramo que aínda non está en funcionamento. Pregunta o sr. Fernández que está pasando e se se instalaron tubos dese tipo noutras obras do concello. Pide o sr. Fernández que se faga unha revisión da



obras de abastecemento de auga feitas por esa empresa, da que se fala, para ver se se poden fiar da calidade, é dicir de si cumpre, ou se se está falando dun problema grave.

O sr. alcalde di que se trata dun problema puntual que so afecta única e exclusivamente a ese tramo de condución nova, aínda que é moi importante porque está hipotecando o servizo en toda a zona de Teo, Vilariño, e demais, polo que é importante polo tema da repercusión. Aclara que estas tubarías nunca entraron en funcionamento. Considera o sr. alcalde que se lles pode achacar unicamente que foron demasiado precavidos, porque igual non había elementos suficientes para impedir a posta en marcha. A niveles de protección se fixo todo o que se tiña que facer. Explica que non afecta a ningún outro tramo, entre outras cousas, porque a tubaría normal de abastecemento de auga, non é tubaría de fundición. Con respecto á tubaría de ferro fundido que se sospeita que da os problemas, sinala que a tubaría cumpre con todos os requisitos e todas as certificacións europeas, é dicir, non é un problema do construtor da obra, e se se confirma a situación, é un problema da distribuidora, ou incluso mellor da fabricante das tubarías. A situación se produce a partir dunha comunicación de alguén que puxo sobre aviso do que podía acontecer. As análises que se realizan de entrada, hai unha realizada, a petición do concello, polo anterior concesionario, outra realizada pola empresa distribuidora, e ante os resultados discrepantes, outra que realiza o concello e que teñen resultados discrepantes. O sr. alcalde di que quere ser se trata de analítica que non teñen valor de proba definitiva nun Xulgado. Explica que aínda que o concello vaia en contra do construtor el vai a ter que derivar cara os provedores da tubaría. Explica o sr. alcalde que son prudentes porque se trata dunha empresa que factura 15.000 millóns de dólares ao ano, por iso non se dan nomes ata que se teñan todas as probas. Se se confirma e se non se aveñen polas boas a cambiar a tubería e compensar todas as situacións que se produciron, haberá que acabar no Xulgado.

A analítica que está facendo o contratista é un análise de migración, pero aínda quedarían outro tipo de análise se se quere ir ao Xulgado. A partir de aí comezaran a ser definitivas as consideracións e decisións que se teñan que tomar. Pero o concello se ten que actuar terá que ser contra o contratista.



O sr. Fernández refírese ás analíticas regulares da auga e pregunta onde se fan.

Explica o sr. alcalde que iso ven establecido polo Reais Decretos que estipulan a seguridade da auga, en concreto obrigan, no caso de Teo, á realización de catro analíticas completas, en Rial do Mato, na Póboa, no depósito dos Tilos e na rede de distribución, despois as analíticas de control, son oito no depósito de Rial do Mato, seis nos depósitos da Póboa e Os Tilos, e catro na rede de distribución e despois esta o análise de grifo, 12 ao ano, en distintas zoas, polo tanto en torno a 40 analíticas sobre rede e depósitos.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo ou pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Arroyo refírese ao rexistro telemático e interésase polo tema.

2.- Pregunta se hai algunha previsión no plan de circulación nos Tilos, porque ultimamente hai bastantes problemas co tema da asociación cultural. Pregunta o sr. Arroyo cómo está o tema e se se vai a levar a cabo.

O sr. alcalde resposta que en relación ao rexistro telemático non se concretou ningún avance significativo, contando con que antes de final do ano se teña avanzado decididamente no tema.

Tratándose do plan de circulación dos Tilos, explica que houbo unha reunión coa asociación de veciños, acercándose algunha postura, esperando ter algunha actuación ao final do verán.

3.- A sra. Ferreiro di que fronte a froitas barreiro, hai unha pista, que usan moitos condutores para evitar o cruce dos semáforos, pista que mide uns 300 metros. Pide a sra Ferreiro a ver se se pode ir estudando o tema de poñerlle unhas sendas, para ir previndo.



A sra. Lemus di que estaba incluída nas proposta de Teo decide.

4.- A sra. Ferreiro dirixíndose á sra. García di que dado como levou o tema do posible mercadillo de Reis, onde a xestión non estivo moi acertada, e dille se non cree que de seguir co mesmo sistema de xestión o mercadillo de Cacheiras vai a acabar exactamente igual.

A sra. García dille á sra. Ferreiro que non sabe en que basea as súas críticas sobre o acertado ou desacertado da xestión. Explica que o mercado de Reis respondía a unha solicitude dun colectivo de vendedores, para poder crear un mercadillo nun espazo concreto, e antes de dar resposta a dito colectivo convocouse unha reunión cos veciños para coñecer a súa opinión. Nesa reunión existiu, en xeral, unha aceptación e incluso un efecto ilusionante, polo tanto seguiuse coa xestión, se propuxo o día de comezo e fixouse o lugar. Explica a sra. García que uns poucos días antes da primeira edición do mercado, algúns veciños se presentaron no concello dicindo que estaban en contra da celebración do mercado, porque podía xerar molestias, por tema de garaxe. Antes esta situación, os propios promotores decidiron paralizar a súa iniciativa, porque se había un grupo de veciños que non estaban de acordo, eles mesmo non querían seguir adiante se isto implicaba algún de tensión o desenrolo cos veciños, polo tanto o que se propuxo é que se se valora un novo emprazamento e conta co beneplácito dos veciños se poderá retomar o proxecto.

A sra. Ferreiro di que esa xestión estivo mal feita dende o principio, xa que os veciños en canto estiveron ben informados, foron a buscar sinaturas e asinaron case todos. Esa pista en concreto era un auténtico embudo. Refírese a sra. Ferreiro ao informe policial de novembro de 2015 que di que xa desaconsellaba esa ubicación.

A sra. García di que non sabe se entendeu a pregunta aínda que sí entendeu a crítica. Salienta que se seguiron todos os pasos sinalados, e así convocouse a todos os veciños, asistindo unha representación que era significativa e non houbo ningún tipo de manipulación nin de intención contraria. Repartiuse en canto baixo había, e houbo veciños que naquel momento non se enteraron ou decidiron non asistir, e os que estaban alí representaba o interese xeral. Posteriormente acudiron veciños que



estaban en contra da ubicación, atendéuselles e se lle dou traslado aos promotores e estes decidiron desistir.

Sendo as vinte e dúas horas e dous minutos sae do Salón de Plenos a concelleira do PSOE, D. <sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia, que se incorpora pasados un minuto.

Di a sra. García que non ve en que punto non se fixo unha xestión axeitada do asunto, descoñecendo cal é a pregunta da sra. Ferreiro, máis alá da valoración que fixo esta concelleira.

A sra. Ferreira pregúntalle á sra. García se non lle importou o informe policial que desaconsellaba o mercado nesa ubicación por razóns de seguridade.

A sra. García di que evidentemente se pediu un informe, engadindo que un mercadillo non se vai a celebrar nunha vía sen acotar a zoa, quedando o tráfico suspendido. Salienta que non se inventou nada, que este tipo de mercado se fai en centos de municipios, se cumpre coa lóxica de seguridade, e non se vai a facer sen cumprir as normas de seguridade. Aclara que a policía plantexaba unha ubicación para o mercado que era insostible e que facía que o propio mercado carecera de interese, por estar alonxado da zoa urbana, por iso os promotores non tiña interese en celebralo mercado nesas condicións, sendo esa a razón pola que se descartou esa opción.

A sra. Ferreiro pregunta se o de Cacheiras está funcionando perfectamente, porque cada día está nun sitio.

Sendo as vinte e dúas horas e dous minutos sae do Salón de Plenos do concelleiro de grupo mixto, D. M. Anxo Fernández Baz

Pregunta a sra. García en qué sitios, respostando a sra. Ferreiro que estivo na rotonda do Betos, agora na explanada o cemiterio, etc.

A sra. García di que evidentemente a sra. Ferreiro está mal informada. Explica que en Cacheiras hai un so mercado, que está regulado, e se celebra na travesía de Cacheira



no número 62 e 64, nun espazo habilitado ao efecto, valado, que conta con todas as normas de seguridade, non impide o acceso a garaxes e ten gran visibilidade. Salienta a sra. García que a sra. Ferreiro refírese a algunha actividade de venda ambulante que se realiza noutras zonas da parroquia, que non está regulada, e non é un mercado.

Dende que se recuperou o mercado con cambio de ubicación e día de celebración, realizase nun espazo consensuado con eles, que conta coa seguridade necesaria para promovelos.

Sendo as vinte e dúas horas e catro minutos entra do Salón de Pleno o concelleiro de grupo mixto, D. M. Anxo Fernández Baz.

A sra. Ferreiro di que vai a deixar aí o tema, engadindo que a sra. García envolve moi ben o tema porén non é así.

5.- Dirixíndose ao sr. alcalde, a sra. Ferreiro di que se á policía local se lle abriu un expediente informativo por extralimitarse nas súas funcións, e pregúntalle se nalgún momento se pensou en abri-lle expediente informativo ao funcionario que realmente si tiña que ter feito esa función.

O sr. alcalde resposta que o tema se pode explicar as veces que queira a sra. Ferreiro, engadindo que o responsable da vixilancia urbanística actuou correctamente. Explica que o que existiu foi unha persoa que incumpriu unha licenza de reparación dun tellado e fixo outra cousa e no momento en que se tivo constancia diso, se actuou como se tiña que actuar. Salienta que en Teo, como en todos os concellos, non se fai seguimento e comprobación de obras menores, porque é imposible, pero no momento en que se determinou en que unha persoa non se axustou á licenza se actuou, cumprindo todos os trámites.

6.- A sra. Vázquez di que quere facer un rogo e sinala que co tema do cambio das luces quería saber se é posible, xa que non se van a cambiar todas, se podería incluírse ou ter en conta o camiño que vai á Burga para que puidesen estar activas esas farolas que previamente había e que agora non funcionan correctamente.



A sra. Lemus sinala que se terá en conta.

O sr. Francos di que agora non hai luz porque foron vítimas do roubo do cabreado, e cando o roubaron fastidiaron a condución, polo que non é so repoñer o cableado senón que hai que abrir zanxa e meter tubo novo, e é un custo moi grande. Sinala que a ver se se pode introducir no proxecto, senón intentárase facer aos poucos coa propia brigada.

7.- A sra. Nariño pregunta quen é realmente o responsable da conservación dende Raxó ata Penelas. Explica que existe un lateral, que igual a responsabilidade sexa dos da autovía, que está abandonada.

O sr. Francos di que hai varias zoas que están asilvestradas, como alá entre a autovía e a escola de Tras do Eixo, e iso forma parte da zona de protección da autovía. Se fixeron varias mocións para que a Xunta desbrozara a autovía, as vías de servizo e todos eses terreos que expropiaron, e non fixeron moito caso. Salia que o ano pasado se lle comentou ao enxeñeiro xefe, que viu para aquí, e se fixo algunha actuación puntual detrás das casas, porén quedou aí o tema. Sinala o sr. Francos que se voltara a mandar outro escrito ou senón se plantexara outra moción.

8.- Agradece a sra. Nariño que, trala petición efectuada, xa se colocara a baranda da escola de Raxó, engadindo que é de gran utilidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 8/2016**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE PLENO MUNICIPAL**

**- 4 MAIO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a catro de maio de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz





**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCION DA ALEGACIÓN PRESENTADA  
CONTRA O ORZAMENTO MUNICIPAL 2016 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO  
MESMO**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as trece horas e trinta minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

O sr. alcalde explica que, como comentou no escrito remitido aos/ás concelleiros/as por correo electrónico, a urxencia do Pleno ven motivada pola necesidade de contar canto antes cuns orzamentos aprobados definitivamente que permitan, por exemplo, facer a contratación das obras do POS que teñen que estar rematadas antes de finais de 2016.

Explica que se o Pleno acorda a aprobación definitiva do orzamento, o anuncio remitirase por urxencia ao BOP.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a urxencia da convocatoria, de conformidade cos artigos 46.2 b) da LRBRL, 79 do ROF e 19 do ROM.**

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCION DA ALEGACIÓN PRESENTADA  
CONTRA O ORZAMENTO MUNICIPAL 2016 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO  
MESMO.**

O sr. alcalde explica que antes de entrar no fondo da cuestión, debe votarse a ratificación da inclusión do asunto na orde do día.



**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 83 do ROF e 31.2 do ROM.**

A continuación o sr. alcalde da conta da proposta de 2 de maio de 2016, que se recolle a continuación.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

##### **Desestimación da alegación presentada aos orzamentos aprobados inicialmente polo Pleno municipal o 31/03/2016 realizada polo Presidente do Comité de empresa do persoal laboral**

Considerando que o Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31 de marzo de 2016 acordou aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio 2016, que incorporaba o correspondente anexo de persoal

Considerando que dito acordo provisional foi publicado no BOP nº 69 do 13 de abril, quedando exposto ao público na mesma data

Visto o escrito de alegacións presentado o 18 de abril de 2016 por D. Francisco Mateo Rial en calidade de Presidente do Comité de Empresa do persoal laboral do concello de Teo (Rex. entrada nº 2819), no que solicita

*Impugnar os orzamentos aprobados inicialmente por acordo do Pleno da Corporación en sesión de data 31/03/2016 por o incumprimento do trámite previo contemplado nos artigos 37 EBEP e 27 do convenio colectivo do persoal ao servizo do concello*

Considerando que o artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que só se poderán interpoñer reclamacións contra o orzamento por tres motivos, e que ningún deles se axusta ou aproxima á impugnación presentada no nome do Comité de Empresa do persoal laboral

Visto o Informe de Intervención emitido ao respecto asinado con data do 29 de abril de 2016

Tomando en consideración, en relación coas alegacións presentadas, que:

No que se refire ao artigo 37 do EBEP, o incremento salarial para o exercicio 2016 ven determinado pola Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado, e que o concello fai unha aplicación estrita da mesma



En relación co convenio colectivo, a información dispoñible polos traballadores é a mesma coa que conta o Alcalde e o conxunto da Corporación municipal, é dicir, o publicado no BOE, e que non se produciron novidades contractuais desde a última reunión á que asistiron os representantes sindicais dos traballadores

Que pese ás múltiples convocatorias da alcaldía aos representantes dos traballadores/as municipais para retomar as negociacións sobre a RPT, os representantes dos traballadores/as, por distintos motivos, se veñen negando reiteradamente a retomar as negociacións.

Considerando as competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, así como o disposto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Desestimar a alegación presentada aos orzamentos aprobados inicialmente polo Pleno municipal o 31/03/2016 realizada polo Presidente do Comité de empresa do persoal laboral solicitando a súa impugnación
2. Aprobar definitivamente o Orzamento municipal do ano 2016, expoñéndoo ao público mediante edito no BOP

Teo, 2 de maio de 2016

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira”

Salienta o sr. alcalde que, se se entra no fondo das dúas cuestións plantexadas na alegación, hai que ter en conta que a primeira refírese á aplicación do incremento das retribucións do persoal que fixa a Lei de orzamentos do Estado, que se trata dunha aplicación do 1 % que ven por Lei e que o concello aplica na súa totalidade polo que tería sentido establecer algunha negociación se o concello fixase prazos para aplicar esa subida, poren é de aplicación directa. Polo que se refire ás cuestións que afectan ao convenio colectivo no que, en relación aos dereitos de información dos representantes dos traballadores en materia de contratación, se di que o concello entregará ao Comité de empresa unha copia básica de todos os contratos, xa se informou que non existen contratos novos, porque incluso os contratos de auga, subrogados, xa se lle trasladaron ao persoal, e no resto das cuestións se cumpriu a legalidade vixente.



Explica o sr. alcalde que, en todo caso, a semana pasada tivo unha reunión cos traballadores, na que o primeiro punto da orde do día era esta reclamación do persoal laboral, onde eles consideraban que había un déficit de información, e o luns se lle remitiu toda a información sobre os orzamentos. Hoxe houbo outra reunión, onde en principio parece que se chegou a un acordo para retomar as negociacións da RPT e darlle saída a este clima un tanto enrarecido, por dicilo dalgún xeito.

Aclara o sr. alcalde que hai unha cuestión fundamental a maiores xa que a Lei establece tres causas concretas polas que se pode facer unha reclamación sobre os orzamentos e ningunha, nin sequera por aproximación, se achega a isto, entendendo que se trata máis dunha cuestión simbólica que unha cuestión formal, por iso se fixo esa convocatoria cos traballadores para intentar solucionar calquera déficit de información que puidera existir.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que hai algo que se está vendo recentemente, por exemplo no concello da Coruña, que é iso de presentar alegacións o propio grupo ao seu propio orzamento, algo que choca, pero é algo que se está utilizando, esta fórmula de reclamar contra o propio orzamento, mediante fórmulas raras, que tamén está utilizando o Comité de empresa.

Sinala o sr. Fernández que lle choca unha vez máis este conflito, tácito, entre a alcaldía e os traballadores, no sentido de ser un conflito cuxo fondo parece ser a RPT, polo que sería importante que se desbloquee esta cuestión e se comece a traballar para chegar a ese acordo sobre a relación de postos de traballo.

Anuncia o sr. Fernández que vai a manter o voto que tivo no pleno do orzamentos, polo que vai a votar en contra, ao non ter sentido agora manter outra posición.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que van a manter a posición orixinaria, e anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez.



O sr. Sánchez sinala que non ten nada que dicir.

O sr. alcalde informa de que, en relación co conflito dos traballadores e co que se acordara sobre incentivos de xubilación, se someterá ao Pleno de maio unha proposta corrixida que ven motivada polas modificacións que se estableceron na Lei de orzamentos, sería unha traslación desas modificacións da lei de orzamentos para o 2016 ao que no seu momento motivou a desaparición do cen por cen dos incentivos de xubilación, adaptación que vai ligada a esa negociación cos traballadores.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e oito en contra (7 PP 1 grupo mixto), acorda:**

**1.- Desestimar a alegación presentada aos orzamentos aprobados inicialmente polo Pleno municipal o 31/03/2016 realizada polo Presidente do Comité de empresa do persoal laboral solicitando a súa impugnación.**

**2.- Aprobar definitivamente o Orzamento municipal do ano 2016, expoñéndoo ao público mediante edito no BOP.**

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 9/2016**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 26 DE MAIO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e seis de maio de dous mil dezaseis, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Non asiste, previa escusa:**

D. Ignacio Manuel Arroyo Font



**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 31.03.16**
- 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 316/16 Á 386/16)**
- 3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DA PERSOA ESPECIALIZADA EN TEMAS EDUCATIVOS PARA O CONSELLO ESCOLAR**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO**
- 5.- DITAME PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECUPERACIÓN PARCIAL DA VIXENCIA DOS APARTADOS 1 AO 7 DO ARTIGO 116 DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS, E APARTADOS 1 AO 7 DO ARTIGO 113 DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL, REFERENTES AOS INCENTIVOS POR XUBILACIÓN DE PERSOAL SUSPENDIDOS TEMPORALMENTE POR ACORDO DO PLENARIO DO 31 DE AGOSTO DE 2015**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA DAR APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155**
- 7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA APOIAR ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIÓNS DE ESTADOS EXTRANXEIROS**
- 8.- MOCIÓNS**
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 31.03.16.**

O sr. alcalde preguntalle aos sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2016.



Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DA ALCALDÍA (DA 316/16 Á 386/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de abril ata o 22 de maio de 2016, que comprenden os números 316 ao 386, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DA PERSOA ESPECIALIZADA EN TEMAS EDUCATIVOS PARA O CONSELLO ESCOLAR.**

O sr. alcalde explica que ao tratarse dun asunto non ditaminado por Comisión Informativa, hai que ratificar a súa inclusión na orde do día, engadindo que a urxencia deste punto esta relacionado coa convocatoria inminente do Consello Escolar Municipal, que se quere poñer en marcha.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 79 e 82.3 do ROF e 31.2 do ROM.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de Son de Teo-ANOVA, D. José Francisco Nanín Castro.

O sr. Nanín da conta da proposta da alcaldía de 23 de maio de 2016, que se recolle a continuación.

### ***“Nomeamento da persoa especializada en temas educativos para o Consello Escolar Municipal***

*O Concello de Teo aprobou no pleno de maio de 2008 o regulamento de funcionamento do Consello Escolar Municipal, publicado no BOP nº 252 do 31 de outubro de 2008.*

*Dito regulamento recolle que na súa composición estará presente unha persoa especialista en temas educativos nomeada polo pleno, para o que no anterior mandato*





*foi nomeada Dna. Margarita Parrado Garea. Por motivos persoais esta experta declinou a súa continuidade neste órgano, polo que, diante da próxima convocatoria do Consello Escolar Municipal, se fai necesario proceder a un novo nomeamento.*

*Tralas valoracións pertinentes propónse ao pleno o nomeamento de Dna. Carmen Morán de Castro, Doutora en Pedagogía. Diplomada en profesorado de EXB, licenciada en Ciencias da Educación e licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade é profesora contratada doutora no departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social da USC.*

*O seu traballo de investigación vai dirixido cara á relación da educación e as políticas de benestar social, os procesos de inclusión e equidade educativa, a educación social e as políticas culturais ou ao desenvolvemento da educación ambiental no contexto da educación escolar. Así mesmo xa formou parte do Consello Escolar Municipal como representante dos movementos de renovación pedagóxica.*

*Considerando que, consecuentemente, presenta un perfil axeitado para este posto*

**PROPONSE AO PLENO:**

*Nomear á especialista Dna. Carmen Morán para formar parte do Consello Escolar Municipal en calidade de Especialista en temas educativos.*

*Teo, 23 de maio de 2016*

*O alcalde*

*Rafael C. Sisto Edreira”*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, amosan a conformidade dos seus respectivos grupos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez sinala que ten o pracer de coñecer á sra. Leborán da que di é unha persoa da que non fai falla dar conta do seu curriculum, polo que se considera unha proposta acertada, engadindo o sr. Sánchez que en todo caso tampouco pasaría nada por telo comentado antes e consensualo.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.



**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda nomear á especialista Dna. Carmen Morán para formar parte do Consello Escolar Municipal en calidade de Especialista en temas educativos.**

#### **4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de administración, transportes, comercio, turismo e emprego, D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez.

A sra. García da conta da proposta de 19 de maio de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de transportes, turismo, comercio e emprego de 23 de maio de 2016.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Considerando que a venda ambulante é unha actividade que debe estar regulada en todas as súas facetas, é dicir, profesional, técnico-sanitaria e de ocupación da vía pública.

Considerando a necesidade de dar resposta ás novas demandas deste sector de actividade, e de adaptar a actividade tradicional á normativa actual.

Considerando a necesidade de axilizar os procedementos de adxudicación de licenzas de venda ambulante, para reducir o tempo de tramitación administrativa.

Considerando que a Lei de Bases do Réxime Local 7/1985, de 2 de abril, recoñece no seu artigo 25, como competencia propia do concello, á referida ás feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

Considerando a necesidade de que a ordenanza municipal da venda ambulante do concello de Teo (BOP de 25/01/2008), se actualice, incorporando as novidades introducidas na lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, así



como, aquelas outras melloras que permitan garantir a seguridade, a legalidade e o control da actividade, así como, a redución nos tempos de xestión administrativa.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente a Ordenanza da venda ambulante no concello de Teo, que se incorpora como anexo.

**Segundo**.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxestións. No suposto de que non se formulen reclamacións e/ou suxestións durante a exposición pública quedará aprobada definitivamente a Ordenanza citada.

**Terceiro**.- O texto integro da Ordenanza deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

### **ORDENANZA DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO**

(...)

A sra. García explica a que ordenanza leva incorporados uns anexos, que son modelos normalizados que pretenden simplificar as solicitudes.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que se trata dunha cuestión moi necesaria en Teo, nomeadamente para a Feira de San Martiño, ao tratarse dunha normativa moi necesaria. Explica o sr. Fernández que dito isto vai a agardar a ver se hai alegacións, engadindo que agradecería que se faga polo goberno municipal todo o posible para que lle chegue a todo o sector. Anuncia o sr. Fernández a súa abstención.



Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo. Felicita a sra. Lemus á sra. García polo traballo realizados, engadindo que se trata dun traballo complicado e o Regulamento é moi completo. Di a sra. Lemus que, independentemente das alegacións, o seu grupo vai a apoiar a proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e di que se incrementan as taxas.

A sra. García aclara que o Regulamento ordena unicamente a actividade, xa que a taxa xa foi aprobada en xaneiro, momento no que se baixaron as taxas en relación coas que existían, resultando ademais aprobado por unanimidade da Corporación.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e sete abstencións (6 PP e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza da venda ambulante no concello de Teo, que se incorpora como anexo.**

**Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxestións. No suposto de que non se formulen reclamacións e/ou suxestións durante a exposición pública quedará aprobada definitivamente a Ordenanza citada.**

**Terceiro.- O texto integro da Ordenanza deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.**

## ANEXO

### ORDENANZA DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO



## **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS**

### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

Esta ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, o exercicio da venda ambulante que se realice no termo municipal de Teo, entendendo por tal a exercida na vía pública por comerciantes fora dun establecemento comercial permanente.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- a. A venda directa de excedentes de produción das explotacións agrarias, que se rexerá polo establecido no Decreto 125/2014, do 4 de setembro, que regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final.
- b. Os postos autorizados na vía pública de forma fixa e estable, nos que se desenvolva unha actividade comercial de xeito habitual e permanente en virtude dunha concesión administrativa, que se rexerán pola súa normativa específica.
- c. Os espectáculos públicos e actividades recreativas, que se rexerán polo establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

### **Artigo 2. Marco normativo**

A venda ambulante no concello de Teo rexeráse, ademais de polo disposto na presente ordenanza, polo establecido no Título V, Capítulo V da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico- sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

### **Artigo 3. Competencia**

Corresponde ao Concello de Teo, dentro do seu termo municipal, e sen prexuízo das competencias doutras Administracións, conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante no seu territorio e a ordenación, execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio das feiras, mercados e outros acontecementos extraordinarios, nos que se desenvolvan actividades de venda ambulante, do cumprimento dos requisitos para a obtención das licenzas e de facer cumprir a presente ordenanza.

## **CAPÍTULO II. DA VENDA AMBULANTE EN XERAL**

### **Artigo 4. Concepto de venda ambulante**

Tal como establece o artigo 70 da Lei 13/2010, considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por persoas comerciantes, fora dun establecemento comercial



permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou nos lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.

### **Artigo 5. Modalidades de venda ambulante**

A tipoloxía de venda ambulante ou non sedentaria, de acordo co artigo 71 da Lei 13/2010, comprende:

a).- Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade establecida. Dentro deste epígrafe enténdense comprendidas, entre outras, as realizadas en feiras populares, mercadiños e rastros.

b).- Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

c).- Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

d).- Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

e).- Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

### **Artigo 6. Suxeitos da venda**

A venda ambulante no termo municipal poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se adique profesionalmente á actividade do comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que fose de aplicación.

### **Artigo 7. Produtos obxecto de venda ambulante**

En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante os bens ou produtos cuxa normativa o prohiba e aqueles outros que, en razón á súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade.

### **Artigo 8. Sobre as autorizacións de venda ambulante**

O exercicio da actividade de venda ambulante dentro do Concello de Teo, en calquera das súas modalidades, requirirá da previa obtención da correspondente autorización municipal.

As autorizacións serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos establecidos nesta ordenanza para o seu outorgamento e logo de



comunicación escrita á autoridade municipal competente. A transmisión dunha autorización non afectará ao seu prazo de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do seu prazo de duración.

Unha autorización municipal non poderá ser obxecto de subarrendo a terceiros.

O outorgamento farase directamente aos solicitantes que reúnan as condicións requiridas, salvo que, por calquera circunstancia, se encontrase limitado o número de licenzas, en cuxo caso outorgaranse en réxime de concorrencia pública, respectando as previsións contidas nos artigos 86 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas, e 76 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como o capítulo II da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e ao seu exercicio en condicións non discriminatorias.

Esta autorización só dará dereito á instalación dun posto de venda.

O outorgamento das autorizacións será competencia do Alcalde.

A autorización municipal poderá ser revogada por incumprimento dos requisitos esixidos na presente ordenanza e nas normas aplicables ao respecto.

### **Artigo 9. Requisitos para a concesión da autorización**

Serán de obrigado cumprimento para a concesión da autorización municipal, conforme ao artigo 72.2 da Lei 13/2010, os seguintes requisitos:

- 1.- Estar inscrito no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante e ao corrente, no seu caso, no pagamento do citado imposto.
- 2.- Estar en situación de alta na Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- 3.- Dispoñer do Seguro de Responsabilidade Civil que cubra os danos que se podan ocasionar polos elementos do posto.
- 4.- Estar en posesión do certificado, diploma ou carné de manipulación de alimentos, cando a licenza solicitada sexa para a venda de produtos alimentarios.
- 5.- Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicábeis aos produtos autorizados que teñan á venda.
- 6.- Satisfacer as taxas e tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- 7.- Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixible, se se tratara de persoas extranxeiras.



8.- Tratándose de persoas xurídicas, deberán acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

Aínda que a inscrición na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio da Xunta de Galicia non é un requisito previo para a solicitude de autorización municipal, de non presentar a correspondente tarxeta acreditativa de dita inscrición, será o Concello quen comunique os datos da persoa solicitante para a correspondente inscrición.

### **Artigo 10. Solicitude de autorización**

Poderán solicitar a autorización municipal de venda ambulante as persoas físicas maiores de 16 anos ou persoas xurídicamente constituídas, directamente ou a través de representante debidamente autorizado, en impreso normalizado que figura como anexo I, acompañado da seguinte documentación, debidamente cotexada:

- a. Copia do DNI ou pasaporte, no caso de ser persoa física. Copia do CIF, da acta de constitución da sociedade, dos estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de obtención da licenza en representación da empresa, no caso das persoas xurídicas.
- b. Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente de pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente á actividade para a que solicita licenza ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios.
- c. Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente de pagamento no réxime correspondente da Seguridade Social.
- d. Certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos, no seu caso.
- e. Declaración responsable de cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produto, segundo modelo normalizado que figura como anexo II.
- f. Permisos de residencia e traballo, no caso de cidadáns estranxeiros.
- g. Seguro de responsabilidade civil.
- h. Xustificante de aboamento das taxas establecidas na ordenanza municipal.

Se o solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta ordenanza, e os esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requiriráselle á persoa interesada para que, nun prazo de 10 días hábiles, subsane a falla e presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera, terase por desistida da súa petición.

As autorizacións para venda ambulante na vía pública outorgaranse, como maximo, por 1 ano, prorrogable por períodos idénticos, ata un máximo de 5.





As autorizacións para mercados periódicos outorgaranse, como mínimo, por 1 ano, prorrogable por períodos idénticos, ata un máximo de 5.

Para a concesión de dita prórroga será preciso solicitala, cunha antelación mínima de 1 mes ao vencemento da autorización, xustificando que seguen a concorrer as circunstancias que deron orixe á súa concesión.

A solicitude de autorización deberá ser formulada cunha antelación mínima de 15 días á data de inicio da actividade ou celebración do mercado.

No caso de autorizacións para feiras e mercados non periódicos, ou de celebración anual, a autorización limitarase aos días sinalados na mesma.

Poderán concederse autorizacións de venda en mercados periódicos semanais nas que o espazo solicitado sexa compartido por dous vendedores, ocupando o mesmo espazo de maneira alterna, e previo acordo entre ambos, de maneira que un ocupe o espazo a metade dos mercados, e o outro a outra metade.

Así mesmo, as autorizacións para a venda de tempada circunscribíranse ao período concreto concedido nas mesmas.

A venda de produción propia, á que fai referencia o Decreto 125/2014, de 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final, non está afecta a unha autorización municipal para o exercicio da súa actividade. Para o seu exercicio na vía pública ou mercados públicos esixírase a presentación dun certificado que acredite a inscrición da explotación no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), e a súa alta na Sección de Explotacións Acollidas á Venda Directa (SEVEDI), así como, o seguro de responsabilidade civil e, no caso de ofrecer produtos baixo a calificación de produto ecolóxico, haberá de acreditalo co correspondente certificado expedido polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA). Dita documentación incorporarse coforme ao anexo III que se achega co presente.

### **Artigo 11. Contido da autorización**

A autorización municipal conterá, como mínimo, os seguintes datos:

1. Datos identificativos do titular.
2. Prazo de validez da autorización.
3. Número de autorización.
4. Produtos cuxa venda se autoriza.
5. Dimensións do posto autorizado.
6. Lugar autorizado para a venda.



O Concello fará entrega ao autorizado dunha tarxeta acreditativa da autorización, na que constarán os datos enumerados neste artigo e un enderezo facilitado polo titular para a recepción de posibles reclamacións durante o exercicio da actividade. Esta tarxeta deberá estar exposta ao público e ás autoridades inspectoras, nun lugar visible.

## **Artigo 12. Extinción da autorización**

As autorizacións extinguíranse automaticamente polas seguintes causas:

- a. Transcurso do prazo.
- b. Renuncia expresa e escrita do titular.
- c. Causas sobrevidas de interese público.
- d. Perda dalgún dos requisitos esixidos nesta ordenanza e demais normativa de aplicación.
- e. Falta de pagamento das taxas correspondentes dentro do prazo fixado na corresponde ordenanza fiscal.
- f. Nas autorizacións de venda ambulante dentro dos mercados periódicos, será motivo de extinción da autorización municipal a inasistencia de maneira consecutiva e non xustificada a 3 mercados, ou non consecutiva a 4 dentro do prazo de 2 meses. A estes efectos, considerarase causa procedente de inasistencia, e sempre que se xustifique documentalmente:
  - 1.- Vacacións, comunicadas previamente ao Concello, e por un total dun mes nun período dun ano, dispensándose a asistencia aos mercados que se celebren nese período, que no caso de ser semanal, correspondería con 4 mercados.
  - 2.- Enfermidade ou accidente do vendedor
  - 3.- Grave enfermidade ou accidente de familiar en primeiro grao de afinidade ou consanguinidade
  - 4.- Falecemento de familiar en primeiro ou segundo grao de afinidade ou consanguinidade, dando dereito á inasistencia de 1 semana aos mercados celebrados nese período
  - 5.- Matrimonio do vendedor, que daría dereito á inasistencia aos mercados celebrados nun período de 15 días; no caso de ser semanais, 2
  - 6.- Nacemento ou adopción dun fillo, polo período de inactividade profesional que solicite á Administración da Seguridade Social



Nos casos recollidos nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6, e sempre que se xustifique correctamente, extornarase a taxa cobrada pola ocupación de dominio público, a solicitude do titular da licenza.

No suposto recollido no apartado c) do presente, poderase extornar a parte da taxa aboada e non consumida.

### **CAPITULO III. DOS MERCADOS**

#### **Artigo 13. Emprazamento**

1.- A venda ambulante en mercados só estará autorizada nos lugares, datas e horarios que se determinen por acordo da Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro delegado da área.

2.- Na autorización de espazos para a instalación de mercados e mesmo venda en enclaves illados da vía pública en camións e vehículos tenda, teranse en conta:

a) As características do terreo, densidade de tráfico, acceso peonil e rodado a vivendas, garaxes, edificios públicos, locais comerciais ou industriais e os seus escaparates e exposicións.

b) O interese das persoas consumidoras.

c) A tradición e raizame na zona da modalidade de venda na zona proposta.

d) As condicións do entorno no aspecto hixiénico e sanitario.

e) O tipo de produtos que se poñerán á venda.

3.- Por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, o concello poderá modificar o emprazamento dos mercados, una vez escoitada a representación dos/as vendedores/as. En todo caso o novo emprazamento deberá reunir as condicións hixiénicas e sanitarias axeitadas á actividade e de doado acceso para vendedores e compradores.

#### **Artigo 14. Periodicidade e horarios**

1. Atendendo ás características de cada un dos mercados que puideran ser creados, e unha vez escoitada a opinión dos/as vendedores/as, a Xunta de Goberno Local fixará a periodicidade e os horarios de cada un deles.

2. Por razóns de venda de tempada, tipo de venda a realizar, acontecementos especiais, campañas de Nadal e outras circunstancias extraordinarias, poderá ser autorizada a venda en días festivos, en horarios nocturnos ou en días consecutivos.

3. Cando por causas de obras, festas ou causas de forza maior se suspenda a celebración dos mercados periódicos, a Xunta de Goberno poderá autorizar a



celebración de mercados extraordinarios para compensar aos vendedores polas perdas consecuencia da non celebración dos mercados suspendidos.

### **Artigo 15. Os Postos**

1. A venda autorízase en postos de carácter desmontable que serán retirados unha vez remate a xornada autorizada.
2. Os postos terán no voo unha superficie máxima de 3 metros de ancho pola cantidade de metros de largo que cada vendedor solicítase e lle fose adxudicado polo Concello. Para protexerse das inclemencias meteorolóxicas, poderá ampliarse o voo sempre que iso non dificulte o tránsito de peóns e non moleste aos demais comerciantes. O espazo así gañado non poderá ser ocupado con xénero algún.
3. É responsabilidade do vendedor a limpeza e a hixiene dentro dos límites do seu posto de venda.
4. Queda expresamente prohibida a exposición de mercadorías no chan, debendo estar estas en mesas para garantir unhas condicións mínimas de limpeza, hixiene e salubridade.
5. Poderán coexistir nos mercados postos de varias medidas, non podendo superar en ningún caso os 9 metros lineais. A separación entre postos será a determinada polo Concello para cada mercado.
6. Nos mercados, agás os vehículos expresamente autorizados, e coa finalidade de achegar mercadorías e os elementos do propio posto de venda, tan só poderán acceder ao recinto os vehículos durante a hora inmediatamente anterior á fixada para a apertura dos mercados, debendo ser retirados, como máximo, dez minutos antes desta. Do mesmo xeito, e para facilitar a recollida, poderán entrar igualmente no recinto unha vez rematado o horario de venda por un período máximo dunha hora.
7. Para cada mercado periódico crearase un plano de situación dos postos, respectándose, na medida do posible, no procedemento de outorgamento das autorizacións correspondentes, a ubicación dos que tradicionalmente se instalasen nunha ubicación concreta.

### **Artigo 16. Organización, intervención e inspección dos mercados**

A organización, intervención e inspección dos mercados corresponde ao Alcalde ou ao responsable do servizo en quen delegue, sen prexuízo das competencias correspondentes aos servizos municipais en materia de Policía, Sanidade e Tráfico.

### **Artigo 17. Da venda**

Os vendedores ambulantes deberán cumprir, no exercicio da súa actividade, coa normativa vixente en materia do exercicio do comercio e da disciplina do mercado, e



deberán observar as normas da competencia leal e usos mercantís. De igual xeito, responderán de que os produtos obxecto de venda cumpran as condicións e requisitos esixidos polas normativas que os regulan, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais, que se establezan nelas.

### **Artigo 18. Dos produtos**

1.- Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os mesmos, podéndoselles ser solicitada en calquera momento a comprobación da súa exactitude.

2.- Os artigos de uso alimentario deberán situarse a unha distancia do chan non inferior a 0,60 m.

3.- Os artigos á venda deberán cumprir o establecido en materia de seguridade e hixiene.

4.- A venda de produtos perecedoiros adecuarase en todo momento ás condicións e exixencias hixiénico sanitarias vixentes. En caso de infracción de tales leis ou normas que sexan detectadas polos responsables do control, estableceranse as oportunas sancións por parte da autoridade competente.

5.- A autoridade municipal poderá decomisar os produtos que non cumprisen tales condicións e, baixo a consideración de falta moi grave, abrir o oportuno expediente sancionador ao responsable da venda.

### **Artigo 19. Obrigas e dereitos dos vendedores**

Son obrigas dos vendedores autorizados:

- a. Abonar a taxa establecida na ordenanza reguladora da venda ambulante.
- b. Manter aberto ao público o posto, debidamente atendido e abastecido.
- c. Acatar as normas que dite o Concello para o bo funcionamento dos mercados.
- d. Realizar ao final da xornada a limpeza dos espazos ocupados, recoller os refugallos xerados pola actividade comercial e depositalos nos contenedores destinados a tal efecto.
- e. Manter un trato correcto co público, persoal municipal e usuarios dos mercados.
- f. Expoñer en lugar visible a tarxeta de autorización municipal de venda ambulante.
- g. Asistencia aos mercados.



- h. No Mercado de Alimento Labrego será de obrigado cumprimento a exposición do cartaz identificativo do tipo de produto que ofrezca cada posto, clasificado en ecolóxico, sustentable ou convencional.
- i. En xeral, cumprir todas e cada unha das condicións establecidas nesta ordenanza e demais disposicións legais que sexan de aplicación.

Son dereitos dos vendedores autorizados:

- a. Procurar a debida protección das autoridades locais para poder realizar a actividade para a que están autorizados.
- b. Presentar alegacións e suxestións para o mellor desenvolvemento da actividade.

### **Artigo 20. Das asociacións**

1.- As asociacións profesionais legalmente constituídas gozarán dos seus dereitos inherentes, actuando como interlocutoras e podendo exercer funcións de consulta, participación e proposta diante da Administración.

2.- O Concello tratará de potenciar as asociacións con implantación acreditada, de tal xeito que se potencie o desenvolvemento de proxectos viables presentados polas mesmas que teñan por obxecto o fomento da boa imaxe dos mercados municipais.

### **Artigo 21. Mercados autorizados**

Os mercados e feiras de celebración periódica no concello de Teo son:

- a. Mercado de Alimento Labrego dos Tilos.

Ten lugar os sábados entre as 10,00 e as 14,00h, na Praza dos Tilos.

Con carácter xeral, serán obxecto de venda exclusiva neste mercado os produtos das explotacións agrícolas do concello de Teo e concellos da contorna, quedando prohibida a venda de produtos previamente vendidos polo vendedor.

Excepcionalmente, e co gallo das festas estacionais ou temáticas que se celebren no mercado, poderán asistir postos convidados que ofrezan outro tipo de produtos artesanais.

Este mercado poderá celebrarse, de maneira excepcional e previa autorización da Xunta de Goberno Local, en día e emprazamento distinto para promocionar a súa actividade por todo o concello.

- b. Mercadiño de Cacheiras.

Ten lugar os venres entre as 09,00 e as 14,00h, na vía de servizo da travesía de Cacheiras, á altura dos números 67-69, na parroquia de Cacheiras.



## **CAPÍTULO IV. DA FEIRA DO SAN MARTIÑO**

### **Artigo 22. Lugar e data de celebración**

A Feira de San Martiño celébrase todos os anos na Carballeira de Francos, na parroquia de Calo, o día 11 de novembro. A data e lugar de celebración non poderá ser variada, salvo acordo tomado polo Pleno da Corporación.

Dada a importancia histórica e cultural desta feira, é preciso atender á súa singularidade nalgún dos aspectos regulados en capítulos anteriores.

Así por exemplo, e dada a consolidación polos usos tradicionais, a instalación dos postos de venda ambulante poderá producirse ademais de nos espazos públicos, nos espazos privados de uso público, non requeriéndose nestes casos autorización de ningún tipo, porén, aos efectos de poder ordenar a actividade e garantir a seguridade da feira, lle resultará aplicable o sistema de comunicación previa segundo o anexo IV da presente.

### **Artigo 23. Dos postos**

Os postos nos que se elaboran e serven comidas –polvo, churrasco, etc- disporán de medidas especiais, sen máis limitacións que as propias do espazo dispoñible, dadas as súas especiais características.

Dentro do recinto no que se celebra a Feira de San Martiño, delimitarase un espazo especificamente dedicado á instalación de carpas para a elaboración e degustación de comidas (polbo, churrasco e outros), que estará organizado de maneira específica, co obxecto de garantir a correcta evacuación de público, o acceso aos servizos de eliminación de residuos sólidos e líquidos derivados da súa actividade e de dotalo dun programa propio de seguridade. Ningunha instalación deste tipo poderá ubicarse fora deste espazo diferenciado.

### **Artigo 24. Da prevalencia da antigüidade na concesión de licenzas**

Na medida do posible, no procedemento de outorgamento das autorizacións correspondentes a esta feira, primarase, como criterio principal, a antigüidade acreditada na obtención da autorización e na ubicación concreta, respectándose, na medida do posible, a situación tradicional dos postos.

## **CAPITULO V. NORMAS DE SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS DE ELABORACIÓN E SERVIZO DE PRODUTOS ALIMENTARIOS**

### **Artigo 25.- Establecementos alimentarios temporais**

Os establecementos de carácter temporal, como carpas ou postos desmontables, nos que se leve a cabo a elaboración e servizo de comidas, deben cumprir coas normas



establecidas no RD 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, no Regulamento 852/2004, de 29 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á hixiene dos produtos alimentarios, e demais normativa específica que lle sexa de aplicación, ademáis do contido na presente ordenanza.

### **Artigo 26.- As instalacións**

- a. Os establecementos nos que se elaboren e sirvan comidas, tales como carpas de degustación do polbo, churrasquerías, asadores de polo, etc, deberán ter separados os espazos dedicados á elaboración-manipulación de alimentos (cociña), almacenamento e servizo (barra) e comedor, con sistemas que imposibiliten o acceso do público ás zonas de manipulación de alimentos.
- b. As instalacións deberán estar debidamente teitadas.
- c. Deberán dispoñer de auga corrente ou dun depósito de auga e útiles de aseo, para garantir as condicións hixiénicas dos operarios que manipulan os alimentos.
- d. Deberán dispoñer de instalacións frigoríficas que permitan garantir a conservación e frescura dos produtos alimentarios.
- e. Ningún tipo de alimento, nin os recipientes que os conteñan, poderán estar en contacto co chan en calquera dos procesos de almacenamento, manipulación ou preparación culinaria. Tampouco poderá permitirse a presenza de animais dentro destas instalacións.
- f. Deberá dispoñerse dentro das instalacións de cubos con bolsa para o lixo.
- g. As superficies de manipulación de alimentos deberán estar en bo estado e ser fáciles de limpar.
- h. Os produtos de limpeza ou calquera substancia perigosa, deberá ser almacenada por separado, onde non exista risco de contaminación para os produtos alimentarios e estarán debidamente identificados, para evitar equívocos ao respecto do seu contido.
- i. As instalacións nas que se elaboren comidas quentes, deberán posuír un estintor homologado.

## **CAPITULO VI. REXISTRO MUNICIPAL DE VENDEDORES AMBULANTES**

### **Artigo 27. Rexistro Municipal de Vendedores Ambulantes**

1.- Créase o Rexistro Público Municipal de Vendedores Ambulantes, de carácter público, que será xestionado polo Concello de Teo e a inscrición neste será





consecuencia inmediata da concesión da licenza municipal correspondente para o exercicio da actividade.

2.- A inscrición dos titulares de licenzas de venda ambulante vixentes ao tempo da posta en funcionamento deste rexistro farase de oficio pola autoridade municipal, sen que sexa precisa a solicitude formalizada por aqueles. Non obstante están obrigados a comunicar e acreditar os datos que lles fosen requiridos para a efectiva inscrición no rexistro.

## **CAPITULO VII. DA INSPECCIÓN E DO RÉXIME SANCIONADOR**

### **Artigo 28. Competencias inspectoras**

O Concello, así como a Xunta de Galicia a través da dirección competente en materia de comercio, no exercicio das súas funcións de vixilancia, poderán inspeccionar os produtos, actividades, instalacións e postos, así como procurar das súas persoas titulares tanta información resulte necesaria con relación aos mesmos, a fin de garantir o cumprimento da presente ordenanza.

O exposto no parágrafo anterior entendese sen prexuízo das competencias inspectoras noutros ámbitos sectoriais nos que, en razón da materia, outras Administracións resulten competentes.

### **Artigo 29. Réxime xeral de infraccións e sancións.**

A infracción das obrigas e demais normas de obrigado cumprimento establecidas nesta ordenanza serán obxecto dun procedemento sancionador nos termos dos artigos 127 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e do Regulamento sancionador de desenvolvemento da citada lei, aprobado por Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto.

### **Artigo 30. Infraccións.**

Sen prexuízo das responsabilidades que de outra orde podan derivarse, considerarase infracción calquera incumprimento do estipulado na presente ordenanza, e clasificarase de acordo co artigo 140 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en moi graves, graves e leves.

1. Terán a condición de infracción leve:

- Incumprir os horarios de montaxe e desmontaxe dos postos.
- Non exhibir a autorización ou tarxeta acreditativa da mesma.
- A simple inobservancia de calquera precepto desta ordenanza que non teña repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras.



2. Terán a condición de infracción grave:

- A venda de produtos distintos dos autorizados na licenza.
- O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada.
- A falta de ornato ou limpeza das instalacións.
- Non deixar limpo e recollido o lugar onde estivo instalado o posto e non depositar o lixo nos colectores instalados a tal efecto.
- Aumentar a superficie do posto con máis metros dos autorizados, así como a instalación de postos en lugar distinto do autorizado.
- A desobediencia das ordes e indicacións dadas pola autoridade competente.
- Non posuír a documentación acreditativa da procedencia da mercadoría.
- Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- Estacionar os vehículos non autorizados dentro do recinto da feira, fora das horas de montaxe e desmontaxe dos postos.
- A reiteración, por terceira vez, dunha falta leve

3. Terán a condición de infracción moi grave:

- A instalación de postos sen autorización.
- O exercicio de venda ambulante sen autorización.
- Non estar dado de alta no censo do imposto de actividades económicas ou non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se realiza.
- Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou non estar ao corrente no pago das cotas correspondentes.
- A venda de produtos non autorizados.
- A reiteración, por terceira vez, dunha falta grave.
- A perturbación relevante da convivencia, que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase e á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.



- Os actos de deterioro grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

### **Artigo 31. Sancións**

De acordo co artigo 141 da Le 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as multas por infracción da presente ordenanza terán os seguintes límites:

1. Infracción leves: multa de ata 750 €
2. Infraccións graves: multa de ata 1500 €
3. Infraccións moi graves: multa de ata 3000 €

Como sanción accesoria a unha infracción leve poderá acordarse a suspensión temporal por un período máximo de 2 meses, e para as sancións graves e moi graves poderá acordarse a suspensión da autorización por un período máximo de 6 meses ou a súa revogación, así como a posibilidade de decomisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

A imposición da revogación da autorización levará consigo a imposibilidade de volver a obtela durante un período máximo de 3 anos.

Para a gradación da sanción a aplicar teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A reiteración das infraccións ou reincidencia.
- A existencia de intencionalidade do infractor.
- A transcendencia social dos feitos.
- A gravidade e natureza dos danos ocasionados.
- A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades.
- A intensidade da perturbación causada á salubridade ou ornato públicos.
- A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público.
- A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público.

### **Artigo 32. Prescrición das faltas**

As faltas prescribirán:

- As leves aos 15 días



- As graves aos 30 días
- As moi graves aos 60 días

O prazo de prescrición comezará a contarse dende que a falta se comete e, unha vez iniciado o expediente, quedará paralizado o prazo de prescrición.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

As licenzas concedidas no momento de entrada en vigor do presente, conservarán a súa vixencia ata o momento da súa extinción ben por transcurso do prazo ou por calquera dos motivos previstos no presente, debendo en todo caso axustarse ao presente nos restantes aspectos recollidos no mesmo.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derogada a Ordenanza Municipal da Venda Ambulante no Concello de Teo, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 26 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 21 do 25 de xaneiro de 2008.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



# CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Anexo I

## SOLICITUDE DE LICENZA PARA A VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO

<b>SOLICITANTE</b>	Nome			
	NIF	Enderezo		
			Concello	
	Teléfono	Correo-e:		
	<input type="checkbox"/> Autónomo	<input type="checkbox"/> Cooperativista	<input type="checkbox"/> Outras sociedades	
	Razón social		CIF	

<b>DATOS DO POSTO</b>	Mercado/Feira	Mercado Labrego de Os Tilos – Sábados de 10,00 a 14,00 h
		Mercadiño de Cacheiras – Venres de 09,00 a 14,00 h
		Feira de San Martiño – Carballeira de Francos (Novembro)
		Outro:
	Vía pública	Ubicación
		Itinerario
	Medidas do posto (fronte e fondo)	m <sup>2</sup>
	Produtos obxecto de venda	
	Datas/prazos	

<b>DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA</b>	PERSOA FÍSICA	DNI / NIE
	PERSOA XURÍDICA	Fotocopia compulsada do CIF Fotocopia compulsada da acta de constitución e estatutos Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade
<b>TODOS</b>		Documentación acreditativa de estar dado de alta e ao corrente no pagamento do <b>Imposto sobre Actividades Económicas</b> ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios
		Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente no pagamento das cuotas da <b>Seguridade Social</b>
		Certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de <b>manipulación de alimentos</b> , no seu caso.
		<b>Declaración responsable</b> de cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produto, conforme ao Anexo III, que se achega xunto co presente
		Permiso de residencia e traballo, no caso de cidadáns estranxeiros
		Seguro de <b>Responsabilidade Civil</b> Xustificante de aboamento das <b>taxas</b> establecidas na ordenanza municipal

Quen suscribe, e considerando reunir os requisitos que se precisan e se acreditan coa achega da documentación requirida, aceptando todos os termos expresados no vixente Regulamento de Venda Ambulante no concello de Teo, **SOLICITA** se lle conceda a correspondente licenza nas condicións establecidas, declarando ser certos os datos do presente documento.

Teo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.0\_\_

Asdo:



**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

DE CUMPRIMENTO DAS NORMATIVAS TÉCNICO-SANITARIAS DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS OBXECTO DE VENDA AMBULANTE

O Sr./Sra.....  
con DNI.....e con domicilio a efecto de notificacións en: .....  
e teléfono de contacto ....., no seu nome propio ou en representación de .....,  
con DNI/CIF.....

**Declara, baixo a súa responsabilidade que,** para a obtención da autorización municipal da actividade de venda ambulante no Concello de Teo, cumpre todos os requisitos establecidos nas distintas normativas técnico-sanitarias que son de aplicación á actividade para a que solicita a licenza.

Teo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asina:



SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA DIRECTA DE PRODUTOS DA HORTA

<b>SOLICITANTE</b>	Nome			
	NIF		Enderezo	
			Concello	
	Teléfono		Correo-e:	

<b>DATOS DO POSTO</b>	Mercado/Feira	Mercado Labrego de Os Tilos – Sábados de 10,00 a 14,00 h		
		Mercadiño de Cacheiras – Venres de 09,00 a 14,00 h		
		Feira de San Martiño – Carballeira de Francos (Novembro)		
		Outro:		
	Via pública	Ubicación		
		Itinerario		
Medidas do posto (fronte e fondo)			m <sup>2</sup>	
Produtos obxecto de venda				
Datas/prazos				

<b>A EXPLOTACIÓN</b>	Nome			Persoas que traballan na explotación		
	m <sup>2</sup> de plantación aberta		Cultivos			
	m <sup>2</sup> de plantación baixo abrigo		Cultivos			
	CULTIVO:	Ecolóxico	Sostible	Convencional		
	Árbores froiteiras			Superficie		
	Cría de animais: especies e unidades					

<b>DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA</b>	DNI / NIE	
	Certificado de alta no REAGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia)	
	Certificación da comunicación ao SEVEDI (Sección de Explotacións acollidas á Sección de Venda Directa)	
	Certificación do CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia), no seu caso	
	Seguro de Responsabilidade Civil	

Quen suscribe, considerando reunir os requisitos establecidos no Decreto 125/2014, de 4 de setembro, para exercer a venda directa de produtos da horta, e acreditando coa achega da documentación requirida, SOLICITA se lle conceda a autorización para exercer a venda directa dos excedentes da súa horta no espazo público referido.

Teo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.0\_\_

Asdo:



COMUNICACIÓN PREVIA PARA A INSTALACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE NA FEIRA DO SAN MARTIÑO EN PARCELAS DE TITULARIDADE PRIVADA E USO PÚBLICO

<b>SOLICITANTE</b>	Nome			
	NIF	Enderezo		
			Concello	
	Teléfono	Correo-e:		
		Autónomo	Cooperativista	Outras sociedades
	Razón social		CIF	

<b>O POSTO</b>	Medidas do posto (fronte e fondo)		m <sup>2</sup>	
	Produtos obxecto de venda			
	Ubicación da parcela/s			
	Titular da parcela/s			

O presente documento, ten os meros efectos de comunicar a actividade comercial con carácter previo á celebración da feira, para que o Concello de Teo poda organizar un plan de seguridade e evacuación baseado na ocupación real da carballeira.

A comunicación destes datos non outorga dereitos de ocupación sobre ningua parcela de titularidade privada, que estará condicionada pola aceptación do seu titular. A negociación previa entre ocupante e propietario realizarase de maneira allea ao Concello.

Teo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.0 \_\_\_\_

Asdo:





**5.- DITAME PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECUPERACIÓN PARCIAL DA VIXENCIA DOS APARTADOS 1 AO 7 DO ARTIGO 116 DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS, E APARTADOS 1 AO 7 DO ARTIGO 113 DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL, REFERENTES AOS INCENTIVOS POR XUBILACIÓN DE PERSOAL SUSPENDIDOS TEMPORALMENTE POR ACORDO DO PLENARIO DO 31 DE AGOSTO DE 2015.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 19 de maio de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, lingua e medio natural de 23 de maio de 2016.

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Recuperación parcial da vixencia dos apartados 1 ao 7 do artigo 116 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios, e apartados 1 ao 7 e do artigo 113 do convenio colectivo de persoal laboral, referentes aos incentivos por xubilación de persoal, suspendidos temporalmente por acordo plenario do 31 de agosto de 2015**

Considerando que o convenio colectivo do persoal laboral Concello (en adiante, convenio) e o acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo da Corporación (en diante, acordo regulador), publicados no Boletín oficial da provincia da Coruña nº 75, do 26 de abril de 2010, regulan, nos seus artigos 113 e 116, respectivamente, uns incentivos por xubilación “co fin de favorecer o proceso de renovación de persoal”.

Considerando que a existencia desas disposicións veu suscitando dúas cuestións problemáticas:

.- Por unha banda, o imperativo de corrixir o déficit público, levou a que a Disposición adicional segunda do Rdl 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria, referida ás “*Suspensións ou modificacións de convenios colectivos, pactos ou acordos que afecten ao persoal funcionario ou laboral por alteración substancial das circunstancias económica*”, dispuxera que:



*“Para os efectos do previsto no artigo 32 e 38.10 do Estatuto básico do empregado público entenderase, entroutras, que concorre causa grave de interese público derivada da alteración substancial das circunstancias económicas cando as administracións públicas deban adoptar medidas ou plans de axuste, de equilibrio das contas públicas ou de carácter económico financeiro para asegurar a estabilidade orzamentaria ou a corrección do déficit público”.*

.- Por outra parte que, dende o Rdl20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para corrixir o déficit público (art. 3), as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado dos exercicios de 2012, 2013, 2014 e 2015 estableceron severas restricións en materia de incorporación de novo persoal de xeito que, cando menos transitoriamente, a finalidade perseguida por aquelas disposicións (favorecer a renovación de persoal) foi de imposible consecución.

Considerando o previsto no artigo 32 do EBEP en relación co persoal laboral, e o contido no artigo 38.10 EBEP en relación co persoal funcionario, o pleno municipal de Teo celebrado o 31 de agosto de 2015 acordou, acolléndose á *excepcionalidade e por causa grave de interese público derivada dunha alteración substancial das circunstancias económicas*, suspender a vixencia do artigo 113 do convenio colectivo e artigo 116 do acordo regulador, polo que se refire aos incentivos económicos recollidos nos mesmos, exceptuando o apartado 8, mentres estiveran vixentes as fortes restricións en materia de incorporación de novo persoal e o Concello non acadase o obxectivo de estabilidade financeira.

Considerando que a lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2016 reduce parcialmente as severas restricións en materia de incorporación de novo persoal, e valorando a Resolución da Alcaldía (Res 253/16) pola que se aproba a liquidación do Orzamento de 2015.

Considerando que a vontade de recuperar parcialmente a vixencia dos apartados 1 ao 7 do artigo 116 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios, e apartados 1 ao 7 e do artigo 113 do convenio colectivo de persoal laboral, referentes



aos incentivos por xubilación de persoal, foi comunicado ás organizacións sindicais na mesa xeral de negociación que tivo lugar o 4 de maio de 2016.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Recuperar a vixencia dos apartados 1, 2, 4, 5, 6 e 7 do artigo 116 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios, e dos apartados 1, 2, 4, 5, 6 e 7 do artigo 113 do convenio colectivo de persoal laboral, referentes aos incentivos por xubilación de persoal, suspendidos temporalmente por acordo plenario do 31 de agosto de 2015.

**Segundo**.- Recuperar parcialmente a vixencia do apartado 3 do artigo 116 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios, e do apartado 3 do artigo 113 do convenio colectivo de persoal laboral, que quedarán redactados mantendo a súa literalidade e incorporando o seguinte parágrafo final:

*Mentres estean vixentes as restricións en materia de incorporación de novo persoal e o Concello non acade o obxectivo de estabilidade financeira, o incentivo de xubilación anticipada para as idades comprendidas entre os 60 e os 64 anos, ambas incluídas, reducirase ao 60% das mensualidades sinaladas para cada idade no cadro anterior, mantendo o 100% para a idade de 65 anos, consistente en 5 mensualidades de retribucións íntegras.*

**Terceiro**.- O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña e será aplicable ás xubilacións que se produzan a partir desa data mentres estean vixentes as restricións en materia de incorporación de novo persoal e o Concello non acade o obxectivo de estabilidade financeira”.

O sr. alcalde explica que a raíz da suspensión dos incentivos, os traballadores negáronse a sentarse a negociar asuntos tan importantes como a RPT. Despois de varias reunións considerouse que a forma de retomar as negociación era levando este tema, e aínda que non satisface ao cen por cen aos traballadores, están dispostos a sentarse a negociar. Explica o sr. alcalde que, a instancia dos traballadores, é preciso facer unha emenda na proposta, e así no apartado segundo, no texto a incorporar no convenio onde pon “..., mantendo o 100% para a idade de 65 anos, consistente en 5



*mensualidades de retribucións íntegras” debería poñer.... “..., mantendo o 100% para a idade de 65 ou máis anos, consistente en 5 mensualidades de retribucións íntegras”.*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que no Pleno extraordinario do 31 de agosto de 2015 levouse unha proposta de suspensión dos incentivos de xubilación. O 21 de outubro o goberno desestima o recurso de reposición interposto e hoxe, 26 de maio de 2016, o mesmo goberno municipal somete a Pleno unha proposta para recuperar parcialmente os incentivos. Salia o sr. Fernández que, dito isto, e tras as explicacións do sr. alcalde de cambio de posición, lle gustaría preguntarlle ao sr. alcalde que pensa daquel argumento que utilizou para xustificar aquel recorte de dereitos. Lembra o sr. Fernández que o sr. alcalde no pleno de outubro dixo que *“considera que isto rexese por un principio básico de que se paga por traballar e non por abandonar o posto de traballo”*, botando ademais por diante aos veciños cunha actitude demagóxica e perigosa. Pregúntalle o sr. Fernández ao sr. alcalde qué pensa do que dixo aquel día e que lle vai a dicir agora á veciñanza. Considera o sr. Fernández que rectificar é de sabios, aínda que sexa de forma parcial e remata sinalando que en todo caso se congratulan de que se lles de a razón.

Sendo as vinte horas e vinte e un minutos sae do Salón de Plenos o concelleiro de Son de Teo-ANOVA, D. Xose I. Iglesias Villar, que se incorpora pasado un minuto.

O sr. Fernández felicita ao sr. alcalde pola recuperación da relación cos traballadores, engadindo que parece que por este tema, aínda que espera que sexa por unha cuestión de principios e non para que se senten na mesa de negociación. Remata o sr. Fernández a súa intervención sinalando que para sentarse cos traballadores sempre estará o BNG.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que se trata de aplicar un cambio normativo con efectos estatais. Entende a sra. Lemus que se está reconducindo unha situación que non é a máis axeitada para os intereses municipais nin para os dereitos dos traballadores, engadindo que *“benvida a proposta da alcaldía, benvida a negociación e cabe esperar que benvida a RPT no menor prazo posible”*.



Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez sinala que ela non vai a entrar no que se falou en agosto, aínda que é unha boa pregunta saber qué pasou dende aquel momento ata agora para saber porque agora se volta a incluír outra vez. Di a Sra. Vázquez que non sabe se se trata dun caramelo para poder chegar outra vez á negociación, ou se interesa que os traballadores teñan ese incentivo ou se foi porque un traballador conseguiu o seu incentivo, aínda que so un 60 %, incorporándose agora nesa porcentaxe. Anuncia a sra. Vázquez a abstención do seu grupo, afirmando que se da un paso pero tampouco é todo o que se pedía, aínda que se trata dun pequeno avance, polo que haberá que ver como van as negociacións e irán vendo, aínda que polo momento se van a abster.

O sr. alcalde sinala que en canto á pregunta formulada pola sra. Vázquez sobre o que pasou neste tempo, a resposta é que o PP determinou que non se podía repoñer aos traballadores que se xubilan e este ano di que cabe unha reposición do 50 %. Dirixíndose ao sr. Fernández, o sr. alcalde dille que pensa exactamente o mesmo, que asume a posición en diferentes etapas, que asume o convenio e a xubilación anticipada vinculada á renovación dos traballadores. Lembra o sr. alcalde que o convenio di que “*con motivo da reposición...*”, porén non se podía repoñer e lles parecía que ía en contra do proio convenio. Coa reposición do 50 % implica un cambio e permite recuperar unha parte dos dereitos. Remata o sr. alcalde sinalando que mudan a postura a medida en que varía o tema da reposición.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que entende o das etapas, porén el di o que o sr. alcalde dixo no Pleno para xustificar a proposta. Dirixíndose ao sr. alcalde, o sr. Fernández pregúntalle se agora vai a pagar por non traballar. Lembra o sr. Fernández que o sr. alcalde utilizou ese argumento, que é moi perigoso, e agora está emendando. Os veciños de Teo teñen que pagar porque se xubile a xente antes, engadindo que isto é agora así porén antes non, e agora si. Di o sr. Fernández que el tamén pode falar de normativa porén o que se dixo e o que se argumentou foi iso. Anuncia o sr. Fernández a súa abstención por non tratarse dunha recuperación completa.



A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención. A concelleira do PP, sra. Vázquez, di que cada vez se tarda menos en botarlle a culpa ao PP. Lembra que eles en agosto xa dixeron que a próxima Lei incrementaría a reposición e pregunta se o concello de Oroso si que pode repoñer.

O sr. alcalde di que non foi o goberno municipal quen negou a posibilidade de repoñer ao persoal, o que provocou que houbera que facer grandes esforzos para contratar a uns traballadores para o tema da auga, engadindo que se non se pode contratar non é por vontade do goberno municipal. O sr. alcalde dille ao sr. Fernández que si que é certo que utilizou ese argumento en agosto, porén era un observación parcial. Lembra que tamén dixo que asumía o convenio, porén que non se podía cumprir, e tamén se dixeron moitas máis cousas. Considera o sr. alcalde que haberá que mirar para o futuro.

Sendo as vinte horas e trinta minutos, abandona o Salón de Plenos a interventora municipal.

O sr. alcalde sinala que en primeiro lugar hai que someter a votación a emenda, que se concreta en engadir, no apartado segundo do acordo, a referencia a 65 anos "ou mais", quedando o citado apartado redactado conforme se recolle a continuación:

**“Segundo.-** Recuperar parcialmente a vixencia do apartado 3 do artigo 116 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios, e do apartado 3 do artigo 113 do convenio colectivo de persoal laboral, que quedarán redactados mantendo a súa literalidade e incorporando o seguinte parágrafo final:

*Mentres estean vixentes as restricións en materia de incorporación de novo persoal e o Concello non acade o obxectivo de estabilidade financeira, o incentivo de xubilación anticipada para as idades comprendidas entre os 60 e os 64 anos, ambas incluídas, reducirase ao 60% das mensualidades sinaladas para cada idade no cadro anterior, mantendo o 100% para a idade de 65 ou máis anos, consistente en 5 mensualidades de retribucións íntegras”.*



Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a emenda formulada ao ditame da proposta alcaldía de recuperación parcial da vixencia dos apartados 1 ao 7 do artigo 116 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios, e apartados 1 ao 7 e do artigo 113 do convenio colectivo de persoal laboral, referentes aos incentivos por xubilación de persoal, suspendidos temporalmente por acordo plenario do 31 de agosto de 2015.

Sometido a votación o ditame emendado, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e sete abstencións (6 PP e 1 grupo mixto), acorda:

**Primeiro.**- Recuperar a vixencia dos apartados 1, 2, 4, 5, 6 e 7 do artigo 116 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios, e dos apartados 1, 2, 4, 5, 6 e 7 do artigo 113 do convenio colectivo de persoal laboral, referentes aos incentivos por xubilación de persoal, suspendidos temporalmente por acordo plenario do 31 de agosto de 2015.

**Segundo.**- Recuperar parcialmente a vixencia do apartado 3 do artigo 116 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios, e do apartado 3 do artigo 113 do convenio colectivo de persoal laboral, que quedarán redactados mantendo a súa literalidade e incorporando o seguinte parágrafo final:

*Mentres estean vixentes as restricións en materia de incorporación de novo persoal e o Concello non acade o obxectivo de estabilidade financeira, o incentivo de xubilación anticipada para as idades comprendidas entre os 60 e os 64 anos, ambas incluídas, reducirase ao 60% das mensualidades sinaladas para cada idade no cadro anterior, mantendo o 100% para a idade de 65 ou máis anos, consistente en 5 mensualidades de retribucións íntegras.*

**Terceiro.**- O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña e será aplicable ás xubilacións que se produzan a partir desa data mentres estean vixentes as restricións en materia de



incorporación de novo persoal e o Concello non acade o obxectivo de estabilidade financeira.

## **6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA DAR APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155.**

O sr. alcalde explica que houbo unha solicitude de intervención no Pleno de D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esperanza Fernández Iglesias, en nome da Plataforma de vítimas do Alvia 04155, solicitude que lle foi respostada autorizando dita intervención, xusto antes do debate do punto, por un tempo máximo de dez minutos.

Sendo as vinte horas e trinta e tres minutos comeza intervención de D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esperanza Fernández Iglesias, segundo o documento de 24 de maio de 2016 (rex. entrada nº 4058), que se reproduce a continuación.

*“Buenas tardes, en nome de todos los integrantes de la PLATAFORMA VÍCTIMAS DEL TREN ALVIA 04155, queremos agradecer a Uxia Lemus de la Iglesia, representante del grupo político PSOE, por presentar esta moción y a los demás grupos políticos aquí representados en el Concello de Teo por sumarse a ella.*

*A lo largo de estos casi 3 años desde que ocurrió el accidente del tren de Alta Velocidad en Santiago de Compostela, las víctimas hemos tenido que sufrir, además de las consecuencias del mismo -81 personas fallecidas y más de 140 heridas, algunas de ellas con graves lesiones irreversibles- el ninguneo, el trato inhumano, la humillación, las mentiras, la ocultación y la ausencia de colaboración con la Justicia por parte del Gobierno y de muchas instituciones públicas, además de la conducta hacia las víctimas por parte de políticos concretos, con nombre y apellidos, que, desgraciadamente, siguen hoy ocupando diversos puestos de representación y de responsabilidad en las instituciones, algunos de ellos cambiados de puesto y otros, los más importantes, ascendidos de categoría.*

*Pero como la historia finalmente hace justicia, hoy tenemos en nuestro país partidos políticos nuevos con distintos planteamientos ideológicos y nuevos políticos en partidos ya existentes con ganas de reconciliarse con los ciudadanos, trabajando por el bien*





*común y que pretenden renovar las instituciones para que esta democracia sea digna de tal nombre.*

*Desde un principio, las víctimas hemos reclamado una Comisión de Investigación Parlamentaria, en donde se depuren responsabilidades políticas, que existen desde el momento en que el Ministerio de Fomento y las empresas públicas ADIF y RENFE publicitan la línea y el tren como de Alta Velocidad, engañando gravemente a la ciudadanía diciéndonos que “contaba con mayor seguridad, la última tecnología y sistemas de conducción automática”. Para nuestra desgracia pudimos comprobar que no se cumplían ninguno de los requisitos de seguridad que exige este tipo de ferrocarriles, lo que ha quedado absolutamente claro en la causa judicial.*

*Varias decisiones del gobierno anterior y del actual en funciones comprometieron la seguridad de los viajeros. El accidente se habría evitado si no se hubiera cambiado el proyecto original en 2010, cuando era Ministro José Blanco. Tampoco habría ocurrido si no se hubiera desconectado el sistema de conducción automática ERTMS en junio de 2012, siendo y Ministra Ana Pastor. Y por si esto fuera poco, altos cargos de Renfe y ADIF recibieron por escrito la advertencia de peligro del Jefe de Maquinistas de Orense, Sr. Iglesias Mazaira, y no tomaron ninguna medida.*

*Pese a lo anterior, como sres. Concejales sabrán, en el Parlamento Español, el PP vota 4 veces en contra de que la propuesta de creación de un Comisión de Investigación Parlamentaria vaya a Pleno. Finalmente, el 16/10/2013, se debatió en Pleno una Moción de IU proponiendo la creación de la Comisión. Votaron en contra PP, PSOE, CIU y PNV. Esta es la historia, sres. concejales, esta es la historia.*

*Las víctimas hemos tenido que soportar, además, multitud de afrentas. Una de las más viles fue que el 24 de julio de 2014, un año después del accidente, a la entrada de un acto en la Ciudad de la Cultura de Santiago de Compostela, que –se suponía- era para honrar la memoria de las propias víctimas y sus familias, no solamente no nos dejaron entrar a la inmensa mayoría de las víctimas sino que, no conformes con eso, nos enviaron a las fuerzas antidisturbios para impedirnos el paso. Ninguna persona de Gobierno de Galicia vino a darnos una explicación, ninguno tuvo un atisbo de compasión y de humanidad hacia nosotros.*



*Pero el ocultismo que las víctimas, como ciudadanos de pleno derecho que somos, hemos tenido que soportar por parte de las instituciones no queda ahí. Cuando se publica la Ley 19/2013, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, las víctimas nos dirigimos al Ministerio de Fomento por escrito, solicitando algunas aclaraciones respecto al desarrollo de la línea de Alta Velocidad, en el tramo Ourense-Santiago, así como a las características del tren Alvia S730 y sus respectivos costes, ya que nos resultaba difícil entender cómo, según datos aparecidos en los medios de comunicación, se podían haber gastado 164 millones de euros de todos los ciudadanos en un sistema de frenado automático (ERTMS) que nunca funcionó correctamente; o qué ahorro supuso el cambio del proyecto original; o en qué se emplearon los más de 58 millones de euros adjudicados, 24 días antes de las Elecciones Generales de 2004, a la empresa OHL en el tramo de Alta Velocidad Boqueixón-Santiago, de 5,8 km. de longitud y con una curva –donde se produjo el trágico accidente- trazada en los años 40 y que, al parecer, apenas sufrió modificación alguna.*

*Pues bien, ¿saben los sres. Concejales cuál fue la respuesta del Ministerio de Fomento?, contestarnos con evasivas, remitiéndonos al portal del Perfil de Contratante y a dos enlaces en internet. Y cuál no sería nuestra sorpresa cuando nos encontramos que en ambos ponía: “página no encontrada”. Como podrán comprobar una transparencia total y absoluta.*

*Existe el error humano, sin duda. Pero es mucho más fácil que éste se produzca cuando se desconecta el sistema de seguridad para evitar retrasos, se cambia el proyecto original por uno menos seguro, cuando se desoyen las advertencias de peligro, cuando el conductor de un tren de Alta Velocidad tiene que circular a 200 km/h y reducirla bruscamente a 80 km/h, sin señales laterales ni balizas, tiene que orientarse mediante “referencias personales” (contar túneles, ver un chalet con piscina o una valla, como está explicado en la causa) y, además, tiene que atender las llamadas corporativas y, al tiempo, ir mirando una “chuleta” escrita que, además, contenía errores.*

*Todos estos hechos, que son solamente un pequeño “apunte” de lo que estamos soportando desde que se produjo el accidente, es lo que nos lleva a insistir en la*



*necesidad de una Comisión de Investigación Parlamentaria en el Congreso de los Diputados, donde se levanten las alfombras y se conozcan, con luz y taquígrafos, todos los entresijos técnicos, económicos y negligentes que hay detrás de este accidente. Y desde luego no nos cabe la más mínima duda de que donde no existe transparencia es porque hay algo que ocultar. ¿Qué es lo que se trata de ocultar en este caso o a quienes se intenta proteger?*

*Les invitamos encarecidamente a que vean el documental FRANKESTEIN 04155 premiado en la Semana Internacional de Cine de Valladolid –SEMINCI-, que tras dos años de investigación, consultas a ingenieros y expertos ferroviarios expone de manera clara las negligencias cometidas. Tal y como dijo la periodista Julia Otero tras su visionado: “Les recomiendo que vayan a verlo, Frankenstein-04155, es demoledor”.*

*El mismo efecto ha causado en todas las personas que lo han visto y han aclarado sus dudas sobre esta tragedia.*

*Las víctimas no podremos descansar jamás si no sabemos absolutamente toda la verdad sobre lo que hay detrás del accidente, además, consideramos que tenemos derecho a ello, nosotros y el resto de los ciudadanos, ya que esa es la única manera de que nada semejante se vuelva a repetir.*

*No entendemos otra manera de devolverles el honor y honrar la memoria de los fallecidos, de los heridos y de todos los familiares que no sea luchando por ellos y buscando la verdad a esta tragedia injusta.*

*Volvemos a repetir nuestro agradecimiento al grupo municipal de TEO y al resto de grupos que se han sumado a esta iniciativa, porque con ello demuestran que algo está cambiando en nuestro país y que los modos y maneras de hacer política hasta ahora quedan tan solo para la historia”.*

Sendo as vinte horas e corenta minutos remata a intervención de D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esperanza Fernández Iglesias.

O sr. alcalde agradece á sra. Fernández e súa intervención e cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.



A sra. Lemus sinala que despois de escoitar a intervención da sra. Fernández pouco máis hai que dicir, e amosa o seu agradecemento a ela e a Rosa, e a Rogelio.

A sra. Lemus da conta da moción de 11 de maio de 2016 (rex. entrada nº 3.614), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de transportes, turismo, emprego e participación veciñal de 23 de maio de 2016.

*"Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira do Grupo municipal do PsdeG-PSOE de Teo, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN PARA DAR APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo, en base aos motivos e consideracións expresadas na seguinte:*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produciu o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013. Este accidente no que morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145 é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española. Dita Plataforma constituíuse coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza en sentido amplo, esixindo tamén responsabilidades políticas, polos feitos que rodearon ao mencionado sinistro.*

*Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos, e por iso é necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que puidesen derivarse do devandito accidente ferroviario. Á marxe das investigacións xudiciais e as responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas e nun exercicio de responsabilidade é necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, situarnos do seu lado dandoles o noso apoio expreso.*

*A Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das autoridades e unha incomprendible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso. Con esta moción non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do ocorrido, pero a través do consenso entre todos os partidos políticos con representación no noso Concello nun acto de responsabilidade e compromiso contribuímos a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente ferroviario Alvia 04155.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal do PsdeG-PSOE de Teo, presenta para o seu debate e posterior aprobación en pleno o seguinte*



## **ACORDO**

1. *Dar apoio expreso á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.*
2. *Que o Concello de Teo reciba á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.*
3. *Solicitar ao Goberno da Nación que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.*
4. *Solicitar ao Goberno da Nación a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas”.*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, agradece a súa intervención á sra. Fernández, engadindo que ten todo o apoio do BNG. O sr. Fernández sinala que, aínda sabendo que é unha moción da plataforma das vítimas do Alvia, cando viu que a presentaba o PSOE, pensaba que hoxe se estaba falando disto cando isto é grazas ao PSOE e ao PP por boicotear a creación dunha comisión de investigación.

Sinala que se está falando disto case despois de tres anos, cando debería quedar zanzado no momento e se segue pedindo comisión de investigación, polo que pregúntase por qué, respostando que é porque foi rexeitado polo PP e polo PSOE no Congreso, engadindo que fai un mes que o partido socialista votou en contra da proposta de crear a comisión de investigación. Considera o sr. Fernández que é triste que estean falando isto, solicitando unha comisión de investigación, cando en vez de aprobala se está boicoteando permanentemente.

Sinala o sr. Fernández que unha vez máis entende o cabreo da xente de cara á política cando se ve que un partido que apoia o contrario en Madrid, asina unha moción que emenda a posición do seu propio partido, sen recoñecelo en ningún momento. O sr. Fernández pregúntase se non lles da vergoña asumir esta moción, engadindo que non comprende esta hipocrisía política, ademais desta maneira. Di o sr. Fernández que tamén fai un mes o BNG demandou á Comisión europea que faga público o informe sobre o Alvia e a resposta que tiveron dende a Comisión é que non se amosaba o informe, algo que é unha vergoña, por presións do goberno español, tal e como se recolle nunha noticia da Voz de Galicia do 20 de maio. O sr. Fernández considera que é de xustiza dicir isto, engadindo que o di, ademais de como concelleiro, como cidadá. Salienta que o BNG estivo onde tiña que estar dende o minuto un, coas vítimas e



familiares, esixindo responsabilidades políticas, caese quen caese, máximo cando comprobaron que non existían medidas básicas de seguridade. Di o sr. Fernández que a pregunta é porque sempre se esquecen de Galicia, onde hai alta velocidade pero sen freos. Salienta o sr. Fernández que os/as concelleiros/as quedan retratados cando asinan está moción e a defenden como se non tivesen ningunha responsabilidade, como se fose un accidente e nada máis, e non pasou porque si, senón que hai unhas razóns. Na moción se insta ao concello para que reciba ás á plataforma das vítimas, porén isto non debía ser necesario que fora nunha moción, debería saír do propio alcalde. Remata o sr. Fernández a súa intervención sinalando que, dito isto, vai a apoiar o acordo para contribuír a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente, aínda que queren deixar claro que a mellor forma de dignificalos/as e determinar as responsabilidades políticas e de todo tipo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo, D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez felicita á sra. Fernández pola súa exposición, engadindo que con ela o que demostrou é que leva por bandeira o seu nome. Sinala que dito isto non teñen nada máis que engadir que amosar solidariedade e acompañamento ás vítimas.

O sr. alcalde amosa a conformidade de Son de Teo- ANOVA coa moción e co discurso da representante da plataforma que opina foi mo claro en todos os aspectos, polo que o asumen plenamente. Sinala que efectivamente se recibirán, engadindo que efectivamente non fai falla que vaia nunha moción, porén a moción se presentou cando se presentou e non houbo moito tempo de concretar o acordo, pero se fará nos próximos días.

A sra. Lemus sinala aclara que esta moción é a proposta da plataforma e se presenta en moitos sitios, a través de partidos políticos. Aclara que acepta e asume todas as críticas que se poidan facer ao seu partido en Madrid, e tamén en Galicia. Sinala que para ela persoalmente despois de ter moitos contactos coa plataforma e de defender as súas ideas noutros sitios, sería unha hipocrisía non traer a moción.



Considera a sra. Lemus que o seu partido non está respondendo como debera, tanto no Parlamento galego como no do Estado español, e agarda que con estas mocións que se están presentando nos concellos, tanto en Madrid como en Galicia, cambien de parecer e se dean conta do que é xusto neste tema.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e seis abstencións (6 PP), acorda:**

- 1.- Dar apoio expreso á Plataforma de Víctimas do Alvia 04155.**
- 2.- Que o Concello de Teo reciba á Plataforma de Víctimas do Alvia 04155, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.**
- 3.- Solicitar ao Goberno da Nación que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.**
- 4.- Solicitar ao Goberno da Nación a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.**

**7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA APOIAR ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSÍONS DE ESTADOS EXTRANXEIROS.**

O sr. alcalde sinala que neste caso houbo tamén unha petición de intervención de D. Manuel Domínguez Rial, en representación da plataforma de inmigrantes retornados, sendo tamén contestando favorablemente, establecéndose un único turno de intervención, nun tempo máximo de dez minutos.

Sendo as vinte horas e cincuenta a un minutos comeza a intervención do sr. Domínguez, nos termos que se recollen a continuación.

*“ Hola, boa tarde a todos/as.*

*En primeiro lugar quería dar as grazas ao BNG por presentar esta moción e poder así facer aquí a defensa dun problema que traemos dende longo e hoxe estámolle agradecidos porque deste xeito podemos ir tanto polos concellos como polas*



*Deputación, igual que no Parlamento, pedíndolle a este goberno que nos defenda e que non mire para outro lado e mire un pouco polos emigrantes que tiveron que ir a buscar o traballo fora.*

*Emigración, e máis emigración, tatarabós, fillos e netos que se van fora mentres, parafraseando o que xa advertía Rosalía, “Galiza sin xente quedas que te poida traballar”. Pois en pouco máis de 100 anos baixamos máis da metade a poboación galega con respecto da Española, de contarmos con máis do 13% de habitantes do Estado, baixamos a menos do 6% actuais, máis da metade da nosa poboación botou raíces fora da nosa Terra e esta situación non se debe a que Galiza sexa pobre. Os que andivemos polo mundo adiante vimos países con moitas menos posibilidades ca o noso e non padecen a emigración que nós temos por que a nosa riqueza vai cara ao centro de decisión política e os da periferia cargamos con gastos que non son nosos, nin son poucos, para manter parasitos, corruptos, cazadores de elefantes ou guerras que nos son nosas e que por riba provocan máis fame e miseria. Os despropósitos son moitos. Así é, que á Galiza vánselle os folgos por deixar os seus sectores produtivos á intemperie baixo batutas de Madrid ou Bruselas, mentres a xente moza ten que seguir emigrando e aos que vimos de volta, para que lle dean as contas ao Goberno, a sangrar aos mesmos coa mesma política de sempre. Estamos fartos!!.*

*Vai para tres anos que estamos nesta loita moitos miles de emigrantes retornados que non queremos privilexios, só xustiza e igualdade de trato cos demais pensionistas. Unhas 250.000 persoas retornadas formamos este colectivo na Galiza, un colectivo maltratado ao ter que buscar fora da nosa terra un traballo digno que aquí se nos negou. Non somos os únicos pagando as consecuencias desta crise que nós non provocamos, abandonados pola política mesetaria e traizoados polos monaguillos políticos de turno que os seguen. Nós, somos o resultado, emigración.*

*Temos un problema político co Goberno e coa Facenda española, e debo subliñar aquí que a Facenda Foral Vasca non lle supuxo á emigración que volveu a Euskadi ningún destes problemas que nós temos, co cal, é fácil deducir que ter unha facenda propia na Galiza é vital. E isto xa o defendeu Alexandre Bóveda (coa súa vida claro, a Franco non lle gustaba).*

*Tres anos xa, no 2013, os retornados empezamos a recibir cartas de Facenda, como “defraudadores”, pasar a pagar con efecto retroactivo de 5 anos miles de euros, era a*





*sorpresa. A resposta a tal aldraxe por parte dos afectados foi inmediata, mobilización na rúa. Non tiñamos coñecemento de tal débeda,*

*No 2014, aparece por primeira vez oficialmente na Declaración do IRPF que as pensións dos emigrantes tamén deben declararse, nunca apareceran antes. Meses despois, o día 1 de agosto, o Consello de Ministros acorda devolver multas e intereses de demora, a presión na rúa viña de facer o primeiro efecto, evidentemente os “emigrantes retornados non éramos defraudadores”, dixo o Ministro de Facenda, entón por que non devolveu tamén os anos cobrados indebidamente con efecto retroactivo?. Preguntamos nós.*

*A finais do 2014 o Goberno do PP establece unha disposición adicional, a chamada Lei 26/2014, e na campaña do IRPF do 2015, dan 6 meses para regularizar as pensións pero nin pío sobre o efecto retroactivo e outras dúas demandas nosas como son a homologación das pensións de invalidez e a devolución do cobro ilegal das pensións de Alemaña antes do 2013. Iso foi o Plan do Montoro para regularizar unha estafa á Emigración de Retorno.*

*Non tiveron en conta todas as sentenzas a favor dos emigrantes retornados que se gañan individualmente no TSXG, por que recadan moito máis cos que calan por medo ou por falta de información. Triste realidade a de atracar aos traballadores retornados da emigración.*

*“ Facenda somos todos!, vaia conto. Os retornados nunca nos negamos a declarar a pensión, e non pasaríamos por este calvario se a Facenda española para tapar os buratos dos verdadeiros evasores fiscais e de outro tipo, non actuara contra nos con premeditación, mala fe e falta de transparencia. Nos, non facemos parte do mundo da corrupción, non levamos diñeiro negro para Suíza ou Panamá, trouxémolo gañado honradamente, o noso diñeiro está nos Bancos, e os Consulados e o INSS tramitan a nosa documentación e as nosas pensións. Quen defrauda aquí?.*

*Si o noso problema é sobre todo político, pois a solución tamén debe selo. Somos as vítimas inocentes dunha clara discriminación que vulnera a mesma Constitución española e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos no artigo 25. Por todo o exposto a Plataforma Comarcal de Emigrantes Retornados de Compostela, na que tamén se atopan veciños deste Concello, solicita deste Pleno da Corporación Municipal de TEO a adopción do seguinte acordo:*



1.- O COMPROMISO de impulsar, como unha das primeiras medidas do novo goberno que saia do vindeiro 26 de xuño, a orde de paralizar o proceso do Plan Montoro, establecido na disposición adicional da chamada Lei 26/2014 de Regularización, que xunto coa Lei 35/2006 , do PSOE de Zapatero é, segundo o noso punto de vista, a causa-motivo que provoca este grave problema dos emigrantes retornados co fisco Baseado nos seguintes criterios:

2.- Non a aplicación da lei con carácter retroactivo e polo tanto que se nos devolvan os cartos que pagamos inxustamente xa que non somos defraudadores.

3.- Modificación urxente na lexislación clara e precisa, sobre a tributación das pensións dos emigrantes retornados, partindo do principio de non discriminación, para que dispoñan dun marco tributario homoxéneo para todas as pensións, incluíndo particularmente as exencións de presentar declaración do IRPF de non superar determinados umbrais de rendas, veñan elas de un ou varios estados, realizando para tal fin as modificacións oportunas da Lei 35/2006 do IRPF.

4.- Unha lexislación clara, na que en virtude do establecido nos diferentes tratados bilaterais, establézanse os dereitos e obrigas de cada caso, incluíndo o recoñecemento de oficio do grao de invalidez recoñecido no país de orixe da pensión.

5.- Asumir o contido das sentenzas xudiciais que en virtude do artigo 19 do Tratado bilateral hispano-alemán vixente ata o 31 de decembro 2012- que exime de tributación no Estado español as pensións percibidas en Alemaña- se proceda á devolución de oficio de todos os cartos cobrados en concepto de IRPF.

Nos non emigramos para facernos millonarios, nin para ver mundo, nin para evadirmos de nada que non fora da miseria, miseria económica pero tamén política e que atopamos aínda, desgraciadamente, cando retornamos pero que non aceptamos e combatemos. E así o faremos sempre que nos vexamos agredidos nos nosos dereitos. Mais nada, moitas grazas”.

Sendo as vinte e unha horas remata a intervención de D. Manuel Dominguez Rial.



O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro do grupo mixto, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández sinala que despois da exposición do sr. Domínguez pouco máis ten que engadir, salientando que a moción consiste en apoiar ás persoas que reciben pensións de Estados estranxeiros, os inmigrantes, dos que desafortunadamente se estivo falando nos últimos anos. Explica que precisan unha solución a un problema, a unha posición política que os cualifica como defraudadores, cando os verdadeiros defraudadores son os que chaman defraudadores aos traballadores.

O sr. Fernández da conta da moción de 18 de maio de 2016 (rex. entrada nº 3.904), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 23 de maio de 2016.

### “MOCIÓN

*Manuel Anxo Fernández Baz, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, para apoiar as persoas que reciben pensións de estados estranxeiros.*

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Máis unha vez querémonos referir á problemática que rodea a emigración que Galiza padeceu, e continúa padecendo. Foron milleiros as persoas que se viron obrigadas a abandonar o noso país desde comezos do século XIX para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.*

*Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Tras este colectivo recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondentes aos exercicios de 2008, 2009, 2010 e 2011, produciuse unha forte resposta social. Estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da*



*obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.*

*Dos máis de 250 mil pensionistas e persoas xubiladas retornadas, a gran maioría teñen unha paga mensual de menos de mil euros e en moitos casos estas pensións son as que están salvando economicamente as familias por membros que se atopan nunha situación crítica de paro ou de precariedade laboral.*

*Por todo isto solicítase a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

*1. Demandar do Goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:*

*a) Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.*

*b) Que se paralice o proceso do Plan Montoro, establecido na disposición adicional única da Lei 26/2014.*

*b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.*

*c) Asumir o contido das sentenzas xudiciais que en virtude do artigo 19 do Tratado bilateral hispano-alemán, vixente até o 31 de decembro de 2012, exime de tributación no Estado español as pensións percibidas en Alemaña antes do exercicio 2013 e que, en consecuencia, se proceda á devolución de oficio.*

*d) Cumprir co artigo 25 da Constitución española non aplicando a lei vixente con carácter retroactivo e que polo tanto lles devolvan os cartos pagados inxustamente.*

*2. Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria”.*



Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus quen sinala que, como outras veces, van a apoiar a proposta. Di a sra. Lemus que ten unha dúbida que quizais dende a Plataforma se poida informar, e pregunta cántos veciños de Teo hai na Plataforma ou se teñen constancia de cantos están sufrindo esta inxustiza.

O sr. Domínguez resposta que teñen unha contía global, non a nivel de Teo, engadindo que no ano 2005 houbo 250.000 afectados, aínda que non saben o desglose por concellos. Sinala que en Teo haberá 40 ou 50 afectados, sendo diferente q se despracen ou dean a cara.

Aberta a primeira quenda de intervencións o portavoz do PP, sr. Guerra, cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño saúda ao sr. Domínguez e a todas as persoas que o acompañan representando á Plataforma. Sinala que despois de ver o acordo recollido na moción, están de acordo coa maioría dos puntos, aínda que consideran que non recolle todo de forma suficiente, por iso o seu grupo se vai a abster. Di a sra. Nariño que dende o seu partido, xa o goberno aprobou un proceso de regularización, dende xaneiro de 2015, onde se pretende que os pensionistas non teñan que pagar as sancións, nin os recargos nin xuros polas pensións percibidas, e aqueles que pagaron que se lle devolva todo. Sinala a sra. Nariño que como filla de inmigrante e nada nun país estranxeiro manifesta a súa preocupación con respecto a toda problemática que está a manter este colectivo, porque lle resulta cercano, polo que espera que haxa unha resolución, que este acordo de regularizar dende o 2015 vaia adiante e que haxa unha resolución e se lle de resposta á demanda que se está a plantexar.

O sr. alcalde amosa o apoio total do seu grupo á moción e ás reivindicacións da Plataforma.

O sr. Fernández di que a moción non é del, senón que é unha proposta da propia Plataforma, aínda que vai co selo do BNG porque a ten que presentar un concelleiro, pero o texto é da Plataforma, polo tanto non ten nada que discutir do acordo.



O sr. Fernández dille á sra. Nariño que regularizar é recoñecer que existiu un fraude por iso se insiste na paralización do plan Montoro, por exemplo. Salia o sr. Fernández que estes traballadores/as nunca pretenderon defraudar nada, porén así é como se consideran. Opina que se a cuestión estivera resolta os representantes da Plataforma non estaban aquí hoxe por este tema, porque seguro que teñen cousas máis importantes que facer. Reitera que o acordo é o proposto polo Plataforma e iso é o que el defende neste Pleno.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda.

Intervén a concelleira do PP, sra. Nariño, quen lle di ao sr. Fernández que probablemente teñen que asumir erros porén diso se trata. Sinala que a exposición da Plataforma lle pareceu completa e moi ben exposta e o acordo non lle pareceu tan completo.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA , 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e seis abstencións (6 PP), acorda:**

**1.- Demandar do Goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:**

**a) Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.**

**b) Que se paralice o proceso do *Plan Montoro*, establecido na disposición adicional única da Lei 26/2014.**

**b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.**



c) Asumir o contido das sentenzas xudiciais que en virtude do artigo 19 do Tratado bilateral hispano-alemán, vixente até o 31 de decembro de 2012, exime de tributación no Estado español as pensións percibidas en Alemaña antes do exercicio 2013 e que, en consecuencia, se proceda á devolución de oficio.

d) Cumprir co artigo 25 da Constitución española non aplicando a lei vixente con carácter retroactivo e que polo tanto lles devolvan os cartos pagados inxustamente.

2.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

## **8.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto noveno da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, agradece á Plataforma de emigrantes retornados a súa intervención, e formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández di que os traballadores/as da empresa de zonas verdes de Teo lle fixeron chegar unha serie de documentación en relación con varios escritos presentados no concello Teo, dirixidos ao sr. alcalde e o concelleiro de servizos, básicos.

Sendo as vinte e unha horas e doce minutos sae do Salón de Plenos o concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Roberto Moniño Gil.



Di o sr. Fernández que o primeiro escrito que ten é de 16 de decembro de 2014, o que manifesta que a problemática xa leva un ano e medio, sobre o mal funcionamento do servizo e a súa situación laboral. Sinala que entre as cuestións que denunciaban er oo tema de maquinaria escasa, mala organización e distribución do traballo e o incumprimento de obrigas laborais, etc. Refírese tamén a uns escritos de 17 de novembro e 10 de xuño de 2015 e 3 de maio de 2016, engadindo que lle consta que hai máis escritos. Explica o sr. Fernández que dende o principio parece ser que a empresa non estaba cumprindo co contrato asinado co concello polo que non estaba cumprindo coas obrigas cos veciños/as de Teo.

Sendo as vinte e unha horas e catorce minutos entra no Salón de Plenos o concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Roberto Moniño Gil.

O sr. Fernández sinala que se fixo eco desta situación e o que se ve é que dende o concello non se fixo nada, polo menos que se saiba, en relación cos incumprimentos da empresa, sobre todo en materia laboral. Pregunta o sr. Fernández que se está facendo agora mesmo polo goberno municipal ou que se pensa facer no futuro.

O sr. alcalde di que son coñecedores da situación, celebrando o sr. Francos e el algunha reunión cos traballadores. Dende principio houbo incumprimentos, e por iso se elaborou un libro de actas nos que se foron recollendo os sucesivos incumprimentos, que non son totais, senón parciais, dando lugar a unha primeira sanción, para proceder, se se segue mantendo, a unha rescisión do contrato, porén para iso hai que estar ben documentado. Opina o sr. alcalde que nesa medida se fixeron as cousas, e aínda que sempre se pode facer máis rápido, a Administración é bastante lenta na consecución dos distintos pasos. Salia que son conscientes de que a situación se vai a precipitar nos próximos meses, dende que se recibiu un requirimento de embargo dalgunhas cantidades a pagar ao empresario, e aínda que non é unha situación que incida en maior ou en menor medida para poder rescindir o contrato, porque as de rescisión son causas tipificadas, porén aumenta a preocupación é fai prever que a situación poda terminar nun impago aos traballadores nos vindeiros meses. Explica que como o servizo de xardinaría é un complemento do servizo municipal estase estudando a posibilidade de municipalización. Explica que se está facendo un avance de estudo





de custes, de xeito que no momento en que se produza a rescisión se podería asumir o servizo, voltándose a ter o problema de que se pode facer cos traballadores, o mesmo que pasou con Aguaguest. Remata o sr. alcalde sinalando que se traballa no horizonte de que á volta do verán o servizo estea municipalizado, e aínda que é moita aventurar, todos os indicios apuntan a unha situación de non marcha atrás.

O sr. Fernández agradece as explicacións.

2.- O sr. Fernández pregunta que pasou coa recollida de vidro estas últimas semanas, que parece ser que se votou máis tempo do normal para recoller o vidro.

O sr. alcalde di que non é consciente e non viu ningún contedor rebosante. Dille ao sr. Fernández que cando sexa así se traslade canto antes porque lles permite ver que pasa, se é un problema puntual ou ver que pasa.

O sr. Fernández sinala que o contedor estaba cheo e que a xente botaba por fora.

Sendo as vinte e unha horas e dezanove minutos sae do Salón de Plenos o concelleiro do PP, D. José M. Guerra Calvelo, incorporándose pasados dous minutos.

O sr. Fernández pregunta se entón non pasou nada.

O sr. alcalde resposta que non é consciente.

3.- Roga o sr. Fernández que na rúa que vai comunicar a rúa Ledín coa estrada da Pedreira, hai un sinal de limitación de 5,5 toneladas. Entende que a sinal ten relación cos adoquíns do camiño e explica que alí existe unha empresa onde van trailers e teñen que manobrar marcha atrás naquela urbanización, onde hai bastante xente e nenos, se xera unha situación bastante complicada e pode haber algún día algún problema. Pregunta o sr. Fernández se se pode solucionar dalgunha forma ese tema para que os camións poidan seguir e incorporarse despois á estrada da Pedreira e incorporarse á estrada xeral, seguindo para diante, sen ter que manobrar marcha atrás.



Reitera sr. Fernández que haberá que estudar se se pode buscar algunha solución ao problema.

O sr. Francos di que a sinal se puxo a petición dos veciños, porque lles parecía perigoso que pasaran semellantes camións polas beiras das súas casas. Considera que se pode facer un estudo ou pedir á policía local que faga un informe a ver que lles parece a eles.

O sr. Fernández di que ver aqueles trailers dar marcha atrás é bastante perigoso. Aclara que pensou que a sinala era pola parte dos adoquíns do camiño e sinala que pon a problemática sobre a mesa, para que se estude e se se considera algunha solución darlla e senón aí queda.

4.- O sr. Fernández lembra o tema da marquesina da Ventureira, e di que os veciños seguen esperando por ela, un mes despois, cando se falou de que se trasladaría dun lugar para outro.

O sr. Francos di que van a aproveitar que está acabando o curso porque se quería levar para alí unha de Augas Mansas. Sinala que hai que aumentar alí un pouco a beirarrúa, e para iso habería que quitar as marquesinas que hai, e se deixaría os nenos sen marquesina un mes que queda de colexio, polo que se vai a esperar ata ao 22 de xullo para poñerse con esas cousas.

O sr. Fernández di que polo tanto para o vindeiro curso haberá marquesinas novas.

O sr. Francos asinte.

5.- O sr. Fernández di que se falou cando se fixeron as sendas da problemáticas que ía a ter cando crecera a herba, estándose agora vendo por exemplo o tema de Texese. Sinala que agora están intransitables, polo que roga que se limpen canto antes, porque, por exemplo, onte estaban molladas e ao ir pola beiravía a xente se mollaba e entón ían pola estrada. Roga o sr. Fernández que se faga a limpeza oportuna tomando como prioridade xa esas zonas que teñen as beiravías.



O sr. Francos sinala que estase procedendo estes días, que onte limpouse a do instituto de Requian, e esta semana que se está traballando en Calo e se pasara por Texexe.

O sr. Fernández di que vendo a problemática, que todos asumiron no seu momento, insiste en que non se sigan facendo as sendas desa maneira. Sinala que agora estase vendo a problemática que se recoñeceu por todos non seu momento, e haberá que telo en consideración porque senón haberá ese problema en todos os sitios.

Preguntados polo sr. alcalde, o/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra di que está de acordo co sr. Fernández, engadindo que as sendas se fixeron mal e seguen facendo fatal. Non chegan aos muros e por iso medra a herba, díxose no seu momento e non se fixo nada e para iso se conta con persoas diplomadas, enxeñeiros etc.

A sra. Lemus lembra que os proxectos foron aprobados polo Pleno por unanimidade.

O sr. Guerra dille á sra. Lemus que sempre se escuda niso.

A sra. Lemus di que os proxectos son os que son. Cree que o exemplo máis claro é Solláns, que se está executando, e se se visita se ve que a evolución do que era a senda orixinal e unha certa execución é bastante considerable e se está intentando adecuar o proxecto na execución na medida do posible, aínda que en ocasións é complicado sen entrar en modificados que darían lugar á perda da subvención.

O sr. Guerra di que en Recesende van nefastas, engadindo que en Solláns el xamais faría iso.



2.- O sr. Guerra di que en Bamonde dende a taberna que había, ou que hai, pide que se lle mire de mover os contedores, porque lle entran mosquitos, moscas e demais.

3.- O sr. Guerra di que lle dixo Pepe de Castre, que o sr. Francos coñece ben, a ver se os contedores se lle poden retrasar, engadindo que tampouco está pedindo tanto.

4.- Di o sr. Guerra que os veciños da Torre se van a manifestar e van a cortar a estrada, porque pasou un camión onte con asfalto e non lles asfaltaron aqueles baches que tanto tempo veñen pedindo.

O sr. Francos di que o trozo que está destrozado é a vía de servizo e é competencia da Xunta de Galicia, e xa ten coñecemento o enxeñeiro xefe, que viu a ver o parque cando o estiveron arranxando e segue igual. O sr. Francos invita ao sr. Guerra para que fale co seu partido.

5.- Di o sr. Sánchez que despois da xuntanza veciñal de Lampai, Luou, e Lucí teñen unha batería de cuestións, porén para evitar prolongar a quenda de rogos e preguntas pasaranse por escrito a partir de mañá ou pasado, engadindo que queren que quede constancia no Pleno.

6.- Di o sr. Sánchez que hoxe douse a casualidade que se cortou a transmisión do Pleno por cuestións da liña telefónica, porén máis aló diso a xente que o ve dende casa se queixa habitualmente de cortes, engadindo o sr. Sánchez que descoñece se son debidos á liña telefónica ou o servizo de *streaming*. Propón o sr. Sánchez que dito servizo sexa de pago, non gratuíto, resultando o custo baixo e polo tanto asumible, o que vai a evitar publicidade que en ocasións é bastante desafortunada, propoñendo tamén que se intente mirar que pasa coa liña para saber a que se deben estes cortes tan frecuentes.

7.- Di a sra. Ferreiro que quería facer unha aclaración sobre o pleno anterior, unha pregunta que fixo sobre os funcionarios que tiveron algo que ver no caso de Texexe. Aclara a sra. Ferreira que ela en ningún momento dou absolutamente nome ningún, engadindo que agora pasa ás preguntas.



8.- Pregunta a sra. Ferreiro se foi remitida a moción sobre a pirotécnica que asinaron todos os grupos políticos ao Subdelegado de Goberno.

O sr. alcalde di que iso non o envía el directamente, engadindo que se non se enviou estará en proceso, xa que o fai directamente a secretaría. Pregunta o sr. alcalde se a moción poñía o desa remisión.

A sra. Ferreiro di que non precisamente á Subdelegación, porén sería interesante que a tivera.

O sr. alcalde di que o comprobará e que se non se remitiu se remitirá mañá ou o luns.

9.- A sra. Ferreiro di que hoxe apareceu unha noticia no Correo que poñía “*piden amparo á Valedora polas denuncias de Texexe*”. Di a sra. Ferreiro que reclaman un informe que ela entende que é o informe do departamento de urbanismo sobre a paralización da conexión sobre o saneamento na casa do expediente de Texexe. Pregunta a sra. Ferreiro se ese informe existe.

O sr. alcalde di que ese informe non existe, engadindo que xa se lle mandou unha xustificación aos veciños dicindo que ese informe non existe porque non ten que existir, engadindo que se pode dicir de cincuenta formas.

A sra. Ferreiro dille á sra. Lemus se lle pode facer a mesma pregunta, e preguntalle se o informe que se está reclamando ao departamento de urbanismo existe ou non.

A sra. Lemus resposta “*que non existe e punto*”. Sinala que, en relación a esa aclaración que fixo a sra. Ferreiro, sobre que non falou de ningún funcionario, cree que no Pleno, co tema do que está a falar a sra. Ferreiro, se están a facendo determinadas afirmacións, aseveracións, peticións de información, con determinado ton, etc..., e aínda que é verdade que a sra. Ferreiro non dou o nome, preguntou porque non se lle abría expediente disciplinario ou informativo ao “traballador responsable”, non sendo tantos no concello, e sen necesidade de dicir nomes todos sabían a quen se estaba referindo. Considera a sra. Lemus que se está chegando a un punto no que é



complicado voltar para atrás. Salienta que a ela sempre lle dixeron que os traballadores dos concellos son inventariables e os políticos son funxibles e os bens inventariables son bens a protexer e non bens a atacar e neste caso estase nun punto no que se está atacando todos os días na medida do posible. Di a sra. Lemus que pode entender que os veciños teñan as súas queixas, fagan os seus recursos, vaian á vía xudicial, á penal, ao Valedor do pobo, e a onde consideren, porén que dende os propios responsables políticos do concello se fagan determinadas aseveracións, comentarios ou, neste caso, falar do informe suposto, que non hai, sobre o tema da acometida, levántanse sospeitas sobre os traballadores do concello, debendo, chegados a este punto, parar todos un pouquiño neste tema.

A sra. Ferreiro di que ela xa aclarou que, dos funcionarios, ela non mencionou absolutamente a ninguén. Sinala que a Administración vista dende fora é como unha roda, para que funcione todo o mundo ten que poñer da súa parte, entón entendido dende fora é *“se uns estaban facendo de menos é porque alguén podía estar facendo de máis, outro podía estar facendo de menos, porén a roda funciona”*, engadindo que iso é ao que se refería ela. Sinala que ela é a primeira, como traballadora pública, que quere que lle recoñezan o seu traballo e recoñece o traballo da xente de aquí, por iso aclara que ela en ningún momento dixo que os funcionarios o fixeran ben ou mal, simplemente é para que a roda funcione, engadindo que foi iso o que dou a entender.

A sra. Ferreiro refírese ao medio de comunicación e sinala que no mesmo se di que *“también reclaman un informe de urbanismo sobre la acometida de agua”*. Aclara a sra. Ferreiro que está en castelán e que non sabe se ao equipo de goberno lle convén escoitar ese idioma.

O sr. alcalde pregúntalle á sra. Ferreiro que dende cando considera que os medios de comunicación como unha fonte fidedigna e certificada de algo, se lle está dicindo que non existe ese informe, e terá asumilo. Di que basta xa de hipocrisía porque cando pide que se abra un expediente a un traballador que ten a función de inspección urbanística....

A sra. Ferreiro di que non mencionou a ninguén.



O sr. alcalde dille á sra. Ferreiro que o nome foi o único que lle faltou dicir.

A sra. Ferreiro pregunta se non mencionou a ninguén a quen lle vai a abrir expediente o sr. alcalde.

O sr. alcalde resposta que se a sra. Ferreiro se referiu ao traballador que ten a responsabilidade da inspección urbanística.

Solicita a sra. Ferreiro que conste en acta que tanto o sr. alcalde como a sra. Lemus dixeron que non había ningún informe, polo que a noticia é totalmente errónea.

10.- A sra. Ferreiro roga ao sr. alcalde que a frase que ou outro día lles dedicou, tan espontaneamente, a retirara, porque no seu intento de descalificalos a eles quen se está descalificando é el. Pregunta a sra. Ferreiro ao sr. alcalde se se lembra da frase, engadindo que saíu ata na prensa.

O sr. alcalde di que non lembra a frase, engadindo que, se alguén se sentiu ofendido por calquera cousa, non ten problema en retirar frases que dixo, engadindo que por suposto retira calquera frase que puidera facer sentirse ofendido a alguén, engadindo que tamén pide un pouco de lealdade institucional non sentido de que se as forzas políticas din que non hai algo que non existe, se asuma que non existe e non se lle de máis credibilidade a un medio de comunicación que ao que están informando os responsables políticos e administrativos.

11.- O sr. Retis dille ao sr. alcalde que o ve un pouco estresado, engadindo que é sanitario e que iso é malo para a saúde. O sr. Retis di que se vai a referir ao Centro de saúde de Cacheiras, engadindo que traballou alí moito anos e o coñece moi ben. Explica que pola tarde traballan alí catro persoas e pasan un calor terrible, porque entra moito solo polas fiestras. Pregunta o sr. Retis, sobre a posibilidade de que se lle poña un toldo por atrás, porque verdadeiramente é moito calor o que fai alí.

Explica que o aparcadoiro está ben, engadindo que hai un trozo de xardín que sobra, que está case lindando coa porta da parte de atrás do centro, tratándose dun trozo de



xardín que non cumpre ningunha función, existindo unicamente herba. Pregunta o sr. Retis se existe a posibilidade de eliminar ese trozo para aparcadoiro, sobre todo para os sanitarios cando teñan que saír a unha urxencia.

Pide o sr. Retis un cambiador para pediatría e un paragüeiro, porque o que hai é moi pequeno para a xente que hai alí, xa que conta con catro mil e pico cartillas.

12.- A sra. Nariño di que lle fixeron unhas demandas as nais que levan os seus nenos á escola de Recesende, pensando no vindeiro curso. Explica que esa escola ten so area, por iso cando hai chuvia é moi molesto, e pregunta se é posible facer unha zona con césped artificial, ou o que sexa máis económico. Ademais parece que hai unha zona cercana, cuns banquiños e onde están as árbores, na que en ocasións hai botellas e cristais, e ao estar a escola al lado, pode resultar perigoso para os nenos, pedindo que se tivera un pouco presente.

Tratándose do acceso, explica a sra. Nariño que hai moitos baches.

13.- A sra. Vázquez di que a Xurso xa lle dixera fai uns meses, en relación co tema dos indicadores da aldea de Freixeiro, que se ían a poñer e pregunta como esta o tema porque seguen sen eles. Señala que a aldea de Nespereira tampouco os ten e a de Bustelo, entrando polo campo de fútbol tampouco, igual que Pontevea que so ten indicador vindo de Santiago, e vindo de Pazos e desa zona non, ao igual que cando cruzas a ponte tampouco ten indicador de Pontevea.

O sr. alcalde di que Bustelo vindo do campo de fútbol cree que o ten no alto, porque empeza polas dúas casas que hai alí.

O sr. Francos di que se mirara.

14.- A sra. Vázquez di que no camiño que hai alí en Pontevea xunto a ponte, para rechea iso botouse literalmente escombros. Pregunta a sra. Vázquez se iso é normal.





O sr. Francos di que é zahorra que venden en Carballal, na planta de reciclaxe, e o venden como zahorra, estando autorizado pola Xunta, e ao final non é tal, engadindo que ten pendente de botarlle zahorra normal por enriba, porque quedou regular.

15.- A sra. Vázquez refírese o tema da recollida, despois da festa do colexio, e pregunta porque se tardou en recoller iso, engadindo que se fixo a festa, quedou todo recollido en bolsas porén foi fai unha semana e o lixo segue alí.

O sr. Francos explica que, segundo lle di Geseco, pasa todos os xoves a recoller, agás que sexa festivo, que se adiantan, entón o xoves pasado foi, polo que a porquería ten que ser dunha festa da fin de semana.

A sra. Vázquez di que o comprobou cos pais e lle dixeron que as bolsas eran as que deixaron apoiadas alí para recoller.

Di o sr. Francos que lle dirá a Geseco que teña ansia de pasar todos os xoves.

Pide a sra. Vázquez que se mire iso porque a área en si merece estar coidada.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 10/2016**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 30 MAIO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a trinta de maio de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde acctal, D. Xosé I. Iglesias Villar, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

**Concelleiros/as:**

D<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez  
D. Xurxo Francos Liñares  
D. Jorge Juan Carballido Salgado  
D. José Francisco Nanín Castro  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar  
D. Julio César Retis Vázquez  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Non asisten, previa escusa:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira  
D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil  
D. Ignacio Manuel Arroyo Font



**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**ORDE DO DÍA:**

**1.- SORTEO DOS MEMBROS DE MESA PARA AS ELECCIÓNS XERAIS 2016.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas, declara público e aberto o acto, pasándose a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

**1.- SORTEO DOS MEMBROS DE MESA PARA AS ELECCIÓNS XERAIS 2016.**

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, e procedo a dar conta dos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral. Así, de conformidade co primeiro dos artigos citados infórmase que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais, e dáse lectura ao artigo 26 do citado texto legal nos termos seguintes:

- “1.- A formación das Mesas compete aos Concellos, baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zoa.
- 2.- O Presidente e os vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O Presidente deberá ter o título de Bachiller ou de Formación Profesional de segundo Grado, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.
- 3.- Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.
- 4.- Os sorteos arriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria”.

Explícase que noutros sorteos públicos de mesas electorais o Pleno acordaba que, no caso de que non se poida efectuar a notificación dalgún dos membros das mesas que resulten do sorteo, se acudiría á listaxe de suplentes que, a maiores dos que esixe a lei,



xera o programa utilizado para o sorteo público en cada unha das mesas correspondentes. Proponse a estes efectos utilizar esta listaxe para os casos de imposibilidade de notificación.

**Os/as concelleiros/as presentes aceptan unanimemente a proposta.**

Seguidamente, de acordo do previsto no citado artigo 26, procédese a efectuar o sorteo público dos membros das Mesas Electorais para as eleccións xerais do 26 de xuño de 2016, obténdose o seguinte resultado:

**DISTRITO: 1º                      SECCION: 1ª                      MESA: A**

Presidente: Jorge Francos Martínez  
1º vogal: Mª Victoria Alcalde Diéguez  
2º vogal: Juan José González Mauricio  
1º suplente de presidente: Roberto López Sueiro  
2º suplente de presidente: Mª José Daparte Cibeira  
1º suplente 1º vogal: Xurxo Louro Insua  
2º suplente 1º vogal: Herminia Fraga Cabarcos  
1º suplente 2º vogal: Mª Dolores Bello Fernández  
2º suplente 2º vogal: Azucena Coya Gómez

**DISTRITO: 1º                      SECCION: 1ª                      MESA: B**

Presidente: Ana Mª Rodríguez Gómez  
1º vogal: Mª de la Merced Otero Echart  
2º vogal: Marcos Vázquez Rendo  
1º suplente de presidente: Mª del Rosario Vilaboa Iglesias  
2º suplente de presidente: Paula Mª Pérez Abal  
1º suplente 1º vogal: Antonio Rodríguez Rodríguez  
2º suplente 1º vogal: Alejandro Miguélez Álvarez  
1º suplente 2º vogal: Higinio Peón Peón  
2º suplente 2º vogal: Manuel Varela Losada



**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: A**

Presidente: Sergio López Valle

1º vogal: Mª Mercedes Landeira Campos

2º vogal: Mª Carmen Barreiro Nogueira

1º suplente de presidente: Marcos Corzón Seoane

2º suplente de presidente: Lía García Portela

1º suplente 1º vogal: Yéssica García Domínguez

2º suplente 1º vogal: Mónica González Gómez

1º suplente 2º vogal: Mª Jesús García Otero

2º suplente 2º vogal: Rosa Mª Fernández Portas

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: B**

Presidente: José Ventín Pena

1º vogal: Mª Aranzazu Portabales Santomé

2º vogal: Xiara Yarima Vilaboy Barbosa

1º suplente de presidente: José Manuel Rodríguez Durán

2º suplente de presidente: Mª Beatriz del Río Rodríguez

1º suplente 1º vogal: Mª Jesús Millán Agrasar

2º suplente 1º vogal: Paula Míguez Martínez

1º suplente 2º vogal: Mª Isabel Patiño Amboage

2º suplente 2º vogal: Pablo Souto Martínez

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 3ª**

**MESA: U**

Presidente: Martín Caíño Vigo

1º vogal: Marcos Río Camino

2º vogal: Ramiro Antelo Ferro

1º suplente de presidente: Laura Calo Carro

2º suplente de presidente: Mª Elena Bao Ferreiro

1º suplente 1º vogal: Mª Esther Filloy Lorenzo



2º suplente 1º vogal: Jose Francisco Suárez Otero

1º suplente 2º vogal: María Rego Silva

2º suplente 2º vogal: Mª Josefa Rial Conde

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 4ª**

**MESA: A**

Presidente: Abelardo Jiménez Pérez

1º vogal: José Ramón Blanco Blanco

2º vogal: Isabel Brea Silva

1º suplente de presidente: Eduardo Campos Losada

2º suplente de presidente: Cristian Barros Castro

1º suplente 1º vogal: Valentín Carrera González

2º suplente 1º vogal: Mª del Pilar Blanco Pías

1º suplente 2º vogal: Mª Beatriz García Villar

2º suplente 2º vogal: Ramón Lorenzo Resúa

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 4ª**

**MESA: B**

Presidente: Mª Esther Romero Casal

1º vogal: José Francisco Rivadulla Fernández

2º vogal: Elisardo Vázquez Perol

1º suplente de presidente: Francisco javier torreiro Pampín

2º suplente de presidente: Iria Otero Romero

1º suplente 1º vogal: David Mosquera de Jesús

2º suplente 1º vogal: Virginia Muñoz Leira

1º suplente 2º vogal: Pilar Quintela Cuadrado

2º suplente 2º vogal: Fernando Pereira Calvo

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 5ª**

**MESA: A**

Presidente: Mª Isabel Alberte Varela



1º vogal: Cecilia Barco Fuentes  
2º vogal: M<sup>a</sup> Pilar García Casas  
1º suplente de presidente: Brais Jorge del Río  
2º suplente de presidente: José Jorge Baleirón  
1º suplente 1º vogal: Dolores Fariña Rey  
2º suplente 1º vogal: Julio Blanco Antelo  
1º suplente 2º vogal: Mónica Chorén Sisto  
2º suplente 2º vogal: José Barrera López

**DISTRITO: 1º                      SECCION: 5ª                      MESA: B**

Presidente: Mónica Pereira Castro  
1º vogal: Camilo José Quintáns Rial  
2º vogal: Manuel Liñares Santomil  
1º suplente de presidente: Paula Puga de Jesús  
2º suplente de presidente: Marta Santos Fernández  
1º suplente 1º vogal: Tania Liste Castro  
2º suplente 1º vogal: Purificación Moar Rodríguez  
1º suplente 2º vogal: M<sup>a</sup> de los Ángeles Martínez de Cestafe Ochoa de Erive  
2º suplente 2º vogal: M<sup>a</sup> Mercedes Tarrío Raíces

**DISTRITO: 1º                      SECCION: 6ª                      MESA: A**

Presidente: José Luis Duque Fernández  
1º vogal: Roberto Carlos Ferotti Ferotti  
2º vogal: M<sup>a</sup> Estilita Álvarez de Castro  
1º suplente de presidente: Guillermo Blanco Fernández  
2º suplente de presidente: Severino Castro Barreiro  
1º suplente 1º vogal: M<sup>a</sup> Isabel Iglesias Vidal  
2º suplente 1º vogal: José Ángel Alonso Martínez  
1º suplente 2º vogal: José Antonio Galego Fernández  
2º suplente 2º vogal: Mercedes Castro Fraga



**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 6ª**

**MESA: B**

Presidente: Mª Dolores Prieto Pérez

1º vogal: Roberto Daniel Malvaso Aggio

2º vogal: Dolores Rey Garabal

1º suplente de presidente: Mª del Valle Suárez Gil

2º suplente de presidente: Ignacio Ramón Pérez Méndez

1º suplente 1º vogal: Mª Luisa Penela Montoto

2º suplente 1º vogal: Bruno Prevettoni Gestoso

1º suplente 2º vogal: Heliodora Villar Rubal

2º suplente 2º vogal: Marta Varela Betolaza

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 7ª**

**MESA: U**

Presidente: Miguel Ángel Pardo Vicente

1º vogal: Elisa Mera González

2º vogal: Iago Montero Martínez

1º suplente de presidente: Francisco Martínez Serrano

2º suplente de presidente: Patricia Pacheco Sanchez-Aguilar

1º suplente 1º vogal: Alfredo Mato Mallo

2º suplente 1º vogal: Manuel Ramón Neira Pampín

1º suplente 2º vogal: Roberto Sayáns Lueiro

2º suplente 2º vogal: Ana Mª Pedrosa Castillo

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 8ª**

**MESA: U**

Presidente: Beatriz García Gil

1º vogal: Ana López López

2º vogal: José Manuel Regueiro Blanco

1º suplente de presidente: Mª Salomé Fernández Teo

2º suplente de presidente: Mª Dolores Nariño Facal

1º suplente 1º vogal: Lorena Fernández Duval





2º suplente 1º vogal: Juan Manuel Cutrín Martínez

1º suplente 2º vogal: Francisco Javier Castro Nogueira

2º suplente 2º vogal: Mª Carmen Martínez Pereira

**DISTRITO: 2º**

**SECCION: 1ª**

**MESA: A**

Presidente: María Sol Bartolomé

1º vogal: Yonathan Carreira Figueiras

2º vogal: José Manuel Felpete Carreira

1º suplente de presidente: Mª Eugenia Botana Queiruga

2º suplente de presidente: Mª del Carmen Rodríguez Álvarez

1º suplente 1º vogal: Consuelo Miguens Sandes

2º suplente 1º vogal: Mª del Carmen Conde Mateo

1º suplente 2º vogal: José Suárez Otero

2º suplente 2º vogal: Mª Dolores Sanjurjo Tarrio

**DISTRITO: 2º**

**SECCION: 1ª**

**MESA: B**

Presidente: Mª Esther Castro Vales

1º vogal: Margarita Vaamonde Barreiro

2º vogal: Ana Mª Penedo Salgado

1º suplente de presidente: Josefa Cibeira González

2º suplente de presidente: Álvaro Parajó Francos

1º suplente 1º vogal: Mª Cristina Corostola González

2º suplente 1º vogal: Manuel Casal Pérez

1º suplente 2º vogal: David Tallón Carbia

2º suplente 2º vogal: Tubal Villar Cibeira

**DISTRITO: 2º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: A**

Presidente: Margarita Crego Buela



1º vogal: Diego Mallo Rodríguez  
2º vogal: Mª Pilar Vallejo Pulido  
1º suplente de presidente: Mª Trinidad Freire García  
2º suplente de presidente: Manuel Devesa Pereira  
1º suplente 1º vogal: Marta Gómez Rial  
2º suplente 1º vogal: Carlos Jesús Martínez Ramos  
1º suplente 2º vogal: Mª Carmen Carballal Castro  
2º suplente 2º vogal: José Manuel Gómez Rial

**DISTRITO: 2º                      SECCION: 2ª                      MESA: B**

Presidente: Vanesa Gómez Cajaraville  
1º vogal: Sonia Muíños Álvarez  
2º vogal: Belén Zamar Carbia  
1º suplente de presidente: Alejandro Edreira Iglesias  
2º suplente de presidente: Mª Carlota Álvarez Farrán  
1º suplente 1º vogal: Graciano Souto Blanco  
2º suplente 1º vogal: Natalia Álvarez Cuadrado  
1º suplente 2º vogal: José Mosquera Alfonso  
2º suplente 2º vogal: Mª José López Salgueiro

**DISTRITO: 3º                      SECCION: 1ª                      MESA: U**

Presidente: Olaya Vázquez Cardoso  
1º vogal: Ángeles Alonso Santos  
2º vogal: Mª Dolores Paz Tarela  
1º suplente de presidente: Juan Carlos Amado Neira  
2º suplente de presidente: Margarita Mª Isabel Burguera González  
1º suplente 1º vogal: Severino Iglesias Conchas  
2º suplente 1º vogal: Antonio Miranda Fieiro  
1º suplente 2º vogal: Luis Sánchez Ferreiro  
2º suplente 2º vogal: Irene Durán Recaman



**DISTRITO: 3º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: A**

Presidente: José Luis Escrich Álvarez

1º vogal: Mª Dolores Marín Nieves

2º vogal: Cristina Jaquet Santamarina

1º suplente de presidente: Lucía de la Calle López

2º suplente de presidente: Mª del Rocío González Castro

1º suplente 1º vogal: Montserrat Elvira Gallego Pereira

2º suplente 1º vogal: José Rodríguez Liñeiras

1º suplente 2º vogal: Sonia Piñeiro López

2º suplente 2º vogal: Abel Gómez García

**DISTRITO: 3º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: B**

Presidente: Mónica Camiño Cortés

1º vogal: Patricia Durán Sánchez

2º vogal: Augusto Pablo Reguera Tabernero

1º suplente de presidente: Mª Begoña Mouriño Maroñas

2º suplente de presidente: Marcial Conde Parajó

1º suplente 1º vogal: Daniel Saavedra Vázquez

2º suplente 1º vogal: José Luis Salmonte Varela

1º suplente 2º vogal: Milagros Piñeiro Rivera

2º suplente 2º vogal: Carmen Alende Pereira

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Xosé I. Iglesias Villar

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 11/2016**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 30 XUÑO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a trinta de xuño de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar  
D<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez  
D. Xurxo Francos Liñares  
D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil  
D. Jorge Juan Carballido Salgado  
D. José Francisco Nanín Castro  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar  
D. Julio César Retis Vázquez  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D. Ignacio Manuel Arroyo Font  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Secretaria accidental:**

D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Pilar Sueiro Castro



**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE ABRIL DE 2016 E EXTRAORDINARIA URXENTE DE 4 DE MAIO DE 2016.**
2. **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 387/16 Á 501/16)**
3. **DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
4. **DACIÓN DE CONTA DA PORTAVOCÍA SON DE TEO-ANOVA**
5. **DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**
6. **MOCIÓNS**
7. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE ABRIL DE 2016 E EXTRAORDINARIA URXENTE DE 4 DE MAIO DE 2016.**

*Acta da sesión ordinaria do 28 de abril de 2016.*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de abril de 2016.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

*Acta da sesión extraordinaria urxente do 4 de maio de 2016.*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria urxente celebrada o 4 de maio de 2016.



Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 387/16 Á 501/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de maio ata o 23 de xuño de 2016, que comprenden os números 387 ao 501, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

### **“DACIÓN DE CONTA**

*Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.*

*Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, so excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.*

*Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.*

**De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con**



***un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.***

*Teo, 27 de xuño de 2016*

*O alcalde,*

*Rafael C. Sisto Edreira”*

#### **4.- DACIÓN DE CONTA DA PORTAVOCÍA SON DE TEO-ANOVA**

O Sr. alcalde da conta do escrito do grupo municipal de SONdeTeo-Anova, (rex. de entrada nº 4.119, de 25/05/2016) que está integrado polos/as concelleiros/as que se indican a continuación e no que designan o portavoz e o suplente.

##### **GRUPO MUNICIPAL DE SON de Teo-ANOVA**

*D. Rafael C. Sisto Edreira*

*D. X. Ignacio Iglesias Villar*

*Dna. Concepción García Vázquez*

*D. Xurxo Francos Liñares*

*Dna. M<sup>a</sup> Pilar Pérez Fagil*

*D. Jorge J. Carballido Salgado*

*D. J. Francisco Nanín Castro*

**Portavoz:**

*D. X. Ignacio Iglesias Villar*

**Suplente:**

*Dna. Concepción García Vázquez*

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### **5.- DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

O Sr. alcalde da conta da composición das Comisións Informativas, que quedan integradas polos membros que se recollen a continuación, como consecuencia do





nomeamento de D. J. Francisco Nanín Castro, en substitución de Dna. Salomé Beiroa Fernández.

**“ASUNTO: COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

Visto o escrito presentado por D. Xosé Ignacio Iglesias Villar, portavoz do grupo municipal de Son de Teo-ANOVA, con data de 27 de maio de 2016 (rex. entrada nº 4147), as Comisións informativas, creadas mediante acordo plenario do 18 de xuño de 2015, quedarán integradas polos membros que se recollen a continuación:

**1.- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS, SOSTIBILIDADE E SERVIZOS BÁSICOS:**

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Vogais:**

**D. Xurxo Francos Liñares**

*Suplente: D. Xosé Ignacio Iglesias Villar*

**D. Jorge Juan Carballido Salgado**

*Suplente: Dna. María del Pilar Pérez Fagil*

**D. José Manuel Guerra Calvelo**

*Suplente: D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey*

**D. Antonio R. Sánchez Crespo**

*Suplente: D. Ignacio Arroyo Font*

**D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar**

*Suplente: D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal*

**D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia**

*Suplente: D. Roberto Moñino Gil*

**D. Manuel Anxo Fernández Baz**

**2.- COMISION INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN, CULTURA, EDUCACIÓN, SEGURIDADE CIDADÁ E DEPORTES.**

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira



**Vogais:**

**D. José Francisco Nanín Castro**

*Suplente: D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez*

**D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil**

*Suplente: D. Jorge Juan Carballido Salgado*

**D. Ignacio Arroyo Font**

*Suplente: D. José Manuel Guerra Calvelo*

**D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey**

*Suplente: D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar*

**D. Antonio R. Sánchez Crespo**

*Suplente: D. Julio César Retis Vázquez*

**D. Roberto Moñino Gil**

*Suplente: D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia*

**D. Manuel Anxo Fernández Baz**

**3.-COMISIÓN INFORMATIVA DE PERSOAL, COMUNICACIÓN, LINGUA E MEDIO NATURAL.**

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Vogais:**

**D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil**

*Suplente: D. Jorge Juan Carballido Salgado*

**D. José Francisco Nanín Castro**

*Suplente: D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez*

**D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar**

*Suplente: D. Ignacio Arroyo Font*

**D. José Manuel Guerra Calvelo**

*Suplente: D. María Dolores Nariño Facal*

**D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey**

*Suplente: D. Julio César Retis Vázquez*

**D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia**

*Suplente: D. Roberto Moñino Gil*

**D. Manuel Anxo Fernández Baz**



**4.- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE,  
PARTICIPACIÓN VECIÑAL E MOCIDADE.**

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Vogais:**

**D. Xosé Ignacio Iglesias Villar**

*Suplente: D. Xurxo Francos Liñares*

**D. Jorge Juan Carballido Salgado**

*Suplente: D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil*

**D. Julio César Retis Vázquez**

*Suplente: D. José Manuel Guerra Calvelo*

**D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal**

*Suplente: D. Ignacio Arroyo Font*

**D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey**

*Suplente: D.<sup>a</sup> Antonio R. Sánchez Crespo*

**D. Roberto Moñino Gil**

*Suplente: D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia*

**D. Manuel Anxo Fernández Baz**

**5.- COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPORTES, TURISMO, COMERCIO E  
EMPREGO.**

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Vogais:**

**D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez**

*Suplente: D. José Francisco Nanín Castro*

**D. Xurxo Francos Liñares**

*Suplente: D. Xosé Ignacio Iglesias Villar*

**D. José Manuel Guerra Calvelo**

*Suplente: D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar*

**D. Ignacio Arroyo Font**

*Suplente: D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey*



**D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal**

*Suplente: D. Antonio R. Sánchez Crespo*

**D. Robeto Moñino Gil**

*Suplente: D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia*

**D. Manuel Anxo Fernández Baz**

**6.-COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ASUNTOS ECONÓMICOS, QUE ASUME AS FUNCIÓNS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.**

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Vogais:**

**D. Xosé Ignacio Iglesias Villar**

*Suplente: D. Xurxo Francos Liñares*

**D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez**

*Suplente: D. José Francisco Nanín Castro*

**D. Antonio R. Sánchez Crespo**

*Suplente: D. José Manuel Guerra Calvelo*

**D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar**

*Suplente: D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey*

**D. Ignacio Arroyo Font**

*Suplente: D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal*

**D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia**

*Suplente: D. Roberto Moñino Gil*

**D. Manuel Anxo Fernández Baz**

Teo, 27 de xuño de 2016

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

O Pleno da Corporación dáse por enterado.



## 6.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto noveno da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha.

## 7.- ROGOS E PREGUNTAS.

O sr. alcalde da conta de que o grupo municipal do PP, mediante escrito presentado o 21/06/2016 (registro nº 5177), formula por escrito as seguintes preguntas:

- *De quen é competencia a xestión dos seguros dos vehículos municipais?*
- *Cal é a data de vencemento dos recibos previos aos actuais dos vehículos denunciados? Se é posible, solicitamos copia das mesmas.*

En relación coa primeira pregunta responde o sr. alcalde que a responsabilidade é compartida, por un lado a responsabilidade na contratación dos seguros que hai que realizar, que recae na concelleira de administración, por outro lado a responsabilidade no pago das renovacións das pólizas xa contratadas, que se prorrogan automaticamente, que é dos servizos económicos, e tamén é responsabilidade da policía local, como responsable da seguridade viaria do concello, que afecta aos elementos móbiles, e que se son coñecedores de calquera anomalía deben comunicala á quen corresponda. Seguidamente cédelle a palabra á concelleira de administración, Concepción García Vázquez, para que responda a pregunta sobre a data de vencemento das pólizas dos seguros dos vehículos.

A sra. García aclara que o seu departamento está facendo un traballo de campo para mellora a xestión dos seguros mediante a contratación conxunta de todas as pólizas de seguros do Concello co obxecto de optimizar os recursos, e para redactar os pregos para a contratación e coñecer os custes actuais dos seguros, tendo en conta que en intervención non aparecían todos os datos das pólizas, solicitoulle á policía local os datos, por indicación de intervención, e foi nese momento cando se detectou que existía unha anomalía no seguro dun vehículo, polo que se tratou de resolver a situación de inmediato, e mentres deixáronse os vehículos inmovilizados de forma preventiva. Engade que poucos días despois recíbese unha denuncia da policía



municipal, por a falla do seguros de tres vehículos da flota do concello, todos eles xa estaban inmovilizados.

Di a sra. García que un dos vehículos denunciados adquirírase uns días antes, e si tiña seguro aínda que non tiña chegado ao Concello a póliza, pero plenamente vixente, e o outro vehículo, sen ningún motivo coñecido a compañía aseguradora douno de baixa, en contra do que establece a lexislación que non permite dar de baixa unha póliza sen comunicarllo expresamente ao asegurado, e nese caso a aseguradora debe asumir todas as responsabilidades e coberturas contratadas na póliza. Di que unha vez restituídas as coberturas, que foi a prioridade inmediata, procedeuse a investigar cales foron as circunstancias baixo as que se produciron as anomalías, e en consecuencia cursouse a correspondente reclamación á aseguradora para que asuma a responsabilidade económica por incumprimento legal.

Aclara a sra. Vázquez que todo isto aflorou como consecuencia dun proceso previo á contratación dos seguros, que pretende reducir o número de intermediarios, así como reducir o custe dos seguros e que vai permitir establecer cláusulas que reiteren as obrigas que xa recolle a lexislación.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- En relación cos seguros dos vehículos denunciados pola policía, o sr. Fernández pregunta porque se responde que é unha tontería, xa que o grupo de goberno non debe responder a tonterías, se hai unha resposta hai que dala e non dicir que son tonterías, porque parécelle grave non ter seguro, pero tamén é grave a resposta que se dá dende o goberno municipal.

O sr. alcalde di que a resposta obedece a que non lle parece adecuado que a policía municipal proceda a denunciar aos vehículos, en vez de trasladar ao departamento esta circunstancia, sobre todo se teñen coñecemento da situación a través dunha concelleira, e menos que apareza a noticia na prensa.



O sr. Fernández di que está de acordo en que non é normal, e insiste en que o feito é grave, pero a resposta que se dá tamén, porque os veciños leen esa información na prensa e non entenden o que pasa, e cando menos hai que explicarlle a situación.

Aclara o sr. alcalde que a resposta non é inmediata, porque a concelleira vai a policía para contrastar a información sobre os seguros dos vehículos por indicación de intervención, e pasadas dúas horas a policía achegase a nave municipal, onde estaban os vehículos inmovilizados, e denuncia a tres vehículos, dos que polo menos un estaba perfectamente regularizado, e ese mesmo día chaman para preguntar, e non é posible dar unha resposta concreta porque hai que recadar toda a información sobre as circunstancias concretas, e recoñece que seguramente a palabra tontería non é a mais afortunada, pero hai que ter en conta o contexto, e non se refería tanto á situación en concreto, senón a todo o proceso.

O sr. Fernández di que en calquera caso o sr. alcalde debería dar unha explicación aclarando o sucedido, e os veciños entenderíano, e non deixar que pasara todo o que pasou, que foi un escándalo.

O sr. alcalde aclara que el non falou directamente co medio de comunicación.

Di o sr. Fernández que o medio de comunicación podería estar mentindo, iso el non o sabe, o que di é que a información que daba sobre a posición do goberno municipal sobre este tema, que ademais poñían entre aspas, é que se trataba de tonterías, e insiste o sr. Fernández que o feito é grave, e a resposta tamén.

2.- O sr. Fernández pregunta pola publicación do InformaTeo, quere saber cal é o custe desta publicación e da súa distribución e por que se fan tres InformaTeo en dous meses, cando se viña facendo un ou dous por ano.

Di o sr. alcalde que un número estaba moi atrasado e había moita información acumulada e que nese número xa se informaba que se cambiaba o modelo no sentido de que ia levar as casas a axenda das actividades municipais, para que chegue a información a todos os veciños, e que a partir de agora vaise facer un mensual, coa



axenda de todas as actividades, e este último número que foi bimensual, corresponde a xullo e agosto.

O sr. Fernández di que se vai chegar a todas as casas todos os meses supón un custo importante e pregunta se non hai un sistema mais económico para trasladar a información aos veciños.

Resposta o sr. alcalde que a través do sistema anterior gastábanse os cartos e non estaba chegando a información a moitos veciños, e así o constatou o concelleiro de benestar social falando coas asociacións veciñais.

Intervén o concelleiro de benestar social e igualdade, sr. Iglesias, para dicir que a información que se viña trasladando mediante carteis e taboleiros non estaba sendo efectivo a pesar de estar gastando os cartos e os medios, porque había que contar con protección civil para colocalos e non se obtiñan os resultados desexados e a información que se viña trasladando a través de internet non chegaba a todos os veciños porque hai que ter en conta que existen veciños que non acceden a Internet, e con este sistema asegúrase que a información chega a todos os veciños.

Di o sr. Fernández que no primeiro InformaTeo deste ano, votou en falta a información de todos os concelleiros, e recorda que cando a publicación era anual contiña información de todos os grupos municipais, e non solo dos do grupo de goberno, e que esa era a idea inicial e é o lóxico, porque todos os concelleiros representan aos veciños. Remata dicindo que se o InformaTeo ten carácter informativo non supón ningún problema, pero se é propaganda do grupo de goberno, como parece que é o primeiro deste ano, non está de acordo e pide que conste a súa queixa, e que quere saber cal é o custo da publicación.

3.- O sr. Fernández pon de manifesto o problema que existe coas beiravías que se están facendo, e concretamente a que vai de Reis a Rarís, na que os postes quedan no medio das sendas, non permite o paso das cadeiras de rodas e de bebés.





Respóndelle o concelleiro de infraestruturas, sr. Moñino, que se tratou de retirar os postes das beiravías, pero que non é posible en todos os casos, aínda que se está negociando con Fenosa para solucionar o problema pero non é fácil, e no Concello hai motos postes nestas circunstancias que non é posible retirar.

O sr. Fernández di que haberá que encontrar unha solución, xa sexa rebaixándoos ou como sexa, porque non é normal que non poida pasar unha cadeira de rodas, e tal como quedan non son operativos.

Di o sr. Moñino que as beiravías proxectáronse con un metro de ancho, e aínda que se intentou melloralas, non é fácil encontrar unha solución, estase tratando de mellorar os proxectos, pero non se pode facer outra cousa, e trátase dun tema reiterativo, porque non é posible facer as beiravías mais anchas.

Intervén o sr. alcalde que, tendo en conta que non se pode expropiar, as beiravías non poden ser mais anchas e por iso non é fácil dar unha solución, pero trataremos de minimizar os problemas que supoñen os postes, e facelas mais operativas.

4.- Pregunta o sr. Fernández cando está previsto facer as obras de aglomerado de Bustelo.

Responde a concelleira de urbanismo, sra. Lemus, que está o procedemento de contratación en marcha, e que a principios de agosto xa deberán estar contratadas as obras, agora mesmo están moitas obras en proceso de licitación e estanse axilizando as contratacións ao máximo, pero hai obras subvencionadas pola Xunta, que teñen que estar xustificadas en setembro, e déuselle prioridade, porque os medios técnicos son os que son, e están traballando a un ritmo bastante considerable.

5.- O sr. Fernández pregunta polas obras de conexión da rede de saneamento das casas da Choupana e Bustelo, polas que xa se preguntou noutro pleno, e quere saber como está o tema.

Responde a sra. Lemus que ese tema quedou pendente e non se volveu a tratar.



O sr. Fernández di que tamén é necesario modificar a tubaxe que hai no fondo da aldea.

Intervén o concelleiro de servizos básicos, sr. Francos, e di que esa obra está previsto que a faga a brigada municipal ao longo deste verán, aínda que hai moitas obras pendentes e hai que ir por orde, pero está previsto facela.

Pregunta o sr. Fernández se podería estar feita en xullo ou agosto.

Respóndelle o sr. Francos que mais probable en setembro.

6.- O sr. Fernández pregunta se está previsto facer o tramo de beiravía que vai dende o cruce de Calo ata o campo de fútbol, que fora proposta pola xunta de portavoces para o POS, e quere saber se está en algunha lista de obras pendentes.

Dille a sra. Lemus que se falou desa obra, pero que na reunión veciñal non foi das votadas e polo tanto non se incluíu na relación, e no listado están incluídas outras obras como a continuación de Solláns a Sandomingo e a que pasa por Bustelo, pero esa non está prevista.

7.- Di o sr. Fernández que no cruce de Mazas, en Solláns, fai falla un paso de peóns, que fai tempo que veñen reclamando os veciños, e cree que é importante poñelo.

Respóndelle o sr. alcalde que na zona xa existe un paso, e o paso de peóns que di o sr. Fernández cree que afecta a unha vía provincial.

Di o sr. Fernández que si está nunha estrada provincial, pero que pide que se solicite dende o Concello para que a Deputación o teña en conta e que o poña.

Intervén a sra. Lemus e di que todos os pasos de peóns que se solicitan á Deputación están sendo denegados, tanto en vías como en núcleos, porque están sendo



informados negativamente polos técnicos municipais coa argumentación de que non fan pasos de peóns for das travesías urbanas.

O sr. Fernández propón facer unha moción conxunta do Pleno do Concello para solicitalos e acompañala dos correspondentes informes da policía municipal.

8.- Di o sr. Fernández que no cruce de Sollans, na beiravía da dereita onde está situado o local social da Baiuca, hai plaquetas soltas e pide que a brigada de obras as revise.

9.- O sr. Fernández pide que se poña unha sinal, xunto ao centro de Saúde de Calo, indicando o lugar de Sandomingo.

10.- Di o sr. Fernández que en Lampai hai un veciño que ten un problema con un *roble americano*, xunto a unha finca municipal, que lle molesta e quere saber se é posible facer algo ao respecto.

Dille o sr. Francos que xa se coñece o problema e que lle din os técnicos que ou ben se corta ou que non se pode facer nada, porque non é posible podalo sen danalo, e hai veciños que queren que se manteña a arbore, polo que se lles dixo que fixeran unha proposta dicindo o que queren facer con el, suprimilo ou deixalo.

11.- O Sr. Fernández pregunta pola sinal de limitación de peso na rúa Ledín, en dirección a Pedreira, como está este tema.

Reponde o sr. Francos que lle pediu un informe á policía local, porque aos veciños non lle pareceu ben, e está a espera dese informe e doutro que lle pediu ao arquitecto municipal sobre o tema.

12.- O sr. Fernández pregunta se está previsto facer o saneamento das Gálanas a Balcaide, baixando á dereita.



Responde o sr. alcalde que se trata dunha obra moi custosa, que vai a 300.000 €, e polo tanto estase buscando o financiamento para executala, e que ademais, tendo en conta que nas Galanas está prevista a reforma do trazado da estrada nacional 550, hai que esperar para saber onde nos deixan situar a condución, pero en calquera caso trátase dunha obra moi custosa tendo en conta os veciños aos que afecta.

13.- Pregunta o sr. Fernández polo abastecemento de auga na mesma zona das Galanas, que esta feito por un lado e polo outro non, e quere saber se está previsto facer esta obra.

Respóndelle o sr. alcalde que nesa zona non hai problema co abastecemento de auga, e os interesados solo teñen que facer a solicitude, porque o custe é asumible.

14.- O sr. Fernández di que ten entendido que hai unha solicitude de petición de palabra dunha persoa para intervir no Pleno.

Respóndello o sr. alcalde que si, pero que de acordo co artigo 10 do Regulamento, non procede, xa que non hai ningún punto da orde do día relacionado co tema sobre o que se solicita a intervención.

15.- O sr. Fernández recorda que en maio de 2012 foi aprobada unha moción, por unanimidade, en relación co paso subterráneo de Osebe e Vilaverde en Calo, e que o alcalde comprometeuse a tratar de arranxar o problema dentro das posibilidades do Concello, pero o túnel volve a estar asolagado.

Dille o sr. alcalde que o problema deriva da chapuza que fixeron os de ADIF cando fixeron a obra, e non é fácil manter o túnel achicándoo con bombas. Engade que tiveron unha entrevista cos técnicos de ADIF e trasladáronlle a solución proposta polos veciños, pero no ADIF consideran que tecnicamente é inviable e que non hai nada que facer, e din que a culpa é do Concello, que se empeñou en facer este paso subterráneo cando non estaba previsto, e que os veciños teñen que asumir a situación. Engade o sr. alcalde que non é responsabilidade deste goberno municipal a chapuza que se fixo, e o que se vai facer é intentar solucionar o problema a través do bombeo, tratando de



minimizalo, dentro do posible, pero hai que ser conscientes de que o tema pode reaparecer en calquera momento e cando se volva a anegar tratarase de solucionalo o antes posible.

15.- O sr. Fernández pide que se arranxe unha pista que hai en Bustelo, xunto a casa do sr. Neira, porque hai un compromiso de arranxala, e de momento non se fixo.

Respóndelle a sra. Lemus que está entre as pendentes de reparar, e engade que Bustelo é importante, pero o resto das parroquias tamén están mal e hai que repartir as actuacións entre todas, porque os medios son os que son, e non pode dar unha data concreta na que se vai facer a obra.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo ou pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- En relación co tema da ponte de Vilaverde, o sr. Guerra di que, como xa dixo fai tempo, non é tan complicado e a solución non é tan cara como se está dicindo, considera que chegaría cuns 2.000 €, o que hai que facer é colocar unha canalización, paralela ao saneamento ao longo duns 150 m., cun tubo de 200 e darlle o nivel axeitado, e con iso xa non farían falta as bombas de achique.

Respóndelle o sr. alcalde que se os técnicos de ADIF din que non é fácil solucionar o problema será por algo, pero que se o sr. Guerra o ve tan fácil pode facer a obra e o Concello non ten problema en pagarlle.

2.- Di o sr. Guerra que os veciños de Vilar de Abaixo, en Francos, protestan por un camiño que está en moi mal estado, que habería que reparalo, igual que o camiño que vai para a taberna cara a Francos que tamén está mal.

3.- O sr. Guerra di que nunha pista de concentración que hai en Baamonde, chamado camiño do Barreiro, ao final onde fai unha curva, sementaron millo, e pide que se mire polas pistas municipais, e polo menos identificalas como do Concello.



4.- Pregunta o sr. Guerra se é posible cambiar a marquesiña de Veitureira en Lampai, que xa se pediu noutras ocasións.

Di o sr. Francos que en relación con esa marquesiña habería que cambiala para a explanada, que é onde os rapaces collen o autobús, porque onde está situada non presta servizo.

5.- O sr. Guerra di que hai queixas da situación dos contedores de Taibo, que están diante da taberna, e pregunta se é posible poñelos na masa común que hai enfronte.

Di o sr. Francos que recolle a petición, pero que ten un listado de obras e ten que ir por orde.

6.- O sr. Guerra di que no fondo de Lamas hai un camiño ao que hai que votarlle uns camiños de escombros, e que en Freixeiro, habería que desbrozar nunha masa común.

7.- Pregunta o sr. Guerra que pasa cunha señora dos Tilos, que leva tres anos esperando por unhas gafas, que valora en 400 €, e que lle romperon porque tropezou nunha baldosa, e non se lle resolve o problema.

Respóndelle o sr. alcalde que habería que mirar o expediente, que sabe da existencia desa reclamación, pero eses expedientes dependen de secretaría e non sabe en que situación se encontra.

8.- A sra. Nariño fai varias preguntas en relación coa escola unitaria de Raxó, que lle trasladaron e que afectan ao o solado de madeira que está en mal estado e é perigoso para os rapaces, tamén piden que se poña un banco na marquesiña, e con respecto ao parque infantil quere saber se o vai a reparar antes de que empece a escola e se van pintar a varanda que se puxo e que quedou sen pintar, e cree que se debería pintar.

Respóndelle a concelleira de educación, sra. Fagil, que ao final de curso as escolas pasan un informe coas deficiencias e as obras necesarias, e no caso da escola de



Raxó xa está previsto arranxar o chan de madeira, cambiar o parque infantil e pintar a varanda que se fixo, pero as obras sempre se fan ao rematar o curso, para non entorpecer as clases, e as obras vanse facendo en función da urxencia das mesmas e do presuposto do que se dispón, e engade que as obras do parque infantil non está claro se son obras de mantemento, que lle corresponden ao Concello, ou se son obras que lle corresponden á Consellería, pero que en calquera caso, nesta ocasión, vaino facer o Concello.

9.- A sra. Ferreiro pregunta se falta moito para coller ritmo na redacción das actas, porque estanse traendo a aprobar dous meses despois da celebración da sesión, concretamente hoxe tráese, para aprobar, a acta do mes de abril.

O sr. alcalde cédelle a palabra á secretaria, quen aclara que o volume de traballo non permite ter as actas a disposición dos concelleiros con mais celeridade, pero que toma nota para transmitirllle a preocupación á secretaría e tratar de resolver esta situación.

10.- Pregunta a sra. Ferreiro por que se lle quitaron as luces de sinalización ao NISSAN do Concello.

Respóndelle o sr. alcalde que este coche ultimamente non estaba sendo utilizado por protección civil, que foi para o que se instalaron as luces, e a policía, en vez de trasladar ao departamento correspondente que o vehículo non cumpre a normativa e que habería retirarlle as luces, decidiu parar o coche e multalo, multa que teñen que pagar os veciños de Teo, que son os que, a súa vez, lle pagan á policía para que os protexa e velen para que as cuestións do Concello estean en orde.

A sra. Ferreiro pregunta se non sabían que o coche non podía levar esas luces, e que eran ilegais.

Di o sr. alcalde que esa é a labor da policía, e cando menos habería que pedirlle que sexa leal no seu traballo e se o coche non cumpre dicirlllo aos responsables do Concello, e aclara o sr. alcalde que as luces non son ilegais, están homologadas, pero



agora mesmo o coche está sendo utilizado polos servizos xerais, mais que por protección civil, e polo tanto non precisaba luces de emerxencia.

Di o sr. alcalde que os coches multados, tanto os que non tiñan seguro como o NISSAN, pasaron a ITV sen problema, e incide en que a persoa que se dou conta de que os coches estaban sen seguro foi a concelleira, e nin a policía nin ningún outro responsable comentou que os coches estaban sen seguro, porque a compañía aseguradora deunos de baixa sen motivo e sen avisar ao asegurado como esixe a lei, supón que sería cousa do corredor de seguros que o dou de baixa sen motivo.

Responde a sra. Ferreiro que a compañía daría de baixa os seguros porque os concellos non pagan aos provedores.

O sr. alcalde di que este Concello paga aos provedores, e sempre se pagaron os seguros, e concretamente os recibos dos seguros son os primeiros que se pagan, porque senón quedase sen seguro. Engade que, en relación co tema das luces a policía, como calquera outro traballador, ten que ser leal e traballar para o Concello, con independencia de quen estea ao fronte, e neste caso o que falla é a policía.

Intervén o sr. Fernández para preguntar se a ITV non puxo reparos á revisión dos vehículos.

Responde o sr. alcalde que non e que é posible que a ITV non actuara correctamente e a policía tamén está mirando ese tema.

O concelleiro de servizos básicos, sr. Francos, pregunta se hai algún inconveniente en deixar os paneis para colocar os carteis electorais sen retirar, tendo en conta que as eleccións autonómicas están próximas e o esforzo que representa retiralos e volver a colocalos é importante, ata o punto de que para os últimos houbo que contratar unha empresa externa que cobrou mais de 2.000 €, porque a brigada de obras está saturada de traballo.

Os concelleiros manifestaron a súa conformidade coa proposta.





E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O alcalde

A secretaria accidental

Rafael C. Sisto Edreira

M<sup>a</sup>. Pilar Sueiro Castro



**A C T A 12/2016**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 28 DE XULLO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e oito de xullo de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Non asisten, previa escusa:**

D. Xurxo Francos Liñares

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal



**Secretaria xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO 26/05/16, EXTRAORDINARIA DO 30/05/16 E ORDINARIA DO 30/06/16.
- 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 502/16 Á 612/16)
- 3.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DE TEO PARA O ANO 2017
- 5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE MEDIDAS EN RELACIÓN ÁS SEGREGACIÓNS EN SOLO DE EXPANSIÓN DE NÚCLEO RURAL.
- 6.- DICTAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE REXEITAMENTO DA DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DO IDIOMA CONTIDA NA DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE FONDOS IDEA
- 7.- DICTAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA PARA ERRADICACIÓN DA VERTEDEIRA DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTEVEA.
- 8.- MOCIÓNS
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:



**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO 26/05/16, EXTRAORDINARIA DO 30/05/16 E ORDINARIA DO 30/06/16.**

Acta da sesión ordinaria do 26 de maio de 2016.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de maio de 2016.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 30 de maio de 2016.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 30 de maio de 2016.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 30 de xuño de 2016.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2016

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 502/16 Á 612/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 27 de xuño ata o 21 de xullo de 2016, que comprenden os números 502 ao 612, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.



### **3.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería e Intervención, de 7 de xullo de 2016, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais no 2º trimestre de 2016, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DE TEO PARA O ANO 2017.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 15 de xullo de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 22 de xullo de 2016.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

##### ***Aprobación dos Festivos Locais do Concello de Teo para o ano 2017***

*Vista a Circular da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar de xuño de 2016 (registro de entrada nº 5.373, do 23 de xuño de 2016) referente a determinar os dous días que neste Concello teñen carácter de festas locais para o ano 2017.*

*Visto o Decreto 76/2016, do 9 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2017 (DOG núm. 128, do 7 de xullo de 2016).*

*Vista a tradición deste Concello, que ven fixando dende hai moitos anos como festas locais os días da Ascensión e do San Martiño, pero visto que no ano 2017 o día do San Martiño é o sábado 11 de novembro.*



En consecuencia co anteriormente exposto, **PROPOÑO** ó Pleno da Corporación, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro**.- A aprobación como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2017 dos seguintes días:

- 28 de febreiro (martes de entroido)
- 25 de maio (A Ascensión)

**Segundo**.- Dar traslado deste Acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar”.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

**Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 5 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro**.- A aprobación como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2017 dos seguintes días:

- 28 de febreiro (martes de entroido)
- 25 de maio (A Ascensión)

**Segundo**.- Dar traslado deste Acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

**5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE MEDIDAS EN RELACIÓN ÁS SEGREGACIÓNS EN SOLO DE EXPANSIÓN DE NÚCLEO RURAL.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.



A sra. Lemus da conta da moción de 13 de xullo de 2016 (rex. entrada nº 5.939, de 14/07/2016), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 22 de xullo de 2016.

### **“MOCION DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE DE TEO SOBRE MEDIDAS EN RELACIÓN ÁS SEGREGACIÓNS EN SOLO DE EXPANSIÓN DE NÚCLEO RURAL**

Un dos efectos prexudiciais para Teo da nova Lei do solo de Galicia, a Lei 2/2016, aprobada no Parlamento de Galicia únicamente cos votos a favor do PP, foi a prohibición de segregacións ou divisións de parcelas en solo de expansión de núcleo rural, ao ser de aplicación plena, de novo, a regulación sobre esta cuestión recollida no PXOM de Teo.

O artigo 117 da Ordenanza N-2. Expansión de núcleo rural, do PXOM de Teo, sinala no seu apartado terceiro que:

“ ...

*En tanto non se aprobe un Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural, tal como se define dito instrumento urbanístico no artigo 71 desta Normativa e na Lei, non se permitirán segregacións ou divisións de parcelas nas áreas reguladas por esta ordenanza.”*

Esta prohibición que se recolle no PXOM é, en realidade, unha traslación ao documento de planeamento do disposto no artigo 24.4 da lei 9/2002 (redacción da Lei 15/2004), baixo cuxa vixencia aprobouse aquel.

Esta situación de prohibición das segregacións neste tipo de solo mudou no ano 2010, cunha nova regulación autonómica.

A Lei 2/2010, de 25 marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, eliminou a prohibición de segregar ou dividir parcelas nas áreas de expansión dos núcleos.

Tendo en conta o contido da Disposición Transitoria primeira nesta Lei do 2010, a disposición do PXOM de Teo referida á prohibición de segregar en solo de extensión de núcleo quedou derogada, debido á existencia dunha disposición legal sobrevinda e de aplicación plena en virtude do disposto nesa Disposición Transitoria.

A nova Lei do Solo do ano 2016 modifica de novo o réxime aplicable para este tipo de solo. De conformidade co disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, aos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta Lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no solo de núcleo rural e nas súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.



En consecuencia, no caso das segregacións ou divisións de parcelas en solo de expansión de núcleo rural, a prohibición incluída no artigo 117 do PXOM de Teo volta a estar plenamente vixente.

Os perxuízos para a veciñanza de Teo da existencia desta prohibición son dunha enorme repercusión socio-económica, e vense agravados polo feito de que esta situación de prohibición de segregación non existe en todos os concellos, dado os cambios de redacción dos seus plans xerais ou incluso pola inexistencia deste tipo de planeamento.

Un das solucións a este problema sería a tramitación dunha modificación puntual do PXOM, pero de todos é ben coñecido, se está a proceder ao inicio da revisión do PXOM de Teo, por problemas de seguridade xurídica, polo que a solución a este grave problema se adía no tempo.

Unha posibilidade alternativa de solución, cunha maior brevidade de tramitación que a da revisión do PXOM, é a modificación en sede parlamentaria da redacción da Lei 2/2016, do solo de Galicia, no que incumbe ao rexime aplicable aos concellos con planeamento adaptado á Lei 9/2002, no solo de núcleo rural e nas súas áreas de extensión, de forma que a segregación neste tipo de solo fose de aplicación plena para o noso Concello.

Á vista dos prexuízos que a situación actual está a ocasionar, ao imposibilitar ditas segregacións no Concello de Teo, pese a que coa actual Lei do Solo actualmente vixente serían viables, acordamos:

- 1.- COMPROMETERNOS, no marco da revisión actual do PXOM, á tramitar a modificación necesaria para que se permitan as segregacións e divisións de parcelas en solo de expansión de núcleo rural.
- 2.- SOLICITAR ás forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia, a que se tramite á maior brevidade, unha modificación na redacción da Disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do solo de Galicia, para que se aplique de forma plena o réxime previsto na Lei en canto ás segregacións e divisións de parcelas en solo de expansión de núcleo rural a todos os concellos.
- 3.- AMOSAR o noso apoio a todas as iniciativas que desde a sociedade teense se leven a cabo neste tema”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que está de acordo con permitir as segregacións, engadindo que tamén ten que quedar claro que o problema é o PXOM que está vixente e que o novo PXOM debe permitir as segregacións. Sinala que dado que agora é un período de vacacións parlamentarias, e que o Parlamento vaise disolver en poucos días, se debería comunicar a moción ao novo Parlamento. Amosa o sr. Fernández todo o seu apoio





aos/ás veciños/as de Teo, en todas as iniciativas, agás unha, porque se os veciños queren modificar o PXOM hai que ter en conta que o PXOM actual non se pode modificar, engadindo que hai que explicarlle ben os veciños porque non se pode modificar o PXOM actualmente vixente.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen, dirixíndose ao sr. alcalde, dille que o PXOM “o aprobaron vostedes”, engadindo que o desta cláusula acontece en Teo e tamén en Santiago. Non cree que teña que ser a Xunta, que acaba de aprobar unha Lei, quen lle teña que dar solución a isto. Considera o sr. Guerra que hai que facer unha modificación puntual do PXOM, para axilizar o tema, porque é un problema que preocupa moito aos veciños/as polo que hai que poñerse en marcha e solucionalo. Sinala que o PSOE e o BLOQUE non fixeron ningunha alegación no Parlamento e remata o sr. Guerra anunciando o apoio do seu grupo e engadindo que vai a pasar seguramente por unha modificación puntual do PXOM de Teo.

O sr. alcalde di que o sr. Guerra debería saber o que implica a modificación do PXOM, xa que con respecto ao procedemento de avaliación ambiental e todo iso, significa volver a facer outro Plan, e niso se está. O que se lle explica aos veciños é que aínda que sexa unha modificación moi pequena, que supón a eliminación dun párrafo, da igual que sexa iso que sexa a modificación de toda a zona edificable, o procedemento de modificación é o mesmo. O problema é que o plan foi anulado nunha parte pero na propia sentenza se di que sería anulable na súa totalidade porque o trámite que concedeu a Xunta do informe estratéxico de innecesariedade non debía darse. Salienta que o concello fixo o que a Xunta diso que se tiña que facer. Considera o sr. alcalde que na práctica a Xunta, responsable última de aprobación do Plan, naquel momento o que fixo foi buscar un atallo, un atallo que parecía razoable, aínda que a práctica demostrou que os atallos non levan a ningún lado. Unha das opcións é ir á modificación, que na práctica é a redacción dun novo plan, e ese foi o compromiso que se fixo público de sacar a licitación este ano a redacción do Plan, por iso se foi a falar con Conselleira e coa Secretaría Xeral de urbanismo, para buscar o financiamento e demais. Non obstante por moi acelerado que sexa o proceso, esa alteración do Plan Xeral se vai a tres anos ou tres anos e medio, aínda que iso non quita que haxa que



facelo, porén o que interesa é buscar unha forma máis rápida de poder segreggar. Cree o sr. alcalde que non foi vontade do lexislador impedir a segregación, senón que é unha herdanza do Plan, por non estar adaptado. A modificación legislativa que se propón afecta a unha transitoria, non ao corpo da Lei, polo tanto dita modificación, estando de acordo todas as forzas políticas, as do concello e as do Parlamento, non debería ser moi complicada. Explica o sr. alcalde que hai que esperar á constitución do novo Parlamento, porén aínda así están en posición de falar cos grupos parlamentarios cara a finais de ano, polo que previsiblemente antes do verán que ven se podería ter esa modificación. Remata o sr. alcalde sinalando que haberá que facer o que se teña que facer en relación ao PXOM porén tamén hai que atender as demandas da veciñanza.

Intervén a sra. Lemus e di que, unha vez iniciada a revisión, non se poden facer modificacións puntuais, xa que a Xunta non as admitiría, polo tanto aos veciños xa lle quedou claro que a modificación puntual era imposible, buscando a moción unha saída a curto prazo. Dirixíndose ao sr. Guerra a sra. Lemus dille que o problema ven dun PXOM do 2010, e ven dunha Lei, a LOUGA, do ano 2002. Naquel momento se prohibían as segregacións, e no ano 2010 se permitiu, e os concellos quedaron suxeitos á transitoria primeira, porén na nova norma na do 2016 existe un cambio na redacción que implica que Teo agora non ten encaixe legal, non tratándose polo tanto dun problema do PXOM senón un problema de normativa puro e duro. Explica que, ademais de Teo, hai moitos concellos que están desexando que se modifique a disposición transitoria primeira, non so polo tema das segregacións, senón tamén polo das explotacións gandeiras. Salienta a sra. Lemus que coa moción se busca unha saída a curto prazo, de un ano, e se se fixera dende Teo serían dous anos ou dous e medio, supoñéndose que a Xunta estará disposta. Salienta a sra. Lemus que incluso hai modificacións da Lei do solo que se fan coas Leis de acompañamento ao orzamentos. Entende a sra. Lemus que se podería aproveitar que unha das primeiras leis que vai a quitar o novo goberno van a ser os orzamentos, e se podería modificar isto.



Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, reitera o dito en relación co punto tres da moción de amosar o apoio de todas as iniciativas que pola sociedade teense se leven a cabo neste tema.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e di que van a votar a favor, engadindo que lle fai falla a moitos veciños.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 5 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**1.- COMPROMETERNOS, no marco da revisión actual do PXOM, á tramitar a modificación necesaria para que se permitan as segregacións e divisións de parcelas en solo de expansión de núcleo rural.**

**2.- SOLICITAR ás forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia, a que se tramite á maior brevidade, unha modificación na redacción da Disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do solo de Galicia, para que se aplique de forma plena o réxime previsto na Lei en canto ás segregacións e divisións de parcelas en solo de expansión de núcleo rural a todos os concellos.**

**3.- AMOSAR o noso apoio a todas as iniciativas que desde a sociedade teense se leven a cabo neste tema.**

**6.- DICTAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE REXEITAMENTO DA DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DO IDIOMA CONTIDA NA DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE FONDOS IDAE.**

O sr. alcalde da conta da moción do grupo municipal SondeTeo – Anova de 15 de xullo de 2016 (rex. entrada nº 6069, de 18/07/2016), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 22 de xullo de 2016.

**“MOCION SOBRE REXEITAMENTO DA DISCRIMINACIÓN POR RAZON DO IDIOMA CONTIDA NA DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE FONDOS IDAE**



No Pleno ordinario do 28 de abril de 2016 aprobouse a participación do Concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións do alumeadado exterior municipal, do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía.

En data 02/06/2016, o director de Aforro e Eficiencia enerxética de dito organismo ditou proposta de desestimación da solicitude, debido a que o informe de data 14 de abril do 2016, *“elaborado por la Intervención Local del citado Ayuntamiento, el cual viene redactado, íntegramente, en lengua gallega”*, incumpria a base décima, punto 3 das bases, ao empregar este idioma, e non o castelán. A restante documentación presentada, toda, estaba en castelán.

Nesta mesma proposta resolvíase outorgar un prazo de quince días naturais para a presentación de alegacións, que foron remitidas en data 17 de xuño, que, en resumo, sinalaban que:

- Tendo en conta as propias bases, o uso dun idioma cooficial na redacción dun informe dun funcionario municipal como é a Interventora Local, era un *defecto* subsanable, entendido *defecto* en termos de procedemento e das bases.
- O feito de determinar que o uso do galego nun documento administrativo oficial, sexa motivo de desestimación dunha solicitude, atentaba contra o principio constitucional de non discriminación por razón do idioma. Vulneraríase o dereito do Concello (e dos traballadores públicos) a realizar as súas tramitacións nunha lingua cooficial do estado, tal e como o IDAE recolleu en anteriores bases.

Nestas alegacións solicitábase aceptar a validez do informe da Intervención municipal porque se trataba dunha documentación de carácter oficial dunha administración pública en relación con tramitacións que lle competen e que pode estar en calquera das linguas cooficiais do Estado. En todo caso, xuntábaselle o informe traducido ao castelán, para que o contido do mesmo, favorable á solicitude, quedase *claro* para o IDAE.

Con data 11 de xullo de 2016, o director xeral do IDAE resolve desestimar a solicitude formulada polo Concello, na que emprega a xurisprudencia do Tribunal Supremo, sobre subsanación de procesos selectivos e concursos da función pública e destaca o parágrafo seguinte:

*“ no puede entenderse como un comportamiento que responda a una razonable duda del solicitante acerca del significado o alcance de lo dispuesto en dicha Bases, sin más bien a una **“resistencia” a la observancia de tal previsión**, lo que ampara, a nuestro juicio, la no concesión de trámite subsanatorio alguno...”*

En consecuencia, para o IDAE o feito de que unha funcionaria municipal empregue un idioma cooficial no exercizo das súas funcións e que este informe sexa remitido a unha entidade pública empresarial dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, é unha *resistencia á observancia das bases* por parte do Concello.

Esta consideración de resistencia en termos xurisprudenciais é *torticeramente* empregada polo IDAE, cando a propia doutrina sobre a subsanación de méritos do



Supremo (sentencia ditada en interese de lei de 04/02/2003, recurso de casación número 3437/01), indica que se permite a subsanación, *“cuando el rigorismo en la interpretación de las bases de la convocatoria, conduce a resultados desproporcionados en aspectos sustanciales, es decir, en méritos que constan alegados y acreditados, si bien que defectuosamente o incompletos en aspectos formales.*

*... el fundamento antes apuntado, ... es introducir en la interpretación de la literalidad de las bases, criterios de proporcionalidad y racionalidad, evitando consecuencias desmedidas, derivadas de un rigorismo en la exigencia de la forma, cuando lo sustantivo ha sido aportado en plazo”.*

Entender que o uso dun idioma cooficial por unha administración pública é unha resistencia á observancia das bases da convocatoria, é ademais de discriminatorio, pouco racional e desproporcionado, tendo en conta que o informe estaba presentado en prazo.

O sinalado polo director do IDAe na súa resolución de desestimación, é dunha gravidade tal, que non podemos limitarnos ao estudo das medidas legais que se prevén na dita resolución e debemos adoptar medidas de carácter político, para a defensa do uso do galego como idioma oficial na administración pública.

Á vista do sinalado, propónse o seguinte ACORDO:

1.- AMOSAR o noso máis profundo rexeitamento ao contido da desestimación da solicitude formulada polo Concello no programa de Axudas para a renovación das instalacións do alumeado exterior municipal, do IDAE, por chocar frontalmente co principio constitucional de non discriminación por razón do idioma.

2.- COMPROMETERNOS ao emprego de todos os mecanismos legais e políticos para que o director do IDAE rectifique esta discriminación inadmisíbel do noso idioma”.

O sr. alcalde di que xa todos coñecen o tema porque tivo unha repercusión importante, existindo incluso un pronunciamento da Presidencia da Xunta. Aclara que todo se remitiu en castelán, agás un informe de intervención incorporado á memoria, tratándose dun defecto subsanable, porén a sorpresa foi recibir a carta na que se desestimaba, afirmando que non era subsanable. Se respostou cunha alegación xurídica, achegando o informe traducido, porén a sorpresa foi cando o 11 de xullo se recibe unha resolución definitiva, nun sentido bastante faltón, que non viña a conto. Se abre aí unha porta a unha reclamación previa á vía xudicial. E a partir de aí se fixo unha comparecencia da concelleira de sostibilidade, onde se daba a coñecer toda a situación e se pedía todo o apoio das forzas políticas, non so para solucionar esta cuestión, senón tamén para evitar que se repita no futuro, xa que non se pode utilizar o



idioma como un arma ideolóxica para cercenar a vontade dos concellos, que coincide coa vontade do IDEA, que é á da mellor enerxética. O sr. alcalde sinala que o Presidente da Xunta tivo unha intervención clara no tema, e o concello recibiu unha chamada, dun funcionario, dun xefe de servizo do IDAE, onde se animaba ao concello a utilizar a vía da reclamación previa con idea de que a estudarían, e tamén se animou para presentarse á convocatoria de outubro. Di o sr. alcalde que entende que se aceptará a reclamación previa, como se deduce da chamada, engadindo que en todo caso non ten seguridade, por iso a moción e o que se pide na mesma.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que se está diante dun episodio que remite a mentalidade profascista dun sector da política española. Sinala que o sr. Feijoo dicía que era un disparate, engadindo que el opina que é moito máis, porque disparate son outras cousas. Salia o sr. Fernández que hai que pensar que se está falando de que no Pleno de abril de 2016 aprobouse a participación do concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións do alumeadado exterior municipal do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía, polo que non se mandou nada ao Instituto de promoción da lingua española nin ao Instituto Cervantes, porque parece que se mandou unha solicitude a algunha institución deste tipo. Cando se ve que se rexeita porque o documento *“viña redactado integramente en lingua galega”*. Non alegan un requisito substancial senón que é porque hai un documento escrito en galego. O sr. Fernández di que se remite á Constitución española, artigo 3, para que se lea e se diga se esta solicitude cumpre o espírito constitucional. Salia o sr. Fernández que o asunto era pedir un crédito ao Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía, que é ao que se dedica, a cuestións enerxéticas, non a facer correccións. O sr. Fernández opina que o tema vai máis alá do disparate, e se trata dunha decisión adoptada nun marco de imposición que non respecta o pluralismo nin a Constitución. Remata o sr. Fernández a súa intervención sinalando que está totalmente de acordo co goberno municipal.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que dende que está no concello cree que o feito que lle causou máis indignación foi a primeira proposta de resolución



de denegación. Explica que chamou ao Director do IDAE e que lle dixo que isto non o facían nin os concellos cataláns, dicindo que “*nin explicacións nin nada e que xa se vía por onde íamos*”. Sinala a sra. Lemus que en todo caso as alegacións en relación á subsanación e defensa do idioma non son discutibles, engadindo que non ten clara a resposta do IDAE, sobre todo cando no primeiro escrito de denegación se fala de que se utiliza o galego en 2 folios nun total de 270, e non obstante hai un texto na memoria técnica en inglés e non se di nada. Sinala que despois do escrito, onde xa se achegaba o informe traducido, se di que hai unha resistencia á observancia das bases, cun ton faltón. Opina a sra. Lemus que o que pasou foi e segue sendo unha barbaridade, e que un xefe de servizo chame ao sr. alcalde para dicirlle que mirarán con cariño a reclamación previa, xa é un cachondeo. Sinala a sra. Lemus que se houbera resistencia á observancia das bases, presentaríase a reclamación previa en galego, e se se fora á vía civil, se aceptaría en galego, pero eles non o aceptan.

Cree a sra. Lemus que xa estaba todo programado, porque senón non se pode entender que a alguén se lle poida ocorrer dicir a famosa frase de que “*esto no lo hacen nin los ayuntamientos catalanes*”. Salia a sra. Lemus que en Teo gastáronse case 25.000,00 €, moito tempo e moitos recursos, e que se diga que so o fan os concellos cataláns supón pouca seriedade, e que chame o xefe do servizo tamén lle parece unha falta de respecto institucional. Explica a sra. Lemus que estes días se está acabando coa reclamación previa, se presentará e haberá que ver o que pasa, aínda que ten máis ou menos claro que haberá que ir a novembro, coas axudas, e aínda que o traballo está feito, iso da “*resistencia á observancia das bases*” por parte dun instituto público non é un disparate senón que é dunha gravidade absoluta e unha falta de respecto á lingua galega.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do se grupo D. Ignacio Manuel Arroyo Font

O sr. Arroyo di que entenden que o ton non é o correcto nin o adecuado, porque no fondo do asunto non ten que ver co idioma no que se transmita, polo tanto tamén manifestaron a disconformidade coa Resolución do IDAE, mediante un escrito ao



Director Xeral. Destaca tamén o sr. Arroyo Font que, como recalcou a sra. Lemus, o indignante é o ton no que se resposta á solicitude. Pregunta o sr. Arroyo como vai o tema da resolución xudicial, a efectos de prazos, e remata manifestando o apoio incondicional do seu grupo á proposta.

O sr. alcalde di que hai que diferenciar dúas cousas distintas, a reclamación previa á vía xudicial para a que hai dous meses, polo que se remitirá na vindeira semana, e outra cousa é que a parte desa reclamación haberá unha nova convocatoria en outubro ou novembro e que o que se lles di é que como está todo elaborado, senón vai por unha vía, vai por outra. Salienta o sr. alcalde que o primeiro que interesa é ter o financiamento para poder facelo, por iso se está nesta loita porén, ademais diso, o que interesa é chegar ata o final, que se lle de a razón ao concello de Teo no procedemento actual, e conseguilo dese xeito, e senón se irá á convocatoria de novembro, que supón xa unha convocatoria distinta, cun procedemento novo, totalmente distinto.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 5 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**1.- AMOSAR o noso máis profundo rexeitamento ao contido da desestimación da solicitude formulada polo Concello no programa de Axudas para a renovación das instalacións do alumeado exterior municipal, do IDAE, por chocar frontalmente co principio constitucional de non discriminación por razón do idioma.**

**2.- COMPROMETERNOS ao emprego de todos os mecanismos legais e políticos para que o director do IDAE rectifique esta discriminación inadmisíbel do noso idioma.**





Sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal.

## **7.- DICTAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA PARA ERRADICACIÓN DA VERTEDEURA DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTEVEA.**

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do PP, D. José M. Guerra Calvelo.

O sr. Guerra cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Rey da conta da moción do seu grupo de 18 de xullo de 2016 (rex. entrada nº 6.089), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, lingua e medio natural do 22 de xullo de 2016.

### ***“MOCIÓN SOBRE A REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA PARA ERRADICACIÓN DA VERTEDEURA DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTEVEA***

*O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Teo, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte*

#### ***MOCIÓN***

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*As verteduras de augas residuais en Pontevea constitúe un problema ambiental contra o que é preciso loitar desde diversas fronteas para evitar as consecuencias que poden xerar na contaminación dos solos, das augas superficiais e acuíferos subterráneos. Estes puntos elevan a contaminación derivada de factores físicos, químicos e axentes bióticos ademáis do notorio impacto visual e a alteración da paisaxe que provoca a escasos pasos dun dos puntos turísticos por excelencia do Concello.*

*Este problema, de largo percorrido histórico no Concello e denunciado en varias ocasións polo Partido Popular, encádrase nun contexto de falta de compromiso e concienciación ambiental por parte do Goberno Municipal se temos en conta que dito problema existe dende hai máis dunha década.*

*Afortunadamente, trala última denuncia pública realizada recentemente polo Partido Popular, parécese indicar a intención do equipo de goberno para subsanar este problema.*

*Ante a constatación da existencia histórica desta vertedura, e coa necesidade de facerlle fronte canto antes tendo en conta as consecuencias relatadas liñas máis arriba, dende o Grupo Municipal Popular propoñemos una serie de medidas tendentes a contribuir á súa erradicación e que concretamos na presentación ante o Pleno do seguinte:*



## ACORDO

*O Pleno do Concello de Teo insta ao órgano correspondente do Goberno Municipal a:*

*Iniciar, cos recursos humanos e materias que se estimara oportuno, a eliminación da vertedura xerada pola fosa séptica a escasos metros da ponte medieval e, se fose o caso, recuperación das zonas próximas afectadas pola contaminación.*

*Manter unha vixilancia periódica frecuente para evitar a vertedura contaminante procedendo á limpeza da fosa séptica en tanto non se realicen as obras de mellora anunciadas nos medios polo goberno local”.*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que está de acordo coa moción, engadindo que xa o sr. alcalde informara de que está previsto eliminar a fosa este ano. Opina que é chamativo o título da moción, na medida en que fala de “*campaña*”, xa que a moción non se corresponde co título. Amosa o sr. Fernández a súa conformidade coa moción e solicita que cando se elimine a fosa se retiren os cascallos, porque se trata dunha zona protexida.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo á moción, engadindo que vai a facer unha emenda de engádega, dun punto terceiro, procedendo á lectura da mesma nos termos seguintes: “*Reclamar á Xunta de Galicia a execución das obras necesarias para eliminar a vertedura desde a EBAR dos Verxeles, causada pola súa mala execución*”.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e pregúntalle á sra. Lemus se non se lembra que foran á Santiago a ver ao daquela Conselleiro, Agustín Hernández, e tamén fora o entón alcalde, sr. Noriega, e o concello comprometeuse a cambiar as bombas e turbinas, porque estaban cascadas, e pregunta se se fixo.

O sr. alcalde sinala que se está facendo o mantemento necesario para o funcionamento, porén o problema é que aquilo non se soluciona así, tal e como recoñece Augas de Galicia, ao sinalar que hai que facer unha obra. Lembra que na última reunión se lles dixo que eles tiñan pensado un tanque de tormentas previo ao bombeo para evitar a situación. Salienta o sr. alcalde que eles lle dixeron que se analizaría esa situación, porque os tanques de tormenta non deixan de ser aliviadeiros



previos, e aínda que, cando ven moi cargado de pluviais, axudan, porén non deixan de ser augas que pasan ao río sen ningún tipo de tratamento. O sr alcalde di que queren ver o proxecto xa, engadindo que, por contactos directos cos enxeñeiros de Augas de Galicia, sei que lles encargou. Aclara o sr. alcalde que incluso as multas que se impoñían ao concello pararon, porque Teo xa dixo que non ía a pagar as multas, é a culpa é de quen é. Salienta que o único que plantexa a sra. Lemus coa modificación é que o concello ten un problema coa fosa de Pontevea, engadindo que se fará o mantemento previo que se pide e que se ven facendo. Explica que se está comprobando unha cuestión que se lle informou o outro día sr. Guerra que era a existencia dun topo previo xa feito que se puidera utilizar para pasar o bombeo, o que aforraría tempo e cartos, porén as previsións seguen sendo as mesmas e esa situación estará corrixida antes de final de ano, ao estar todo en marcha. Explica o sr. alcalde que do mesmo xeito que o concello actúa para eliminar os verquidos que son responsabilidade municipal, aproveitan para pedir que todo o que contamina en Pontevea, porque os Verxeles en definitiva tamén vai a dar a Pontevea, as outras Administracións tamén fagan o mesmo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a concelleira do PP, sra. Vázquez, sinala que está ben que se solucione tamén ese problema, porque leva tempo e acaba no mesmo sitio, polo que estarán de acordo en que se pidan as responsabilidades correspondentes e haberá que estar pendente e encima, para que non quede aí, porque ven de tempo. Salienta a sra. Vázquez que o compromiso de hoxe, non pode ser so de hoxe, debendo facerse o que teña que facerse para que se solvente o problema.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso da súa quenda de intervención.

O sr. alcalde aclara que en primeiro lugar vaise proceder á votar a emenda, e procede a dar conta da mesma nos termos seguintes: *“Reclamar á Xunta de Galicia a execución das obras necesarias para eliminar a vertedura desde a EBAR dos Verxeles, causada pola súa mala execución”*.



**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a emenda do PSdeG-PSOE formulada ao ditame da moción do grupo municipal do PP sobre a realización dunha campaña para erradicación da vertedura de augas residuais en Pontevea.**

**Sometido a votación o ditame emendado, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 5 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**1.- Instar ao órgano correspondente do Goberno Municipal a:**

**.- Iniciar, cos recursos humanos e materias que se estimara oportuno, a eliminación da vertedura xerada pola fosa séptica a escasos metros da ponte medieval e, se fose o caso, recuperación das zonas próximas afectadas pola contaminación.**

**.- Manter unha vixilancia periódica frecuente para evitar a vertedura contaminante procedendo á limpeza da fosa séptica en tanto non se realicen as obras de mellora anunciadas nos medios polo goberno local.**

**2.- Reclamar á Xunta de Galicia a execución das obras necesarias para eliminar a vertedura desde a EBAR dos Verxeles, causada pola súa mala execución.**

## **8.- MOCIÓNS.**

O sr. alcalde explica que hai unha moción de Son de Teo- ANOVA, en relación cunha subvención, e cede a palabra ao concelleiro D. Xose I. Iglesias Villar.

O sr. Iglesias explica que a urxencia da moción está relacionada co feito de que a Orden que regula a subvención saíu no DOGA o 26 de xullo de 2016, habilitándose un prazo de trinta días para solicitala e, ao non celebrarse Pleno ata setembro, é preciso que se aprobe hoxe solicitar a subvención.



**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo de Sondeteo-Anova sobre as axudas de investimentos das escolas infantís, do 27 de xullo de 2016.**

O sr. Iglesias da conta da moción de Sondeteo-Anova sobre as axudas de investimentos das escolas infantís, do 27 de xullo de 2016, que se recolle a continuación.

#### **“MOCIÓN DO GRUPO DE MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA**

O DOG do día 26 de xullo de 2016 publica a *ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020).*

*Esta orde no artigo 8, punto 2, e), recolle como documentación que se debe achegar xunto coa solicitude a seguinte:*

Que o Pleno da corporación local acordou solicitar esta subvención e se aceptan as condicións e requisitos establecidos nesta convocatoria.

Dado que o concello de Teo é titular de tres Escolas Infantís Municipais, e que en todos os exercicios se reserva unha parte do orzamento para facer tarefas de mellora nas mesmas, entendemos necesario solicitar a axuda recollida na citada orde. Polo que resulta necesario que o pleno desta corporación acorde solicitar a subvención e acepte as condicións e requisitos establecidos na convocatoria, e propónse o seguinte:

#### **ACORDO:**

- 1- Solicitar a subvención regula na *ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020)* e se aceptan as condicións e requisitos establecidos nesta convocatoria.



2- Facultar ao señor Alcalde de Teo, para realizar a tramitación de dita subvención

En Teo a 27 de xullo do 2016

Polo Grupo Municipal de Sondeteo- Anova

Asdo. Ignacio Iglesias Villar”

Preguntado polo sr. alcalde, os portavoces dos diferentes grupos, non fan uso das súas quendas de intervención.

**Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 5 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**1.- Solicitar a subvención regula na ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020) e se aceptan as condicións e requisitos establecidos nesta convocatoria.**

**2.- Facultar ao señor Alcalde de Teo, para realizar a tramitación de dita subvención.**

De conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, non se presenta ningunha outra moción de urxencia polos grupos municipais.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:



1.- Rogo de D. M. Anxo Fernández Baz, de 28 de xullo (rex. entrada nº 6321), sobre a demanda veciñal de saneamento no lugar de Mazas.

*“Veciños e veciñas do núcleo de Mazas levan dende hai anos reclamando a rede de saneamento no lugar para poder dispoñer do servizo.*

*A veciñanza non entende as razóns polas que o Concello deixou fóra esta zona de Mazas cando se fixo a obra de saneamento, pois o proceder normal, para avanzar na extensión do servizo, sería completar a rede posibilitando a conexión de todas as vivendas.*

*Esta demanda é coñecida polo actual goberno municipal mais os cidadáns e cidadás veciñas do lugar non coñecen resposta algunha que concreta como e cando resolver o problema.*

*Polo exposto, SOLICÍTASE, ao sr. Alcalde de Teo:*

*Que atenda canto antes a demanda da veciñanza para resolver o problema de saneamento no núcleo de Mazas, dando así resposta a unha reclamación histórica.*

*Teo, 28 de xullo de 2016.*

*Asdo. Manuel Anxo Fernández Baz”.*

O sr. alcalde di que viu o rogo, pero que non o puido comprobar, engadindo que cando sexa así se poña un número concreto das vivendas.

O sr. Fernández di que son cinco vivendas e refírese a elas.

O sr. alcalde di que, se as vivendas son as que cree que son, se comprometen a que se execute antes do verán do ano que ven.



2.- O sr. Fernández refírese á marquesiña da Ventureira e lembra que hai que cambiala, algo que xa estaba comprometido, porque cando se celebre o Pleno de setembro xa tería comezado o curso.

O sr. alcalde di que entende que o concelleiro ten iso previsto.

3.- Tratándose do tema saneamento o sr. Fernández di que este semana un veciño lle levou a Osebe, onde está a fonte, e lle indicou os problemas que hai co saneamento cando chove, porque as tapas das arquetas se levantan e saen as augas residuais con pluviais, pasando directamente, xa non o río, senón tamén á estrada, sendo escandaloso. Sinala que é un problema coñecido polo concello dende fai anos e tamén por Augas de Galicia e pregunta se existe algún proxecto de actuación para solucionar o tema.

O sr. alcalde di que Augas asume que é un responsabilidade municipal exclusivamente, engadindo que en certa medida ten razón. Explica que o problema ven fundamentalmente coa chegada das pluviais. Son precisas dúas medidas, unha coa eliminación de pluviais, e agora se vai a comprobar como lle afecta un encauzamento de pluviais que se fixo en Raíces, que estaban vertendo directamente a esa tubaxe, e que quizais alivie o problema, pero hai que constatalo, e senón habería que ir a unha solución tipo bombeo ou similar. Explica o sr. alcalde que se se ve que é efectiva a redución de pluviais, se intentaría acelerar esta, e ver se así se soluciona definitivamente o problema, e senón habería a unha solución de tipo técnico na rede, tipo bombeo. Explica que entra un pouco nos plans que se dicía con respecto o outro, vendo como vai o tema cando comece a chover, o obxectivo é que cara o verán que ven o tema este solucionado.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:





1.- O sr. Guerra di que non lle quedou claro o dos Verxeles, polo que vai a aproveitar para preguntar. Lembra que cando se foi á reunión co entón Conselleiro este se comprometeu a revisar a tubaxe, e o Concello se comprometeu a revisar as bombas. Pergunta o sr. Guerra se se revisaron as bombas.

O sr. alcalde di que de momento sí, porén voltarán a estar desgastadas. Explica que o problema é que cando as bombas funcionan ao cen por cen o alivio se segue producindo. Lembra que o estudo que fixo Augas de Galicia e iso foi o que determinou e lles levou a dicir que se precisaba unha solución distinta, xa que o bombeo tal e como está non vale. Sinala o sr. alcalde que se poden facer labores de mantemento, e incluso máis habitualmente, porén iso non evita que siga o verquido, polo que gastar cartos, cando non é algo barato, e se se consegue eliminar o problema, ben, porén se segue vertendo...

O sr. alcalde di que se poden comprometen agora a facer unha nova revisión durante os meses de agosto e setembro.

2.- Refírese o sr. Guerra aos contedores onde a de Taibo, que queren mudalos vinte metros na cara á masa común.

O sr. alcalde pregunta se non se moveron nada.

O sr. Guerra resposta que non.

O sr. alcalde di que se mirará e falará co xefe da cuadrilla.

3.- Pergunta o sr. Guerra se está previsto solicitar a Xunta a subvención para o plan urbe.

A sra. Lemus resposta que xa está solicitada e está preconcedida, engadindo que é unha convocatoria das curiosas da Xunta, decidíndose por orde de chegada e había que ter o proxecto case finalizado o día que se preséntase. Lembra que o prazo se



abriu un luns e o martes ás nove menos cuarto xa se mandou o proxecto. Explica a sra. Lemus que hai que modificar unha parte do proxecto, engadindo que será a segunda fase da praza circular dos Tilos, e que hai que facer convenio. Remata a sra. Lemus sinalando que é a Xunta quen se encarga da licitación e da execución, non comprometéndose neste caso ningún fondo municipal.

Di o sr. Guerra que entendeu que a praza era circular porén o tellado parece que vai a ser rectangular, de vinte por vinte.

A sra. Lemus di que o tellado é rectangular, porén a praza é circular.

O sr. Guerra di que se non quedaría mellor circular.

A sra. Lemus di que é un proxecto arquitectónico.

O sr. Guerra di que os arquitectos...Explica que se van a estar alí os comerciantes non se poden cobijar, e sí poderían se fora circular.

A sra. Lemus di que isto xa se discutiu no Pleno de decembro.

O sr. Guerra di que *“un erro máis”*.

4.- A sra. Ferreiro pregúntalle ao sr. alcalde se é certo que Augas de Galicia lle enviou varios requirimentos sobre o verquido do domicilio 150 de Texexe en Calo e os ignorou.

O sr. alcalde di que non están ignorados, engadindo que cando chegou o requirimento xa estaba enviada a notificación, dende facía tempo. Explica que hoxe estivo falando deste tema coa técnica de medio ambiente e parece que se cruzaron os requirimentos.

A sra. Lemus explica que tamén falou coa técnica de medio ambiente e esta lle explicou que xa estaba enviado por parte de medio ambiente.



5.- A sra. Ferreiro pregúntalle á sra. Lemus porque o departamento de urbanismo non lle comunica a patrimonio a orde demolición das casas nº 133, 135 e 137 de Texexe e si lle comunicou a aceptación das alegacións presentadas polo titular das vivendas e incluso o prazo que tiña para presentar unha licenza, para posible legalización, xa sen tirar nada.

A sra. Lemus resposta que non o sabe, que habería que preguntar, pero que tampouco lle ve maior problema. Sinala que Patrimonio xa ten o expediente de legalización da vivenda e entende que se lle comunicou que se iniciaba o expediente de legalización porque ten que informar patrimonio, engadindo que pouco máis pode dicir ao respecto, engadindo que, en todo caso, que se lle mandara a orde de demolición ou non aí Patrimonio non tiña nada que informar, sabía como ía ao tema e non solicitou nada ao respecto.

A sra. Ferreiro pregunta se é habitual que sexa así o procedemento, nunhas cousas si e noutras non.

O sr. alcalde aclara que nin el nin a sra. Lemus determinan que é o que vai a patrimonio, ou non, xa que para iso hai un arquitecto municipal, e se a concelleira do PP considera que este non fai ben o seu traballo, teralle que reclamar ao arquitecto.

A sra. Ferreiro dille ao sr. alcalde que iso é o que tiña que respostar a sra. Lemus, dicindo que é o arquitecto municipal quen sabe o que se debe mandar e o que non corresponde mandar.

A sra. Lemus di que, como concelleira de urbanismo, os que mandan son os técnicos, aclarando que en temas de disciplina urbanística e de licenzas o normal e o legal é que todos estean calados menos eles. A sra. Lemus invita á sra. Ferreiro a que se quere facer a pregunta por escrito se lle respostará sen problema.

6.- A sra. Ferreiro di que dos nove policíaas que hai seis están de baixa e tres de servizo.



O sr. alcalde di que non é certo, aínda que podería ser en calquera momento, porén agora dos nove policía, cinco están de baixa e un de vacacións, polo que hai tres policía.

A sra. Ferreiro di que o sr. alcalde ten o cuadrante feito, e lle debeu levar o seu traballo, engadindo que ten o seu mérito.

O sr. alcalde di que se hai que pechar algún día, se pecha.

A sra. Ferreiro pregunta sobre a nota que se pon no pe do cuadrante e que di que *“nos días nos que un único axente se atope de servizo, esta alcaldía ordena que se extremen as precaucións e se evite calquera situación que puidera resultar perigosa para a seguridade persoal dos axentes, primando o traballo administrativo e de presenza e atención á cidadanía.”*. Pregunta a sra. Ferreiro se a atención aos veciños é un tema administrativo, engadindo que os policía non van a saber de antemán se é un tema perigoso ou non, e pregunta se, en caso de que se lle presente, terán que preguntar ao sr. alcalde se axudan ou non.

O sr. alcalde di que el non ten máis criterio que eles, que son os policía e os que poden valorar as situacións de perigo, engadindo que iso non é novo, senón que se ven poñendo sempre naqueles situacións nas que podía quedar un único axente. Aclara que ademais se recolle a petición dos propios policía, porque dicían que se valoraban que unha situación era perigosa e había un único axente, non debían actuar, e para que existise unha cobertura legal para esa prevención deles se pon iso no cuadrante.

O sr. alcalde lembra que, cando era concelleiro, sempre que existía conflito na policía, facía o cuadrante, e agora que parecía que non había conflito, e se atribuíu a unha persoa concreta a redacción dos cuadrantes, empezaron as reclamacións de varios policía polos tratos de favor a uns policía e a outros non. Considera que, por esa razón e dado que o xefe está de baixa, lle pareceu razoable servir de árbitro e facer o cuadrante, engadindo que parece bastante absurdo, porque un alcalde igual debería estar dedicado a outras cousas. Considera que igual de absurdo é que de nove policía



cinco estean de baixa, debendo ser unha situación de estres alarmante. Salienta o sr. alcalde que o concello pode dar o que pode dar, e se alguén máis se pon de baixa, haberá dous días de traballo e un de descanso.

Pregunta a sra. Ferreiro se non hai *plan b*.

O sr. alcalde resposta que non.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 13/2016**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 29 DE AGOSTO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e nove de agosto de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde acctal, D. Xosé I. Iglesias Villar, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Non asisten, previa escusa:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Jorge Juan Carballido Salgado



**Secretaria xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**ORDE DO DÍA:**

**1.- SORTEO DOS MEMBROS DE MESA PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DE 2016.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde acctal., sendo as nove horas, declara público e aberto o acto, e desculpa a ausencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, e dos concelleiros D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia e D. Jorge Juan Carballido Salgado, engadindo que o sr. Francos, concelleiro de Son de Teo-ANOVA, e a sra. Vázquez, concelleira do PP, incorporaranse en breve á sesión.

A continuación procédese a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

**1.- SORTEO DOS MEMBROS DE MESA PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DE 2016.**

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, e procedo a dar conta dos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral. Así, de conformidade co primeiro dos artigos citados infórmase que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais, e dáse lectura ao artigo 26 do citado texto legal nos termos seguintes:

“1.- A formación das Mesas compete aos Concellos, baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zoa.

2.- O Presidente e os vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O Presidente deberá ter o título de Bachiller ou de Formación Profesional de segundo Grado, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.



3.- Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.

4.- Os sorteos arriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria”.

Explícase que noutros sorteos públicos de mesas electorais o Pleno acordaba que, no caso de que non se poida efectuar a notificación dalgún dos membros das mesas que resulten do sorteo, se acudiría á listaxe de suplentes que, a maiores dos que esixe a lei, xera o programa utilizado para o sorteo público en cada unha das mesas correspondentes. Proponse a estes efectos utilizar esta listaxe para os casos de imposibilidade de notificación.

**Os/as concelleiros/as presentes aceptan unanimemente a proposta.**

Seguidamente, de acordo do previsto no citado artigo 26 da LOREG, procédese a efectuar o sorteo público dos membros das Mesas Electorais para as eleccións xerais do 25 de setembro de 2016, obténdose o seguinte resultado:

**DISTRITO: 1º                      SECCION: 1ª                      MESA: A**

Presidente: Mª Victoria Garrido Hermida

1º vogal: Jorge Martínez Francos

2º vogal: Mª Lourdes Courtier Ramos

1º suplente de presidente: Olalla González Rodríguez

2º suplente de presidente: Germán Fraga López

1º suplente 1º vogal: Alejandro Ferreiro Suárez

2º suplente 1º vogal: Mª Dolores Lueiro Mosquera

1º suplente 2º vogal: Mª del Carmen Ferro Gómez

2º suplente 2º vogal: Javier Fernández Gutiérrez

**DISTRITO: 1º                      SECCION: 1ª                      MESA: B**

Presidente: Juan Carlos Pérez Souto





1º vogal: Mª Concepción Pombo Bandín

2º vogal: Fernando Seijas Landeira

1º suplente de presidente: Juan José Merlos Miniño

2º suplente de presidente: Mª Desamparados Montenegro Teijeiro

1º suplente 1º vogal: José Luis Picón Maceira

2º suplente 1º vogal: Dolores Pardo Ruibal

1º suplente 2º vogal: Alejandro del Río Maceira

2º suplente 2º vogal: Mª Fe Sampayo Fernández

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: A**

Presidente: Alberto Domínguez López

1º vogal: Mª del Carmen González Pereira

2º vogal: Marta García Boquete

1º suplente de presidente: Lara Casanueva Muruais

2º suplente de presidente: Mª del Carmen Lourido García

1º suplente 1º vogal: Lía Bravo Pintos

2º suplente 1º vogal: Enrique José López Lorenzana

1º suplente 2º vogal: Mª Laura Janeiro López

2º suplente 2º vogal: Mª elisa López Gómez

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: B**

Presidente: Sara Miragaya Rico

1º vogal: José Ventín Pena

2º vogal: Adrián Vales Ferreira

1º suplente de presidente: Montserrat Pous Isern

2º suplente de presidente: Hugo Santos Laíño

1º suplente 1º vogal: Enrique Salmonte Rivadulla

2º suplente 1º vogal: Víctor Martínez Fernández

1º suplente 2º vogal: Mª Montserrat Ventura Blanco

2º suplente 2º vogal: Ricardo Sánchez López



**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 3ª**

**MESA: U**

Presidente: Paula Mª Santomil Buela

1º vogal: Mª del Mar Pereira Otero

2º vogal: Mª Pastora Castro Dono

1º suplente de presidente: Noelia Iglesias González

2º suplente de presidente: Mª de la Luz Frade García

1º suplente 1º vogal: Manuel Vilariño Sandá

2º suplente 1º vogal: José Manuel Mosquera Ponte

1º suplente 2º vogal: Anxo Crego Quinta

2º suplente 2º vogal: Mª Luisa Rodríguez Fernández

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 4ª**

**MESA: A**

Presidente: Ramón Brigos Fernández

1º vogal: Renata Fuentes Goulart

2º vogal: José Ángel Carrillo Presedo

1º suplente de presidente: Amparo Fernández de la Iglesia

2º suplente de presidente: Guadalupe García Bernal

1º suplente 1º vogal: Pura Mª Bugallo Herves

2º suplente 1º vogal: Manuel Elisardo Bello Bouzas

1º suplente 2º vogal: Eva Cimadevila Campos

2º suplente 2º vogal: Alejandro Carballal Miramontes

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 4ª**

**MESA: B**

Presidente: Mª Rosario Vidal Miralles

1º vogal: Manuel Videira Correa

2º vogal: Óscar Nieto Pereira

1º suplente de presidente: Mónica Marqués Blanco

2º suplente de presidente: Berta Mª Mata Hermida

1º suplente 1º vogal: Francisco Pazos Arriola



2º suplente 1º vogal: Roberto Montero Fieiro

1º suplente 2º vogal: Mª Cristina Pérez González

2º suplente 2º vogal: Noemi Rodríguez Bolaño

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 5ª**

**MESA: A**

Presidente: Alejandro Casal Calvo

1º vogal: Josefa Buela Cruces

2º vogal: Socorro Barbeito Liste

1º suplente de presidente: Marco Der Berg Van Hamman

2º suplente de presidente: Miguel Codesido Lueiro

1º suplente 1º vogal: Mª Mercedes Castro García

2º suplente 1º vogal: Elena García Vázquez

1º suplente 2º vogal: Fernando Freiría Fernández

2º suplente 2º vogal: Mercedes Andrade Suárez

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 5ª**

**MESA: B**

Presidente: Mª Xosé Martínez Neiro

1º vogal: Fernando López Míguez

2º vogal: José Manuel Míguez Nimo

1º suplente de presidente: Eva Mª Taboada Oreiro

2º suplente de presidente: Noelia Moscoso Liste

1º suplente 1º vogal: Victoria Villar Mosquera

2º suplente 1º vogal: Ferando Rodríguez Carreira

1º suplente 2º vogal: Manuel Pombo García

2º suplente 2º vogal: Mª José Piñeiro García

**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 6ª**

**MESA: A**

Presidente: Óscar Bermejo Fernández



1º vogal: Alba Labandeira García  
2º vogal: M<sup>a</sup> Luisa López Martínez  
1º suplente de presidente: Carlos Docampo Ramos  
2º suplente de presidente: José Antonio Campo Saavedra  
1º suplente 1º vogal: César Antonio González Pérez  
2º suplente 1º vogal: Mercedes Gayoso Gómez  
1º suplente 2º vogal: David Aguilar Bello  
2º suplente 2º vogal: Genaro Fernández Rueda

**DISTRITO: 1º                      SECCION: 6ª                      MESA: B**

Presidente: Heliodora Villar Rubal  
1º vogal: Alfonso Villarino Arias  
2º vogal: Lino Vieiro Mallou  
1º suplente de presidente: Sara Maroño García  
2º suplente de presidente: M<sup>a</sup> Jesús Seijas Garea  
1º suplente 1º vogal: Paula Mallo García  
2º suplente 1º vogal: Beatriz Torres Expósito  
1º suplente 2º vogal: Marina Vázquez Nieto  
2º suplente 2º vogal: Pablo Jacobo Moure Parrilla

**DISTRITO: 1º                      SECCION: 7ª                      MESA: U**

Presidente: Manuel Pereiras Santiso  
1º vogal: Alberto Espiña Barros  
2º vogal: Laura Seoane Alcaraz  
1º suplente de presidente: Paula Davila Pérez  
2º suplente de presidente: Lidia Valiña Rial  
1º suplente 1º vogal: Ana Consuelo Fernández Pulpeiro  
2º suplente 1º vogal: Ana M<sup>a</sup> Prieto Bertólez  
1º suplente 2º vogal: Luis Javier Pérez Lorenzo  
2º suplente 2º vogal: Rafael Cela Torrijos



**DISTRITO: 1º**

**SECCION: 8ª**

**MESA: U**

Presidente: Martín Ortigueira Rosende

1º vogal: Mariló Fuentes Eirís

2º vogal: Camen I. Leborán Guldrís

1º suplente de presidente: Nerea Lesta Carbia

2º suplente de presidente: Jacobo Iglesias Neira

1º suplente 1º vogal: Pedro Antonio Otero Espinar

2º suplente 1º vogal: Mª del Carmen Quintián Boo

1º suplente 2º vogal: Ana Isabel Nogueira Méndez

2º suplente 2º vogal: Ricardo Ramón Bescansa Rocafort

**DISTRITO: 2º**

**SECCION: 1ª**

**MESA: A**

Presidente: Beatriz Pérez Louro

1º vogal: Mª Oliva Calviño Bouzada

2º vogal: Patricia Mª Felpete Carreira

1º suplente de presidente: Natividad Paramá Ferreiro

2º suplente de presidente: Inmaculada Botana Pombo

1º suplente 1º vogal: Mónica Mª Ferreiro García

2º suplente 1º vogal: Luis Manuel Barreiro Custodio

1º suplente 2º vogal: Miguel Ángel Catelao Botana

2º suplente 2º vogal: Mª de las Mercedes García Botana

**DISTRITO: 2º**

**SECCION: 1ª**

**MESA: B**

Presidente: Bruno Maceiras Castrillón

1º vogal: Carmen Dolores Sánchez Rial

2º vogal: Mª Carmen Aparicio Míguez

1º suplente de presidente: Alejandro Rodríguez Vázquez

2º suplente de presidente: Alicia Landeira Casal

1º suplente 1º vogal: Sergio Pintor González



2º suplente 1º vogal: Manuel Díaz Mesías

1º suplente 2º vogal: José Botana Rial

2º suplente 2º vogal: José Mª Rarís Louro

**DISTRITO: 2º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: A**

Presidente: Manuel Fernández Míguez

1º vogal: Mª José Barros Buela

2º vogal: Manuel Barros Buela

1º suplente de presidente: Javier Mella Calvo

2º suplente de presidente: Olga Pérez Paz

1º suplente 1º vogal: Gonzalo Fernández Gómez

2º suplente 1º vogal: César da Torre Riveiro

1º suplente 2º vogal: Manuela Rodríguez Mosquera

2º suplente 2º vogal: Jesús Barreiro Mosquera

**DISTRITO: 2º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: B**

Presidente: Noelia Naveira Dono

1º vogal: Jesús Senín Portas

2º vogal: Mª Teresa Manteiga López

1º suplente de presidente: Natalia Pacheco Iglesias

2º suplente de presidente: Pablo Ares Paz

1º suplente 1º vogal: Rebeca Fernández Espiño

2º suplente 1º vogal: José Luis Carbia García

1º suplente 2º vogal: José Antonio Garea Gil

2º suplente 2º vogal: Rosa Mª Rodríguez Mosquera

**DISTRITO: 3º**

**SECCION: 1ª**

**MESA: U**

Presidente: Teresa Fernández Castiñeiras



1º vogal: Jorge Mirás Estévez

2º vogal: José Aurelio Salgueiro Seijo

1º suplente de presidente: Juan Manuel Guerra Sánchez

2º suplente de presidente: M<sup>a</sup> Carmen Guerra Calvelo

1º suplente 1º vogal: Isabel Cajaraville Pereira

2º suplente 1º vogal: Camilo Casal García

1º suplente 2º vogal: José Antonio Taibo de la Torre

2º suplente 2º vogal: Martín Barreiro Paz

**DISTRITO: 3º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: A**

Presidente: Ana Isabel Rodríguez Morandeira

1º vogal: Fabián Pereira Carril

2º vogal: M<sup>a</sup> Belén Durán Carracedo

1º suplente de presidente: Mercedes Molinos Núñez

2º suplente de presidente: Mónica Teo Pais

1º suplente 1º vogal: M<sup>a</sup> Ángeles Casheda Camino

2º suplente 1º vogal: Josefina Coello García

1º suplente 2º vogal: Jesús Canicoba Ferro

2º suplente 2º vogal: M<sup>a</sup> Ángeles Castillo Guerra

**DISTRITO: 3º**

**SECCION: 2ª**

**MESA: B**

Presidente: Francisco Javier Moreno Pestonit

1º vogal: M<sup>a</sup> Cruz Castiñeiras Rodríguez

2º vogal: Orlando Díaz Pernas

1º suplente de presidente: Manuel Mallo Magariños

2º suplente de presidente: M<sup>a</sup> José Porto Fraga

1º suplente 1º vogal: Alberto Freire Nande

2º suplente 1º vogal: José Villanueva Cibeira

1º suplente 2º vogal: María Miguel Lorenzo

2º suplente 2º vogal: Enrique Martínez Cao



E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde acctal.

A secretaria

Xosé I. Iglesias Villar

Virginia Fraga Díaz





**A C T A 14/2016**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 29 DE SEPTIEMBRE -**

Na Casa do Concello, a vinte e nove de setembro de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D<sup>a</sup>. Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Non asiste, previa escusa:**

D. Manuel Anxo Fernández Baz



**Secretaria xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 28/07/2016 E EXTRAORDINARIA DO 29/08/2016**
- 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 613/16 Á 797/16)**
- 3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES MANUEL RODRÍGUEZ LEMA, S.L.**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN E RENDICIÓN DA CONTA XERAL 2015**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL E FAMILIAR**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE DO CONCELLO DE TEO**
- 8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DA PRAZA DE XEFE DE INSTALACIÓNS E REDES DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE TEO**



**9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DURANTE A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS FORESTAIS**

**10.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA EDIFICIO COMERCIAL DESTINADO A SUPERMERCADO DE ALIMENTACIÓN E APARCAMENTO PROMOVIDO POR MERCADONA S.A.**

**11.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SONDETEO-ANOVA PARA QUE O CENTRO SOCIOCULTURAL DA RAMALLOSA PASE A DENOMINARSE AUDITORIO CONSTANTE LISTE**

**12.- MOCIÓNS**

**13.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os que se detallan a continuación.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do grupo mixto, D. Manuel A. Fernández Baz.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 28/07/2016 E EXTRAORDINARIA DO 29/08/2016.**

*Acta da sesión ordinaria do 28 de xullo de 2016.*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2016.

*Acta da sesión extraordinaria do 29 de agosto de 2016.*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 29 de agosto de 2016.



Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 613/16 Á 797/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de xullo ata o 23 de setembro de 2016, que comprenden os números 613 ao 797, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.**

O Sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

### **“DACIÓN DE CONTA**

*Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.*

*Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, so excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.*

*Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.*



**De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.**

Teo, 22 de setembro de 2016

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### **4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES MANUEL RODRÍGUEZ LEMA, S.L..**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta de 22 de xullo de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 26 de setembro de 2016.

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Vista a instancia presentada en data 03/02/2016 por Manuel Rodríguez Lema, S.L., de devolución de garantía definitiva das obras de construción de piscina municipal cuberta na Ramallosa.*

*Visto o informe do técnico municipal, de data 20/07/2016, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado.*

*Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 22/07/2016, favorable á devolución,*

**PROPOÑO** ó pleno municipal a adopción dos seguintes acordos::



**Primeiro.**- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituída por Construcciones Manuel Rodríguez Lema, S.L., correspondente ás obras de construción de piscina municipal cuberta na Ramallosa, por importe de **68.601,86 €**, devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais”.

A sra. Lemus explica que a solicitude é de febreiro e que no primeiro trimestre houbo obras, estando incluso pechada a piscina, para corrixir determinadas anomalías que había, emitíndose en xullo un informe técnico dicindo que as obras están en perfecto estado, procedendo polo tanto agora a devolución da garantía.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncia o apoio do seu grupo.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:**

**Primeiro.**- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituída por Construcciones Manuel Rodríguez Lema, S.L., correspondente ás obras de construción de piscina municipal cuberta na Ramallosa, por importe de **68.601,86 €**, devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

## **5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN E RENDICIÓN DA CONTA XERAL 2015.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 6 de setembro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 26 de setembro de 2016.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2015, formada segundo o establecido no artigo 208 do Real Decreto legislativo 2/2004,



de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e co contido sinalado no artigo 209.

Considerando que devandita Conta Xeral foi informada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, na súa sesión extraordinaria celebrada en data 07/07/2016 .

Tendo en conta que a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015 estivo exposta ao público durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 132, de data 13/07/2016, podendo as persoas interesadas presentar reclamacións, reparos ou observacións durante devandito prazo de quince días hábiles e oito máis.

Considerando que durante o prazo legalmente establecido non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións, segundo consta no informe emitido polos servizos xerais.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 212.4 do TRLRFL, proponse AO PLENO:

**Primeiro**.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2015.

**Segundo**.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

**Terceiro**: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2015, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro”.

O sr. alcalde explica que a aprobación da conta xeral ten por obxecto confirmar que os datos da conta son os correctos, independentemente da súa interpretación, aínda que é certo que moitas veces se tende a discutir máis sobre os resultados económicos que sobre a conta en si. O sr. alcalde di que así, por exemplo, o resultado orzamentario da un superávit de 893.386,40€ e pódese discutir se é moito ou pouco poren a conta o que reflicte é que ese foi o resultado. Considera que se hai que destacar algo e ese



resultado positivo de superávit, e aínda que o lóxico é que se puideran investir eses cartos en solucionar cuestións dos veciños, ese superávit vai destinado a diminuír o remanente negativo que se tiña historicamente. Salienta o sr. alcalde que, como se desprende da paxina 16 do informe de intervención, se pasou de ter no ano 2011 máis de 1.500.000 euros de remanente negativo a ter, no ano 2015, 307.000 euros.

Salienta o sr. alcalde que non se precisa, segundo o informe de intervención, o plan de saneamento ao que fai referencia a disposición adicional da Lei 17/12, porque o aforro neto é positivo, ao igual que o resultado orzamentario, o remanente de tesourería é negativo, nesa cantidade que veu diminuindo durante estes anos, o aforro neto é positivo e o nivel de endebedamento é inferior ao límite do 75 %, estando en torno ao 21 ou 22 %.

Remata o sr. alcalde sinalando que, máis alá de certificar que as contas son estas, consideran que se trata duns números bos e aceptables.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que por experiencia propia entenden que non é o momento de facer outra cousa. Remata a sra. Lemus a súa intervención salientando que un dos elementos fundamentais en calquera subvención é ter aprobada e presentada a conta xeral, polo que van a apoiar a proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez sinala que non ten nada que dicir.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e sete en contra (7 PP), acorda:**





**Primeiro**.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2015.

**Segundo**.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

**Terceiro**.- Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2015, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

## **6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL E FAMILIAR.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta de 12 de setembro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 26 de setembro de 2016.

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Rafael Sisto Edreira, Alcalde-Presidente do Concello de Teo,

Considerando que o Concello de Teo conta cunha Ordenanza Reguladora do prezo público por servizos de conciliación vixente dende data 19/02/2016 .

Considerando a necesidade corrixir o seu artigo 6 xa que as porcentaxes de desconto nas bonificacións non eran correctas.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 12/09/2016.

**PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:



**Primeiro.**-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza do Prezo Público por servizos de conciliación da vida persoal e familiar, que de seguido se reflicte:

---

**MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR**

**Artigo unico.- modificación do artigo 6.-exencions e bonificacións**

Se modifica o texto do artigo 6º no apartado adicado ás bonificacións, de xeito que queda redactado como segue:

Onde di:

2.- Bonificacións:

- Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 15%.

Debe dicir:

2.- Bonificacións:

- Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 25%.

Onde di:

- Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 75% da cota. Terase en conta o IPREN anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.

Debe dicir:

- Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 25% da cota. Terase en conta o IPREN anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.

---

**Segundo.**- Expoñer o texto da Ordenanza ao público, durante trinta días mediante edicto no BOP, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións. Se transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada.



No suposto de que se presentase algunha reclamación ou suxestión, éstas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación previa aprobación definitiva”

Aclara o sr. Iglesias que mentres non entre en vigor a modificación da ordenanza hai que aplicar a dedución do 75 % da cota a todas aqueles familias que teñan menos dun 75 % do iprem per cápita.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra a concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño anuncia que van a apoiar a proposta, engadindo que quere facer unha apreciación como usuaria do servizo que se realiza no verán. Explica que en agosto a houbo xente que solicitou o mes completo e dende o concello se anulou a segunda quincena. O abono hai que facelo con antelación, en xullo, non sendo lóxico que, se o concello suspende o servizo, o usuario teña que facer a solicitude de devolución, senón que debería facerse directamente polo concello. Sinala a sra. Nariño que expón isto por si se pode ter en conta.

O sr. alcalde sinala que en principio non hai problema.

Co permiso da presidencia, a sra. interventora sinala que dependerá de cómo este regulado na ordenanza do prezo público e, se fora o caso, modificala.

O sr. alcalde sinala que se revisara ese punto.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervención.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:**



**Primeiro.-** Aprobado inicialmente a modificación da Ordenanza do Prezo Público por servizos de conciliación da vida persoal e familiar, que de seguido se reflicte:

---

**MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR**

**Artigo unico.- modificación do artigo 6.-exencions e bonificacións**

Se modifica o texto do artigo 6º no apartado adicado ás bonificacións, de xeito que queda redactado como segue:

Onde di:

2.- Bonificacións:

- Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 15%.

Debe dicir:

2.- Bonificacións:

- Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 25%.

Onde di:

- Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 75% da cota. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.

Debe dicir:

- Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 25% da cota. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.
- 

**Segundo.-** Expoñer o texto da Ordenanza ao público, durante trinta días mediante edicto no BOP, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións.



**Se transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada.**

**No suposto de que se presentase algunha reclamación ou suxestión, éstas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación previa aprobación definitiva.**

## **7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE DO CONCELLO DE TEO.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta de 22 de setembro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 26 de setembro de 2016.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Os cambios normativos dos últimos anos que regulan as tarxetas de estacionamento e a tarxeta de persoas usuarias de transporte público determinan a necesidade de abordar o cambio da regulamentación municipal neste eido, e actualizar a actual ordenanza municipal que procede do ano 2009.*

*Os cambios sociais recomentan tamén adaptarse aos usos sociais que teñen os transportes privados e públicos, en especial nun concello que ten grandes espazos rurais e unha emerxente zona urbana. A vivencia da enfermidade tamén vai mudando e faise moi necesario acomodar as estruturas materiais e normativas a estas novas construcións sociais.*

*Afortunadamente as prazas reservadas para o aparcamento para persoas con mobilidade reducida, e as condicións do transporte colectivo nesta dirección tamén medraron nestes anos e o respecto social a estas reservas é neste momento incuestionable.*



*Para manter estas conquistas sociais faise necesario que os sistemas de emisión e control destas tarxetas sigan a ser xustos para mantelas.*

*As principais novidades son que se contempla a posibilidade de emitir unha tarxeta para situacións urxentes, nas que o sufrimento persoal e familiar non recomenda esperar o tempo necesario para acadar toda a documentación xustificativa para unha tarxeta de estacionamento, e que esta tarxeta poida ser solicitada por unha persoa xurídica.*

*En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopcións do seguinte acordo:*

**Primeiro**.- *Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora das tarxetas de accesibilidade do concello de Teo, que se incorpora como anexo.*

**Segundo**.- *Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No suposto de que non se formulen reclamacións e/ou suxerencias durante a exposición pública quedará aprobado definitivamente a Ordenanza citada.*

**Terceiro**.- *O texto integro da Ordenanza aprobada deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.*

*Teo, 22 de setembro de 2016*

*O alcalde,*

*Rafael C. Sisto Edreira*



**ANEXO**

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TARXETAS DE  
ACCESIBILIDADE DO CONCELLO DE TEO**

(...)”

O sr. Iglesias explica que se estaba esperando a que, como indica o Decreto, se consensuaran os criterios para a tarxeta provisional, porén como non se da e hai dous cambios normativos importantes, como é o da tarxeta de usuario provisional e o da tarxeta de usuario de transporte colectivo, dende o concello non se pode esperar máis.

Aberta a primeira quenda de intervencións a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:**

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora das tarxetas de accesibilidade do concello de Teo, que se incorpora como anexo.

**Segundo**.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No suposto de que non se formulen reclamacións e/ou suxerencias durante a exposición pública quedará aprobado definitivamente a Ordenanza citada.



**Terceiro**.- O texto integro da Ordenanza aprobada deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

---

## ANEXO

### ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE DO CONCELLO DE TEO

#### **Artigo 1. Obxecto**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulamentación da expedición polo concello de Teo das tarxetas de accesibilidade, de estacionamento e de persoas usuarias, previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e demais normativa aplicable.

Poderán ser persoas beneficiarias das tarxetas de accesibilidade as persoas con mobilidade reducida, ou que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao das limitacións na actividade igual ou superior ao 75 %.

A través das tarxetas de accesibilidade, na súa dobre tipoloxía, preténdese favorecer o uso dos transportes privados a través do aparcamento reservado (tarxeta de estacionamento), e o uso dos transportes públicos (tarxeta de persoa usuaria).

#### **Artigo 2. Titulares**

1.- As tarxetas de estacionamento e de persoas usuarias poderán ser solicitadas polas persoas empadroadas no concello de Teo, que teñan recoñecida mobilidade reducida polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependente da sección de cualificación e valoración de discapacidade da Xunta de Galicia, ou que teñan recoñecida unha





discapacidade visual que implique un grao das limitacións na actividade igual ou superior ao 75%.

2.- Con carácter excepcional, as persoas que presenten mobilidade reducida, aínda que non fora ditaminada oficialmente, por causa de enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade que supoña fehacemente unha redución substancial da esperanza de vida, dentro da media da poboación de similares características, e que polo tanto impida tramitar en tempo a solicitude ordinaria da tarxeta de estacionamento, poderán solicitar unha tarxeta de estacionamento provisional. Para a obtención da tarxeta de estacionamento provisional, a acreditación dos extremos citados efectuarase mediante certificado do persoal médico dos servizos públicos de saúde, validado pola inspección dos servizos sanitarios competentes por razón de domicilio da persoa solicitante.

3.- As persoas que teñan tarxeta de estacionamento ou tarxeta de persoa usuaria, expedida polas autoridades competentes en calquera país da Unión Europea, ou noutra Comunidade Autónoma, poderán solicitar unha tarxeta no concello de Teo que se emitira de xeito automático, previa declaración responsable na que se poña de manifesto que cumpre con todos os requisitos contemplados na presente ordenanza e normativa aplicable, isto sen prexuízo da posibilidade de que se solicite dende o concello calquera tipo de documentación que se estime precisa.

### **Artigo 3. Solicitudes**

1.- A solicitude da tarxeta de estacionamento para vehículos privados e de persoas usuarias de transporte público deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a) Modelo de instancia recollido no anexo I, no caso de solicitar a de estacionamento, e no anexo II para a de persoas usuarias.
- b) Fotocopia do DNI, ou documento identificativo da persoa física que a solicita.
- c) Dúas fotografías tamaño carne.



- d) Certificado de discapacidade ou informe da Equipa de Valoración e Orientación (EVO), ou informe dos servizos médicos competentes no caso dar tarxeta de estacionamento provisional.
- e) No caso de que a persoa con dificultades sexa menor de idade, a documentación necesaria para comprobar que o solicitante ten a capacidade xurídica necesaria para desempeñar a súa representación, e copia do documento de identidade da persoa que ostenta dita representación.
- f) No caso de que a persoa con dificultades sexa maior de idade incapacitada xudicialmente, copia compulsada da sentenza de inhabilitación e copia do documento de identidade da persoa que é titora.

2.- No caso de que a persoa solicitante sexa unha persoa xurídica a solicitude debera acompañarse da seguinte documentación:

- a) Modelo de instancia do anexo III.
- b) Documentación do vehículo ou vehículos para os que se solicita a tarxeta, na que constara a/s matrícula/s do/s mesmo/s.
- c) Escritura de constitución ou estatutos da Entidade, na que se ten que comprobar que os fins da mesma teñen congruencia coa solicitude.
- c) Identificación da persoa que ten a capacidade de representación da entidade.

#### **Artigo 4. Procedemento e competencia**

Recibida no concello a solicitude e a documentación sinalada, o departamento de benestar e igualdade comprobara a congruencia da solicitude e a documentación presentada, podendo solicitar nova documentación ou subsanación da aportada, no caso de que así o estimase. O prazo para a emenda será de 10 días, transcorrido o cal entenderase que a/o interesada/o desiste da súa solicitude.

No caso de que a solicitude non fose congruente coa situación persoal da persoa solicitante, poderáselle indicar cal é a solicitude acaída.

Unha vez completa a documentación, formularase polo departamento de benestar e igualdade unha proposta de concesión ou denegación do solicitado, elevándose a



citada proposta, xunto co expediente completo, á Alcaldía, ostentando esta a competencia, mediante Resolución motivada, de conceder ou denegar a tarxeta solicitada.

A devandita resolución será notificada á/ao interesada/o de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común ou normativa que resulte aplicable.

Nas situacións nas que a persoa con discapacidade presente un certificado no que non se recollan explicitamente dificultades para o uso do transporte colectivo, ou unha discapacidade visual que implique un grao de limitacións na actividade igual ou superior ao 75 %, o concello remitira copia da solicitude á EVO, solicitando que informe sobre estas cuestións. O informe emitido será vinculante para a concesión ou denegación da tarxeta solicitada.

#### **Artigo 5. Vixencia e renovación**

1. - As tarxetas de accesibilidade terán, con carácter norma xeral, unha vixencia de 10 anos.
2. - As tarxetas de estacionamento provisional terán unha vixencia máxima de un ano, podendo prorrogarse por un período igual, sempre que se manteñan as condicións iniciais requiridas para o seu outorgamento.
3. - A morte das persoas titulares da tarxeta determina automaticamente a perda de vixencia da mesma.
4. - A renovación das tarxetas axustarase ao mesmo procedemento que o da súa emisión. Esta renovación deberase solicitarse, como mínimo, cunha antelación dun mes á data de finalización da vixencia da tarxeta.

#### **Artigo 6. Dereitos**

- 1.- As persoas titulares da tarxeta de estacionamento de vehículos beneficiaranse das seguintes facilidades:



- a) Utilización das prazas de aparcadoiro reservadas para tal efecto no ámbito de Galicia.
- b) Ampliación do tempo máximo de estacionamento, cando así estea contemplado.
- c) Autorización para que se poidan realizar paradas en vías públicas durante o tempo imprescindible, sempre que non entorpezan a circulación peonil ou viaria, e non provoquen situacións de risco.

2.- A tarxeta de persoas usuarias dará dereito na comunidade autónoma de Galicia a:

- a) Reservas de praza nos transportes públicos.
- b) Bonificación nas tarifas de transportes públicos que a teñan establecida.

### **Artigo 7. Obrigas**

1.- As persoas titulares, ou os seus titores, deberán comunicar calquera modificación das condicións que deron lugar a concesión da tarxeta. Esta comunicación farase por escrito que deberá presentarse no rexistro municipal.

2.- No caso de roubo, perda ou deterioro, deberase solicitarse outra tarxeta, quedando entre tanto suspendidos os dereitos inherentes á mesma.

3.- As persoas titulares das tarxetas e os seus titores ou acompañantes, deberán identificarse mediante documento oficial, cando así llo solicite un axente da autoridade.

### **Artigo 8. Uso**

1.- As tarxetas son de uso persoal e intransferible.

2.- As tarxetas de estacionamento de vehículos só poderán utilizarse cando viaxe no seu interior a persoa titular.

3.- A tarxeta de estacionamento debera colocarse de xeito visible dende fora no cristal dianteiro do automóbil. Debe ser o documento orixinal.

4.- As tarxetas de estacionamento cuxo titular sexa unha persoa xurídica estarán vinculadas á/s matrícula/s concedida/s, non podendo utilizarse noutra/s. Ademais só



serán validas cando realicen funcións de transporte con persoas con mobilidade reducida.

### **Artigo 9.- Infraccións e Sancións**

1.- O incumprimento das obrigas previstas na presente ordenanza poderá producir a cancelación das tarxetas, ou a súa retirada temporal, sen prexuízo das sancións previstas no ordenamento xurídico. Esta decisión tomarase despois de aberto o oportuno expediente, que garanta os dereitos de todas as partes implicadas. En todo caso, a incoación do expediente e a duración da retirada provisional, será unha proposta realizada polo persoal técnico da concellería de benestar e igualdade.

2.- Cando se comprobe o uso fraudulento e reiterado das tarxetas, darase traslado á Comisión Técnica de Accesibilidade dun informe da situación, de acordo co contido do artigo 70 da lei 10/2014 , do 3 de decembro, de accesibilidade.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derrogada a Ordenanza das tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalidez do concello de Teo (BOP nº 174, do 06/08/2009 ).

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.





DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA XUNTO COA SOLICITUDE

Fotocopia cotexada do DNI, tarxeta de residencia ou calquera outro documento acreditativo da identidade da persoa solicitante

No caso de que a persoa interesada sexa menor de idade:

Copia compulsada do libro de familia

Copia compulsada da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso

Copia compulsada da resolución administrativa ou xudicial que acredite a condición de ser a persoa titora ou acollidora do/a menor, de ser o caso; e copia compulsada do documento acreditativo da identidade de dita persoa

Copia compulsada da sentenza xudicial acreditativa da patria potestade prorrogada ou incapacidade xudicial; e copia compulsada do documento acreditativo da identidade da persoa que ostente a condición de titora.

No caso de que a persoa interesada sexa maior de idade, incapacitada xudicialmente:

Copia compulsada da sentenza xudicial acreditativa da incapacidade xudicial e copia compulsada do documento acreditativo da identidade da persoa que ostente a condición de titora

Dúas fotografías tamaño carné da persoa titular da tarxeta

Certificado de empadramento. O certificado será solicitado á oficina xeral do Concello por parte do persoal municipal que tramite a solicitude

Certificado de discapacidade ou informe do Equipo de Valoración e Orientación (EVO).







DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA XUNTO COA SOLICITUDE

Fotocopia cotexada do DNI, tarxeta de residencia ou calquera outro documento acreditativo da identidade da persoa solicitante

No caso de que a persoa interesada sexa menor de idade:

- Copia compulsada do libro de familia
- Copia compulsada da sentenza de nulidade, sepración ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso
- Copia compulsada da resolución administrativa ou xudicial que acredite a condición de ser a persoa titora ou acollidora do/a menor, de ser o caso; e copia compulsada do documento acreditativo da identidade de dita persoa
- Copia compulsada da sentenza xudicial acreditativa da patria potestade prorrogada ou incapacidade xudicial; e copia compulsada do documento acreditativo da identidade da persoa que ostente a condición de titora.

No caso de que a persoa interesada sexa maior de idade, incapacitada xudicialmente:

- Copia compulsada da sentenza xudicial acreditativa da incapacidade xudicial e copia compulsada do documento acreditativo da identidade da persoa que ostente a condición de titora

- Dúas fotografías tamaño carné da persoa titular da tarxeta
- Certificado de empadramento. O certificado será solicitado á oficina xeral do Concello por parte do persoal municipal que tramite a solicitude
- Certificado de discapacidade ou informe do Equipo de Valoración e Orientación (EVO).





DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA XUNTO COA SOLICITUDE

- Documento do vehículo ou vehículos habilitados para o transporte de persoas con graves problemas de mobilidade para o/s que solicita a tarxeta.
- Escritura da constitución da sociedade e estatutos da empresa
- Documentación acreditativa da identidade da persoa que actúa como representante legal

## **8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DA PRAZA DE XEFE DE INSTALACIÓNS E REDES DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE TEO.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 19 de setembro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, lingua e medio natural de 26 de setembro de 2016.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Modificación das características da praza de Xefe de instalacións e redes do Servizo abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais do concello de Teo**

No Pleno municipal celebrado o 26 de marzo de 2015 aprobouse a “Proposta da Alcaldía de modificación anexo de persoal do Orzamento de 2014 (prorrogado a 2015) de xeito que incorpore once novas prazas vencelladas ao servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e depuración”.

En base a esta aprobación convocáronse as probas selectivas de persoal para as prazas non afectadas polo recurso dos traballadores de ViAQUA que solicitaban a súa subrogación. Así, pola Resolución da Alcaldía 995/15, convocouse o proceso selectivo e aprobáronse as bases que o rexeron (BOP 245, do 23/12/2015), sendo o resultado do mesmo que o Tribunal cualificador da praza de Xefe/a de instalacións e redes, en



reunión celebrada o 10 de xuño de 2016, acorda non seleccionar a ningún candidato e, consecuentemente, non realizar proposta de contratación para a praza.

Coa intención de volver a convocar o proceso selectivo e reducir o risco de que a praza poida quedar deserta de novo, convén clarificar os obxectivos da mesma e adecuar con precisión perfil buscado:

O Xefe de instalacións e redes estaba definido dentro do grupo A1 con categoría profesional de Técnico superior, incluíndo dentro das súas funcións dúas ben diferenciadas: a coordinación e supervisión técnica xeral das actuacións e actividades ordinarias do servizo, así como do persoal vinculado ao mesmo e, por outra banda, o deseño de proxectos de saneamento e abastecemento e control de instalacións.

Este dobre perfil distorsionou parcialmente o proceso, xa que a maioría dos controladores dos procesos de saneamento e abastecemento na empresa privada teñen categoría de técnico medio (grupo A2 da administración), mentres que técnicos superiores, capacitados para a o deseño e redacción de proxectos, carecen de experiencia de xestión nos procesos e mantemento das redes no día a día.

Obviamente, o Concello de Teo desexaría contar cun profesional capaz de deseñar as redes de abastecemento e saneamento do futuro, coa solvencia necesaria para proxectar alternativas que solucionen problemas de deseño de rede, pero postos a escoller semella prioritario contar, o antes posible, cun técnico medio que garanta que as instalacións e redes existentes funcionen e o fagan coa máxima eficacia

Consecuentemente, PROPONSE AO PLENO:

1. Modificar o anexo de persoal do orzamento 2016, no cadro do persoal laboral, que figura do seguinte xeito:

Nº	Grupo Prog	Posto	Categoría	Grupo	Salario base 14 pagas	Situación
54	161	Xefe instalacións e redes	Técnico superior	A1	35.518,93€	Vacante

De forma que quede:

Nº	Grupo Prog	Posto	Categoría	Grupo	Salario base	Situación
----	------------	-------	-----------	-------	--------------	-----------



					14 pagas	
54	161	Xefe instalacións e redes	Técnico medio	A2	30.777,97€	Vacante

Deste xeito, a titulación mínima requirida nas bases da convocatoria para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, do persoal laboral temporal (contrato de interinidade) do posto de Xefe de instalacións e redes será: NIVEL 2: Grado (segundo o RD 1027/2011, de 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación superior) na área de Ensinanzas técnicas

As partidas orzamentarias nas que se imputarán os custos de persoal non sofren alteración.

2. Expoñer a devandita modificación ao público polo prazo de quince días, por medio de anuncio na taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que consideren oportunas consonte ao que dispón o artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais (Rdlex 2/2004, do 65 de marzo). De non habelas, a modificación quedará definitivamente aprobada.
3. Autorizar á Alcaldía para aprobar as bases, convocar e xestionar o proceso selectivo en réxime laboral temporal, e baixo a modalidade de interinidade, do persoal arriba relacionado. A persoa finalmente seleccionado será obxecto de contratación laboral temporal, baixo a modalidade contractual de interinidade (ata cobertura de vacante), e con adecuación á clasificación profesional e esixencias funcionais arriba indicadas, así como ás retribucións inherentes e restantes condicións laborais que, para cada caso e de conformidade ao previsto, ao respecto, no Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo, lle resulten de aplicación.
4. A selección do referido persoal laboral temporal realizarase mediante un procedemento áxil que garanta a urxencia e celeridade requirida, respectando, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade legalmente esixibles. O sistema selectivo será o de concurso-oposición, que



incluíra, ademais da valoración de méritos, probas para a determinación da capacidade e coñecementos dos aspirantes”.

O sr. alcalde explica que o prioritario é seleccionar unha persoa que saiba xestionar as redes, de levar o día a día con garantías, pasando a un segundo plano a labor de deseño maior, aínda que ten que saber facer un proxecto de pequenas modificacións ou mellora na rede, propósito alonxado dese desexo tan amplo que ambiciosamente se recolleu inicialmente. Explica o sr. alcalde que o tema foi tratado na mesa xeral e lles pareceu ben.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo á proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupos D. Ignacio M. Arroyo Font.

O sr. Arroyo di que entenden a argumentación do concello, pero van a votar en contra porque o tema da auga aínda agora está pendente doutro tipo de resolucións.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e sete en contra (7 PP), acorda:**

**1.- Modificar o anexo de persoal do orzamento 2016, no cadro do persoal laboral, que figura do seguinte xeito:**

Nº	Grupo Prog	Posto	Categoría	Grupo	Salario base 14 pagas	Situación
54	161	Xefe instalacións e redes	Técnico superior	A1	35.518,93€	Vacante

**De forma que quede:**

Nº	Grupo	Posto	Categoría	Grupo	Salario	Situación
----	-------	-------	-----------	-------	---------	-----------



	<b>Prog</b>				<b>base 14 pagas</b>	
<b>54</b>	<b>161</b>	<b>Xefe instalacións e redes</b>	<b>Técnico medio</b>	<b>A2</b>	<b>30.777,97€</b>	<b>Vacante</b>

Deste xeito, a titulación mínima requirida nas bases da convocatoria para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, do persoal laboral temporal (contrato de interinidade) do posto de Xefe de instalacións e redes será: NIVEL 2: Grado (segundo o RD 1027/2011, de 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación superior) na área de Ensinanzas técnicas

As partidas orzamentarias nas que se imputarán os custos de persoal non sofren alteración.

2.- Exponer a devandita modificación ao público polo prazo de quince días, por medio de anuncio na taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que consideren oportunas consonte ao que dispón o artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais (Rdlex 2/2004, do 65 de marzo). De non haberlas, a modificación quedará definitivamente aprobada.

3.- Autorizar á Alcaldía para aprobar as bases, convocar e xestionar o proceso selectivo en réxime laboral temporal, e baixo a modalidade de interinidade, do persoal arriba relacionado. A persoa finalmente seleccionado será obxecto de contratación laboral temporal, baixo a modalidade contractual de interinidade (ata cobertura de vacante), e con adecuación á clasificación profesional e esixencias funcionais arriba indicadas, así como ás retribucións inherentes e restantes condicións laborais que, para cada caso e de conformidade ao previsto, ao respecto, no Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo, lle resulten de aplicación.

4.- A selección do referido persoal laboral temporal realizarase mediante un procedemento áxil que garanta a urxencia e celeridade requirida, respectando, en



todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade legalmente esixibles. O sistema selectivo será o de concurso-oposición, que incluíra, ademais da valoración de méritos, probas para a determinación da capacidade e coñecementos dos aspirantes.

### **9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DURANTE A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS FORESTAIS.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta de 22 de setembro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 26 de setembro de 2016.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Considerando que nos últimos anos se produciu un importante avance na modernización da maquinaria que se usa nos traballos forestais, aumentado a súa capacidade e peso, tamén aumentou o estrago que poden facer nas estradas e pistas forestais.*

*Considerando que estas maquinarias poden realizar traballos que cambien cursos de auga da enxurrada, como achandar arroleiros ou movementos de terra.*

*Considerando que todos os traballos forestais con esta maquinaria deben garantir que os danos que se produzan terán que ser abonados polas persoas responsables, e non pola administración pública, faise necesario o deseño dun procedemento para garantir que así sexa.*

*En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopcións do seguinte acordo:*





**Primeiro.**- *Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais durante a realización de traballos forestais, que se incorpora como anexo.*

**Segundo.**- *Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No suposto de que non se formulen reclamacións e/ou suxerencias durante a exposición pública quedará aprobado definitivamente a Ordenanza citada.*

**Terceiro.**- *O texto integro da Ordenanza aprobada deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.*

Teo, 22 de setembro de 2015

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira

## **ANEXO**

### **ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DURANTE A REALIZACIÓN DE TRABALLOS FORESTAIS**

(...)"

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e sete abstencións (7 PP), acorda:**



**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais durante a realización de traballos forestais, que se incorpora como anexo.

**Segundo.-** Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No suposto de que non se formulen reclamacións e/ou suxerencias durante a exposición pública quedará aprobado definitivamente a Ordenanza citada.

**Terceiro.-** O texto integro da Ordenanza aprobada deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

---

## ANEXO

### ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DURANTE A REALIZACIÓN DE TRABALLOS FORESTAIS

#### Exposición de motivos

O concello de Teo ten unha preocupación e interese nas medidas dirixidas á xestión das masas arbóreas e das dotacións viarias do medio forestal. O territorio municipal atopase altamente urbanizado, chegando os usos residenciais a mesturarse cos agrícolas e forestais en gran parte do mesmo. Esta circunstancia provoca que os usos do espazo forestal estean condicionados, xa que a protección das persoas, edificacións e instalacións fronte aos incendios forestais é prioritaria. En determinados momentos as condicións climáticas imponen unha resposta case inmediata ante un lume incipiente, xa que logo se podería converter nun lume difícil de extinguir. As condicións dos viais de acceso ás zonas forestais, os depósitos de madeira ou os restos de cortas



ou podas acumulados en arrós, poden ser factores que dificulten as tarefas de achegamento aos focos de lume.

O contacto dos usos residenciais co medio forestal tamén determina que o uso recreativo e deportivo das pistas forestais sexa cada vez maior. A importancia que teñen estes viais como espazos de lecer e da observación da natureza so fixo comezar e vai ir en aumento nos próximos anos.

As parroquias que teñen concentrada a propiedade do monte, dispoñen de pistas amplas que posibilitan compatibilizar todos estes usos co uso orixinal, facilitar as persoas propietarias un acceso eficaz para rozas e mantementos, imprescindibles no uso silvícola do chan.

A administración municipal debe estremar o celo para que estas importantes infraestruturas non sufran danos nas operacións inherentes a unha explotación forestal da madeira, dende o momento inicial das plantacións ate o de corta, pasando por calquera outra que necesite do uso de maquinaria forestal. A modernización do sector industrial da madeira é un feito, e non se concibe unha explotación rendible sen a utilización de maquinaria, que xunto coa súa efectividade medra tamén en peso, volume e complexidade.

Especial importancia teñen os pequenos movementos de terras, achandar valos e arrós, ou aperturas de ramplas nas labores de repoboación forestal con maquinaria. Estes traballos poden desviar auga da enxurrada ou torrentes activos durante os meses de chuvia, cos conseguintes estragos na erosión de pista ou asolagamento de propiedades doutros veciños e veciñas. Resulta pois importante que se repoñan os cursos naturais da auga e, de non facelo, que se asuman os custes das reparacións.

Respecto da Lei 3/2007, do 9 de decembro, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, ao atoparnos dentro dun termo municipal cun gran número de superficies de terreos afectados, nas que cómpre unha xestión da biomasa vexetal e a adaptación de parte do seu arborado a unhas distancias de protección cara as vivendas, instalacións, edificacións e construcións. Isto provoca severas actuacións



sobre estes terreos e as súas plantacións, sobre todo en solos rústicos de protección paisaxística e forestal, incrementando ao mesmo tempo o uso dos viais e camiños forestais que transcorren ata os montes.

Respecto da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, esta ordenanza pretende completar a súa regulación, ampliando a protección máis aló das pistas forestais, a aqueles camiños e vías de titularidade municipal que non teñen a condición de pista forestal tal como esta é definida polo artigo 98 da citada Lei de montes de Galicia.

A habilitación desta ordenanza, emana da potestade regulamentaria das entidades locais recoñecida no art. 4.1.º.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, con respecto ás competencias en materia de conservación de camiños e vías rurais (art. 25.2.º.d), previndo o correspondente réxime sancionador polo incumprimento das súas determinacións e no suposto de ocasionar danos e desperfectos nas infraestruturas, instalacións e espazos públicos, derivados da actividade madeirista (arts. 139 a 141).

### **Artigo 1 – Obxecto.**

A presente Ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, fronte aos danos e deterioro que poden sufrir os mesmos como consecuencia das sacas de madeira, plantacións ou outros usos (susceptibles de danar as vías e camiños municipais) que se produzan dentro do termo municipal.

### **Artigo 2 – Ámbito de aplicación.**

1 – A presente ordenanza é de aplicación ás operacións de saca e outras relacionadas co ámbito forestal. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).



2 – Inclúense no ámbito da presente ordenanza outras operacións ou usos susceptibles de danar as vías e camiños municipais valoradas polos servizos técnicos, en base aos pertinentes informes policiais.

3 – Os traballos no medio forestal que inclúan eliminación de arros, apertura ou ampliación de accesos a fincas, e aqueles outros que supoñan un risco directo ou indirecto para a erosión de pistas polo cambio nos aportes de auga.

4 – Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- As talas puntuais de exemplares de árbores illadas
- As podas en plantacións forestais
- O clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
- Os traballos de roza e limpeza de predios
- As talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico con vehículos agrícolas
- A eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens
- Plantacións feitas de xeito manual, ou con maquinaria de pequeno tamaño sen movementos de terras, nin construción de ramplas de acceso, ou calquera outra actuación que poidan conlevar cambios nas enxurradas de auga.

4 – Quedan excluídos da presente ordenanza as pistas forestais tal como son definidas polo artigo 98.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, isto é todos aqueles camiños de tránsito rodado de titularidade pública ou privadas, fóra da rede de estradas e camiños municipais.

### **Artigo 3 – Comunicación previa.**

1 – Para garantir a conservación dos camiños e vías públicas municipais con motivo da execución das operacións forestais contempladas no artigo 2 desta ordenanza dentro do termo municipal de Teo, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais, con 15 días hábiles de antelación á data prevista para o inicio da súa execución, un escrito de comunicación previa, conforme ao modelo normalizado. Este modelo será remitido ao departamento de medio ambiente. Todo elo sen prexuízo da obtención dos permisos e/ou autorizacións sectoriais conforme á normativa vixente.

2 – O escrito de comunicación previa deberá estar asinado polo madeireiro, en el deberán constar os seguintes datos:



- Datos de identificación do madeireiro e do propietario forestal:
  - Persoa física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono
  - Persoa xurídica: razón social, NIF, enderezo, teléfono, nome, apelidos e NIF do representante da empresa
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos de saca de madeira
- Identificación da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa
- Especie de madeira obxecto da corta
- Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer
- Modelo, matrícula e peso máximo autorizado dos vehículos e maquinaria a empregar nas operacións a desenvolver
- Lugares previstos para depósito de madeira á espera da súa carga
- Camiños e vías a empregar nas operacións de saca de madeira

3 – Xunto co escrito de comunicación previa, deberase aportar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do NIF do madeireiro
- No seu caso, fotocopia da solicitude de autorización para aproveitamento madeireiro, ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Ficha catastral dos montes e/ou parcelas afectados/as
- Plano indicativo dos camiños e vías a empregar nas operacións, e as zonas elixidas para depósito de madeira se é caso.
- Xustificante do depósito da garantía

4 – Unha vez presentada a solicitude e a documentación completa, o departamento de medio ambiente, solicitará á Policía Local a comprobación do estado físico dos camiños e vías que vaian ser utilizados, obtendo as fotografías que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física. Este informe deberá ser emitido nun prazo máximo de cinco días hábiles. Unha vez realizada a inspección e co informe da Policía Local no expediente, o Concello comunicará, ao promotor ou promotora, o prazo para realizar os traballos, de non poder ser o indicado por el/ela na solicitude.

5 – O Concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou depósito por calquera das vías ou zonas indicadas no escrito de comunicación previa, de forma



motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a súa ubicación, a súa utilización na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada.

6 – No caso de que nas operacións de depósito, carga e transporte interveñan vehículos de empresas distintas á que se encarga da tala, estarán obrigados a subrogalos na súa fianza, ou ben a que se deposite a propia empresa de transporte. En caso contrario, a persoa ou empresa encargada da tala, será responsable directa dos danos ocasionados nas vías públicas municipais ou a terceiros que circulen por elas como consecuencia das operacións de depósito, carga e transporte de madeira da tala

#### **Artigo 4 – Requisitos e obrigas.**

1 – Son obrigas do madeireiro encargado de realizar as operacións de saca da madeira as seguintes:

- Presentar nas oficinas municipais o escrito de comunicación previa nos termos indicados no artigo anterior
- Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial .
- Limpar, retirar ou eliminar os residuos procedentes da corta da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas operacións. Esta obriga deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
- Limpar as superficies dos montes e terreos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituír risco de incendio.
- Repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes. Calquera outro movemento de terras, balos ou gabias que implique riscos de riadas sobre as pistas debera ser reparado, antes de solicitar a devolución.
- Responder dos danos e estragos ocasionados nos lugares da tala, camiños de acceso, instalacións e demais infraestruturas, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.



- Constituír a garantía a prol do Concello, conforme ao establecido nesta ordenanza.
- Os depósitos de rolla, ramas ou podalla non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ao viario, nin supoñer risco para os usuarios da vía.
- Deberán adoptarse as medidas oportunas para que as vías municipais, polas que se fai o transporte da madeira, estean en todo momento libres de ramas, polas, barro ou calquera outro elemento que supoña risco para os usuarios da vía.

2 – Non poderán levar a cabo as actividades reguladas na presente ordenanza, no ámbito do territorio do Concello de Teo, as persoas físicas ou xurídicas que manteñan débedas derivadas de expedientes abertos en cumprimento dos preceptos da presente ordenanza ata a conclusión do expediente ou a liquidación dos importes pendentes.

3 – En caso de que o madeireiro incumpra algunha das obrigas contidas na presente ordenanza, o concello requirirao para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo máximo de quince días hábiles. Cando o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables do cumprimento desas obrigas os propietarios dos montes e/ou parcelas de que se trate.

4 – O disposto no apartado anterior deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza

5 – En ningún caso poderá iniciarse os traballos de tala, sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente, cando ás parcelas obxecto da actuación estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.

6 – As vías públicas non se poderán utilizar para almacenamento da madeira, aínda que se autoricen as operacións para a súa carga, solicitando de ser o caso o permiso municipal correspondente da ocupación de vía pública municipal, quedando suxeita no caso de existir ás taxas correspondentes. No suposto de referirse ás vías de titularidade da Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento ou da Deputación provincial da





Coruña, con carácter previo deberá obter autorización destes organismos. Non obstante, as cunetas quedarán sempre limpas e en bo estado de utilización.

7 – Os incumprimentos na reparación de gabias, arros, valos ou outros elementos que non sexan diagnosticados na inspección, sexan responsabilidade do empresario ou empresaria solicitante. Esta responsabilidade estenderase ao longo do ano natural seguinte aos traballos forestais obxecto desta regulación. As variacións producidas nos cursos temporais de auga ou nas enxurradas poden provocar danos meses despois de rematados os traballos. Estes danos no momento de ser percibidos serán comunicados a persoas, física ou xurídica, para que solucionen os danos e a orixe dos mesmos. No caso de non proceder a facelo, poderá serlle denegados os permisos futuros no concello de Teo.

#### **Artigo 5 – Garantías.**

1 – Para responder das obrigas establecidas neta ordenanza, o madeireiro deberá depositar garantía a prol do Concello, en calquera das formas establecidas no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2 – Establécense tres categorías para os efectos da fixación da correspondente garantía, segundo o peso máximo autorizado (PMA) (en toneladas (Tn.)) do vehículo de maior peso que se vaia a utilizar na realización das operacións de depósito, carga e transporte da madeira cortada:

- Vehículos con PMA inferior a 10 Tn: 1.600 €/comunicación tala
- Vehículos con PMA entre 10-16 Tn.: 2.000 €/comunicación tala.
- Vehículos con PMA entre 16-24 Tn.: 2.3500 €/ comunicación tala
- Vehículos con PMA superior a 24 Tn.: 5.000 €/ comunicación tala

3 – A devolución das ditas garantías deberá ser solicitada polos depositarios. Para proceder a esta devolución, emitira informe o departamento de medio ambiente. Para a realización deste, requirira previamente, a comprobación por parte da Policía Local, da inexistencia de estragos nas vías, servizos e infraestruturas públicas municipais, así como que os movementos de terra, balos ou gabias atópanse no seu estado orixinal. En caso de cumprimento o Concello devolverá a garantía.



4 – En caso de incumprimento o concello procederá de conformidade co establecido nos apartados 3 e 4 do artigo 4 desta ordenanza. Transcorrido o prazo outorgado no requirimento, si este foi atendido, o concello devolverá a garantía previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais. Transcorrido ese prazo sen que se de cumprimento ao requirimento, o concello acordará a realización dos traballos que sexan necesarios, a costa do obrigado, sobre o importe de garantía depositada.

5 – Cando as cantidades depositadas en concepto de garantía resulten insuficientes para sufragar os traballos mencionados no parágrafo anterior, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público. Todo elo sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza.

#### **Artigo 6 – Réxime sancionador.**

O incumprimento do disposto na presente ordenanza sancionarase segundo o establecido nos seguintes artigos, ao abeiro do título XI da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. O procedemento someterase ao establecido no Real Decreto 1398/1993 do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **Artigo 7 – Infraccións.**

As infraccións administrativas desta ordenanza tipifícanse en leves, graves e moi graves:

1 – Constitúen infraccións moi graves:

- a) Actuacións de deterioro grave e relevante das vías e camiños municipais que non permitan a circulación de vehículos.
- b) Efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movementos de terra.
- c) Usar as vías pública para almacén ou depósito da madeira de forma que supoñan un risco para os usuarios da vía.
- d) A non adopción das medidas oportunas para que as vías municipais, polas que se fai o transporte da madeira, estean en todo momento libres de ramas, podalla, barro ou calquera outro elemento que supoña risco para os usuarios da vía.



- e) Os depósitos de rolla, polas ou tona que invadan a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, menoscaben a funcionalidade das cunetas, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ao viario, ou supoñan risco para os usuarios da vía.
- f) Non reparar as ramplas, balos ou gabias, que modifiquen o curso de augas de escorrenta, cando estas supoñan un perigo para seguridade vial ou para a integridade de bens e propiedades públicas ou privadas.
- g) A reincidencia na comisión de dúas infraccións graves da mesma natureza, no prazo dun ano.

2 – Constitúen infraccións graves:

- a) Actuacións que supoñan o deterioro das vías e camiños municipais
- b) Non procede á reparación dos danos e/ou limpeza dos restos forestais dentro do prazo sinalado de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte da notificación do requirimento municipal.
- c) A realización de ditas actividades sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.
- d) Non achegar ou falsear os datos que se esixen segundo o artigo 3 desta ordenanza.
- e) A realización dos traballos de tala sendo denegada previamente a utilización da vía pública para a realización dos mesmos.
- f) Obstruír a accións inspectora ou investigadora da Policía Local ou técnicos municipais.
- g) O depósito de madeira nas vías públicas e o vertido dos residuos procedentes das operacións reguladas na presente ordenanza en lugares non autorizados expresamente para elo.
- h) Non reparar as ramplas, balos ou gabias, que modifiquen o curso de augas de escorrenta, cando estas supoñan un risco de asolagamento das pistas municipais ou doutras propiedades, sen que produzan danos noutras propiedades.
- i) A reincidencia na comisión de dúas infraccións leves da mesma natureza, no prazo dun ano.

3 – Constitúen infraccións leves:

- a) Non achegar a documentación requirida antes de efectuar a tala da madeira.



- b) A non comunicación da tala por parte do madeireiro no prazo sinalado.
- c) O incumprimento polo propietario do monte ou parcela da obriga de identificar ao madeireiro.
- d) A realización das actividades reguladas na presente ordenanza, no ámbito do territorio do concello de Teo, polas persoas físicas ou xurídicas que manteñan débedas derivadas de expedientes abertos por incumprimento dos preceptos da presente ordenanza.
- e) No caso de que nas operacións de depósito, carga e transporte interveñan vehículos de empresas distintas á que se encarga da tala, o incumprimento desta da obriga de subrogalos na súa fianza, ou non constituír unha fianza distinta a propia empresa de transporte.
- f) Calquera acción ou omisión que infrinxa as disposicións desta ordenanza e non estea tipificada expresamente nela como moi grave ou grave.

4 – Sen prexuízo da sanción administrativa que se impuxera, quen infrinxa a presente ordenanza terá a obriga de repoñer e restaurar as cousas ao seu estado anteriores (reparación e limpeza) a infracción cometida e dos danos e prexuízos causados, na forma e condicións establecidas polo órgano que impuxo a sanción. A tal fin a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a súa execución.

5 – A prescrición de infraccións e sancións non afectará á obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao seu ser e estado primitivo, nin a de indemnizar polos danos e prexuízos causados

### **Artigo 8 – Responsables.**

1 – Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de madeireiros.

2 – Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos madeireiros, unha vez sexan requiridos polo concello, e transcorrido o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento.

### **Artigo 9 – Sancións.**

1 – As infraccións administrativas sancionaranse con multa nas seguintes contías:



Infracción leve: ata 1.000 €

Infracción grave: de 1.001 a 2.000 €

Infracción moi grave: de 2.001,00 a 5.000 €

2 – Para a clasificación das infraccións e a determinación da contía da sanción, teranse en conta as seguintes circunstancias:

A existencia de intencionalidade ou reiteración

A natureza do risco ou danos causados

A reincidencia no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza

A transcendencia social da infracción

A súa repercusión e transcendencia polo que respecta ó prexuízo causado

O custo de restitución

O retraso inxustificado na reparación dos elementos danados

3 – A imposición das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, non eximirá ao/s responsable/s dos feitos de repoñer a realidade física alterada, e de realizar os traballos de reparación e limpeza que a tal fin sexan sinalados na resolución que se dite.

### **Disposición final**

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña, e transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

### **10.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA EDIFICIO COMERCIAL DESTINADO A SUPERMERCADO DE ALIMENTACIÓN E APARCAMENTO PROMOVIDO POR MERCADONA S.A..**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta de 22 de setembro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 26 de setembro de 2016.



### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITA DO ESTUDO DE DETALLE PARA EDIFICIO COMERCIAL DESTINADO A SUPERMERCADO DE ALIMENTACIÓN E APARCAMENTO.**

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 13 de maio de 2016 (res 373/16), resolveuse aprobar inicialmente o Estudo de detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación e aparcamento, na antiga estrada de Santiago á A Estrada km 3, lugar de Estivada (Cacheiras), promovido por Mercadona S.A. e redactado polo arquitecto Ramón Amadeo Facal Grobas (rex. entrada nº 2087, de 18/03/2016), someter o expediente a información pública polo prazo dun mes, recabar os informes sectoriais precisos, en particular o de Augas de Galicia, suspender o procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto do estudo de detalle cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente, determinando a área afectada pola suspensión, segundo se detalla de seguido, e notificar individualmente aos titulares catastrais dos terreos afectados, segundo a relación que se incorpora na documentación do Estudo de detalle, de acordo co artigo 80 da LSG.

A área afectada pola suspensión é a dos dous inmobles cuxa referencia catastral se recolle a continuación:

.- 15083A060000900000LQ. Superficie de 5.246 m<sup>2</sup>

.- 15083A060000910001BA. Superficie de 3.252 m<sup>2</sup>

Considerando que, de acordo co exposto, con data de 26 de maio de 2016, notificase o Decreto da alcaldía de 13 de maio (res 373/16) a D. José A. Martín Cuesta (rex. saída nº 1.764) e aos titulares catastrais (rexs. saída nºs 1.765 e 1.766) e, con data de 31 de maio de 2016 (rex. saída nº 1.790), solicítase informe de Augas de Galicia, cumprimentándose igualmente o previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), informe favorable que



se recibiu no concello con data de 29 de agosto de 2016 (rex. entrada nº 6.981), debéndose dar cumprimento ao recollido nas conclusións do mesmo que se reproducen a continuación:

*“Conclusións:*

*Tendo en conta a existencia de viais públicos augas arriba do tramo de estudo que poden aportar augas á valgada, conclúese o carácter público de dito regato, sendo de aplicación o previsto no artigo 6 da Lei de augas e 7 do Regulamento do dominio público hidráulico, polo que se deberá preservar unha franxa de 5 m.l. (zona de servidume) libre de calquera tipo de construción que dificulte o paso para uso público, medida a partir do bordo do leito, que se define como o terreo ocupado polas máximas crecidas ou cheas ordinarias”.*

Considerando que, dando cumprimento ao Decreto da alcaldía citado (res 373/16), o expediente someteuse a información pública por prazo dun mes, mediante inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia (nº 117, de 21/06/2016), na Voz de Galicia (30/05/2016), no taboleiro de anuncios do Concello (30/05/2016) e no BOE (nº 135, de 04/06/2016), servindo este último de notificación nos termos do artigo 59.5 da LRXPAC, publicándose igualmente, de acordo co previsto no artigo 70 ter da LRBRL e artigo 25.4 do TRLSRU, na páxina web do concello (01/06/2016).

Durante o período de exposición pública non se presentaron alegacións, tal e como se desprende do informe do administrativo xefe do negociado de servizo xerais do concello de 10 de agosto de 2016, incorporado ao expediente.

En virtude do exposto e de acordo cos artigos 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e artigos 80, 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación e aparcamento, na antiga estrada de Santiago á A Estrada km 3, lugar de Estivada (Cacheiras), promovido por Mercadona S.A. e redactado polo arquitecto Ramón Amadeo Facal Grobas (rex. entrada nº 2087,



de 18/03/2016), quedando extinguida, de conformidade co artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito obxecto do estudo de detalle.

**Segundo.-** Publicar no Diario Oficial de Galicia, no prazo dun mes, e no BOP, o acordo de aprobación definitiva, e neste último o documento que conteñan a normativa e as ordenanzas, de acordo co artigo 82 da LSG, sendo o enderezo electrónico *www.teo.gal* no que figurará o contido íntegro do estudo de detalle a disposición do público.

**Terceiro.-** Proceder á inscrición do estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto nos artigos 82 e 88 da LSG, a efectos da súa entrada en vigor, de acordo co artigo citado, debéndose remitir, a estes efectos, á Consellaría competente en materia de urbanismo, un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado do estudo de detalle, procedéndose, unha vez que teña lugar dita inscrición, a publicar a normativa e as ordenanzas no BOP, de conformidade co artigo 82 da LSG.

**Cuarto.-** Notificar aos interesados con sinalamento dos recursos procedentes e dar cumprimento ao previsto no artigo 189 LPAP”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncia o apoio do seu grupo.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:**

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación e aparcamento, na antiga estrada de Santiago á A Estrada km 3, lugar de Estivada (Cacheiras), promovido por Mercadona S.A. e redactado polo arquitecto Ramón Amadeo Facal Grobas (rex. entrada nº 2087, de 18/03/2016), quedando extinguida, de conformidade co artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito obxecto do estudo de detalle.





**Segundo.-** Publicar no Diario Oficial de Galicia, no prazo dun mes, e no BOP, o acordo de aprobación definitiva, e neste último o documento que conteñan a normativa e as ordenanzas, de acordo co artigo 82 da LSG, sendo o enderezo electrónico *www.teo.gal* no que figurará o contido íntegro do estudo de detalle a disposición do público.

**Terceiro.-** Proceder á inscrición do estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto nos artigos 82 e 88 da LSG, a efectos da súa entrada en vigor, de acordo co artigo citado, debéndose remitir, a estes efectos, á Consellaría competente en materia de urbanismo, un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado do estudo de detalle, procedéndose, unha vez que teña lugar dita inscrición, a publicar a normativa e as ordenanzas no BOP, de conformidade co artigo 82 da LSG.

**Cuarto.-** Notificar aos interesados con sinalamento dos recursos procedentes e dar cumprimento ao previsto no artigo 189 LPAP.

**11.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SONDETEO-ANOVA PARA QUE O CENTRO SOCIOCULTURAL DA RAMALLOSA PASE A DENOMINARSE AUDITORIO CONSTANTE LISTE.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de cultura e educación, D.<sup>a</sup> Pilar. Pérez Fágil.

O concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo anuncia que o seu grupo vai a formular unha emenda, que procede a repartir entre os concelleiros/as, e que se reproduce a continuación.

*“O Grupo Municipal Popular, e no seu nome o Concelleiro Ignacio Arroyo Font, a coacción do punto nº 11 da Orde do Día do Pleno Ordinario a celebrar o 29 de setembro de 2016, que leva por título “Ditame da Moción do Grupo Municipal Son de Teo-Anova para que o Centro Sociocultural da Ramallosa pase a denominarse Auditorio Constante Liste”,*



**EXPÓN:**

*Que tendo en consideración que o nome proposto pola moción presentado por Anova-Son de Teo xa goza da homenaxe correspondente nunha Rúa en na parroquia de Calo.*

*Que tendo en consideración a representatividade e singularidade do principal auditorio do Concello como punto central da promoción e difusión cultural de Teo.*

*Consideramos que sería máis plural, incluínte e representativo poñerlle o propio nome do Concello. Polo exposto, propoñemos a seguinte:*

**EMENDA:**

*Esta Corporación Municipal acorda que o Centro Sociocultural da Ramallosa pase a denominarse “Auditorio Municipal de Teo”.*

*En Teo, a 29 de setembro de 2016*

*Ignacio Arroyo Font”*

A sra. Fagil da conta da proposta de 21 de setembro de 2016 (rex. entrada nº 8190), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 26 de setembro de 2016.

**“MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL SON DE TEO – ANOVA**

*O tres de outubro deste ano, 2016, cúmprese 80 anos do asasinato do Constante Liste.*

*Constante Liste naceu en Ameneiro, Teo, en 1900. Membro dunha familia de canteiros da parroquia de Calo, é un representante paradigmático do que supuxo a represión que sufriron neste país moitos homes e mulleres tras o golpe de Estado de 1936, a Guerra Civil e a ditadura. Presidente do sindicato de Oficios Varios de Teo-Ames, período que vai do 16 de marzo ao 4 de agosto de 1936. Ocupou o cargo de primeiro tenente de alcalde.*



*Foi detido en Calo ao se producir a sublevación do exército franquista e morreu fusilado o 3 de outubro de 1936. A día d'ehoxe seguimos sen saber onde repousa o seu corpo. Como este ano se cumpren oitenta do seu asesinato, este grupo municipal considera que é responsabilidade desta Corporación, en nome e representación do pobo de Teo, exercer todas aquelas accións conducentes a rehabilitar a memoria histórica dos homes e mulleres que sufriron represalia por parte do franquismo. E neste caso con máis razón, por se tratar dun representante deste pobo lexítima e democráticamente elixido.*

*É, pois, responsabilidade que asumimos, e intentamos así poner da nosa parte unha pequeno contribución á necesaria restauración histórica dunha lexitimidade violentada pola forza das armas e dunha memoria que non pode esquecer os fillos e fillas deste pobo que deron a súa vida pola democracia e a liberdade.*

*Por todo isto, propoñemos á consideración do Pleno o seguinte:*

#### **ACORDO**

*Esta Corporación Municipal acorda que o Centro Sociocultural da Ramallosa pase a denominarse Auditorio Constante Liste.”*

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo á proposta da alcaldía.

O sr. alcalde anuncia que van a rexeitar a emenda porque é certo que hai unha rúa que leva o nome dos irmáns, en conxunto, porque daquela nin tan sequera se tivo a valentía ou a oportunidade de recoñecer o que supuxo o fusilamento desta persoa en concreto na súa calidade de primeiro tenente de alcalde do concello.

Co permiso da presidencia, a sra. Pérez lembra que no ano 2003 o sr. Martiño Noriega levou ao Pleno a proposta de que o Centro Sociocultural levara o nome de Constante Liste, e nese mesmo Pleno o alcalde naquel momento decidiu cambiar iso por propoñer unha rúa en Ameneiro. Remata a sra. Pérez sinalando que eles, por memoria histórica e por tradición, entenden que o centro sociocultural debe levar o nome de Constante Liste.



O sr. Arroyo di que queren que se represente á maior parte do pobo de Teo con este nomeamento.

A sra. Fágil entende que está representado todo o pobo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, di que independentemente de consideracións, aínda que “Municipio de Teo” é máis neutro, estase a falar dun Tenente de alcalde que foi fusilado e con independencia do partido ao que pertencía, que non era o seu, ela síntese igualmente representada. Non comparte a sra. Lemus o dito polo PP de que sexa excluínte. Remata a sra. Lemus sinalando que cree que é claro o que se está facendo igual que se fixo coa homenaxe do día 18 de agosto, no que non participan nos últimos anos os concelleiros/as do PP.

A sra. Vázquez di que non foron invitados.

A sra. Lemus sinala que non é por ideoloxía, son fusilados, dunha parte do país contra outro, que levou a 50 anos de ditadura.

O sr. Guerra dille á sra. Lemus que se o di esta concelleira xa está.

Explica o sr. alcalde que se vai a someter a votación, en primeiro lugar, a emenda do formulada polo grupo municipal do Partido Popular.

Sometida a votación a emenda formulada polo PP, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor – 7 (7 PP)

Votos en contra – 9 (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE)

Abstencións – 0

De acordo co resultado da votación, o sr. alcalde sinala que se vai a someter a votación a moción de Son de Teo-ANOVA, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 26 de setembro de 2016.



**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e sete votos en contra (7 PP), acorda que o Centro Sociocultural da Ramallosa pase a denominarse Auditorio Constante Liste.**

## **12.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto décimo terceiro da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

## **13.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún/ningunha/ rogo e/ou pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

- 1.- O sr. Guerra sinala que lle dixeron que en Fixo nº 29 cando chove salta unha arqueta e pide que se mire.
- 2.- Sinala o sr. Guerra que na ribeira de Cacheiras lle din que non é o primeira vez que chocan os coches que veñen de arriban e os que veñen da residencia, polo que habería de mirar de poñer algo.
- 3.- Di o sr. Guerra que en Penelas, indo cara Os Tilos, estaría ven poñer unhas barandillas e unhas farolas.
- 4.- Di o sr. Guerra que nos Tilo, ao lado da Igrexa, parece que houbo un choque, e pide unha redución da velocidade ou unhas bandas rugosas se é posible.



A sra. Lemus resposta que se vai a poñer un paso de peóns elevado e se vai a facer unha reordenación do tráfico

5.- A sra. Ferreiro di que quere agradecer ao departamento de secretaría o esforzo para que as actas lle chegaran aos concelleiros/as cando correspondía.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 15/2016**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 27 DE OUTUBRO DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e sete de outubro de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz



**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 29/09/2016**
- 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 798/16 Á 920/16)**
- 3.- DACIÓN DE CONTA INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS 3º TRIMESTRE 2016**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE TEO**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO**
- 8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS REVÁLIDAS**
- 9.- MOCIÓNS**
- 10.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a





tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 29/09/2016.**

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2016, sen que se formule ningunha ao efecto.

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, para facer constar que foi detectado un erro ao recollese no encabezamento da acta en cuestión o mes de celebración en castelán (*septiembre*) e non en galego (*setembro*), polo que se procederá a facer a debida corrección.

Non habendo máis observacións ao respecto, queda aprobada a citada acta.

### **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 798/16 Á 920/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 24 de setembro ata o 21 de outubro de 2016, que comprenden os números 798 ao 920, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **3.- DACIÓN DE CONTA INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS 3º TRIMESTRE 2016.**

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería e Intervención, de 4 de outubro de 2016, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais no terceiro trimestre de 2016, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dase por enterado.



#### **4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta de 14 de outubro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 24 de outubro de 2016.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: APROBACIÓN CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**

*O artigo 10 da Lei 2/2016, do solo de Galicia establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como o desempeño de cantas outras competencias lle asignen as leis ou os seus estatutos.*

*Son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá ser aprobado polo pleno da corporación e polo titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e publicado no Diario Oficial de Galicia.*

*O convenio deberá conter, entre outras materias, a determinación das competencias que se lle atribúen á Axencia, o prazo de vixencia e as causas de resolución.*

*O Concello de Teo ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 152 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia.*

*A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá á coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.*



*O Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público o privado.*

*Lembremos que na actualidade conforme ao artigo 156 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, corresponde xa á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística a competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade urbanística respecto das obras e usos realizados en solo rústico, en calquera das súas categorías, sen o preceptivo plan especial, sen autorización autonómica ou sen axustarse ás condicións da autorización outorgada, así como nos supostos de obras e usos prohibidos.*

*Tomando en consideración as necesidades municipais e a configuración actual dos departamentos municipais con competencias na disciplina urbanística, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro**.- *Aprobar o convenio de adhesión do Concello de Teo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, conforme ao establecido no artigo 10.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e que se inclúe no ANEXO I deste proposta.*

**Segundo**.- *Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente convenio e o correspondente expediente.*

*Teo, 14 de outubro de 2016*

*O alcalde*

*Rafael C. Sisto Edreira*

## **ANEXO I**

### **CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA”**

(...)

A sra. Lemus explica que, tratándose das achegas económicas, hai unha inicial de 9.075 euros e despois achegas do 50 % das multas e das sancións. Salienta a sra. Lemus que se trata dunha delegación imposta un pouco pola circunstancia de falta de cobro das multas coercitivas, engadindo que se trata dun tema consensuado co servizo de urbanismo.



Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que supón que continuará coa súa función a persoa que se dedica a facer inspeccións. Sinala que ve que se trata do rústico e pregunta se o urbano seguiría sendo do concello.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen di que dende o seu grupo non lle ven inconvincente porén lles parece que existen outras prioridades, debéndose ademais ter en conta o do 50 %, cando existe unha persoa no concello que ten asignada esta función. Lembra o sr. Guerra que en xaneiro se lle mandou unha circular á policía local restándolle as súas competencias e agora no apartado c) da estipulación cuarta do convenio, referida ás obrigas do concello, se fala de *“prestar o auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar aos responsables de posibles infraccións”*.

O sr. alcalde di que as competencias nunca se lle quitaron á policía.

O sr. Guerra refírese á circular citada.

O sr. alcalde di que xustamente, tal e como di a circular, se trata de que o desenvolvemento de dita función pola policía se realice *“baixo a dirección da persoa que ten a capacitación técnica”*.

A sra. Lemus resposta que o urbano queda baixo a competencia municipal, engadindo que é unha delegación na Aplu e o técnico vai a seguir realizando a súa función e colaborará con ela. Di a sra. Lemus que en relación ás prioridades no momento actual, se pode discutir, engadindo que se trata de 9.000 euros e en relación ás multas a Aplu ten acceso á Facenda estatal e autonómica e dispón dos medios para executalas, a diferenza do concello.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.



**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e sete abstencións (7 PP), acorda:**

**Primeiro**.- Aprobar o convenio de adhesión do Concello de Teo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, conforme ao establecido no artigo 10.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e que se inclúe no ANEXO I deste proposta.

**Segundo**.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente convenio e o correspondente expediente.

*“En Santiago de Compostela, a ... de ..... de dous mil ....*

#### **INTERVEÑEN:**

*Dunha parte, Don Rafael C. Sisto Edreira, alcalde do Concello de Teo, provincia de A Coruña, en representación do concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*E doutra parte, Don José Antonio Cerdeira Pérez, director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en representación do ente público, de conformidade co disposto no artigo 18 dos Estatutos aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro.*

#### **EXPOÑEN:**

*1º.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG, en adiante), no seu artigo 10, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.*

*Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a previa aprobación do Pleno da Corporación e do Consello da Xunta de Galicia e será publicado no Diario Oficial de Galicia.*



Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, e publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 222, de 16 de novembro.

2º.- O Concello de Teo ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 152 e seguintes da LSG.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá á coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

3º.- En virtude do establecido no artigo 10 da LSG, a Axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.

Neste senso, o artigo 9 dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determine a Lei urbanística autonómica, segundo se estableza no convenio de adhesión.

4º.- Este convenio de adhesión obtivo a previa aprobación do Pleno da Corporación municipal de Teo en sesión que tivo lugar en data .....de 2016, co voto favorable.....de membros da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG, e no artigo 215.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Así mesmo, obtivo a aprobación da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mediante resolución de data ... de .... de ....., de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG.

Os intervenientes recoñecen mutua capacidade para o outorgamento do presente convenio de adhesión, de conformidade coas seguintes



## ESTIPULACIÓNS:

### Primeira.- Incorporación á Axencia

O Concello de Teo, Provincia de A Coruña, incorpórase e adhírese como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no presente convenio de adhesión e o establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, e na Lei do solo de Galicia.

### Segunda.- Delegación de competencias

1.- O Concello de Teo delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 152 e seguintes da LSG, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo:

Solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG).

Solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 27 e disposición transitoria primeira da LSG).

E núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 23 e disposición transitoria primeira, da LSG).

A Axencia exercerá efectivamente estas competencias desde o día seguinte ao da publicación do convenio no Diario Oficial de Galicia.

2.- Nesta delegación de competencias non está incluída a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello.

3.- A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderalle ao concello.

Para resolver o recurso deberá solicitarse informe da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Cando se reciba o escrito de interposición de recurso na Axencia, esta deberá remitir-lo ao concello co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente administrativo.

4.- A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría esixida no artigo 215.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á dirección da Axencia e publicada no Diario Oficial de Galicia.



Terceira.- Contribución ao sostemento da Axencia

1.- O Concello de contribuíra ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística coas seguintes achegas económicas:

- a) A cantidade de 75 euros por cada núcleo rural delimitado (9.075 EUROS) que será transferida polo Concello á Axencia antes de enviar ao DOG o anuncio de publicación do convenio. A cantidade será determinada de común acordo co Concello se determinará en función do número e extensión dos núcleos rurais existentes.
- b) o 50% do produto das multas coercitivas impostas pola Axencia para a execución das ordes de reposición da legalidade dítadas no exercicio das competencias delegadas polo Concello;
- c) e o 50% do importe das sancións impostas pola Axencia aos responsables de infraccións urbanísticas, en exercicio das competencias delegadas polo Concello.

2.- O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia en exercicio de competencias delegadas polo concello serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobro pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao Concello de unha cantidade equivalente ao 50% dos ingresos percibidos polas sancións impostas en exercicio das competencias delegadas.

Cuarta.- Obrigacións asumidas polo Concello

O Concello de asume as seguintes obrigacións:

- a) prestar a cooperación e asistencia activa que a Axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias;
- b) facilitar ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións;
- c) prestar o auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar aos responsables de posibles infraccións;
- d) absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos que a Axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada;





- e) solicitar informe da Axencia previamente á resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas polo Concello;
- f) contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión;
- g) e respectar as estipulacións do presente convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro.

Quinta.- Programa de incorporación

A incorporación do concello á Axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no Diario Oficial de Galicia.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

Sexta.- Prazo de vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución do presente convenio producirase no suposto de que o Concello de Teo perda a condición de membro da Axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da Axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

Sétima.- Interpretación do convenio

As controversias que puidesen xurdir na interpretación do presente convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da Axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da Axencia aprobados por Decreto 213/2007, de 31 de outubro.

E para que así conste, asinan o presente convenio de adhesión, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Concello de Teo  
O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

Pola Axencia de Protección da  
Legalidade Urbanística  
O director,

José Antonio Cerdeira Pérez”



## **5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 11 de outubro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 24 de outubro de 2016.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### ***Asunto: Modificación sobre a periodicidade das sesións do pleno***

*Considerando que segundo o previsto no artigo 19.2 do ROM do Concello, o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes, nos días e horas que se fixen por acordo plenario e que poderán ser cambiados en calquera momento posterior por dito órgano.*

*Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 18 de xuño de 2015, acordou que a celebración dos Plenos ordinarios tivera lugar o último xoves de cada mes, excepto no mes de agosto, ás 20 horas, celebrándose, se coincide con día festivo, o anterior día hábil á mesma hora.*

*Considerando que o pasado 3 de outubro entrou en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que contempla, entre outras moitas disposicións, que os sábados non serán días hábiles para as Administracións Públicas, propiciando que sexa aconsellable modificar os procedementos seguidos na convocatoria de Plenos e Comisións Informativas para facelos máis áxiles e garantir o cumprimento dos prazos legais das convocatorias correspondentes.*

*En virtude do exposto, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo, que substituirá o adoptado na sesión do 18 de xuño de 2015:*

**Primeiro.**- *O Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria o último mércores de cada mes, excepto no mes de agosto, ás 20:00 horas. Se coincide con día festivo celebrarase o anterior día hábil á mesma hora.*

**Segundo.**- *Facer público o presente de acordo do previsto na normativa aplicable”.*



Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que na Comisión Informativa se propuxo a posibilidade de celebrar os Plenos ás oito e media, porén mantívose ás oito e anuncia o seu apoio á proposta.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen amosa o apoio do seu grupo á proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e pide que se manteña a posibilidade de acceso aos expedientes os Sábados.

O sr. alcalde resposta que non haberá problema.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:**

**Primeiro.- O Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria o último mércores de cada mes, excepto no mes de agosto, ás 20:00 horas. Se coincide con día festivo celebrarase o anterior día hábil á mesma hora.**

**Segundo.- Facer público o presente de acordo do previsto na normativa aplicable.**

## **6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE TEO.**

O Sr. alcalde cede a palabra á concelleira de administración, transportes, comercio, turismo e emprego, D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez.

A sra. García da conta da proposta de 18 de outubro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de outubro de 2016.



## “PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Modificación da Ordenanza de venda ambulante do concello de Teo.

Considerando que con data de 26 de maio de 2016 aprobouse inicialmente a Ordenanza de venda ambulante do concello de Teo, publicándose o texto íntegro do mesmo no BOP nº 145, de 2 de agosto de 2016.

Considerando que, fronte á demanda de produtores e usuarios do Mercado Labrego dos Tilos valórase a ampliación da oferta de produtos contemplada no regulamento inicial.

Considerando tamén, a necesidade de incorporar un requisito documental para a obtención das licenzas de venda ambulante que foi omitido involuntariamente na redacción inicial.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propono ao Pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza de Venda Ambulante do concello de Teo, nos termos que se recollen a continuación, quedando redactada a mesma conforme ao texto modificado que se incorpora como anexo á presente.

1.- No **artigo 9, apartado 3.-**, engádese o requisito de estar ao corrente de pagamento das obrigas tributarias, desprazando a numeración dos apartados dende o 3.- e quedando redactado conforme se recolle a continuación:

**“Artigo 9. Requisitos para a concesión da autorización**

*Serán de obrigado cumprimento para a concesión da autorización municipal, conforme ao artigo 72.2 da Lei 13/2010, os seguintes requisitos:*

- 1.- Estar inscrito no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante e ao corrente, no seu caso, no pagamento do citado imposto.*
- 2.- Estar en situación de alta na Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.*
- 3.- Estar ao corrente de pagamento das Obrigas Tributarias.*
- 4.- Dispoñer do Seguro de Responsabilidade Civil que cubra os danos que se podan ocasionar polos elementos do posto.*
- 5.- Estar en posesión do certificado, diploma ou carné de manipulación de alimentos, cando a licenza solicitada sexa para a venda de produtos alimentarios.*
- 6.- Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicábeis aos produtos autorizados que teñan á venda.*



- 7.- Satisfacer as taxas e tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- 8.- Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixible, se se tratara de persoas extranxeiras.
- 9.- Tratándose de persoas xurídicas, deberán acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

*Aínda que a inscrición na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio da Xunta de Galicia non é un requisito previo para a solicitude de autorización municipal, de non presentar a correspondente tarxeta acreditativa de dita inscrición, será o Concello quen comunique os datos da persoa solicitante para a correspondente inscrición.”.*

2.- No **artigo 10, apartado d)**, engádese a obriga de presentar o certificado de estar ao corrente de pagamento das obrigas tributarias para obter a licenza municipal de venda ambulante, desprazando a numeración dos apartados dende o d) e quedando redactado conforme se recolle a continuación:

#### **“Artigo 10. Solicitude de autorización**

*Poderán solicitar a autorización municipal de venda ambulante as persoas físicas maiores de 16 anos ou persoas xurídicamente constituídas, directamente ou a través de representante debidamente autorizado, en impreso normalizado que figura como anexo I, acompañado da seguinte documentación, debidamente cotexada:*

- a) *Copia do DNI ou pasaporte, no caso de ser persoa física. Copia do CIF, da acta de constitución da sociedade, dos estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de obtención da licenza en representación da empresa, no caso das persoas xurídicas.*
- b) *Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente de pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente á actividade para a que solicita licenza ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios.*
- c) *Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente de pagamento no réxime correspondente da Seguridade Social.*
- d) *Certificado acreditativo de estar ao corrente de pagamento das Obrigas Tributarias.*
- e) *Certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos, no seu caso.*
- f) *Declaración responsable de cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produto, segundo modelo normalizado que figura como anexo II.*
- g) *Permisos de residencia e traballo, no caso de cidadáns estranxeiros.*
- h) *Seguro de responsabilidade civil.*
- i) *Xustificante de aboamento das taxas establecidas na ordenanza municipal. Se o solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta ordenanza, e os esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requiriráselle á persoa interesada para que, nun prazo de 10 días hábiles, subsane a falla e presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera, terase por desistida da súa petición.*



*As autorizacións para venda ambulante na vía pública outorgaranse, como maximo, por 1 ano, prorrogable por períodos idénticos, ata un máximo de 5.*

*As autorizacións para mercados periódicos outorgaranse, como mínimo, por 1 ano, prorrogable por períodos idénticos, ata un máximo de 5.*

*Para a concesión de dita prórroga será preciso solicitala, cunha antelación mínima de 1 mes ao vencemento da autorización, xustificando que seguen a concorrer as circunstancias que deron orixe á súa concesión.*

*A solicitude de autorización deberá ser formulada cunha antelación mínima de 15 días á data de inicio da actividade ou celebración do mercado.*

*No caso de autorizacións para feiras e mercados non periódicos, ou de celebración anual, a autorización limitarase aos días sinalados na mesma.*

*Poderán concederse autorizacións de venda en mercados periódicos semanais nas que o espazo solicitado sexa compartido por dous vendedores, ocupando o mesmo espazo de maneira alterna, e previo acordo entre ambos, de maneira que un ocupe o espazo a metade dos mercados, e o outro a outra metade.*

*Así mesmo, as autorizacións para a venda de tempada circunscribíranse ao período concreto concedido nas mesmas.*

*A venda de produción propia, á que fai referencia o Decreto 125/2014, de 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final, non está afecta a unha autorización municipal para o exercicio da súa actividade. Para o seu exercicio na vía pública ou mercados públicos esixírase a presentación dun certificado que acredite a inscrición da explotación no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), e a súa alta na Sección de Explotacións Acollidas á Venda Directa (SEVEDI), así como, o seguro de responsabilidade civil e, no caso de ofrecer produtos baixo a calificación de produto ecolóxico, haberá de acreditalo co correspondente certificado expedido polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA). Dita documentación incorporarse coforme ao anexo III que se achega co presente.”*

3.- No **artigo 19**, modifícase o **apartado h)**, da relación de cartaces identificativos de produto, engadindo o produto alimentario de proximidade, e quedando redactado conforme se recolle a continuación:

*“h) No Mercado de Alimento Labrego será de obrigado cumprimento a exposición do cartaz identificativo do tipo de produto que ofrezca cada posto, clasificado en produto da horta ecolóxico, sustentable ou convencional e produto alimentario de proximidade.”*

4.- No **artigo 21** modifícase o **apartado a)**, ampliando a oferta de produtos obxecto de venda no mercado, e quedando redactado conforme se recolle a continuación:

*“a) Mercado de Alimento Labrego dos Tilos.*



*Ten lugar os sábados entre as 10,00 e as 14,00h, na Praza dos Tilos.*

*Con carácter xeral, serán obxecto de venda exclusiva neste mercado os produtos das explotacións agrícolas do concello de Teo e concellos da contorna, así como, os produtos alimentarios elaborados de maneira artesanal, maioritariamente, a partir de materias primas procedentes das explotacións agrícolas e gandeiras do mesmo ámbito territorial, quedando prohibida a venda de produtos agrícolas previamente mercados polo produtor, ou produtos alimentarios elaborados por terceiros.*

*Excepcionalmente, e co gallo das festas estacionais ou temáticas que se celebren no mercado, poderán asistir postos convidados que ofrezan outro tipo de produtos artesanais.*

*Este mercado poderá celebrarse, de maneira excepcional e previa autorización da Xunta de Goberno Local, en día e emprazamento distinto para promocionar a súa actividade por todo o concello.”*

5.- No **Anexo I**, correspondente ao formulario normalizado da solicitude de licenza de venda ambulante, na relación de documentos que deben xuntarse, engádese o certificado de estar ao corrente de pagamento das débedas tributarias, quedando redactado conforme se recolle a continuación:



**SOLICITUDE DE LICENZA PARA A VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO**

<b>SOLICITANTE</b>	Nome			
	NIF		Enderezo	
			Concello	
	Teléfono		Correo-e:	
		<b>Autónomo</b>	<b>Cooperativista</b>	<b>Outras sociedades</b>
	Razón social		CIF	

<b>DATOS DO POSTO</b>	Mercado/Feira	Mercado Labrego de Os Tilos – Sábados de 10,00 a 14,00 h
		Mercadiño de Cacheiras – Venres de 09,00 a 14,00 h
		Feira de San Martiño – Carballeira de Francos (Novembro)
		Outro:
	Vía pública	Ubicación
		Itinerario
<b>Medidas do posto (fronte e fondo)</b>		<b>m<sup>2</sup></b>
<b>Produtos obxecto de venda</b>		
<b>Datas/prazos</b>		

<b>DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA</b>	<b>PERSOA FÍSICA</b>	DNI / NIE
	<b>PERSOA XURÍDICA</b>	Fotocopia compulsada do CIF
		Fotocopia compulsada da acta de constitución e estatutos
		Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade
	<b>TODOS</b>	Documentación acreditativa de estar dado de alta e ao corrente no pagamento do <b>Imposto sobre Actividades Económicas</b> ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios
		Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente no pagamento das cuotas da <b>Seguridade Social</b>
		Certificado de estar ao corrente de pagamento das <b>obrigas tributarias</b>
		Certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de <b>manipulación de alimentos</b> , no seu caso.
		<b>Declaración responsable</b> de cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produto, conforme ao Anexo III, que se achega xunto co presente
		Permiso de residencia e traballo, no caso de cidadáns estranxeiros
Seguro de <b>Responsabilidade Civil</b>		
Xustificante de aboamento das <b>taxas</b> establecidas na ordenanza municipal		

Quen suscribe, e considerando reunir os requisitos que se precisan e se acreditan coa achega da documentación requirida, aceptando todos os termos expresados no vixente Regulamento de Venda Ambulante no concello de Teo, **SOLICITA** se lle conceda a correspondente licenza nas condicións establecidas, declarando ser certos os datos do presente documento.

Teo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.0 \_\_\_\_  
Asdo:





**Segundo** - Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

**Terceiro**.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos arts. 49 e 70.2 da citada lei.

Teo, a 18 de outubro de 2016.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira”

## ANEXO

### ORDENANZA DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO

(..)

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que aínda que se trata unicamente dun incremento da oferta de produtos e a incorporación dun requisito documental, como se vai a abrir un período de alegacións vaise abster á espera de ver se hai algunha alegación.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Julio C. Retis Vázquez.

O sr. Retis amosa o apoio do seu grupo, engadindo que sobre todo dende o punto de vista hixiénico-sanitario cumpre perfectamente.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.



Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dezaseis votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP e 2 PSdeG-PSOE) e unha abstención (1 grupo mixto), acorda:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza de Venda Ambulante do concello de Teo, nos termos que se recollen a continuación, quedando redactada a mesma conforme ao texto modificado que se incorpora como anexo á presente.

**1.- No artigo 9, apartado 3.-, engádese o requisito de estar ao corrente de pagamento das obrigas tributarias, desprazando a numeración dos apartados dende o 3.- e quedando redactado conforme se recolle a continuación:**

***“Artigo 9. Requisitos para a concesión da autorización***

*Serán de obrigado cumprimento para a concesión da autorización municipal, conforme ao artigo 72.2 da Lei 13/2010, os seguintes requisitos:*

- 1.- Estar inscrito no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante e ao corrente, no seu caso, no pagamento do citado imposto.*
- 2.- Estar en situación de alta na Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.*
- 3.- Estar ao corrente de pagamento das Obrigas Tributarias.*
- 4.- Dispoñer do Seguro de Responsabilidade Civil que cubra os danos que se podan ocasionar polos elementos do posto.*
- 5.- Estar en posesión do certificado, diploma ou carné de manipulación de alimentos, cando a licenza solicitada sexa para a venda de produtos alimentarios.*
- 6.- Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicábeis aos produtos autorizados que teñan á venda.*
- 7.- Satisfacer as taxas e tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.*
- 8.- Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixible, se se tratara de persoas extranxeiras.*
- 9.- Tratándose de persoas xurídicas, deberán acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.*

*Aínda que a inscrición na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio da Xunta de Galicia non é un requisito previo para a solicitude de autorización municipal, de non presentar a correspondente tarxeta acreditativa de dita inscrición, será o Concello quen comunique os datos da persoa solicitante para a correspondente inscrición.”.*

**2.- No artigo 10, apartado d), engádese a obriga de presentar o certificado de estar ao corrente de pagamento das obrigas tributarias para obter a licenza municipal de venda ambulante, desprazando a numeración dos apartados dende o d) e quedando redactado conforme se recolle a continuación:**



### **“Artigo 10. Solicitude de autorización**

*Poderán solicitar a autorización municipal de venda ambulante as persoas físicas maiores de 16 anos ou persoas xurídicamente constituídas, directamente ou a través de representante debidamente autorizado, en impreso normalizado que figura como anexo I, acompañado da seguinte documentación, debidamente cotexada:*

- a) Copia do DNI ou pasaporte, no caso de ser persoa física. Copia do CIF, da acta de constitución da sociedade, dos estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de obtención da licenza en representación da empresa, no caso das persoas xurídicas.*
- b) Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente de pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente á actividade para a que solicita licenza ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios.*
- c) Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente de pagamento no réxime correspondente da Seguridade Social.*
- d) Certificado acreditativo de estar ao corrente de pagamento das Obrigas Tributarias.*
- e) Certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos, no seu caso.*
- f) Declaración responsable de cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produto, segundo modelo normalizado que figura como anexo II.*
- g) Permisos de residencia e traballo, no caso de cidadáns estranxeiros.*
- h) Seguro de responsabilidade civil.*
- i) Xustificante de aboamento das taxas establecidas na ordenanza municipal. Se o solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta ordenanza, e os esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requiriráselle á persoa interesada para que, nun prazo de 10 días hábiles, subsane a falla e presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera, terase por desistida da súa petición.*

*As autorizacións para venda ambulante na vía pública outorgaranse, como maximo, por 1 ano, prorrogable por períodos idénticos, ata un máximo de 5.*

*As autorizacións para mercados periódicos outorgaranse, como mínimo, por 1 ano, prorrogable por períodos idénticos, ata un máximo de 5.*

*Para a concesión de dita prórroga será preciso solicitala, cunha antelación mínima de 1 mes ao vencemento da autorización, xustificando que seguen a concorrer as circunstancias que deron orixe á súa concesión.*

*A solicitude de autorización deberá ser formulada cunha antelación mínima de 15 días á data de inicio da actividade ou celebración do mercado.*

*No caso de autorizacións para feiras e mercados non periódicos, ou de celebración anual, a autorización limitarase aos días sinalados na mesma.*

*Poderán concederse autorizacións de venda en mercados periódicos semanais nas que o espazo solicitado sexa compartido por dous vendedores, ocupando o mesmo espazo de maneira alterna, e previo acordo entre ambos, de maneira que un ocupe o espazo a metade dos mercados, e o outro a outra metade.*



*Así mesmo, as autorizacións para a venda de tempada circunscribíranse ao período concreto concedido nas mesmas.*

*A venda de produción propia, á que fai referencia o Decreto 125/2014, de 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final, non está afectada a unha autorización municipal para o exercicio da súa actividade. Para o seu exercicio na vía pública ou mercados públicos esixírase a presentación dun certificado que acredite a inscrición da explotación no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), e a súa alta na Sección de Explotacións Acolhidas á Venda Directa (SEVEDI), así como, o seguro de responsabilidade civil e, no caso de ofrecer produtos baixo a calificación de produto ecolóxico, haberá de acreditálo co correspondente certificado expedido polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA). Dita documentación incorporarse coforme ao anexo III que se achega co presente.”*

**3.- No artigo 19, modifícase o apartado h), da relación de cartaces identificativos de produto, engadindo o produto alimentario de proximidade, e quedando redactado conforme se recolle a continuación:**

*“h) No Mercado de Alimento Labrego será de obrigado cumprimento a exposición do cartaz identificativo do tipo de produto que ofrezca cada posto, clasificado en produto da horta ecolóxico, sustentable ou convencional e produto alimentario de proximidade.”*

**4.- No artigo 21 modifícase o apartado a), ampliando a oferta de produtos obxecto de venda no mercado, e quedando redactado conforme se recolle a continuación:**

*“a) Mercado de Alimento Labrego dos Tilos.*

*Ten lugar os sábados entre as 10,00 e as 14,00h, na Praza dos Tilos.*

*Con carácter xeral, serán obxecto de venda exclusiva neste mercado os produtos das explotacións agrícolas do concello de Teo e concellos da contorna, así como, os produtos alimentarios elaborados de maneira artesanal, maioritariamente, a partir de materias primas procedentes das explotacións agrícolas e gandeiras do mesmo ámbito territorial, quedando prohibida a venda de produtos agrícolas previamente mercados polo produtor, ou produtos alimentarios elaborados por terceiros.*

*Excepcionalmente, e co gallo das festas estacionais ou temáticas que se celebren no mercado, poderán asistir postos convidados que ofrezan outro tipo de produtos artesanais.*



*Este mercado poderá celebrarse, de maneira excepcional e previa autorización da Xunta de Goberno Local, en día e emprazamento distinto para promocionar a súa actividade por todo o concello.”*

**5.- No Anexo I, correspondente ao formulario normalizado da solicitude de licenza de venda ambulante, na relación de documentos que deben xuntarse, engádese o certificado de estar ao corrente de pagamento das débedas tributarias, quedando redactado conforme se recolle a continuación:**



**SOLICITUDE DE LICENZA PARA A VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO**

<b>SOLICITANTE</b>	Nome			
	NIF		Enderezo	
			Concello	
	Teléfono		Correo-e:	
		<b>Autónomo</b>	<b>Cooperativista</b>	<b>Outras sociedades</b>
	Razón social		CIF	

<b>DATOS DO POSTO</b>	Mercado/Feira	Mercado Labrego de Os Tilos – Sábados de 10,00 a 14,00 h
		Mercadiño de Cacheiras – Venres de 09,00 a 14,00 h
		Feira de San Martiño – Carballeira de Francos (Novembro)
		Outro:
	Vía pública	Ubicación
		Itinerario
Medidas do posto (fronte e fondo)		m <sup>2</sup>
Produtos obxecto de venda		
Datas/prazos		

<b>DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA</b>	<b>PERSOA FÍSICA</b>	DNI / NIE
	<b>PERSOA XURÍDICA</b>	Fotocopia compulsada do CIF
		Fotocopia compulsada da acta de constitución e estatutos
		Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade
	<b>TODOS</b>	Documentación acreditativa de estar dado de alta e ao corrente no pagamento do <b>Imposto sobre Actividades Económicas</b> ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios
		Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente no pagamento das cuotas da <b>Seguridade Social</b>
		Certificado de estar ao corrente de pagamento das <b>obrigas tributarias</b>
		Certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de <b>manipulación de alimentos</b> , no seu caso.
		<b>Declaración responsable</b> de cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produto, conforme ao Anexo III, que se achega xunto co presente
		Permiso de residencia e traballo, no caso de cidadáns estranxeiros
Seguro de <b>Responsabilidade Civil</b>		
Xustificante de aboamento das <b>taxas</b> establecidas na ordenanza municipal		

Quen suscribe, e considerando reunir os requisitos que se precisan e se acreditan coa achega da documentación requirida, aceptando todos os termos expresados no vixente Regulamento de Venda Ambulante no concello de Teo, **SOLICITA** se lle conceda a correspondente licenza nas condicións establecidas, declarando ser certos os datos do presente documento.

Teo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.0 \_\_\_\_  
Asdo:



**Segundo** - Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

**Terceiro**.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos arts. 49 e 70.2 da citada lei.

## **ANEXO**

### **ORDENANZA DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO**

#### **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS**

##### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

Esta ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, o exercicio da venda ambulante que se realice no termo municipal de Teo, entendendo por tal a exercida na vía pública por comerciantes fora dun establecemento comercial permanente.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- a) A venda directa de excedentes de produción das explotacións agrarias, que se rexerá polo establecido no Decreto 125/2014, do 4 de setembro, que regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final.
- b) Os postos autorizados na vía pública de forma fixa e estable, nos que se desenvolva unha actividade comercial de xeito habitual e permanente en virtude dunha concesión administrativa, que se rexerán pola súa normativa específica.
- c) Os espectáculos públicos e actividades recreativas, que se rexerán polo establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.



## **Artigo 2. Marco normativo**

A venda ambulante no concello de Teo rexeráse, ademais de polo disposto na presente ordenanza, polo establecido no Título V, Capítulo V da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico- sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

## **Artigo 3. Competencia**

Corresponde ao Concello de Teo, dentro do seu termo municipal, e sen prexuízo das competencias doutras Administracións, conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante no seu territorio e a ordenación, execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio das feiras, mercados e outros acontecementos extraordinarios, nos que se desenvolvan actividades de venda ambulante, do cumprimento dos requisitos para a obtención das licenzas e de facer cumprir a presente ordenanza.

## **CAPITULO II. DA VENDA AMBULANTE EN XERAL**

### **Artigo 4. Concepto de venda ambulante**

Tal como establece o artigo 70 da Lei 13/2010, considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por persoas comerciantes, fora dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou nos lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.

### **Artigo 5. Modalidades de venda ambulante**

A tipoloxía de venda ambulante ou non sedentaria, de acordo co artigo 71 da Lei 13/2010, comprende:

a).- Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade establecida. Dentro deste epígrafe enténdense comprendidas, entre outras, as realizadas en feiras populares, mercadiños e rastros.

b).- Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

c).- Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

d).- Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.





e).- Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

### **Artigo 6. Suxeitos da venda**

A venda ambulante no termo municipal poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se adique profesionalmente á actividade do comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que fose de aplicación.

### **Artigo 7. Produtos obxecto de venda ambulante**

En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante os bens ou produtos cuxa normativa o prohiba e aqueles outros que, en razón á súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade.

### **Artigo 8. Sobre as autorizacións de venda ambulante**

O exercicio da actividade de venda ambulante dentro do Concello de Teo, en calquera das súas modalidades, requirirá da previa obtención da correspondente autorización municipal.

As autorizacións serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos establecidos nesta ordenanza para o seu outorgamento e logo de comunicación escrita á autoridade municipal competente. A transmisión dunha autorización non afectará ao seu prazo de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do seu prazo de duración.

Unha autorización municipal non poderá ser obxecto de subarrendo a terceiros.

O outorgamento farase directamente aos solicitantes que reúnan as condicións requiridas, salvo que, por calquera circunstancia, se encontrase limitado o número de licenzas, en cuxo caso outorgaranse en réxime de concorrencia pública, respectando as previsións contidas nos artigos 86 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas, e 76 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como o capítulo II da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e ao seu exercicio en condicións non discriminatorias.

Esta autorización só dará dereito á instalación dun posto de venda.

O outorgamento das autorizacións será competencia do Alcalde.

A autorización municipal poderá ser revogada por incumprimento dos requisitos esixidos na presente ordenanza e nas normas aplicables ao respecto.

### **Artigo 9. Requisitos para a concesión da autorización**

Serán de obrigado cumprimento para a concesión da autorización municipal, conforme ao artigo 72.2 da Lei 13/2010, os seguintes requisitos:



- 1.- Estar inscrito no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante e ao corrente, no seu caso, no pagamento do citado imposto.
- 2.- Estar en situación de alta na Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- 3.- Dispoñer do Seguro de Responsabilidade Civil que cubra os danos que se podan ocasionar polos elementos do posto.
- 4.- Estar en posesión do certificado, diploma ou carné de manipulación de alimentos, cando a licenza solicitada sexa para a venda de produtos alimentarios.
- 5.- Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicábeis aos produtos autorizados que teñan á venda.
- 6.- Satisfacer as taxas e tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- 7.- Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixible, se se tratara de persoas extranxeiras.
- 8.- Tratándose de persoas xurídicas, deberán acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

Aínda que a inscrición na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio da Xunta de Galicia non é un requisito previo para a solicitude de autorización municipal, de non presentar a correspondente tarxeta acreditativa de dita inscrición, será o Concello quen comunique os datos da persoa solicitante para a correspondente inscrición.

#### **Artigo 10. Solicitude de autorización**

Poderán solicitar a autorización municipal de venda ambulante as persoas físicas maiores de 16 anos ou persoas xurídicamente constituídas, directamente ou a través de representante debidamente autorizado, en impreso normalizado que figura como anexo I, acompañado da seguinte documentación, debidamente cotexada:

Copia do DNI ou pasaporte, no caso de ser persoa física. Copia do CIF, da acta de constitución da sociedade, dos estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de obtención da licenza en representación da empresa, no caso das persoas xurídicas.

Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente de pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente á actividade para a que solicita licenza ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios.

Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente de pagamento no réxime correspondente da Seguridade Social.

Certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de



alimentos, no seu caso.

Declaración responsable de cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produto, segundo modelo normalizado que figura como anexo II.

Permisos de residencia e traballo, no caso de cidadáns estranxeiros.

Seguro de responsabilidade civil.

Xustificante de aboamento das taxas establecidas na ordenanza municipal.

Se o solicitante non reúne os requisitos establecidos nesta ordenanza, e os esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requiriráselle á persoa interesada para que, nun prazo de 10 días hábiles, subsane a falla e presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera, terase por desistida da súa petición.

As autorizacións para venda ambulante na vía pública outorgaranse, como máximo, por 1 ano, prorrogable por períodos idénticos, ata un máximo de 5.

As autorizacións para mercados periódicos outorgaranse, como mínimo, por 1 ano, prorrogable por períodos idénticos, ata un máximo de 5.

Para a concesión de dita prórroga será preciso solicitala, cunha antelación mínima de 1 mes ao vencemento da autorización, xustificando que seguen a concorrer as circunstancias que deron orixe á súa concesión.

A solicitude de autorización deberá ser formulada cunha antelación mínima de 15 días á data de inicio da actividade ou celebración do mercado.

No caso de autorizacións para feiras e mercados non periódicos, ou de celebración anual, a autorización limitarase aos días sinalados na mesma.

Poderán concederse autorizacións de venda en mercados periódicos semanais nas que o espazo solicitado sexa compartido por dous vendedores, ocupando o mesmo espazo de maneira alterna, e previo acordo entre ambos, de maneira que un ocupe o espazo a metade dos mercados, e o outro a outra metade.

Así mesmo, as autorizacións para a venda de tempada circunscribíranse ao período concreto concedido nas mesmas.

A venda de produción propia, á que fai referencia o Decreto 125/2014, de 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final, non está afectada a unha autorización municipal para o exercicio da súa actividade. Para o seu exercicio na vía pública ou mercados públicos esixírase a presentación dun certificado que acredite a inscrición da explotación no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), e a súa alta na Sección de Explotacións Acolhidas á Venda Directa (SEVEDI), así como, o seguro de responsabilidade civil e, no caso de ofrecer produtos baixo a calificación de produto ecolóxico, haberá de acreditalo co correspondente certificado expedido polo Consello



Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA). Dita documentación incorporarse coforme ao anexo III que se achega co presente.

### **Artigo 11. Contido da autorización**

A autorización municipal conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Datos identificativos do titular
- b) Prazo de validez da autorización.
- c) Número de autorización.
- d) Produtos cuxa venda se autoriza.
- e) Dimensións do posto autorizado.
- f) Lugar autorizado para a venda.

O Concello fará entrega ao autorizado dunha tarxeta acreditativa da autorización, na que constarán os datos enumerados neste artigo e un enderezo facilitado polo titular para a recepción de posibles reclamacións durante o exercicio da actividade. Esta tarxeta deberá estar exposta ao público e ás autoridades inspectoras, nun lugar visible.

### **Artigo 12. Extinción da autorización**

As autorizacións extinguiranse automaticamente polas seguintes causas:

- a) Transcurso do prazo.
- b) Renuncia expresa e escrita do titular.
- c) Causas sobrevidas de interese público.
- d) Perda dalgún dos requisitos esixidos nesta ordenanza e demais normativa de aplicación.
- e) Falta de pagamento das taxas correspondentes dentro do prazo fixado na corresponde ordenanza fiscal.
- f) Nas autorizacións de venda ambulante dentro dos mercados periódicos, será motivo de extinción da autorización municipal a inasistencia de maneira consecutiva e non xustificada a 3 mercados, ou non consecutiva a 4 dentro do prazo de 2 meses. A estes efectos, considerarase causa procedente de inasistencia, e sempre que se xustifique documentalmente:

1.- Vacacións, comunicadas previamente ao Concello, e por un total dun mes nun período dun ano, dispensándose a asistencia aos mercados que se celebren nese período, que no caso de ser semanal, correspondería con 4 mercados.

2.- Enfermidade ou accidente do vendedor



- 3.- Grave enfermidade ou accidente de familiar en primeiro grao de afinidade ou consanguinidade
- 4.- Falecemento de familiar en primeiro ou segundo grao de afinidade ou consanguinidade, dando dereito á inasistencia de 1 semana aos mercados celebrados nese período
- 5.- Matrimonio do vendedor, que daría dereito á inasistencia aos mercados celebrados nun período de 15 días; no caso de ser semanais, 2
- 6.- Nacemento ou adopción dun fillo, polo período de inactividade profesional que solicite á Administración da Seguridade Social

Nos casos recollidos nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6, e sempre que se xustifique correctamente, extornarase a taxa cobrada pola ocupación de dominio público, a solicitude do titular da licenza.

No suposto recollido no apartado c) do presente, poderase extornar a parte da taxa aboada e non consumida.

## **CAPITULO III. DOS MERCADOS**

### **Artigo 13. Emprazamento**

- 1.- A venda ambulante en mercados só estará autorizada nos lugares, datas e horarios que se determinen por acordo da Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro delegado da área.
- 2.- Na autorización de espazos para a instalación de mercados e mesmo venda en enclaves illados da vía pública en camiós e vehículos tenda, teranse en conta:
  - a) As características do terreo, densidade de tráfico, acceso peonil e rodado a vivendas, garaxes, edificios públicos, locais comerciais ou industriais e os seus escaparates e exposicións.
  - b) O interese das persoas consumidoras.
  - c) A tradición e raizame na zona da modalidade de venda na zona proposta.
  - d) As condicións do entorno no aspecto hixiénico e sanitario.
  - e) O tipo de produtos que se poñerán á venda.
- 3.- Por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, o concello poderá modificar o emprazamento dos mercados, una vez escoitada a representación dos/as vendedores/as. En todo caso o novo emprazamento deberá reunir as condicións hixiénicas e sanitarias axeitadas á actividade e de doado acceso para vendedores e compradores.



#### **Artigo 14. Periodicidade e horarios**

1. Atendendo ás características de cada un dos mercados que puideran ser creados, e unha vez escoitada a opinión dos/as vendedores/as, a Xunta de Goberno Local fixará a periodicidade e os horarios de cada un deles.
2. Por razóns de venda de tempada, tipo de venda a realizar, acontecementos especiais, campañas de Nadal e outras circunstancias extraordinarias, poderá ser autorizada a venda en días festivos, en horarios nocturnos ou en días consecutivos.
3. Cando por causas de obras, festas ou causas de forza maior se suspenda a celebración dos mercados periódicos, a Xunta de Goberno poderá autorizar a celebración de mercados extraordinarios para compensar aos vendedores polas perdas consecuencia da non celebración dos mercados suspendidos.

#### **Artigo 15. Os Postos**

1. A venda autorízase en postos de carácter desmontable que serán retirados unha vez remate a xornada autorizada.
2. Os postos terán no voo unha superficie máxima de 3 metros de ancho pola cantidade de metros de largo que cada vendedor solicitase e lle fose adxudicado polo Concello. Para protexerse das inclemencias meteorolóxicas, poderá ampliarse o voo sempre que iso non dificulte o tránsito de peóns e non moleste aos demais comerciantes. O espazo así gañado non poderá ser ocupado con xénero algún.
3. É responsabilidade do vendedor a limpeza e a hixiene dentro dos límites do seu posto de venda.
4. Queda expresamente prohibida a exposición de mercadorías no chan, debendo estar estas en mesas para garantir unhas condicións mínimas de limpeza, hixiene e salubridade.
5. Poderán coexistir nos mercados postos de varias medidas, non podendo superar en ningún caso os 9 metros lineais. A separación entre postos será a determinada polo Concello para cada mercado.
6. Nos mercados, agás os vehículos expresamente autorizados, e coa finalidade de achegar mercadorías e os elementos do propio posto de venda, tan só poderán acceder ao recinto os vehículos durante a hora inmediatamente anterior á fixada para a apertura dos mercados, debendo ser retirados, como máximo, dez minutos antes desta. Do mesmo xeito, e para facilitar a recollida, poderán entrar igualmente no recinto unha vez rematado o horario de venda por un período máximo dunha hora.
7. Para cada mercado periódico crearase un plano de situación dos postos, respectándose, na medida do posible, no procedemento de outorgamento das autorizacións correspondentes, a ubicación dos que tradicionalmente se



instalasen nunha ubicación concreta.

### **Artigo 16. Organización, intervención e inspección dos mercados**

A organización, intervención e inspección dos mercados corresponde ao Alcalde ou ao responsable do servizo en quen delegue, sen prexuízo das competencias correspondentes aos servizos municipais en materia de Policía, Sanidade e Tráfico.

### **Artigo 17. Da venda**

Os vendedores ambulantes deberán cumprir, no exercicio da súa actividade, coa normativa vixente en materia do exercicio do comercio e da disciplina do mercado, e deberán observar as normas da competencia leal e usos mercantís. De igual xeito, responderán de que os produtos obxecto de venda cumpran as condicións e requisitos esixidos polas normativas que os regulan, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais, que se establezan nelas.

### **Artigo 18. Dos produtos**

1.- Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os mesmos, podéndoseles ser solicitada en calquera momento a comprobación da súa exactitude.

2.- Os artigos de uso alimentario deberán situarse a unha distancia do chan non inferior a 0,60 m.

3.- Os artigos á venda deberán cumprir o establecido en materia de seguridade e hixiene.

4.- A venda de produtos perecedoiros adecuarase en todo momento ás condicións e exixencias hixiénico sanitarias vixentes. En caso de infracción de tales leis ou normas que sexan detectadas polos responsables do control, estableceranse as oportunas sancións por parte da autoridade competente.

5.- A autoridade municipal poderá decomisar os produtos que non cumprisen tales condicións e, baixo a consideración de falta moi grave, abrir o oportuno expediente sancionador ao responsable da venda.

### **Artigo 19. Obrigas e dereitos dos vendedores**

Son obrigas dos vendedores autorizados:

- a) Abonar a taxa establecida na ordenanza reguladora da venda ambulante.
- b) Manter aberto ao público o posto, debidamente atendido e abastecido.
- c) Acatar as normas que dite o Concello para o bo funcionamento dos mercados.
- d) Realizar ao final da xornada a limpeza dos espazos ocupados, recoller os refugallos xerados pola actividade comercial e depositalos nos contenedores destinados a tal efecto.



- e) Manter un trato correcto co público, persoal municipal e usuarios dos mercados.
- f) Expoñer en lugar visible a tarxeta de autorización municipal de venda ambulante.
- g) Asistencia aos mercados.
- h) No Mercado de Alimento Labrego será de obrigado cumprimento a exposición do cartaz identificativo do tipo de produto que ofrezca cada posto, clasificado en ecolóxico, sustentable ou convencional.
- i) En xeral, cumprir todas e cada unha das condicións establecidas nesta ordenanza e demais disposicións legais que sexan de aplicación.

Son dereitos dos vendedores autorizados:

- a) Procurar a debida protección das autoridades locais para poder realizar a actividade para a que están autorizados.
- b) Presentar alegacións e suxestións para o mellor desenvolvemento da actividade.

### **Artigo 20. Das asociacións**

1.- As asociacións profesionais legalmente constituídas gozarán dos seus dereitos inherentes, actuando como interlocutoras e podendo exercer funcións de consulta, participación e proposta diante da Administración.

2.- O Concello tratará de potenciar as asociacións con implantación acreditada, de tal xeito que se potencie o desenvolvemento de proxectos viables presentados polas mesmas que teñan por obxecto o fomento da boa imaxe dos mercados municipais.

### **Artigo 21. Mercados autorizados**

Os mercados e feiras de celebración periódica no concello de Teo son:

- a) Mercado de Alimento Labrego dos Tilos.

Ten lugar os sábados entre as 10,00 e as 14,00h, na Praza dos Tilos.

Con carácter xeral, serán obxecto de venda exclusiva neste mercado os produtos das explotacións agrícolas do concello de Teo e concellos da contorna, quedando prohibida a venda de produtos previamente vendidos polo vendedor.

Excepcionalmente, e co gallo das festas estacionais ou temáticas que se celebren no mercado, poderán asistir postos convidados que ofrezan outro tipo de produtos artesanais.

Este mercado poderá celebrarse, de maneira excepcional e previa autorización da Xunta de Goberno Local, en día e emprazamento distinto para promocionar a súa actividade por todo o concello.





b) Mercadiño de Cacheiras.

Ten lugar os venres entre as 09,00 e as 14,00h, na vía de servizo da travesía de Cacheiras, á altura dos números 67-69, na parroquia de Cacheiras.

## **CAPÍTULO IV. DA FEIRA DO SAN MARTIÑO**

### **Artigo 22. Lugar e data de celebración**

A Feira de San Martiño celébrase todos os anos na Carballeira de Francos, na parroquia de Calo, o día 11 de novembro. A data e lugar de celebración non poderá ser variada, salvo acordo tomado polo Pleno da Corporación.

Dada a importancia histórica e cultural desta feira, é preciso atender á súa singularidade nalgún dos aspectos regulados en capítulos anteriores.

Así por exemplo, e dada a consolidación polos usos tradicionais, a instalación dos postos de venda ambulante poderá producirse ademais de nos espazos públicos, nos espazos privados de uso público, non requeriéndose nestes casos autorización de ningún tipo, porén, aos efectos de poder ordenar a actividade e garantir a seguridade da feira, lle resultará aplicable o sistema de comunicación previa segundo o anexo IV da presente.

### **Artigo 23. Dos postos**

Os postos nos que se elaboran e serven comidas –polvo, churrasco, etc- disporán de medidas especiais, sen máis limitacións que as propias do espazo dispoñible, dadas as súas especiais características.

Dentro do recinto no que se celebra a Feira de San Martiño, delimitarase un espazo especificamente dedicado á instalación de carpas para a elaboración e degustación de comidas (polbo, churrasco e outros), que estará organizado de maneira específica, co obxecto de garantir a correcta evacuación de público, o acceso aos servizos de eliminación de residuos sólidos e líquidos derivados da súa actividade e de dotalo dun programa propio de seguridade. Ningunha instalación deste tipo poderá ubicarse fora deste espazo diferenciado.

### **Artigo 24. Da prevalencia da antigüidade na concesión de licenzas**

Na medida do posible, no procedemento de outorgamento das autorizacións correspondentes a esta feira, primarase, como criterio principal, a antigüidade acreditada na obtención da autorización e na ubicación concreta, respectándose, na medida do posible, a situación tradicional dos postos.

## **CAPITULO V. NORMAS DE SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS DE ELABORACIÓN E SERVIZO DE PRODUTOS ALIMENTARIOS**



### **Artigo 25.- Establecementos alimentarios temporais**

Os establecementos de carácter temporal, como carpas ou postos desmontables, nos que se leve a cabo a elaboración e servizo de comidas, deben cumprir coas normas establecidas no RD 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, no Regulamento 852/2004, de 29 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á hixiene dos produtos alimentarios, e demais normativa específica que lle sexa de aplicación, ademáis do contido na presente ordenanza.

### **Artigo 26.- As instalacións**

- a) Os establecementos nos que se elaboren e sirvan comidas, tales como carpas de degustación do polbo, churrasquerías, asadores de polo, etc, deberán ter separados os espazos dedicados á elaboración-manipulación de alimentos (cociña), almacenamento e servizo (barra) e comedor, con sistemas que imposibiliten o acceso do público ás zonas de manipulación de alimentos.
- b) As instalacións deberán estar debidamente teitadas.
- c) Deberán dispoñer de auga corrente ou dun depósito de auga e útiles de aseo, para garantir as condicións hixiénicas dos operarios que manipulan os alimentos.
- d) Deberán dispoñer de instalacións frigoríficas que permitan garantir a conservación e frescura dos produtos alimentarios.
- e) Ningún tipo de alimento, nin os recipientes que os conteñan, poderán estar en contacto co chan en calquera dos procesos de almacenamento, manipulación ou preparación culinaria. Tampouco poderá permitirse a presenza de animais dentro destas instalacións.
- f) Deberá dispoñerse dentro das instalacións de cubos con bolsa para o lixo.
- g) As superficies de manipulación de alimentos deberán estar en bo estado e ser fáciles de limpar.
- h) Os produtos de limpeza ou calquera substancia perigosa, deberá ser almacenada por separado, onde non exista risco de contaminación para os produtos alimentarios e estarán debidamente identificados, para evitar equívocos ao respecto do seu contido.
- i) As instalacións nas que se elaboren comidas quentes, deberán posuir un estintor homologado.

## **CAPITULO VI. REXISTRO MUNICIPAL DE VENDEDORES AMBULANTES**

### **Artigo 27. Rexistro Municipal de Vendedores Ambulantes**



1.- Créase o Rexistro Público Municipal de Vendedores Ambulantes, de carácter público, que será xestionado polo Concello de Teo e a inscrición neste será consecuencia inmediata da concesión da licenza municipal correspondente para o exercicio da actividade.

2.- A inscrición dos titulares de licenzas de venda ambulante vixentes ao tempo da posta en funcionamento deste rexistro farase de oficio pola autoridade municipal, sen que sexa precisa a solicitude formalizada por aqueles. Non obstante están obrigados a comunicar e acreditar os datos que lles fosen requiridos para a efectiva inscrición no rexistro.

## **CAPITULO VII. DA INSPECCIÓN E DO RÉXIME SANCIONADOR**

### **Artigo 28. Competencias inspectoras**

O Concello, así como a Xunta de Galicia a través da dirección competente en materia de comercio, no exercicio das súas funcións de vixilancia, poderán inspeccionar os produtos, actividades, instalacións e postos, así como procurar das súas persoas titulares tanta información resulte necesaria con relación aos mesmos, a fin de garantir o cumprimento da presente ordenanza.

O exposto no parágrafo anterior entendese sen prexuízo das competencias inspectoras noutros ámbitos sectoriais nos que, en razón da materia, outras Administracións resulten competentes.

### **Artigo 29. Réxime xeral de infraccións e sancións.**

A infracción das obrigas e demais normas de obrigado cumprimento establecidas nesta ordenanza serán obxecto dun procedemento sancionador nos termos dos artigos 127 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e do Regulamento sancionador de desenvolvemento da citada lei, aprobado por Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto.

### **Artigo 30. Infraccións.**

Sen prexuízo das responsabilidades que de outra orde podan derivarse, considerarase infracción calquera incumprimento do estipulado na presente ordenanza, e clasificarase de acordo co artigo 140 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en moi graves, graves e leves.

1. Terán a condición de infracción leve:

- Incumprir os horarios de montaxe e desmontaxe dos postos.
- Non exhibir a autorización ou tarxeta acreditativa da mesma.
- A simple inobservancia de calquera precepto desta ordenanza que non



teña repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras.

2. Terán a condición de infracción grave:

- A venda de produtos distintos dos autorizados na licenza.
- O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada.
- A falta de ornato ou limpeza das instalacións.
- Non deixar limpo e recollido o lugar onde estivo instalado o posto e non depositar o lixo nos colectores instalados a tal efecto.
- Aumentar a superficie do posto con máis metros dos autorizados, así como a instalación de postos en lugar distinto do autorizado.
- A desobediencia das ordes e indicacións dadas pola autoridade competente.
- Non posuír a documentación acreditativa da procedencia da mercadoría.
- Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- Estacionar os vehículos non autorizados dentro do recinto da feira, fora das horas de montaxe e desmontaxe dos postos.
- A reiteración, por terceira vez, dunha falta leve

3. Terán a condición de infracción moi grave:

- A instalación de postos sen autorización.
- O exercicio de venda ambulante sen autorización.
- Non estar dado de alta no censo do imposto de actividades económicas ou non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se realiza.
- Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou non estar ao corrente no pago das cotas correspondentes.
- A venda de produtos non autorizados.
- A reiteración, por terceira vez, dunha falta grave.
- A perturbación relevante da convivencia, que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda



clase e á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

- Os actos de deterioro grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

### **Artigo 31. Sancións**

De acordo co artigo 141 da Le 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as multas por infracción da presente ordenanza terán os seguintes límites:

- 1) Infracción leves: multa de ata 750 €
- 2) Infraccións graves: multa de ata 1500 €
- 3) Infraccións moi graves: multa de ata 3000 €

Como sanción accesoria a unha infracción leve poderá acordarse a suspensión temporal por un período máximo de 2 meses, e para as sancións graves e moi graves poderá acordarse a suspensión da autorización por un período máximo de 6 meses ou a súa revogación, así como a posibilidade de decomisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

A imposición da revogación da autorización levará consigo a imposibilidade de volver a obtela durante un período máximo de 3 anos.

Para a gradación da sanción a aplicar teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A reiteración das infraccións ou reincidencia.
- A existencia de intencionalidade do infractor.
- A transcendencia social dos feitos.
- A gravidade e natureza dos danos ocasionados.
- A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades.
- A intensidade da perturbación causada á salubridade ou ornato públicos.
- A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público.
- A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público.



### **Artigo 32. Prescrición das faltas**

As faltas prescribirán:

- As leves aos 15 días
- As graves aos 30 días
- As moi graves aos 60 días

O prazo de prescrición comezará a contarse dende que a falta se comete e, unha vez iniciado o expediente, quedará paralizado o prazo de prescrición.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

As licenzas concedidas no momento de entrada en vigor do presente, conservarán a súa vixencia ata o momento da súa extinción ben por transcurso do prazo ou por calquera dos motivos previstos no presente, debendo en todo caso axustarse ao presente nos restantes aspectos recollidos no mesmo.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derogada a Ordenanza Municipal da Venda Ambulante no Concello de Teo, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 26 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 21 do 25 de xaneiro de 2008.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Anexos I, II, III e IV da Ordenanza de venda ambulante do concello de Teo:



**SOLICITUDE DE LICENZA PARA A VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE TEO (Anexo I)**

<b>SOLICITANTE</b>	Nome			
	NIF		Enderezo	
			Concello	
	Teléfono		Correo-e:	
		<b>Autónomo</b>	<b>Cooperativista</b>	<b>Outras sociedades</b>
	Razón social		CIF	

<b>DATOS DO POSTO</b>	Mercado/Feira	Mercado Labrego de Os Tilos – Sábados de 10,00 a 14,00 h
		Mercadiño de Cacheiras – Venres de 09,00 a 14,00 h
		Feira de San Martiño – Carballeira de Francos (Novembro)
		Outro:
	Vía pública	Ubicación
		Itinerario
<b>Medidas do posto (fronte e fondo)</b>		<b>m<sup>2</sup></b>
<b>Produtos obxecto de venda</b>		
Datas/prazos		

<b>DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA</b>	<b>PERSOA FÍSICA</b>	DNI / NIE
	<b>PERSOA XURÍDICA</b>	Fotocopia compulsada do CIF
		Fotocopia compulsada da acta de constitución e estatutos
		Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade
	<b>TODOS</b>	Documentación acreditativa de estar dado de alta e ao corrente no pagamento do <b>Imposto sobre Actividades Económicas</b> ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios
		Certificado acreditativo de estar dado de alta e ao corrente no pagamento das cuotas da <b>Seguridade Social</b>
		Certificado de estar ao corrente de pagamento das <b>obrigas tributarias</b>
		Certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de <b>manipulación de alimentos</b> , no seu caso.
		<b>Declaración responsable</b> de cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produto, conforme ao Anexo III, que se achega xunto co presente
		Permiso de residencia e traballo, no caso de cidadáns estranxeiros
Seguro de <b>Responsabilidade Civil</b>		
Xustificante de aboamento das <b>taxas</b> establecidas na ordenanza municipal		

Quen suscribe, e considerando reunir os requisitos que se precisan e se acreditan coa achega da documentación requirida, aceptando todos os termos expresados no vixente Regulamento de Venda Ambulante no concello de Teo, **SOLICITA** se lle conceda a correspondente licenza nas condicións establecidas, declarando ser certos os datos do presente documento.

Teo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.0 \_\_\_\_  
Asdo:



**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

DE CUMPRIMENTO DAS NORMATIVAS TÉCNICO-SANITARIAS DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS OBXECTO DE VENDA AMBULANTE (Anexo II)

O Sr./Sra.....  
con DNI.....e con domicilio a efecto de notificacións en:  
.....  
e teléfono de contacto ....., no seu nome propio ou en  
representación de .....,  
con DNI/CIF.....

**Declara, baixo a súa responsabilidade que,** para a obtención da autorización municipal da actividade de venda ambulante no Concello de Teo, cumpre todos os requisitos establecidos nas distintas normativas técnico-sanitarias que son de aplicación á actividade para a que solicita a licenza.

Teo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asina:





**SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA DIRECTA DE PRODUTOS DA HORTA (Anexo III)**

<b>SOLICITANTE</b>	Nome			
	NIF		Enderezo	
			Concello	
	Teléfono		Correo-e:	

<b>DATOS DO POSTO</b>	Mercado/Feira	Mercado Labrego de Os Tilos – Sábados de 10,00 a 14,00 h		
		Mercadiño de Cacheiras – Venres de 09,00 a 14,00 h		
		Feira de San Martiño – Carballeira de Francos (Novembro)		
		Outro:		
	Vía pública	Ubicación		
		Itinerario		
Medidas do posto (fronte e fondo)			m <sup>2</sup>	
Produtos obxecto de venda				
Datas/prazos				

<b>A EXPLOTACIÓN</b>	Nome			Persoas que traballan na explotación		
	m <sup>2</sup> de plantación aberta		Cultivos			
	m <sup>2</sup> de plantación baixo abrigo		Cultivos			
	CULTIVO:	Ecolóxico		Sostible		Convencional
	Árbores froiteiras				Superficie	
	Cría de animais: especies e unidades					

<b>DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA</b>	DNI / NIE
	Certificado de alta no REAGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia)
	Certificación da comunicación ao SEVEDI (Sección de Explotacións acollidas á Sección de Venda Directa)
	Certificación do CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia), no seu caso
	Seguro de Responsabilidade Civil

Quen suscribe, considerando reunir os requisitos establecidos no Decreto 125/2014, de 4 de setembro, para exercer a venda directa de produtos da horta, e acreditandoo coa achega da documentación requirida, **SOLICITA** se lle conceda a autorización para exercer a venda directa dos excedentes da súa horta no espazo público referido.

Teo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.0\_\_\_\_

Asdo:



**COMUNICACIÓN PREVIA PARA A INSTALACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE NA FEIRA DO SAN MARTIÑO EN PARCELAS DE TITULARIDADE PRIVADA E USO PÚBLICO (Anexo IV)**

<b>SOLICITANTE</b>	Nome					
	NIF		Enderezo			
				Concello		
	Teléfono		Correo-e:			
	<input type="checkbox"/> Autónomo		<input type="checkbox"/> Cooperativista		<input type="checkbox"/> Outras sociedades	
	Razón social				CIF	

<b>O POSTO</b>	Medidas do posto (fronte e fondo)		m <sup>2</sup>		
	Produtos obxecto de venda				
	Ubicación da parcela/s				
	Titular da parcela/s				

O presente documento, ten os meros efectos de comunicar a actividade comercial con carácter previo á celebración da feira, para que o Concello de Teo poda organizar un plan de seguridade e evacuación baseado na ocupación real da carballeira.

A comunicación destes datos non outorga dereitos de ocupación sobre ningunha parcela de titularidade privada, que estará condicionada pola aceptación do seu titular. A negociación previa entre ocupante e propietario realizarase de maneira allea ao Concello.

Teo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.0\_\_\_\_

Asdo:

**7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 18 de outubro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, lingua e medio natural de 24 de outubro de 2016.



## **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

### **Organigrama administrativo municipal do Concello de Teo**

*Preséntase este organigrama administrativo municipal co obxecto de formalizar unha estrutura organizativa e administrativa ordenada, xerarquizada, áxil, eficaz, eficiente e capaz de satisfacer as necesidades, particularidades e esixencias prestacionais, tanto de índole legal como práctica, do Concello de Teo.*

*Este organigrama administrativo enténdese como guión de desenvolvemento para esta lexislatura das ofertas de emprego público a realizar nos próximos exercicios, dos procesos de promoción interna e de reordenamento estrutural da plantilla municipal. A súa concreción anual estará supeditada, polo tanto, ao cumprimento dos criterios de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda e da regra de gasto establecidos para cada anualidade.*

*A proposta pretende ser realista e fixar uns obxectivos acadables nos tres próximos exercicios. Anualmente fixaranse as prioridades para axustalas orzamentariamente e valoraranse as alteracións significativas que puideran incidir nas bases sobre as que se redactou este organigrama.*

*Esta proposta é froito dun traballo de interlocución cos distintos departamentos municipais, cos representantes dos traballadores e coas organizacións sindicais representadas na Mesa Xeral, que aprobou esta proposta na xunta celebrada o pasado luns 17 de outubro.*

*Sobre este organigrama organizarase o debate da RPT do concello, perfilando os detalles de cada posto (funcións, complementos, retribucións,...) nos próximos meses.*

*Consecuentemente, propónse ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:*

*Aprobar o ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO MUNICIPAL adxunto, como guión de desenvolvemento para esta lexislatura das ofertas de emprego público a realizar nos próximos exercicios, dos procesos de promoción interna e de reordenamento estrutural da plantilla municipal, supeditada ao cumprimento dos criterios de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda e da regra de gasto establecidos para cada anualidade, e a normativa legal vixente en cada momento”.*

O sr. alcalde explica que en principio o organigrama non é competencia plenaria nin de obrigada negociación coas centrais e lembra que fai uns meses existiu un conflito cos traballadores e para restablecer o clima de confianza mutua se entendeu que se debía facer isto agora para que, antes de entrar no fondo, existise un camiño rodado. Explica que se pretende que sexa un organigrama que se cumpra neste lexislatura, esperando que os próximos anos se abra a man e se permita ao concello actuar. Opina o sr.



alcalde que é unha pena que non se teña en conta o nivel da plantilla municipal para repoñer, engadindo que o obxectivo é facer algo realista e que aos orzamentos se acompañara o que permita a normativa vixente.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, anuncia o seu apoio á proposta, engadindo que se trata dunha cuestión fundamental xa que sen un organigrama non se pode seguir, resultando un paso importante de cara á futura relación de postos de traballo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen opina que, tal e como expuxo o sr. Fernández, trátase dun elemento fundamental de calquera Administración Pública.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez sinala que, segundo o sr. alcalde, non é competencia de Pleno, non é obrigada a negociación sindical, e non é factible facelo agora, e pregunta para que se trae agora se non se pode facer. Refírese a sra. Vázquez a un escrito presentado polos traballadores sobre este tema e en contra do mesmo.

O sr. alcalde sinala que dixo que non era unha cuestión plenaria e que non precisa negociación, porén decidiuse facer unha negociación e chegarse a un acordo con eles. Explica que se somete o asunto ao Pleno porque é un primeiro paso, como se comentou na mesa xeral, para poñerse de acordo no tema das promocións internas. Salienta o sr. alcalde que quería ter un consenso maioritario no tema e acelerar o tema da promocións internas e que iso implique liberar os cartos das prazas, porque, tratándose dos postos suxeitos a promoción interna, existen prazas duplicadas.

Tratándose do escrito dos traballadores entende o sr. alcalde que é o do CSIF, engadindo que se constituíu como sección sindical o 30 de agosto, e nese momento se estaba nun proceso de varios meses de discusións. Explica que hoxe mesmo se lle remitiu un escrito ao traballador que fixo o escrito no que se lle explica a situación,



porque ademais no escrito en cuestión se di que é unha relación de postos de traballo, cando non é así, e se lle di que proximamente será debidamente convocado.

Salienta o sr. alcalde que hai que ter en conta que o CSIF non ten representación no concello aínda que parece oportuno incorporalo ao proceso.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso da súas quendas de intervención.

Interésase a sra. Vázquez onde están os informes de secretaría e intervención, engadindo que sabendo que non vai a ser viable e non existindo unha negociación na que non se chega a un punto polo momento en relación á RPT, teñen certas dúbidas. Pregunta que ocorrería se despois non se chega a acordos na negociación da RPT ou se segue prolongando, engadindo que se o Pleno aproba o organigrama despois se basearía toda a organización dos postos de traballo no organigrama proposto. Anuncia a sra. Vázquez o voto en contra do seu grupo.

O sr. alcalde sinala que non hai informes de secretaría e intervención, porque non se decide que se vai a convocar ningunha praza, e non se decide ningún importe económico determinado, porén se somete a Pleno e ten virtualidade porque hai unha serie de cuestións que, por exemplo, ao estar incorporadas xa no orzamento deste ano, se poden facer, porén antes de facelas preferiuse ter un acordo cos sindicatos. Tratándose da reposición do 50 % di que se quere, ao para repoñer algunha das prazas a que se ten dereito, intentar reconvertelas a un novo perfil de praza e para iso sí que se precisa ter aprobado isto, ou non tanto aprobado, porque a praza vai a vir a Pleno, pero vai a encadrarse dentro do organigrama xeral que serve de orientación.

O sr. alcalde salienta que hai cousas do organigrama que se poden facer e se irán traendo paulatinamente, refírese ás prazas que se crean e explica que todo o que se propón de golpe é irrealizable, e así no orzamento do próximo ano haberá que establecer prioridades e estudar a viabilidade porque unhas serán posibles, porque non se supera o importe destinado a persoal, e outras non, o que non quita que o



organigrama no seu conxunto sexa viable paulatinamente, e que agora sexan viable moitas das prazas que figuran no mesmo.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e sete en contra (7 PP), acorda aprobar o ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO MUNICIPAL adxunto, como guión de desenvolvemento para esta lexislatura das ofertas de emprego público a realizar nos próximos exercicios, dos procesos de promoción interna e de reordenamento estrutural da plantilla municipal, supeditada ao cumprimento dos criterios de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda e da regra de gasto establecidos para cada anualidade, e a normativa legal vixente en cada momento.

## **PROPOSTA DE ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO**

---

**Outubro 2016**

### **I.- CONSIDERACIÓNS INICIAIS. MOTIVACIÓN.**

---

O obxectivo fundamental que se persegue coa elaboración do presente ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO MUNICIPAL é **a consecución e formalización, no Concello de Teo, dunha estrutura organizativa e administrativa ordenada, xerarquizada, áxil, eficaz, eficiente e capaz de satisfacer as necesidades, particularidades e esixencias prestacionais, tanto de índole legal como práctica, da propia Entidade Local.** Unha actuación coa que se pretende definitiva, á consecución dunha ordenación formal, racional e óptima da estrutura administrativa e de postos municipal; **obxectivo aínda máis xustificado, se cabe, se temos en conta a ausencia actual dun instrumento organizativo equivalente e/ou que satisfaga estes obxectivos.**



Para tal finalidade partiuse, loxicamente, da situación actual, tomando en consideración as áreas e/ou eidos de actuación administrativa, así como os recursos humanos, xa presentes/existentes na actualidade, aínda que, como se dixo, carentes de delimitación formal, para logo, e a partires dos mesmos, proceder a un traballo de revisión técnica e racionalización, coa finalidade de conseguir un modelo organizativo óptimo, racional, mellorado e, en todo caso, adecuado ás necesidades reais e actuais do Concello formalizado e obxectivado; dando lugar, así, á configuración do ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO MUNICIPAL que agora se presenta, e que, en todo caso, responde ás seguintes premisas/obxectivos fundamentais;

- ✓ **Definición formal da estrutura organizativa (ESTRUTURA ADMINISTRATIVA) básica e permanente do Concello, con arranxo á súa realidade e necesidades actuais;** procedendo, pois, a reordenación e racionalización da actual estrutura organizativa, definindo un organigrama formal e adaptado ás necesidades reais, actuais e permanentes do Concello. Proceso consistente, principalmente, na fixación das diferentes divisións e/ou unidades administrativas que se estiman necesarias para garantir o adecuado funcionamento do Concello, así como para a satisfacción dos seus obxectivos/esixencias prestacionais actuais.
- ✓ **Determinación dos postos de carácter estrutural (ESTRUTURA DE POSTOS), e necesarios para o adecuado funcionamento do modelo organizativo que finalmente se defina.** Proceso consistente, principalmente, na determinación dos postos que, en cada unha das divisións e/ou unidades administrativas finalmente fixadas, resultarían necesarios para garantir a súa adecuada cobertura, así como na clarificación das relacións/interaccións orgánicas e/ou xerárquicas existentes entre os mesmos.

**Actuacións, ambas, que resultarían primordiais e necesarias para a posterior elaboración dunha RPT municipal,** dado que na medida en que se teña definido o Organigrama e, polo tanto, a estrutura administrativa e de postos necesaria e permanente, así como as relacións, interaccións e/ou dependencias existentes, se poderá proceder a unha axeitada e obxectiva definición funcional, así como das conseguíntes características profesionais e restantes condicións definatorias dos postos



de traballo; circunstancias, todas elas, igualmente determinantes das adecuacións retributiva que, de ser o caso, e no marco da elaboración da RPT, proceda materializar. **É por isto que, con arranxo ao sinalado, esta actuación de deseño, e formalización, do modelo de organización administrativa que se considere máis axeitado e acaído para o Concello (Organigrama Administrativo), se presenta como un paso previo, e necesario, para a posterior confección dunha RPT municipal.**

Esta proposta de organigrama administrativo pretende ser executable no período que comprende esta lexislatura. Optouse pois, por realizar unha proposta dimensionada e axustada ás posibilidades económicas do concello, cun horizonte temporal curto que non xere expectativas que, na práctica, teñan difícil ou imposible concreción. Aínda así, adoptáronse propostas que requiren dun mínimo cambio na lexislación para poder ser realizables, sendo factibles ou previsibles nos próximos anos.

## **II.- PROPOSTA DE ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO MUNICIPAL.**

### **-.ACLARACIÓNS PREVIAS.-**

Cabe advertir, inicialmente, que o deseño dun modelo de organización administrativa (ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO) non ten por qué coincidir, necesariamente, coa estrutura e/ou deseño da esfera política vixente en cada momento (áreas de goberno e concellarías delegadas), aínda que, en boa lóxica, entre ambos eidos deba existir unha necesaria comunicación e interacción (a estrutura político-gubernamental e a estrutura administrativa son dúas realidades que, aínda que lóxicamente conectadas, teñen natureza e identidade diferenciadas); de tal xeito que, en atención ao antedito, debe clarificarse, en todo caso, que o presente ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO debe diferenciarse, de facto, do ORGANIGRAMA DE GOBERNO que, en cada momento, poida estar vixente.

Compre clarificar, asemade, que á hora do deseño deste Organigrama, **partiuse da vertebración do conxunto da organización municipal en base a divisións/segmentacións administrativas baseadas no criterio da**





**especialización e agrupación funcional homoxénea.** Deste xeito, e con arranxo a este criterio, a primeira e principal liña de división administrativa a constituirían os DEPARTAMENTOS, que se corresponderían cos principais eidos de actuación administrativa e/ou prestación de servizos asumidos polo Concello. Así mesmo, nos casos en que a peculiaridade dos ditos departamentos así o requiriu —dada a súa amplitude, complexidade e/ou diversidade funcional interna—, se creou, no seo de cada un deles, e con arranxo ao referido criterio de especialización/agrupación funcional, un chanzo máis na división administrativa, dan do lugar ás UNIDADES; un novo nivel de segmentación interna dos departamentos, no que se asumirían a realización daquelas funcións e/ou tarefas con carácter diferenciado e/ou certa autonomía (Unidades que, incluso, cando a súa propia complexidade/diversidade funcional así o recomendaron, foron subdivididas, a súa vez, en SECCIÓNS).

Amais, e ao marxe do criterio de división administrativa antedito, tamén se contemplaron unha serie de postos e/ou servizos dotados dunha eminente NATUREZA TRANSVERSAL e/ou de órganos "staff, e que se caracterizarían por non ter unha vinculación xerárquica ou dependencia directa respecto dos restantes Departamentos previstos; sendo adscritos, todos eles, á ALCALDÍA .

**- PROPOSTA DE ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO -**

CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
<b>01.- DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL</b>						
01.00.01	SECRETARÍA- COORDINADOR/A	F	A1	H.N. (SECRETARÍA/ENTRA DA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
01.00.02	SECRETARÍA ADXUNTA	F	A1	H.N. (SECRETARÍA- INTERVENCIÓN)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
<b>01.01.- UNIDADE DE SECRETARÍA</b>						
01.01.01.	ADMINISTRATIVO/A	F	C1	A.X. (ADMINISTRATVA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
01.01.02	ADMINISTRATIVO/A	F	C1	A.X. (ADMINISTRATVA)	P.INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE VACANTE



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
01.01.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	A.X. (AUXILIAR)	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE
<b>01.02- UNIDADE DE ADMINISTRACIÓN XERAL E ELECTRÓNICA</b>						
01.02.01	TÉCNICO/A INFORMÁTICO / ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	L	B	TÉCNICO/A ESPECIALISTA		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
01.02.02	ADMINISTRATIVO/A	F	C1	A.X. (ADMINISTRATVA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
01.02.03	ADMINISTRATIVO/A	F	C1	A.X. (ADMINISTRATVA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
01.02.04	ADMINISTRATIVO/A	L	C1	ADMINISTRATVA	P.INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
01.02.05	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	L	C2	AUX. ADMINISTRATIVO	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE
01.02.06	AUX. ATENCIÓN AO PÚBLICO-TELEFONISTA	L	C2	AUX. ADMINISTRATIVO		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
01.02.07	ALGUACIL-SUBALTERNO/A	F	A.P.	A.X.(SUBALTERNA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (coberta interinamente)
01.02.08	CONSERXE INSTALACIÓNS /EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	A.P./C3	OPERARIO/A		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
01.02.09	CONSERXE INSTALACIÓNS /EDIFICIOS MUNICIPAIS	L	A.P./C3	OPERARIO/A	<i>RESERVA PREFERENTE A SEGUNDA ACTIVIDADE OU SITUACIÓNS ASIMILADAS</i>	<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
<b>02.- DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA</b>						
02.00.01	INTERVENCIÓN	F	A1	H.N. (INTERVENCIÓN- TESOURARÍA/ENTRA DA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
02.00.02	TESOUREIRO/A	F	A1	H.N. (INTERVENCIÓN- TESOURARÍA)		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión da actual externalización</i>



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
						<i>do servizo de recadación</i>
02.00.03	TÉC. DE XESTIÓN ECONÓMICA E TESOURARÍA	F	A2	A.X.(XESTIÓN)	P. INTERNA	<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
02.00.04	ADMINISTRATIVO- TESOUREIRO/A	F	C1	A.X. (ADMINISTRATIVA)	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE
<b>02.01.- UNIDADE DE CONTABILIDADE E FISCALIZACIÓN</b>						
02.01.01	ADMINISTRATIVO/A	F	C1	A.X (ADMINISTRATIVA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
02.01.02	ADMINISTRATIVO/A	F	C1	A.X (ADMINISTRATIVA)		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión da actual externalización do servizo de recadación</i>
<b>02.02.- UNIDADE DE TESOURARÍA, XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN</b>						
02.02.01.	TÉCNICO/A DE XESTIÓN TRIBUTARIA	F	A2	A.X.(XESTIÓN)		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión da actual externalización do servizo de recadación</i>
02.02.02.	ADMINISTRATIVO/A	L	C1	ADMINISTRATIVO	P.INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
02.02.03.	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	L	C2	AUX. ADMINISTRATIVO	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE
02.02.04.	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	L	C2	AUX. ADMINISTRATIVO		REFLICTE PRAZA EXISTENTE <i>(actualmente vinculada ao servizo municipal de augas)</i>
<b>03.- DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE CIDADÁ</b>						
<b>03.01- POLICÍA LOCAL</b>						
03.01.01.	INSPECTOR/A	F	A2	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
						EXISTENTE E VACANTE
03.01.02.	OFICIAL	F	C1	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
03.01.03.	POLICÍA	F	C1	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
03.01.04.	POLICÍA	F	C1	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
03.01.05.	POLICÍA	F	C1	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
03.01.06.	POLICÍA	F	C1	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
03.01.07.	POLICÍA	F	C1	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
03.01.08.	POLICÍA	F	C1	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
03.01.09.	POLICÍA	F	C1	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
03.01.10.	POLICÍA	F	C1	A.E. (S.E.)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
03.01.11.	POLICÍA	F	C1	A.E. (S.E.)		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
<b>03.02.- PROTECCIÓN CIVIL</b>						
03.02.01.	CAPATAZ PROTECCIÓN CIVIL	L	C2	CAPATAZ- ENCARGADO/A		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
03.02.02.	OFICIAL PROTECCIÓN CIVIL	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
03.02.03.	OFICIAL PROTECCIÓN CIVIL	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
03.02.04.	OFICIAL PROTECCIÓN CIVIL	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
03.02.05.	OFICIAL PROTECCIÓN CIVIL	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
03.02.06.	OFICIAL PROTECCIÓN CIVIL	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
03.02.07.	OFICIAL PROTECCIÓN CIVIL	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
03.02.08.	OFICIAL PROTECCIÓN CIVIL	L	C2	OFICIAL 1ª		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
<b>4.- DEPARTAMENTO DE URBANISMO</b>						



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
04.00.01.	ARQUITECTO/A COORDINADOR/A	F	A1	A.E. (TÉCNICO SUPERIOR)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
<b>04.01.- UNIDADE TÉCNICA</b>						
<b>04.01.01.- SECCIÓN DE PLANEAMENTO E XESTIÓN</b>						
04.01.01. 01	ARQUITECTO/A TÉCNICO	F	A2	A.E. (TÉCNICA/TÉCNICO MEDIO)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
<b>04.01.02.- SECCIÓN DE DISCIPLINA URBANÍSTICA</b>						
04.01.02. 01	ARQUITECTO/A TÉCNICO	L	A2	TÉCNICO MEDIO		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
<b>04.02.- UNIDADE XURÍDICA</b>						
04.02.00. 01	ASESORÍA XURÍDICA DE URBANISMO	F	A1	A.E. (TÉCNICA/TÉCNICO SUPERIOR)		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
<b>04.03.- UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>						
04.03.00. 01	ADMINISTRATIVO/A	F	C1	A.X. (ADMINISTRATIVA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
<b>05.- DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE</b>						
<b>05.01.-UNIDADE DE ATENCIÓN PRIMARIA</b>						
<b>05.01.01.- SECCIÓN TÉCNICA</b>						
05.01.01. 01.	TRABALLADOR/A SOCIAL- COORDINADOR/A	F	A2	A.E. (TÉCNICA/TÉCNICO MEDIO)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
05.01.01. 02.	TRABALLADOR/A SOCIAL	F	A2	A.E. (TÉCNICA/TÉCNICO MEDIO)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada interinamente)
05.01.01. 03.	TRABALLADOR/A SOCIAL	F	A2	A.E. (TÉCNICA/TÉCNICO MEDIO)		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
05.01.01. .04.	TRABALLADOR/A SOCIAL	L	A2	TÉCNICO/A MEDIO		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada por persoal indefinido)
05.01.01. 05.	EDUCADOR/A SOCIAL	L	A2	TÉCNICO/A MEDIO		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada por persoal indefinido)
<b>05.01.02.- SECCIÓN ADMINISTRATIVA</b>						
05.01.02. 01	ADMINISTRATIVO/A	L	C1	ADMINISTRATIVO	A AMORTIZAR	REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
						(prevista en cadro persoal actual para P.I., pero se amortiza porque non cabe dita promoción)
05.01.02.02.	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	L	C2	AUX. ADMINISTRATIVO		REFLECTE PRAZA EXISTENTE (ocupada por persoal indefinido)
<b>05.02.-UNIDADE DO CIM</b>						
05.02.01.	AVOGADO/A CIM	L	A1	TÉCNICO/A SUPERIOR	XORNADA PARCIAL	REFLECTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
05.02.02.	PSICÓLOGO/A CIM	L	A1	TÉCNICO/A SUPERIOR		REFLECTE PRAZA EXISTENTE
<b>06.-DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS</b>						
<b>06.01.- UNIDADE DE OBRAS E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS</b>						
06.01.01.	TÉCNICO/A ESPECIALISTA OBRAS E INSTALACIÓNS	L	B	TÉCNICO ESPECIALISTA		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión das actuais externalizacións</i>
<b>06.01.01.- SECCIÓN DE OBRAS E INFRAESTRUTURAS</b>						
06.01.01.01	ENCARGADO/A DE OBRAS	L	C1	ENCARGADO/A XERAL	P.INTERNA	REFLECTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
06.01.01.02	CAPATAZ DE OBRAS	L	C2	CAPATAZ-ENCARGADO/A	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLECTE PRAZA EXISTENTE
06.01.01.03	OFICIAL 1ª DE OBRAS	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLECTE PRAZA EXISTENTE
06.01.01.04	OFICIAL 1ª DE OBRAS	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLECTE PRAZA EXISTENTE
06.01.01.05	OFICIAL 1ª DE OBRAS	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLECTE PRAZA EXISTENTE
06.01.01.06	OFICIAL 1ª DE OBRAS	L	C2	OFICIAL 1ª	P.INTERNA	<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>P. INTERNA VINCULADA Á AMORTIZACIÓN DA VACANTE XERADA POLA MESMA</i>



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
06.01.01. 07	OFICIAL 1ª DE OBRAS	L	C2	OFICIAL 1ª		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
06.01.01. 08	OFICIAL 2ª DE OBRAS	L	C2	OFICIAL 2ª		REFLECTE PRAZA EXISTENTE COMO OPERARIO ESPECIALISTA <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN OFICIAIS DE 2ª</i>
06.01.01. 09	OFICIAL 2ª DE OBRAS	L	C2	OFICIAL 2ª		REFLECTE PRAZA EXISTENTE COMO OPERARIO ESPECIALISTA <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN OFICIAIS DE 2ª</i>
06.01.01. 10	OFICIAL 2ª DE OBRAS	L	C2	OFICIAL 2ª		REFLECTE PRAZA EXISTENTE COMO OPERARIO ESPECIALISTA <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN OFICIAIS DE 2ª</i>
06.01.01. 11	OFICIAL 2ª DE OBRAS	L	C2	OFICIAL 2ª	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLECTE PRAZA EXISTENTE, E VACANTE, COMO OPERARIO ESPECIALISTA <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN OFICIAIS DE 2ª</i>
06.01.01. 12	PEÓN OBRAS/SERVIZOS MÚLTIPLES	L	C2	OPERARIO		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
<b>06.01.02.- SECCIÓN DE MANTEMENTO ELÉCTRICO</b>						



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
06.01.02. 01	OPERARIO DE ELECTRICIDADE	F	A.P./C3	OPERARIO		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión da actual externalización</i>
06.01.02. 02	OPERARIO DE ELECTRICIDADE	F	A.P./C3	OPERARIO		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión da actual externalización</i>
<b>6.02.- UNIDADE DE SERVIZOS BÁSICOS E ESPAZOS VERDES</b>						
06.02.01.	TÉCNICO ESPECIALISTA XARDINERÍA	L	B	TÉCNICO ESPECIALISTA		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
<b>06.02.01.- SECCIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS E ROZAS</b>						
06.02.01. 01.	CONDUTOR/A- TRACTORISTA	L	C2	OFICIAL 1ª	CON ACTUACIÓN TRANSVERSAL, SEGUNDO NECESIDADES DE SERVIZO, EN TODO O DEPARTAMENTO	REFLICTE PRAZA EXISTENTE
06.02.01. 02.	CONDUTOR/A- TRACTORISTA	L	C2	OFICIAL 1ª	CON ACTUACIÓN TRANSVERSAL, SEGUNDO NECESIDADES DE SERVIZO, EN TODO O DEPARTAMENTO	REFLICTE PRAZA EXISTENTE
06.02.01. 03..	CONDUTOR/A- TRACTORISTA	L	C2	OFICIAL 1ª	CON ACTUACIÓN TRANSVERSAL, SEGUNDO NECESIDADES DE SERVIZO, EN TODO O DEPARTAMENTO	<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
<b>06.02.02.- SECCIÓN DE ZONAS VERDES</b>						
06.02.02. 01.	ENCARGADO DE SERVIZOS E ESPAZOS VERDES	L	C1	ENCARGADO/A XERAL	P.INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE
06.02.02. 02.	CAPATAZ DE SERVIZOS E ESPAZOS VERDES	L	C2	CAPATAZ- ENCARGADO/A	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE





CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
06.02.02. 03.	OFICIAL 1ª XARDINERÍA	L	C2	OFICIAL 1ª	P.INTERNA	<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>P. INTERNA VINCULADA Á AMORTIZACIÓN DAS VACANTES XERADAS POLA MESMA</i>
06.02.02. 04.	OFICIAL 1ª XARDINERÍA	L	C2	OFICIAL 1ª	P.INTERNA	<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>P. INTERNA VINCULADA Á AMORTIZACIÓN DAS VACANTES XERADAS POLA MESMA</i>
06.02.02. 05.	OFICIAL 1ª XARDINERÍA	L	C2	OFICIAL 1ª	P.INTERNA	<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>P. INTERNA VINCULADA Á AMORTIZACIÓN DAS VACANTES XERADAS POLA MESMA</i>
06.02.02. 06.	OFICIAL 1ª XARDINERÍA	L	C2	OFICIAL 1ª	P.INTERNA	<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>P. INTERNA VINCULADA Á AMORTIZACIÓN DAS VACANTES XERADAS POLA MESMA</i>
06.02.02. 07.	OFICIAL 1ª XARDINERÍA	L	C2	OFICIAL 1ª	P.INTERNA	<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b> <i>P. INTERNA VINCULADA Á AMORTIZACIÓN DAS VACANTES XERADAS POLA MESMA</i>
06.02.02. 08.	AUXILIAR DE XARDINERÍA	L	C2	AUXILIAR XARDINERÍA E SERVIZOS BÁSICOS	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE, COMO OPERARIO ESPECIALISTA  <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN AUXILIARES DE XARDINERÍA</i>
06.02.02. 09.	AUXILIAR DE XARDINERÍA	L	C2	AUXILIAR		REFLICTE PRAZA



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
				XARDINERÍA E SERVIZOS BÁSICOS	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	EXISTENTE, COMO OPERARIO ESPECIALISTA  <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN AUXILIARES DE XARNINERÍA</i>
06.02.02. 10.	AUXILIAR DE XARDINERÍA	L	C2	AUXILIAR XARDINERÍA E SERVIZOS BAÁSICOS	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLECTE PRAZA EXISTENTE, COMO OPERARIO ESPECIALISTA  <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN AUXILIARES DE XARNINERÍA</i>
06.02.02. 11.	AUXILIAR DE XARDINERÍA	L	C2	AUXILIAR XARDINERÍA E SERVIZOS BÁSICOS	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLECTE PRAZA EXISTENTE, COMO OPERARIO ESPECIALISTA  <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN AUXILIARES DE XARNINERÍA</i>
06.02.02. 12.	AUXILIAR DE XARDINERÍA	L	C2	AUXILIAR XARDINERÍA E SERVIZOS BÁSICOS	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	REFLECTE PRAZA EXISTENTE, COMO OPERARIO ESPECIALISTA  <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN AUXILIARES DE XARNINERÍA</i>
06.02.02. 13.	AUXILIAR DE XARDINERÍA	L	C2	AUXILIAR XARDINERÍA E SERVIZOS BÁSICOS		REFLECTE PRAZA EXISTENTE, COMO OPERARIO ESPECIALISTA  <i>SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN</i>



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
						PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN AUXILIARES DE XARNINERÍA
06.02.02. 14.	AUXILIAR DE XARDINERÍA	L	C2	AUXILIAR XARDINERÍA E SERVIZOS BÁSICOS		REFLECTE PRAZA EXISTENTE, COMO OPERARIO ESPECIALISTA  SUPEDITADO Á PREVIA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DOS ACTUAIS OPERARIOS ESPECIALISTAS EN AUXILIARES DE XARNINERÍA
06.02.02. 15.	PEÓN SERVIZOS-XARDÍNS	L	A.P./C3	OPERARIO/A		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>  <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión da actual externalización</i>
06.02.02. 16.	PEÓN SERVIZOS-XARDÍNS	L	A.P./C3	OPERARIO/A		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>  <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión da actual externalización</i>
06.02.02. 17.	PEÓN SERVIZOS-XARDÍNS	L	A.P./C3	OPERARIO/A		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>  <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión da actual externalización</i>
<b>07.- DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN E MOCIDADE</b>						
<b>07.01.- UNIDADE DE CULTURA</b>						
07.01.01.	ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL	L	A2	TÉCNICO MEDIO		REFLECTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
07.01.02.	ALFABETIZADOR/A DIXITAL	L	B	TÉCNICO/A ESPECIALISTA		REFLECTE PRAZA EXISTENTE
<b>07.02.- UNIDADE DE BIBLIOTECAS E ANIMACIÓN Á LECTURA</b>						
07.02.01.	BIBLIOTECARIO/A	L	A2	TÉCNICO/A MEDIO		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA</b>



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
						<b>INEXISTENTE</b>
07.02.02.	AUXILIAR DE BIBLIOTECA	L	C2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
<b>07.03.- UNIDADE DE EDUCACIÓN E MOCIDADE</b>						
07.03.01.	TÉCNICO DE EDUCACIÓN E DINAMIZACIÓN XUVENIL	L	B	TÉCNICO/A ESPECIALISTA		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>
07.03.02.	CONSERXE	F	A.P.	A.X. (SUBALTERNA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
07.03.03.	CONSERXE	F	A.P.	A.X. (SUBALTERNA)		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
07.03.04.	CONSERXE	F	A.P.	A.X. (SUBALTERNA)	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN	REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
<b>08.- DEPARTAMENTO DE DEPORTES</b>						
08.00.01.	ANIMADOR/A DEPORTIVO/A	L	B	TÉCNICO/A ESPECIALISTA		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada por persoal indefinido)
08.00.02	COORDINADOR/A ACTIVIDADES DEPORTIVAS	L	C1	ADMINISTRATIVO/A	P.INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
08.00.03	AUXILIAR-COORDINADOR DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS	L	C2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN VINCULADA A P. INTERNA	
08.00.04.	OPERARIO/A DE MANTEMENTO E DINAMIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	L	C2	OFICIAL SERVICIOS VARIOS		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
<b>09.- DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO</b>						
09.00.01.	AXENTE DE EMPREGO E DESENV. LOCAL	L	A1	TÉCNICO/A SUPERIOR		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada por persoal indefinido)
09.00.02.	ORIENTADOR/A LABORAL	L	A2	TÉCNICO/A MEDIO		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
<b>10.- DEPARTAMENTO DO CICLO INTEGRAL DA AUGA E MEDIO NATURAL</b>						
10.00.01.	XEFE/A INSTALACIÓNS E REDES	L	A2	TÉCNICO/A MEDIO		REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
<b>10.01.- UNIDADE DE REDES</b>						
10.01.01.	CAPATAZ DE REDES	L	C1	ENCARGADO/A XERAL		REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
10.01.02.	OPERARIO/A DE REDES	L	C2	OFICIAL 2ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada interinamente)
10.01.03.	OPERARIO/A DE REDES	L	C2	OFICIAL 2ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
10.01.04.	OPERARIO/A DE REDES	L	C2	OFICIAL 2ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
10.01.05.	OPERARIO/A DE REDES	L	C2	OFICIAL 2ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
<b>10.02.- UNIDADE DE INSTALACIÓNS</b>						
10.02.01.	OPERARIO/A DE PLANTA	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
10.02.02.	OPERARIO/A DE PLANTA	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
10.02.03.	OPERARIO/A DE PLANTA	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
10.02.04.	OFICIAL ELECTROMECAÁNICO	L	C2	OFICIAL 1ª		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada interinamente)
<b>10.03.- UNIDADE DE MEDIO NATURAL</b>						
10.03.01.	TÉCNICO/A DE MEDIO NATURAL	L	B	TÉCNICO ESPECIALISTA		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
<b>00.- ALCALDÍA</b>						
<b>00.01.- GABINETE DE ALCALDÍA</b>						
00.01.01	XEFE/A DE GABINETE DE ALCALDÍA	E				REFLICTE PRAZA EXISTENTE (persoal eventual/confianza)
<b>00.02.- SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA</b>						
00.02.01	TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	L	A1	TÉCNICO SUPERIOR		REFLICTE PRAZA EXISTENTE (ocupada temporalmente)
<b>00.03. SERVIZO DE ARQUIVO E DOCUMENTACIÓN</b>						
00.03.01.	TÉCNICO AUXILIAR DE ARQUIVO	L	C1	ADMINISTRATIVO	P.INTERNA	REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
00.03.02.	AUXILIAR DE ARQUIVO	L	C2	AUX.	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN	REFLICTE PRAZA



CÓDIGO	POSTO	TIPO	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA/ CATEGORÍA	OBSERVACIÓNS	ACLARACIÓNS/NOTAS DE USO INTERNO
				ADMINISTRATIVO	VINCULADA A P. INTERNA	EXISTENTE
<b>00.04. SERVIZO DE RRHH E CALIDADE</b>						
00.04.01.	TÉCNICO DE RRHH E CALIDADE	F	A2	A.X. (XESTIÓN)		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>  (cobertura orzamentaria con cargo ao remanente derivado da amortización dunha praza de admto., vacante por xubilación, e que se corresponde co posto seguinte)
00.04.02.	ADMINISTRATIVO/A	F	C1	A.X. (ADMINISTRATVA)	PREVISIÓN DE AMORTIZACIÓN	REFLICTE PRAZA EXISTENTE E VACANTE
<b>00.05. UNIDADE DE LIMPEZA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS</b>						
00.05.01.	OPERARIO DE LIMPEZA	L	A.P./C3	OPERARIO/A		<b>NOVA CREACIÓN/PRAZA INEXISTENTE</b>  <i>Cobertura orzamentaria con cargo á reversión da actual externalización</i>
00.05.02.	OPERARIO/A DE LIMPEZA	L	A.P./C3	OPERARIO/A		REFLICTE PRAZA EXISTENTE
00.05.03.	OPERARIO/A DE LIMPEZA	L	A.P./C3	OPERARIO/A		REFLICTE PRAZA EXISTENTE

### ACLARACIÓNS PERTINENTES SOBRE LENDAS E ABREVIATURAS UTILIZADAS

#### TIPO DE PERSOAL:

- F.-** Posto reservado a persoal funcionario.
- L.-** Posto reservado a persoal laboral
- E.-** Posto reservado a persoal eventual/de confianza

GRUPO.- Referente ao grupo profesional de adscrición/clasificación (segundo o previsto no EBEP, no caso dos postos de persoal funcionario, e no Convenio Colectivo vixente, no caso dos postos de persoal laboral)



**A.P.-** Agrupacións Profesionais (por remisión ao previsto na D. Adicional Sétima do EBEP; equivalente ao anterior grupo E).

**ESCALA/SUBESALA/CATEGORÍA.-** Referente á escala/subescala de integración (segundo o previsto na normativa de réxime local; artigos 167 a 175 do TRRL) do persoal funcionario que desempeñe os postos

**A.X.-** Escala de Administración xeral.

**A.E.-** Escala de Administración Especial.

**S.E.-** Subescala de Servizo Especiais.

No caso dos postos de persoal laboral, se indica a categoría profesional, conforme ao previsto, ao efecto, no Convenio Colectivo vixente.

***\*Nota.-** A efectiva aplicación das categorías de Oficial de 1ª, Oficial de 2ª e Auxiliar de Xardinería, estará supeditada á entrada en vigor do novo sistema de clasificación profesional derivado da modificación realizada, ao efecto, no Convenio Colectivo vixente; surtindo os efectos laborais inherentes, no tocante ao persoal afectado, dende a data da súa efectiva reclasificación, de ser o caso, nas ditas categorías. Debendo terse en conta, en todo caso, que unha vez aplicado este novo sistema de clasificación profesional, o persoal con anterior categoría de operario especialista que, con arranxo aos criterios previstos ao efecto, non sexa reclasificado como Oficial de 2ª ou Auxiliar de Xardinería, conservará, a título persoal, e como categoría a extinguir, a dita condición de operario especialista.*

#### OBSERVACIÓNS.-

**P.Interna.-** Posto cuxa cobertura se vincula ao desenvolvemento dun previo proceso de Promoción Interna; vinculándose dita promoción á amortización do posto que resulte vacante como consecuencia da mesma. A amortización das prazas só poderá realizarse con posterioridade ao proceso de promoción interna e só no caso de que a praza de orixe quede vacante como consecuencia de que o traballador consiga promocionar.

As prazas propostas para cubrir por promoción interna non deben entenderse como punto final dunha carreira profesional, senón como chanzos necesarios para posibilitar o acceso aos postos que deben dar cobertura administrativa ás funcións que algúns traballadores/as xa están a realizar. Neste sentido, actualizarase o organigrama nos seguintes exercicios orzamentarios.



As promocións internas que afectan a prazas pendentes de consolidación e que, consecuentemente, non aparecen reflectidas no organigrama, proporanse nos orzamentos de cada anualidade na medida en que se logre consolidar os postos actualmente ocupados.

**Previsión de amortización.-** Posto respecto do que se prevé a súa amortización que, en todo caso, se fará efectiva no momento en que se proceda á amortización, dentro da plantilla do persoal, da praza correspondente e que estea vacante.

**Previsión de amortización vinculada a P.Interna.-** Posto respecto do que se prevé a súa amortización que, en todo caso, se fará efectiva no momento en que se proceda á amortización, dentro da plantilla de persoal, da praza correspondente que teña quedado vacante como consecuencia da promoción interna do seu anterior ocupante.

**Reserva preferente a segunda actividade ou situacións asimiladas.-** Posto cuxo desempeño se reservará, preferentemente, ao persoal municipal que, por razóns de limitación psíquico-física, requira dunha adaptación na súa actividade laboral ordinaria (SEGUNDA ACTIVIDADE) que resulte compatible coas características do dito posto, e sempre que, en todo caso, o referido persoal cumpra cos requisitos esixidos para o seu desempeño; podendo ser cuberto, igualmente, cando non estea a ser desempeñado polo referido persoal en segunda actividade, e a dita cobertura resulte necesaria, por outro persoal municipal.

**Xornada parcial.-** Posto a desempeñar cun réxime de xornada laboral parcial e, polo tanto, cun cómputo horario total inferior ao da xornada ordinaria/xeral de traballo do Concello; xornada a parcial a concretar, segundo as necesidades de servizo de cada momento, no respectivo contrato/nomeamento do persoal que desempeñe o posto, e que dará lugar a percepción das retribucións proporcionais á dita xornada.

## **8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS REVÁLIDAS.**

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do grupo mixto, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández di que se trata dun tema de actualidade, engadindo que parece ser que hoxe anunciaron que van a paralizar as reválidas, porén tendo en conta que onte se aprobou unha moción polo Consello Escolar, sobre o rexeitamento das reválidas de cuarto da ESO e de segundo de bacharelato, tendo en conta o clamor da comunidade





educativa, dos pais, nais e de todos os sectores vinculados coa educación, presenta esta moción.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 17 de outubro de 2016 (rex. entrada nº 9.020, de 18/10/2016) que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 24 de outubro de 2016.

**“MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ, concelleiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS para o seu debate en Pleno.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.*

*Para alén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden pór as maiores trabas posíbeis para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.*

*Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes.*



*Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindíbeis para a formación do alumnado no seu contexto.*

*Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.*

*Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.*

*Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

- a) Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.*
- b) A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.*
- c) Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país”.*

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, sinala que manterán a posición mantida no Pleno de abril e apoiaran a moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.



O sr. Sánchez di que lle quería preguntar ao sr. Fernández se vai a manter o texto íntegro logo das novas que se publicaron a día hoxe.

A sra. Pérez anuncia o apoio do seu grupo á proposta, lembrando que xa levaron unha moción ao Pleno de abril. Explica que este martes se levou ao Consello Escolar unha proposta na que se facían tamén consideracións de tipo pedagóxico como que a propia concepción das reválidas como unha avaliación estandarizada e puntual supoñen unha inxustiza e unha presión innecesaria ao facer que o alumnado se xogue o seu futuro académico co resultado dun exame. Salienta que dende o punto de vista pedagóxico introducen un elemento fundamente regresivo ao deixar de considerar a educación como un proceso no que hai que considerar as circunstancias persoais e socioeconómicas e as capacidades e actitudes do alumnado. Recalca a sra. Pérez que as reválidas están a ter unha forte oposición de todos os sectores educativos como amosa o elevado absentismo do curso pasado nas probas de 3º e 6º de primaria, absentismo que no caso do concello de Teo superou o 80 %.

Remata a sr. Pérez a súa intervención reiterando o apoio do seu grupo, e desexando a derogación efectiva da Lei.

O sr. Fernández di que non ve motivo para non manter o texto, porque se insta á Xunta de Galicia para eliminar as reválidas, eliminalas non paralizalas ou quitarlles valor, e polo que parece se fala de facelas igual, pero non consideralas, é dicir que non se eliminarían, polo que o acordo é claro nese senso e non vai en contra do que se anunciou hoxe. Considera o sr. Fernández que o anuncio é positivo se se acompaña de que se eliminan definitivamente e se derroga finalmente a LOMCE. Refírese o sr. Fernández ao acordo adoptado polo Consello Escolar, en cuxo punto primeiro se fala da *“paralización da aplicación das reválidas ...”*, entendendo que se trata de paralizalas definitivamente, non deixalas sen valor e para o ano xa veremos, *“para rematar coa situación de inseguridade do estudiantado que se está a xogar o seu futuro profesional”*. Sinala que no punto terceiro do acordo do Consello Escolar se recolle a *“definitiva derogación da LOMCE”* polo que vai en consonancia co espírito da moción que presenta que é eliminar definitivamente as reválidas e derrogar a LOMCE.



Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, e aclara que preguntaba porque cando un lee esta moción, ao tratarse dunha cuestión educativa, hai cuestións que entran dentro do opinable, onde non vai a entrar, porque depende da ideoloxía de cada un, porén a moción, dende o seu humilde punto de vista, está plagada de imprecisións técnicas e contra o final hai algunha cuestión que non se sustenta por ningunha parte. Considera o sr. Sánchez que se estaría no terreo do opinable cando se fala dunha proposta . . .”*sexista, clasista, autoritaria e antidemocrática*”, non estándose no terreo do opinable cando se di o da involución lingüística, cando a día de hoxe se imparte en galego exactamente o mesmo número de horas que coa LOE e co Decreto do plurilingüismo que aprobou o bipartito, é dicir, se podería dicir que non evolucionou o número de horas en galego, pero en ningún caso que foi para atrás, porque se mantén.

Sinala o sr. Sánchez que xa chegar a dicir que as probas de terceiro e sexto son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, é falso, e que as reválidas de cuarto de ESO cumpren esta condición, tampouco o é, e as de bacharelato hoxe xa se anuncio que non o vai ser.

Sinala o sr. Sánchez que o sr. Fernández di que isto responde a unha concepción clasista e elitista, engadindo que lle abraia que agora todo o mundo se rasque as vestiduras cando se propoñen estas avaliacións cando o primeiro goberno que propuxo isto foi o PSOE no ano 2006, e ninguén dixo absolutamente nada e a argumentación que dou foi que este tipo de avaliación se estaba facendo noutras partes de Europa, e todo o mundo o viu con bos ollos.

Sinala o sr. Sánchez que o sr. Fernández se chegue a cuestionar a avaliación continua cando a Orde de avaliación que regula os procedementos de avaliación tanto en primeira como en secundaria insisten en que se produce unha avaliación continua, cuestionando ademais a opinión do equipo docente cando a normativa estatal e autonómica establece que a decisión de promoción do alumnado a toma por



unanimidade o colectivo de docentes, de xeito colexiado, coa opinión prevalecente do titor, polo que isto xa falta directamente á verdade.

Considera o sr. Sánchez que ata aquí se entra no terreo do opinable, e xa tratándose do acordo sinala que se insta á Xunta a algo que a Xunta xa instou ao propio Ministerio e o fixo público procurando que se eliminen as reválidas, non entrando nas noticias de hoxe ao ser previa a moción. Opina o sr. Sánchez que o que xa é un disparate e que, en pleno curso, se propoña unha derogación, porque se o que se pedira fora unha paralización, non o apoiaría pero lle parecería dentro do sensato, pero se a proposta de paralización saíra adiante, e se derroga a LOMCE, habería que preguntarse que pasa nas aulas a partir dese momento. Salienta o sr. Sánchez que habería que saber porque o goberno socialista ou o goberno de Aznar non propuxeron a derogación, e foi polo mesmo argumentou que el expón, solicitándose a paralización da LOMCE para evitar un caos nas aulas. Considera o sr. Sánchez que o que propón o sr. Fernández é un disparate, que o propoña unha concelleira con competencias en educación xa é unha temeridade e que xa o apoie o partido socialista, cando deron o mesmo argumento que da el, afonda máis no que se está visualizando da esquizofrenia discursiva no partido socialista.

O sr. Sánchez reitera que el entendería que se solicitara unha paralización durante este curso e despois que ocorrese o que fora, sendo unha temeridade pedir unha derogación da LOMCE en pleno curso.

Intervén o sr. Nanín e explica que o martes se aprobou no Consello escolar unha moción similar á que presente o BNG. Aclara que o Consello Escolar é un órgano consultivo no que están representados a totalidade da comunidade educativa do concello de Teo.

Sendo as vinte horas e cincuenta minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal.

Salienta o sr. Nanín que houbo unha unanimidade á hora de aprobar a moción sobre as reválidas e pedir a derogación da LOMCE. Loxicamente como se fai a derogación non



sería interrompendo a súa aplicación xa que os prazos os fixaran os técnicos e as persoas encargadas, o que parece evidente é que o que se pide é a derogación da LOMCE non a derogación ao día seguinte. Ademais se falou no Consello Escolar de cuestións técnicas relativas á LOMCE e se falou e se puxo de manifesto pola comunidade educativa do IES de Cacheiras que non se podía falar dunha Lei de mellora da calidade educativa se nun instituto masificado, onde a LOMCE mantén unha ratio de 30 alumnos por aula na educación secundaria obrigatoria, que poden chegar a 33 e 34, porque os repetidores non contan, ademais de que hai que deixar ser un 10 % para o caso de que sexa preciso aumentar o número de prazos.

Di o sr. Nanín que, falando como representante do Consello Escolar, ten que salientar que por iso pareceu que non era unha Lei de mellora da calidade educativa e por iso se pedía a súa derogación. Lembra o sr. Nanín que en abril a moción se presentou por vía de urxencia porque a LOMCE se aprobara con antelación, porén as instrucións para a súa aplicación chegaron aos colexios dous ou tres días antes da celebración do Pleno, por iso se levou por vía de urxencia. Explica que efectivamente houbera unha avaliación de diagnóstico durante o período do goberno socialista, sendo discutible a súa conveniencia ou non, porén era unha avaliación que non tiña peso académico e era anónima, e agora non o é, e que non vai a ter peso académico en cuarto da ESO sábese a partir do anuncio que fixo hoxe o candidato do Partido Popular. En canto ao tema lingüístico sinala o sr. Nanín que non é certo que se dean as mesmas horas, porque durante o goberno bipartito se daban en galego as matemáticas e agora se dan en castelán, polo que non é o mesmo caso. Salienta que non se cuestiona a avaliación continua, senón que se cuestiona e o que se di é que non é acertado facer unha avaliación puntual e externa nun momento do proceso educativo, que iso é o que é a reválida.

Salienta o sr. Nanín que por todo iso apoian a moción porque é o momento de pedir a derogación da LOMCE, engadindo que posiblemente o anuncio que se fixo hoxe polo candidato do PP ten algo que ver coa mobilización de parte da sociedade en contra desta Lei, porque foi unha Lei que naceu sen ningún tipo de consenso e unha Lei que en educación nace sen ningún tipo de consenso non pode ir adiante.



Aclara ao sr. alcalde que remataron os dous turnos, porén ante a petición de intervención que fai o sr. Fernández, e dado que existiron alusións moi directas, excepcionalmente se vai a permitir novas intervencións para matizar.

Co permiso da presidencia, intervén o concelleiro do grupo mixto e refírese ás expresións utilizadas polo sr. Sánchez, tales como “*esquizofrenia, disparate, opinable*” como se a ideoloxía fora opinable, sinalando que o falar non ten cancelas, e o sr. Sánchez representa claramente esa expresión, e vende tanto un cepillo de dentes coma unha bandeira, larga e listo. O sr. Fernández preguntalle ao sr. Sánchez se está de acordo con todo o que representa a LOMCE. Reitera que onte o Consello Escolar aprobou unha moción na que se di que “*a superación desta proba é requisito indispensable para a obtención dos títulos de Graduado en ESO e Bacharelato*”, polo que ao mellor o Consello Escolar tampouco sabe do que fala, engadindo que el pode non saber do que fala pero o Consello Escolar está seguro que sabe do que fala, aínda que o sr. Sánchez sentencie. Salienta o sr. Fernández que a Xunta de Galicia ten competencias en materia de educación, e hai Comunidades autónomas que non están aplicando a LOMCE, por iso se insta á Xunta de Galicia, porén a Xunta de Galicia fai o que lle mandan. Sinala o sr. Fernández que para o sr. Sánchez todo é un disparate, menos o que di el, engadindo que el cree que é o revés, e o sr. Sánchez avalía as cousas de xeito que a el lle parece un disparate,

Intervén o sr. Sánchez e sinala que el cualificou de disparate que se derroque a LOMCE en pleno curso, engadindo que menos mal que chegou o sr. Nanín a aclaralo.

Di o sr. Sánchez que non entende, e quere que conste en acta, porque empezou a intervención á concelleira de educación e ao final tivo que vir o sr. Nanín para quitarlle as castañas do lume.

O sr. Nanín di que non pretendeu quitar as castañas do lume a ninguén.

O sr. Sánchez di que as súas alusións foron directas á concelleira de educación e non entende porque non foi esta a que lle respostou.



O sr. alcalde di que, aínda que fastidie, son un grupo rico e plural, e calquera pode falar e aportar cousas distintas.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e sete en contra (7 PP), acorda:**

- a) **Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.**
  
- b) **A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.**
  
- c) **Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.**

## **9.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto décimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, di que hai unha moción asinada por todos os grupos e cede a palabra ao concelleiro D. Xosé I. Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da moción, de 27 de outubro de 2016, en apoio dos postos de traballo de Extel e da atención en galego.

**“MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE SON DE TEO/ANOVA, PP, PSdG-PSOE E BNG NO CONCELLO DE TEO EN APOIO DOS POSTOS DE TRABALLO DE EXTEL E DA ATENCIÓN EN GALEGO**

*Exposición de motivos:*

*As grandes empresas de luz, auga, telefonía, banca, seguros e incluso a administración pública teñen subcontratados os servizos de atención ao público a través de empresas de centros de chamadas.*





*Na última década os centros de atención á clientela na Galiza foron pechando encanto as empresas centralizaron os servizos en grandes centros de traballo. Dende o estoupido da crise, as grandes empresas incrementaron a deslocalización dos servizos de atención cara terceiros países.*

*No noso caso, esta deslocalización agravouse pola exclusión do galego nas relacións comerciais: pecharon centros de traballo na Galiza e o emprego foi levado a outras partes do Estado. Só entre o ano 2010 e 2012 destruíronse no sector da teleatención en Galiza máis de 2.040 postos de traballo e 100.000 galegos e galegas foron obrigados a emigrar pola perda de emprego na nosa terra.*

*Destrúese emprego e o noso idioma perde un espazo común de grande importancia, o da relación entre nós e as empresas, e ao tempo anúlase o dereito de sermos atendidos e entendidos na nosa lingua, que estas empresas desprezan.*

*Nos últimos días coñecemos outra proposta de despedimento de 205 traballadoras e traballadores na empresa Extel na Coruña, que presta servizos para Movistar. Este ERE responde a unha clara estratexia de deslocalización que pasa por desmantelar o centro de Galiza e cubrir o 1004 dende Bucaramanga, en Colombia, onde xa comezaron a atender as chamadas.*

*Por todo isto, o pleno do Concello de Teo acorda:*

*1-manifestar o seu apoio ás reivindicacións das traballadoras e dos traballadores de Extel*

*2-reclamar a Movistar que garanta en todos os casos os postos de traballo na Coruña e por tanto a atención en galego*

*3-transmitirlle a movistar que no caso de non atender esta demanda, o concello trasladará a súa oferta a calquera outra compañía que garanta a atención en galego dende Galiza*

*En Teo a 27 de outubro do 2016*

*Polo Grupo Municipal de Sondeteo- Anova*

*Asdo. Ignacio Iglesias Villar*

*Polo Grupo Municipal de PSdG-PSOE*

*Asdo. Uxía Lemus de la Iglesia*

*Polo Grupo Municipal de PP*

*Asdo. José Manuel Guerra Calvelo*

*Polo Grupo Municipal do BNG*

*Asdo. Manuel Anxo Fernández Baz”*



**Non abríndose debate e ratificada a urxencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:**

**1- Manifestar o seu apoio ás reivindicacións das traballadoras e dos traballadores de Extel.**

**2- Reclamar a Movistar que garanta en todos os casos os postos de traballo na Coruña e por tanto a atención en galego .**

**3- Transmitirlle a movistar que no caso de non atender esta demanda, o concello trasladará a súa oferta a calquera outra compañía que garanta a atención en galego dende Galiza.**

## **10.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Sinala o sr. Fernández que hai un cartel luminoso na rotonda do Gadis de Cacheiras, e di que hai varias queixas de que deslumbra aos condutores e despista e pregunta cal é a finalidade do cartel, engadindo que parece que non é a mellor ubicación para situalo. Solicita que sexa modificado o lugar onde está.

A sra. García resposta que a pantalla ten por obxecto informar aos veciños da programación municipal de cultura, deportes, oferta formativa, etc. Explica, en canto ao funcionamento da pantalla, que se está facendo "*proba-error*", traballando no tema, e aínda hai que atopar o mellor punto, polo que calquera aportación ven ben.

Salienta a sra. García que a ubicación ten que ver con que é unha zona de bastante tránsito, na zona máis urbana do concello, polo que como primeira experiencia pareceu un sitio bo para testar o funcionamento e a resposta que hai.

Salienta a sra. García que ata agora o que se recibiu foron opinións positivas, porén as que non sexan positivas tamén veñen ben para traballar na mellora da eficacia da pantalla, agradecendo as aportacións, cando máis concretas posibles.



Pide o sr. Fernández que se faga un seguimento.

2.- Roga o sr. Fernández que se atenda a boa execución das obras que se fan, non tanto polo concello, senón por empresas, que fan obras de traída de auga, coma por exemplo no caso da Torre na que hai unha torre que ten desfeito todo o cemento que rodea a arqueta.

Solicita o sr. Fernández que se controle como se executan esas obras ou polo menos como se finalizan, para evitar esas chapuzas.

O sr. alcalde di que estaría ben que os veciños da zona aporten a localización, aínda que se revisaran as instalacións última, porén se hai algunha indicación concreta moito mellor.

3.- Sinala o sr. Fernández que, á altura dos Tilos, cando remata o concello de Santiago existen beiravías e cando comeza Teo non, polo que solicita que se considere continuar esas beiravías, polo menos un tramo máis para enlazar coas que hai construídas.

4.- Sinala o sr. Fernández que na rúa Carballo dos Tilos hai unha canaleta que atravesa toda a estrada que está en mal estado, e solicita que se arranxe.

5.- Sinala o sr. Fernández que nos Tilos, todos os días de colexio, prodúcese na contorna do CEIP unha obstrución do tráfico, que plantexa problemas incluso ao autobús que leva aos nenos/as ao colexio, e pregunta que está facendo o concello ao efecto, entendendo que é un problema de difícil solución porque alí as saídas son as que son. Considera o sr. Fernández que resulta preciso darlle una volta, porque hai un momento en que é tremendo, para reorganizar o tráfico nese punto.

A sra. Lemus explica que actualmente se están buscando saídas no plan de mobilidade nos Tilos.



6.- Di o sr. Fernández que fai uns meses, en relación cunha sinalización de limitación de pesos en Ameneiro, na rúa que parte da rúa Ledín, se lle dixo que a policía estaba preparando un informe ao efecto. Interésase o sr. Fernández por ese informe e polo tema.

O sr. Francos di que cre que o informe non se entregou pola policía.

O sr. alcalde di que hai que ter en conta a situación da policía local, xa que dos nove axentes lévase todo o verán con catro, algún dos cales lles tocaba vacacións, polo que case todo o verán se estivo cun único axente operativo, porén se lle reiterará o tema.

O sr. Fernández di que cree que ese informe é necesario para xustificar a sinala ou para xustificar a súa retirada.

O sr. Francisco di que tamén se falara co arquitecto e dito informe tamén está pendente,

O sr. Fernández di que el vai a seguir insistindo no tema, engadindo que cando se dispuxera o informe lle gustaría facerse con el.

7.- O sr. Fernández di que hai uns meses se comentou a problemática xeral dun roble americano en Lampai e pregunta se se considerou a demanda veciñal e se se vai a proceder á pola da árbore.

O sr. Francos sinala que xa se falou cos veciños e se lles dixo que se facían unha recollida de sinaturas onde solicitaran a tala do árbore, se facía, engadindo que a poda non é viable porque sería facerlle un dano á arbore que non ten sentido. Sinala o sr. Francos que, se estorba, que fagan unha petición veciñal, de recollida de sinatura, engadindo que aos poucos días desta petición alguén chamou e pregunto por ese tema e insinuou que non estaba de acordo con que se lle tocara a árbore, por iso se hai veciños que están a favor, se suprime sen máis.



8.- O sr. Fernández refírese á pista que vai por detrás da pista de Calo e lembra que é unha promesa de 2015, o de adecentar aquela pista. Pregunta o sr. Fernández como está o tema.

A sra. Lemus sinala que se fixo en agosto o levantamento topográfico e incluírase nos plans provinciais.

9.- Pregunta o sr. Fernández se hoxe se vai a dar o servizo de traída municipal de augas municipal dende Galanas.

O sr. alcalde explica que se vai a facer a traída de saneamento e ampliación da rede de abastecemento pola marxe dereita indo cara a Padrón, ata a rúa Cascandelo. Explica que iso non remata coas actuacións na nacional 550, porque queda a parte de talleres barros, que se conta facer na primavera do ano que ven, completando todas esas zonas.

O sr. Fernández pregunta se nas Galanas na parte que el di non entra.

O sr. alcalde di que a parte esquerda en principio non, engadindo que non sabe exactamente a cantas vivendas lle afecta.

O sr. Fernández di que non son moitas, pero na medida que hai unha demanda é unha necesidade.

O sr. alcalde di que as actuacións que quedan pendentes na nacional 550 se van a atender progresivamente, sendo a seguinte que esta comprometida para acometer, pola súa magnitude, é a de talleres barros, e despois se irá con ese flecos que quedan, que deben de ser bastantes curtos.

Considera o sr. Fernández que se trata dunha demanda histórica que hai que atender.

10.- Pregunta o sr. Fernández se se tomou algunha medida en relación cos plumachos.



O sr. Iglesias explica que se pensou en sacar para este ano, aínda que van atrasados, un folleto informativo sobre as especies invasivas para que a poboación de Teo empezara a controlar non so esta especie senón tamén outras que están creando problemas e a partir de aí que a xente asuma que é un problema.

O sr. Fernández opina que esa campaña estaría ben.

O sr. Francos di que saíu unha convocatoria da Xunta cun apartado para os particulares no que se daban axudas para arrancalos porque é a única forma de acabar con eles, aínda que outra historia sería o que facer con eles.

O sr. Fernández reitera que a campaña informativa á interesante.

11.- O sr. Fernández refírese á pista de Raris Vilar e di que cree que está comprometida, e pregunta cando está previsto comezar coas obras..

A sra. Lemus explica que a licitación foi un pouco complicada, xa que se fixo unha clasificación, houbo un problema coa empresa clasificada en primeiro lugar e hoxe decidiuse pasar á segunda, e iso se decidiu hoxe e agora ten que presentar a documentación. Explica a sra. Lemus que se retrasou polo problema que houbo coa primeira empresa, entendendo que en principio no prazo dun mes debería estar empezada.

12.- Sinala o sr. Fernández que no Pazo, en Rarís, fronte á urbanización que hai alí de adosados, na outra beira, fíxose limpeza de cunetas, e hai unha cuneta que non alivia a auga, e cando chove empoza e chega ás casas.

O sr. Francos di que a empresa que se encarga deses traballos tivo que plantar para facer outros traballos, e o retomará nas próximas semanas. Di que unha vez que queden as cunetas ben abertas se mirará de facer unha tajea nova ben potente para que traballe ben.

#### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.



### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Sinala o sr. Guerra que no parque que se remodelou en Paradela piden unha barandilla, por razóns de seguridade, e un banco en Raxó.

2.- Sinala o sr. Guerra que na Palloza se cambiou a ubicación do contedor do lixo e hai queixas.

O sr. Francos di que se mirará de poñer algún máis, engadindo que se cambiou porque o pediu a señora que vive máis arriba porque ten problemas de mobilidade e lle custaba moito traballo baixar.

Sinala o sr. Guerra que os veciños da Palloza se queixan de que teñen que ir alá arriba.

3.- Pregunta o sr. Guerra polo alumeado fronte á gasoleira sinalando que hai descontento porque esas farolas non se acenden na estrada xeral.

O sr. Francos di que roubaron o cabreado, engadindo que se pode valorar repoñelo, aínda que hai o risco de que se volva a roubar. Sinala o sr. Francos que, como de momento pararon, se pode mirar de repoñelo incluso de aluminio que non se rouba tanto.

4.- Di o sr. Guerra que os veciños de Eo dos Menecos, en Oza, preguntan polo saneamento.

O sr. alcalde di que a dos Menecos debe ser unha das poboacións máis grandes que están sen el, engadindo que haberá que intentar o ano que ven, se os orzamentos fan posible o gasto, levar adiante a actuación

5.- A sra .Ferreiro sinala que na pista que vai de fronte mesmo de froitas barreiro, da que xa se falara polo tema das sendas, agora hai un bache e xa se está na etapa de



esquivar o bache, pero resulta que hai un contedor que está mesmo na pista. Pide se se pode mirar o tema antes de que veñan as choivas.

O sr. Francos di que se estivo estes días bacheando e que se mirará.

6.- Dirixíndose ao sr. alcalde a sra. Ferreiro di que o día 30 de setembro se presentou un informe de Augas de Teo sobre os vertidos residuais procedentes da depuradora de Campos de Mirabel. Sinala que esta depuradora ten o mesmo problema que as situadas no resto do concello, que cando chove e cando non chove non dan abasto, e neste caso os vertidos foron ao río Tinto. Explica que o día 2 de outubro, na axenda de actividades do concello, hai un programa que inclúe a limpeza dun tramo do río Tinto. Pregunta a sra. Ferreiro se é causalidade ou este tramo que se foi a limpar e xusto o tramo onde precisamente se sabía que había os residuos e se as asociacións sabían deste informe e polo tanto que ese río tiña eses vertido.

O sr. alcalde di que, tratándose do vertidos, contactouse coa presidenta da comunidade de Campos de Mirabel porque hai que levantar toda arqueta que está ao lado da piscina da urbanización, porque se sospeita que o fondo da arqueta se fundiu. Explica que hai que facer una obra considerable, que está pendente de coordinarse coa presidenta da comunidade de propietarios, polo que se vai a facer canto antes.

Tratándose da actividade aclara o sr. alcalde que estaba programada con bastante anterioridade, polo que a coincidencia foi por casualidade.

7.- A sra. Ferreiro di que o sr. alcalde dixo no Pleno que o tema dos vertidos de Texexe había comunicación con Augas de Galicia e pregunta porque non se soluciona o vertido da casa 150, que non está afectada polo expediente de reposición de legalidade, e segue vertendo porque hai unha denuncia do 21 deste mes.

O sr. alcalde di que cre que hoxe os operarios de Augas de Teo visitaron esa zona e non atoparon vertido, engadindo que se mirará de novo porque os vertidos tampouco son continuos.





8.- Pregunta a sra. Ferreiro cómo está agora mesmo o expediente disciplinario que se lle fixera no seu día ao xefe da policía local e ao seu compañeiro.

O sr. alcalde explica que é unha situación bastante complicada porque os dous policías están de baixa e a maiores existe un serio problema para conseguir un instrutor do expediente. Explica que se pretendía que esa persoa estivera fora da dinámica municipal, remitíndose varios escritos a distintas institucións, algúns incluso reiterados, como por exemplo a Deputación, e aínda así se denegou.

Reitera o sr. alcalde que a situación é difícil, por esas dúas circunstancias, sen esquecer o tema da prescrición do expediente.

9.- A sra. Ferreiro sinala que a sra. Lemus dixo no expediente de reposición da legalidade de Texexe, que os proxectos se enviaban, ou non, a patrimonio, segundo o criterio dos técnicos. Pregunta a sra. Ferreiro se habida conta de que son os mesmos técnicos e agora é a mesma casa para a que se pide licenza porque antes non se enviou e agora decidiron que sí.

A sra. Lemus respóstalle á sra. Ferreiro que o descoñece, e invita a este concelleira a que lle pregunte aos técnicos.

A sra. Ferreiro pregúntalle á sra. Lemus se non pregunta por curiosidade, máxime cando ela lle pregunta case sempre o mesmo.

A sra. Lemus di que non pregunta como están os expedientes, agás que exista unha queixa dun veciño por exemplo por un retraso.

A sra. Ferreiro pregúntalle de novo á sra. Lemus se non ten curiosidade.

A sra. Lemus aclara que no tema de Texexe a única curiosidade que ten e que os técnicos acaben co expediente, que é o que hai que facer.

Sinala a sra. Ferreiro que algún día saberá.



10.- A concelleira do PP, sra. Nariño, di que hai unha demanda dos veciños, en relación cunha pista onde está a fonte, en Penelas, sempre hai un lateral, que como hai dous muíños, se invade e teñen que estar limpando continuamente. Solicita que se teña en conta porque é xente maior e non é primeira vez que están limpando a arqueta.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 16/2016**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 30 DE NOVIEMBRE DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a trinta de novembro de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz



**ORDE DO DÍA:**

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 27/10/16**

**2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 921/16 Á 1029/16)**

**3.- DITAME DA MOCIÓN DO BNG A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA, DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO E DA TOMA DE MEDIDAS CONTRA AS CONSECUCIÓNS SOBRE AS MULLERES DA DESIGUALDADE ECONÓMICA.**

**4.- MOCIÓNS**

**5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 27/10/16.**

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2016.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 921/16 Á 1029/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de outubro ata o 24 de novembro de 2016, que comprenden os números 921 ao 1029, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.



### **3.- DITAME DA MOCIÓN DO BNG A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA, DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO E DA TOMA DE MEDIDAS CONTRA AS CONSECUCENCIAS SOBRE AS MULLERES DA DESIGUALDADE ECONÓMICA.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro do grupo mixto, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción de 4 de novembro de 2016 (rex. entrada nº 9.472), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 24 de novembro de 2016.

*“MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ, concelleiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA, DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO E DA TOMA DE MEDIDAS CONTRA AS CONSECUCENCIAS SOBRE AS MULLERES DA DESIGUALDADE ECONÓMICA, para o seu debate en Pleno.*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Visibilizar e erradicar a violencia machista en todas as súas formas e en todos os ámbitos é un dos retos máis importantes que temos como sociedade de cara ao futuro. Por iso, o feminismo e as políticas feministas son ferramentas fundamentais coas que debemos traballar sen dar nada por conseguido en canto siga exercitándose a violencia contra as mulleres polo mero feito de ser mulleres.*

*Nos últimos tempos, fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo mobilizador e concienciador dos diferentes movementos de mulleres. Porén, non é suficiente, temos que seguir avanzando na rúa e nas institucións e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visíbel do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademais, é clave visibilizar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física até outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstétrica e tratos inadecuados no marco da sanidade até a*



*violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, ocupando as peores taxas de desemprego e precarización, padecendo a desigualdade salarial e ocupando a maioría dos traballos non asalariados consecuencia das situacións de dependencia familiar e da falta de recursos públicos. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.*

*Queda moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e social. Por iso, tendo sido importantes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, despois de anos de aplicación, son insuficientes en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, cómpre avanzar e mellorar os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.*

*Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Femicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Femicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.*

*Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno desta Corporación Municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*1. Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Femicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Femicidio.*

*Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento*



*acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.*

*Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio*

*Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.*

*2. Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.*

*3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.”*

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo. Explica que, dende que se teñen datos da violencia machista, hai oitocentos sesenta e pico máis persoas falecidas que as asasinadas por ETA dende o ano 1968, o que é claramente ilustrativo do problema que existe actualmente na sociedade co machismo e cunha das súas manifestacións, como é a violencia machista.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo.

O sr. Iglesias anuncia o apoio do seu grupo.

O sr. Fernández considera que todos os días deberían ser 25 de novembro. Explica que no Parlamento Galego houbo unha declaración institucional, apoiada por todos os



grupos, o que supón un avance importante porque deixa de ser un debate goberno-oposición e demostra a vontade de todos por avanzar.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as renuncian á apertura dunha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:**

**1.- Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.**

**Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.**

**Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio**

**Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.**





**2.- Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.**

**3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.**

#### **4.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto formula os seguintes rogos e preguntas.

1.- O sr. alcalde refírese aos rogos e preguntas formulados por escrito polo sr. Fernández con data de 04/11/2016 (rex. entrada nº 9473 e 9474), en relación coa vespa asiática, que se reproducen a continuación, sinalando que a contestación ao rogo vai en función da contestación ás preguntas que se fan.

*“MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ, concelleiro do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, formula as seguintes **PREGUNTAS** para a súa resposta escrita e oral en sesión plenaria.*

*A avespa asiática ou vespa velutina é un insecto invasor que está a introducirse fortemente na Galiza e que ameaza as colmeas poñendo en perigo o futuro da produción apícola e mermando o importante papel polinizador que teñen as abellas, con todas as repercusións económicas e ecolóxicas que isto trae consigo.*



*Tamén é de destacar a alarma cidadá que está a crear a súa expansión: aínda que non se trata dun insecto máis agresivo co ser humano que a avésa autóctona, si que reacciona dun xeito virulento ante as ameazas ao seu niño; ante unha ameaza ou vibración a 5 metros do niño, prodúcese unha resposta de grupo, podendo perseguir á fonte da ameaza ata aproximadamente 500 metros. Este risco agrávase dada a colonización de zonas urbanas e periurbanas realizada por este insecto.*

*Por todo isto, dende os profesionais da apicultura ás distintas administracións públicas, empezando pola galega ata os concellos, están a desenvolverse plans de control e erradicación da avésa velutina.*

*No noso concello foron localizados polos veciños niños alomenos, e que teñamos coñecemento, en Cacheiras, Tilos, Carballal (Calo) e Francos (Calo).*

*Así pois, este concelleiro presenta para a súa resposta por escrito e tamén oral en sesión plenaria as seguintes PREGUNTAS:*

*1.- Ten deseñado o Goberno municipal de Teo un plan de control e erradicación da vespa velutina no noso concello? De ser así, en que consiste ese plan? Está coordinado e conta coa supervisión das consellerías da Xunta de Galiza competentes na materia? Que departamento ou organismo municipal é o encargado de desenvolvelo? Quen é o seu responsábel ou responsábeis?*

*2.- Pensa o Goberno municipal que se está executando, caso de habelo, de forma eficiente ese plan?*

*3.- Máis alá das desculpas de ter que atender outras cuestións durante os meses de verán, que ten pensado facer o Concello para atender as solicitudes para a retirada dos niños?"*

*“MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ, concelleiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, formula o seguinte ROGO para que sexa atendido polo goberno municipal de Teo:*

**EXPÓN**



*A avespa asiática ou vespa velutina é un insecto invasor que está a introducirse fortemente na Galiza e que ameaza as colmeas poñendo en perigo o futuro da produción apícola e mermando o importante papel polinizador que teñen as abellas, con todas as repercusións económicas e ecolóxicas que isto trae consigo.*

*Tamén é de destacar a alarma cidadá que está a crear a súa expansión: aínda que non se trata dun insecto máis agresivo co ser humano que a avespa autóctona, si que reacciona dun xeito virulento ante as ameazas ao seu niño; ante unha ameaza ou vibración a 5 metros do niño, prodúcese unha resposta de grupo, podendo perseguir á fonte da ameaza ata aproximadamente 500 metros. Este risco agrávase dada a colonización de zonas urbanas e periurbanas realizada por este insecto.*

*Por todo isto, dende os profesionais da apicultura ás distintas administracións públicas, empezando pola galega ata os concellos, están a desenvolverse plans de control e erradicación da avespa velutina.*

*No noso concello foron localizados polos veciños niños alomenos, e que teñamos coñecemento, en Cacheiras, Tilos, Carballal (Calo) e Francos (Calo).*

*Por todo isto, formúlase o seguinte ROGO:*

*“A posta en marcha por parte do Concello de Teo dun plan de actuación contra a vespa velutina, pedindo a colaboración dos veciños e das veciñas para a identificación e localización dos niños, para posteriormente, ben coa súa capacidade propia ou en colaboración coa Xunta de Galiza, sexan emprendidas as actuacións necesarias para eliminar de forma inmediata todos os niños de vespa velutina detectados en Teo.”*

En relación á pregunta de se o goberno municipal de Teo ten deseñado un plan de control e erradicación da vespa velutina, o sr. alcalde resposta que non o teñen deseñado, entre outras cousas porque a Xunta de Galicia publicou en xullo de 2016 o protocolo de vixilancia e control da vespa asiática, onde se estruturan as funcións que deben asumir as diferentes Administracións. A comisión de seguimento constituíuse para deseñar, coordinar e supervisar todas as actuacións relacionadas coa vespa velutina. Está formada por representantes das catro consellerías da Xunta de Galicia,



representantes da FEGAM, do sector apícola e por persoal investigador e ten entre outras a misión de deseñar e coordinar eses plans de seguimento da vespa, polo que parece que non corresponde pois o concello de Teo o deseño dese plan de control e erradicación. A participación dos concellos neste tema, no caso de maior implicación, pasa por integrarse na rede de concellos colaboradores, que son os que participan directamente na retirada dos niños. Explica o sr. alcalde que co nivel de afectación do concello de Teo, cuns 20 niños retirados, non semella ser unha prioridade a constitución dese grupo e así por exemplo Ames ou Brión, que superan os 70 niños retirados, tampouco teñen constituído ese grupo e non son concellos colaboradores. Sinala o sr. alcalde que a Estrada, Rois, Negreira, Vedra, etc, están todos baixo a actuación do GES correspondente, engadindo que en todo caso se existira un incremento importante de niños habería que replantexarse a situación.

En relación á pregunta de se pensa o goberno que se está a executar, caso de habelo, de forma eficiente ese plan, resposta o sr. alcalde que sen habelo consideran que si, que a resposta que se está a dar é efectiva para o nivel de afección do concello e tendo en contas os procedementos e protocolos establecidos na Xunta de Galicia. Explica o sr. alcalde que se ben nos folletos da Xunta se recolle que se se ve un niño se chame ao 112, á xente lle costa traballo diferenzar un tipo de vespas doutras e así Protección civil está actuando como intermediario, botando unha primeira visual e se se comproba que o niño é de vespa asiática fan directamente a chamada ao 112. Aclara o sr. alcalde que iso é o que se está facendo en relación á terceira pregunta con respecto ás solicitudes de retirada de niños, inspección visual de Protección civil e unha chamada ao persoal especializado, xa que os propios GES recibiron unha formación específica para a retirada de niños.

O sr. Fernández di que plantexou a cuestión por ter información sobre o tema xa que unha asociación vinculada ao tema da apicultura foi quen lle formulou as preguntas, ao parecerlle interesante saber algo máis do tema.

Explica o sr. Fernández que non verán, cando foi a homenaxe a Anxel Casal, chamou á Policía local, en relación cun edificio en Cacheiras, porque non sabía como actuar. Di que lles preguntou que había que facer e lle dixeron que chamara a Protección civil, e



estes xa tiñan coñecemento do niño e xa lle explicaron como se estaba actuando, porén sen ter sen moita información. Remata o sr. Fernández sinalando que se trata dun tema preocupante nalgunhas zonas de Galicia, tratándose ademais dunha vespa que é bastante agresiva e se está reproducindo de forma importante nalgunhas zonas, existindo sempre o medo de que se siga reproducindo, sobre todo para as persoas vinculadas a apicultura, que son as que máis están vendo o efecto nas avellas e na repercusión que ten na reprodución do propio ecosistema. Sinala o sr. Fernández que da por respostadas as preguntas, engadindo que se trata dunha información moi valiosa.

2.- Explica o sr. Fernández que hai unha persoa que lle fixo unha solicitude a Augas de Teo e se lle respostou en castelán. Lembra o sr. Fernández que se aprobou un Regulamento que recolle que o idioma oficial do concello é o galego.

A sra. Pérez sinala que asumen o erro, engadindo que é a primeira noticia que teñen ao respecto e que se mirará.

3.- O sr. Fernández pide que en Bustelo, na parte de arriba, onde o campo de fútbol, se poña unha sinal de lugar de Bustelo, xa que aí atrás foi unha ambulancia a buscar a unha persoa e se foi cara a abaixo.

O sr. alcalde di que hai unha colocada no alto do Cubillón, porque aquelas casas primeiras tamén xa son de Bustelo, entón sempre hai un problema.

O sr. Fernández pregunta se o lugar en sí é aquel.

O sr. alcalde resposta que o núcleo tradicional non está sito na estrada, senón que está un pouco desprazado.

O sr. Fernández di que sería importante miralo, porque nese caso a ambulancia tardou un pouco máis e comentou que fora por abaixo, que era de noite e que non sabía que por aí se accedía.



4.- O sr. Fernández di que se puxo agora na estrada o firme, que antes estaba mal, porén se coincidías con outro coche, podías maniobrar, e agora hai que maniobrar para atrás, non hai onde apartarse, e caes na gabia. Considera o sr. Fernández que haberá que mirar de facer algo, meter un tubo ou algo, engadindo que o outro día pasou co camiión do lixo, que tivo que maniobrar dende o principio da pista para atrás. Di o sr. Fernández que a pista quedou ben, que o firme está perfecto, porén é unha mágoa que iso non se tivera en conta, xa que non queda ben e habería que mirar de facer algo porque xera problemas.

5.- Interésase o sr. Fernández por un informe da policía local sobre a limitación de peso na rúa que vai dende a rúa Ledín.

O sr. alcalde resposta que está feito, estando pendente de que se lle remita ao sr. Fernández. Explica que como se trata dun informe sobre a limitación de tonelaxe, lles pareceu máis oportuno pedirlo aos servizos técnicos municipais que á policía, porque non se trata dun problema de velocidade senón dun problema de consistencia e a policía dende esa perspectiva pouco podía aportar. O sr. alcalde, dirixíndose ao sr. Fernández, dille que, despois de que este concelleiro o mire, poderán comentalo.

6.- Di o sr. Fernández que pasou un tema no auditorio Constante Liste, fai dous fins de semana, xa que había unha actuación e cando chegou a xente que ia a actuar e a xente que ia a ver a actuación atopáronse co local en mal estado, como quedou a noite anterior despois dun concerto. Sinala que iso non é habitual e pregunta qué pasa nun caso deses e que fai o que se atopa con iso.

A sra. Pérez di que o local prestouse o día 19 para un concerto. A persoa á que se lle deixou o local encargouse de facer a limpeza e se fixo, porén ás persoas que fixeron a limpeza desconectaron a neveira e comezou a verter auga e ademais o *catering* que estaba nos camerinos levouse para enriba da barra e non o levaron. A sra. Pérez pide desculpas pola mala imaxe que se dou.



Salienta a sra. Pérez que foi un tema puntual, que non pasou nunca e que cabe esperar que non volva a pasar. A persoa de cultura que abriu o auditorio para o concerto que se chamou inmediatamente á persoa encargada, que viu e arranxou.

O sr. Fernández di que lle chocou porque é a primeira vez que ten constancia de que pase isto, pero a cuestión é que se fai.

A sra. Perez di que para abrir o auditorio sempre está unha persoa encargada de cultura.

O sr. Fernández di que quizás sería boa idea ir un pouco antes.

Explica a sra. Pérez que se foi un pouco antes, e as persoas que ían a actuar chegaron moito antes, e fixeron un traballo que non lles correspondía.

Reitera a sra. Pérez que foi algo excepcional que nunca pasou, xa que sempre se encargan da limpeza para que o día seguinte o local este limpo.

8.- Refírese o sr. Fernández ao contedores de vidro na urbanización dos Tilos, salientando que alí hai un déficit de contedores. Pide a ver se se pode mirar os que hai e ver de aumentalos, porque a xente estase queixando.

#### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo ou pregunta.

#### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Ferreiro pregunta se hai algún/ha traballador/a do concello en caso de violencia de xénero, que teña problemas en caso de violencia de xénero.

O sr. Iglesias resposta que non ten constancia.



2.- Di a sra. Ferreiro que o concello emitiu unha circular coas condicións que quere que se coloquen o alumeado navideño. Tamén expón que os custes serán a cargo de quen o solicite.

Sendo estas festas de moito arraigo e tradición para os veciños, a colocación do alumeado tamén é moi importante para eles, e por iso pregunta se vai a existir parte do concello algunha axuda económica para os comerciantes que están moi interesados en que ese alumeado se pol

O sr. alcalde explica que a axuda económica consiste en que a luz non lles terá custe.

Pregunta a sra. Ferreiro se ten previsto o concello facer algunha actividade para promocionar a festa do nadal.

Pregunta o sr. alcalde se dende un punto de vista comercial ou relixioso, engadindo que entenden que se é dende o punto de vista relixioso teñen que ser as autoridades relixiosas, e se é comercial teñen que ser os que queren vender.

A sra. Ferreiro di que máis ben comercial.

O sr. alcalde di que se aporta esa colaboración do custe eléctrico, aínda que non sabe se os veciños de Teo teñen especial interese en que haxa alumeado para consumir máis, sendo mais un interese dos comerciantes para vender máis.

A sra. Ferreiro di que o alumeado en sí non sería actividade, senón que se refire a actividades realmente, como algo de cultura, obras de teatro, etc.

O sr. alcalde di que entre facer unha obra de teatro ou vender algo hai diferenzas.

A sra. García di que están previstas as actividades relacionadas con promoción económica pero non para un evento concreto, tratándose de actividades xenéricas que poden axudar ao comercio, empresarios ou emprendedores, pero non para un evento concreto.





O sr. alcalde salienta que se segue coa tradición dos últimos anos.

3.- O sr. Sánchez pregunta en que situación se atopan as tres multas dos coches que non levaban seguros.

A sra. García explica que das tres multas, dúas foron recorridas. Unha delas xa foi contestada pola propia aseguradora, que asume un erro administrativo, un erro de xestión propio deles porque non cumpriron todos os requirimentos técnicos para dar de alta na plataforma o seguro no prazo, aínda que o concello xa tiña a comunicación por distintas de que a poliza estaba en activo. A outra tamén foi reclamada á aseguradora porén estase todavía xestionado a reclamación e non está finalizada.

Pregunta o sr. Sánchez pola terceira multa.

A sra. García di que a terceira multa foi pagada no período voluntario co que importe da multa quedou reducido importe a metade, engadindo que polas pesquisas que teñen non poden asegurar a responsabilidade da asegurador ao cen por cen, polo que se está á espera de que aparezan novos datos e se non aparecen sería asumida no 50 % da cantidade inicial.

4.- O sr. Sánchez di que quere trasladar ao Pleno unha demanda que fixeron publica fai uns días en relación coa recollida do lixo, demanda que se fixo fai tempo e que suele ser bastante recorrente por veciños de distintas zonas. Sinala que o tema ven por unha zona concreta dos Tilos, que está pagando a taxa máxima de recollida diaria pero non están recibindo unha recollida diaria. Explica que cando volveron a recopilar información, outros moitos veciños formularon demandas dende varios puntos de Cacheiras, a Póboa, continuando en Calo a situación como a do ano pasado. Polo tanto a situación seguen sendo a mesma e hai varias zonas nas que pagando a taxa máxima non se recibe a recollida diaria e hai zonas no rural nas que, pagando a taxa mínima tampouco a recollida se produce nas frecuencias establecidas.

O sr. Sánchez di que lles gustaría coñecer a explicación do concello e saber se, dende que o denunciaron, se fixo algo dende o concello.



O sr. alcalde sinala que se trata de dúas cousas distintas. Explica que se esta dando a circunstancia de que hai veciños que viven dun lado da estrada e pagan recollida rural e os do outro lado que pagan a taxa urbana. Iso ven derivado de como se fixo o prego de contratación do servizo e as taxas. Ao diferenciarse en recollida diaria e recollida en días alternos, o criterio que se adoptou naquel momento, consensuado por todo o Pleno, foi onde establecer como criterio diferenciador os que tiñan vivenda en zona urbana e iso provoca na práctica que hai veciños que teñen o mesmo servizo pagando prezos distintos. Considera o sr. alcalde que se trata dunha cuestión que haberá que revisar de cara as próximas contratacións e se hai sitios onde non se necesita recollida diaria e están ven servidos, igual deberían pagar menos que os que a teñen diaria e está peor servido.

Considera o sr. alcalde que ese é o gran problema que determina a maioría das queixas que chegan. Sinala que se hai puntos concretos en que os veciños teñen constancia que un día non se recolleu ou que nalgunha zona determinada que teñen que recoller o martes, non se recolleu fixo, e anima aos veciños a que chamen o concello e dean as queixas concretas, resultando que igual estaría ben poñer nun Informato a frecuencia e os días concretos que teñen que pasar por cada zona.

O sr. Sánchez di que pode dar a referencia dun veciño presente que esta semana sufriu esa circunstancia. Explica que en todo caso en canto reciban as queixas dos veciño as trasladarán por escrito ao equipo de goberno.

5.- O sr. Guerra di que hai moitas farolas que non alumean e que están fundidas fai meses.

6.- O sr. Guerra di que efectivamente, tal e como comentou o sr. Fernández, o estado do auditorio era deplorable, engadindo que en todo caso as explicacións están dadas.

7.- Os veciños de Reyes están cabreados pola pista que vai de A Freiria a Montecelo e preguntan cando se lle repara.

O sr. alcalde di que se valorará de meter no plans provinciais.



8.- Refírese o sr. Guerra ao parque infantil de Penelas e pide se se poden asegurar as mesas e poñer unha papeleira.

O sr. alcalde da por remata a sesión lembrando aos concelleiros/as que o próximo Pleno será o 21 de decembro.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



**A C T A 17/2016**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 21 DE DICIEMBRE DE 2016 -**

Na Casa do Concello, a vinte e un de decembro de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar  
D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez  
D. Xurxo Francos Liñares  
D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil  
D. Jorge Juan Carballido Salgado  
D. José Francisco Nanín Castro  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar  
D. Julio César Retis Vázquez  
D. Ignacio Manuel Arroyo Font  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil

**Non asisten, previa excusa:**

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D. Manuel Anxo Fernández Baz



**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 30/11/16**
- 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1030/16 Á 1103/16)**
- 3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACION DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2016**
- 5.- MOCIÓNS**
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto. Da conta de que escusaron a súa asistencia a concelleira do PP, D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey, e o concelleiro do grupo mixto, D. M. Anxo Fernández Baz, este último por razóns de conciliación familiar.

A continuación pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 30/11/16.**

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de novembro de 2016.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.



## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1030/16 Á 1103/16).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 24 de novembro ata o 15 de decembro de 2016, que comprenden os números 1030 ao 1103, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.**

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

### **“DACIÓN DE CONTA**

*Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.*

*Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, so excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.*

*Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.*

**De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con**



**un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.**

Teo, 16 de decembro de 2016

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### **4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACION DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2016.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 12 de decembro de 2016, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 15 de decembro de 2016.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Vistas as seguintes obrigas que ten pendentes de recoñecer o concello derivadas da liquidación do contrato coa empresa Viaqua a partires da liquidación do contrato que foi aprobada polo Pleno da Corporacion en sesión de data 24/09/2015:*

<b>OBRIGAS PENDENTES</b>	
<b>PERIODO</b>	<b>IMPORTE</b>
2T2013	196.312,62 €
3T2013	235.741,34 €
4T2013	197.586,32 €
1T2014	191.583,91 €
2T2014	200.765,96 €
3T2014	226.841,25 €
4T2014	196.179,02 €
1T2015	194.205,28 €
2T2015	205.718,31 €
3T2015	243.007,93 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.087.941,93 €</b>

*Considerando que ditas obrigas non foron aprobadas no exercicio 2015 e que resulta necesario recoñecelas para non distorsionar o remanente de Tesourería.*

*Considerando o deber da Administración de facer fronte ás súas obrigas polos servizos efectivamente prestados polos provedores, coa finalidade de non incurrir nun enriquecemento inxusto.*



Visto o informe de reparo formulado ao respecto pola Intervención municipal en data 12/12/2016

Considerando o disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

PROPOÑO ao Pleno da Corporación , previo dictámen da Comisión Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro-** Resolver a discrepancia prantexada no informe de intervención referido e aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos nº 01/2016, por importe total de **2.087.941,93€** de xeito que as obrigas que de seguido se indican queden convalidadas e aprobadas con cargo ao crédito da partida correspondente do vixente orzamento municipal de 2016, (161/227.99), evitando así que se produza un enriquecemento inxusto por parte da Administración:

<b>OBRIGAS PENDENTES</b>	
<b>PERIODO</b>	<b>IMPORTE</b>
2T2013	196.312,62 €
3T2013	235.741,34 €
4T2013	197.586,32 €
1T2014	191.583,91 €
2T2014	200.765,96 €
3T2014	226.841,25 €
4T2014	196.179,02 €
1T2015	194.205,28 €
2T2015	205.718,31 €
3T2015	243.007,93 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.087.941,93 €</b>

**Segundo.-** Dar conta do acordo adoptado aos servizos económicos aos efectos oportunos”.

O sr. alcalde explica que a proposta da alcaldía se refire á contabilización de facturas por un importe de 2.087.941,93 €, facturas que están pagadas aínda que non contabilizadas. Refírese o sr. alcalde á xénese deste desfase contable e explica que o concello se viña axustando á Lei, e este ano chegou unha primeira notificación dicindo que se superara o teito de gasto. Tras unha consulta ao departamento de intervención, este lle dixo que non era así e que o concello se axustaba a todos os parámetros esixido pola Lei, porén chegou un novo requirimento e os servizos económicos detectaron que existía un coeficiente mal aplicado e que si se superaba o teito de gasto en aproximadamente 600.000 euros, polo que resulta preciso facer un plan económico financeiro. Salienta o sr. alcalde que a explicación disto foi fácil de atopar xa que o teito





de gasto se calcula a partir do gasto computable da liquidación do ano anterior multiplicado por un coeficiente, que determina dende o ano 2012, o goberno. Na liquidación do ano 2013 o límite estaba en 9.195.950,43 € e se gastaron 8.892.000 €, valor este do que se partiu no ano 2014 e o que se aplica para determinar o teito de gasto dese ano, multiplicado por 1,017, que determina o Ministerio, polo que no ano citado o teito de gasto ascendeu a 9.043.694,70 €. Resultou curioso que ese ano o gasto computable foi de 7.728.812,14 €, algo máis de un millón menos do que se gastara o ano anterior. Este dato é o que se aplica, multiplicado por 1,013, para fixar o teito de gasto do ano 2015, e así este teito de gasto se concretou en 7.807.000 € cando se gastaron 8.440.000 €. O que pasou no ano 2014 para que houbera un gasto computable tan baixo explicase porque ese ano se fixo a liquidación do contrato de Aquaguest. Na prórroga realizado no ano 2007, declarada nula, establecíase un incremento das taxas, que coa anulación da prórroga tamén se anulou. Porén Aquaguest seguiu presentando facturas conforme aos datos do aprobado nesa prórroga, polo tanto se decidiu non aprobar esas facturas e non contabilizar ese gasto. Explica o sr. alcalde que esta situación sería perfectamente válida se non tivera a incidencia que ten no teito de gasto e salienta que segundo intervención as taxas recadas dan para cubrir perfectamente o custe do servizo porén nesa situación se atopa un problema co teito de gasto. Explica que dende que o concello xestiona o servizo da auga o gasto computable volveu a aumentar, aínda que o gasto segue sendo igual, polo que resulta imprescindible recuperar o teito de gasto de 9.000.000 € ou 9.100.000 € que era a que había no ano 2013 antes de que isto se producira. Sinala o sr. alcalde que nesa situación tívose unha entrevista coa Dirección Xeral do Tesouro, que avaliou a situación, e dixo que había dous problemas, un deles o problema contable, que habería que solventar este ano, para proceder a fixar o ano que ven un teito de gasto e facer un plan para axustarse a ese teito de gasto. Iso require que se contabilicen esas factura e que se dean por liquidadas co xa pagado a Aquaguest polas taxas. Salienta o sr. alcalde que tamén se consultou co departamento de intervención de Deputación e de aí a proposta que se somete a Pleno, que consiste en aprobar o recoñecemento xudicial de crédito que hai que facer por Pleno porque se trata de facturas de anos precedentes.



Explica o sr. alcalde que non se trata dunha práctica habitual dun recoñecemento extraxudicial, que normalmente se refire a facturas que non se pagaron o ano anterior e que se presentan posteriormente, senón que se trata da incorporación á contabilidade desas cantidades. Remata o sr. alcalde sinalando que tamén hai que ter en conta que non se recoñece na contabilidade o que Aquaguest reclama senón o que intervención considera que hai que pagarlle á citada empresa.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que se trata dunha situación excepcional, derivada todo dunha excepcional modificación do contrato con Aquaguest. Non se trata de facturas pendentes de pago, senón que é un recoñecemento extraxudicial moi raro, porén é necesario e preceptivo para que no plan de saneamento económico-financeiro se poida partir dun teito de gasto que sexa consonte aos gastos que ten o concello de Teo e o que precisa gastar todos os anos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen le cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez sinala que logo de ver os informes de intervención e logo das explicacións do sr. alcalde, o que máis lle preocupa é como isto vai a afectar ao remanente, e pregunta se se fixo algún cálculo aproximado de cómo vai a quedar este remanente despois do recoñecemento extraxudicial.

Co permiso da presidencia, intervén a sra. interventora e sinala que as obrigas recoñecidas se incrementarán en dous millóns de euros e o remanente empeorará.

O sr. Sánchez considera que este dato si que é moi preocupante porque o que din os especialistas e os técnicos é que o auténtico dato que da a coñecer a solvencia dunha entidade pública local é o remanente. O remanente do concello de Teo é o segundo peor da provincia, segundo a páxina oficial do Ministerio de Facenda, e o cuarto peor de toda Galicia. Explica que iso cos datos de 2014, aínda que é certo que no 2015 se mellorou, e queda por ver como quedarán os datos do 2016, porén en todo caso se lle sumaran estes 2 millóns de euros, Teo podería ser o Concello co peor remanente de



toda Galicia. Sinala o sr. Sánchez que o que lle preocupa xa non é esta situación senón que non hai unha situación onde saia unha noticia que afecta a unha análise económica da comarca e na que os primeiros en todo pola cola sexan Santiago e Teo, e Teo foi o que presentou os peores datos económicos comparativos, como aconteceu no seu momento co promedio de pago a provedores, polo que a situación non é halagüeira e, ademais de sorprendente, asusta.

O sr. alcalde preguntalle ao sr. Sánchez cal é o período de pago, o último publicado, respostando o sr. Sánchez que chega aos 24 días.

O sr. alcalde salienta que se o sr. Sánchez considera que ese é o peor dato.

O sr. Sánchez di que durante o ano se chegou a 60 días.

O sr. alcalde dille ao sr. Sánchez que debería valorar moi ben a xestión municipal que foi capaz de reducir de 70 a 24 días o período medio de pago e axustarse ao que manda a lei. Dirixíndose ao citado concelleiro o sr. alcalde dille que lle gustaría que cando fale así dos índices peores da comarca, especifique cales son, porque é moi fácil dicir iso cando non se corresponde coa realidade ni en relación co nivel de endebedamento ni co remanente negativo, que está entre os mellores da Comarca. Considera o sr. alcalde que cando se reflicta na contabilidade municipal haberá tempo de valorar en canto medrou ou deixou de medrar o remanente negativo. Aclara que en todo caso non se vai a incrementar en 2.000.000 € e aínda que así fora nunca se chegaría ao nivel de remanente negativo que existía cando estaba o partido popular, que ascendía a tres millóns e pico de euros.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non ten nada máis que engadir.

O concelleiro do PP, sr. Sánchez, di que segundo os datos oficiais de facenda so hai tres concellos de Galicia que teñen peor remanente que Teo, Vilanova de Arousa, Carral e Pontearreas, datos referidos ao ano 2014, porque de 2015 non saíron os datos



oficiais comparativos e se ao 2016 se suman dous millóns de euros, será o primeiro ou o segundo peor remanente de toda Galicia.

O sr. alcalde di que non ten claro o nivel do *ranking*, porén se no ano 2014 había en Teo un remanente negativo de 565.000 €, e ese é o remanente máis alto da Comarca, cree que o sr. Sánchez se equivoca de cabo a rabo.

O sr. sánchez se refire á paxina oficial, respostando o sr. alcalde que haberá que comprobar esa páxina.

Remata o sr. alcalde sinalando que cando se teña o remanente negativo, se o e, se valorará e se discutirá o que se teña que discutir, xa que o que se está facendo agora é arranxar as contas, incorporando todos os datos necesarios.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e seis en contra (6 PP), acorda:**

**Primeiro.-** Resolver a discrepancia prantexada no informe de intervención referido e aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos nº 01/2016, por importe total de **2.087.941,93€** de xeito que as obrigas que de seguido se indican queden convalidadas e aprobadas con cargo ao crédito da partida correspondente do vixente orzamento municipal de 2016, (161/227.99), evitando así que se produza un enriquecemento inxusto por parte da Administración:

OBRIGAS PENDENTES	
PERIODO	IMPORTE
2T2013	196.312,62 €
3T2013	235.741,34 €
4T2013	197.586,32 €
1T2014	191.583,91 €
2T2014	200.765,96 €
3T2014	226.841,25 €
4T2014	196.179,02 €
1T2015	194.205,28 €



2T2015	205.718,31 €
3T2015	243.007,93 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.087.941,93 €</b>

**Segundo.-** Dar conta do acordo adoptado aos servizos económicos aos efectos oportunos.

Sendo as vinte horas e dezanove minutos auséntase do Salón de Plenos a interventora municipal.

## **5.- MOCIÓNS.**

### **1.- Moción de Son de Teo– ANOVA, PSdeG-PSOE e BNG, de 21 de decembro de 2016, reclamando da Consellería de educación transporte escolar con parada na Insúa (Luou) para os nove nenos e nenas afectados.**

O sr. alcalde sinala que Son de Teo-Anova, PSdeG-PSOE e BNG, cuxo concelleiro hoxe non está presente, pero dou a súa conformidade, teñen unha moción sobre o transporte escolar no lugar da Insúa. Explica que os rapaces levan tempo sufrindo a situación, xustificándose a urxencia pola necesidade de solucionar o problema canto antes.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción dos grupos municipais de Son de Teo-ANOVA, PSdeG-PSOE e grupo mixto reclamando á Consellería de educación transporte escolar con parada na Insúa (Luou) para os nove nenos e nenas afectados.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de cultura e educación, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Pérez Fágil.

A sra. Pérez da conta da moción de Son de Teo-ANOVA, PSdeG-PSOE e grupo mixto, de 21 de decembro de 2016, que se recolle a continuación, reclamando á Consellería



de educación transporte escolar con parada na Insua (Luou) para nos nove nenos e nenas afectados.

**“MOCIÓN DE URXENCIA**

**DOS GRUPOS MUNICIPAIS SONdeTEO-ANOVA, PSdG-PSOE e BNG**

**“Reclamando da Consellería de Educación transporte escolar con parada na Insua (Luou) para os nove nenos e nenas afectados**

*Os pais e nais de nove rapaces residentes no lugar de A Insua (Luou), catro de educación infantil e cinco de educación primaria, todos e todas eles escolarizados no CEIP da Ramallosa, levan reclamando dende antes do inicio do curso que o transporte escolar gratuito recolla aos seus fillos/as na Insua ao estar situados a 1,8 km da parada que lles corresponde (O Aido, Luou).*

*A Xefatura territorial da Consellería de Cultura e O.U. da Coruña ditou resolución denegatoria da solicitude contra a que os pais e nais fixeron recurso de alzada especificando argumentos consistentes como a idade dos rapaces, a imposibilidade de que estes acudan a pé e de noite polas características da vía, ou as dificultades do traslado en coches pola inexistencia dun espazo próximo á parada (na estrada provincial CP-0205) para a estacionar vehículos con mínima seguridade.*

*O seu recurso de alzada, do 19 de setembro de 2016, solicitaba a modificación da ruta 3 do transporte escolar, unha das alternativas posibles. Por outra banda, o Concello solicitou unha entrevista co Xefe territorial da consellería na que propuxo outra alternativa, o desvío dende Recesende ata A Insua, de ida e volta, sobre un trazado de 1,5 km. Ambas propostas foron rexeitadas (despois dos oportunos estudos) polo incremento de custo que isto supuña para a Consellería derivadas das reclamacións das empresas de transporte.*

*Non semella aceptable que os nenos e nenas de A Insua teñan que percorrer case dous quilómetros, aínda a escuras, por pistas estreitas e cheas de curvas, cargados coas mochilas, porque a Consellería non asume o custo dun incremento de 3km nunha ruta, mentres o Presidente da Xunta se sube o soldo un 7%.*

*Consecuentemente, SOLICITAMOS:*

*Que a Consellería de Educación oferte transporte escolar gratuito con parada na Insua (Luou) aos nenos e nenas que agora deben percorrer case dous quilómetros a pé ata a parada asignada.*

*Teo, 21 de decembro de 2016”*

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que entenden como necesidade prioritaria problemas deste estilo, sendo neste caso especialmente gravoso polo número de nenos afectados, esperando, aínda que ten as súas dúbidas, que se solvente.



Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Ignacio M. Arroyo Font.

O sr. Arroyo di que están de acordo co que se solicita na moción, en especial apoiar aos pais e tamén instar á concelleira. Aclara o sr. Arroyo que en todo caso a suba do 7 % é a recuperación do complemento específico perdido. Pregunta onde vai a xirar o autobús.

O sr. alcalde sinala que en principio na entrada da piscina ou no cruce de Insúa, entendendo que non debería existir problema porque hai outro autobús que fai algo parecido alí arriba.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda solicitar á Consellería de Educación oferte transporte escolar gratuíto con parada na Insua (Luou) aos nenos e nenas que agora deben percorrer case dous quilómetros a pé ata a parada asignada.**

**2.- Moción do PP, do 21 de decembro de 2017, solicitando a comparecencia da concelleira de turismo, transporte, comercio e emprego.**

O concelleiro do grupo municipal do PP, sr. Sánchez, sinala que este asunto saltou antes do verán pasado e inicialmente a concelleira tivo a ben dar todas as explicacións e dende o seu grupo pensaron que era un erro, bastante grave, pero sen mala fe na cuestión, dando por feito que se trataba dun tema pechado. Porén despois das preguntas formuladas e os escritos rexistrados pola compañía de seguros hai certa información que non lles cadra, así que o obxecto da comparecencia é co ánimo de que este asunto se resolva xa canto antes e darlle carpetazo coas explicacións pertinentes.

O sr. alcalde sinala que non teñen ningún problema en que a concelleira de explicacións e incorporalo como urxente.



**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do PP sobre a comparecencia da concelleira de turismo, transporte comercio e emprego.**

Dáse conta da moción do PP sobre a comparecencia da concelleira de turismo, transporte comercio e emprego.

*“O voceiro do Partido Popular, José Manuel Guerra, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA A PETICIÓN DE COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE TURISMO, TRANSPORTE, COMERCIO E EMPREGO:***

*Exposición de motivos:*

*No pleno celebrado o 30 de novembro do ano que corre, a concelleira citada facilitou información novidosa acerca do expediente relativo aos vehículos municipais que foran denunciados por careceren de seguro obrigatorio. Nesta última semana, logo de solicitar copia de determinados documentos relacionados coa causa e introducidos por rexistro, o noso grupo puido coñecer certa información da que tampouco tiña constancia ate o momento e que proporciona novas interrogantes acerca da cuestión tratada. Considerando a importancia que posúe o asunto e en aras da transparencia á veciñanza, propono a aprobación do seguinte ACORDO:*

- 1. Solicitar a comparecencia da sra.concalleira de turismo, transporte, comercio e emprego.*

*En Teo, a 21 de decembro de 2016”*

Os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervencións.

**Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE),**





**acorda solicitar a comparecencia da sra. concelleira de turismo, transporte, comercio e emprego.**

Antes de entrar no punto sexto da orde do día, relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha outra moción de urxencia, sen que se presente ningunha máis polos grupos municipais.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O sr. alcalde di que tiñan unhas respostas sobre o tema da comparecencia, pero que o van a deixar para esta. Sinala que había outra solicitude do PP sobre unha escombrera situada en Solláns debaixo da ponte da autopista, do que o sr. Francos pode dar as explicacións pertinente.

Intervén o concelleiro de Son de Teo-Anova, sr. Francos, quen explica que de forma extraordinaria se mandou a Geseco a recoller eses vertidos, aclarando que di de forma extraordinaria porque se trata dunha parcela privada e lle corresponde ao propietario recoller eses vertidos. Di que a parcela privada é de Audasa, a concesionaria da autopista, á que se lle mandaron escritos en varias ocasións avisándolle de que tiña aí un vertido, e amablemente respostaron que xa o localizaran e que o estaban retirando aos poucos, dentro das súas posibilidades, porén o que acontece é que retiran unha cousa, e aparece outra ao día seguinte, por iso parece que leva un ano aí o vertido, pero se trata de cousas distintas. Aclara que así está a cousa, porque ou Audasa valla a finca ou é complicadpo.

Ante a pregunta do sr. alcalde, o sr. Francos di que agora parece que Geseco retirou todo, pero de forma extraordinaria porque se se comeza así habería que ir a todas as fincas privadas e non se pode.

#### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.



### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra refírese á pista que vai da Ribeira a Montecelo, á de Agosto a Santa Eufemia, e a que baixa cara a Vilanova, e a necesidade de arranxalas.

2.- A sra. Ferreiro pregunta se xa se sabe como rematou o expediente disciplinario dos policía.

O sr. alcalde di que o policía segue de baixa, por tanto se ten unha disxuntiva xurídica sobre se durante ese tempo de baixa conta ou non para a caducidade do expediente, o que se tratará cando se incorpore.

3.- A sra. Ferreiro pídelle ao sr. alcalde se pode explicar o funcionamento do Rexistro xeral, porque considerando que dende o 1 de outubro os sábados son inhábiles, parece que hai funcionarios que aplican a Lei e non rexistran nada e outros sí que o fan. Pregunta a sr. Ferreiro se iso é certo.

O sr. alcalde di que entende que non porque as directrices da alcaldía e do grupo de goberno foron claras. Explica que independentemente de que o feito de rexistrar non teña efectos no propio sábado, o de manter aberto o rexistro facilita que as persoas que non poidan presentarse no rexistro un día hábil, poidan facer o rexistro o sábado de forma que tome validez no primeiro momento do seguinte día hábil. Explica que se viron na disxuntiva de pechar ou non o concello, porque non ten sentido mantelo aberto se non se pode rexistrar, polo tanto a única opción de mantelo aberto era co obxectivo de poder rexistrar, polo que non se está incumprindo a Lei, xa que o cumprimento da Lei é que o sábado non é día hábil.

A sra. Ferreiro pregunta se non é a criterio do funcionario que lle toque.

O sr. alcalde resposta que por suposto que non.

4.- A sra. Ferreiro explica que o pasado día 10 de decembro a policía local presentou un escrito solicitando como estaba a tramitación e se había posibilidade de acceso a



unha serie de expedientes, e a súa sorpresa é que o alcalde reaccionou pedíndolle un informe de porque se saltaban a norma e que xa se sabía que non podían presentar un informe en Rexistro xeral.

O sr. alcalde dille á sra. Ferreiro que está equivocada e que está mixturando dous temas distintos. Sinala que a alcaldía dou no seu día unha directriz, criticada pola policía, pero non recorrida, polo que se entende que era unha directriz que se axustaba a dereito e estaba dentro da lóxica. Se servizos sociais e urbanismo non meten os documentos por entrada para outros departamentos, porque non están entrando no concello, non ten sentido que se rexistren pola policía local. Explica que se a policía quere unha garantía de ter unha fotocopia, se asina o recibo, e xa teñen constancia de que se recibiu porén non se pode utilizar o rexistro de entrada, porque iso non é unha entrada. Salienta o sr. alcalde que iso foi o que se lembrou, engadindo que o outro sen problema e se lle dixo que como sempre o tiñan a súa disposición acudindo ao xefe de departamento que xa llo explicaría.

A sra. Ferreiro pregunta se non tería nada que ver ca materia dos expedientes aos que se refería a policía.

O sr. alcalde di que, se fora así, se lles respostaría que non podían coñecer o estado de tramitación e, ao contrario, se lles respostou que coma sempre. Salienta que a contestación ao que pedían foi positiva, e o único que se criticou foi que para facer iso metan un papel por rexistro, porque estaban desobedecendo unha directriz da alcaldía de funcionamento interno.

A sra. Ferreiro di que entón van a ter contestación deses expedientes.

O sr. alcalde resposta que xa se lle dixo que coma sempre, e se o que lles interesa son os expedientes de urbanismo que vaian xunto á concelleira ou o arquitecto que lle informaran debidamente de cal é a situación do expediente, igual en medio ambiente, etc.



5.- A sra. Ferreiro dille á concelleira de cultura que lle aleda que a alguén do equipo de goberno que gusten as festas navideñas. Pregunta se os adornos navideños que mandou mercar o ano pasado lle chegaron ou tivo que ir a mercar máis. Di a sra. Ferreiro que non sabe se o sr. alcalde saberá que a concelleira de cultura, o ano pasado, mandou a dúas funcionarias a propósito a Coruña a mercar adornos navideños, con tan mala sorte que non quedaban e o final tiveron que acabar mercándoos por aquí.

A sra. Fagil di que lle chegaron os adornos e agradece á sra. Ferreiro a súa preocupación.

A sra. Ferreiro di que o que lle preocupa é que a sra. Fagil teña mandar a propósito a funcionarios do concello a comprar adornos a Coruña, como se nos os houbera aquí cerca.

A sra. Fagil di que a Ikea foise a mercar mobles para as bibliotecas, pero non se foron a comprar especificamente adornos navideños, engadindo que a sra. Ferreiro está equivocada.

A sra. Ferreiro di que case sempre está equivocada.

O sr. alcalde pregúntalle á sra. Ferreiro cal é a pregunta, e se é se se pode mercar en todos os sitios e en Ikea non se pode.

A sra. Ferreiro di que a pregunta é se efectivamente se foi so polos adornos navideños.

O sr. alcalde respostalle á sra. Ferreiro que ser se fora e saían máis baratos, cal é o problema, engadindo que se a concelleira ten dúbidas sobre iso que pida as facturas, compare custes e diga "*pois foi unha tontería que foran a Coruña a mercar o que sexa*", e se ten razón se recoñecerá.

Refírese o sr. alcalde á sra. Ferreiro e di que esta utiliza un ton de insinuar como se todo o que se fixera tivera o sentido de ocultismo, cando non teñen ningún problema,



cando o que se merca en Ikea terá factura de Ikea e o que se merca en Pernas terá factura de Pernas.

A sra. Ferreiro di que non insinúa nada, engadindo que quizais hai cousas aquí cerca, e ir expresamente á Coruña, hai que ter en conta que en ocasións hai gastos que se poden evitar.

O sr. alcalde dille á sra. Ferreiro que ten a completa seguridade que se existise o que se quería mercar aquí ao lado, ao mesmo prezo, se mercaba aquí ao lado, porque se en algo se caracteriza o concello é o desenvolvemento do comercio local, e de mercar aquí todo o que se poida mercar, polo que se se foi alí se foi por unha razón determinada.

A sra. Ferreiro di que perfecto, priorizar gastos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz